BOA NOVA PARA TEMPOS NOVOS

COMENTARIOS VELAÍÑOS ÓS EVANXEOS DOMINICAIS



MANUEL CABADA CASTRO

ÍNDICE

Limiar

CICLO A

DOMINGO I DE ADVENTO. *Esperanza a nosa*

DOMINGO II DE ADVENTO. *O leopardo deitarase co cabrito*

DOMINGO III DE ADVENTO. *Alegre esperanza*

DOMINGO IV DE ADVENTO. *Deus connosco*

DOMINGO I DE CORESMA. *Non se deixar enganar*

DOMINGO II DE CORESMA. *Temos moi boas novas*

DOMINGO III DE CORESMA. *Manancial burbullante*

DOMINGO IV DE CORESMA. *Non ver ou non querer ver?*

DOMINGO V DE CORESMA. *Vidas queridas que non se van*

DOMINGO II DE PASCUA. *Apálpame ben!*

DOMINGO III DE PASCUA. *Encontros coa luz*

DOMINGO IV DE PASCUA. *Aprender do pegureiro*

DOMINGO V DE PASCUA. *Filipe, quen me ve a min ve o Pai*

DOMINGO VI DE PASCUA. *Inmersos na divindade unha e diferente*

ASCENSIÓN DO SEÑOR. *Altos destinos nosos*

SANTÍSIMA TRINDADE. *Sagrada diferenza*

SANTÍSIMO CORPO E SANGUE DE CRISTO. *Oferta de vida*

BAUTISMO DO SEÑOR. *Auga e pomba que nos cambian*

DOMINGO II ORDINARIO. *Mergullados no espírito das augas*

DOMINGO III ORDINARIO. *Luz que racha as tebras*

DOMINGO IV ORDINARIO. *Felicidades a contracorrente*

DOMINGO V ORDINARIO. *Luz e sal da palabra*

DOMINGO VI ORDINARIO. *Misteriosa grandiosidade*

DOMINGO VII ORDINARIO. *Primordialidade do amor*

DOMINGO VIII ORDINARIO. *Pan e aloumiños*

DOMINGO IX ORDINARIO. *Fe liberada e alegre*

DOMINGO XII ORDINARIO. *Afouteza na palabra*

DOMINGO XIII ORDINARIO. *Dor e felicidade*

DOMINGO XIV ORDINARIO. *Son bo e sinxelo*

DOMINGO XV ORDINARIO. *Sementando onda o mar*

DOMINGO XVI ORDINARIO. *Ritmos fondos e mainos*

DOMINGO XVII ORDINARIO. *Merco perlas finas*

DOMINGO XVIII ORDINARIO. *Pan compartido ou espada que divide*

DOMINGO XIX ORDINARIO. *O Deus da paz e o demo do medo*

DOMINGO XX ORDINARIO. *A fe e o amor dos sinxelos*

DOMINGO XXI ORDINARIO. *Fillo divino, humano fillo*

DOMINGO XXII ORDINARIO. *Pedro, de divino a demoño*

DOMINGO XXIII ORDINARIO. *Encontro e super-encontro*

DOMINGO XXIV ORDINARIO. *Consecuentes na perdoanza*

DOMINGO XXV ORDINARIO. *Máis ca bo*

DOMINGO XXVI ORDINARIO. *Fachenda? Non. Grazas*

DOMINGO XXVII ORDINARIO. *Viño gratis pra beber e vivir*

DOMINGO XXVIII ORDINARIO. *Convidados a vivir*

DOMINGO XXIX ORDINARIO. *Dálle ó teu irmán o que é de Deus*

DOMINGO XXX ORDINARIO. *Amor, cerna de todo*

DOMINGO XXXI ORDINARIO. *Servidor!*

DOMINGO XXXII ORDINARIO. *Candís pra esperar*

DOMINGO XXXIII ORDINARIO. *Facer produtivo o capital*

XESÚS CRISTO REI DO UNIVERSO. *Somos todos reis*

CICLO B

DOMINGO I DE ADVENTO. *Na airexa do esperar*
DOMINGO II DE ADVENTO. *Desfacendo atrancos*
DOMINGO III DE ADVENTO. *Vagalumes de Deus*
DOMINGO IV DE ADVENTO. *Á espera da Palabra*
DOMINGO I DE CORESMA. *Empuxados a entrarmos*
DOMINGO II DE CORESMA. *Montes do Alén*
DOMINGO III CORESMA. *O casal do pai*
DOMINGO IV DE CORESMA. *Nacermos dúas veces*
DOMINGO V DE CORESMA. *Pataca inmortal*
DOMINGO II DE PASCUA. *Sermos Tomé*
DOMINGO III DE PASCUA. *O alén está xa no aquén*
DOMINGO IV DE PASCUA. *Teimando ser ditosos*
DOMINGO V DE PASCUA. *Aprendendo da vide*
DOMINGO VI DE PASCUA. *Aprobar no amor*
ASCENSIÓN DO SEÑOR. *Chamados a ascender*
SANTÍSIMA TRINDADE. *Unidos e diferentes*
SANTÍSIMO CORPO E SANGUE DE CRISTO. *Pan quentiño pra xantar*
BAUTISMO DO SEÑOR. *Coma ceibe pomba*
DOMINGO II ORDINARIO. *E ti de quen vés sendo?*
DOMINGO III ORDINARIO. *Á escoita da chamada*
DOMINGO IV ORDINARIO. *Ter autoridade*
DOMINGO V ORDINARIO. *Pregar e sandar*
DOMINGO VI ORDINARO. *Tocar os gafos*
DOMINGO VII ORDINARIO. *Poder divino dun home de Deus*
DOMINGO X ORDINARIO. *Ter o demo no corpo*
DOMINGO XI ORDINARIO. *Sementar sementarei...*
DOMINGO XII ORDINARIO. *Ter un colo quitamedos*
DOMINGO XIII ORDINARIO. *Fe que sanda*
DOMINGO XV ORDINARIO. *Teoría e práctica do Todo*
DOMINGO XVI ORDINARIO. *Cámara de tortura. Non, grazas*
DOMINGO XVII ORDINARIO. *Compartir é multiplicar*

DOMINGO XVIII ORDINARIO. *Pan bo e gratis para todos*
DOMINGO XIX ORDINARIO. *Soños de inmortalidade ou máis*
DOMINGO XX ORDINARIO. *Inxerir divindade*
DOMINGO XXI ORDINARIO. *Comensais dun mesmo pan*
DOMINGO XXII ORDINARIO. *Ollada e corazón limpos*
DOMINGO XXIII ORDINARIO. *Un Deus aberto*
DOMINGO XXIV ORDINARIO. *Rompendo o círculo*
DOMINGO XXV ORDINARIO. *Sermos nenos*
DOMINGO XXVI ORDINARIO. *Ollada aberta*
DOMINGO XXVII ORDINARIO. *Amar. Só iso*
DOMINGO XXVIII ORDINARIO. *Á busca da plenitude*
DOMINGO XXIX ORDINARIO. *Ceibes sempre*
DOMINGO XXX ORDINARIO. *Ser quen de ver*
DOMINGO XXXI ORDINARIO. *Somos norma moral*
DOMINGO XXXII ORDINARIO. *No tesouro un corazón*
DOMINGO XXXIII ORDINARIO. *Aprendendo da figueira*
XESÚS CRISTO REI DO UNIVERSO. *Rei diferente*

CICLO C

DOMINGO I DE ADVENTO. *Esperanza a nosa*

DOMINGO II DE ADVENTO. *Facer camiños pra andar*

DOMINGO III DE ADVENTO. *Fronte a medos, festa rachada*

DOMINGO IV DE ADVENTO. *Encontro dos encontros*

DOMINGO I DE CORESMA. *Da corentena á boa noticia*

DOMINGO II DE CORESMA. *Querer transforma*

DOMINGO III DE CORESMA. *Unha muller libre*

DOMINGO IV DE CORESMA. *Entrañas maternais*

DOMINGO V DE CORESMA. *O tiro que sae pola culata*

DOMINGO II DE PASCUA. *Apálpame ben!*

DOMINGO III DE PASCUA. *Amar para ver e vivir*

DOMINGO IV DE PASCUA. *Misterioso don da vida*

DOMINGO V DE PASCUA. *Derradeira vontade*

DOMINGO VI DE PASCUA. *Termos a Deus en casa*

ASCENSIÓN DO SEÑOR. *Feitos de terra e de azul celeste*

SANTÍSIMA TRINDADE. *Un e mais tres*

SANTÍSIMO CORPO E SANGUE DE CRISTO. *Vida e pan para os pobres*
BAUTISMO DO SEÑOR. *Pomba libre*

DOMINGO II ORDINARIO. *Unidos na diferenza*

DOMINGO III ORDINARIO. *Liberando as persoas*

DOMINGO IV ORDINARIO. *Escorrentando medos*

DOMINGO V ORDINARIO. *Pescando liberdades*

DOMINGO VI ORDINARIO. *Paradoxos da felicidade*

DOMINGO VII ORDINARIO. *Amar sempre*
DOMINGO VIII ORDINARIO. *Unha trabe no ollo*
DOMINGO X ORDINARIO. *Sermos sim-páticos*
DOMINGO XI ORDINARIO. *Sol que derrete neves e xeos*

DOMINGO XII ORDINARIO. *Pensando no que vai vir*

DOMINGO XIII ORDINARIO. *Deus como insospeitado porvir*

DOMINGO XV ORDINARIO. *Á beira dos sufrintes*

DOMINGO XVI ORDINARIO. *Facer e querer*
DOMINGO XVII ORDINARIO. *Falando co misterio amigo*
DOMINGO XVIII ORDINARIO. *Romper o nó da cobiza*
DOMINGO XIX ORDINARIO. *Miña grea pequena*
DOMINGO XX ORDINARIO. *Facer lea*
DOMINGO XXI ORDINARIO. *Salvar pra se salvar*
DOMINGO XXII ORDINARIO. *Darse sen contrapartidas*
DOMINGO XXIII ORDINARIO. *Carga pequena*
DOMINGO XXIV ORDINARIO. *Perdedores e perdidos no punto de mira*
DOMINGO XXV ORDINARIO. *Escravos do poderoso cabaleiro*

DOMINGO XXVI ORDINARIO. *Infrahumano era Epulón*
DOMINGO XXVII ORDINARIO. *Pesos pesados na crenza*
DOMINGO XXVIII ORDINARIO. *Gafos de onte, migrantes de hoxe*
DOMINGO XXIX ODINARIO. *Ora e traballa*
DOMINGO XXX ORDINARIO. *Fachenda con pés de arxila*
DOMINGO XXXI ORDINARIO. *Dende o balcón da figueira*
DOMINGO XXXII ORDINARIO. *Vivir sempre*
DOMINGO XXXIII ORDINARIO. *Traballo creador*
XESÚS CRISTO REI DO UNIVERSO. *Rei distinto*

FESTIVIDADES Á MARXE DOS DISTINTOS CICLOS

SANTA MARÍA NAI DE DEUS (1 de xaneiro). *Aninovo, vida nova*
DOMINGO II DESPOIS DE NADAL. *Palabra calada*
EPIFANÍA DO SEÑOR (6 de xaneiro). *Galano de reis*
PRESENTACIÓN DO SEÑOR (2 de febreiro). *Candeas pra ver a Deus nos pobres*
SAN XOSÉ (19 de marzo). *Grandeza e sinxeleza de Xosé*
DOMINGO DE PASCUA. *Vida infinda*
PENTECOSTE. *Lume ardente no peito*
NACEMENTO DE SAN XOÁN BAUTISTA (24 de xuño). *Trala Noite de San Xoán*
SANTIAGO APÓSTOLO (25 de xullo). *Santo fillo do trono*
SANTO IGNACIO DE LOIOLA (31 de xullo). *De militar a fundador dos xesuítas*
TRANSFIGURACIÓN DO SEÑOR (6 de agosto). *Palmadiñas no lombo*
ASUNCIÓN DE MARÍA (15 de agosto). *Alixeirando peso pra mellor subir*
EXALTACIÓN DA SANTA CRUZ (14 de setembro). *De maldición a bendición: a cruz*
TÓDOLOS SANTOS (1 de novembro). *Tempo de santos*

DEDICACIÓN DA BASÍLICA DE LATRÁN (9 de novembro). *A casa humana de Deus*

INMACULADA CONCEPCIÓN (8 de decembro). *Muller escolleita*

NACEMENTO DO SEÑOR (25 de decembro). *Deus está de días*

SAGRADA FAMILIA. *Familia ben querida*

LIMIAR

A xeito de curta introdución a este escrito pouco é preciso dicir. Vén sendo el algo así como un modesto intento de lles ofrecer determinadas axudas ou facilidades ós interesados en acadar información e posibelmente tamén inspiración en relación coa mensaxe cristiá tal e como esta pode ser proposta e comentada no concreto e limitado marco das celebracións litúrxicas.

Trátase, neste sentido, dun intento máis entre os variados que xa se veñen ofrecendo desde diversos puntos de vista con tal finalidade. Polo demais, quen isto presenta non é profesionalmente ningún especialista en ciencias bíblicas nin tampouco sequera unha persoa dedicada de maneira expresa e directa á laboura pastoral propiamente dita. Só podo dicir, pola miña parte, que me dediquei case permanentemente á investigación e docencia filosófica, aínda que entre as raíces que nutren ou lle dan vida a este labor específico está indubidabelmente a teoloxía, á que con teima e ilusión me dediquei durante catro cursos completos en Innsbruck, cando alí eran sobranceiros profesores o liturxista J. A. Jungmann, o patrólogo Hugo Rahner ou, sobre todo, seu irmán Karl Rahner, que sería aínda logo director da miña tese de doutoramento en Filosofía como profesor que foi el durante algún tempo (e como sucesor de R. Guardini) na Facultade de Filosofía da Universidade de Múnic.

Os textos das homilías aquí ofrecidos teñen por iso inevitabelmente, como agachado fondo de comprensión, unha concreta vea filosófico-teolóxica, como calquera atento lector poderá comprobar por si mesmo. Flutúa tamén porén en inevitábel conexión entre o “divino” e o “humano”, pois o acontecemento teolóxico da “encarnación” de Deus modifica por si mesmo fondamente a linguaxe tanto sobre a divindade como sobre a humanidade, pois estas non poden ser xa dimensións entre si afastadas.

Neste sentido, coido que, alén das variadas, eruditas e necesarias interpretacións simbólicas, etc. dos textos dos evanxeos, cómpre tamén atopar e facer uso das chaves simplemente humanas e xerais presentes neles, pois son xustamente elas as que converten os textos dos evanxeos nunha mensaxe con vocación de permanencia e con posibilidades de comprensión universal humana ó longo dos tempos e das diversas historias humanas. En realidade, se a mensaxe de tales textos non fose en conxunto doadamente comprensíbel, dificilmente podería dicirse deles que son unha “boa” ou “alegre” nova para a humanidade toda. Pois dificilmente pasarían de ser meros e simples textos crípticos ou esotéricos, reservados case unicamente a xente estudada ou erudita.

Neste contexto quero sinalar que -nun determinado momento da miña actual estancia en Vigo (coido que despois do verán do ano 2014) e trala longa etapa docente e investigadora durante algo máis de corenta anos nas universidades Comillas e Complutense de Madrid- me veu á mente a idea de compartir (por medio de misivas electrónicas ou posteriormente a través doutros medios como sobre todo “Galicia Dixital”, aínda que tamén “Tabeirós Montes”, “Xa nos tes aquí”, etc.) con diversas persoas, coñecidas ou non, o contido das distintas homilías.

Foi isto determinante, ó meu ver, na xénese deste escrito, aberto agora, en principio alomenos, a un meirande número de novos posíbeis lectores. Pois foron xustamente esas persoas as que unha e outra vez me suxeriron a conveniencia de lles dar a estes comentarios unha máis ampla publicidade. Velaquí (e sen aludir explicitamente ós autores destas suxestións) algúns testemuños en simple orde cronolóxica desa insistencia leal, xenerosa e amiga, que pola miña parte non podo menos de agradecer:

"Se difundises as homilías [...] pola rede (ou mellor por facebook) terías pola miña parte un "Gústame" ben patente" (8 de agosto de 2014)".

"Coas túas "prédicas" dá gusto. Parécense ás doutros cregos grandes amigos meus: Xesús Mato, Alfonso Blanco, Xosé Manuel Carballo... Quedas incluído na nómina dos meus predicadores de cabeceira, que saben o que din, como o din, e saben chegar a dentro, a onde hai que chegar" (17 de agosto de 2014)

"Me gustan tus homilías en gallego. Como todo lo tuyo, rompen los esquemas y ayudan. Si con el tiempo pudieras publicarlas en gallego serían de gran ayuda para curas y seglares" (20 de agosto de 2014).

"FERMOSÍSIMA PRÉDICA..., QUE RELEO AMODIÑO. Tes que publicalas nun libriño...!!" (7 de setembro de 2014)

"Aínda que eu non teño, nin moito menos, a túa fe, nin a seguridade que manifestas nas cousas que escribes nas homilías dos domingos, con todo pola maneira de contar os sucesos e a relación coa vida e os intereses das xentes, considéroas interesantes e suxeriríache a súa publicación" (9 de decembro de 2014)

"Por certo, espero que, para proveito de fieis, de monxas e tamén de curas, penses en publicar algún día as túas consideracións semanais" (10 de maio de 2015).

"Insisto en que só para os teus lectores –quero dicir a título privado e sen o "nihil obstat"-, habería que publicar ditos mensaxes, para relelos e meditalos" (6 de setembro de 2015).

"Quería darte las gracias por esas magníficas reflexiones dominicales que tanto me ayudan a mí y a mi labor pastoral en las diferentes parroquias con las que colaboro" (4 de marzo de 2016).

"Oxalá os cregos usen estes extraordinarios materiais litúrxicos, e ademais na nosa lingua. Que acaben coas homilías narcóticas que nada teñen que ver con este noso mundo, tan necesitado de amor do de verdade e de solidariedade" (5 de marzo de 2017).

"Moi interesante!! Rompe tantos tabús sobre a dor como algo necesario na vida dun cristián...! Mágoa que a maioría das homilías e prédicas vaian en dirección contraria. Está saíndo unha xeración de novos curas que asustan os crentes. A min sinceramente danme ganas de fuxir a fume de carozo de certas prédicas" (1 de xullo de 2017).

"Excelente esta aportación semanal á liturxia da palabra, como cada unha delas. É unha delicia dispor deste material que tan xenerosamente ofreces. Eu, se fose crego, sen dúbida que o empregaría" (25 de febreiro de 2018).

"Para min a túa obra máis importante na que levas anos traballando é a das HOMILÍAS en galego, cada domingo**.** É unha verdadeira xoia.....! Non vexo en que tomo se recollen..." (17 de xullo de 2018).

En fin, velaquí van, pois, estes pensamentos e comentarios sobre textos neotestamentarios que influíron decisivamente durante séculos no devir e na historia humana, mais que neste caso concreto xorden nunhas circunstancias ben concretas, tanto desde o punto de vista territorial como cultural: o país galego.

Máis concretamente, estes comentarios homiléticos foron expostos na súa totalidade desde o mes de outono do ano 2010 (data da miña chegada á cidade olívica) ata o presente na igrexa xesuítica dos Apóstolos de Vigo nos recorrentes encontros comunitarios dominicais nesta igrexa. Mesmo case á beira da fermosa ría de Vigo. É isto o que pode xustificar ante lectores de outras latitudes as diversas alusións miñas a este marco humano concreto que o lector atopará aquí e alá nalgúns dos textos presentados.

Só podo desexar finalmente que o amábel lector deste escrito se deixe influír decididamente máis polas palabras que os autores dos evanxeos nos transmitiron sobre o Xesús da "boa nova" ca polos modos, limitados -só humanos- de dicir de quen "con temor e tremor" isto se atreveu a formular.

Vigo, a acolledora cidade olívica, no tempo doce, humilde, dourado... da gozosa vendima da uva albariña do ano 2019.

Fotografía portada: Javier Cabada Iglesias

CICLO A

DOMINGO I DE ADVENTO

Esperanza a nosa

Damos comezo hoxe, con este primeiro domingo de Advento, ó novo ano litúrxico, coa vista posta xa na festa do Nadal que celebraremos antes dun mes. O tempo corre e nós con el. E así chegamos ó Advento.

"Advento" significa vinda, chegada. Irémonos, pois, preparando, neste e nos próximos domingos, para a lembranza comunitaria e festiva da vinda, da chegada do Deus feito home onda nós. Un acontecemento que marca misteriosamente a historia humana toda.

Ano tras ano, estamos así convidados, impulsados a "esperar". A esperar sempre. Unha esperanza que ten os seus alicerces nunha fe robusta. A fe nun Deus Pai todopoderoso –tal como se di na fórmula do Credo- que se nos manifestou en Xesús para a nosa liberación e felicidade.

Porque esta nosa esperanza, renovada na manifestación humana de Deus no Nadal, é en realidade unha esperanza que está previamente apoiada e fundamentada no feito mesmo de que Deus está xa desde sempre connosco, onda nós.

O Deus do Advento non é só un Deus futuro, un Deus que virá. É conxuntamente un Deus que veu, que vén e que virá. Un Deus que é, ó mesmo tempo, pasado, presente e futuro.

Pasado, porque des que existe o mundo e a humanidade alí está xa Deus, construíndonos, dándonos vida e agarimándonos. Nel estamos todos desde sempre, tal e como nolo explica o mesmo apóstolo Paulo: "Nel, é dicir, en Deus, vivimos, nos movemos e existimos". Deus é desde sempre o facedor e sustentador de todo. Del procede e nel está desde sempre a humanidade toda.

Pero é que, ademais, o acontecemento do Deus que se encarnou e que puxo, como se nos di no evanxeo de Xoán, "a súa tenda entre nós" tivo xa lugar hai máis de dous mil anos. Fíxose el dende aquela un de nós, un coma nós. Dende entón e para sempre Deus veu onda nós e emparentou, por dicilo así, con todos e cada un dos seres humanos e de maneira especial cos máis humildes, necesitados e marxinados.

De xeito que neste sentido a Deus non o deberiamos esperar coma se el non tivese estado xa antes onda nós. Mais este Deus que veu xa onda nós, segue a vir, está vindo onda nós a cotío, en cada intre concreto da nosa vida. Está sempre presente na nosa interioridade, na nosa propia conciencia, mais tamén no noso exterior, nas persoas todas coas que un día e outro nos atopamos, ben sexa de maneira esperada ou imprevista. Lembrade aquel dito de Xesús: "Eu estarei convosco ata a fin do mundo" . Ou aquel outro: "Onde dous ou tres están reunidos no meu nome, alí estou eu no medio deles".

Por iso, cando a Igrexa nos convida neste tempo de Advento a esperarmos, faino ela sabendo que é Deus mesmo, que desde sempre está xa connosco, o que nos dá as

forzas, a graza, para podermos así ter azos para esperalo. Esperar a súa constante e repetida chegada, porque a el nunca seremos capaces de recibilo en toda a súa grandeza sobrehumana e absolutamente infinita.

Deus non é nunca algo así coma unha lección que se aprende un bo día ou dunha vez no cole e sobre a que xa non precisariamos volver. Deus é e será sempre algo que nin nesta vida nin na vindeira chegaremos a comprender plenamente. Para iso teriamos que ser nós mesmos absolutamente infinitos, é dicir, coma Deus. E isto é imposíbel.

Por iso, para nós, Deus está sempre a chegar. As nosas alforxas deberían estar en todo intre cheas de esperanza. Unha esperanza que é ela mesma un inmenso e prezado galano, un inconcibíbel agasallo que Deus mesmo nos dá para podermos estar así en disposición de recibilo.

De maneira especial neste tempo de Advento deberiamos repetir a invocación que comunitariamente proclamamos na Eucaristía: "Anunciamos a túa morte, proclamamos a túa resurrección. *Ven, Señor Xesús!*".

Este desexo e petición de que Xesús veña a todos e cada un de nós, a toda a humanidade e de maneira especial ós máis necesitados da súa axuda e do seu consolo, é o lema que debería presidir todo este tempo de Advento que hoxe comezamos.

Un desexo de que o Deus que se fai un de nós no Nadal se converta en pensamento ardente e vida práctica concreta en todos nós. Porque a súa vinda onda nós no Nadal, participando así en todo da nosa humanidade, é un acontecemento que, por ben sabido e aceptado que sexa, non deixará endexamais de nos sorprender por pouco que nel pensemos. Por iso toda preparación vén sendo cativa, todo "advento" ficará curto en relación cun acontecemento tan inimaxinábel e incríbel.

Este "esperar" do Advento non poderá ser un esperar pasivo ou adormecido. Precisamente a segunda lectura da carta de Paulo ós Romanos e mais o evanxeo de Mateo de hoxe convídannos a sermos responsábeis nas nosas particulares angueiras e quefaceres, a "estarmos á espreita", a "espertarmos do sono" e a mantermos viva a nosa conciencia. Unha responsabilidade, a nosa, que tampouco debería ser angustiosa, senón confiada, porque o que vén, aquel a quen esperamos, é en definitiva o Deus que se nos fixo intimamente familiar e querido.

Por iso quero engadir aínda que a mellor maneira de practicarmos este espírito de "esperanza", específico do Advento, é xustamente levarmos á práctica o que a vinda de Xesús nos anunciará e nos porá diante dos ollos. É dicir: o exercicio consciente e constante dunha irmandade verdadeira e real entre todos, en canto irmáns que todos somos dese Xesús que no Nadal se vai facer para sempre irmán noso, querido irmán maior noso.

DOMINGO II DE ADVENTO
O leopardo deitarase co cabrito

Estamos no segundo chanzo (2º domingo de Advento) desta escaleira que nos vai achegando, con humildade e abraio, ó berce de Nadal: alí onde está o Xesús Neno no presebe de Belén.

Hoxe, a liturxia -as lecturas que acabamos de escoitar- ponnos diante dun cadro, dunhas imaxes, que nos tempos que corren semellan pura utopía.

Mais Isaías é profeta e non un escritor de novelas. Eses escritos -as novelas- nos que nos mergullamos cando dispoñemos dun pouco de lecer, con ilusión e secreto

contento, para así refuxiármonos dalgunha maneira da dura realidade que a vida tantas veces nos impón.

Pero non. Isaías, movido e acendido no seu interior pola experiencia do espírito de Deus, fálanos dun futuro que terá que ocorrer, pois Deus quéreo. Fálanos dunha aparición neste mundo noso, no vello tronco da historia humana, dun xermolo humano-divino que se constituirá nun novo reino, nunha nova maneira de relacionármonos os humanos entre nós e co noso Deus. Un reino que, como sabemos, será un "reino de xustiza, de amor e de paz".

Oiamos e ollemos de novo as imaxes coas que nos describe Isaías eses novos tempos, anunciados por el. Na súa fermosura, non teñen desperdicio e compréndese así moito mellor con elas o que el nos quere anunciar ca con moitas ideas e conceptos ben precisos e aquilatados, que á fin e ó cabo non deixan de ser sempre algo abstracto:

"O lobo habitará co carneiro e o leopardo deitarse co cabrito; o becerro e o leonciño pacerán xuntos: un meniño pequeno sacaraos ó pasto. A vaca e a osa pacerán xuntas, xuntas deitaranse as súas crías; o león, o mesmo có boi, comerá palla. Un meniño de leite xogará no tobo da cobra, e un neno destetado collerá a víbora coa súa man. Ningún será malvado nin fará o mal en todo o meu monte santo: o país estará cheo de coñecemento do Señor, o mesmo que as augas enchen o mar".

Ou sexa. O Deus que se nos amosará liturxicamente dentro de só tres semanas, nas festas de Nadal, é un Deus que quere implantar e implantará un mundo de convivencia harmoniosa na humanidade toda e en toda a fermosa creación, saída das mans e do corazón de Deus. Un mundo, un cosmos inmenso e variado, no que non haberá xa nin inimigos ou agresores, nin agredidos, senón só convivencia fraternal e pacífica e mutua colaboración.

Claro que todo isto non ocorrerá sen nós, é dicir, sen a nosa propia acción e sen o noso compromiso coa paz, co amor, coa convivencia, coa igualdade entre todos, recoñecéndonos dese modo como fillos dun mesmo Pai e irmáns entre nós.

Porque se Deus se nos amosa en Xesús coma un Deus pacífico e familiar, tampouco quererá el impoñerse ditatorialmente a si mesmo no mundo. Se tal cousa ocorrese, deixaría automaticamente de ser el o Deus libre e dador de liberdade e destruiría ó tempo en nós calquera pegada de liberdade para relacionármonos libremente con el, cos demais e coa creación que nos sostén e amorosamente arrodea.

Por iso, nun moi fondo sentido, dependemos nós de Deus e el depende tamén de nós. Foi el quen quixo que as cousas fosen así. E por iso é moi sabio e de moi vastas consecuencias aquel dito ou consello de Santo Ignacio de Loiola que soa así: "Fai todo coma se todo dependese de ti e confíalle a Deus o resultado a Deus coma se todo dependese del". Deus e mais nós, nós e mais el. "Entre" os dous somos quen de cambiar o mundo.

Entenderemos ben así tamén por que outro profeta, Xoán Bautista, algo máis achegado a nós ca Isaías, teña que incitar os seus contemporáneo á "conversión" para dese modo estaren en condicións de aceptar a mensaxe de Xesús, que anda xa entre eles, é dicir, entre nós. O clamor do Bautista diríxese a todos, a grandes e cativos, a pecadores e a oficialmente "relixiosos", servíndose das palabras de Isaías: "Preparade os camiños do Señor, endereitade os seus vieiros".

Somos, pois, nós –non Deus- os que temos que cambiar, os que temos que nos converter ós grandiosos e case incríbeis proxectos seus sobre nós. Proxectos que só buscan en definitiva a nosa plenitude e felicidade.

O Bautista formula esta proclama súa desde o exemplo da súa propia vida persoal de renuncia a comodidades e seguridades, a todo iso que a meirande parte da xente do seu tempo e tamén do noso busca e anceia para si. O Bautista é parco no

comer, no vestir e nas cousas das que fai uso. Renunciara tamén á cómoda e envexábel función de exercer o oficio sacerdotal no templo de Xerusalén, como sería normal se continuase a súa tradición familiar, sendo como era el o único fillo do sacerdote Zacarías.

Por todo isto, o Bautista ten suficiente autoridade moral para chamar "raza de víboras" tanto os fariseos coma os saduceos, ou sexa, os representantes sociais e relixiosos mellor situados entre os demais. Porque os seus feitos non se correspondían co seu status social e relixioso. Non eran, polo tanto, tal como eles fachendeaban, verdadeiros e consecuentes "fillos de Abrahán".

Pola súa parte, Xoán, o "Bautista", é dicir, o "bautizador", sinálalles co seu dedo á xente e a través dos séculos tamén a nós, Xesús como o verdadeiro e auténtico bautizador, porque –segundo nos indica o mesmo Xoán e a diferenza del- Xesús nos bautizará a nós co "Espírito Santo".

Neste segundo domingo de Advento teremos, pois, que lle pedir ó Espírito Santo que descenda sobre nós, como descendeu sobre Xesús ó ser humildemente bautizado por Xoán. Dese modo seremos bautizados tamén nós coa forza e o poder do Espírito do Pai e do Fillo. É el quen nos dará graza e ímpeto para preparármonos para esta vinda en carne mortal de Xesús no Nadal e sermos así capaces de construír entre todos ese reino de paz e harmonía universal anunciado polo profeta Isaías.

DOMINGO III DE ADVENTO

Alegre esperanza

O tempo de Advento ten, como ben sabedes, unha certa ambigüidade en canto que por un lado podemos dicir que principalmente se refire á espera da festa de Nadal -do nacemento do Señor-, mais por outra banda faise tamén alusión á derradeira vinda do Señor á fin dos tempos, cando o Cristo glorioso restaure definitivamente tódalas cousas.

Por iso, é dicir, por esta que chamo "ambigüidade" do tempo de Advento, a actitude de espera e de esperanza na vinda de Xesús en Nadal vén sendo tamén unha especie de aprendizaxe da actitude que deberiamos ter sempre, durante todo o ano, durante toda a nosa vida, ata o noso definitivo encontro co Señor.

Temos que ter, polo tanto, actitudes de espera, de esperanza, de alegría e de paciencia sempre, durante toda a nosa vida. Trátase dunha especie de cóctel de actitudes aparentemente difíciles de harmonizar, pero que constitúen de feito a sustancia mesma da nosa vida. Proclámao para todos, tamén para nós, o profeta Isaías cando nos di cousas como as que acabamos de escoitar na primeira Lectura: "Ponde firmes os xeonllos que tremen". "Collede ánimo, non temades". "Velaí chega o voso Deus, El mesmo, e salvaravos". "Os rescatados do Señor ... conseguirán ledicia e felicidade, pois o sufrimento e o pranto fuxirán".

Para un cristián que cre na mensaxe de Xesús coa forza que nos dá a súa graza, a vida enteira é coma un día no que hai de todo: chuvia, nubes brancas e escuras, sol que nos amosa ás veces claramente a súa face, quenturas e friaxes. Días que teñen tamén as súas noites, mais noites que esperan a chegada do rei sol, que indefectibelmente chegará para que alume o novo día. Esta comparanza reflicte algo do que nos quere ensinar o tempo de Advento.

Algo semellante nos vén anunciar a carta de Santiago da segunda Lectura. Estamos todos envoltos nun proceso que non remata e ó que deberiamos a cotío estar abertos. É un proceso semellante ó que se ten que someter toda semente que queira

frutificar e sobrevivir alén de si mesma, mais manténdose ela mesma dunha forma nova, superior, como planta vizosa e produtora de novas sementes. Este é o misterio da vida, de toda vida, que leva consigo procesos difíciles e complicados como o noso enfermar e o finar, por máis que o proceso real non remate aí. Proceso que require paciencia, esforzo, confianza, esperanza. Santiago dínolo na súa carta desta fermosa maneira: "Tede paciencia, irmáns, deica a volta do Señor. Reparade en como o labrego, coa esperanza posta nos preciosos froitos da terra, agarda con paciencia as augas temperás e as serodias. Tede tamén vós paciencia e collede folgos, porque o Señor axiña chegará".

O tempo de Advento convídanos, pois, a sermos "sementes". Mais sementes conscientes do que nos pasa en canto sementes que somos, conscientes dos cambios e procesos que ocorren en nós e que nos han levar a unha vida máis plena, máis verdadeira. Un gran de millo ou de trigo non sabe o que lle pasa cando se converte en semente, cando cae na terra, na escuridade, na humidade, nas chuvias, neves ou fríos da invernía que lle veñen enriba. Un gran de trigo ou de millo non pode saber nin crer, non pode sufrir, nin esperar. Nós, en cambio, podemos saber e sentir todo iso. Esa é a nosa diferenza e a nosa grandeza. Ese é o noso misterio, que nos asemella a Xesús na súa vida, nos seus padecementos, morte e resurrección.

Este Xesús, guieiro e modelo noso, é o que nos pon hoxe diante dos ollos o evanxeo de Mateo. Dísenos nel que Xoán Bautista é loado por Xesús en canto "preparador" da súa Boa Nova. Pero só, e nada máis, en canto "preparador" ou iniciador do novo camiño de Xesús.

Sabemos ben que o Bautista se centrou no labor de achanzar en certo modo o terreo para os seu oíntes poderen escoitar con proveito a mensaxe de Xesús. A linguaxe do Bautista era unha linguaxe de penitencia, de conversión, de temor ó xuízo de Deus. Un Deus concibido aínda sobre todo como castigador ou vingador.

Xesús amósase, polo contrario, como "alegre anunciador" da Boa Nova, da alegre noticia. Como aquel que se presenta a si mesmo como "liberador" de todo mal, de toda limitación, como destrutor da morte, pois a resposta de Xesús ós discípulos do Bautista é esta: contádelle a Xoán que "os mortos resucitan". Mais teñen tamén que informar Xoán Bautista -segundo lles encarga Xesús- que el, Xesús, toma partido polos pobres, polos necesitados e marxinados da sociedade. Contádelle que "ós pobres se lles está a anunciar a Boa Nova". É dicir, Xesús preséntase a si mesmo ante os discípulos de Xoán -para que llo comuniquen a el- coma o que, a diferenza de Xoán, vén amosarnos un Deus que nel, en Xesús, está aí non para condenar, senón para salvar, para amar e dar a súa vida por todos, para proclamar e construír esperanza, para sufrir cos que sofren e aledarse cos que se aledan.

Comprenderedes ben así por que o papa Francisco, na súa primeira encíclica ou Exhortación de hai xa algúns anos, nos falaba tanto da "alegría", da alegría que todo cristián ha ter. O mesmo título da encíclica dicíao así: "Evangelii Gaudium", é dicir, a alegría do Evanxeo. Este escrito do papa comeza así: "A alegría do Evanxeo enche o corazón e a vida enteira dos que se atopan con Xesús. Os que se deixan salvar por El son liberados do pecado, da tristeza, do baleiro interior, do illamento. Con Xesús Cristo sempre nace e renace a alegría. Nesta Exhortación quero dirixirme ós fieis cristiáns para convidalos a unha *nova* etapa evanxelizadora marcada por esa *alegría*".

O papa dinos que se trata dunha "nova" etapa de evanxelización, aínda que estea de feito -polo que antes comentei- en perfecta continuidade coa presentación de si mesmo que lles fai Xesús ós discípulos de Xoán Bautista para que lle leven a el a resposta de Xesús. Aquí está tamén a razón pola que Xesús -aínda que faga unha gran

loanza do Bautista ó dicir del que é “moito máis ca un profeta” e que “ningún nado de muller fora meirande ca el”- engada a continuación que, malia dicir iso do Bautista, “o máis pequeno no reino dos ceos era meirande ca el”, có Bautista.

Convertámonos, pois, a esta “alegre” e liberadora esperanza da Boa Nova, verdadeiramente “nova”, de Xesús.

DOMINGO IV DE ADVENTO

Deus connosco

Un filósofo non moi coñecido, que viviu a comezos do século XIX, e que se apelidaba Krause, do que procede o chamado krausismo español, ideou un sistema filosófico coñecido como “pan-en-teísmo”, que non é o mesmo que “panteísmo”. Este último, o panteísmo, defendería que todo é Deus. Mais o “pan-en-teísmo” de Krause sostiña, polo contrario, que todo está en Deus; non que todo sexa Deus.

En realidade, dicir que todo está en Deus no debería soarnos como algo novo ou cousa recentemente inventada. Trátase dunha idea moi antiga e, desde logo, moi cristiá. Aparece con frecuencia en santo Agostiño e moitos outros importantes pensadores cristiáns, tanto antigos como modernos. Podemos imaxinarnos esta situación como algo semellante ó que lles ocorre ós peixes que, sen dárense de conta, están dentro da auga, que lles fai posíbel vivir e moverse. Semellante tamén ás pombas ou gaivotas, que sen ser o aire, están no aire e poden vivir e voar porque o aire as envolve e as enche de posibilidades. Os peixes e as aves non son mar nin aire. Pero están no mar e no aire e participan dalgunha maneira do modo de ser do aire ou do mar.

Xa nos Feitos dos Apóstolos aparece Paulo formulando algo semellante a isto cando falaba sobre o modo como nos relacionamos todos nós con Deus. Dicía Paulo: “Deus non está lonxe de cada un de nós, porque nel vivimos, nos movemos e estamos”. Algo parecido, como vedes, ó que lles ocorre ás aves e ós peixes en relación co seu aire ou coa súa auga.

Coido que todo isto ten algo que ver coa primeira Lectura (do profeta Isaías), que resulta moi apropiada para este tempo de preparación para o Nadal de Xesús: “Velaí que a virxe está en cinta e dá a luz un fillo, ó que lle pon de nome ‘Emmanuel’ (que significa ´Deus connosco’)”.

O tempo de Advento é un tempo de avivar a conciencia deste estar “deus connosco”, dese achegamento tan grande de Deus a nós, tal como celebramos no Nadal ó el mostrársenos a nós na presenza engaiolante dun neno humano. Por iso, Xesús non é só un ser humano máis, senón o lugar do encontro máis íntimo que se pode imaxinar entre Deus e a humanidade. Encontro tamén con toda a creación, que é a base e o fundamento de todos e cada un de nós. Na aparición entre nós de Xesús concéntranse, pois, divindade e humanidade dunha maneira inconcibíbel e marabillosa. Paulo exprésao á súa maneira na súa carta ós Romanos (na segunda Lectura de hoxe). Xesús Cristo, dinos nela Paulo, “naceu como home da semente de David, pero foi constituído fillo de Deus con pleno poder polo Espírito (Santo) santificador”.

É dicir, seguindo co símil das aves e dos peixes, Xesús é un ser humano coma todos nós, mais vive dunha maneira especial no “Espírito” de Deus, no aire de Deus. A palabra “espírito”, como ben sabedes, ten que ver co “aire” que respiramos e que nos dá vida. Para Paulo ese “espírito” é Espírito santo, Espírito “santificador”, Espírito divinizador.

De modo que en Xesús radica toda a nosa salvación. O mesmo nome de “Xesús” significa, como ben sabedes tamén, “Salvador”, ou máis exactamente, “Iavé salva”, “Deus salva”. Por que pode salvarnos Xesús e de feito nos quere salvar e nos vai salvar? Pois porque el ten, como Fillo único e benquerido de Deus Pai, todo o poder do Pai e todo o seu amor e porque, ademais, é un máis de nós, igual en todo a nós, absolutamente solidarizado connosco, por marxinada ou pobre que sexa a situación dunha concreta persoa. El é absolutamente próximo a nós, a todos nós, e ten poder infinito para nos liberar de todo mal, incluída a liberación da morte ó concedernos a resurrección para sempre. En resumidas contas, Xesús salva porque é “Emmanuel”, é dicir, porque é “Deus connosco”.

É o mesmo que se nos di no famoso “Limiar” do evanxeo de Xoán, cando se nos fala alí de Xesús como a “palabra” que Deus Pai dirixe ó mundo, á humanidade toda. É unha palabra divina, pois trátase dunha palabra, segundo se nos explica alí, que “vén de Deus” e que, ademais, marabilla das marabillas!, é “Deus” mesmo, o Deus humanizado. Desta “palabra”, dísenos no evanxeo de Xoán: “A palabra fíxose carne e plantou entre nós a súa tenda”.

Unha vez máis podemos admirar e loar a grandeza de Deus, o seu marabilloso modo de ser e de se comportar. Deus sae en certo modo do interior de si mesmo, da profundidade e inabarcabilidade da súa divindade para se facer un máis entre nós sen deixar de ser o que desde sempre é: o Deus absolutamente infinito.

Para Xoán, Xesús é a palabra que Deus dirixe ó mundo. Unha palabra que, liturxicamente, e neste ano dentro de un par de días (no próximo mércores, día 25), se vai facer carne e presenza agarimosa entre nós. Sen el poder aínda falarnos (malia ser a “palabra”!) como unha persoa que sabe xa falar, senón coma un neno, mellor, coma un “infante”, é dicir, coma un “non falante” (pois iso significa “infante”). Ben sabemos que os nenos, coa súa soa presenza confiada, amorosa e risoña, suscitan amor por si mesmos sen necesidade de palabras. En realidade, eles falan tamén, mais cunha linguaxe chamada “non verbal”, é dicir, non utilizando aínda palabras pertencentes a unha lingua concreta.

Tamén sabemos moi ben os adultos que os xestos, os comportamentos, as olladas que se dirixen ou non se dirixen a unha persoa determinada, os silencios ou calquera outra actitude coa que nos relacionamos ou non nos relacionamos cos demais, poden falar máis alto, dicir moito máis, có que expresamos ordinariamente coas palabras do dicionario. Por iso a vivencia e presenza mesma de Xesús nacendo coma un marxinado, nunha familia con moi poucos medios, no seo acolledor da natureza, fálanos moito máis clara e convincentemente sobre os temas fundamentais do evanxeo que o máis elevado discurso construído con fermosas palabras.

Deámoslle, pois, grazas a Deus Pai por ternos querido falar de si mesmo por medio do seu Fillo da maneira como el o fixo no xa próximo Nadal.

DOMINGO I DE CORESMA

Non se deixar enganar

Hai catro días, co mércores de cinza, empezamos un novo tempo litúrxico: o tempo da Coresma. Un nome, “Coresma”, que, como é doado ver, provén dos “corenta” días de xaxún do Señor no deserto. A liturxia vainos levando así, ó longo do ano, polas diversas experiencias da nosa fe. Unha experiencia que está directamente en relación coa vida de Xesús, desde o seu nacemento ata a súa morte e Resurrección.

O noso interese, como ben sabemos, por coñecer o que fai e di Xesús é porque el, como fillo divino-humano de Deus Pai, é para todos nós exemplo vivo e sempre actual do que nós mesmos deberiamos tamén ser. El é o noso irmán maior, o que fai de ponte entre Deus-Pai e todos nós. El posibilita e realiza así a nosa salvación. É e será sempre, tal como el mesmo testemuñaba sobre si con autoridade, "luz do mundo e sal da terra".

O evanxelista Mateo preséntanos hoxe a Xesús como tentado polo demo, por Satán. Non é de estrañar que, se El foi tentado, sexamos tamén todos nós tentados de cando en vez. En tódolos tempos, a igrexa, os cristiáns, tanto os que exercen altos cargos como os cristiáns de a pé estaremos expostos á tentación. As tentacións de pensar que, para levarmos adiante a obra ou a mensaxe de Xesús, non nos viría nada mal botar man de medios pouco ou nada evanxélicos. Mais non se pode facer medrar a árbore do evanxeo con produtos ou fertilizantes contrarios ó evanxeo. Dese xeito esa árbore esmorecería e secaría.

As tentacións que nos refire Mateo presentaranse seguramente en tódolos tempos. A tentación, por exemplo, de pensar e supoñer que as necesidades das persoas se reducen ó alimento corporal. "Non soamente de pan vive o home", respóndelle Xesús ó Tentador, cando este convidaba a Xesús a converter as pedras en pan. Claro que todos necesitamos do noso pan material de cada día. Mais, alén disto, o que plenifica, o que enche, o que verdadeiramente e en definitiva satisfai as persoas é, como nos asegura Xesús, a "palabra" que "sae da boca de Deus".

Agora ben, xa sabemos que esta "palabra" que sae da boca de Deus é, segundo nos lembra noutro lugar o evanxelista Xoán, Xesús mesmo. Para Xoán, Xesús é a "palabra" de Deus-Pai ó mundo. Así o escoitabamos na liturxia de Nadal: *"No principio existía a Palabra, e a Palabra estaba onda Deus e a Palabra era Deus... E a Palabra fíxose carne e puxo a súa tenda entre nós"*. Xesús é, pois, a verdadeira "palabra", o verdadeiro "pan" co que Deus-Pai alimenta o mundo. Porque con este "pan" viranos tamén o pan material que precisamos para o noso corpo. Pois, no fin de contas, a "palabra", o "pan", que é Xesús, é o verdadeiro creador de fraternidade, de irmandade, de amor e de xustiza. Sen esta fonda fraternidade, que está unida á xustiza, seguirá a haber fame e miserias no mundo tanto agora como en tempos vindeiros.

Mais Satán, o Tentador, é teimudo e segue a tentar Xesús e a nós xunto con el. As cousas, vénlle dicir Satán a Xesús, resólvense co "poder". E, para iso, fantasía Satán en lle ofrecer a Xesús tódolos reinos da terra ou en proporlle que faga milagres e cousas admirábeis, pois el ben as sabe facer...

Pero o reino de Xesús, ese reino ó que nós queremos tamén pertencer, non se basea na forza, no poder ou na fachenda. Como nos repite tantas veces a liturxia, é "un reino de xustiza, de amor e de paz". Ou sexa, un reino de fraternidade.

No tempo de coresma hai certos días de xaxún (nada máis ca dous en total) e algúns días máis da que se adoita chamar "abstinencia". Mais se pensásemos que iso é o fundamental do tempo coresmal estariamos nun bo erro. Sobre todo se durante o ano nos dedicamos a consumir e mercar todo canto os vendedores de mercancías nos poñen diante, freando só un pouco a febre de consumo nos días coresmais.

Polo contrario, o fundamental deste tempo litúrxico é írmonos convertendo, unha vez máis, un ano máis, á mensaxe de Xesús que se vai paseniñamente densificando, dende o pasado mércores de Cinza ata chegarmos á Semana Santa e ó cirio pascual do domingo de Resurrección, co que remata a Semana Santa. No pasado

mércores dicíanos o sacerdote que presidía a celebración, ó impoñernos a cinza: “Convértete e cre no evanxeo”. Unha invitación á conversión que ten como ideario o evanxeo e que remata coa alegría pascual de Xesús resucitado para todos nós.

Volvendo de novo ó actual tempo de Coresma e ó tema do xaxún e da abstinencia coresmais. Non vos vou dicir -claro está- que non xaxuedes o día do venres santo ou que non vos absteñades de tomar carne nos venres da Coresma. Faltaría máis!! Pero se nos quedamos niso e non facemos algo máis, fraco favor lle facemos á nosa fe, esa fe que se ha de amosar como tal nas “boas obras” e na nosa preocupación polos demais, irmáns nosos. Neste senso, apúntome o que lin nalgún lado sobre o significado agachado deste tempo coresmal. O texto é este:

“Coresma debería ser unha chamada de atención sobre os millóns de excluídos que xaxúan, non por devoción, senón porque carecen do esencial para viviren, que non elixen o xaxún senón que se lles impón, que cargan coa pesada cruz da vida sen cireneos que alivien o seu desfalecemento nin defendan a súa causa: famentos, marxinados da sociedade, empobrecidos, anciáns, desprazados polas guerras, desprezados pola cor da súa pel, pola súa cultura ou pola súa lingua... A todos estes háselles abrir o noso corazón na Coresma”.

Si. Iso é o que significa concretamente fraternidade, irmandade cristiá, se segue a ser verdade aquilo de que somos fillos dun mesmo Pai.

Por iso deberiamos dicir hoxe con especial devoción (lembrándonos das “tentacións” ás que foi sometido Xesús por Satán) aquelas palabras do “Nosopai”, a oración que Cristo mesmo nos aprendeu e que recitamos comunitariamente na eucaristía: “Non nos deixes caer na tentación”, na tentación de querermos ser cristiáns por camiños que non son os de Xesús.

DOMINGO II DE CORESMA

Temos moi boas novas

Ímonos introducindo, pouco a pouco, no tempo coresmal con este 2º domingo de Coresma. É un tempo de toma de conciencia da nosa fe no Xesús que se nos amosa nos Evanxeos. Seguimos así a consigna que se nos deu no Mércores de Cinza, ó recibirmos a cinza que se nos impuxo coas palabras “Convértete e cre no Evanxeo”. Dese xeito comezou este tempo litúrxico da Coresma hai once días.

“Crer no evanxeo” é crer na súa mensaxe fundamental. Pois ben, podemos dicir que no evanxeo de Xesús hai invitacións á conversión, hai toma de conciencia da gravidade das ofensas a Deus e ós demais, hai narracións de situacións difíciles para o seguidores de Xesús, hai sufrimentos, hai morte, hai resurrección... Pero, en calquera caso, o evanxeo é en definitiva e en conxunto o que está resumido na mesma palabra “evanxeo”, que significa: “boa noticia”, “boa nova”, “alegre nova”. Así o quixo poñer ben de relevo o papa Francisco na súa primeira encíclica que leva precisamente como título o de “A Alegría do Evanxeo”. Entre outras cousas dinos, por exemplo, alí Francisco: “Todos teñen o dereito de recibir o Evanxeo. Os cristiáns teñen o deber de anuncialo sen excluír a ninguén, non como quen impón unha nova obriga, senón como quen comparte unha alegría, sinala un horizonte fermoso, ofrece un banquete desexábel”.

Por iso se a actual consigna introdutoria da Coresma inclúe as palabras “cre no Evanxeo”, entón o convite coresmal é en último termo un convite a crer firmemente que

a noticia que Xesús nos trae e unha *boa* noticia, unha nova que nos trae alegría e non tristura. Quizais por iso a cerna das Lecturas deste II Domingo de Coresma é tamén unha boa, unha alegre nova no medio dun tempo litúrxico que en principio é de penitencia e conversión.

Efectivamente, xa a primeira Lectura do libro da Xénese nos presenta o prototipo do crente do Antigo Testamento, Abrán, como bendicido por Deus cunha boa e alegre nova. A de que "todos os pobos da terra se chamarán benditos no nome del". É esta, de feito, unha visión profética na perspectiva do que vai ocorrer no Novo Testamento, coa vinda de Xesús.

Por iso, nesta mesma liña, na carta que Paulo lle escribe a Timoteo (que os biblistas consideran algo así coma o "testamento" de Paulo), o apóstolo fala desta vinda de Xesús ó mundo como unha vinda que ocorre grazas ó poder de Deus Pai. Un "poder" e unha "graza" de Deus "que se manifestou agora", dinos Paulo, "pola aparición do noso Salvador, Cristo Xesús". Para Paulo, tal como comenta el mesmo a continuación, esta aparición de Xesús pode sintetizarse nestas palabras: "El (é dicir, Xesús) destruíu a morte e alumou a vida e a inmortalidade por medio do Evanxeo".

De xeito que a grande e alegre "boa nova" que nos trae Xesús consiste xustamente en que ataca e fai secar a raíz mesma de cantos medos e angustias temos as persoas: a morte.

Non hai aínda moitos anos a igrexa, na imposición da cinza do comezo da Coresma, utilizaba unha fórmula moi distinta: "Lémbrate, home, de que es po e ó po has volver". O lembrarse da propia morte non está mal, desde logo. Pero a verdade é que a morte non é de ningunha maneira o pensamento central do evanxeo. Máis ben, todo o contrario: a vida. En todo caso, a morte queda totalmente superada coa mensaxe fundamental cristiá da resurrección. Da resurrección de Cristo e mais da nosa. "Eu son a resurrección e a vida", dinos Xesús. Isto si que é a mensaxe central e básica do evanxeo. Por isto precisamente o Evanxeo é o que é: "boa nova", alegre nova, "alegría", como con forza e insistencia nos repite o papa Francisco.

Deste modo, a mensaxe do evanxeo de hoxe vén sendo, en tempo coresmal de conversión e de renuncias, a seguinte. Aínda que Xesús, e con el todos nós, teñamos que enfrontarnos co sufrimento e mais coa morte nas nosas vidas, a nosa meta e o noso destino definitivos están ben claros: vida para sempre, resurrección para toda unha eternidade. A transfiguración de Xesús diante dos seus tres apóstolos máis representativos, Pedro, Santiago e Xoán, é un sinal ante eles de que os negros nubeiros, que se lle aveciñan a Xesús coa súa próxima paixón e crucifixión, non poderán borrar do mapa a mensaxe de que Xesús é e seguirá a ser para sempre Vida e Luz. "Eu son a luz do mundo", dixera Xesús. O evanxelista Mateo dinos, en consonancia con isto, que na súa transfiguración "o rostro de Xesús resplandecía coma o sol, e os seus vestidos viraron brancos coma a luz".

En calquera caso, cada cousa ó seu tempo. Isto é tamén unha das lecciónns que aprendeu o impulsivo Pedro cando propuña pola súa parte facer, xa agora mesmo e sen máis dilacións, tres tendas. Para cada un dos tres protagonistas principais: para Moisés, para Elías e para Xesús. Porque, polo que se ve, os tres apóstolos non tiñan necesidade de ningunha. Estaban xa ben así tal como estaban: felices e contentos: "Señor, que bo sería ficarmos aquí!".

Pero a vida, tamén a vida cristiá, é un proceso, unha marcha. Non se poden queimar etapas. Curta é desde logo toda vida, a nosa tamén, en comparanza cos grandes

e infinitos desexos que temos de vivir. Mais nesa vida nosa e coa fe, a graza e a paciencia que o Espírito de Deus nos dará se llo pedimos, poderemos tamén xa albiscar dalgún modo aquilo fermoso, grande e infinito que nos espera, aquilo que de maneira efémera e fuxidía viviron Pedro, Santiago e Xoán.

DOMINGO III DE CORESMA

Manancial burbullante

Como hoxe o texto do evanxeo foi algo longo e suficientemente comprensíbel, serei, co voso beneplácito, un chisco máis breve.

Ben, podemos dicir que este domingo é un día algo así como "pasado por auga". Non porque chova ou deixe de chover fóra, senón porque a auga vén ser o centro das nosas lecturas de hoxe. A auga e maila sede. O noso Pai Deus e mailo seu fillo Xesús son considerados e proclamados hoxe como "auga viva". E esta "auga viva" é considerada tamén como a única realidade que pode saciar verdadeiramente a nosa sede.

No Antigo Testamento, coma un presaxio ou anuncio do que virá, Moisés facía saír auga da rocha para dar de beber ó pobo sedento. Por outro lado, na Carta ós Romanos, dinos Paulo que no fondo de nós mesmos hai un desexo e unha "esperanza" de "acadar a gloria de Deus".

De onde nos vén tal ansia e tal esperanza? Pois dese mesmo Deus que habita en nós. Ou, como nos di tamén, aquí mesmo, Paulo, trátase dunha esperanza que "non falla". Pola seguinte razón: "porque o amor de Deus se verteu nos nosos corazóns mediante o Espírito Santo que se nos deu".

É dicir, tódalas persoas (sexamos cativos, mozos, adultos ou anciáns) temos algo especial no noso interior que non se dá saciado coas cousas e as adquisicións digamos normais. En definitiva vén ser Deus mesmo, o seu Espírito vertido en nós, o que nos fixo e nos vai facendo cada vez máis "á súa imaxe e semellanza". Por iso, é dicir, porque –malia os nosos fallos- temos moito de "divinos", por iso temos desexos de telo todo, de vivir sempre, de ser absolutamente felices. Temos desexos que nos diferencian nisto totalmente dun can, dun ghato, dunha ghaivota ou dunha pomba, para nomear só eses benditos animaliños cos que me atopo máis dunha vez ó vir andando desde Teis ata aquí. Se vos fixastes ben ó escoitardes o precioso relato do evanxeo de hoxe, é iso o que está de fondo na conversa de Xesús coa muller samaritana e dela con Xesús. A muller busca auga, auga sen máis para beber, auga que ela ten que quitar do pozo. Mais Xesús faralle saber a ela que el está ó tanto do que ela busca tamén: amizade e relacións (os cinco ou seis homes cos que ela andou ou aínda anda enredado). Porque, no fin de contas, ela vai confesar abertamente tamén que o que realmente e sobre todo ela busca é algo que a satisfaga totalmente e de maneira plena e definitiva.

Pero esta confesión vai precedida pola mensaxe, pola "boa mensaxe", pola "boa e alegre noticia" que lle comunica antes Xesús ó lle dicir a ela: "Todo o que bebe desta auga terá sede outra vez; mais o que beba da auga que eu lle darei, nunca máis terá sede; a auga que eu lle darei, converterase dentro del nunha fonte que saltará ata a vida eterna".

Como vedes, Xesús fala dunha auga que sacia plenamente. Porque non é auga medida nun vaso ou embotellada nun recipiente limitado. Máis que auga, o que lle ofrece Xesús é unha fonte viva de auga. Unha fonte de tal calidade que é capaz de facer saltar a súa auga viva ata o ceo, ata a "vida eterna".

Cando eu era cativo, ía algunhas veces á aldea próxima á miña en que nacera. Era a casa dos meus avós paternos. Na parte baixa da casa (onde se prendía o lume, xantaba e parolaba) había un vertedoiro de pedra no que un gran picho deitaba, día e noite, auga sen parar. A fonte desta auga estaba alí mesmo, agachada, mais conectaba directamente co picho. É unha imaxe, unha lembranza, que nunca se me esquece. Nós tiñamos alí toda a auga que nos podía facer falla porque a fonte estaba alí.

A samaritana, en cambio, non tiña auga na casa, coma os meus avós, e tiña que ir a por ela. De modo que, ante a oferta de Xesús de darlle un tipo especial de auga, que sería como unha fonte cantareira, non pode menos de exclamar: "Señor, dáme logo desa auga".

Porque o que ela quere, igual ca todos nós, é iso: cousas que vallan para sempre, cousas que nos enchan de felicidade plena, cousas que "salten ata a vida eterna". Pero estas "cousas", en realidade e en definitiva, non son "cousas". Ou, dito doutra maneira, son cousas que só se poden atopar en Alguén que nolas pode ofrecer con garantía e verdade. Só o noso Pai Deus e o seu Fillo Xesús, presente en nós polo seu Espírito, pode e quere darnos iso que ardentemente buscamos.

Lembrémonos unha vez máis do dito por Santo Agostiño: "Fixéchesnos, Señor, para Ti e está inquedo o noso corazón ata que acougue en Ti".

Pois se iso é así e conservamos aínda un pouco de egoísmo (o egoísmo non é nada malo, con tal de que se atenda ó egoísmo de todos), entón xa sabemos o que temos que facer. Orientar o noso corazón cara a onde poida recibir o que sempre desexa: a plenitude e a felicidade total. Así realizaremos en nós aquela "conversión" á que nos convida este tempo de Coresma co seu convite: "*Convértete* e cre no Evanxeo". É dicir, cre na alegría e felicidade que o Evanxeo nos ofrece de maneira totalmente gratuíta.

DOMINGO IV DE CORESMA
Non ver ou non querer ver?

Outro texto marabilloso este do evanxeo de Xoán. Semellante en fermosura ó da Samaritana do anterior domingo.

Como tamén o texto que acabo de proclamar liturxicamente diante vosa é tamén hoxe suficiente longo, terei que ser respectuosamente curto para non estragar coas miñas pobres palabras a beleza do texto xoánico.

Son moitas as consideracións e comentarios que se poderían facer. Eu preséntovos algunhas das que se me amorean na mente.

Xesús preséntase no relato ante os que o ven, presencian, admiran (os seus seguidores) ou rexeitan (os fariseos) como "luz": "Eu son a luz do mundo".

Isto é decisivo, porque de pouco vale ter ollos se arredor noso non hai máis ca tebras e escuridade. De pouco vale ter vista se non hai sol que dea claridade e ilumine as cousas. Para aclarármonos sobre o que son as cousas, sobre o que é o mundo, a realidade, o pasado, o presente e o porvir fainos falta luz, sol, iluminación. E iso vénnos só de fóra de nós. Nós somos demasiado pequechos como para dicirmos ou crermos que o sabemos todo. Este era precisamente o erro, a cegueira máis decisiva dos fariseos. Falando con Xesús, utilizan continuamente o "nós sabemos"...

Oiriades ou leriades algunha vez que os chamados filósofos son esas persoas que se ocupan de intentar saber como son as cousas, a realidade. Queren ir ó fondo das cousas, descubrirlles o seu sentido, o seu segredo. Pois ben, case todos eles teñen unha conciencia moi clara do nada doado que é arrincarlle á realidade os seus segredos. Por iso escriben eles con bastante razón frases como estas: "só sabemos que non sabemos nada". Aínda que isto mesmo sexa xa desde logo un certo saber. Un gran cardeal da

igrexa, chamado Nicolás de Cusa, que viviu no século XV, escribiu un famoso escrito co título "De docta ignorantia" (sobre a douta ignorancia). Somos verdadeiramente doutos -vén dicir el- cando nos dámos conta de que somos ignorantes, do pouco que sabemos. Iso si que é ser "doutos", saber que somos ignorantes.

Neste sentido, os eternos contrincantes de Xesús, os fariseos, se algo non tiñan era precisamente non ter migalla de filósofos. Eles pretendían sabelo todo, gloriábanse ante os demais de dominar a lei, as normas, crían saber perfectamente o que era bo e o que era malo. Podían cantarlle as corenta a quen fose. E agora resulta que un pobre home, un que acababa de deixar de ser cego para se converter en vidente, é dicir, en persoa que ve como son realmente as cousas, as colores, as figuras e demais, resulta –digo- que esta persoa se vai converter agora en doutor deles. Porque todos acoden a el para lle preguntar como foi iso de que Xesús lle curara a cegueira. Porque, claro, iso non pode ser. Como vai un pecador –e Xesús érao claramente para eles ó curar en sábado, polo tanto, contra o que manda a Lei-, cómo vai poder un pecador facer milagres? Logo iso non é posíbel. Non é posíbel para eles que Xesús o tivese curado. Buscan e rebuscan razóns e argumentos e probas e calquera outra clase de datos para se reafirmaren en que iso é imposíbel. Couces e máis couces contra o aguillón.

Pero o pobre cego, que agora ve, non fai máis que contarlles simple e sinxelamente o que lle pasou. Tan admirado está de tanta pregunta a el dos fariseos polo que verdadeiramente lle pasou, que, con pouca prudencia e sen pensalo moito, lles pregunta, seguramente con abonda retranca pola súa parte: "Pero é que queredes tamén vós facervos discípulos del?".

Compréndese moi ben que o cabreo dos fariseos chegase con isto ó máximo e que empezasen xa a perder os nervios con el. "Ti. Ti serás discípulo del. Nós sómolo de Moisés!". Isto quere dicir. Nós atémonos ás normas da lei, dos correctos costumes, do que sempre se creu e se fixo!

Como se o mundo (podemos pensar nós) estivese quieto, parado... e, polo tanto, lles estivese prohibido a videntes e profetas, coma Xesús, exercer a súa función de rexeneración da moral, da ética, do ben facer. Sempre o mesmo. A historia de poñerse de unllas contra os cambios repítese e seguirá seguramente a repetirse sempre.

A cerna, o fondo, da mensaxe de Xesús é que o decisivo, o bo, o que importa, o que non se debe descoidar endexamais é que hai que practicar o ben. E practicar o ben significa facer o ben as persoas, a calquera, sobre todo a aquelas que máis o precisan. Facer felices as persoas a tódolos niveis. Ser compasivos, sempre e pronto, como o foi Xesús con este cego dándolle vista sen tardanza, aínda que fose nun día santo, nun día festivo, sen esperar a un día laboral, de traballo, tal como pedían as normativas da lei relixiosa da época. Mentres non cheguemos a pensar deste modo, seguiremos a ter inoculado no noso corpo a perigosa enfermidade que deformou o comportamento dos fariseos. Os fariseos tiñan os ollos manchados co lixo das normas baleiras que non lles deixaban ver. E non hai peor cego ca aquel que non quere ver, que se tapa os ollos para no ter que cambiar a súa conduta egoísta, pechada en si mesmo.

Nunca nos sintamos gloriosos e satisfeitos cando alguén nos diga: "cánto sabes!". Si que poderiamos sentirnos contentos e felices, cando oiamos dicir de nós que queremos, que amamos moito a xente, que nos preocupamos por ela e que non deixamos de lles facer o ben. Só entón poderemos dicir de nós que vemos, que non estamos cegos.

DOMINGO V DE CORESMA

Vidas queridas que non se van

Xa no próximo domingo, que é Domingo de Ramos, entramos na Semana Santa. E parece que a liturxia ten présa para nos anunciar xa agora o que vai vir despois da treboada da Paixón de Xesús. Para nos dicir que sempre hai, sempre, detrás de todo e pese a todo, Resurrección.

O evanxeo, é dicir, a boa e alegre noticia da resurrección de Lázaro é un anuncio anticipado da propia resurrección de Xesús e, consecuentemente, tamén da nosa propia resurrección. Un anuncio que os cristiáns deberiamos proclamar ós catro ventos con tódalas nosas forzas, alicerzados na graza que nos vén do Espírito de Deus.

O relato da resurrección de Lázaro é realmente impresionante por moitas veces que un o lea ou escoite. Mais é, sobre todo unha maneira de nos facer Deus comprensíbel o *porqué* da Resurrección de Xesús e tamén da nosa.

Se o pensamos ben, a resurrección de Lázaro é moi diferente da resurrección de Xesús ou da futura nosa. Por que? Porque Xesús resucita a Lázaro para unha vida que será ou sería máis ou menos coma a que tivera antes. Xesús resucita aquí a Lázaro para unha vida aínda mortal, pois o Lázaro resucitado por Xesús morrería aínda.

A resurrección de Lázaro é así só unha pequena mostra do que será a verdadeira resurrección definitiva e para sempre. O máis importante do relato é o que nel se deixa entender e que no fondo se nos anuncia con claridade. Xesús vén falarnos nel de quen é El de verdade, cal é o seu poder e o seu amor.

Eu adoito comentar, co gallo de misas de defuntos ou nos cabodanos, que se se xuntan e suman estas tres "cantidades" (para dicilo dalgunha maneira), que son *Deus* e mailo seu *poder* e o seu *amor*, entón o resultado desta suma é igual a: *resurrección*.

Vexamos por que e como, aínda que algunha destas cousas xa volas comentei algunha vez. Mais os vellos temos o costume de repetir moito as cousas. Un chisco de paciencia, pois. E, en calquera caso, algo de chuvia sobre un terreo que aínda ten algo de lentura axúdao a amolecer para que poida producir froitos abondosos.

Pois ben, en relación con esas tres cousas (Deus, poder e amor), sobre o *poder* de Deus non fai falla falar moito. Nós cremos que El é o creador de todo canto existe, sen que antes houbese absolutamente nada, ningún material, que lle puidese axudar ou valer para facelo. Así o confesamos sempre ó principio do "Credo" na eucaristía: "Cremos nun só Deus, Pai todopoderoso, creador do ceo e maila terra". Ese poder infinito de Deus é o que se manifesta dalgunha maneira no seu Fillo, cando no texto de Xoán se nos di que Xesús, ante a sepultura de Lázaro, "berrou con voz forte: Lázaro, ven para fóra!". Con voz forte, poderosa, de quen sabe que ninguén, nada, pode escapar á súa forza, á súa omnipotencia.

No que se refire ó *amor* de Deus para connosco, tampouco precisamos estendernos moito. Deus *quérenos* de verdade, infinitamente máis do que podemos amar nós a unha persoa neste mundo. Xesús falaba continuamente do seu Pai Deus como Pai tamén noso. Deus-Pai quérenos polo tanto verdadeiramente coma a fillos seus, coma a irmáns do seu "Fillo predilecto". Xesús é, pola súa parte, o noso irmán maior. Quérenos, polo tanto, verdadeiramente como se queren os irmáns dunha mesma familia. Son moitas as pasaxes no Evanxeo nas que se nos fala deste amor inmenso, infinitamente delicado, paciente e constante que Deus-Pai e o seu Fillo Xesús nos teñen.

Agora ben, algunha vez vos falei xa tamén do que dicía o filósofo francés Gabriel Marcel. El escribiu unha vez o seguinte, que a min me gusta moito e por iso me comprace comentárllelo a outros: "*amar* unha persoa é dicirlle '*ti, ti non morrerás*

endexamais'". Isto sabémolo ben nós. Cando de verdade queremos a unha persoa (o noso pai, nai, esposa, esposo, filla, fillo, noivo, noiva, etc.), fáisenos dificilmente aturábel, case impensábel, que esa persoa poida morrer, que vaia morrer. Amar leva consigo, pois, que a persoa querida sexa considerada por nós en certo modo como inmortal, como alguén que non pode morrer, que non debería morrer. E se, a pesar de todo ou polo que fose, morrese e nós tivésemos o poder para lle devolver a vida, fariámolo de contado. Resucitámolo e punto.

Lembremos agora o texto da resurrección de Lázaro. Que ocorre alí? A familia de Lázaro é unha familia especialmente querida por Xesús. Xesús é moi querido tamén polos membros desta familia. Onda a sepultura de Lázaro atópanse, pois, Lázaro, que leva varios días morto, as súas dúas irmás, Xesús e maila xente que os acompañaba. Mais Xesús é o verdadeiro centro do que alí ocorre. Nel habita toda a divindade do Pai, todo o seu poder e todo o seu amor.

Realicemos agora a operación da suma (é unha maneira de falar) que os rapaces aprenden doadamente na casa ou no cole. Temos os tres sumandos: Deus, poder e amor. O resultado desta suma é a resurrección de Lázaro. Se "amar" é, con razón, para Gabriel Marcel, "dicirlle a un: ti non morrerás nunca", isto convértese necesariamente en resurrección.

Como Deus é Deus e, polo tanto, ama e pode infinitamente, por iso fainos, faranos, vivir para sempre, máis alá do que fixo con Lázaro. O ocorrido con Lázaro foi só un sinal para nós, para o que ocorrerá para sempre despois da nosa morte. Como vai permitir Deus que morramos para sempre aqueles que El de verdade quere, tendo poder como ten para nos dar vida, e para sempre?

Se vos decatastes do que se di no relato evanxélico, o amor de Xesús a Lázaro é algo que está alí presente á maneira dunha música de fondo. As irmás mándanlle con tempo o recado a Xesús: "Señor, mira, o que *amas* está enfermo". E Xoán engade aínda: "Xesús *queríalles moito* a Marta, á irmá dela e mais a Lázaro". Xesús mesmo comunícalles ós apóstolos: "Lázaro, *o noso amigo*, dorme". Dísenos tamén que Xesús "se botou a chorar" ante a súa sepultura. A xente que estaba alí interpretou correctamente as bágoas de Xesús como un sinal do moito que o quería. "Hai que ver como o quería!", comentaban os xudeus.

Agora podemos entender ben como cando se xuntan o poder de Deus e o seu amor a nós o resultado é a incríbel nova da nosa Resurrección, moito máis marabillosa e grandiosa que a ocorrida con Lázaro.

DOMINGO II DE PASCUA

Apálpame ben!

Do evanxeo que acabamos de escoitar, o episodio relacionado con Tomé cóntao só Xoán entre os evanxelistas. Pero é que, ademais, o mesmo Xoán nos di que houbo "moitos outros signos" que fixo Xesús entre os seus discípulos, despois de resucitado, que el mesmo non nos conta. De modo que eses moitos signos, que para un xornalista dos nosos días terían un enorme interese, a Xoán non lle parece doer moito non contalos todos.

Xoán e con el os demais apóstolos e discípulos de Xesús saben que o importante e decisivo é o encontro con Xesús. Co Xesús de antes e de despois da resurrección. E para encontrármonos con Xesús e adherírmonos a el abonda cun par de experiencias

fondas e íntimas con el. Os evanxelistas non son xornalistas, senón transmisores de fondas e inesquecíbeis experiencias que eles mesmos tiveron con Xesús.

Por iso Xoán, pensando seguramente nas persoas que non participamos inmediata e directamente nesas experiencias, preséntanos a escena de Tomé. A min Tomé lémbrame un pouco, aínda que sexa como digo só un pouco, a parábola maxistral de Xesús do fillo pródigo (ou, segundo comentabamos, do "Pai misericordioso"). Xesús fálanos nesa parábola da bondade a toda proba de Deus, Pai seu e Pai noso tamén. Cando volve o seu fillo despois de moito esperalo, seu pai apértao con agarimo sen rifarlle nin botarlle en cara a súa mala conduta. Agora é Xesús quen se comporta, no mesmo senso, amorosamente condescendente co seu apóstolo. Acepta sen reparos as condicións que Tomé puxera para crer nel: ver directamente as furas dos cravos nas súas mans e comprobar amodo e directamente que el era verdadeiramente o mesmo Xesús co que convivira e non unha pantasma.

Os encontros con Deus están sempre cheos de paz, de alegría, de perdón xeneroso e de xestos moi humanos. É esta atmosfera a que Xoán crea no seu relato da aparición de Xesús no medio dos seus apóstolos, cando eles estaban cheos de medo e de precaucións trala morte ignominiosa do seu Mestre.

O primeiro saúdo de Xesús quere xa romper con medos, posíbeis acusacións mutuas ou desencontros no seo do grupo dos apóstolos. "Paz convosco". Tamén no seu encontro posterior oito días despois, xa con Tomé entre eles, repetirá Xesús o mesmo saúdo: "Paz convosco". Xesús aporta sempre paz, consolo e moitos azos para vivir, pois El mesmo é a Vida. Dálles, ademais, o mellor que lles pode dar: o Espírito Santo. "Recibide o Espírito Santo". É dicir, el mesmo, Xesús, máis alá da súa concreta experiencia humana, histórica e corporal.

Así se foi formando a súa Igrexa ata nós, aínda que fose a través de moitas deficiencias históricas da mesma Igrexa. Por iso certos xestos, actitudes ou palabras do bispo de Roma, Francisco, nos chaman tanto a atención. Por que? Porque quizais nos queren facer máis directamente presente o modo como se comportaba Xesús coa xente coa que convivía no seu tempo.

Que lle ocorreu a Tomé para pasar tan rapidamente dunha actitude de autodefensa fronte ós seus compañeiros crentes á outra na que el mesmo se derruba ante o Xesús que lle permite a Tomé que realice con el as probas que considere máis axeitadas?

A resposta a esta pregunta coido que é importante porque nos afecta tamén a nós, que loitamos moitas veces entre a nosa crenza a as ameazas ou dúbidas que se lle presentan á nosa propia crenza.

Coido que canto máis pensemos e aceptemos a grandeza de Deus a tódolos niveis, tanto máis doado nos será crer nel. Porque as cousas de Deus son sempre grandiosas, inimaxinábeis. Tanto en poder como en bondade. El non é unha persoa máis coa que nos encontramos na vida, por moito que a poidamos estimar ou apreciar. El é absolutamente infinito en todo. Por iso o gran misterio das cousas feitas por el, da materia, da vida, do noso interior e de mil outras realidades máis que nos admiran. É misterioso o nacer, o vivir, o morrer e, por suposto, tamén o resucitar.

Tomé fixo a experiencia do Xesús resucitado e con esa experiencia fixo tamén a experiencia de que el tamén vai poder resucitar. Isto enche a súa alma de alegría, de confianza e de fonda paz. Tódalas probas que Tomé tiña pensado realizar co Xesús supostamente resucitado caen por terra como xoguetes de rapaces pequenos ante a

grandeza que se lle presenta directamente diante del: a presenza dun Xesús poderoso e bondadoso. Poderoso, porque é xa señor da morte, vencida por el, e entrañabelmente bondadoso porque ten a condescendencia de se ocupar de Tomé e dos seus problemas coma se non existise no mundo ningún outro do que Xesús se houbese de ocupar. Por iso, Tomé non podía dicir máis có que dixo: "Meu Señor e meu Deus!!".

Para rematar. A bondade e o amor fan milagres. Entre eles o milagre de resucitar. Un irmán meu, tamén xesuíta, que leva moitos anos en Brasil, mandoume con motivo das festas pascuais unha viñeta pintada por el na que aparecen dous personaxes. Na viñeta aparecen os dous personaxes como flotando sobre os nubeiros do ceo. Un, a modo de xornalista e co micrófono na man, pregúntalle ó outro, que representa Xesús resucitado: "Vostede estaba morto. Como conseguiu resucitar?". E Xesús responde deste xeito: "É que o amor non morre. Foi el quen me resucitou"...

Verdadeiramente o amor non morre. E se Deus, o Deus Pai noso e de Xesús, é Amor (tal como se nos di na primeira carta de Xoán), temos entón aí a clave de por que Xesús resucitou e de por que tamén nós resucitaremos con el. Xa o dicía o famoso pensador francés Gabriel Marcel: "*amar* unha persoa é dicirlle '*ti, ti non morrerás endexamais*'".

Por iso digámoslle tamén nós agradecidos a este Deus Pai e Deus Fillo que nos aman e que polo tanto nos han resucitar as palabras de Tomé: "Meu Señor e meu Deus!".

DOMINGO III DE PASCUA

Encontros coa luz

A extraordinaria nova da resurrección de Xesús, que estamos a celebrar e a lembrar comunitariamente estes días, é loxicamente algo sobre o que a liturxia, as lecturas e as diversas aclamacións que recitamos volven unha e outra vez.

Os mesmos textos do evanxeo fálannos de que foron moitos e diversos os modos de se facer presente o Xesús resucitado ós apóstolos e ós demais discípulos.

En todas estas experiencias pascuais, cargadas de alegría e de esperanza para os seguidores de Xesús e para cantos cren e crerán nel, dáse algo que vén sendo o común denominador de todas elas. Todas son experiencias fondas e transformadoras que conmoven e afectan os que concreta e particularmente as experimentan, pero que teñen, máis alá diso, un carácter comunitario e universal. Quero dicir que teñen unha finalidade non só individual ou particular, senón xeral. Realízanse en función de todo o pequeno grupo cristián de entón e de cantos viriamos despois, concretamente nós e cantos veñan ó mundo despois de nós.

A resurrección de Xesús é neste sentido un tema que afecta a toda a humanidade, porque en Xesús resucitado Deus Pai quixo e decidiu dar vida para sempre, máis alá da morte, á humanidade toda. Os cristiáns estamos así chamados a encher o mundo enteiro da esperanza de vida que nos vén de Xesús.

Iso é o que fan os apóstolos e discípulos ó teren persoalmente a experiencia de Xesús resucitado. É o que fan as mulleres que foron moi cedo onda o sepulcro do Señor. Retornan axiña para lles anunciar ós apóstolos a resurrección do Señor. Algo similar realizan os diversos apóstolos e discípulos comunicándose mutuamente as aparicións, as experiencias, do Señor resucitado que van sucesivamente ocorrendo. Ó longo dos

tempos e dos séculos, fomos nós tamén recibindo, pola nosa parte, a través do anuncio do evanxeo, esta grande e boa nova da resurrección de Xesús e, consecuentemente, da resurrección que nos espera tamén a nós.

Por iso todos nós, que recibimos esta gran nova, temos que anunciala, coa nosa palabra e con nosos feitos, no noso tempo e aquí onde vivimos, a cantos hoxe en día ou non saben dela ou non son capaces de crer nela quizais incluso por ser esta nova da resurrección algo tan incríbel, tan marabilloso. E é xustamente así por se tratar de algo que procede do Deus que é sempre meirande có que podemos maxinar sobre el.

Ós discípulos de Emaús, que facían camiño de volta, abatidos e desconsolados, cara á súa aldea de procedencia para continuaren alí coa súa normal vida anterior, ocórrelles algo semellante. Despois de teren experimentado Xesús resucitado, non o pensan dúas veces. En vez de se deitar e descansar tranquilamente da camiñada realizada, tal como llo acababan de aconsellar eles mesmos ó seu extraordinario e misterioso acompañante (pois sería xa de noite ou alomenos entre lusco e fusco), o que fan, tal como se nos di no texto de Lucas, é "levantarse axiña e volver a Xerusalén". Para que? Pois para comunicárllelo o máis cedo posíbel ós demais apóstolos e discípulos. As experiencias de Xesús non se poden gardar ou agachar no propio interior. Hai que comunicalas para que todos poidan participar tamén da felicidade que se deriva de novas tan incríbeis.

Tal como se continúa a dicir no texto de Lucas, "eles contaron, ós once apóstolos, o que lles pasara polo camiño e como o recoñeceran no partir o pan".

O que a ámbolos dous lles pasara polo camiño é o que eles mesmos comentaban: "Non ardía o noso corazón cando nos falaba polo camiño interpretándonos as Escrituras?".

O Xesús pascual, como ben nolo representa o cirio acendido liturxicamente na noite pascual, é coma un lume que se quere comunicar acendendo outros lumes. Nos discípulos de Emaús prendera ben polo camiño este lume. E eles, pola súa parte, o que axiña fan é comunicarlles este lume recibido ós seus compañeiros e coñecidos, para que así tamén eles teñan luz e calor. É dicir, para que tamén teñan eles orientación na vida, plenitude e felicidade no seu camiñar.

Na Congregación Xeral XXV dos xesuítas no ano 2008 dicíasenos que teriamos que ser "lumes que acenden outros lumes". Coido que isto é valido tamén para calquera cristián. Todos deberiamos recibir con agradecemento o lume que nos vén de Xesús, do Cristo crucificado e resucitado, e intentar que o lume recibido acenda outros lumes que pola súa parte continúen a multiplicar ese mesmo lume en cantos entren en contacto connosco.

Non podemos pasar por alto que foi precisamente nesa especie de pequena eucaristía familiar que Xesús celebrou na casa dos seus discípulos de Emaús onde o lume, o "ardor", que eles xa levaban no corazón cando camiñaban, se converteu de súpeto en luz que os iluminou e lles fixo coñecer a identidade dese inesperado acompañante que alí estaba sentado á mesa con eles. "Mentres estaban na mesa –dinos o texto de Lucas-, colleu o pan, bendiciuno, partiuno e déullelo. Entón abríronselles os ollos e recoñecérono".

Estas son case as mesmas palabras que din os sacerdotes no intre da consagración eucarística. Por iso ás eucaristías dos domingos non deberiamos vir movidos por calquera tipo de obriga legal, senón pola necesidade que temos todos de cargar as nosas pilas contactando co Señor que se debería facer presente de maneira

especial nestas nosas reunións eucarísticas comunitarias. Coas pilas así ben cargadas seremos capaces de nos converter en luz e calor para cantos conviven ou de calquera forma se relacionen connosco. E estaremos ó tempo en condicións de sermos testemuñas, coma o foron os apóstolos, desta gran nova, para toda a humanidade: Cristo Resucitado.

DOMINGO IV DE PASCUA

Aprender do pegureiro

As lecturas da Eucaristía teñen desta vez un ton marcadamente bucólico, aínda que ó tempo moi esixente. Oímos nelas falar de pastores e pegureiros, do bo pastor, do curral das ovellas, das ovellas extraviadas. Fálasenos de que Xesús é o bo pastor, de que coñece as súas ovellas e de que elas o coñecen a el. Nos tempos de Xesús era unha estampa habitual da súa terra e da súa cultura popular e.

Tamén nos meus tempos de rapaz as ovellas facían aínda acto de presenza na miña aldea natal do interior da provincia de Pontevedra, cando as botabamos pola mañá para pastar ou volvían á tardiña para a casa dos seu respectivos donos. E nisto das ovellas Galicia e Galilea, máis alá da semellanza dos nomes, teñen bastante que ver. Dentro de Galicia, especialmente a nosa provincia de Pontevedra. Por algo será que, se mirades nalgún buscador electrónico, dirásevos que onde máis apelidos “Ovelleiro” hai é xustamente na provincia de Pontevedra e con bastante diferenza respecto das outras provincias galegas. Os “ovelleiros” eran as persoas que tiñan ou gardaban ovellas ou as levaban a pastar. Hoxe, se non o apelido, este oficio está reducido á mínima expresión.

Pois ben, Xesús fálanos de que El é o bo pastor: “Eu son o bo pastor. Coñezo as miñas ovellas e elas coñécenme a min”. A comparanza non ten nada que ver con submisións ou calquera xénero de sometemento servil das ovellas ó seu pastor. Hai nesta relación, máis ben, unha corrente igualitaria de coñecemento, igualdade e confianza mutuas. Por iso o pastor coñece as súas ovellas e as ovellas coñéceno a El. Podemos dicir que o rabaño e o seu pastor forman un todo de mutua confianza, onde non resulta imaxinábel rabaño sen pastor nin pastor sen rabaño. Entre as ovellas e o seu pastor, entre nós e Xesús flúe así unha mesma vida, a vida que procede del e do noso común Pai Deus.

Onde isto non é así, non pode haber vida. Por iso fálanos Xesús de que El non só é o bo pastor, senón que incluso é a porta mesma pola que entran e saen do curral as ovellas. “Eu son o camiño”, proclamara xa Xesús. E, ó dicir isto, vén el indicarnos que nas nosas relacións tanto con Deus Pai coma cos demais non valen supostos atallos que estean á marxe de Xesús e do que el significa. Todo o evanxeo, a boa nova de Deus á humanidade, non fai senón anunciar ó mundo que non hai salvación fóra do amor, fóra do coñecemento e aprecio mutuos, fóra da estima e da defensa da vida. Eu son a Vida, proclamara Xesús.

Os que empregan outros sistemas ou outras estratexias para se faceren donos das ovellas, non entrando no curral pola porta (que é Xesús e todo o que isto significa), eses son (e deberían selo tamén para nós) “ladróns” e “bandidos”. Se as ovellas non escoitan nin seguen a tales pastores, tampouco deberiamos facelo nós.

Os cristiáns deberiamos ser, pois, persoas que nos esforcemos pola defensa da vida de todos. Coma o bo pastor que quere as súas ovellas e que as defenderá sempre contra calquera inimigo que intente roubalas ou matalas. Coma o pastor que non se aproveita das ovellas para o seu propio interese e que é capaz de correr calquera risco en beneficio delas. Que non é violento cos outros, aínda que o sexan con el. Na carta de

Pedro da segunda Lectura dinos Pedro, neste sentido, como debería ser un bo pastor: "Cristo –dinos el- deixounos un exemplo para que sigamos os seu pasos. El, que non fixo pecado, nin engano se atopou na súa boca, cando o aldraxaban non devolvía aldraxes; mentres sufría, non ameazaba, senón que se puña nas mans do que xulga con xustiza".

Manténdonos na comparanza utilizada por Xesús do rabaño e do pastor, Xesús opón ben claramente os que proceden mal ós que se comportan ben: os "matóns" opóñense ós defensores da vida. "O ladrón –dinos Xesús- non entra senón para roubar, matar e estragar. Eu vin para que teñan vida e para que a teñan abonda".

Para que teñan vida e abonda!! Estamos en tempo litúrxico de lembranza e conmemoración da Resurrección de Xesús. O Xesús resucitado é o que nos dá vida aquí e tamén alén da nosa morte temporal. É bo pastor nesta vida e tamén o será na outra.

Como cristiáns, como seguidores de Xesús, temos que especializarnos, pois, en sermos favorecedores da vida e radicalmente contrarios a toda mentalidade ou modo de obrar que dunha ou doutra forma conduza á morte ou ó asoballamento dos demais. Veñen ben aquí as palabras do papa Francisco na súa encíclica "A alegría do evanxeo", que tanto teñen que ver coa imaxe do "bo pastor". "A comunidade evanxelizadora –dinos Francisco- métese con obras e xestos na vida cotiá dos demais, achica distancias, abáixase ata a humillación se é necesario e asume a vida humana, tocando a carne sufrinte de Cristo no pobo. Os evanxelizadores teñen así 'olor a ovella' e estas escoitan a súa voz". Para Francisco "olor a ovella" vén ser o mesmo có que el chama tamén "olor a evanxeo". E neste sentido advírtenos aínda: "Prefiro unha Igrexa accidentada, ferida e manchada por saír á rúa ca unha Igrexa enferma por encerrarse en si mesma e pola comodidade de aferrarse ás propias seguridades".

Sermos, pois, "bos pastores" ou "boas pastoras". Este é o encargo de Xesús. E digo expresamente "pastora", porque hoxe (primeiro domingo de maio) celebramos o día da Nai e as virtudes do oficio e do bo comportamento pastoril acáenlle moi ben ás nosas nais, entregadas ós seu fillos e defensoras das súas vidas. En homenaxe a todas elas, remato xa léndovos unhas liñas do noso escritor Xosé Neira Vilas (do que eu fun bo e agradecido amigo hasta que hai pouco se nos foi). Levan como título "Lembranza" e son estas:

O mencer eras ti. Poñías claridade nas xanelas, música nos gonzos de cada porta, lume de billardo ou garabullos na lareira. O lene plo plo dos teus zocos era como un reloxo dicíndonos que o eixe terráqueo deu outra volta e roe sen acougo nas dentoiras da vida. Ti eras a man que botaba nos presebes o verde arrecendo do prado. Eras a forza do sangue bulindo nas arterias do fogar. Eras a campá que nos chamaba, a tenra voz resoando máis aca das arañeiras do sono para nos dicir que inda viviamos. Nai-raiola, Alborada nosa. Lembranza que renace cada mañá ó longo do tempo".

DOMINGO V DE PASCUA

Filipe, quen me ve a min ve o Pai

Xesús foi a tódolos niveis absolutamente desconcertante. Foino sempre desde que apareceu no mundo e serao no futuro para tódalas xeracións de humanos que veñan tras nós. E serao tamén na eternidade da vida que nos espera despois da morte.

En realidade, case o máis estraño é o feito mesmo de que nos estrañemos disto. En realidade, a razón do noso desconcerto coas manifestacións de Deus é porque

tendemos a facérmonos un Deus á nosa recortada medida. Mais resulta que Deus é sempre meirande cos nosos pensamentos sobre El. El é infinito non só no seu poder, no seu amor, na súa misericordia, etc., senón en si mesmo. O da súa infinitude é algo que só con moito esforzo intelectual podemos dalgún modo sospeitar ou albiscar, aínda que endexamais comprender de maneira total. Porque nós, no fin de contas, aínda que esteamos feitos á imaxe e semellanza de Deus, non somos nin podemos ser endexamais iguais a el. Deus non hai nin pode haber máis ca un.

Pois ben, o feito mesmo de que Deus, o Deus-Pai que nos descobre Xesús, puidese e quixese amosársenos como un máis de nós é algo realmente desconcertante. Poderiamos pensar que o propio de Deus sería mostrársenos por medios portentosos, inesperados, cósmicos, con sinais terroríficos ou absolutamente estraños. Mais isto sería, como digo, algo xa dalgún modo sospeitado ou maxinado por nós nas nosas cativas cabeciñas. Non. Deus preséntasenos, dásenos a coñecer dunha maneira aínda máis desconcertante, máis estraña. Coma un máis de nós.

Xesús, a manifestación definitiva e total do que é o seu Deus e o noso Deus, dánolo a coñecer nacendo coma un de nós, sendo rapaz e mozo como un de nós, tendo que traballar e relacionarse coa conflitiva sociedade do seu tempo como calquera persoa de hoxe co noso tempo.

Non está Deus, polo tanto, lonxe de nós? Pois, polo que se ve, semella que non. Xa o apóstolo Paulo lles dicía ós gregos (achegándose o máis posíbel ó seu modo de ver as cousas e ó que pensaban os filósofos gregos do seu tempo) que Deus non está lonxe de nós, que nel vivimos, nos movemos e estamos... Naturalmente, estamos nel con total liberdade de movementos pola nosa parte, porque o espazo, por así dicilo, de Deus non é cativo, non é limitado, senón infinito...

Tentando, pois, descubrir estas estrañezas de Deus das que estamos a falar, unha das cousas que desde sempre máis me chamaron a atención a min na lectura dos evanxeos é este curto diálogo de hoxe entre Xesús e os apóstolos Tomé e Filipe que aparece no evanxeo de Xoán.

Vexamos máis concretamente. Xesús fálalles ós seus discípulos do “camiño” que leva á casa do Pai, á casa onde se atopa a verdadeira vida e na que hai, como di Xesús, “moitas moradas”. O diálogo queda enmarcado por Xoán cara ó final da vida de Xesús. Na súa derradeira cea. A esas alturas Xesús, que preside esta cea, fai coma quen supón que os apóstolos están xa suficientemente ó tanto de cal é o camiño que conduce a Deus Pai. Xesús está precisamente percorrendo agora as últimas etapas deste camiño, ó final da súa vida. Pois ben, dilles el entón: “E a onde eu vou, ben sabedes vós o camiño”.

Mais Tomé, o mesmo que posteriormente esixiría ante os seus compañeiros probas contantes e soantes da resurrección de Xesús, replícalle a Xesús que el, Tomé, lonxe de saber deste camiño, non ten idea nin de a onde vai Xesús nin de cal é o camiño. Pola súa parte, Xesús volverá insistir naquilo do domingo anterior. Como lembraredes, Xesús dicía de si mesmo: “Eu son a porta; se alguén entra por min, salvarase”. Pois ben, despois disto engade Xesús agora de maneira, se se quere, máis clara e máis ampla: “Eu son o camiño, a verdade e a vida: ninguén chega onda o Pai máis ca por min”. É xustamente agora cando entra en liza Filipe cunha interpelación que lle fai a Xesús, na que lle vén dicir que iso do “camiño” e demais cara ó Pai é algo que lle resulta escuro e enmarañado. Que o máis práctico e sinxelo sería que, para dicilo dalgunha maneira, se deixase de lerias e lles amosase a eles, directamente e sen rodeos, o Pai: “Señor, -dille Filipe- móstranos o Pai e abóndanos”.

O que agora lle intenta facer comprender Xesús a Filipe é o que vos dicía que sempre me impresionou e me continúa a impresionar: “Pero, Filipe, levo tanto tempo convosco e aínda non me coñeces? Quen me viu a min, viu o Pai”.

Leva moitos séculos a humanidade -filósofos, teólogos, literatos, poetas, xente normal de a pé coma vós ou coma min- intentando saber quen é Deus ou como é el. E resulta que quen sabe do tema nos informa sobre iso de maneira moi sinxela, moi sorprendente. “Olládeme a min e saberedes cómo é Deus, quen é el”.

Ver Xesús é, pois, ver o Pai. E Xesús non deixa por iso de ser un máis entre nós, un coma nós, aínda que, naturalmente, moito máis “humano”, infinitamente máis humano, ca nós. Por iso precisamente é a verdadeira manifestación de Deus, “o Fillo de Deus”. Por ser infinitamente humano. Nós só somos humanos dun xeito moi limitado.

Polo tanto, como dicía Paulo, Deus non está lonxe. Está en Xesús, irmán maior noso, conxuntado e solidario con toda a humanidade de tódolos tempos, lugares e ideoloxías. Deus está en toda a creación, en toda persoa humana. Está alí onde ninguén pensa que podería estar: alí onde hai pobres, sufrintes, xentes ás que ninguén lles fai caso ningún. Ou, tal como nos di Pedro na súa carta, Deus préstalles atención a esas “pedras de refugallo” que parece que non serven para nada, mais que, como di o mesmo Pedro, referíndose a Xesús, se converteron en “esquinal”, en “pedra viva” do edificio feito por Deus.

É esta unha lección que non nos resulta doado aprender. Mais paga a pena intentar pensala, meditala e, sobre todo, practicala na nosa vida. Polo menos, intentemos coa forza e a graza do Espírito de Deus, sermos firmes nesta fe en Xesús como manifestación de Deus e presenza viva súa entre nós e para todos.

DOMINGO VI DE PASCUA

Inmersos na divindade unha e diferente

O tempo litúrxico de Pascua que estamos a celebrar nestes domingos, despois da festa do domingo de Resurrección, está próximo a rematar. No próximo domingo a Igrexa celebrará xa a Ascensión do Señor e, no domingo seguinte, a vinda do Espírito Santo, o día de Pentecoste.

Por iso neste domingo de hoxe atopamos xa ideas e pensamentos que teñen abondo que ver tanto coa Ascensión do Señor como co don e agasallo infinito que Xesús nos fai: o Espírito Santo.

En canto cristiáns, é dicir, en canto crentes na palabra e na revelación que Xesús nos fai a todos de como é Deus, a Trindade deste noso Deus ocupa un lugar esencial. Sobre este misterio infinito, que é Deus, Xesús dános a entender de diversas maneiras que está constituído (por así dicilo) por algo ó que a reflexión cristiá veu chamar despois as tres “persoas” divinas. O único Deus noso é a persoa do Pai, a persoa do Fillo e a persoa do Espírito Santo. Algo así como dunha familia moi unida se podería dicir que os membros que a compoñen, o pai, a nai e mailo fillo ou a filla, a pesar de seren diferentes entre si, forman nembargantes unha única realidade.

Non se trata de que os cristiáns queiramos complicar as cousas. O que pasa é que, en primeiro lugar, é Xesús mesmo quen veu comunicarnos e quere comunicarmos a grandeza infinita e incomprensíbel dese Deus Pai seu, que se converte, con Xesús, en Pai noso tamén. Se, segundo viamos no anterior domingo, Xesús podía dicir de si

mesmo que quen o ve a el, ve tamén ó seu Pai, é xustamente porque el, Xesús, forma desde sempre unha unidade co seu Pai, aínda sendo diferente del.

Pero, en segundo lugar, nas Lecturas de hoxe fálasenos ademais doutra "persoa", en unidade co Pai e co Fillo, neste misterio grandioso do noso Deus. Xesús dinos que ós que o amamos a El daranos "outro Paracleto", para que, tal como se nos di, "estea decote connosco: o Espírito da Verdade". O "Paracleto" é unha palabra grega que significa "auxiliador" ou "dador de consolo". Este "Espírito da Verdade" ou "dador de consolo" é o que chamamos, de maneira máis habitual, o "Espírito Santo".

O Espírito Santo convértese así para nós en presenza viva e actuante de Xesús en nós a través de tódolos tempos da historia humana. En nós e tamén nos que veñan despois de nós. É dicir, en cantos historicamente non fomos testemuñas directas da vida, morte e resurrección de Xesús. Deste Espírito diranos Xesús que estará "onda nós" e "en nós".

Un Xesús, que está por dicilo así de despedida, ó darnos e regalarnos o seu "Espírito Santo" déixanos neste don en certo modo a si mesmo. "Non vos deixarei orfos", dinos Xesús.

Sen dúbida é bo que a nosa fe cristiá nos dea receitas morais para tantas e tan diversas situacións e problemas cos que nos encontramos e encontraremos na vida. Mais coido que é case máis importante que nos acostumemos a ver este fondo grandioso e marabilloso da nosa fe e que Xesús nos comunica.

Acostumarnos, pois, a darmos grazas a Deus (non o esquezamos: a "Eucaristía" significa "acción de grazas"), a darmos grazas a Deus, digo, pola súa grandeza, polo seu misterio. Un misterio de amor que El nos quixo comunicar, manifestando así a estima que El ten de nós. Os segredos só se comunican a aqueles cos que se ten confianza. E Deus comunicounos a nós quen é El, como é El e como nos quere.

Deus quere facer do mundo, de toda a humanidade, de toda a creación, unha realidade unida, pero con persoas que son e seguen a manterse diferentes entre si. Unha realidade unitaria o máis semellante posíbel a esa unidade entre o Pai, o Fillo e o Espírito Santo, da que nos fala o Evanxeo de hoxe.

Pero hai algo máis aínda. Esta unidade da humanidade, que respecta e quere a diversidade e diferenza no interior de si mesma, está chamada a realizarse plenamente no interior de Deus mesmo, por moi incríbel que isto poida parecer.

Lembremos unha vez máis aquilo do apóstolo Paulo de que "en Deus vivimos, nos movemos e existimos". Mais é Xesús mesmo quen nolo di e nolo promete tamén no evanxeo de hoxe cando lles anuncia ós seus discípulos: "Naquel día coñeceredes que eu estou en meu Pai, e vós en min, e eu en vós".

É dicir, o plan de Deus é que todos esteamos e vivamos en Xesús, e El no Pai. Unidos, pois, a Deus, sendo ó mesmo tempo nós mesmos.

Deámoslle grazas, unha vez máis, a Deus polas seus grandiosos e inimaxinábeis plans sobre nós.

É todo isto o que teriamos que ir interiorizando e asumindo con alegría nas nosas vidas. Deste xeito poderemos ser luz e calor para toda persoa que se atope connosco e queira coñecer o segredo das nosas vidas.

E así daremos cumprimento tamén ó que nos pide o apóstolo Pedro na súa carta de hoxe: “estade sempre dispostos –dinos Pedro- a responder a todo aquel que vos pida razón da esperanza que levades dentro”.

Porque o que máis precisamos todos é ser capaces de “esperar”. Porque sen esperanza non se pode vivir. E a vida é o que todos en definitiva máis desexamos. Pois ben, Xesús prométenos a vida. Porque el mesmo non é senón Vida: “Eu son o camiño, a Verdade e a VIDA”. Ou como nos di hoxe Xesús no Evanxeo: “Eu vivo e tamén vós habedes vivir”.

Por iso esperamos e por iso somos capaces de esperar.

Como é a fe a que alimenta a nosa esperanza, proclamemos agora todos xuntos e agradecidos a nosa fe neste Deus, Pai, Fillo e Espírito, recitando o Credo.

ASCENSIÓN DO SEÑOR

Altos destinos nosos

Esta festa luminosa da Ascensión abrangue e agacha en si mensaxes e ideas grandes e sublimes, que non podemos menosprezar. Porque nela, neste Cristo do que se nos di que “ascende” ó ceo, veñen xuntarse dalgunha maneira o ceo e maila terra. Non estamos a falar, claro, do ceo ou da terra nun senso físico ou cósmico. Ben o entendedes. Ceo ou terra son, en definitiva, símbolos de dúas realidades diferentes. Coa terra asociamos o limitado, o pasaxeiro, o imperfecto. Pola contra, co ceo o que non remata, o totalmente bo, o infinito. A iso nos referimos, pois, e non a ámbitos concretos máis ou menos distantes un do outro.

Non se trata, con todo, de dúas realidades, o ceo e maila terra, totalmente diferentes ou opostas. En Deus Pai atópase a síntese e a razón de ser de ámbalas dúas. Pois el, “o Pai omnipotente”, tal como o confesamos no Credo, é o “Creador do ceo e máis da terra”. E no seu Fillo Xesús, a terra e a humanidade toda está e estará sempre presente por toda unha eternidade. Porque el, Xesús, é e será sempre un de nós, por moi Fillo único de Deus que sexa.

Cristo “ascende”, pois, cara a unha nova e definitiva situación. E vainos amosando así cal é tamén o noso “camiño”. Xa nos dixera El que non só é a Verdade e a Vida, senón tamén o “Camiño”. Un camiño, polo tanto, que todos estamos chamados a percorrer. Nunha peregrinaxe na que non nos fallarán as forzas do seu Espírito, do Espírito Santo que Xesús mesmo nos dá.

Trátase dunha peregrinaxe, dunha “ascensión”, a de cada un de nós, que non a facemos en solitario. Ben sabemos que este tipo de actividades se fan mellor cando un vai con outros que o acompañan, que lle dan azos ou que lle fornecen axuda cando a precisamos. Por outro lado, non só camiñamos con outros coma nós, senón que o propio Xesús camiña connosco. E non de calquera maneira. El vai sempre diante, facendo o meirande esforzo, algo así (permitídeme a comparanza) como o ciclista que fai de “cabeza”, que vai tirando do pelotón. En realidade, Paulo, non só na carta de hoxe senón tamén noutros escritos seus, non deixa de utilizar imaxes semellantes ou outros símiles deportivos da época. Segundo Paulo, na súa carta de hoxe ós Efesios, nós os cristiáns formamos con Cristo un só corpo, sendo El a “cabeza” deste corpo. Deus Pai, escribe Paulo, é quen someteu todo a Xesús e quen “o puxo por riba de todo como cabeza da Igrexa, que é o seu corpo”. Nós somos, polo tanto, membros deste corpo misterioso, que ten ó propio Xesús como “cabeza” dirixente e coidadora de tódolos membros do seu

corpo. Formamos, pois, unha unidade, un “equipo” (valla de novo a comparanza), tendo como “xefe de filas”, como “cabeza” a Xesús.

Mais de aquí para adiante a comparanza co ciclismo xa non nos vale. Porque o noso ascenso non é contra ninguén nin para ganarlle a partida co noso esforzo a outros contrincantes. Todos, toda a humanidade, sexan da ideoloxía ou crenza que sexan, están, estamos, chamados e convidados a este esforzo común cara a unha meta fermosa e que ninguén no fondo pode deixar de apetecer.

Pois, quen non quere vivir? Quen non busca a verdade? Quen non quere dar co camiño que leva á felicidade? Pois ben, quen queira que teña este tipo de apetencias ou desexos pode estar seguro de que Xesús está con el e de que el está con Xesús. Non podemos converter Xesús en alguén que está reservado só para certas persoas, que fagan certas cousas, realicen certos ritos ou cumpran con determinados preceptos concretos. Xesús está aí para todos, para toda a humanidade. Pois El non é nin máis nin menos que a imaxe do Pai Deus, é dicir, de quen o fixo todo e nos fixo tamén a todos e a cada un de nós tal e como somos. Tan diferentes e ó tempo tamén, no fondo, tan semellantes.

Por iso Paulo, na súa carta de hoxe, ó falarnos de que a Igrexa é o corpo de Cristo e sabendo que Cristo é a imaxe viva do Pai de todos, non deixa de dicir sobre a Igrexa (e non só sobre Cristo) que a Igrexa é “a plenitude daquel que o enche todo en tódalas cousas”. Precisamente por esta razón a Igrexa non pode menos de se entender a si mesma como “católica”, é dicir, como “universal”.

Isto pode ser relacionado tamén co mandado que, a teor do evanxeo, lles fai Xesús ós seus apóstolos: “Ide e facede discípulos meus a tódolos pobos, bautizándoos no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo”. Por moitas veces que teñamos escoitado esta fórmula ritual do bautismo, non deberiamos deixar de considerar que con ela o que é bautizado vén mergullarse simbolicamente nese mar infinito que é o Deus un e “trino”. Tamén en Deus hai, pois, lugar para a “diferenza”. El non é só “unidade”. E se hai “diferenza” no seo mesmo de Deus, ha de habela tamén no interior da Igrexa e no mundo.

Coa Ascensión de Xesús, que é por dicilo así o cumio da súa Resurrección, estamos todos chamados a agradecer, unha vez máis, a grandeza de Deus Pai e dos seus proxectos sobre nós. Neste senso, fálanos hoxe Paulo de que teriamos que abrir os nosos ollos para intentar comprender “o vigor da potencia e da forza” de Deus Pai en relación connosco.

Como se nos amosa este “vigor”? Paulo explícanolo dicindo que Deus Pai exerceu o seu vigor e a súa forza “resucitando a Cristo de entre os mortos e sentándoo á súa dereita nos ceos, por riba de todo principado e potestade, de toda virtude e dominación, e por riba de todo título de honra recoñecido neste mundo e tamén no vindeiro”.

E, unha vez dito isto, cómpre engadir aínda. Este Xesús ascendido e enxalzado sobre ceos e terra segue a ser un de nós, asegurándonos, tal como se nos di no evanxeo de Mateo, que el “estará sempre connosco ata a fin do mundo”. A nosa esperanza está, pois, ben fundada.

SANTÍSIMA TRINDADE

Sagrada diferenza

Teriamos que converter esta festividade non en algo abstracto ou frío, teórico, especulativo, senón en algo fondamente íntimo, vivo e sobre todo moi transcendental para a nosa propia comprensión humana. Desde que nos iniciaron na fe cristiá sabemos, si, de Deus como un e trino. Sabemos que é un en esencia e trino en persoas. Así nolo

dixeron e así o temos aprendido. E, máis alá diso, semella que o tema non dá moito máis de si para non poucos dos crentes.

Pero si ten importancia e moita. O feito mesmo de que haxa unha festa especial dedicada á concienciármonos da Santísima Trindade parece amosar cando menos o interese da Igrexa en que convertamos a fe na Trindade de Deus en algo vivo e operativo.

En calquera caso, temos que partir de que Deus, o Deus infinito ou, mellor, superinfinito, é absolutamente incomprensíbel para nós. E ségueo a ser aínda que El se teña revelado ou manifestado a nós como Pai, Fillo e Espírito Santo. Esta unidade e diferenza en Deus segue a ser un misterio, por moi grande, fermosa, consoladora, que sexa esta revelación. Por iso falan con razón os teólogos do "misterio", do gran misterio, da Santísima Trindade.

Pois ben, aínda que Deus sexa sempre en si mesmo misterioso, o certo é que algo grande se nos revela ou se nos indica neste misterio.

A liturxia da festividade apunta ó que quero dicir. Deus non é alguén que vive pechado na súa soidade, clausurado nunha fría e absoluta unidade interna.

Na primeira Lectura, do libro do Éxodo, revélase Deus, é dicir, manifféstase, a Moisés como "rico en amor". Pois ben, como podería falarse de Deus como amor, "rico en amor", se na súa "unidade" divina non houbese lugar ningún para unha interna diferenza de "persoas" que se amasen intimamente e de maneira absolutamente infinita? Se Deus fose iso, non tería en si mesmo a quen querer ou amar. Deus non sería en si mesmo senón egoísmo absoluto e infinito.

Como podería Paulo, en tal caso, ter animado os de Corinto a que vivisen entre eles en "paz" e "acordo" (como se nos di) se no seo mesmo de Deus, no seu interior, non houbese lugar para iso? Se Deus non fose máis ca unha soa persoa, con quen, igual a si mesmo, podería semellante Deus exercer amor ou facer paz? Mais Paulo sabe, como el mesmo di aquí, que Deus é "o Deus do amor e da paz". O Deus de Paulo é o único Deus Pai, Deus Fillo e Deus Espírito Santo, divinas persoas que se queren tanto, tan infinitamente, que por iso mesmo sendo "diferentes" forman entre eles unha fonda, unha inconcibíbel e infinitamente rica unidade.

Para máis abundancia, no Evanxeo, na gran boa nova comunicada por Deus Pai ó mundo, cóntanos Xoán a conversa que, sendo xa de noite, tivo Xesús con Nicodemo. A este importante fariseo preocupáballe e chamáballe moito a atención a persoa de Xesús e quería falar directamente con el sobre Deus e sobre a propia salvación.

Pois ben, Xesús ábreselle plenamente ó seu interlocutor e dille a Nicodemo: "De tal xeito amou Deus o mundo, que lle deu o seu Fillo Unixénito". É dicir, Xesús revélalle a Nicodemo, e revélanos tamén a nós, que o Pai non vive só, senón que ten un Fillo, que o mesmo que agora está a falar co preocupado e temeroso Nicodemo. Un Fillo que, que por ser o unixénito de Deus Pai, está en perfecta unión de amor co Pai e participa plenamente da divindade do Pai. E este mesmo Fillo unixénito, xunto co seu Pai, mándanos aínda a nós, tal como festexabamos no domingo anterior, o Espírito Santo, como presenza viva e amorosa do Pai e do Fillo a tódalas xeracións humanas mentres o mundo sexa mundo.

Deus é polo tanto unha misteriosa e incomprensíbel comunidade de amor. Un Deus, tal como adoitamos dicir, trino e un. No que hai unidade e tamén diferenza. Diferenza para poder amar a alguén que non se identifique sen máis con un mesmo, para

que o amor de Deus, no interior de si mesmo, non quede reducido así a un simple e inevitábel egoísmo. E tamén unidade, porque o mutuo amor é tan grande que, aínda sendo diferentes, é ou son ó tempo unha única realidade, un só Deus. Algo semellante ó que ocorre nunha familia na que todos se queren tanto que forman unha unidade, sendo a pesar de todo cada un diferente dos demais.

Pero isto que é Deus en si mesmo éo tamén en relación connosco. Esta Trindade divina de amor, que caracteriza o interior de Deus, estase a realizar tamén entre nós, neste mundo, ata chegar á súa plenitude máis alá deste mundo. Por iso é moi importante o que lle di Xesús a Nicodemo, despois de lle falar do grande amor que o Pai lle ten ó mundo. Pois Xesús engade aínda, na súa conversa con Nicodemo, o seguinte: "Non mandou Deus o Fillo ó mundo para que xulgue o mundo, senón para que por el se salve o mundo".

Bastantes de nós fomos probabelmente iniciados na nosa fe cristiá cun certo exceso de temor, de prevencións ou de medos máis ou menos declarados. Seguramente tamén Nicodemo, como bo fariseo, tiña unha formación relixiosa abondo rigorista, que o incitaba a cumprir cunha multitude de preceptos e normas rituais, típicas do xudaísmo.

Mais resulta que Xesús lle di agora a Nicodemo que Deus non actúa no mundo en Xesús coma un xuíz, senón coma un salvador. Isto consolaría moito seguramente a Nicodemo e o liberaría de moitas angustias.

Por que Xesús non actúa coma un xuíz? Pois simplemente porque Deus non é en si mesmo senón unha Trindade de amor. O Pai non xulga o Fillo nin o Espírito Santo. Ningún dos tres xulga a calquera dos outros dous. Os tres quérense simplemente. Ámanse. Nada máis e nada menos.

Que bela e grandiosa sería a humanidade, se esa Trindade de amor se instalase cada vez máis no mundo! Se houbese moitos fomentadores de paz e de amor, entón non precisariamos de tantos xuíces como aínda hai no mundo.

SANTÍSIMO CORPO E SANGUE DE CRISTO

Oferta de vida

No domingo pasado celebrabamos a festa da Santísima Trindade. E tomabamos conciencia do seu significado como revelación de Deus a nós do que El mesmo é: un Deus que, desde sempre, é un Deus que na súa unidade é en si mesmo diferente. Diciamos tamén que ese Deus quere comunicarse a todos e facer de nós, en comuñón con el, algo semellante ó que El mesmo é. É dicir, sermos todos con Deus, e en Deus, unha soa e incomparábel familia. Unha familia, na que esteamos todos unidos entre nós e con Deus polo amor, manténdonos porén todos e cada un de nós autónomos e libres, é dicir, diferentes.

Ó celebrarmos agora a festa do Corpo e do Sangue de Cristo, non podemos esquecer este contexto xeral grandioso do que é Deus en si mesmo e desta marabillosa relación súa connosco. Deus quere unirse connosco e así darnos verdadeira vida propia.

Como sabemos, a meirande expresión e sinal da relación de Deus connosco é o feito de que El se fixo un de nós en Xesús, o seu Fillo encarnado, cun corpo igual ó noso. Con este Xesús visíbel, audíbel e tanxíbel estiveron en contacto directo os seus apóstolos e discípulos, tamén despois da súa Resurrección. Por iso son eles para nós as verdadeiras testemuñas de Xesús.

Con todo, os que vivimos e existimos despois deles, temos tamén a posibilidade de relacionármonos dunha maneira especial con Xesús e, a través del e nel, co Pai e co Espírito Santo. Esta é a fonda mensaxe da festa de hoxe, a do Corpo e Sangue de Cristo.

Porque na Eucaristía entramos en contacto especialísimo con Deus. E isto ocorre de dúas maneiras fundamentais. A primeira é cando lemos ou escoitamos comunitariamente a palabra de Deus. Ben sabemos o ben que nos fai a todos cando alguén nos dirixe a palabra. E tamén como nos doe cando alguén coñecido pasa ó noso lado sen dicirnos ren. Medramos e fortalecémonos internamente coa palabra e cos agarimos dos demais, mais achicámonos ou esmorecemos tamén cando os demais nos desprezan ou simplemente non falan connosco. Deus, polo contrario, coa súa palabra amorosa, fálanos a todos de xeitos moi diversos. A través da nosa propia conciencia, dos bos exemplos dos demais, a través da súa palabra que se nos fai presente nos Evanxeos.

Neste senso, a palabra de Deus é para nós verdadeira comida. Porque nos dá azos, porque nos ofrece un sentido para a vida, porque nos fai así vivir realmente. E xa sabemos que para vivir, para querer vivir, non é abondo coa comida material, por importante e imprescindíbel que esta sexa. A primeira Lectura lémbranos xustamente isto cando nos di, por boca de Moisés, que "o home non ha de vivir só de pan, senón de toda palabra que sae da boca do Señor".

A segunda maneira de entrarmos en contacto con Deus nos nosos encontros comunitarios é a comuñón. Recibir o Cristo vivo nas nosas eucaristías. Cando facemos isto, somos conscientes de que non realizamos un rito baleiro. Pola palabra de Deus na que cremos, sabemos que na comuñón do "corpo de Cristo" recibimos un incríbel impulso vital e reconfortante.

Chámame moito a atención a repetida presenza da expresión "vida" no texto do evanxeo de Xoán desta festividade cando nel se nos describe Xesús falando do poder vivificador do comer o seu corpo ou do beber o seu sangue. Aínda que, en realidade, non podía ser doutro xeito desde que sabemos que Xesús se definiu a si mesmo como "Vida" ó dicir: "Eu son o camiño, a verdade e A VIDA". Por iso, se Xesús se entendeu a si mesmo como "Vida", non pode el ser nin actuar senón como tal cando os que participan na eucaristía se achegan a el para recibilo sacramentalmente na comuñón. El exprésase efectivamente ben claramente no texto indicado de Xoán deste modo: "Eu son o pan VIVO". "Se alguén come deste pan, VIVIRÁ para sempre". "O pan que eu darei é... para a VIDA do mundo". "Quen come a miña carne e bebe o meu sangue, TEN VIDA ETERNA E EU RESUCITAREINO no derradeiro día". "Quen come este pan VIVIRÁ para sempre". E no caso de non procedemos así, dirásenos que "non teremos VIDA en nós mesmos"...

Neste contexto podemos preguntarmos: É que hai alguén que non queira vivir? Vivir, ademais, de maneira plena, "ó tope", tal como adoitamos dicir. Deus fixonos precisamente con moitas, con infinitas ganas de vivir, xustamente porque el, que é infinito, quere comunicarse plenamente a nós. E como El é VIDA eterna e infinita, por iso tivo que facernos a nós con desexos infinitos de vivirmos sempre. Do contrario, non sería viábel que el se puidese comunicar connosco.

Por iso, a festa do Corpo e Sangue de Cristo ten que ser para nós unha nova e especial ocasión de agradecermos a Deus pola súa xenerosidade infinita. Un Deus que se deixa comer por nós para así podermos participar da súa forza e da súa vida.

Os dietistas especialistas e os medios de comunicación instrúennos moito hoxe en día sobre os alimentos que temos que comer ou deixar de comer para mantérmonos en forma e para alongar o máis posíbel a nosa vida ou, como se di, a nosa calidade de

vida. Todo iso está moi ben, aínda que sabemos que por moito caso que lles fagamos a esas recomendacións, o problema principal, o de vivirmos sempre, non nolo resolven.

Pola nosa parte, en canto cristiáns, temos que saber proclamar e ofrecer tamén, para dicilo dalgunha maneira, a nosa propia mercancía e a nosa propia dietética. Que consisten, en definitiva, en anunciarmos e vivirmos ó tempo en nós mesmos a Cristo como "Vida", como dador de vida, dunha vida que non ten data de caducidade, porque é infinita e eterna.

Unha forte crenza na vida, por outra parte, que se ha de amosar no noso interese polos vida de todos, de maneira especial daqueles cos que convivimos e que máis precisan da nosa axuda. Por iso esta festa eucarística ha ser sempre unha festa non só íntima ou devota, senón tamén e sobre todo social, aberta de par en par. Para que así como Deus nos ofrece e nos dá a súa vida a cada un de nós, así tamén deamos nós algo da nosa, daquilo que somos ou temos, ós demais. Por iso esta festa de hoxe está unida tamén tradicionalmente ó día da Caridade. Queiramos os demais como Deus nos quere a nós.

BAUTISMO DO SEÑOR

Auga e pomba que nos cambian

Polo menos os máis maiores de nós recibimos o bautismo cando eramos moi pequenos. Os nosos pais ou padriños leváronnos no colo á fonte bautismal e as augas do sacramento recibido, sen sermos conscientes do que alí pasaba, transformáronnos oficialmente en cristiáns e uníronnos ó corpo místico de Cristo, á súa Igrexa. Isto é, máis ou menos, o que limos ou temos escoitado sobre o que nos ocorreu entón. En calquera caso, trátase dun rito. Mais o importante é o que se agacha no rito. Se, andando o tempo, non asumimos persoalmente o que o rito significaba, de pouco nos valeu o rito. Porque o bautismo debería ser en realidade unha fonda transformación, un mergullarse nas augas purificadoras de Deus, para deixármonos levar pola súa claridade, o seu frescor, o seu poder vivificador.

En calquera caso, a Xesús non o bautizaron sendo neno. Ou se queredes, si, recibiu un modo especial de bautismo sendo un neno. Ese bautismo –poderiamos dicir- foi o de nacer pobre e entre pobres, aínda que moi rico nun grande amor: o que seus pais, Xosé e María, lle deron. A natureza, as persoas marxinadas, plantas e animais convertéronse na súa primeira auga bautismal, purificadora e vivificadora. Desde entón, sentiuse Xesús para sempre identificado cos pobres e necesitados. O seu Pai Deus aprendeulle así, desde o máis fondo, que eles eran tamén e de maneira especial irmáns del, de Xesús, e polo tanto irmáns tamén nosos.

Este que poderiamos chamar, como digo, primeiro bautismo de Xesús recibiu moito máis tarde a súa forma ritual ó ser bautizado polo Bautista, palabra que quere dicir o que somerxe, o "mergullador". Pois o bautismo era daquela practicado por "inmersión" na auga. Claro que o humilde Bautista non quería realizar ese rito con Xesús, porque –como ben pensaba- era máis ben o propio Xoán Bautista quen se debería deixar bautizar por el.

Como vedes, o bautismo do Señor foi moi distinto do noso infantil bautismo. Se nós eramos entón infantes inconscientes, Xesús era xa un mozo adulto, que se estaba a abrir paso na vida. No seu caso foi, pois, un acto moi consciente e persoal. Xesús sentiríase atraído, como tamén outros compañeiros ou coñecidos seus, pola figura, o comportamento e as palabras do Bautista que chamaba á conversión e a preocuparse por facer o ben desde o seu propio e persoal testemuño de vida. Moito do atractivo do

Bautista consistía en que aquilo que predicaba ou proclamaba o estaba a levar á práctica na súa propia vida. Pois el era unha persoa consecuente coa experiencia que sentía de Deus no seu interior, por limitada que fose esa experiencia súa, a de Xoán Bautista, se a comparamos coa de Xesús.

Pola súa parte, Xesús percibía en si mesmo unha moi fonda e misteriosa experiencia de sentirse querido por Deus, por un Deus que se lle manifestaba a el como o seu paiciño querido. Xesús falaba con absoluta confianza co seu Pai Deus, que o quería a el, a Xesús, infinitamente. Mateo dinos que, tras ser bautizado, "se oíu desde o ceo unha voz que dicía: Este é o meu fillo benquerido, o predilecto".

Non deixa de ser curioso e sorprendente. Xesús déixase bautizar por Xoán. Mais o que se produce en Xesús tras este bautismo é algo moi diferente do que ocorría co bautismo de Xoán. Os entendidos dinnos que Xoán Bautista centraba toda a súa predicación e a súa práctica relixiosa no pecado, convidando e intimando os pecadores á conversión, pero, a diferenza de Xesús, Xoán non tiña xestos de compaixón, de misericordia ou de bondade coa xente. Xoán Bautista non se preocupaba dos enfermos, dos nenos, dos leprosos, dos marxinados ou marxinadas. Habitaba no deserto. Xesús, en cambio, percorrerá toda Galilea, achegándose ós lugares onde estaba a xente, curando, consolando, facendo ben a todos.

Aparentemente, Xesús era un máis dos que se achegaban ó Bautista para se deixar interpelar por el. Neste sentido, podemos dicir que Xesús estaba tan unido ó seu Pai Deus coma ó seu pobo, á súa relixión, á súa cultura, á súa lingua, ós seus costumes. Mais no interior de Xesús ardía tamén un lume divino e espiritual que el quería que servise para dar luz e calor a todos. Era o lume interior que procedía de se sentir Fillo "benquerido" de Deus e irmán de tódalas persoas do mundo enteiro. Era a luz e a calor que el quería esparexer entre todos. A luz e a calor de sermos e sentírmonos todos fillos de Deus e irmáns uns dos outros.

Esta unión e intimidade de Xesús con Deus-Pai e con toda a humanidade foi a que fixo que o seu achegamento ó Bautista non fose máis có comezo da súa propia misión "evanxelizadora", é dicir, anunciadora de boas ou alegres noticias. Aquilo que o papa Francisco concentrou na súa primeira encíclica, que leva como título "A alegría do Evanxeo". Xesús cumpre, pois, ó ser bautizado polo Bautista, cun rito relixioso, pero non para ficar fixado nel, petrificado coma quen di, inmóbil e satisfeito co rito cumprido. Non. Xesús, a través deste acto penitencial vaise converter nunha persoa definitivamente libre para se deixar levar, polo Espírito e polo Pai, onde queiran levalo durante o resto da súa complicada vida.

En certo modo, no bautismo de Xesús ten o Bautista unha función moi secundaria. O protagonista da interna transformación operada en Xesús é Deus mesmo, o Deus Pai de Xesús e o seu Espírito, que se pousa sobre a cabeza de Xesús, como nos di Mateo, coma unha pomba. Por iso, Xesús non se converte, como era o seu bautizador Xoán, nun ardente fustrigador do pecado, senón, polo contrario, nun anunciador da alegría do evanxeo. Todo isto grazas a que nel, en Xesús, habitan felices e contentos o Deus Pai, que o "quere ben", e o Deus Espírito amoroso.

Mais é aquí onde cómpre engadir e lembrar algo moi importante. Tamén nós, os que fomos bautizados de nenos, fomos de feito bautizados, tal e como se di na ritual fórmula do bautismo, "no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo". Agora ben, alí onde están o Pai, o Fillo e o Espírito alí está o Deus Pai de todos, que nos converte por medio do seu Espírito en fillos seus e irmáns de Xesús e de tódolos seres humanos.

A festividade do Bautismo de Xesús é así un convite formal a todos nós a lembrarmos e a profundarmos no acontecemento do noso propio bautismo.

DOMINGO II ORDINARIO

Mergullados no espírito das augas

Seguen a resoar no evanxeo de hoxe temas e experiencias de lecturas de días anteriores, do tempo de Nadal.

Así, despois da Segunda Lectura, dise ou cántase: "Aleluia, aleluia. A Palabra fíxose carne e habitou entre nós; a cantos a recibiron deulles o poder de seren fillos de Deus. Aleluia". De novo a gran nova de que se "recibimos" a Palabra de Deus "feita carne", somos por esa recepción, por esa fe na Encarnación de Deus, nada máis e nada menos que "fillos de Deus". Con todo o que iso leva consigo: dignidade "divina" de cada un de nós e de tódalas persoas e mais destino de tódolos seres humanos a un vivir, máis alá da nosa morte individual, en familiaridade eterna con Deus e con toda a humanidade glorificada. Conforme a esa nosa dignidade recibida de sermos "fillos de Deus" e pertencentes polo tanto á familia de Deus como inmerecido don de Deus mesmo.

Volve tamén Xoán Bautista a estar connosco no Evanxeo, dando testemuño dese Xesús misterioso que, en compaña de pecadores e xentes sinxelas e abertas á misericordia e ó perdón, se achegan a seren bautizadas por Xoán. O testemuño de Xoán acerca de Xesús segue a ser importante para nós e para o noso tempo. Xoán, con ser el grande ("o meirande dos nados de muller", tal como dicía del o mesmo Xesús), dá testemuño da superior grandeza de Xesús cando Xoán nos di sobre o fillo de Xosé e de María: "Detrás miña vén un home que pasa diante miña, pois existía primeiro ca min".

A grandeza do "home" Xesús é para Xoán moito maior do que se podería pensar, pois o propio Xesús preséntase no Xordán coma un pecador máis que vén para ser bautizado e congraciado con Deus por medio do Bautista. Por iso Xoán proclama de maneira solemne: "Eu vino e dou testemuño de que este é o Fillo de Deus". Non *un* fillo máis de Deus, como podemos ser e somos de feito todos nós en canto fillos tamén de Deus pola súa graza. Non. Xesús é proclamado por Xoán como "*o* Fillo", o Fillo único do Pai Deus, igual có Pai en eternidade, en poder ou en bondade.

Mais Xoán experimenta, ve e proclama tamén o "home" Xesús como asociado non só co Pai (en canto "Fillo" del), senón tamén co "Espírito", co "Espírito Santo", esa segunda persoa da Santísima Trindade coa que sería ben bo que falásemos de xeito familiar e frecuente nas nosas oracións. Pois o Espírito Santo –se é que podemos expresarnos deste modo- vén ser algo así como o corazón mesmo dese noso Deus trinitario, que é Pai, Fillo e Espírito.

Xoán dános claro testemuño desta asociación, desta unión de Xesús non só co Pai, senón tamén co Espírito Santo: "Eu vin o Espírito –dinos o Bautista- baixar do ceo como unha pomba e pousar enriba del".

Dáse aquí tamén outra asociación máis e moi importante para nós, aínda que poida quedar un pouco agachada no relato do evanxeo. Na escena que aparece directamente ante nós, o Pai, o Fillo e o Espírito amósanse conxuntamente, en unión, en comuñón. Mais cómpre non esquecer que Xesús está en compaña doutros, as demais persoas que escoitan a Xoán e desexan ser bautizados por el. Xesús aparece como "un de tantos". Tal como o proclamaba Paulo, na carta ós Filipenses, cando lles dicía ós

destinatarios da súa carta que “Xesús se despoxou do seu rango e tomou a condición de escravo, pasando por un de tantos”. Resulta, pois, deste xeito que a Santísima Trindade en pleno, o Deus trino e un, o Deus Pai, Fillo e Espírito, está unido a todos nós, a toda a humanidade, grazas á humanidade de Xesús.

E podemos aínda engadir algo máis. Resulta tamén que o Deus único, que é Pai, Fillo e Espírito, aparece aquí unido, asociado, con toda a creación, simbolizada e presente nas augas do Xordán, onde se mergulla Xesús polo bautismo de inmersión que practicaba Xoán.

Este Xoán, o Bautista, ten aínda unha indicación máis, e preciosa, sobre quen é Xesús. De si mesmo dicía o Bautista que el bautizaba “con auga”, mergullando os que se achegaban a el na auga do Xordán. “Eu bautizo con auga”, dinos Xoán. Pero dirá, en cambio, sobre Xesús: “El é o que bautiza con Espírito Santo”.

O que quere dicir: Xesús é quen nos “mergulla” no “Espírito Santo”, é dicir, no Deus como bondade, tenrura e forza que o pode todo e que está máis alá de calquera rito formal concreto. De modo que estamos así, grazas a Xesús, verdadeiramente “mergullados” en Deus, que é a nosa casa, a nosa felicidade, o noso poder. Ceibes polo tanto de calquera medo, anguria ou poder que nos poida ameazar.

Unha vez máis, teremos que agradecer na nosa Eucaristía (que significa “acción de grazas”) ó noso Deus a súa grandeza e a súa bondade: El está sempre connosco, en Xesús, El é o “Emmanuel”, o “Deus connosco”.

Vivamos, pois, e axudémonos uns a outros a vivir conforme a esta realidade misteriosa na que cremos: a de sermos fillos dun mesmo Pai, irmáns entre todos e en íntima unión co Espírito Santo, no que todos por graza de Deus estamos mergullados.

Para rematar. Non podemos deixar de facer alusión á “Xornada Mundial das Migracións”, da que hoxe fai lembranza a Igrexa en todo o mundo. As migracións, os inmigrantes ou emigrantes dun país a outro, dunha cultura ou lingua a outras diferentes son feitos que están aí diante de nós. A situación política e social de Galicia desde o comezo da época moderna fixo da nosa terra durante séculos un país de emigrantes. Incluso agora, dada a persistente e difícil situación económica, volve de novo entre nós a emigración. Como cristiáns temos que estar atentos a estas situacións. Ós que veñen onda nos e e ós que teñen que irse. Debemos acompañalos coa clara conciencia de que son irmáns nosos debido á nosa común irmandade con Xesús, Fillo de Deus. Todos eles teñen unha dignidade que nós non lles podemos arrebatar en modo algún. Temos que facer que os seus dereitos humanos, culturais, sociais ou económicos sexan respectados, porque a súa dignidade vén de Deus, non de nós. E se Deus quere e respecta esa dignidade súa, non podemos nós comportarnos doutra maneira. Ben atentos así a aquilo que se nos conta nos Feitos dos Apóstolos sobre a sorpresa do apóstolo Pedro ó se decatar de que, tal como alí se nos di, “Deus non fai distinción de persoas, senón que acepta a quen lle é fiel e practica a xustiza, sexa da nación que sexa”.

DOMINGO III ORDINARIO

Luz que racha as tebras

As lecturas deste domingo fálannos sobre todo de Xesús Cristo como “luz” e como “centro” do seu reino, é dicir, dos que nos chamamos cristiáns e de tódalas persoas de boa vontade; en definitiva, de cantos no seu interior intentan ser fieis á súa conciencia. Xesús mesmo proclamárao xa nalgún momento, tal como se nos conta no

Evanxeo de Xoán (8, 12) ó dicir de si mesmo: “Eu son a luz do mundo. Quen me segue non andará ás escuras, senón que terá a luz da vida”.

O profeta Isaías anunciara tamén esta luz dalgunha maneira, tal como escoitamos na 1ª Lectura, cando falaba de que “o pobo, que camiñaba na escuridade, viu unha gran luz”. No Salmo responsorial, despois da lectura de Isaías, así o acabamos de proclamar pola nosa parte ó dicirmos: “O Señor é a miña luz e salvación”. Nos Evanxeos é moi frecuente, sobre todo no de Lucas, a alusión a Xesús como “luz”: “Visitaranos o sol que nace do alto, para alumar os que viven en tebras e na sombra da morte” (Lc 1, 78-79), “luz para alumar as nacións” (Lc 2, 32), etc.

Se Xesús é luz, entón é el quen aluma e orienta na escuridade. Sabemos ben que sen luz andamos desnortados e non sabemos cara a onde camiñamos. Por iso de noite quedámonos normalmente na casa ata que volva raiar o sol pola mañá, a non ser que fagamos uso de algo que se parece un chisco ó sol, como a luz eléctrica ou unha boa lanterna. Cando eu era cativo e aínda non había luz eléctrica na miña pequena localidade natal, lémbrome ben do que ocorría cando era de noite. Se algún veciño da aldea nos visitaba entre lusco e fusco e se marchaba entrada xa a noite despois de parolarmos xuntos á calor do lume da lareira, comportábase el así: collía unha acha do lume da lareira e levábaa na man movéndoa alternativamente dun lado para outro. A acha ardente facía as veces de sol pola noite. Dese modo non tropezaba no camiño ata deixar de novo na lareira da súa casa a acha que lle servira de axuda na escuridade.

Ben sabemos da importancia que ten o sol como fonte de luz, de calor e de vida para todo canto existe nesta terra nosa. Os faros do mar (ese pequenos soles nocturnos) para iso están: para orientar os mareantes e advertilos da presenza de calquera perigo para a embarcación. Agora ben, ser luz é ser tamén centro de atracción e de conxunción. Como as bolboretas se amorean de noite arredor da luz, así a Xesús deberiámolo sentir como foco de atracción e centro das nosas vidas. Por iso non lle gustaba a Paulo, na súa carta ós Corintios, que aqueles que recibiran a gran nova de Xesús deixasen logo de considerar Xesús como o seu verdadeiro e único centro ó diciren uns e outros: “Eu son de Paulo, eu de Apolo, eu de Cefas, etc.”.

Un verdadeiro cristián, é dicir, un seguidor e amigo de Cristo, terá que ser sempre, máis alá das comprensíbeis e inevitábeis diferenzas, un construtor de unidade, de amor e de paz (non de divisións) entre cantos son (e sómolo todos) irmáns seus. Porque Cristo, tal como di Paulo, tampouco “está dividido”. El é xustamente quen nos uniu a todos consigo e co Pai, na forza e no poder do Espírito Santo, formando entre todos un mesmo corpo, como tantas veces repite Paulo. Por iso lles pide Paulo ós de Corinto que “se axeiten todos nun mesmo espírito e nun mesmo pensamento”.

A luz atrae, crea unidade e amizade. Así deberon percibir Xesús aqueles catro pescadores da ribeira do mar de Galilea (entre eles o noso Santiago), cando decidiron seguir Xesús, que os chamaba e convidaba a seren “pescadores de homes”, deixando barca, redes e pai. E iso que o de ser pescador, de mar ou de río, é cousa que para quen practica ese oficio vén sendo case como unha verdadeira vocación. O famoso Frei Martiño Sarmiento, que no século XVIII foi un gran defensor da cultura e da lingua galega desde a súa cela do mosteiro de Madrid (aínda que nacera nas pontevedresas terras de Cerdedo), dicía nunha das súas cartas: “Vivindo en Asturias no ano 1721 ofrecéuseme a ocasión de sospeitar para que profesión concreta nacera. Quen me crerá? Sospeitei que nacera para ser pescador de cana. Tanto me gustaba ese exercicio o pouco tempo que me dediquei a el”.

Ben. Na tarefa de pescar faise exercicio de esperanza, de paciencia e de ilusión. Iso non deixa de ser fermoso e atractivo. De tódalas maneiras, os novos apóstolos (Pedro, Andrés, Santiago e Xoán) continuarán a practicar agora, unha vez convertidos en "pescadores de homes", as mesmas virtudes que dalgún modo xa antes practicaran.

Agora ben, o importante aquí é decatármonos de que é sempre Xesús quen chama e atrae. Coma o sol. Xesús é, en cuanto luz, o que ilumina e abre así o camiño para a nova vida daqueles pescadores que agora van ser reciclados en apóstolos da Boa Nova. A luz é sempre o primeiro: a que abre novas realidades ós que son iluminados por ela. A luz, é dicir, Xesús é quen leva sempre a iniciativa, quen convida e dá azos.

Todos nós (e non só os apóstolos) estamos chamados, convidados, ó seguimento de Xesús, é dicir, a anunciarmos a boa nova do amor de Deus a tódolos fillos seus, irmáns nosos, e a traballarmos para que a irmandade entre as persoas non sexa só unha fermosa idea, unha fermosa utopía, senón realidade e vida concreta onde queira que esteamos.

Deste xeito poderemos ser nós tamén luz nun mundo, o de hoxe, que precisa de persoas que saiban comunicar a grandeza e a alegría que Deus nos trae a todos no seu Fillo Xesús. É o que o papa Francisco nos vén dicir na súa Exhortación "A alegría do evanxeo" con frases coma estas: "Con Xesucristo sempre nace e renace a alegría". "Un evanxelizador non debería ter permanentemente cara de funeral" e outras frases semellantes. É a mesma alegría da que xa falaba Isaías na primeira Lectura: "Multiplicaches o xúbilo, fixeches grande a ledicia. Alegráronse coa túa presenza, como coa alegría da seitura, o mesmo que saltarán de xúbilo ó repartiren o botín".

Sería bo, pois, que seguísemos o consello que dá Paulo na súa carta ós Efesios (5, 8-9): "Antes erades tebras, pero agora sodes luz no Señor. Así que andade como fillos da luz (porque a luz é toda bondade, xustiza e verdade)".

DOMINGO IV ORDINARIO

Felicidades a contracorrente

Como limiar e preparación para a grande ensinanza de Xesús do evanxeo de hoxe sobre as oito benaventuranzas ou, mellor sería dicir, sobre as "oito felicidades", as lecturas convídannos xa dalgún modo a elas: "Buscade o Señor –dinos o profeta Sofonías- tódolos pobres do país..., buscade a xustiza, buscade a humildade". E Paulo vai nesta mesma liña, cando describe así os cristiáns de Corinto na súa: "Entre vós *non* hai moitos sabios, poderosos ou nobres... Ó contrario, o que hai de parvo no mundo, iso foi escoller Deus para desconcertar os poderosos; o plebeo e mailo desprezado, o que non é, iso foi escoller Deus para anular ó que é".

Paulo intentara xa antes anunciarlles a Boa Nova, a "feliz" noticia do Evanxeo, ós "sabios" de Atenas. Pero estes, moi satisfeitos de si mesmos e do seu saber e poder, a pouco de empezar a escoitalo, e sobre todo ó oírlle falar da resurrección dos mortos, despedírono en ton burlón dicíndolle (tal como se nos conta nos "Feitos dos Apóstolos": 17, 32): "Ben, home, ben. Diso xa te escoitaremos noutra ocasión". Dalgunha maneira se pode dicir que foron os "sabios" atenienses os que lle aprenderon a Paulo que os que se senten cheos de si mesmos non poden xa ter sitio en si para a boa ou "feliz" nova do Xesús das "oito felicidades".

Si. Non pensemos que Xesús, ese gran misterio de Deus que se agacha no Xesús de Nazaret, quere ou busca a nosa desgraza, a nosa infelicidade. Se fose así, hai tempo que tería desaparecido calquera rastro de cristianismo. Pois foi Deus mesmo quen nos

creou, quen nos fixo, precisamente con desexos e anceios infindos de felicidade. Só Deus pode darnos tales desexos e só el pode tamén satisfacelos totalmente. O que pasa é que os camiños que nos levan á felicidade, á unha felicidade fonda e perdurábel, non son os que á primeira vista o parecen ou os que certa propaganda ou determinados intereses políticos ou comerciais nos propoñen.

Os occidentais, quero dicir, os países tecnoloxicamente máis avanzados, pensamos con frecuencia que a felicidade das xentes dun país concreto está directamente relacionada co seu PIB, co seu "Produto Interior Bruto". Nisto, como tamén seguramente noutras cousas, estamos equivocados. Xa no ano 1972 o rei de Bután (un pequeno país montañoso entre a India e China) propuxera que o benestar dun país habería que medilo non polo PIB senón polo FIB, é dicir, pola "Felicidade Interior Bruta". Este FIB apoiaríase sobre catro piares: promoción dun desenvolvemento sostíbel e igualitario; preservación e promoción dos valores culturais propios; conservación de medio ambiente e, finalmente, estabelecemento dun bo goberno no país. Posibelmente, o rei de Bután levaba razón coa súa proposta. Sabemos, por exemplo, concretamente que algúns dos países máis ricos do mundo, como Suecia, Noruega ou Finlandia, teñen as cotas máis altas de suicidios do mundo. Como adoitamos dicir, máis vale ser que ter. Ou, como escribía o filósofo francés Roger Garaudy, "no sur mórrese por falta de medios, mentres que no norte por falta de fins".

Por iso non debería considerarse tampouco absurdo ou pura e simple utopía, aínda que poida ser xulgado "politicamente incorrecto", o camiño, proclamado por Xesús hai vinte séculos, que nos levaría á felicidade e á verdadeira plenitude humana.

É verdade que de tantas veces oídas, as oito "felicidades" ou benaventuranzas do chamado "Sermón do monte", poden xa esvararnos nos oídos ou soarnos –como adoitamos dicir- a música celestial. Pois ben, Xesús fálanos das oito "felicidades" como algo que procede tamén da súa propia experiencia como ser humano entre seres humanos, os homes e as mulleres do seu tempo cos que convivía. As oito felicidades veñen ser así en realidade un espello que reflicte a persoa e o modo de se comportar o propio Xesús e quen queira seguilo consecuentemente na súa vida. Xesús, efectivamente, é "pobre no espírito" (é dicir, pobre de verdade e por propia querenza e decisión), Xesús "chora" (lembrádevos, por exemplo, da escena previa á resurrección do seu amigo Lázaro), Xesús é "sufrido", Xesús é "famento e sedento de xustiza", Xesús é "misericordioso", Xesús é "de corazón limpo", Xesús "traballa pola paz", Xesús é, finalmente, "perseguido por causa da xustiza". Foi xustamente esta última "felicidade", a de ser "perseguido por causa da xustiza", o que o levou á morte e, seguidamente, á felicidade plena da resurrección.

Si, as "oito felicidades" proclamadas por Xesús ante a multitude que o escoitaba no cumio dun monte, veñen ser como o abrente ou a alborada dun novo sol (lembrade o que comentabamos no último domingo sobre Xesús como "luz do mundo"). Un novo sol, que espalla os seus raios de luz sobre o val e a terra para facer xurdir un novo día, unha nova época. Un novo "Reino dos Ceos" (como nos di o apóstolo Mateo), que se fará realidade se todos nós colaboramos á súa chegada, sendo -coma o Mestre- pobres no espírito, sufridos, famentos e sedentos de xustiza, misericordiosos, de corazón limpo, traballadores pola paz e perseguidos por causa da xustiza.

Non nos deixemos levar pola incredulidade ou pola desesperanza á vista da crúa realidade dos acontecementos que ocorren ó noso arredor ou polo mundo adiante. Xesús chama ditosos, felices, a cantos proceden así, é dicir, os que están atentos e decididos á levaren á práctica a súa ensinanza das "oito felicidades". Felicidade que empeza xa

neste mundo, pero que chegará á súa plenitude no vindeiro, coa resurrección na que cremos e esperamos.

Porque a palabra de Xesús garante, ós que viven e practican estes xeitos de se comportar, que "serán consolados", que "herdarán a terra", que "ficarán fartos" ou se encherán de plenitude, que "serán tratados con misericordia", que "serán chamados fillos de Deus", que "verán a Deus".

Que máis podemos querer ou pedir?

DOMINGO V ORDINARIO

Luz e sal da palabra

As palabras, impresionantes e claras, coma auga dun riíño limpo de montaña, que acabamos de escoitar de Isaías son aducidas con frecuencia por teólogos e biblistas para pór de relevo a importancia e centralidade que xa no Antigo Testamento tiña a práctica da caridade, do amor ós pobres e necesitados.

Pola nosa parte, os que facemos de cativos anunciadores ou comunicadores da palabra de Deus nas eucaristías non podemos renunciar tampouco en modo algún a facérmonos eco do dito polo gran profeta: "Reparte o teu pan co famento e acolle na túa casa os pobres... Viste o espido e non te escondas da túa propia carne. Entón resplandecerá a túa luz coma a alba... Entón chamarás o Señor... e dirache: Aquí estou... Entón a túa luz brillará na escuridade e a túa tebra será coma o mediodía".

Pois ben, en eucaristías anteriores viamos como Xesús Cristo, o Fillo de Deus no que Deus Pai se manifesta plenamente ó mundo, dicía de si mesmo: "Eu son a luz do mundo". Xesús preséntase, polo tanto, a si mesmo como aquel que, coma a luz, ilumina, orienta e ofrece sentido a toda a realidade e a tódalas persoas en tódolos tempos. Á maneira do sol que, desde que a terra é terra, alumou, aluma e alumará a canta criatura nela habite.

Engadiamos tamén que Paulo na súa carta ós Efesios (5, 8-9) lles dicía que eles son "luz no Señor", "fillos da luz". Ó dicir isto, Paulo faise eco evidentemente do Evanxeo de hoxe. "Vós –di Xesús ós seus oíntes- sodes a luz do mundo". De xeito que non é función só de Xesús. Tamén nós somos, debemos ser, "luz do mundo". E a luz ten que deixarse ver e sentir, porque se se agacha, interrompe ou suspende polo mesmo a súa función de servir de orientación e de dar enerxía a cantos dela precisan. Todos necesitamos da luz.

Mais o símil da "luz", do que se vale Xesús para animar os seus discípulos a reflectir sobre os demais a luz que del reciben, está acompañado por outro que o vén completar ou perfilar: "Vós sodes o sal da terra". O sal segue a ser aínda hoxe elemento importante para a conservación e degustación de moitos alimentos, mais en tempos de Xesús érao en maior medida. De tal maneira que, como ben saberedes, incluso a actual expresión "salario", que con razón tanto preocupa ás persoas en idade laboral, provén deste humilde e importante elemento que nos ofrece a natureza: o "sal".

Por outra parte, o sal, aínda que non ilumina, conserva e está tamén, coma a luz, ó servizo da vida. Así, pois, como a luz non debería facer desleixo da súa función iluminadora, o mesmo ocorre co sal: se se volve insulso, insípido, deixa entón de salgar determinados alimentos, importantes ou necesarios para sobrevivir, botándose a perder.

Por iso o símil do sal pode servirnos para unha maior e mellor comprensión do símil da luz, aplicado por Xesús a el mesmo e a nós: "Eu son a luz do mundo", "Vós

sodes a luz do mundo". Porque esta luz, que nos vén do sol, non só aluma, senón que tamén quenta, dá calor. Por iso adoitamos, sobre todo no inverno, aproveitar as curtas raxeiras que nos ofrece o vello astro rei para nos quentar. Por iso na nosa lingua "lume" pode significar tanto "luz" coma "fogo". Ámbolos dous aluman e quentan.

Agora ben, postos no difícil e teórico dilema de termos que decidir sobre a maior ou menor importancia que para nós poidan ter a luz ou a calor, parece que Isaías a lo menos semella inclinarse máis ben pola segunda, pola calor. Porque para el, quen dá calor, convértese tamén de feito en luz orientadora. Sabemos ben que non son, en realidade, as frías, descarnadas e abstractas teorías as que son capaces de iluminar e mover o mundo, senón aquelas que levan consigo ou van acompañadas pola calor do compromiso e das boas obras de quen as anuncian ou propoñen.

Neste senso, paréceme moi sorprendente o feito de que Isaías fai depender efectivamente ser "luz" iluminadora para os demais de ser *antes*, dito sinxelamente, boas persoas, é dicir, xente que practica a xustiza, a bondade e a misericordia cos demais. Lembrádevos, se non, da primeira Lectura. Isaías coloca en primeiro lugar o "repartir o pan co famento", o "acoller na casa os pobres", o "vestir o espido", para dicir despois, a modo de consecuencia: "*Entón resplandecerá a túa luz coma a alba"*. E de maneira máis decidida aínda e máis concreta cara ó final da Lectura: "Se apartas do medio de ti o xugo (é dicir, a opresión e o asoballamento)..., se lle quitas ó famento a gana que ti sentes, e fartas a gorxa aflixida, *entón* a túa *luz* brillará na escuridade e a túa tebra será coma o mediodía".

En consecuencia, se realmente queremos ser "luz" para os demais (como nos pide Xesús), é dicir, persoas que saiban anunciar ós demais a palabra de Deus (ben conscientes polo demais de que Xesús é a PALABRA, básica e fundamental, de Deus), entón temos que ser previamente e ó tempo activos practicantes do amor, da caridade e da bondade. De non sermos así, non chegaremos a ser luz para os demais.

Isaías indicará incluso que esa luz, que se acende na persoa que practica o ben cos demais, se converterá en certo modo en palabra que interpela a Deus, en palabra á que Deus responde e á que Deus corresponde: "Entón –dinos o mesmo Isaías- clamarás ó Señor e responderache, pedirasllе axuda e dirache: Aquí estou".

Xa sabemos, polo tanto, cal ha ser a nosa tarefa como cristiáns: sermos sal da terra e luz do mundo, alicerzados non nas nosas posíbeis habilidades persoais de persuasión ou convencemento, senón -tal como nos di Paulo na súa carta ós Corintios- na forza e no "poder do Espírito", no "poder de Deus".

Porque só de Deus, da nosa proximidade a El, pode en último termo provir que sexamos capaces de exercer esa función de sermos luz e sal da terra nun mundo que, aínda sen el mesmo sabelo, precisa de persoas que lle ofrezan luz, calor e salvación.

DOMINGO VI ORDINARIO

Misteriosa grandiosidade

Imos ser hoxe algo máis breves aínda ca outras veces, porque o texto do evanxeo foi xa suficientemente longo, ademais de moi rico e variado no seu contido. De modo que intentarei agora comentar convosco unicamente algunhas ideas ou reflexións, ben simples e sinxelas, que se me ocorren.

Pois ben, unha das funcións máis importantes dos nosos encontros comunitarios co Señor nas celebracións dos domingos é, como ben sabemos, a de "agradecer".

Agradecerlle ó Señor porque nos deu a vida; porque estamos aquí cos nosos familiares e outras persoas e familias cristiás; porque nos deu e nos segue a dar fe, esperanza e caridade; porque nos dá azos, coa forza do seu Espírito Santo, para seguirmos adiante na confesión e na práctica da nosa fe; porque nos promete unha vida con El que endexamais rematará.

Ó sermos deste xeito "agradecidos" co Señor, estamos ó tempo recoñecendo a súa bondade e a súa grandeza. Trátase dunha grandeza, a grandeza de Deus, que supera calquera pensamento noso sobre el, por moi grandes e elevadas que coidemos que sexan as nosas ideas sobre el. Hoxe en día, os que se dedican ó estudo da realidade material, os científicos que intentan afondar por así dicilo nos máis pequenos elementos da materia, é dicir, os físicos, ou aqueles que observan e estudan a inmensidade e grandiosidade do universo ou dos universos, é dicir, os astrofísicos ou astrónomos, todos eles decátanse con sorpresa de que a realidade é moito máis grande e misteriosa có que se pensaba. De que por moito que creamos saber das cousas, moitísimo maior é a nosa ignorancia.

Agora ben, isto non debería en principio estrañarnos ou abraiarnos, se é verdade que os produtos que saen da intelixencia e do poder de calquera creador ou artista teñen que levar en si unha certa semellanza co que os ideou ou construíu. Quero dicir: se os estudosos da materia ou da natureza ademais de dedicarse á súa especialidade tivesen tempo e capacidades para reflexionar filosófica ou teoloxicamente sobre a realidade, decataríanse seguramente tamén de que se Deus é absolutamente infinito, tamén as cousas que saíron das súas mans deberían asemellarse dalgún modo ó seu autor. E que, polo tanto, as cousas, a realidade, todo, tería que ser algo dalgunha maneira "infinito".

Todo isto que vos estou a comentar vén a propósito do que acabamos de escoitar nas Lecturas primeira e segunda, nas que se nos fala da grandeza da "sabedoría" de Deus aínda que nun senso máis antropolóxico ca estritamente cósmico. O autor do Libro do Eclesiástico dinos por exemplo: "Grande é a sabedoría do Señor. El é potente e egrexio e todo o dexerga. Os ollos de Deus contemplan as súas criaturas e El penetra as accións de cadaquén". Na súa primeira carta ós Corintios, comunícalles pola súa parte Paulo ós seus destinatarios que el lles anuncia a eles a misteriosa e insondábel grandeza de Deus. "Nós predicamos –dilles o apóstolo Paulo- unha sabedoría de Deus, misteriosa". Tan misteriosa e grandiosa que o propio Paulo non terá reparo algún en engadir: "O que o ollo non viu, o que o oído non sentiu, e o que non pasou pola mente do home: iso preparou Deus para os que o aman".

É dicir, o Deus e Pai noso quérenos tan de verdade e tan de corazón que nin sequera podemos maxinar o que É ten preparado para nós. Un agasallo tan grande, en correspondencia co amor que nos ten, que poderiamos dicir que nos deixará seguramente durante toda a eternidade coa boa aberta. Iso vén ser, falando de maneira moi informal, o que os teólogos chaman a "visión beatifica", esa felicidade que Deus quere para nós e á que El nos destinou desde sempre e para sempre.

Iso si. Os que xa se consideran satisfeitos co que cren ser ou co que teñen non dispoñen xa posibelmente de capacidade para seren destinatarios da bondade, da "misteriosidade" e da grandeza de Deus. Ó contrario dos humildes, é dicir, dos que teñen ou temos conciencia de que non somos nada sen o poder do Deus que nos creou e que nos sostén. Xesús así o dicía en agarimoso diálogo co seu Pai Deus: "Bendito es ti, Pai, Señor do ceo e mais da terra, porque revelaches os misterios do Reino ós humildes".

Esta misteriosidade e grandeza de Deus é a razón de que El nos quixese de tal maneira que chegase a nos converter en fillos seus e destinados en consecuencia a un futuro de felicidade que endexamais rematará. Por iso, as esixencias de Xesús, o noso irmán maior, en relación connosco están loxicamente en correspondencia con esta especial e grandiosa situación nosa: a de sermos todos fillos dun mesmo Pai, irmáns todos polo tanto entre nós e convidados a formarmos parte desa futura comunidade de igualdade e irmandade que Xesús chama o "Reino dos Ceos".

Se esa é a verdadeira situación dos que nos chamamos cristiáns, entón Xesús ten razóns abondas para esixirnos, tal como o acabamos de escoitar, que, máis alá do "Non matarás", nin sequera nos "enrabechemos" cos nosos "irmáns", pois iso, o de "enrabecharnos", non é un comportamento axeitado entre irmáns. Ou tamén para amoestarnos non só a que non cometamos adulterio exterior ou externamente comprobábel, senón tamén –tal como se nos di- a nin sequera cometelo "no corazón", no desexo consentido. Pois é aquí onde comeza xa a destrución da fraternidade, da boa relación entre as persoas coas que se convive.

Á fin e o cabo todo pecado, segundo a mensaxe de Xesús, é un atentado contra a irmandade mutua entre todos e, polo tanto, contra o grandioso destino de Deus. Agradezámoslle este inmerecido e gratuíto destino ó que El nos chama.

DOMINGO VII ORDINARIO

Primordialidade do amor

As lecturas volven pór de relevo, todas elas, diante de nós a nova sabedoría á que Deus nos chama, se queremos ser verdadeiramente sabios. Trátase dunha sabedoría, que non pode quedarse en mera teoría. Porque entón non pasaría de ser máis ca un saber abstracto e baleiro. A nosa fe ten que ser concreta, viva, actuante. Do contrario non ten valor ningún. Nin para nós nin para os demais.

Aínda que ás veces podemos pensar ou dicir que o Novo Testamento, que se instaura coa vida e a actuación de Xesús, é algo absolutamente novo en relación co Antigo, en realidade non é exactamente así. O que fai Xesús é levar ó seu máis elevado cumio e á máxima perfección o que dalgún xeito se anunciaba xa no Antigo Testamento. Refírome, de maneira particular, á importancia que xa no Antigo Testamento ten o sentido e a práctica da fraternidade, do amor mutuo.

Exemplo disto é, concretamente, o que se nos di no libro do Levítico (na primeira Lectura). Entre as normas e mandados que, segundo o Levítico, Deus lle dá a Moisés, en relación co modo de se comportaren as persoas que el ten ó seu cargo, aparecen estas: "Non terás odio no corazón ó teu irmán [...[Non te vingarás nin lles terás xenreira ós teus veciños. Amarás o teu próximo coma a ti mesmo".

A este último mandado ("Amarás o teu próximo coma a ti mesmo") recorrerá Xesús moitas veces. E estará na súa práctica e na súa boca continuamente sobre todo nas súas discusións cos doutos e doutores do xudaísmo do seu tempo.

Xa no Antigo Testamento aparece tamén bastante explicitamente o porqué da esixencia deste comportamento fraternal. As razóns non son outras có comportamento mesmo do propio Deus co seu pobo. Este pobo ten unha viva experiencia da bondade e da misericordia do seu Deus nos diversos acontecementos polos que foi pasando ó longo da súa historia.

A reflexión que o pobo se faría, e que aparece personalizada e dignificada na orde que a teor do texto do Levítico Deus lle comunica a Moisés, sería algo así como esta: *se Deus é bo con todos nós, non podemos ser nós pola nosa parte malos os uns cos outros.* De feito, no "Salmo responsorial" que segue á Lectura do Levítico proclamabamos nós agora, utilizando frases soltas dos Salmos do Antigo Testamento, o seguinte: "O Señor é misericordioso e clemente [...] El coróate de amor e de tenrura [...] El é tardo á ira e rico en mercés [...] Canto un pai ama os seus fillos, así ama o Señor os que o temen".

No Antigo Testamento tíñase, pois, moi clara conciencia, da bondade e da paternidade de Deus en relación co seu pobo. Era lóxico, pois, que o senso de mutua fraternidade entre todos se fose asentando cada vez máis.

Mais, naturalmente, coa vinda de Xesús, coa incríbel boa nova do acontecemento de Xesús, que se amosa a si mesmo coma imaxe vivente do seu Pai Deus no mundo, as cousas modifícanse decisivamente. O senso, xa tradicional, de fraternidade do Antigo Testamento fortalécese agora dunha maneira insospeitada. Porque resulta que agora Deus non está só, para dicilo dalgunha maneira, "alá arriba", senón entre nós. Ó ser Xesús conxuntamente Fillo de Deus e irmán noso, como un máis entre nós, entón toda a humanidade e cada un de nós viñemos acadar unha dignidade divina, "sagrada".

A consecuencia é que, entón, facerlle mal a alguén é como facerlle mal a Deus, porque somos xa todos pola humanidade de Xesús parentes de Deus, en canto fillos de Deus e irmáns de Xesús. E, ademais, por enriba de todo isto, o propio Xesús mandounos e deunos a nós, a toda humanidade, desde a primeira Pentecoste, o Espírito Santo que continúa a habitar connosco ata á fin dos tempos. Somos, pois, todos e cada un de nós tan importantes e sagrados que debería resultar xa case incomprensíbel que alguén pensase, quixese ou fixese mal a alguén.

Entenderedes así moi ben por que ó comezo da segunda Lectura se atreve a dicir Paulo: "Non sabedes que sodes templo de Deus e que o Espírito de Deus habita en vós? Se alguén destrúe o templo de Deus, o Señor destruirao a el. Porque *o templo de Deus é sagrado e iso sodes vós*". Nalgúns lugares, poucos xa, conservan aínda algunhas persoas o costume de se persignaren ó pasar preto dunha igrexa. Pois ben, se quixésemos ser fieis ó que aquí nos di Paulo, deberiamos facer algo semellante, aínda que sexa só no segredo do noso corazón, onde queira que nos atopemos con calquera persoa. Pois, tal como nolo advirte Paulo, todos somos "templo de Deus". E, desde logo, non está en absoluto excluído que alí onde menos o pareza estea tamén Deus no seu templo. Non son xustamente os pobres, os necesitados ou os excluídos pola súa raza, pola súa lingua ou polo que sexa os que Deus escolleu en Xesús para estar con eles?

En calquera caso, o desamor que poidamos padecer, tal como nolo recorda o texto do evanxeo de hoxe, non se combate coa mesma arma, co desamor. Nisto, como ben sabemos, Xesús foi moito máis alá do que era tradicional. Nada, polo tanto, do "ollo por ollo ou dente por dente" e comportamentos semellantes.

Para Xesús hai que ir alén do que o outro poida pedir ou esperar de min. Alén do que as normas de xustiza ou dunha aceptábel relación cívica poidan esixir. Como xustificación de todo isto, apela Xesús tamén á nosa condición de fillos dun mesmo Pai. Desta condición debería derivarse unha fraternidade, vivida en toda a súa radicalidade. Fraternidade que debería primar sobre calquera outra consideración ou diferenza: "Eu dígovos –proclama Xesús-: Amade os vosos inimigos e pregade polos que vos perseguen. Así seredes fillos do voso Pai que está no ceo, que fai saír o seu sol sobre os

malos e os bos, e chover sobre xustos e inxustos... Sede bos, como o voso Pai celestial é totalmente bo".

Que tarefa tan grande temos diante nosa, como seguidores de Xesús: reflectir e practicar na terra nada menos que a bondade "total", infinita, de Deus!

DOMINGO VIII ORDINARIO

Pan e aloumiños

Tódalas persoas, todos nós, os maiores, os mozos e as mozas, as nenas ou os nenos, temos durante toda a nosa vida dúas necesidades fundamentais ou básicas. Unha é a necesidade de alimentarnos (cousa ben sabida) e a outra, cousa non tan sabida pero non menos importante, é a necesidade de sentírmonos queridos, aceptados afectuosamente polos que nos rodean, polos demais. A xente pode morrer tanto por non teren medios suficientes para cubrir esa primeira necesidade (a da comida) como por sentírense sós e abandonados polos demais.

Para ilustrar dunha maneira curta o que quero dicir con isto, vou lembrarvos unha moi significativa anécdota, que parece ter ademais bastante verosimilitude histórica. No século XIII, Federico II, emperador do Sacro Imperio Románico Xermánico, fixo un experimento que hoxe en día non pode menos de resultarnos ó mesmo tempo cómico, tráxico e incríbel. Sabémolo por un franciscano italiano, chamado Salimbene de Adam, que coñecía e acompañaba de vez en cando ó emperador. Así nolo conta textualmente o frade, traducíndoo eu pola miña parte directamente do latín ó galego:

"A súa segunda superstición (Salimbene refírese ó emperador) foi que quixo experimentar que tipo de lingua e fala terían uns nenos, cando medrasen, se non falasen con ninguén. E por esta razón ordenou ás amas de cría que lles desen leite ós infantes, que lles desen o peito para mamaren, que os bañasen e lavasen, pero que de ningún xeito os aloumiñasen ou lles falasen. Pois quería saber se falaban a lingua hebrea, que fora a primeira, ou a grega, ou a latina, ou a arábiga, ou quizais a lingua dos seus pais, dos que naceran. Pero o seu traballo foi en van, porque tódolos nenos ou infantes morreron. Porque non podían vivir sen a aprobación, os ademáns, a alegría do rostro e os aloumiños das súas amas e aias. Por iso chámanse cancións de berce as que di a muller arrolando o berce, para adormecer ó neno, e sen elas mal poder durmir e acougar o neno".

Isto está escrito no século XIII. Non hai dúbida de que o franciscano medieval se adiantou en bastantes séculos ás teorías modernas sobre a necesidade de afecto ou de amor para podermos sobrevivir. Non é abondo con recibir alimento. Precisamos tamén recibir agarimo e caricias.

Unha vez dito isto, volvemos ás lecturas. Na primeira fálanos o profeta Isaías das entrañas maternais de Deus, remitíndonos ó que ocorre na relación das nais cos seus fillos. Unha relación que a todos nos é moi coñecida polas nosas vivencias familiares: "Esquécese –pregúntase o Deus Pai-Nai do que nos fala Isaías- unha muller do seu meniño? Non se compadece do fillo das súas entrañas? Aínda que ela se esqueza, eu non me esquecerei de ti".

Impresionante, case incríbel o que aquí nos di Isaías sobre o comportamento de Deus connosco. Deus non é un personaxe solitario, distante e frío. El é todo calor e amor, el é nai. É máis ca nai. Non só nos dá alimento, coma as amas ou aias do relato de Salimbene. El aloumíñanos e fala connosco. Por iso podemos seguir vivindo. É a

mesma razón pola que, aínda que un día deixemos de vivir neste mundo, o amor e o agarimo de Deus farán que revivamos, é dicir, que resucitemos para unha vida sen fin, para sempre.

Estabamos e seguimos a estar tradicionalmente acostumados a dirixírmonos a Deus case sempre como "Pai" e nunca ou case nunca como Nai. Por iso foi un pouco sorprendente e inesperado cando o 10 de setembro do ano 1978 nada menos que un papa, o papa Xoán Paulo I se dirixiu á xente que o escoitaba en Roma pouco antes do rezo do "O Anxo de Deus" con estas palabras: "*Deus é Pai. Aínda máis, é Nai*". Así se expresou o papa. Con esta frase curta, pero chea de contido, o papa de entón non facía en realidade senón repetir e actualizar o que xa proclamara o profeta Isaías sobre Deus. De feito, o papa, cando dicía nese día que Deus é "Nai", referiuse significativamente ó texto de Isaías da primeira Lectura de hoxe.

No ano seguinte, 1979, publicará xa o ben coñecido teólogo brasileiro Leonardo Boff un precioso libro que leva como título "O rostro materno de Deus". E pregúntovos eu agora agora, intentando relacionar o dito por Isaías co texto do evanxeo: Podédesvos maxinar un neno, que sentíndose feliz no colo da súa nai ou levado contento por ela da man, estea preocupado por ter ou atesourar moitas cousas ou facerse rico? Con ela teno xa todo. Para el a atención e o amor que recibe dos pais éncheo xa a el de plenitude e de vitalidade. Con eles teno todo e pódeo todo.

En realidade, este é o problema que nos poñen hoxe diante nosa as palabras do evanxeo. A cuestión sobre a nosa relación con Deus e sobre a preocupación polo diñeiro, é dicir, polo que vai ser de nós no futuro, pola nosa comida, polo noso vestido, etc. Cando Xesús insiste, de maneira tan poética e bela (aludindo ás aves do ceo e ós lirios do campo), insiste –digo- en que non nos preocupemos por esas cousas, sempre fai curiosamente referencia, e unha vez máis, á paternidade-maternidade de Deus. As aves do ceo (e elas valen menos ca nós), dinos Xesús que "son mantidas polo voso Pai celestial". E, en canto a nós e ás cousas que necesitamos para podermos vivir e alimentarnos, dinos tamén Xesús que "ben sabe o Pai voso celestial que as precisamos".

Certamente, no evanxeo non se nos di que non nos *ocupemos* de procurar as cousas que precisamos, como tamén se ocupan diso as pombas que atopamos nas beirarrúas ou as gaivotas que tan ben saben voar, as "aves do ceo" do relato evanxélico. Dísenos só que non nos *pre*ocupemos, que non nos ocupemos de máis, coma se non tivésemos un Pai agarimoso e bo que coida de nós e que nos quere coma a fillos que somos del. Pídesenos só, polo tanto, aínda que isto non sexa para nós pouco pedir, que non sexamos "homes de pouca fe" e que non convertamos o diñeiro noutro "deus" ó lado do único Deus. Porque Deus, o que se di "Deus", ninguén pode ter máis ca un.

Iso si, se algo nos ha de preocupar ha de ser unicamente o de sermos sempre esforzados e teimudos en procurarmos o "reino de Deus" e a súa xustiza. Unha gran tarefa, certamente, pero que exercida da man do noso Pai-Nai do ceo e coa axuda do seu Espírito, poderá ser practicada por nós coa paz que só El nos pode dar.

DOMINGO IX ORDINARIO

Fe liberada e alegre

Vexamos brevemente que mensaxe nos traen as lecturas litúrxicas deste domingo, pois coido que nelas se pode enxergar unha idea máis central, que está moi en relación co noso comportamento práctico como cristiáns.

En primeiro lugar, sobre o que nos di Paulo na súa carta ós Romanos. Paulo foi, poderiamos dicir, o meirande converso de tódolos tempos desde o estrito xudaísmo a un auténtico e fondo cristianismo, chegando a ser apóstolo do Evanxeo ó mesmo nivel dos demais apóstolos, aínda sen el pertencer o estrito e formal grupo dos doce Apóstolos que aquí temos tan ben representados no retablo da igrexa. O mesmo Paulo era ben consciente da súa interior transformación total pola vivencia e experiencia da palabra de Xesús, que internamente o interpelou. Fai lembranza diso en moitas das súas cartas ó el falar do seu primeiro xudaísmo radical. Pertencía ó grupo máis estrito dos fariseos. Intentaba cumprir con todas e cada unha das normas, moitas e minuciosas, dun bo xudeu tal como el se consideraba a si mesmo. Non só as cumpría el mesmo, senón que batallaba arreo para que os demais as cumprisen tamén. Estaba convencido de que o cumprimento fiel de todas esas normas e leis detalladas do xudaísmo lle garantían por si mesmas a salvación. Ata que, como digo, topou coa experiencia, forte e liberadora, da persoa de Xesús, que lle vai facer ver que en realidade as cousas non son exactamente tal como el as vía. Paulo entrou así nunha experiencia nova. A experiencia de que o que verdadeira e realmente salva e nos ten salvado, a el e a todos, é Xesús, o Cristo. O Xesús Cristo que é a revelación definitiva ó mundo de que temos un Deus Pai que nos quere infinitamente a todos coma fillos seus e de que somos todos polo tanto irmáns uns dos outros en Xesús Cristo. Todo é, en consecuencia, graza de Deus, don de Deus, amor de Deus para connosco. Só nos fai falla crer neste incribelmente xeneroso Deus. Paulo transformouse así dende aquela en apóstolo, é dicir, en enviado ou mensaxeiro desta boa nova de Deus para os non xudeus, ou sexa, para o mundo enteiro, incluídos nós, os que viñemos ó mundo moitos séculos despois del.

Entre outros moitos textos de Paulo que nos dan testemuño desta súa experiencia central está o que aparece hoxe na súa carta ós Romanos, no que se nos di: “Afirmamos –escribe Paulo- que o home recibe a xustificación pola fe, con independencia das obras da Lei”. É dicir: no é o cumprimento estrito das normativas legais o que nos salva, senón a “fe”, é dicir, o crer de corazón e de verdade neste Deus, manifestado en Xesús, que nos quere sen reservas e nos fai verdadeiros irmáns uns dos outros.

Naturalmente, a quen -como digo- cre realmente e de verdade nisto, levarao esa fe a sentir a necesidade de comunicárllela ós demais, todos irmáns seus á fin e ó cabo. Esa fe, como é lóxico, non quedará tampouco inoperante e abstracta alá nun secreto lugar da nosa mente, senón que se converterá nun vivir, nun comportarse en correspondencia con esa fe que nos foi comunicada e que aceptamos con agradecemento.

Por iso, se con Paulo podemos afirmar que é a “fe” a que verdadeiramente salva, e non a “lei” coas súas “obras” puramente legais e baleiras de contido, temos que engadir tamén de contado algo importante, do que nos fai lembranza xustamente o evanxeo de hoxe. É, si, realmente a fe neste Deus bondadoso e salvador a que nos salva, pero esta fe non é verdadeiramente tal se non vai acompañada ou seguida das que chamamos “as boas obras”. É dicir, se nós non nos comportamos conforme á carga benfeitora que levamos nas mans e no noso corazón coa nosa fe, entón de nada nos vale esa suposta fe. Como se nos recorda no evanxeo, se procedemos así, non faremos senón construír a nosa casa sobre area movediza e non sobre rocha firme.

Dicía o filósofo alemán Nietzsche nunha das súas sorprendentes declaracións: “Eu non son un home; eu son dinamita”. Pois ben, os cristiáns poderiamos dicir que somos ou deberiamos ser en certo modo tamén dinamita. Unha dinamita, que sen mancar ou ferir ninguén, é quen de destruír, coa potencia da fe recibida de Xesús, as

murallas ou fronteiras individuais, sociais, económicas, políticas ou da orde que sexa, que nos impiden sermos e sentírmonos irmáns e fillos dun mesmo Pai Deus.

A práctica dunha verdadeira fe salvadora e benfeitora debería levarnos por eses camiños e non pola baleira autocompracencia de asegurarmos e proclamarmos que temos falado moi ben sobre Deus ou que nos diriximos a El dicíndolle "Señor, Señor" ou que incluso fixemos milagres...

Como o que acabo de comentar é cousa ben sabida, non me quero estender xa máis. Só desexarvos que nestes días do Entroido ata o próximo Mércores de Cinza, saibades gozar entre todos da alegría comunal do vivir. Agradecéndolle a Deus o don da vida e de podela compartir cos demais, familiares, amigos, veciños, inmigrantes e forasteiros.

Non lle veñen mal á mente e o corpo as fins normais de semana para acougar un chisco dos traballos realizados ó longo dela. Algo semellante ocorre tamén con outras festividades, sexan relixiosas, civís ou simplemente populares coma as do Entroido. Polo menos no século XII, o gran santo cisterciense San Bernardo de Claraval semella telo entendido así cando lle escribía a un seu compañeiro de hábito, que era daquela xa bispo, o seguinte: "*É cousa moi ordenada facer de cando en vez algo menos ordenado*". Posibelmente poida isto tamén aplicarse a estes días do Entroido. Por certo, quen recibiu o consello de San Bernardo foi pouco despois nomeado papa co nome de Uxío III e a súa festividade como beato celébrase o 8 de xullo. De maneira que podemos dicir que tamén nestes temas entre santos andamos...

Que vos vaia ben, xa que logo, neste días. E que Deus nos bendiga a todos!

DOMINGO XII ORDINARIO
Afouteza na palabra

Estamos hoxe ante un texto do evanxeo de Mateo que nos quere insuflar azos e alento ós cristiáns no noso estar no mundo. Un cristián non debería comportarse endexamais coma un ser tímido, encollido, fuxido do mundo no que vive, refuxiándose a si mesmo nun suposto comportamento puro e inmaculado, alleo ó seu encontro co mundo e cos seus problemas, ameazas e desafíos.

Se a mensaxe principal de Xesús é a da nosa fraternidade ou irmandade universal en canto fillos queridos dun mesmo Pai Deus, isto quere dicir que a tal anuncio non se responde como é debido algo así como espetando un papel no taboleiro de anuncios dun lugar concreto para que a xente o lea e vexa pola súa conta que lle parece o tema...

Polo contrario, ese mundo ou "reino" novo que Xesús quere instaurar no mundo é algo que deberá ser construído co noso entusiasmo e a nosa actuación, impulsados polo espírito de Deus que para tal tarefa nos fornece de fe, esperanza e amor. En canto cristiáns non podemos intentar comportarnos como células independentes unhas das outras, que realizan como mellor lles parece e de maneira illada o seu propio labor. Formamos entre todos un só corpo -como ben nolo aprendeu o apóstolo Paulo- con membros diversos que exercen cadansúa función para ben de todos. Un corpo cunha única cabeza, que é Xesús Cristo, que nos une a todos con Deus Pai.

A nosa fe neste Xesús que nos dirixe, nos fortalece e nos concede a súa graza convértese así en antídoto contra toda clase de medos, inseguridades ou angustias. Só desde esta gratuíta e agradecida seguridade nosa ó pertencermos todos a un mesmo corpo, o corpo místico de Cristo, pode Mateo poñer en boca de Xesús palabras dirixidas

a nós como as seguintes: “Non lles teñades medo ós homes... Non lles teñades medo ós que matan o corpo, mais non poden matar a alma... Non teñades medo, vós valedes máis ca tódolos pardais xuntos”.

Na construción do reino, Xesús quérenos, pois, animosos e valentes no noso traballo e no noso público e aberto dar testemuño da súa mensaxe: “O que vos digo na escuridade faládeo á plena luz; e o que oídes ás agachadas pregoádeo desde as azoteas".

No fondo, este comportamento animoso, sinxelo e firme está baseado en que sabemos que Deus nos quere ben en Xesús, como fillos ben queridos que somos de Deus Pai e irmáns tamén polo tanto de Xesús. Por iso nin o Pai nin o Fillo endexamais nos poderán fallar. “Mesmo os cabelos da vosa cabeza están todos contados”, dísenos no texto de Mateo. Se somos así, pois, fieis co Fillo de Deus que nos coida e quere, máis fiel será aínda el connosco, pois en fidelidade non se deixará el superar por nós: “Todo o que volva por min diante dos homes, tamén eu hei volver por el diante do meu Pai que está nos ceos”.

Este acendido alento co que Xesús convida os seus apóstolos a anunciaren ó mundo a súa Boa Nova está en clara relación coa afirmación que fai el sobre si mesmo ó nos dicir: “Eu son a luz do mundo”. Xesús vese a si mesmo, pois, como aquel que coa máxima xenerosidade e sen exclusivismos de ningún tipo -coma a luz- ilumina, orienta e ofrece sentido a toda realidade e a toda persoa en tódolos tempos. Á maneira do sol que, desde que a terra empezou a ser terra, alumou, aluma e alumará de maneira ben pública e dadivosa a cantos nela habitamos (desde o máis humilde vexetal ou animal ata onde exista o máis pobre ser humano).

Se no texto do evanxeo de Mateo se nos presenta a Xesús animándonos a pregoar, desde o sitio máis alto e visíbel, a boa nova de Xesús, iso mesmo vén ser o que escribe Paulo dunha maneira semellante na súa carta ós Efesios (5, 8-9) ó lles comunicar ós seus destinatarios que son eles, os Efesios, “luz no Señor”, “fillos da luz”. Ó se expresar así, faise eco Paulo evidentemente dunha pasaxe algo anterior do evanxeo do propio Mateo (5, 14-15) na que se nos di: “Vós sodes a luz do mundo. Non se pode agachar unha cidade afincada na cima dun monte. Tampouco se acende unha lámpada para poñela debaixo da artesa, senón sobre o candeeiro, para que alumee a tódolos da casa”.

De xeito que non só Xesús, tamén todos e cada un de nós somos, debemos ser, “luz do mundo”. E a luz ten que se deixar ver porque, se se agacha, interrompe ou suspende polo mesmo a súa función doadora de vida, liberdade e salvación.

Sermos “luz do mundo”, como nos pide Xesús que procuremos selo todos, leva consigo, pois, entusiasmo e alegría. Temos, pois, que distanciarnos de calquera tipo de actitude temerosa, cautelosa ou encollida ante os demais, tal como se nos pide no texto do evanxeo de Mateo. Coido que precisamente o papa Francisco soubo recoller moi ben esta típica actitude cristiá na súa encíclica que leva o título “A alegría do evanxeo”.

A encíclica comeza así: “A alegría do evanxeo enche o corazón e a vida enteira dos que se atopan con Xesús. Os que se deixan salvar por El son liberados do pecado, da tristeza, do baleiro interior, do illamento. Con Xesús Cristo nace sempre e renace a alegría”. Por iso, se queremos (en canto “luz do mundo” que somos) ofrecer á xente a alegría que provén do evanxeo, entón teremos que ter en conta –tal como di o papa Francisco- que “un evanxelizador no debería ter permanentemente cara de funeral”, pois o que queremos é “compartir” cos demais a “alegría” que nos trae a boa nova de Xesús. “O soño dun discípulo de Xesús –continúa a dicir o papa Francisco- non é encherse de inimigos, senón que a Palabra [de Deus] sexa acollida e manifeste o seu poder liberador”. Pois Deus quérenos “libres” e non escravos”. Pídenos por iso o papa ós que queremos cumprir co mandado de Xesús e dos seus apóstolos de sermos “luz do

mundo" que sexamos –di el- "facilitadores da graza de Deus" e non "controladores" dela, comportándonos –di el- coma se fósemos empregados dunha "aduana". Esta é a razón pola que neste mesmo escrito o papa lles recorda ós sacerdotes que "o confesionario non debe ser unha sala de torturas".

Sabemos que moitos cristiáns (como tamén outras persoas pertencentes a outras relixións) sofren hoxe en día persecución en diversas partes do mundo por razón da súa fe. Mais é esta fe precisamente a que lles proporciona consolo e incluso fonda alegría ó se saberen perseguidos por se manteren fieis ó mandado de Xesús de seren "luz do mundo". Mantérmonos unidos a eles no mesmo corpo místico de Cristo será garantía do seu bo comportamento e mais do noso.

DOMINGO XIII ORDINARIO
Dor e felicidade

No meu comentario sobre o texto de Mateo do evanxeo vou inspirarme noutro comentario sobre o mesmo texto do coñecido teólogo e bo coñecedor da Biblia, José Antonio Pagola, sobre o que algúns de vós seguramente oístes falar algunha vez. Pola miña parte, identifícome bastante coas ideas de Pagola sobre a persoa de Xesús, que están moi en consonancia co modo xeral de sentir e de percibir das xentes do noso tempo.

Pois ben, no texto de Mateo atopámonos cunha serie de afirmacións, máis ben esquemáticas, que Mateo pon en boca de Xesús e que nos poden resultar un tanto duras ou difíciles de interpretar no contexto doutras manifestacións, máis básicas ou centrais, dos evanxeos. Dísenos por exemplo neste texto de Mateo: "Quen ama o seu pai ou a súa nai máis ca a min, non é digno de min"; "quen non carga coa súa cruz e me segue, non é digno de min", etc.

A verdade é que na mensaxe de Xesús hai que procurar atender sempre, da mellor maneira posíbel, á súa estrutura xeral ou fundamental. Esta non debería endexamais ser descoidada ou esquecida. Refírome sobre todo ó anuncio básico de que todos somos queridos en Xesús polo pai Deus e que en consecuencia debemos comportarnos entre nós sempre como irmáns. Coa alegría e mutua satisfacción que todo isto leva esencialmente consigo.

A linguaxe de Xesús sobre as nosas renuncias ou sobre as cruces que nos tocará levar na vida ha ser entendida, polo tanto, como algo que de feito acompañará con frecuencia o noso seguimento de Xesús; mais non como algo que se derivase directamente da mensaxe mesma cristiá, coma se esta mensaxe en canto tal esixise dores e sufrimentos como condición intrinsecamente necesaria para o auténtico ser cristián. De feito, así semella que o entendían, en parte alomenos, determinadas prácticas penitenciais que os máis maiores entre nós aínda temos nalgún grao vivido.

Neste sentido comenta con razón o aludido experto o seguinte (e penso que paga a pena atender o que nos di):

"Xesús non quería ver sufrir a ninguén. O sufrimento é malo. Xesús endexamais o buscou nin para si mesmo ni para os demais. Ó contrario, toda a súa vida consistiu en loitar contra o sufrimento e o mal que tanto dano fan ás persoas. As fontes preséntano sempre combatendo o sufrimento que se esconde na enfermidade, nas inxustizas, na soidade, na desesperanza ou na culpabilidade. Así foi Xesús: un home dedicado a eliminar o sufrimento, a suprimir inxustizas e a contaxiar forza para vivir".

Antes de volver ó comentario de Pagola, cómpre que nos decatemos de que Xesús non era un simple e abstracto teórico das relixións sen contacto coa realidade histórica concreta, senón que estaba moi implicado na vida real e sufrinte da xente do

seu tempo. Sabía dos intereses e das tensións existentes no seo dunha sociedade conflitiva, tal como era a do seu tempo e como aínda segue a ser tamén a nosa. Xesús non era neste sentido un inxenuo idealista. A unión filial co seu Pai Deus e o contacto coa xente do seu tempo aprendéronlle a ver con xusteza a realidade tal como ela é. Neste sentido continúa a comentar o teólogo guipuscoano:

"Xesús sabía por experiencia que buscar o ben e a felicidade para todos trae consigo moitos problemas. Non se pode estar cos que sofren e buscar o ben dos últimos sen provocar o rexeitamento e a hostilidade daqueles ós que non lles interesa cambio algún. É imposíbel estar cos crucificados e non verse un día 'crucificado'. Xesús non llelo ocultou nunca ós seus seguidores".

É neste momento cando no seu comentario alude José Antonio Pagola ás palabras que xa vos citei máis arriba e que Mateo pon en boca de Xesús: "Quen non carga coa súa cruz e me segue, non é digno de min". Pois ben, tras lembrar estas mesmas palabras do texto do evanxeo dinos Pagola:

"Non podía ter elixido unha linguaxe máis gráfica ('Quen non carga coa súa cruz e me segue, non é digno de min'). Todos coñecían a imaxe terríbel do condenado que, espido e indefenso, era obrigado a levar sobre as súas costas o madeiro horizontal da cruz ata o lugar da execución onde esperaba o madeiro vertical fixado en terra. 'Levar a cruz' era parte do ritual da crucifixión. O seu obxectivo era que o condenado aparecese ante a sociedade como culpábel, un home indigno de seguir vivindo entre os seus. Todos descansarían véndoo morto. Os discípulos trataban de entendelo.

Xesús víñalles dicir máis ou menos o seguinte: 'Se me seguides, tendes que estar dispostos a serdes rexeitados. Pasaravos o mesmo ca a min. Ós ollos de moitos, pareceredes culpábeis. Condenaranvos. Buscarán que non molestedes. Teredes que levar a vosa cruz. Parecerédesvos entón máis a min. Seredes dignos seguidores meus. Compartiredes a sorte dos crucificados. Con eles entraredes un día no reino de Deus'".

E Pagola remata o seu comentario da seguinte maneira: "Levar a cruz non é buscar 'cruces', senón aceptar a 'crucifixión' que nos chegará se seguimos os pasos de Xesús. Así de claro".

E quero só engadir unha breve reflexión, xa para concluír. Está en relación con esta outra frase do texto do evanxeo que Mateo pon tamén en boca de Xesús a continuación das anteriores: "Quen encontre a súa vida, perderaa; mais quen a perda por min, encontraraa". Así é de sorprendente e paradoxal o seguimento de Xesús, pois é precisamente alí onde todo semellaba ter rematado nun absoluto fracaso onde vai xurdir a vitoria derradeira e definitiva. O "misterio absoluto", que é e será sempre Deus para nós, instálase así definitivamente no acontecemento de Xesús e nas nosas propias vidas. Toda a nosa vida, a nosa morte e a nosa resurrección son un gran misterio, pois todo iso ocorre á beira mesma do misterio de Deus.

DOMINGO XIV ORDINARIO
Son bo e sinxelo

Atopámonos hoxe na lectura do texto do evanxeo cunhas palabras que Mateo pon en boca de Xesús e que están cheas dunha conmovedora confianza con nós, representados nos tempos de Xesús polos seus apóstolos, discípulos e toda clase de xente sinxela e pobre que o arrodeaba. A primeira das frases –que acabades de escoitar na proclamación do evanxeo- é a seguinte: "*Douche grazas, Pai, Señor do ceo e mais da terra, porque lles escondiches estas cousas ós sabios e entendidos e llelas revelaches á xente sinxela*". Probabelmente foron poucos (ou quizais ningún) dos "sabios e entendidos" os que escoitaron estas ou parecidas palabras directamente da boca de

Xesús e seguramente, en cambio, habería alí moitos (ou ben deles) dos que Xesús denomina aquí "pequenos" ou "xente sinxela", é dicir, humildes, pobres e xente de bo corazón que escoitaban con devoción e íntimo consenso a Xesús.

Coido que vén xustamente moi a conto aquí o que lin hai xa ben de anos que lle ocorrera a un relevante especialista en estudos bíblicos que estudaba por entón estas materias na chamada "Escola Bíblica de Xerusalén". Cóntao el así: "Un mestre de exexese bíblica iniciábanos na difícil arte de desentrañar o evanxeo de Mateo. Todo semellaba pouco para captar o sentido último do texto: crítica textual, análise literaria, estrutura da pasaxe. Un día, chegamos a eses versículos nos que Xesús exclama: 'Douche grazas, Pai, Señor do ceo e mais da terra, porque lles escondiches estas cousas ós sabios e entendidos e llelas revelaches á xente sinxela'. O profesor fixo un longo silencio. Despois, díxonos moi amodo: 'Non esquezan nunca estas palabras. Todo o demais pódeno esquecer'. Foi probabelmente a mellor lección de exexese que recibín na miña vida. Despois, ó longo dos anos, puiden ver que é así. Sempre que tiven a impresión de estar xunto a unha persoa achegada a Deus, foi alguén de corazón sinxelo. Ás veces, unha persoa sen grandes coñecementos, outras alguén de notábel cultura, mais sempre un home ou unha muller de alma humilde e limpa".

Xesús está, pois, orando, conversando co seu Pai e noso Pai Deus, diante mesmo dos seus oíntes. E ora dando grazas ("Douche grazas, Pai"). Algo semellante ó que moi correctamente intentamos facer nós nas nosas "eucaristías", pois queren ser elas tamén, antes ca nada, acción de grazas por tanta boa cousa coa que Deus nos agasalla. E dá grazas Xesús, porque ámbolos dous (o Pai e mais o Fillo benquerido) coinciden nas súas querenzas e simpatías. Pois ámbolos dous téñenlle moi boa lei ós pobres, ós cativos, ós sinxelos, ós nenos, ás mulleres, é dicir, a todos aqueles ós que os poderosos deste mundo case non lles dan importancia nin valía.

A simpatía de Deus Pai e mais de Xesús con este tipo de persoas non é máis ca a continuación mesma do amor do Pai a un seu Fillo, que é así tamén: cativo, pobre e sinxelo. Entre os fermosos textos de Mateo lemos esta conmovedora confesión que fai Xesús sobre si mesmo perante as persoas que o escoitan. "Eu son bo e humilde de corazón".

Que as persoas que o seguían dun sitio para outro e que o escoitaban dixesen sobre el algo semellante ó que o propio Xesús dicía sobre si mesmo, é doado entendelo. Mais que Xesús se tivese detido a afirmar iso sobre si mesmo é moita cousa. Sabe el moi ben que nos convén moito a nós que o saibamos e que tal manifestación sobre si mesmo teña saído da súa boca e do seu corazón. Só así pode medrar efectivamente a nosa confianza nel, na súa bondade, na súa sinxeleza e humildade. O cristián atópase así na súa vida, non diante dunha xigantesca rocha ou parede repleta de preceptos e normas para cumprir (coma nos tempos do Antigo Testamento), senón diante dun corazón esencialmente bo, sinxelo e humilde que se coloca á miña beira a título de amigo e irmán.

O grande e inmenso para nós é que non é só Xesús quen é así, senón tamén o mesmo Deus omnipotente que fixo o ceo e maila terra e que quixo en Xesús amosársenos tal e como é el. Pois entre Pai e Fillo non hai nada secreto ou descoñecido. "Ninguén coñece o Fillo agás o Pai, nin coñece o Pai ninguén agás o Fillo".

Ofrécese así Xesús a aliviarnos as nosas canseiras, fastíos, abatementos e desazos. "Achegádevos a min tódolos que estades cansos e oprimidos, que eu vos aliviarei". Pois a súa mensaxe é levadeira e, en definitiva, é sempre "alegre nova", tal e como o papa Francisco non deixa de repetir unha e outra vez no seu escrito "A alegría do evanxeo". Céibovos ó aire algúns anacos dos seus comentarios por se se queren pousar nalgún de vós:

"Os que se deixan salvar por Xesús son liberados do pecado, da tristura, do baleiro interior, do illamento. Con Xesús Cristo nace sempre e renace a alegría [...] O gran risco do mundo actual, coa súa múltiple e abafadora oferta de consumo, é unha tristura individualista que xorde do corazón cómodo e avaro, da busca morbosa de praceres superficiais, da conciencia illada [...] Os crentes corren tamén este risco [...] Moitos caen nel e convértense en seres resentidos, queixosos, sen vida [...] Non fuxamos da resurrección de Xesús, nunca nos declaremos mortos, pase o que pase [...] Todos teñen o dereito de recibir o evanxeo. Os cristiáns teñen o deber de anuncialo sen excluír a ninguén, non coma quen impón unha nova obriga, senón coma quen comparte unha alegría, sinala un belo horizonte, ofrece un banquete desexábel. A Igrexa non medra por proselitismo senón por atracción".

E remato aludindo aínda a un par de pensamentos máis do papa Francisco nesta encíclica súa, que tan ben se poden aliñar coa temática do texto do evanxeo de Mateo:

"Non nos deixemos roubar a alegría evanxelizadora! *Non ó pesimismo estéril!* A alegría do evanxeo é esa que nada nin ninguén nos poderá quitar [...] A tarefa evanxelizadora implica e esixe unha promoción integral de cada ser humano. Xa non se pode dicir que a relixión debe recluírse no ámbito privado e que está só para preparar as almas para o ceo. Sabemos que Deus quere a felicidade dos seus fillos tamén nesta terra, aínda que estean chamados á plenitude eterna, porque el creou tódalas cousas 'para que gocemos delas', para que *todos* poidan gozar delas".

Ollo! Non son eu, cativiño. É Francisco quen fala así.

DOMINGO XV ORDINARIO

Sementando onda o mar

Deus Pai revelóusenos en Xesús a todos nós, a toda a humanidade, á creación enteira. Xesús exprésanos a mensaxe do Pai en estreita relación coa terra que dá vida ou tamén, coma hoxe, á beira do mar, proclamando unha mensaxe de fraternidade universal, a de sermos fillos dun mesmo Pai que nos quere, que nos dá a vida e nola promete ademais para toda unha eternidade.

A fermosa parábola do sementador, que hoxe nos presenta a liturxia para a nosa consideración e reflexión, é un discurso de Xesús que senta cátedra, tal como nolo conta Mateo, "á beira do mar": "Xesús saíu da casa e foise sentar á beira do mar". Aínda que o xentío era tan numeroso e estaba tan pendente da persoa de Xesús e do que El dicía, que tivo que subirse a unha lanchiña.

Xesús non precisaba de libros (nin de papeis) para se dirixir ás xentes que o seguían. Non nos deixou, ademais, nada escrito da súa man. Serían outros, os evanxelistas, os que nos falarían del, engadindo eles ademais pola súa parte que non habería libros suficientes no mundo para deixar perfecta constancia neles de todo canto El dixo e, sobre todo, fixo. Porque en realidade Xesús, máis que alguén que emitía palabras, era El mesmo, todo El, a Palabra, a Palabra de Deus Pai para nós. A Palabra que, como nos di Xoán, se fixo carne e habitou entre nós.

Xentes mariñeiras e labregas, é dicir, aquelas que vivían a rentes do mar, sementeiro de vida, ou preto dos sucos da terra-nai que dá millo, trigo, mazás ou viño, estas xentes (e os galegos temos que darlle grazas a Deus por termos nacido nun país así), estas xentes –digo- podían, poden, podemos entender quizais algo mellor ca outros esta mensaxe de Xesús como sementador de vida.

Deus non fai senón sementar a súa palabra, por medio de Xesús que é a Palabra e por medio de tantas persoas, acontecementos, alegrías ou sufrimentos que nos acompañan e acompañarán dunha ou outra maneira ó longo da nosa vida.

Mais ben sabemos que quen sementa non recolle sempre froitos iguais nos diversos terreos nos que realiza a súa sementeira. Iso é o que o Evanxeo de hoxe nos vén dicir. É sen dúbida un misterio, humano e divino, o porqué nunhas persoas o froito da palabra que vén de Deus se converte en fermoso e vizoso mentres que noutras non pasa de ser regular ou cativo.

En calquera caso, temos que decatarnos de que é sempre Deus quen nisto leva a iniciativa. El é o sementador, o que desde si mesmo nos dá a posibilidade de producir froitos de vida e de fraternidade. El é aquel de quen procede a semente, sementándoa no interior dos nosos corazóns ou tamén, como nos di Isaías (segundo escoitamos na primeira Lectura) o que actúa desde arriba cara a baixo, ó xeito da chuvia ou da neve que descenden do ceo. Se estes fallan, vén a seca e a nosa terra deixa de producir.

Non nos é doado analizar ata o fondo esta semente de Deus. Pero non deberiamos esquecer que o que vén de Deus é loxicamente cousa divina e non ten por que axeitarse ós nosos modos, cativos e limitados, de ver as cousas. Ás veces podemos pensar que o mundo noso, o de hoxe, é un deserto, un páramo no que o divino, os froitos da palabra de Deus, non se ven case por ningures. Mais aquí temos tamén que aprender o que a palabra de Deus nos di. Polos seus camiños -que non teñen por que coincidir sempre cos nosos- o Sementador, é dicir, Deus, segue a traballar no traballo da sementeira. Non podemos saber de antemán que froitos concretos quere acadar Deus a través de nós, na nosa época, ou a través dos que veñan despois de nós, nunha historia que endexamais deixa de se presentar en cada tempo concreto como nova e sorprendente.

En calquera caso, Isaías anúncianos que a sementeira de Deus non ten marcha atrás. Deus comprometeuse en Xesús co mundo e coa humanidade toda, que son obra súa. Por iso Deus Pai salva e salvará en Xesús o mundo e levará a cabo o que El quere. Isaías preséntanos a Deus falando da eficacia e do froito da súa palabra dada ó mundo, comparándoa coa chuvia que sempre descende cara abaixo e que non volve subir cara arriba coas mans baleiras. Así, pois, talmente como a chuvia enchoupa a terra e fai que produza froitos, “así tamén será –dinos o Deus de Isaías- a miña palabra que sae da miña boca: non volverá a min en van, senón que fará o que eu queira”.

Se non fose así, Deus tería fracasado nos seus plans sobre o mundo e sobre a humanidade, proxectos que por seren divinos non poden senón estar cheos de infinita sabedoría e de poder e bondade incomparábeis.

Sabemos, si, e tamén pola palabra que o noso Deus sementa en nós, que a vida non nos aforrará padecementos e contrariedades. Pero iso non é máis có pequeno prezo que temos que pagar para que chegue a alumar plenamente en nós a luz que nolo aclarará todo. Tamén a semente, como calquera labrego ben sabe, podrece e desaparece aparentemente no intre mesmo de se transformar en novo froito. Esa nova e transformada vida fará que o proceso anterior non veña xa contar practicamente nada. Dito coas palabras da segunda Lectura (a carta de Paulo ós Romanos): “non hai comparanza entre os padecementos da vida presente e a gloria vindeira, que se vai revelar en nós”. É algo así, en palabras tamén de Paulo, coma o proceso dun parto laborioso, que ó final queda superado pola alegría do nacemento dunha nova vida: “toda a creación –dinos Paulo- vén xemendo ata hoxe e retórcese coma con dores de parto”.

Que esta esperanza de vida nos converta a todos e a cada un de nós en sementes portadoras de vida e de eternidade.

DOMINGO XVI ORDINARIO

Ritmos fondos e mainos

Dende o domingo anterior nas lecturas do Evanxeo as parábolas relacionadas coa vida agrícola, especialmente coa semente e co sementador, fánsenos habituais.

Xesús aparece así entre nós como a mesma palabra de Deus Pai ó mundo, como a Palabra coa que Deus se dirixe á humanidade e á creación toda. O sinal de que Deus nos quere é precisamente o feito mesmo de que nos dirixe a palabra, unha Palabra que ademais se identifica con el mesmo e que non é só o que el nos di. Así o fan os que nos saúdan dirixíndonos a súa palabra e amosando desa maneira que nos aprecian, que se preocupan por nós e que nos queren. Do contrario, pasarían ó lado noso sen dirixirnos a palabra, como fan os que non se falan, os que non se queren, os que non se levan ben.

Mais Deus Pai diríxenos a súa palabra, sementándoa no mundo e en nós. Xesús é así a Palabra de Deus e a semente, o formento, que Deus coloca agarimosamente no mundo, na humanidade para írmonos facendo cada vez máis divinos. É así como Deus Pai fai nacer o seu Fillo Xesús no mundo coma un máis entre nós, converténdose deste xeito en compañeiro e irmán noso. Nace pobre e humilde, como calquera planta ou árbore que ó principio son sempre pequerrechas. Xesús faise así irmán de todos nós, convive con todos, padece con todos e coma todos, traballa, loita, sofre inxustizas e morre inxustamente sentenciado. Non ergue a súa man, o seu poder infinito, contra ninguén. Dá simplemente testemuño coa súa vida e co seu modo de proceder do amor que Deus Pai e mais el lle teñen ó mundo, a tódolos homes e mulleres de tódalas razas, culturas e relixións.

Así é Deus e así é o seu ritmo vital na súa manifestación en Xesús. Deus non ten présa. Tampouco é vingativo ou está á espreita para, como quen di, castigarnos á traizón. Ese é tamén o ritmo que lles deu a tódalas cousas que el fixo.

Os apóstolos preguntábanlle algunhas veces a Xesús por que lles falaba en parábolas e non lles dicía as cousas máis abertamente e sen rodeos. Nós mesmos, máis dunha vez, podemos pensar de maneira parecida. Mais cando Xesús acode ás semellanzas do sementador, das plantas que se forman desde unha semente moi pequecha, ou á pouca cantidade de formento que é capaz con todo de transformar unha cantidade moito maior de masa de fariña de millo ou de trigo, ou cando fai uso doutras parábolas semellantes, en realidade este modo de falar e de proceder de Xesús é o único apropiado para nos transmitir a fonda mensaxe que Xesús nos trae do Pai. Mateo dinos que Xesús “nada lle falaba á xente que non fose por medio de parábolas”. Por que?

Pois porque o estilo de Deus nas cousas que el fixo se mantén sempre o mesmo. Plantas, animais, mulleres e homes, tódalas cousas que existen, levan sempre o mesmo estilo de Deus. Algo así como cada arquitecto, pintor ou novelista ten o seu propio estilo, o seu propio xeito de construír, de pintar ou de escribir. Se queremos polo tanto entendérmonos a nós mesmos, temos que aprender a mirar tamén as cousas que hai arredor noso. Porque todo canto existe, a natureza toda (e nós con ela) leva, onde queira que sexa, o mesmo estilo de Deus, tan variado e tan semellante, tan fermoso e tan sorprendente.

Por iso é tan importante a conservación da natureza, o respecto a todo canto existe. Se destruímos a natureza ou abusamos dela, iremos perdendo capacidade de entendermos a Deus e tamén de comprendérmonos a nós mesmos.

As parábolas de hoxe, a do xoio que medra co bo trigo, a do gran de mostaza que se converte nunha planta grande, ou a do formento que se transforma coa masa en pan, coinciden as tres nunha mesma cousa, nunha mesma mensaxe fundamental de Xesús: a vida humana e cristiá é *un proceso*. Ímonos cambiando e transformando, todas e todos, ó longo das nosas vidas. E -non o esquezamos- tamén a nosa morte non é senón un momento máis desa nosa transformación. Transformarémonos entón en algo novo, aínda que sigamos sendo aquilo mesmo que fomos.

Por iso as plantas e toda a natureza apréndennos tanto. Apréndennos a decatármonos de que, se por exemplo o pequerrecho gran da mostaza podrece e desaparece como tal, non morre para sempre, senón que se converte nun arbusto no que ata os paxaros poder facer nel o seu niño. E poderiamos entón preguntar: seriamos quen de comprendermos algo do que significa a resurrección, a vida despois da nosa morte, se non tivésemos diante para velo, observalo e admiralo, o que ocorre con calquera semente dunha planta ou dunha árbore que enterramos na terra?

Ese é, volvo repetir, o estilo de Deus en todo o que fai. Sorprendente e estraño, si, pero grandioso e esperanzador. Porque, como din tamén os nosos irmáns musulmáns, Deus é grande. Meirande có que podemos pensar del.

Que é pouco ou pequeno o noso formento cristián en comparanza coa gran masa da humanidade toda que non semella ocuparse de Deus? Así parece. Con todo, non é tamén moi cativa a cantidade de formento en relación coa masa de millo ou de trigo que se encargará el de transformar e facer medrar para que dela saia un bo pan?

Lémbrome ben de cando de pequeno ía eu buscar á casa dunha veciña unha cunca de barro con formento para que a miña nai o mesturase logo na artesa coa masa de millo. Tras mesturala, facía un gran sinal da cruz sobre a masa que se ía cocer, e todo quedaba así preparado para que despois, coa calor do forno, se transformase en saboroso pan quente.

Se, como nos di Xesús, somos formento dunha masa a transformar, revistámonos todos tamén de fe, espera e esperanza, de amor e de paciencia, para así asemellarnos tamén no noso ritmo persoal ó ritmo tranquilo e misterioso, pero eficaz, que Deus mesmo puxo en tódalas cousas da natureza. Pois é el mesmo quen pon diante nosa este ritmo da natureza como parábola e exemplo de como el se comporta e de como nos deberiamos comportar tamén nós.

DOMINGO XVII ORDINARIO

Merco perlas finas

Hoxe en día non parece que haxa dúbida de que os nosos comezos como seres humanos están en continuidade con toda a historia física e biolóxica ocorrida en tempos anteriores. Refírome ó que adoitamos chamar a evolución, a evolución xeral cara ós seres vivos e o xurdimento dos primeiros seres que poden xa ser denominados humanos. Disto falan de maneira ampla a paleontoloxía, a antropoloxía e outras ciencias.

Mais a pesar desa relación que temos co mundo animal e co universo todo, tamén podemos falar de que nós, as persoas humanas, nos distinguimos moito dos nosos

predecesores puramente animais. A mesma antropoloxía xeral, mais sobre todo a psicoloxía e a filosofía, apréndennos a vérmonos a nós mesmos como uns animais moi especiais. Especiais precisamente porque, tal como se di, non somos animais "especializados". Unha gaivota ou unha anduriña fan o seu niño ano tras ano máis ou menos da mesma maneira, por moitas dificultades que lles poñamos para a súa construción. Un león ten comportamentos que practicamente son e serán sempre os mesmos. E así outros animais. Están "especializados" para unha vida concreta e particular, a súa e mais a da súa especie.

Pero nós, os seres humanos, case non dispoñemos de instintos ou comportamentos específicos e determinados. Temos que aprender practicamente todo: a andar, a falar, a relacionarnos coas outras cousas e persoas. Estamos así abertos a moitas posibilidades. Nada nos enche ou satisfai plenamente. Por iso cando temos unha cousa, estamos xa pensando como acadaremos outra mellor. E cando nos pasa algo desagradábel, axiña empezamos a mirar como saímos desa situación.

Con este comportamento específico noso estamos a dar testemuño da especial relación que temos os seres humanos con Deus. Deus fíxonos a nós, os seres humanos, a través de toda a evolución cósmica, pensando en facernos partícipes a nós da súa vida, da súa natureza divina. Como Deus quixo e quere comunicarse connosco, estar connosco, xantar á mesa connosco, e tantas outras cousas como poderíamos aquí engadir para poñer isto aínda máis de relevo, por iso precisamente, é dicir, para que iso sexa posíbel, tivo Deus que facernos semellantes a el e facerse tamén a si mesmo semellante a nós en Xesús.

En que está a nosa semellanza con Deus? Pois en que todos queremos ser absolutamente felices, en que todos queremos vivir sempre, en que todos queremos telo todo, coñecelo todo, etc., etc. En definitiva, en que todos queremos ser coma o mesmo Deus que nos fixo. Deste tipo de consideracións provén aquel dito tantas veces repetido de Santo Agostiño nas súas *Confesións*: "Fixéchesnos, Señor, para Ti e está inquedo o noso corazón ata que acougue en Ti". Porque, para Santo Agostiño, Deus é a expresión máxima da felicidade, da verdade ou do amor, ós que un pode aspirar.

Co que acabo de comentarvos, aínda que sexa dunha maneira moi esquemática, podemos achegarnos un pouco ó que nos din as comparacións ou parábolas de Xesús no evanxeo de hoxe. Xesús compara o contido ou o fondo da súa mensaxe cun tesouro co que se topa unha persoa nun terreo alleo, pero que ela, "chea de alegría", quere facer seu, aínda que sexa a costa de ter que vender canto ten. Pode ser un secreto e rico tesouro ou unha perla "de gran valor". Ou tamén, se un é pescador, un peixe moi grande, no que todo pescador algunha vez, de noite ou de día, soña ou imaxina que vai pescar ou que querería pillar... Por iso se di que os pescadores, os de río polo menos, tenden a dicir pequenas mentiras cando falan por exemplo de que a troita que se lles desprendeu do anzol era enorme...

Como vedes, parece claro que a mensaxe cristiá está dirixida de maneira especial para os que teñan grandes desexos, é dicir, para os que sexan e queiran ser plenamente felices e humanos. O cristianismo non está feito para os que queiran alimentarse de rutinas, de servilismos ou de pequenos ritos ou obrigas que un se impón ou que outros lle queren impoñer. Dese modo non pasariamos de asemellarnos ós animais, que non están abertos a estas dimensións amplas, infindas, propias dos seres humanos.

Tampouco é ese o camiño para atopar a nosa verdadeira felicidade. Un bo cristián terá, si, que renunciar a determinados egoísmos que se pechen ás necesidades

dos demais. Mais este tipo de renuncia a egoísmos insolidarios non significa que a felicidade vaia fuxir de nós ou abandonarnos.

Ben sabemos, por experiencia propia e allea, que a felicidade só se atopa cando un é fiel á súa conciencia e teima en todo momento por ser bo con todos. Trátase dunha felicidade que fai a un feliz e fai tamén felices os que conviven con un. O sufrimento mesmo, en principio, non ten tampouco por que lle roubar a un a felicidade. Porque cando se sabe que o propio sufrimento pode ter un sentido ou que con el podemos facer un ben ós demais, entón somos capaces de aturalo e de transformalo en bendición para os demais e para nós mesmos.

Ser feliz é ter azos para facer ben as cousas e saber así ser de proveito para os demais, aínda que sexa a costa de renunciar, como o sabio rei Salomón, a unha vida longa ou a riquezas innecesarias. Xa antes de que Xesús falase do "tesouro agachado" ou da "perla fina", foi Salomón loado por Deus no Antigo Testamento por non lle ter pedido para si "vida longa" ou "riquezas", senón acerto para gobernar os seus súbditos.

Os pais, no pequeno e particular goberno da súa familia, deberían aprender desta mensaxe de Salomón e da de Xesús a saberen que a súa felicidade e a das súas fillas e fillos depende moito de os fornecer dunha boa educación, por máis que este labor non sexa hoxe cousa doada. É así como irán eles aprendendo, tal como axeitadamente se di, a "ser" antes que a "ter".

E xa para rematar. Os que se dedican ó difícil e meritorio labor da política recoñecen ás veces, por exemplo ante un fracaso electoral, que non foron capaces –tal como din- de comunicar correctamente a súa mensaxe. Pois ben, os cristiáns e de maneira especial os que intentamos con temor e tremor facer presente hoxe en día a mensaxe de Xesús deberiamos ser quen de poder comunicar ós demais correctamente e con insistencia que a mensaxe de Xesús é verdadeiramente un "gran tesouro", unha "finísima perla", que ben paga a pena intentar adquirir. Que o Deus bo nos axude a todos neste intento.

DOMINGO XVIII ORDINARIO

Pan compartido ou espada que divide

O relato da multiplicación dos pans e dos peixes é un deses relatos evanxélicos que se prestan a ser considerados, polo súa aparencia fantástica e marabillosa, como algo case folclórico e pouco merecedor de atención e reflexión. A min paréceme, en cambio, que hai nel moita carga de mensaxe fondamente cristiá, máis alá do seu aspecto anecdótico e sorprendente.

En primeiro lugar, cómpre situar o relato, tal como fai o evanxelista Mateo, en relación co acontecemento da morte, mellor, co asasinato de Xoán Bautista, o profeta anunciador de Xesús como o Mesías esperado. É unha relación de auténtico contraste. A degolación do Bautista foi un verdadeiro escándalo. O Bautista e vilmente asasinado no cárcere por orde dun alegre o bebido Herodes, que está a celebrar con viño de marca e unha boa enchente o seu aniversario. Rodeado de magnates e xente de poder e incitado a desfacerse do Bautista por unha alegre bailarina tras ser esta aconsellada por unha vingativa nai. O profeta non fixera outra cousa senón dicirlle a Herodes que non lle era lícito vivir coa muller do seu irmán, a nai da bailarina. Poder, honor e o medo a verse desprovisto deles son os que levan ó tetrarca Herodes a cometer esa vileza.

Como vedes, no relato deste acontecemento, que Mateo pon inmediatamente antes da multiplicación dos pans e dos peixes, Herodes e os convidados e asistentes ó

banquete do seu aniversario están instalados na fachenda, na inxustiza, na inmoralidade, na busca do seu propio interese, no espírito da violencia e no desenfreo das propias paixóns. Alí non pode ter cabida ningún xusto, a non ser que entre decapitado, como lle ocorre ó Bautista no intre de serlle entregada á bailarina a súa cabeza nunha bandexa. É este un xantar de aniversario entre inxustos e violentos, onde prima todo o contrario do que debería ser un encontro igualitario e fraternal de alegre comensalía.

Mateo cóntanos que Xesús, que tanto admiraba ó seu curmán Xoán, ó saber da morte do Bautista, "se retirou nunha barca a un lugar deserto e arredado". Xesús estaría seguramente moi conmocionado co asasinato do Bautista. Mais non renuncia por iso a seguir anunciando e practicando a "boa nova" que o Pai lle confiou a el para o ben do mundo. Unha boa ou alegre nova, que non consiste no desenfreo, na esmorga, na ostentación ou no exercicio do poder, do que facían gala Herodes e mailos seus adictos. A boa nova de Xesús, polo contrario, está directamente relacionada coa igualdade e a fraternidade, coa renuncia á violencia e ó poder, co exercicio da misericordia con todos e de maneira especial cos máis necesitados. É o que nos recorda tantas veces o papa Francisco de que o cristianismo ten que anunciar e practicar a misericordia.

A xente busca e espera misericordia. Por iso busca a Xesús e fuxe dos poderosos, pois estes non se privan de exercer a violencia cando lles convén. Dinos Mateo que Xesús, lonxe de poder ter ocasión de acougar un pouco, pensar e orar tralo asasinato de Xoán Bautista, "se atopou cun gran xentío", que se "conmoveu" e que "curou a tódolos enfermos". A xente sabe que Xesús non fai pausas no exercicio da misericordia. Para iso ten tempo sempre, aínda que sexa no día sagrado do xudaísmo, o sábado, no que segundo as minuciosas normas desta relixión non se podía case facer nada.

Coido que non se entendería ben a multiplicación dos pans e dos peixes á marxe ou fóra deste contexto "misericordioso" de Xesús. Non hai aí, por parte de Xesús, ningún intento de ostentación de poder (iso é cousa de Herodes e dos seus). Hai só preocupación polos problemas da xente. A xente necesita e quere ser atendida, axudada, sandada, amada, alimentada con manxares físicos e anímicos.

É moi cómodo, e sobre todo inxusto, dicirlle á xente que se busquen eles mesmos esas cousas, cando sabemos que non están en condicións de conseguilas. Era esa tamén a proposta dos discípulos de Xesús coa multitude que seguía amoreada arredor del, ben avanzada xa a tarde. Non. Xesús sabe que as comodidades e os egoísmos, por pequenos que sexan, impiden a fraternidade e a igualdade universal. Todos podemos, por pouco que teñamos, axudar a outros, compartindo os nosos bens, aínda que non sexan "máis ca cinco bolos de pan e mais dous peixes".

O milagre da multiplicación dos pans e dos peixes non é máis que o milagre que produce o *compartir* cos demais o pouco ou moito que teñamos. Porque se compartimos dese modo, Deus non deixará de compartir tamén e colaborar connosco, producindo o milagre dunha comensalía e alegría compartida entre todos. Entre tódolos pobos e nacións da terra.

O milagre da multiplicación dos pans e dos peixes contén unha mensaxe moi actual. Porque ben sabemos da crítica situación en que se atopan hoxe en día moitas persoas e familias, tanto entre nós coma no mundo enteiro. E tamén sabemos da corrupción, herodiana (poderiamos denominala), de non poucos representantes políticos. Temos, pois, que optar entre pertencermos ó grupo de Herodes, o dos adictos a un poder que conduce á violencia e á morte, ou ó grupo de Xesús que comparte todo

con todos nunha atmosfera de igualdade e irmandade, en canto fillos que somos todos dun mesmo Pai.

Se é verdade, tal como cremos, a mensaxe de Xesús, entón sabemos tamén que o mundo e a humanidade só se poderá construír autenticamente desde o espírito e o exercicio do "compartir". Compartir con todos cantos os precisen os nosos bens materiais e espirituais. Tarefa, desde logo, moi sublime, pero tamén ben práctica e doada de entender. Por iso, cando lemos ou escoitamos que o papa Francisco está intentando recompoñer ou reformar a Banca do Vaticano para poñela ó servizo dos pobres, e non dos poderosos ou especuladores, seguramente está camiñando por vieiros máis próximos ó evanxeo.

As nosas eucaristías rematan coa comuñón eucarística, que vén sendo unha actualización sacramental da multiplicación dos pans e dos peixes. Que ese espírito misericordioso e dadivoso de Xesús se meta dentro de nós co pan eucarístico.

DOMINGO XIX ORDINARIO

O Deus da paz e o demo do medo

O texto do evanxeo é continuación do do domingo pasado, que versaba sobre o coñecido relato da multiplicación dos bolos de pan e dos peixes. Terra e mar están alí presentes. Coma quen di, a Galiza do interior (a que sementa cereais) -a dos nosos labregos- e a dos mariñeiros, aqueles que converten os arados da terra en lanchas que saben labrar tamén ó seu xeito nas augas do mar. Pan e peixes; barcos pesqueiros e tractores como instrumentos de mariñeiros e labregos.

Cousa importante. Xesús dá primeiro de comer á xente. Aténdeos persoalmente con xenerosidade e despídeos con agarimo. Ós discípulos, mentres tanto, ordénalles iren para a outra banda do mar. Só despois irá Xesús ó monte a falar co seu Pai a soas, ó anoitecer. Por máis que Xesús estaba sempre, no seu traballo, no seu trato coa xente, en presenza do Pai, practicando, como modelo tamén para os futuros monxes, aquilo de "Ora et labora", "Reza e traballa".

Toda a vida e a mensaxe de Xesús son o resultado do seu trato íntimo, amoroso, confiado, co que era seu Pai. Pero seu Pai érao para el dun xeito especial, único. Xesús amosouse a todos nós como o verdadeiro Fillo de Deus. De maneira distinta a como somos tamén todos nós, grazas a el, fillos de Deus. El era o seu Fillo único, divino, da mesma natureza co seu Pai Deus, portador dos mesmos atributos divinos có seu Pai. Por iso se expresaba el distinguindo: "O meu Pai e o voso Pai". Deus Pai era e é pai de Xesús e noso, de maneira distinta, aínda que verdadeira en ámbolos dous casos.

Os apóstolos van aprendendo pouco a pouco a veren a Xesús así. Xesús está interesado de maneira especial en Pedro, o que se vai poñer ó temón da nova igrexa que Xesús botará a vogar. Pedro ten que aprender a ter plena confianza en Xesús, un Xesús que é posuidor de todo poder. Un poder igual có do Pai. Un poder que lle pode a tódalas posíbeis ameazas. O mar foi sempre símbolo e paradigma dos medos, dos abismos perigosos, do descoñecido que ameaza, dos monstros, das tebras que non deixan entrar luz e a claridade nelas.

A nosa vida non é sempre un pasear nun xardín de rosas. Dende que empezamos a respirar os airiños deste mundo ata que deixemos de facelo, a nosa vida pasa por angustias, pequenos ou grandes fracasos, proxectos que non chegan ó fin desexado, etc. Mais velaí que Xesús, nome que por algo quere dicir xustamente "Salvador", vén na

nosa axuda, para darnos confianza en todo canto facemos. El está sempre aí para botarnos unha man, como fixo con Pedro.

Como cristiáns temos que ter esta confianza en Xesús. Un Xesús que é todo el poder e amor. E que practica iso, por máis que exerza este poder e amor de modos inesperados e insospeitados. Pois el ten o seu ritmo, que non ten por que coincidir co noso. El non conta só co tempo, limitado e curto sempre, senón tamén coa eternidade. Traballa a longo prazo cando non o fai a curto.

Non. Xesús non é unha pantasma. Como o podería ser a Santa Compaña dos nosos avós. O único que fan as pantasmas é producir medo e espanto. Mais nin Deus nin o seu Fillo Xesús están aí para nos asustar, angustiar ou aterrar. Todo o contrario. Xesús non lle presenta razóns concretas a Pedro para que non teña medo a andar sobre as augas. Simplemente fai referencia a si mesmo, presentándose como quen verdadeiramente é. O que ten todo o poder e todo o amor para poñelos á disposición nosa. El conténtase con lles dicir ós discípulos e a un temeroso Pedro: "Tranquilos, que son eu". Un "son eu" no que resoa claramente o "Eu son Iavé", o "Eu son o que son" do nome co que se manifesta Deus a si mesmo para nós, un Deus ó tempo poderoso, bondadoso e pacífico.

É moi significativo que neste domingo, no que Xesús se presenta como poderoso e pacífico contra ameazas de calquera signo, se nos fale na primeira Lectura do Antigo Testamento do marabilloso encontro de Elías no monte co seu Deus. Tamén aquí Elías aprende a ver a Deus relacionado non co "rexo furacán", co "tremor da terra" ou co "gran lume". Uns fenómenos que se poden comparar coas ondas que proviñan do forte vento do mar e que sacudían a pequena barca dos discípulos de Xesús.

Sobre tales fenómenos dísenos no libro dos Reis que neles, é dicir, no furacán, no tremor de terra ou no gran lume, "non estaba o Señor". Si estaba, en troques, o Señor no case imperceptíbel "murmurio dunha airexa", semellante a esa suave brisa ó anoitecer que ás veces nos vén de cara ó mar despois dun solpor de verán.

Deus é, pois, pacífico. E dicir, facedor e promotor de paz e non quere que nos asustemos ou angustiemos cos acontecementos que ocorren nas nosas vidas. Porque Deus é meirande en poder e en amor que calquera ameaza ou desgraza. Persoalmente, teño presente agora na lembranza aquel dito que lle oín hai moitos anos a un excelente director espiritual: "Todo o que angustia –dicía el- vén do demo". Sempre me fixeron moito ben estas palabras. Con isto o que o mestre espiritual quería dicir é, tal como vos acabo de comentar, que Deus non está aí para nos angustiar ou meter medo. Polo contrario, el está aí para dar confianza e ánimo: "Tranquilos, que son eu".

O mundo, tamén e de maneira especial o noso mundo actual, precisa de xentes que dean bo ánimo e "tranquilidade" ás persoas con medos, con dúbidas ou con pouca esperanza. Xesús chámanos a lles dicir coas nosas palabras e co noso comportamento a todos: Tranquilos, que Xesús segue a ser tamén hoxe salvador e dador de paz, de tranquilidade, de alegría, tal e como nos vén repetindo unha e outra vez Francisco, bispo de Roma e pontífice da Igrexa.

DOMINGO XX ORDINARIO

A fe e o amor dos sinxelos

En canto boa nova, en canto alegre noticia, é o evanxeo unha verdadeira escola de formación humana. O grande, o marabilloso da mensaxe de Xesús é que, tratándose

de algo de hai tantos séculos, poida seguir sendo actual, fecundo e innovador en tempos tan distantes coma os que estamos a vivir xa ben entrados como estamos no século XXI.

A razón desta continua actualidade do evanxeo consiste en que nel se nos narran fondas experiencias que podemos chamar humano-divinas. Quero dicir con isto que por medio do evanxeo temos constancia, de maneira moi sinxela, do que ocorreu entre nós con alguén que se nos mostrou ó tempo como "fillo do home" e como "fillo de Deus". De modo que, sendo isto así, podemos entender dalgún xeito que o evanxeo sexa sempre "novo" ou que non envelleza nunca. Pois o Deus que se nos manifesta en Xesús nos evanxeos é o mesmo Deus sempre igual a si mesmo, que non vive no tempo senón nunha eternidade sen comezo nin fin. Unha eternidade, pois, sempre "moza". Por iso o Xesús que nos manifesta a Deus Pai está presente a tódalas épocas da historia. Por iso nos entende el ben e a todos. Tanto ós que nos precederon como a nós mesmos e ós que virán detrás de nós.

Non hai moito, falando do mar, contáronme que un mariñeiro comentara unha vez que ó mar hai que lle ter sempre respecto, porque é sempre mozo. As súas forzas non diminúen co paso dos anos. Ondas e vagas do mar manteñen sempre, pasen anos ou séculos, a súa forza. O noso poeta medieval Martín Códax respectaba e admiraba moito as que el chamaba "ondas do mar de Vigo". Unha das súas estrofas, de hai xa máis de sete séculos, empezaba así: "Mia irmá fremosa, treides comigo / a la igreja de Vigo, u é o mar salido / E miraremos las ondas!". O mar é, á fin e ó cabo, unha desas criaturas de Deus nas que se reflicte tamén dalgunha maneira a forza e a constante mocidade do seu Creador.

Quero dicir con todo isto que, se o mar é sempre mozo, moito máis o é e será sempre a palabra de Deus, concretamente o seu evanxeo (a súa "boa nova") a través dos tempos. A súa palabra é, pois, sempre "nova", sempre "moza". Falamos hoxe con frecuencia de que nos tocou vivir nunha época na que xentes de moi diversas culturas, relixións, linguas e razas andan mesturadas unhas con outras. As reaccións ante estes feitos son moi diversas. Uns compórtanse como racistas ou excluíntes dos que non son ou non se comportan coma eles. Outros desenténdense simplemente daqueles que lles resultan alleos. Posibelmente non sexan moitos os que chegan a seren capaces de consideralos verdadeiros irmáns, tratándoos con afecto, acolléndovos tal e como son.

Unha escena deste tipo é a que nos presenta o evanxeo de hoxe. Unha muller cananea diríxese berrando a Xesús, pregándolle que sande a súa filla. Os cananeos non pertencían ó grupo dos xudeus, adoraban a outros deuses. Podemos dicir, polo tanto, que tiñan outra cultura ou outros modos de proceder. Mais ela vai romper con clixés e tópicos. Na súa ruptura con estas tradicionais separacións culturais e sociais, entende por encima de todo que tanto ela coma a súa filla, o mestre Xesús ou os seus discípulos son iguais como persoas, máis alá de posíbeis diferenzas culturais. Pois todos temos iguais ou parecidas necesidades, todos queremos vivir, todos queremos recuperar a saúde deteriorada, todos queremos amar e sentírmonos amados. E isto é en definitiva o máis importante e decisivo.

Tal e como se nos refire no texto do evanxeo, a muller acabou triunfando sobre un Xesús que nos primeiros momentos semellaba querer aterse ás tradicionais diferenzas e separacións entre xudeus e cananeos. Ela discute e razoa con Xesús, con teima e sutileza, como o podería facer hoxe en día e en semellante situación calquera nai á que o que máis lle importa son sempre os seus fillos. E Xesús acaba rendéndose ante a fe da muller cananea, esa persoa allea á relixión e ós costumes xudeus, mais que no seu corazón posuía unha fe fonda. "Muller, a túa fe é ben grande", exclamará Xesús ó final.

A muller cananea non pertencía oficialmente á relixión xudía, a que practicaban Xesús e os seus discípulos. Mais posuía en cambio unha fe e un amor moi grandes. Unha fe que lle axuda a crer que Deus o pode todo e que é quen de se manifestar nos seus enviados e profetas, como ocorre con Xesús, o enviado por Deus Pai ó mundo. E se a fe é capaz de mover montañas, aquí podemos dicir que se amosa aínda case máis poderosa en canto que é capaz de mover o mesmo Deus que se manifesta en Xesús.

Agora ben, esa fe da muller cananea é, en último termo, grande e poderosa porque está baseada nun amor moi grande: o amor que ela lle ten á súa filla. Cando a fe e o amor se conxuntan así, entón non hai cousa que non sexan elas capaces de acadar.

Nos tempos actuais temos que animarnos a sermos coma a muller cananea. Animarnos a ter unha fe e un amor moi grandes en tódalas circunstancias da nosa vida. Mais para iso debemos practicar tamén o que practicaba esta muller crente e amante. Ela oraba, falaba con Deus, discutía con Xesús, o Fillo "benquerido" de Deus. E facíao dunha maneira moi espontánea e natural, sen actitudes ríxidas, preparadas, aprendidas ou programadas. Tal e como fan calquera filla ou fillo pequenos con seu pai ou con súa nai, sen precisaren de ninguén que antes llelo aprendan.

Oía eu, xunto con outras persoas, hai xa moitos anos a alguén do que se comentaba que era un grande entendido no tema da oración, é dicir, de como habería que dirixirse a Deus na oración. Lémbrome da angustia e preocupación que el expresaba ante nós, cando nos comentaba: "Temos que resolver –dicíanos el- o problema da oración!!!". Pola miña parte, debo dicirvos que, nin entón nin moito menos despois, fun capaz de entender por que iso de falar con Deus, do que confesamos que é o noso Pai, o noso "paiciño", podería converterse nun "problema" tan grande e complicado...

Polo menos, á cananea non parece que lle resultase ser a oración problema ningún. Orar, é dicir, falar con quen lle pode axudar, dialogar e discutir con el, era o máis lóxico e natural que podía facer ó estar ela chea dunha gran fe no poder e na bondade de Deus e dun grande amor ós seus próximos, no seu caso a súa filla enferma.

Como vedes, o "templo de Deus", do que na Lectura nos di Isaías que se chamará "casa da oración para tódolos pobos", convértese así no lugar, natural e íntimo, onde Deus está tranquilamente connosco e nós con el. Unidos pola fe no noso Pai Deus e polo amor ás persoas do mundo enteiro. Iso é o que queremos facer nestes nosos encontros dominicais. Encontros agradecidos con Deus e amorosos cos irmáns.

DOMINGO XXI ORDINARIO

Fillo divino, humano fillo

Non nos é posíbel maxinar Xesús centrado, por dicilo así, en si mesmo, retirado e ocupado nos seus pequenos ou grandes asuntos particulares. Á maneira de como procedemos tantas veces nós ó longo da vida, intentando resolver os nosos pequenos ou grandes problemas relacionados coas nosas doenzas corporais, co noso éxito profesional, calculando con coidadiño as vantaxes ou inconvenientes que esta ou aquela decisión nos poidan aportar.

Xesús non se dedicou propiamente á súa vida privada e particular. Neste sentido podemos dicir que era unha persoa pública, que estaba aí para os demais. Foino xa nalgún momento cando era aínda moi novo. Basta con lembrar o episodio aquel de se quedar no templo, sendo aínda un rapaz e sen que os seus pais o soubesen. Serao

naturalmente sobre todo na súa idade adulta, por ben mozo que aínda fose por entón. Falo de persoa pública non no sentido que se lle dá hoxe en día, por exemplo, ós que se dedican á política, á administración pública ou cousas semellantes.

Non. Xesús era un home público, simplemente porque non vivía illado dos demais, porque non estaba enredado ou obsesionado cos seus asuntos particulares ou co seu porvir persoal. Preocupábase sobre todo por estar atento ós problemas e dificultades dos demais. Buscaba facer felices a todos, dándolles perspectivas e esperanzas de vida e comunicándolles a boa nova de sermos todos irmáns e fillos dun mesmo Pai, destinados ademais a unha resurrección para sempre máis alá desta vida.

E, claro!, os que necesitaban este tipo de noticias eran o común das persoas, cantos tiñan que loitar e traballar por mantérense a si mesmos e as súas familias... Certamente, non tiñan por que estar atentos ós modos de ser e ás palabras de Xesús os que se atopaban satisfeitos nos seus pazos reais ou dispuñan de cartos abondo para non teren que preocuparse demasiado polo seu presente ou polo seu porvir... Isto explica por que Xesús tiña como oíntes, acompañantes ou discípulos a xente sobre todo das clases "baixas" ou humildes: pescadores, traballadores, enfermos, pecadores, mulleres, etc..

Para todas eles Xesús era un incríbel e inesperado acontecemento. Naturalmente, o seu discurso, a súa chamada era para todos –non excluía a ninguén-, mais había xente, os que podemos chamar "poderosos" e autosuficientes, que se excluían a si mesmos, que se consideraban exentos de lle conceder importancia algunha a Xesús. A non ser como mera curiosidade informativa, tal como lle pasaba por exemplo ó rei Herodes, que tiña curiosidade por velo, por telo diante del ou saudalo coma personaxe famoso sobre o que a xente tanto falaba. No imaxinario de Herodes, Xesús estaría, pois, máis ou menos na liña do que hoxe en día sería un cantante, futbolista ou algún famoso político.

Agora ben, Xesús era unha persoa pública polo que era, polo que dicía, porque tiña cousas importantes que lles dicir a persoas e colectivos con problemas e necesidades, porque se lle notaba ben que canto dicía ou facía procedía dunha fonda e íntima experiencia persoal. Notábase nel ademais que procedía cunha estraña e desacostumada autoridade, a diferenza dos meros repetidores de normas ou textos sagrados, como adoitaban facer escribas e fariseos.

Por iso ós seus discípulos non lles tivo que estrañar a pregunta que lles dirixiu un bo día: *"Quen di a xente que é o Fillo do Home?*". O Fillo do Home, é dicir, esa persoa que aquí tedes diante de vós, que é coma vós, ser humano coma vós, incardinado plenamente na historia humana e polo tanto na vida concreta dos seus coñecidos, compañeiros e compañeiras da Palestina do seu tempo.

Xesús non é un personaxe público ó estilo do noso tempo, onde por exemplo os políticos saben analizar con coidadiño as enquisas que se publican sobre a estima ou desestima que hai sobre eles. O que a el en realidade lle interesaba era realizar unha transmisión auténtica e verdadeira da mensaxe que el recibira do Pai para o mundo. Por iso pasa axiña da pregunta ós seus discípulos polo que a xente di sobre el á directa pregunta a eles mesmos, colaboradores seus e elixidos directamente por el mesmo: "*E vós, quen dicides que son eu*?"

A resposta de Pedro ("*Ti es o Mesías, o Fillo de Deus vivo*") é tan incríbel que Xesús ten que lle confesar a Pedro que unha resposta así non pode ter outra orixe ca terlle sido suxerida a Pedro polo mesmo Deus Pai do que Xesús se sabía fillo "benquerido". Incríbel digo, porque cando Xesús fala de si mesmo como "Fillo do *Home*", Pedro responde que el (xunto cos demais condiscípulos) cre firmemente que

Xesús, que se denomina a si mesmo humildemente “Fillo do Home”, é nada máis e nada menos que “o Fillo de Deus vivo”. Algo que semella mesmo contrastar coa expresión “Fillo do Home”, utilizada por Xesús.

En realidade, este é o grande e definitivo misterio de Xesús. Xesús mesmo coidarase por iso de lles advertir ós seus discípulos que non o anden dicindo por aí, para evitar así malentendidos ou interpretacións en clave simplemente política. Refírome ó gran misterio de que Xesús é ó tempo “Fillo do Home” e “Fillo de Deus”. Desde logo, para poder crer Pedro e para podermos crer nós hoxe en día nesta gran marabilla realizada por Deus Pai no seu incríbel acercamento á humanidade fai falla unha fe que non pode proceder sen máis do noso pequeno mundo. Como lle di Xesús a Pedro: “Ditoso ti, Simón, Fillo de Xonás, porque non cho revelou nin a carne nin o sangue, senón meu Pai, que está nos ceos”.

Ben nos fala Paulo na súa carta ós Romanos sobre a incríbel grandeza da mente e dos plans de Deus: “Que fondura é a da riqueza, da sabedoría e do coñecemento de Deus! Que inescrutábeis son os seus xuízos e inexplorábeis os seus camiños!”.

Este tipo de “boas” noticias -fundamentais, grandes e alegres- son as que estamos chamados, coa palabra e cos feitos, a agradecer íntima e comunitariamente a Deus e a comunicar á humanidade do noso tempo, no noso aquí e no noso agora de hoxe. Pois cremos e sabemos pola graza de Deus que el é suficientemente grande e poderoso como para facer que a súa boa nova se espalle tamén no noso tempo e en calquera lugar do mundo.

DOMINGO XXII ORDINARIO

Pedro, de divino a demoño

O estraño da escena que hoxe nos describe Mateo é o feito de que estea en directa continuidade coa incríbel resposta que lle dá Pedro pouco antes á pregunta de Xesús sobre quen era el. Para Pedro, Xesús non é nin máis nin menos que “o Fillo de Deus vivo”. Resposta que segundo o seu mestre Xesús levaba sen dúbida, para dicilo dalgunha maneira, denominación de orixe divina. Ninguén sobre a terra lle podía ter suxerido a Pedro unha declaración sobre Xesús tan sobrehumana e ó tempo tan axustada.

O estraño, digo, en relación con esta resposta, unha resposta máis divina ca humana, é que Pedro pase tan rapidamente de ser considerado fiel e atento auscultador da inspiración divina a el do Deus Pai de Xesús a ser censurado e rebaixado polo seu mestre nada menos que á condición de Satanás. Pois ben sabemos que Satanás vén sendo o símbolo mesmo do mal, da perfidia ou do engano.

Como se pode pasar tan de présa do máis alto ó máis baixo na apreciación respecto dunha mesma persoa? Ademais, o que xulga aquí sobre a actitude de Pedro é o propio Xesús, sobre o que Pedro tan correctamente dixera que era “o Fillo de Deus vivo”. Está claro que para Xesús se están xogando aquí asuntos moi importantes. Vexamos.

O feito é que Pedro, ó que non se lle pode negar certamente grandes doses de amor a Xesús, debeu de quedar totalmente bloqueado co negro futuro que lles anunciaba Xesús acerca de si. Xesús, que para Pedro e os demais apóstolos significaba o máximo de grandeza, de bondade e de plenitude moral ía ser tratado pola cúpula mesma dos dirixentes relixiosos, segundo o anuncio de Xesús, coma un malfeitor ata o punto de

rematar sendo eliminado ignominiosamente do mundo dos viventes. É verdade que Xesús anunciaba tamén que "ó terceiro día había resucitar". Mais isto último non lles dicía practicamente nada ós discípulos que o escoitaban. Pois o significado concreto desta resurrección viña ser algo situado máis alá de calquera experiencia concreta. En definitiva, o que Pedro percibía era o fracaso de Xesús, o triunfo da maldade sobre a bondade e a xustiza. Como podía Xesús -que tanto poder tiña mostrado xa contra toda clase de doenzas, enfermidades e incluso contra a morte mesma- permitir que a súa propia persoa chegase a se converter en vítima das meirandes inxustizas e vilezas? Non, iso non podía ocorrer e así llo fai Pedro saber, sen contemplacións, a Xesús.

Con todo, esta humana sabedoría de Pedro non está aquí ó nivel da súa primeira resposta, na que, inspirado por Deus Pai, confesaba que Xesús era "Fillo de Deus vivo". Pedro recibe aquí efectivamente un "suspenso" -utilizando conceptos escolares- en sabedoría divina. El pensa e fala aquí a un nivel puramente humano. "Non te deixas guiar por Deus –amoéstalle o seu mestre- senón polos homes".

Xesús vese obrigado por iso, neste momento, a sentar cátedra para lles comentar ós seus discípulos unha serie de paradoxos fundamentais da súa mensaxe, que se converterán no eixo ou estrutura fundamental da vida cristiá. E ó dicir isto, "vida cristiá", non deberiamos esquecer a primeira palabra: "vida". Porque se hai algo básico na mensaxe de Xesús é xustamente, contra non poucos malentendidos históricos, o de "vida". El afirmou sempre con contundencia que el é a "vida", que el vén darnos vida e vida abonda, que seu pai Deus non quere saber nada de mortos, porque "para el todos están vivos", etc. etc. De modo que se hai algo, neste sentido, que un cristián nunca debería practicar ou mostrar é unha vida lánguida, apagada, insulsa ou anódina.

Xustamente por iso, porque a "vida" cristiá ha ser vital, plena, afoutada e animosa, non lle deberiamos ter medo a renuncias que haxa que practicar ou a cruces que nos carguen sobre os ombreiros cando elas estean en relación co noso compromiso co evanxeo, esa boa nova que intentamos practicar e anunciar. Comportármonos doutro xeito significaría, aínda que non o pareza, térmoslle medo a vivir, a vivir plenamente, aínda que pensemos que si, que queremos vivir. Xesús dínolo de maneira paradoxal con esta formulación súa, cargada de misterio e de aparente contradición: "quen queira poñer a salvo a súa vida, perderaa; pero quen a perda por min, encontraraa".

Certamente, para asumir un mesmo estas palabras e deixar que xermolen de verdade na vida propia, precísanse altas doses de fe e de confianza naquel que as pronunciou e ter ademais moi en conta que para un cristián a vida non remata aquí senón que se prolonga no alén prometido. Testemuñas deste modo de vivir e de morrer hainas abondo na historia do cristianismo e de tantas outras persoas que, aínda que non se considerasen a si mesmas cristiás, portaban secretamente, sen sabelo elas mesmas, o lume interior e vital de Xesús. Non se buscaban a si mesmos, senón que axudaban decididamente os demais.

Vivir a fondo, pois, a nosa fe cristiá debería levarnos a adoptar actitudes que estean en consonancia coas palabras de Xesús, esixentes si, mais cargadas de plenitude e de futuro.

Na súa carta ós Romanos pídenos Paulo que "non nos axustemos ó mundo presente". É dicir, que non nos deixemos levar polas proclamas do consumismo (como tamén nos advirte nos nosos días o papa Francisco), da comodidade ou do desinterese egoísta polos problemas e dificultades dos demais. Si, debemos rexeitar ser "vividores" no sentido malo da palabra. Pero si temos que ser entusiastas da vida, da vida de todos, aínda que iso supoña, como nos anuncia Xesús, termos que levar sobre nós as nosas

propias cruces ou as que Deus queira que levemos tamén dos demais. Difícil, mais fermosa tarefa a nosa.

DOMINGO XXIII ORDINARIO

Encontro e super-encontro

Moitas veces se di que nas nosas sociedades modernas occidentais a xente se volveu individualista e pouco interesada nos asuntos e problemas dos demais. E parece que hai indicadores abondo que apuntan cara a este diagnóstico. Sobre todo as persoas que gozan, como adoitamos dicir, dunha certa independencia económica e profesional. Xente así prefire non se meter en leas, non complicarse a vida. Que cada un –pensan- arranxe os seus propios problemas e asunto concluído.

Xesús, polo contrario, non se refuxiou en si mesmo. Non se dedicaba a resolver os seus propios problemas ou a tomar especiais cautelas contra os perigos que podían ameazar a súa propia persoa. Tal como comentei algunha vez, Xesús era un home público. Buscaba facer comunidade, irmandade. Ocupábase de axudar os demais e de estar atento, coa súa acción e a súa palabra, ós problemas dos demais. Problemas morais, espirituais e, naturalmente, tamén físicos ou corporais.

Por iso, desde o principio, os primeiros cristiáns reuníanse para celebraren as súas asembleas comunitarias, lembrando a palabra de Deus e participando comunitariamente na Eucaristía. Ó participaren na Eucaristía, Xesús (a súa persoa e os seus ideais) ía tomando corpo e forma en cada un dos participantes.

En realidade, isto é o que continuamos a facer nas nosas eucaristías. Non pensemos que o que nelas ocorre é un simple encontrármonos uns con outros, intentando fortalecer a nosa piedade co exemplo dos demais que están connosco e cumprindo con máis ou menos devoción persoal un rito concreto: o da comuñón. Naturalmente, tamén rezamos, no noso interior ou particularmente, e tamén nos asociamos cos demais e co sacerdote que preside a eucaristía.

Todo isto é así. Pero o máis importante é algo que a simple vista non aparece. Xesús advírtenolo claramente no texto do evanxeo cando nel se nos di: “Se dous de vós se poñen de acordo na terra para pedir calquera cousa, conseguirano do meu Pai que está nos ceos. Porque onde están dous ou tres reunidos no meu nome, alí no medio deles estou eu”.

Este Xesús invisíbel, mais realmente presente entre os reunidos no seu nome, é o que teriamos que aprender a ver e sentir cada vez con máis forza e intensidade. A oración comunitaria, a que se realiza sobre todo na Eucaristía co “Noso Pai que estás no ceo”, é unha oración que Xesús está a realizar conxuntamente connosco, ó lado de cada un e no interior de nós mesmos.

Como vai fallar unha oración na que Xesús mesmo se une a nós para garantir os seus bos efectos? Xunto con nós, fillos de Deus e irmáns de Xesús, está a orar connosco o que é o seu Fillo unixénito, eterno e infinitamente querido por Deus-Pai.

Non o deberiamos esquecer. Deus é esa comunidade misteriosa e incomprensíbel de Deus Pai, Deus Fillo e Deus Espírito Santo que loxicamente non se pode revelar ou manifestar, en canto comunidade que intimamente é, senón creando comunidade, comunidades. Nós constituímos conxuntamente unha desas comunidades: un grupo de persoas que nos xuntamos aquí para, coa forza e o poder de Xesús que reza connosco,

pedirmos a Deus a súa graza e a súa axuda para as persoas do mundo enteiro, de maneira especial para as que máis precisan da súa axuda.

Por iso, nestas sociedades de hoxe que tenden polo que din os sociólogos ó individualismo e ó particularismo, temos que facer valer, fronte a esas tendencias, a importancia das reunións comunitarias. Concretamente a relevancia destes nosos encontros dominicais. Porque é neles onde Xesús nos garante, de maneira especial e explícita, a súa presenza.

Por esta razón, e unha vez máis fronte a egoísmos e particularismos, dísenos de maneira formal na segunda Lectura (na carta de Paulo ós Romanos) que todos os mandamentos de Deus se reducen a un só: "Amarás ó teu próximo como a ti mesmo". E está claro que non ama ó próximo quen non quere saber dos demais, quen non quere estar cos outros e participar así con eles das súas necesidades, dos seus problemas, das súas angustias, das súas esperanzas. Quen, polo tanto, non participa do espírito de Xesús. Un Xesús, que non é outra cousa, como ben sabemos, senón pura entrega de amor á humanidade, ós homes e mulleres concretos de tódolos tempos, de tódalas culturas, de calquera relixión que sexan, entrega incluso a aqueles que non se interesan por relixión algunha. O amor non fai excepcións. Por iso engadirá Paulo nesta mesma Carta súa que o amor é "verdadeiramente o pleno cumprimento da Lei".

Queda ben claro, pois, que sentido comunitario e amor son en definitiva a mesma cousa. Por iso, se onde se encontran varios reunidos no nome de Xesús alí se atopa Xesús mesmo entre eles, do mesmo xeito alí onde unha persoa ama o seu próximo alí está Deus, alí está Xesús.

É difícil encontrarse con alguén que non teña a experiencia de ser querido ou de ter sido querido algunha vez por alguén. Agora ben, por que apreciamos e amamos tanto as persoas que realmente nos quixeron ou nos queren e aman? Pois, en último termo, porque esas persoas nos fan presente en realidade a Deus mesmo, que non é outra cousa senón amor, a teor do que tantas veces repetía Xoán, o discípulo a quen Xesús quería de maneira especial.

Animémonos, pois, e reconfortémonos unha vez máis nesta nosa fe comunitaria, portadora de amor e de esperanza para o mundo.

DOMINGO XXIV ORDINARIO

Consecuentes na perdoanza

Na oración que dicimos conxuntamente na eucaristía dos domingos ou de calquera outro día –estoume a referir á oración do "Noso Pai que estás no ceo"- dicimos: "Perdoa as nosas ofensas como tamén perdoamos nós a quen nos ten ofendido".

Trátase dunha oración por medio da cal Xesús lles aprende a orar ós seus apóstolos despois de estes llo pediren a el de maneira explícita. Vén sendo, polo tanto, algo así como o modelo para calquera xeito de nos dirixir nós ó pai de Xesús e pai tamén noso.

E, enlazando co que diciamos no último domingo, non se trata dunha oración individual. Quero dicir: non son eu, en canto individuo particular, Manuel ou Iago, Xurxo ou Uxía, os que nos diriximos cada un pola súa conta ó noso particular Pai do ceo. Porque o noso Deus non é Pai de individuos ou persoas humanas particulares en

canto tales. Dese xeito Deus só é Pai de Xesús, o seu Fillo único, unixénito e eterno. E por iso só Xesús é persoa divina, aínda que cunha natureza humana coma a nosa.

Todos nós somos, pois, fillos de Deus-Pai e irmáns uns dos outros pola nosa común irmandade con Xesús, que é tamén ser humano coma nós. Formamos entre todos, en consecuencia, unha gran familia. A familia dos fillos de Deus por adopción súa. El quérenos a todos como fillos del e non lle comprace que os seus fillos nos comportemos mal uns cos outros.

Por todo isto, o modo como Xesús quere que nos dirixamos ó Pai non é: "*Meu* Pai que estás no ceo". Desa maneira só pode dirixirse Xesús a el. Tódolos demais, todos nós, aínda que o fagamos particularmente desde a nosa particular soidade interior, non nos podemos dirixir a Deus máis que como o Pai que é de todos (non só de min). A conciencia de que somos irmáns de todos non nos pode, pois, abandonar no intre de dirixírmonos a Deus. Dito doutra maneira. A Deus non lle vai que nos dirixamos a el prescindindo dos demais ou, sobre todo, estando a mal con eles.

Mais por que?

Cústanos moito chegar a aprender de maneira consecuente a incríbel importancia que ten o feito, no que cremos, de que Deus se fixo irmán noso en Xesús. Ese feito convértenos automaticamente a todos en irmáns. Formamos todos, polo tanto, unha única familia. E entre os membros dunha mesma familia (se é que a é de verdade) non se lles anda a pedir contas, uns a outros, das cousas malas ou boas que mutuamente nos fixemos ou deixamos de facer. Querémonos simplemente e de verdade uns a outros. E se algunha vez hai algún problema, algunha "ofensa", estase sempre disposto a perdoar e a facer as paces. Claro que todo isto depende moito do grao de amor que exista nas diversas familias.

En calquera caso, ese é o nivel, ben alto, que nos pon Xesús para sermos e comportármonos mutuamente e de verdade como irmáns. Perdoar, non "sete veces", senón "setenta e sete veces", tal como se nos di no texto do evanxeo. É dicir, perdoar sen límite, sempre. Xa sabedes que o número "sete" ten na linguaxe bíblica un sentido simbólico, que vén significar aquí algo así como "sempre", sen tope.

Pero creo que o máis importante de todo é que vexamos nisto a súa fonda raíz. Perdoar, ter un corazón xeneroso e perdoador, porque Deus-Pai así é e así se comporta sempre. Lembrade aquela marabillosa parábola de Xesús, de cando o fillo pródigo volve á casa e seu pai non lle bota en cara o máis mínimo o seu mal comportamento senón que o enche de bicos e apertas e manda celebrar unha gran festa. Porque Deus nos quere, por iso é el tamén perdoador con tódolos seus fillos.

Lembrade unha vez máis tamén o que nos dicía Paulo, no anterior domingo, de que tódolos mandamentos se reducen a un só: "Ama o teu próximo como a ti mesmo". Se nos acostumamos a ver nos demais a nós mesmos, entón a cousa faise doada. Pois hai alguén que non se queira a si mesmo?

En vez de intentar facer, pois, cousas raras..., os cristiáns teriamos que especializarnos en vérmonos a nós mesmos nos demais. Porque en Xesús, no que Deus se humaniza, acadamos todos a mesma dignidade de fillos de Deus. Somos así todos iguais no amor que Deus nos ten, no aprecio co que el nos olla a todos. E esta dignidade non pode en modo algún quedar borrada ou anulada polos comportamentos indignos, inmorais ou ofensivos que poidamos ver ou comprobar nalgunha persoa concreta. Por enriba de todo e antes de nada, somos, e sómolo sempre, irmáns, queridos por Deus alén das nosas feblezas e desordes morais.

No texto do evanxeo Xesús pon a Deus-Pai como modelo do noso comportamento. Se el non se pon a si mesmo límites no seu amor a nós e no seu comportamento xeneroso e perdoador con todos, entón non será moito pedir que fagamos nós algo semellante nas nosas mutuas relacións. É así como iremos construíndo ese "Reino de Deus" do que falaba tantas veces Xesús: un mundo no que as violencias, as inxustizas, os desencontros entre individuos e pobos deixen de ser crónica habitual de xornais e outros medios de comunicación.

Este espírito xeneroso e perdoador engrandece as persoas, porque ó seren "pacíficas", é dicir, facedoras ou construtoras de paz, fanse así merecedoras daquela "felicidade" da que falaba Xesús ó chamar "benaventurados", ou sexa "felices", os "pacíficos".

Este tipo de comportamento "pacífico", perdoador, ten un amplo campo de aplicación. Desde o seo da familia -nas relacións entre marido e muller, pais e fillos e estes entre si- ata no caso dos terrorismos do noso tempo. Tamén neste tema do terrorismo, sen un comportamento xeneroso e perdoador non é doado chegar a unha solución que sande e cure de verdade tódalas feridas.

Sexamos, pois, no conflitivo mundo de hoxe sempre pacíficos, pacificadores, perdoadores, facendo así presente e visíbel o Deus xeneroso e perdoador que se nos manifesta en Xesús.

DOMINGO XXV ORDINARIO
Máis ca bo

A grandeza da inimaxinábel personalidade de Xesús consiste en que el, sendo un de nós, humano coma nós, nos vai transmitindo a todos coa súa palabra e cos seus feitos como é Deus, como é aquel de quen el, Xesús, se recoñece como o seu fillo benquerido. Xesús posuía polo tanto unha experiencia fonda e íntima, para nós inconcibíbel, do seu Pai Deus. Unha experiencia sobre a que el non podía ter dúbidas ou escuridades que o puidesen abalar de xeito definitivo.

Non se trata, en consecuencia, dunha experiencia semellante á de moitos filósofos, pensadores ou místicos de toda a longa historia humana, que só puideron achegarse a Deus con tenteos persoais e conxecturas simplemente humanas. A nós resúltanos totalmente inconcibíbel como podería ser aquela marabillosa experiencia interior súa, a de se saber o fillo benquerido de Deus. Unha experiencia única e exclusiva a del. Desa experiencia fonda e íntima rebordaba el.

E Xesús non fai senón comunicárnola de maneira sinxela, de xeito que a poidamos dalgún xeito comprender. Por iso é sempre verdadeiramente sorprendente e emocionante asistir a esta escola do saber sobre Deus co Mestre Xesús. Un Xesús que nos fala directamente, limpamente, sen libros e sen axudas eruditas doutros mestres ou autores, sobre esta fonda experiencia súa.

Aprendemos así tamén a ver simultánea e conxuntamente o Pai Deus e o seu Fillo Xesús. Porque Xesús non é máis cá presenza viva e actuante de Deus entre nós. Non nos esquezamos, repítovolo unha vez máis, daquilo que lle dicía Xesús ó seu apóstolo Filipe: "Filipe, quen me ve a min, ve o Pai".

De maneira que Xesús non é, nin fai, nin fala outra cousa máis có que é, fai ou lle fala seu Pai. Dado que o máis fundamental da revelación de Xesús é o de que o seu pai Deus é tamén verdadeiro pai noso, non nos debe estrañar que hoxe se nos fale no

evanxeo da xenerosidade e esplendidez dun Deus que nos chama e convida tamén a nós a traballar na súa viña.

Como ocorre xa dalgún modo con calquera bo pai ou boa nai nas nosas familias, a xenerosidade e esplendidez de Deus connosco están por enriba de calquera apelación á estrita xustiza ou a supostos méritos persoais. O Amor que Deus nos ten supera, polo tanto, calquera comportamento supostamente debido ou simplemente xusto.

Xesús manifféstanos así, na parábola de hoxe, un Deus que busca a nosa colaboración no traballo que el mesmo está a facer no mundo. Mais el sabe da nosa preguiza, dos nosos problemas, das nosas indecisións e dos nosos cansazos. En definitiva, el coñece a febleza das persoas e por iso permítese tratalas tamén a estas tan bondadosamente coma a aquelas que pola súa parte fachendean de seren as máis dilixentes e espelidas.

Coa súa xenerosidade e co seu amor, é así el capaz de sorprendernos, chegando a proclamar, fronte ás pequenas xustizas humanas, de curto voo, que "os últimos serán os primeiros". Os traballadores da primeira hora, aqueles que se ergueron cedo do leito e axiña foron contratados, non teñen en consecuencia razóns para se consideraren mellores ou merecedores dunha meirande recompensa cá dos que se retardaron en comezar a súa tarefa.

Xesús apréndenos así a sermos comprensivos, xenerosos e espléndidos cos demais. Por que? Porque o seu Pai Deus así é e así procede tamén. Por iso é así tamén Xesús. E por iso tamén nós deberiamos ser así. Non sen razón se di neste sentido que esta parábola dos "traballadores da viña" é sen dúbida unha das máis revolucionarias de Xesús.

O que si é tamén importante nesta mensaxe de Xesús é que cada un de nós saibamos agradecer e aceptar o concreto convite que Deus nos fai -cando el queira e como el queira- a traballar con dilixencia e entusiasmo na súa viña. Grazas a este traballo noso poderá o mundo, os homes e as mulleres dos nosos días, degustar e beber ese viño -cunha denominación de orixe insuperábel, divina- co que Deus quere aledarnos e facernos "benaventurados", felices, a todos.

Quero xa rematar cunhas palabras que escribe o coñecido teólogo José Antonio Pagola en relación con esta parábola de Xesús. Son estas:

"Nunca esquecerei o impacto que me produciu, hai xa moitos anos, o descubrir que non foi o rigor ou a radicalidade de Xesús o que provocou irritación e rexeitamento, senón o seu anuncio dun Deus 'escandalosamente bo'. A parábola dos traballadores da viña é particularmente significativa. O seu contido é tan revolucionario que aínda non nos atrevemos a asumilo. E, porén, a mensaxe de Xesús é clara: o mesmo que 'o *Señor da viña'* dá a tódolos seus obreiros o seu *'denario'*, merézano ou non, sinxelamente porque o seu corazón é grande, así Deus non fará inxustiza a ninguén, mais pode ofrecer a súa salvación incluso ós que, segundo os nosos cálculos, non a merecen [...] Deus é bo con tódalas persoas, merézano ou non, sexan crentes ou sexan ateos. A súa bondade misteriosa desborda tódolos nosos cálculos e está máis alá da fe dos crentes e do ateísmo dos incrédulos. Ante este Deus o único que cabe é o gozo agradecido. Esquecernos dos nosos esquemas, facer silencio dentro de nós e abrirnos confiadamente á súa bondade infinita".

DOMINGO XXVI ORDINARIO

Fachenda? Non. Grazas

Mateo segue a falarnos hoxe da comparanza que fai Xesús do seu “reino” cunha viña e do seu convite a todos a traballarmos nela. A vantaxe deste tipo de comparacións é que así podemos entender mellor a mensaxe que Xesús nos quere anunciar. E se a comparación ten que ver coa natureza, coa vida vexetal que nos rodea, tanto mellor, pois na nosa bela e vizosa Galicia conservamos aínda ben de árbores e videiras por moito que lles pese a incendiarios e irresponsábeis. Esperemos ademais que este ano teñamos tamén na nosa terra unha boa colleita de uva e de boa calidade. Algo diso sabemos, pois: do recoller a uva, do facer o viño e tamén de probalo e de bebelo (a ser posíbel con moderación).

O reino que anuncia Xesús está aí xustamente, coma o viño, para producir alegría, comensalía e fraternidade. Foron moitas as veces que comparou Xesús o seu reino, o presente xa e mailo futuro, cun gran banquete onde xente das máis diversas razas e culturas comparte ou compartirá a ledicia de ser fillos de Deus. Algo así como nun xantar de voda onde todos nos atopamos a gusto con coñecidos, amigos e parentes.

Mais, claro, para poder ter esa festa do viño e da fraternidade é preciso traballar antes na viña. Esa viña que é o mundo no que nos atopamos todos e no que nos relacionamos uns cos outros. Deus chámanos e convídanos a traballar con el e cos demais no cultivo, na maduración e na recolleita deses acios dos que logo se vai facer o viño da alegría e do contento. Somos todos privilexiados colaboradores de Deus nunha tarefa que el quixo que proceda tamén da nosa liberdade e do noso esforzo persoal e comunitario.

E, tal como se nos recorda no texto do evanxeo, o que conta en todo isto non son as palabras ou as promesas que o vento pode doadamente levar consigo a pouco de seren pronunciadas. “Vou, Señor”, pero logo non foi... O que conta son as obras, os feitos , por aquilo ben sabido de que “obras son amores e non boas razóns”.

Aqueles ós que Xesús dirixe esta parábola son, segundo nos refire Mateo, “os sumos sacerdotes e os anciáns do pobo”. É dicir, os mestres da lei, da palabra escrita ou transmitida de viva voz de xeración en xeración na cultura e relixión xudía do seu tempo. Eran os que tiñan o privilexio da palabra, mais non necesariamente das boas obras. Facede, dicía Xesús noutro contexto, todo o que eles vos din, mais non fagades conforme ás súas obras. Consello que debería valer, dito sexa de paso, tamén para vós, pois é ben posíbel que as belas ou non tan belas palabras que vos diriximos non vaian en nós suficientemente acompañadas sempre das boas obras.

Este privilexio da palabra levou os sumos sacerdotes e os anciáns dirixentes xudeus a considerárense a si mesmos como superiores ós demais. Fachendeaban de seren os verdadeiros depositarios e portadores da verdade, do bo comportamento e da xustiza. Eran sen dúbida superiores ós demais no que se refire á súa posición social, á súa relación cos poderosos e adiñeirados. Mais eran eles –no fin de contas- verdadeiramente superiores ós demais? Máis concretamente, posuían eles realmente unha categoría ética ou relixiosa máis elevada cá dos oficialmente “pecadores” ou socialmente mal mirados?

É ben seguro que estes “sumos sacerdotes e anciáns do pobo” deberon de recibir un atordante machadazo cando Xesús lles espetou sen máis contemplacións: “Asegúrovos que os recadadores e mailas prostitutas entrarán no Reino de Deus antes ca vós”.

Como vedes, Xesús no parece levarse nada ben con cantos fachendean de si mesmos, da súa virtude ou da súa bondade moral. Tal como dicía el mesmo noutra

ocasión: “Bo, o que se di bo, non hai máis ca un: Deus”. Os demais, todos, somos –no mellor dos casos- aprendices, máis ou menos consecuentes, da única bondade, que é a de Deus só. E todo isto, ademais, grazas á súa graza e amor.

E resulta, ademais, que esta bondade, a de Deus, é xustamente boa porque é unha bondade pola que el, Deus, se comunica, se dá ós demais, en Xesús. Por iso, e con moi boa lóxica, a liturxia de hoxe ponnos á nosa consideración o texto do evanxeo de hoxe facéndolle preceder un célebre texto da carta de Paulo ós Filipenses.

Neste texto dános azos Paulo para termos “sentimentos de agarimo e misericordia” uns cos outros. Recoméndanos tamén non procedermos con “fachenda”, “pensando humildemente –segue el a dicir- que os outros son máis ca un”. Mais para min o máis importante ou decisivo é a razón pola que Paulo nos exhorta a iso. Unha razón ou xustificación que explicaría tamén por que Xesús formulou palabras tan fortes contra a fachenda dos “sumos sacerdotes” e os seus compañeiros.

A razón está precisamente en que o Deus que se nos manifesta en Xesús é un Deus que non “fachendea” de ser Deus (e ben que podería facelo!, digo eu), senón que é un Deus que se rebaixou libremente a si mesmo en Xesús ata o nivel máis baixo da nosa propia humanidade. Paga a pena volver escoitar o texto paulino da Segunda Lectura: “*El [*é dicir, “Cristo Xesús”*], con ser de condición divina, non se agarrou con cobiza ó seu ser igual a Deus; senón que se espiu do seu rango e asumiu a condición de escravo, feito en todo semellante ós homes. Presentándose coma un home calquera, abaixouse a si mesmo, facéndose obediente ata á morte, e á morte na cruz*”.

Por iso a vida e mailo comportamento de Xesús na concreta sociedade do seu tempo, na que el se manifestou coma “un home calquera”, son a verdadeira condena do autocompracente comportamento dos mestres da lei.

E, claro, xustamente ese rebaixamento de Xesús, do que nos fala Paulo, é o que fará que o Pai-Deus, e tamén Pai noso, o vaia despois “exaltar sobre todo”, tal como nos di tamén Paulo.

Se queremos, polo tanto, en canto cristiáns e seguidores de Xesús, sermos grandes (e deberiámolo desexar de verdade!), xa sabemos cal ha ser a nosa folla de rota para acadar tal grandeza. O camiño é, como o de Xesús, o do noso “rebaixamento” no servizo e amor a cantas persoas nos toque en sorte atopar na vida.

DOMINGO XXVII ORDINARIO
Viño gratis pra beber e vivir

As lecturas da liturxia casan ben coas tarefas que se están a realizar nestes días ou que remataron hai pouco na nosa terra. É o tempo fermoso de vendima. Un traballo e unha recolleita, que precisa esforzo e dedicación, mais que se fai con ilusión case festiva, porque os acios recolleitos e o viño que sairá deles servirán para alegrar o corazón e crear comensalía e fraternidade.

Non é nada estraño que Xesús botase man moitas veces da comparanza do seu Reino co cultivo da viña ou co traballo da recolleita da uva. Á fin e ó cabo a eucaristía está construída tamén arredor do viño que pola celebración sacramental se converte no Xesús que dá a súa vida por nós. A eucaristía é así verdadeiramente un banquete no que nós comemos e bebemos o corpo e o sangue de Cristo para dese xeito írmonos convertendo pouco a pouco no que o mesmo Cristo é. Trátase dunha divinización, a nosa, que o mesmo Deus vai realizando en nós ó nos poñer en contacto con el por medio sobre todo da Eucaristía.

No centro do texto do evanxeo non son, coma no domingo pasado, os traballadores en paro que o dono da viña convida a traballar nela. Os protagonistas son esta vez dunha categoría algo superior. Non son traballadores ocasionais ou sen papeis, senón estábeis. Son os que o propietario contratou como rendeiros para coidaren día tras día a súa viña ata que el volva da longa viaxe. Levaban por isto tanto tempo no seu cargo, facendo sempre o mesmo e sen que ninguén lles pedise contas, que chegarían a pensar que a viña e canto alí ocorría era só cousa deles e para eles.

Unha vez máis, nesta parábola dirixida tamén como a do anterior domingo ós sacerdotes e ós anciáns do pobo, Xesús volve insistir en que ninguén neste mundo, por moi relixioso e bo que se considere a si mesmo, ten a propiedade ou a exclusiva da relixiosidade. E isto vale tanto en relación coa relixión oficial xudía do tempo de Xesús como en relación con calquera outra relixión. Tamén en relación coa nosa relixión cristiá.

O único propietario da viña, das vides ou da terra que hai nela, é Deus e mailo seu fillo Xesús, mandado polo Pai-Deus para estar connosco e para nos aprender o verdadeiro xeito de nos comportar na vida. Sacerdotes, relixiosos, párrocos, bispos ou mesmo o bispo de Roma e Sumo Pontífice non somos máis ca traballadores na viña de Deus para o mundo, encargados polo tanto, a distintos niveis de responsabilidade, de coidar o mellor que poidamos dunha viña que non é nosa, senón de Deus que a ofrece para o ben do mundo.

Por iso tamén, se no anterior domingo Xesús lles dicía ós xefes relixiosos xudeus que os por eles tan desprezados "recadadores de impostos e prostitutas" entrarían antes ca eles no Reino de Deus, algo semellante ocorre hoxe cos contratados polo dono da viña para coidaren dela. Na medida en que se comporten ou nos comportemos como donos da viña sen selo en realidade, considerándose ou considerándonos con dereito exclusivo para decidir quen pode ou non entrar entrar nela, caen, caemos, baixo a condena que hoxe oímos de Xesús: "A eses malvados faraos morrer de mala morte, e arrendaralles a viña a outros viñateiros".

Cantos teñen algún cargo ou responsabilidade no seo da igrexa, é dicir, no interior das nosas comunidades cristiás, teñen polo tanto que se comportar, segundo se adoita dicir, como "bos administradores dos bens de Deus" e non como propietarios dunha viña que non é senón gratuíto don de Deus á humanidade. E os que non teñen esta responsabilidade directa, si teñen tamén a responsabilidade e o dereito de esixir ós "administradores" destes bens que o seu comportamento sexa como Xesús quere que sexa.

Ben sabedes que na igrexa, a comunidade dos crentes en Xesús, nos encontramos hoxe en día, como tamén noutros tempos aínda que doutra maneira, con dificultades e problemas de moi diversa orixe e de moi distinto xénero. Mais en calquera caso, esta viña do Señor debería abrir cada vez máis as súas portas e os seus valados para que calquera persoa poida degustar o saboroso e reconfortante dos acios e do viño que Deus regala á humanidade. A igrexa non se pode considerar a si mesma como unha finca particular ou un coto privado nos que só poden entrar os que pensan, os que pensamos, pertencer xa a ela. Neste sentido o papa Francisco dicía non hai moito no seu fermoso e ben evanxélico escrito "A alegría do evanxeo" o seguinte: "A miúdo nos comportamos como controladores da graza e non coma facilitadores. Mais a Igrexa non é unha aduana, é a casa paterna onde hai lugar para cada un coa súa vida a costas".

Así, pois, do mesmo xeito que Xesús foi, como se nos di no texto do evanxeo de hoxe, "a pedra que desbotaron os canteiros, mais que agora se converteu en esquinal",

así tamén os desprezados, os pobres, os aparentemente pouco relixiosos ou indignos deberían converterse en "esquinal", é dicir, en pedra básica e decisiva na construción desa igrexa, dese "reino de Deus", que queremos construír e que Deus quere construír e está xa a construír connosco e entre nós.

Desta apertura da igrexa a todos parece falarnos na segunda Lectura o propio apóstolo Paulo cando lles escribía na súa carta ós Filipenses: "Meus irmáns, todo o que sexa verdadeiro, todo o que sexa serio, xusto, honesto, todo o que sexa estimábel, o que sexa honroso, calquera virtude ou cousa loábel que haxa, iso é o que debedes apreciar".

Non podemos dubidar de que hai moitas persoas, ben coñecidas seguramente por vós onde queira que vivades ou vos movades, que son, tal como di Paulo, xustas, honestas, posuidoras de virtudes e outros dons de Deus. Todos eles pertencen de feito á viña do Señor, aínda que quizais non o saiban eles ou non o saibamos nós mesmos. E temos que aprender tamén a escoitalos, aprecialos e amalos.

Que a nosa Eucaristía de hoxe sirva, pois, para agradecermos a Deus a viña e o viño que nos regala a todos, viño e pan no que el mesmo se nos dá no rito da comuñón.

DOMINGO XXVIII ORDINARIO

Convidados a vivir

Xesús é ben clariño nas cousas que nos conta. Era un home do pobo e entendíase ben coa xente normal e corrente, referíndose a cousas concretas e a experiencias ordinarias e comúns da xente. Non falaba coa linguaxe dos chamados "entendidos", ós que ás veces non se lles "entende" a pesar de seren considerados como tales. Así son ou adoitan ser non poucos dos que se dedican a pensar, falar ou escribir por exemplo sobre temas de filosofía. Eu pertenzo ó gremio destes últimos e se cadra por iso podo ter o perigo de non me facer entender de cando en vez como cumpriría. Mais, en fin, cada un leva ó lombo o fardelo da súa propia historia.

Dito isto, quen non recibiu algunha vez un convite para unha voda ou desexou, polo menos, que o convidasen? E se non ten experiencia do que ocorre nunha festa ou nun xantar de voda, convídoo a ler polo menos o que escribía Curros Enríquez no engaiolante poema dos seu libro "Aires da miña terra", que leva como título "Unha voda en Einibó".

Entre nós, as tradicións teñen moita forza por aquilo que dicía xa o P. Sarmiento, no século XVIII: "os galegos son tenaces en manter os seus costumes". E as nosas vodas en tempos pasados duraban tantos días e eran tan abondosas en xantares, bebidas e demais, que os responsábeis políticos e eclesiásticos (bispos ou autoridades civís, que viñan maioritariamente de fóra de Galicia) tiveron que poñer couto, sobre todo desde o século XVI, a tales excesos. Porque, tal como polo menos argumentaban os responsábeis eclesiásticos ou civís, aquel dispendio podía mesmo chegar á ruína dos que convidaban á voda. Non lles faltaba algo de razón.

Aínda así, as nosas vodas galegas tradicionais adoitan manter aquela abundancia de material comestíbel, que tanto lles chama a atención ós que veñen de fóra do país. Unha vez tiven que asistir nun dos mellores hoteis (se non o mellor) de Madrid a unha voda de xente de moi alto poder social e político. Sendo como era o acontecemento ben lonxe da nosa terra, non foi nada estraño que alí houbese, si, moita etiqueta e finura de

relacións, mais pouco exceso ou abundancia daquilo que a nós tradicionalmente tanto nos vai.

En realidade, o que pretenden os que convidan a unha voda é manter e fortalecer os vencellos de amizade e relacións que unen os noivos e familiares máis próximos cos demais. E iso realízase creando comensalía, amizade e alegría por medio dun xantar.

Sabemos que Xesús, no comezo da súa vida pública, asistiu como convidado, el e maila súa nai, a un xantar de vodas (as coñecidas como as vodas de Caná de Galilea). Era unha maneira de anunciar, xa desde o principio e de maneira plástica, por onde ían ir os tiros, para dicilo dalgunha maneira... En realidade, o que vén anunciarnos Xesús, como mensaxe fundamental seu e do seu Pai-Deus, é que todos, homes e mulleres de tódolos tempos e lugares do mundo, formamos unha mesma comunidade de orixe e de destino, unha mesma rede de relacións fraternais. Somos todos fillos de Deus, irmáns polo tanto entre nós e chamados a sentármonos á mesma mesa con el e írmonos así asemellando cada vez máis a el ó participarmos da súa divindade.

Por iso non se acaba de entender moi ben por que somos tan reticentes a aceptarmos un convite tal. Quizais mesmo por presentársenos o convite como algo tan grande e incríbel que nos semella pura fantasía ou ilusión.

A parábola de Xesús cóntanos que os convidados á voda do fillo do rei ou simplemente non querían ir, ou formulaban escusas, como a de que estaban moi leados, tiñan moito que facer ou que estaban metidos ata a cabeza en "negocios" que non llelo permitían. En definitiva, tratábase de problemas de axenda, como adoitan dicir as persoas que se consideran importantes. Cando a verdade é que en toda axenda que se prece o principio xeral de compracer as persoas debería figurar sempre en primeiro lugar, antes de calquera outra consideración.

Pois ben, fronte ás estudadas escusas dos convidados, o evanxeo de Xesús é basicamente unha invitación a respondermos con xenerosidade e agradecemento ó incríbel convite de Deus a sermos felices con el. Para iso pon el desde o principio nos nosos corazóns unha indefinida querenza ou tendencia a sermos felices (quen non quere ser feliz?). Despois ofrécenos, por pura xenerosidade e graza del, estarmos na súa compaña, participando da súa felicidade e do seu poder. Sen que para iso teñamos que escoller na lista de voda o regalo que cumpriría facerlle a Deus Pai ou ó seu Fillo Xesús. Mais Deus, o rei pai do fillo que se casa, non precisa nada de nós. Só quere regalarse el mesmo a todos e cada un de nós en toda a súa grandeza e en todo o seu amor.

Á vista de todo isto, o lóxico e axeitado sería aceptarmos sen máis este inimaxinábel convite de Deus e dedicármonos en consecuencia, en alma e corpo, a vivirmos esta experiencia dun Deus que quixo vir estar connosco para sempre. Unha experiencia á que está chamada a humanidade toda, tódalas persoas de boa vontade, sen distinción de culturas, linguas, razas ou relixións.

Porque en realidade a voda da que aquí se fala é en certo modo a voda de Xesús mesmo con toda a humanidade. O Fillo de Deus, ó se encarnar ou converter nun de nós, casa, é dicir, emparenta en certo modo con toda a humanidade: con tódolos homes e mulleres do mundo enteiro, sobre todo cos máis pobres, necesitados ou discriminados.

E este emparentamento está decidido por Deus Pai e decidido ficará para sempre. Deus non vai deixar que o que el realizou -volvo dicir: a voda do seu fillo coa humanidade toda- vaia ser como unha voda fracasada ou como unha simple voda de conveniencia, formal ou a distancia. Deus levará a cabo os seus designios e as cousas vanlle saír ben. Algo disto semella xa anunciársenos na parábola cando alí se nos comenta que, a pesar dos egoísmos e particularismos das escusas duns ou doutros, a sala

de voda se encherá: “Saíron –dísenos alí- ós camiños os criados e xuntaron a tódolos que atoparon, bos e malos, enchéndose de convidados a sala da voda”.

A celebración eucarística vén sendo como un anticipo ou modelo desa voda da que fala o evanxeo. Estamos así empezando a sentir e saborear a presenza de Xesús entre nós, oíndo a súa palabra e recibíndoo con agradecemento na comuñón, unindonos tamén deste xeito simbolicamente á humanidade toda, coa que el permanece unido para sempre.

DOMINGO XXIX ORDINARIO

Dálle ó teu irmán o que é de Deus

Se metedes a man no peto, cun pouco de boa sorte igual atopades algunhas moedas nel. Xunto ás moedas de varios céntimos, podedes se cadra atopar algunhas moedas máis xeitosas. Por exemplo, algunha de cincuenta céntimos, que pode ter por un lado a efixie de Cervantes. Outras poden levar a imaxe da aguia imperial alemá. Ou pode que haxa outras coa imaxe do anterior rei de España, Xoán Carlos I, ou algunha outra na que estea a face da raíña de Holanda.

Dende hai séculos os países gravan nas súas moedas as imaxes dos personaxes de máis sona e sobre todo as dos seus actuais gobernantes, democráticos ou non.

Pois ben, polo que parece, cando os emisarios dos fariseos foron onda Xesús para lle poñer, segundo acostumaban, a consabida trapela, Xesús non debía de levar ningunha moeda no peto ou, polo menos, fixo como se non a levase. É lóxico que dos poucos cartos dos que disporían conxuntamente el e mailo grupo dos apóstolos alguén se encargase deles en nome dos demais. Sabemos, por exemplo, concretamente que Xudas, nalgún momento polo menos, cumpriu mellor ou peor con esa función.

En calquera caso, Xesús, que axiña se deu conta da trapela que lle querían montar, soubo tamén (como non?) a maneira de se comportar pola súa parte como cumpría. Eu diría (entre nós podemos facelo) que se comportou dunha maneira moi nosa, moi galega, é dicir, bastante intelixente. Sen que por iso queiramos fachendear, pois xa sabemos que iso non está ben. Xesús iniciou, pois, a súa resposta, é dicir, a desenlearse da trapela que lle acababan de tender con estas sinxelas palabras: “Mostrádeme a moeda do tributo”.

No tempo de Xesús, a moeda que circulaba no país de Xudea era a moeda dun imperio colonizador e asoballante, o de Roma. Se hoxe en día algunha das nosas moedas teñen gravada, por exemplo, a efixie de Filipe VI, actual rei de España, o denario que lle presentaron a Xesús tiña gravada por un lado a face de Tiberio, o emperador romano, que ía acompañada destas palabras: “fillo do divino Augusto, digno de veneración, pontífice máximo”.

Como vedes, a teor destas palabras da moeda, o emperador romano aparecía perante os seus súbditos, cidadáns romanos ou colonizados (a estes últimos pertencía Xesús e mailos seus apóstolos), como un ser sobrehumano, divino, aureolado co poder civil e mais co relixioso.

O dilema no que Xesús se atopaba viña ser o seguinte. Se dicía que estaba ben pagarlle o tributo ó César, ó emperador romano, entón quedaba Xesús moi mal co seu propio pobo asoballado e, sobre todo, coa súa propia relixión xudía, que sostiña que só a Deus se ha de adorar e render tributo. De feito, no espazo interior do templo de Xerusalén, circulaba outra moeda propia (non a moeda romana) para simbolizar polo menos desa maneira que a estrutura relixiosa do xudaísmo no podía estar sometida ó

poder romano. Por iso operaban alí os encargados do cambio, xustamente aqueles que Xesús noutra ocasión quixo botar fóra do templo derrubándolles as mesas nas que exercían esa función. Eran algo así como moi modestas entidades bancarias do templo de Xerusalén, pois eran elas os que cambiaban ese diñeiro relixioso polos denarios romanos.

Agora ben, se nese dilema Xesús se inclinaba pola outra alternativa, a de dicir que non era lícito pagar tributo ó emperador romano, entón Xesús convertíase de súpeto nun revolucionario ou nun activista político contra as forzas ocupadoras de Xudea, as dos romanos.

Non se trata aquí propiamente de que Xesús non quixese enfrontarse coas forzas de ocupación (os romanos), mais a súa misión, tantas veces posta de manifesto por el, non era estritamente política, senón moito máis fonda, eficaz e universal.

Pois ben, a resposta de Xesús ós emisarios dos fariseos manterase en tódolos tempos como unha sentencia que servirá de eficaz orientación e faro de luz para cantos a escoiten ou lean sen prevencións. Concretamente para nós e para cantos veñan despois de nós, pois como crentes profesamos fe en Xesús e ó tempo pertencemos a unha sociedade civil, na que rexen normas e disposicións que en principio non teñen por que colidir coas crenzas relixiosas. "*Dádelle ó Cesar o que é do César, e a Deus o que é de Deus*".

Xesús separa, pois, netamente, contra calquera tipo de posíbel confusión, a Deus das autoridades ou instancias políticas. E se algunha vez tivésemos que escoller entre a obediencia a Deus e a obediencia ó poder político, entón xa sabemos por onde ha ir a nosa elección. E poderiamos dicir que isto vale incluso cando se trata de autoridades ou mandos relixiosos. Ningún poder civil nin relixioso pode suplantar a Deus ou aquilo que na nosa conciencia persoal consideramos que procede de Deus, a quen intimamente nos sentimos obrigados a escoitar e seguir.

Porque Deus só hai un, tal como nolo recorda o profeta Isaías, na primeira Lectura, cando no século VI antes de Cristo puña na boca de Deus as palabras que el lle dirixía ó rei Ciro II de Persia: "Eu son o Señor e non hai outro, fóra de min non hai Deus [...] Eu son o Señor e non hai outro".

Mais este mando ou poder de Deus non é para nos asoballar ou converter en escravos, senón para construír fraternidade e igualdade entre todos. Un reino –tal como adoita proclamar a liturxia- de xustiza, de amor e de paz. E por iso tamén toda a nosa xusta dependencia do poder político ou relixioso non ha ter outro motivo nin outra finalidade senón colaborarmos ó ben de todos. Pois, como ben sabemos, máis alegría produce "dar" que "recibir".

"Dar a Deus o que é de Deus" redúcese por iso en último termo a esta outra fórmula: "dar ó próximo, ós demais, o que eles esperan de nós". Deus non precisa dos nosos dons. El teno xa todo. En cambio, os demais si que poden precisar e precisan da nosa atención. E Deus quere que amemos os demais como nos amamos a nós mesmos. Só así daremos de verdade a Deus o que é de Deus. Neste sentido, como hoxe celebramos a "Xornada Mundial da Evanxelización dos Pobos", é unha boa ocasión para lembrar na nosa oración e no noso compromiso persoal tantas persoas, elas e eles, que se dan ou entregan de por vida a anunciar a boa nova de Xesús por todo o mundo.

DOMINGO XXX ORDINARIO

Amor, cerna de todo

Aproveitándose das trapelas que lle preparaban os representantes da relixión xudía do seu tempo, Xesús segue a nos ofrecer a súa visión sobre temas importantes que afectan a nosa vida. É o froito da súa íntima e inimaxinábel relación con Deus-Pai. O que Xesús nos di ou comenta non é senón o que Deus Pai, pai seu e pai noso, nos quere comunicar a nós e ó mundo.

"Mestre, cal é na Lei o gran mandamento?". Tal é a pregunta que lle fai a Xesús un doutor da lei de entre os fariseos. Pregunta en principio doada de responder. Deus é o primeiro de todo, a nosa orixe, o que nos deu vida, o que nola sostén e o que quere que esa nosa vida perdure por toda unha eternidade. Deus creador non tiña necesidade de nós para nada. Por iso, se nos creou é porque nos quere, porque desexa facernos partícipes a todos da súa vida e do seu amor. A consecuencia é que deberiamos agradecerllo e amalo. Iso si. Xesús vai insistir na súa resposta en que ese amor a Deus, que tan gratuitamente nos quere, haberá de realizarse "con todo o corazón, con toda a alma e con todo o entendemento". É unha maneira de nos dicir que o noso amor a Deus non debería ter límite ningún a pesar da nosa propia e humana limitación. Por iso, para que tal amor se realice fará falla toda unha vida e mais toda unha eternidade.

Pero Xesús irá, na súa resposta, máis alá da pregunta formulada polo doutor da lei. Porque Xesús quere darlles a entender ós seus interrogadores que as cousas que se refiren a Deus e a este primeiro mandamento cambiaron radicalmente dende que Xesús é o "Deus connosco". Dende que Xesús é o Deus encarnado, o Deus que se fai compañeiro e irmán noso. Pois resulta que o Deus do Antigo Testamento é agora -coa aparición entre nós de Xesús como un Deus humanizado- un Deus que lle dá unha importancia infinita a tódalas persoas, a nós, homes e mulleres de tódolos tempos. Todos somos agora fillos de Deus e irmáns do seu Fillo primoxénito Xesús.

Polo tanto, dende que Deus se quixo facer presente, de maneira inimaxinábel e insospeitada, en Xesús, non é abondo xa con dicir que amar a Deus é o primeiro mandamento. Non. Hai que lle engadir de contado a este mandamento que hai outro segundo mandamento sen o cal o cumprimento do primeiro non resulta suficiente nin sequera chega a se cumprir de verdade.

É por isto precisamente polo que Xesús dirá que o segundo mandamento é "semellante" (así mesmo: pensémolo ben), "semellante" ó primeiro. Un segundo mandamento que na súa formulación é moi breve, mais de longos e amplos horizontes e esixencias: "Amarás o teu próximo como a ti mesmo".

En definitiva, non se pode dicir que un cumpre co primeiro mandamento se non cumpre con este segundo. Ninguén pode dicir que ama a Deus se non ama o seu próximo, o seu irmán.

Xesús sinala incluso unha medida dese noso amor ó próximo. Trátase dunha medida de moi doada comprensión. A diferenza do primeiro mandamento, sobre o que se nos di que o debemos realizar ou cumprir "con todo o corazón, alma e entendemento" (e que nos pode resultar unha medida incomprensíbel e inalcanzábel), as cousas cambian ben no que se refire ó segundo. Ou é que non sabemos como nos queremos ou amamos a nós mesmos? Máis que sabelo, vivímolo en todo intre e en calquera circunstancia. Procuramos que non nos falle o aire para respirar, os alimentos para comer, a casiña ou o pisiño que nos protexan e defendan, etc. etc. Iso de amármonos a nós mesmos facémolo coa meirande espontaneidade e naturalidade do mundo e sen que

nolo mande ninguén. Se a cousa non fose así, dende hai moito tería xa desaparecido a humanidade e non estariamos nós aquí.

Pois ben, esa é a medida que nos pon Xesús para cumprirmos o segundo mandamento: amar os demais *como cada un se ama a si mesmo*. Unha medida que, por comprensíbel e doada de entender que sexa, non deixa de ser alta e esixente.

Como vedes, o quererse a si mesmos, o "egoísmo" ben entendido, é algo que se converte en esencial para sabérmonos orientar no amor a Deus e ó próximo. Se alguén non se quere realmente a si mesmo, dificilmente será capaz de querer os demais e o mesmo Deus.

En relación con isto, nalgún sitio lin algunha vez que na vida cristiá deberiamos ocuparnos de tres cousas esenciais, que teñen todas elas relación co amor. O amor é unha única realidade con tres caras diversas: amor a Deus, amor ó próximo e amor a si mesmo. Desde nenos aprendemos, en relación coa Santísima Trindade, que hai "tres persoas distintas e un só Deus verdadeiro". Pois ben, en relación co amor, poderiamos dicir algo semellante: hai tres amores distintos e un só amor verdadeiro. Eses tres amores distintos son o amor a Deus, o amor ó próximo e o amor a un mesmo. Tres amores nos que se amosa de distintas formas o mesmo e único amor que debería presidir a cotío as nosas vidas.

Xa vedes como Xesús simplifica o noso modo de proceder e de actuar na vida, reducindo a multitude de mandados e prohibicións que tiñan os xudeus a só dous mandados ou, se queredes, a tres: amar a Deus, amar o próximo e amarse a un mesmo. O último, amármonos a nós mesmos, resúltanos cousa doada. O problema está só no segundo mandamento, o de amar ó próximo, porque se o cumprimos cumpriremos xa tamén o primeiro. Os coñecedores das prácticas relixiosas dos xudeus e dos rabinos que os instruían no tempo de Xesús infórmannos de que se podían contar, nada máis e nada menos, que 613 mandamentos. Dos cales 248 eran preceptos e 365 prohibicións. Todos eles tiñan, ademais, o mesmo nivel de esixencia.

Podemos dicir que Xesús nos liberou verdadeiramente deste complicado mundo normativo antigo para centrármonos nunha soa dirección: a do amor. En realidade, se, como proclamaba Xoán, Deus é "amor", entón Xesús, o Fillo benquerido de Deus, non podía mandarnos facer outra cousa có que o mesmo Deus Pai fai: *amar*, amar o seu fillo e amarnos a todos nós. Amar, esa é palabra que non pasa.

Unha tarefa que non se remata no curto proceso da nosa vida e que precisa dunha eternidade que Deus mesmo nos garante.

DOMINGO XXXI ORDINARIO

Servidor!

Xesús continúa a nos amosar hoxe a súa divindade humanizada. Lembrádevos do que comentabamos no anterior domingo. Xesús reducía a só dous mandamentos as numerosas leis e mandatos do Antigo Testamento. Se amamos a Deus con todo o noso corazón e o próximo como a nós mesmos, énos abondo. Non precisamos polo tanto estritamente de máis cousas para sermos verdadeiramente cristiáns. Tódolos demais preceptos ou prescricións só teñen valor en canto nos axudan a medrarmos no cumprimento destes dous grandes mandatos.

Pois ben, a verdadeira razón de que isto sexa así está directamente en relación coa mensaxe fundamental de Xesús. E perdoádeme que estea a piques de me converter pouco a pouco nun verdadeiro pesado ó vos repetir unha e outra vez a mesma idea. A

razón, digo, deste modo humano e comprensivo de entender Xesús a nosa relación con Deus e cos demais está en que a mensaxe de Xesús é fundamentalmente a de que temos un Pai amoroso, que é Deus, e de que en consecuencia somos todos irmáns.

A mensaxe de Xesús é, pois, unha verdadeira bomba democratizadora nas relacións entre as persoas humanas. Xesús quere conducirnos nas nosas mutuas relacións a unha concepción e a unhas prácticas moi semellantes ó que ocorre, ou polo menos debería ocorrer, nunha familia. Pai e nai, é dicir, marido e esposa, quérense mutuamente. Entre eles hai igualdade e diferenza. Algo semellante ó que ocorre, de maneira sublime, no seo mesmo de Deus, da súa Santísima Trindade. En Deus, o Pai, o Fillo e o Espírito Santo son diferentes e iguais con todo na súa única divindade.

Volvendo ó que ocorre ou debería ocorrer nunha familia. Dos pais, iguais e diferentes, nacen ou proceden outros seres humanos, os fillos, que son como continuadores desa igualdade e desa diferenza existentes xa nos pais. Tamén nisto se fan os pais imitadores da relación de Deus con todos nós. Así como Deus nos converte a todos en fillos seus, chamados a sentármonos a unha mesma mesa con el, así tamén os fillos no seo dunha familia sentan nunha mesma mesa de amor, confianza e ledicia cos pais. Moito se sofre nas familias cando isto non ocorre así.

Como para Xesús isto é algo fundamental, non pode andar el con miramentos ou componendas ante un comportamento que non se corresponda con esta mensaxe súa tan básica.

Bastantes veces, dunha maneira ou doutra ó longo da historia, a sociedade en xeral e tamén a mesma igrexa deixaron de tomar verdadeiramente en serio na práctica esta fonda mensaxe de Xesús. En vez de primar sempre, e de maneira ben clara e concreta, a relación de mutua irmandade, amor e xenerosa confianza entre todos, ocupou o seu lugar non poucas veces a relación autoritaria, xerárquica, do “ordeno e mando”.

Xesús convídanos, en cambio, a comportármonos sempre mutuamente como irmáns e fillos dun mesmo Pai. Para Xesús é só Deus o que debe ser nomeado e invocado como ”mestre”, “pai” ou “guieiro”. Ningún outro na terra debería deixarse nomear ou invocar con eses nomes. “Non vos fagades chamar mestre –dinos Xesús-, pois un só é o voso mestre e todos vós sodes irmáns. A ninguén na terra chamedes pai, porque un só é o voso Pai”, etc.

Naturalmente, o importante aquí non é o “nome” simplemente ou en canto tal. O que a Xesús lle preocupa é que baixo a utilización de nomes coma eses se veña destruír algo fundamental: a relación de igualdade e irmandade entre tódalas persoas en canto fillos dun mesmo Pai.

Por iso non creo esaxerado dicir que nesta mensaxe radical de Xesús ha de ter toda democracia ou igualdade que se precen a súa verdadeira medida. Mentres existan, tanto na sociedade en xeral como no seo das prácticas da igrexa mesma, relacións que non se axeiten a estas ensinanzas de Xesús, non podemos dicir que estamos ante un comportamento autenticamente cristián.

Os cristiáns, se dalgún título nos deberiamos gloriar, é –a teor do que nos di Xesús- o de sermos, non de palabra, senón de obra, verdadeiros “servidores” dos demais. Mentres non tomemos isto en serio e de maneira práctica e concreta, tampouco nos deberiamos considerar membros exemplares ou “importantes” na igrexa. Unha vez máis nolo indica Xesús: “O máis importante entre vós ha de ser servidor voso”. E “servidor” significa tamén que temos que ser comprensivos con todos, tanto a nivel material como tamén moral. A iso apunta de feito Xesús cando critica impoñer cargas ós demais que nin sequera somos nós capaces de nolas impoñer a nós mesmos.

Temos que loitar no mundo de hoxe para que este espírito que podemos chamar radicalmente "democrático" de Xesús habite na nosa igrexa e en todo o mundo, na sociedade e nas diversas culturas. Moitos dos movementos sociais e políticos que estamos a presenciar ou dos que podemos ter noticia na actualidade parecen camiñar nesta dirección. Non se pode permitir que os que están por encima dos outros polo seu poder económico ou político afonden aínda máis as súas diferenzas respecto dos máis necesitados de medios materiais para seguir vivindo con dignidade.

Nisto son tamén con frecuencia os pobres os que nos dan exemplo dese espírito de irmandade ou fraternidade do que nos fala Xesús. Só unha pequena anécdota. Hai xa algún tempo e por esta época outonal do ano estiven nunha das moitas pequenas parroquias desta nosa querida Galiza, onde abondan os castiñeiros. Pois ben, atopeime alí cun labrego xubilado, que vive só. Díxome, en voz baixiña e sen fachendear, que se pasaba moitas horas do día recollendo ourizos e castañas dos seus soutos e veigas para as levar el mesmo non para a súa casa senón para a Cáritas máis próxima, onde as reciben con alegría e agradecemento. O sinxelo e humilde labrego aprendera a servir, a ser servidor dos demais.

Moito deste espírito fraternal e igualitario debería ter o apóstolo Paulo, cando el mesmo lles di na súa carta de hoxe ós Tesalonicenses que se sentía cheo de tenrura con eles, comportándose, di el, "como unha nai que agarima os seus fillos" e "traballando, ademais, noite e día –continúa a dicir- para non ser unha carga para ningún de vós". Este espírito "servidor" de Paulo é sen dúbida o mesmo espírito de Xesús.

DOMINGO XXXII ORDINARIO

Candís pra esperar

En certa ocasión mandoume un amigo un chiste de Forges. Saberedes que, aínda que o caricaturista naceu en Madrid, o seu pai é galego, apelidado Fraguas (aínda que o fillo cambiou despois Fraguas por Forges). Pois ben, a caricatura presentaba os pais duns rapaces e mais estes. O pai aparecía lendo nun xornal de gran formato e a nai manexaba os mandos da tele. Os rapaces entraban con ademán decidido onda eles e dicíanlles: "Acabamos de tirar a tele e mailo ordenador ó patio. Isto é unha revolución. Esiximos que nos contedes contos... e cousas. Iso"...

Pois ben, con frecuencia se falaba antes da Biblia, do Antigo e do Novo Testamento, como dunha "Historia Sagrada". Sobre todo no Novo Testamento, como ben sabemos, Xesús fala en parábolas, en "contos" poderiamos dicir, que conteñen grandes verdades. Non só os rapaces, para poderen durmir, fecundar a súa imaxinación e saber orientarse na vida, tódalas persoas precisamos de que nos conten historias ben artelladas e que conteñan importantes verdades. Por iso teñen tantos lectores as boas novelas.

Os xornais, en cambio, mais sobre todo a tele e outros medios de comunicación métennos, non poucas veces, tantas cousas na cabeza e na imaxinación que, no canto de nos serviren para orientármonos e formármonos axeitadamente, o que non poucas veces intentan facer é manipularnos e utilizarnos para os particulares intereses políticos ou económicos daqueles que os dirixen.

A "historia sagrada" ou o "conto" que Xesús nos refire hoxe é o das dez mociñas que agardan a entrar na sala de vodas cando cheguen os noivos. Unha vez máis, Xesús presenta o seu reino como un encontro festivo e un ledo xantar de parentes e amigos do noivo. O reino de Deus é descrito así como o conxunto dunha humanidade que celebra festivamente a irmandade mutua de tódalas persoas, unidas entre si e con Deus.

O tema da luz é tamén importante. Xesús dixera xa noutras ocasións: “Eu son a luz do mundo”. Mais tamén, e como consecuencia disto: “Vós sodes a luz do mundo”. Alí onde está Deus, alí hai luz e claridade. Mais tamén onde queira que esteamos nós, como bos cristiáns, deberiamos converternos en luz para nós mesmos e para os demais. A luz crea calor e constrúe espazos novos e abertos para podermos camiñar con seguridade e tranquilidade.

As cinco mozas atoladas, das que nos fala a parábola, non se preocuparon moito de seren luz para si mesmas nin para os demais. Velaquí o seu erro.

Lémbrome moi ben de cando eu era aínda un rapaz nunha cativa parroquia desta terra nosa. Cando anoitecía, ó principio, ademais do lume da lareira había algunha candea acendida, ou un candil de aceite (semellante seguramente ós candís das virxes do evanxeo) e despois ás veces un candil de carburo. Nos anos corenta a meu pai ocorréuselle facer alá abaixo no río un cativo e familiar muíño no que tamén había unha dínamo que producía algo de corrente continua para así podermos ter luz eléctrica na nosa casa e nalgunhas casas veciñas. “Ide botar a luz”, dicíanos el. E subiamos ó piso alto da casa para erguer pouco a pouco unha panca que por medio dun arame movía alá abaixo no río un dispositivo que daba entrada a auga para producir a luz. A luz da lámpada que estaba encima da miña cabeza era primeiro de cor vermella e tornábase despois xa máis clara e branca. Eu tiña a impresión de ser o facedor da luz. Mais non. Eu só poñía os medios para que a forza da auga do río se convertese onda min en lámpada para escorrentar a escuridade.

Si. Temos que esforzármonos en amar a luz e en ser, en cuanto poidamos, luz tamén para cantos se atopen connosco. Mais luz, en definitiva, non hai máis ca unha. Unha luz que para nós, en canto crentes, é Xesús, como manifestación resplandecente do Pai-Deus e que ilumina, como se nos di tamén noutro texto do Novo Testamento, “a todo home que vén a este mundo”.

O evanxeo pode deixarnos se cadra un pouco de angustia polas cinco mozas que se durmiron e non estaban a punto cando chegou o noivo. Quizais por iso, agora que estamos aínda relativamente preto do día no que nos lembrabamos dos nosos defuntos, tráenos Paulo unhas palabras tranquilizadoras na súa carta ó Tesalonicenses. “Non queremos –dísenos alí- que esteades desinformados acerca dos mortos, para que non vos agoniedes coma os outros, os que non teñen esperanza. Porque, se cremos que Xesús morreu e que resucitou, do mesmo xeito Deus, por medio de Xesús, levará con El os que xa morreron”.

Xesús é, pois, e serao sempre “Salvador”, como o seu mesmo nome hebreo significa. Mais para que tal “salvación” se realice en todos e cada un de nós, temos que procurar achegarnos ó que é luz e calor, con fe e confianza. Xesús non perde nada da súa luz ó compartila connosco. E, pola nosa parte, tampouco nós perdemos nada da luz recibida ó compartila cos demais.

Este poñérmonos en contacto con Deus, Luz do mundo, realizámolo dunha maneira formal e comunitaria na celebración eucarística. Mais tamén en calquera momento do día no que persoalmente nos dirixamos a Deus na nosa oración ou nos poñamos ó servizo dos demais, cumprindo así ese segundo mandamento que é, como sabemos xa moi ben, “semellante ó primeiro”. Así, desta dobre e unitaria maneira, amando a Deus e os nosos próximos, é como iremos recargando unha e outra vez as nosas pilas para sermos de verdade tamén nós “luz do mundo”, luz para os demais.

Mellor é sermos nós mesmos pequenos soles. Mais tamén a lúa, aínda ser ter luz propia, pode iluminar de noite -cando non raia o sol- os pasos dos camiñantes, as vidas dos nosos irmáns. Sexamos, pois, luz, dunha ou doutra maneira, para todos.

DOMINGO XXXIII ORDINARIO

Facer produtivo o capital

Outra parábola de Xesús, a de hoxe, na que Xesús intenta aprendernos a comportarnos como axentes activos na creación.

Nunca debemos esquecer que Deus, cando crea, cando fai o mundo, cando nos fai a nós, faino todo facendo reflectir en todo o que El mesmo é. Agora ben, Deus é plenitude de vida e de amor entre Pai, Fillo e Espírito. El é plenitude de actividade. Por iso, cando El nos fai, fainos tamén activos e vitais. Unha materia, unha vida ou unha humanidade pasivas é algo que non pode ter senso ningún nos plans de Deus. Iso significaría negarse El a si mesmo no seu expresarse no mundo e en nós.

Trátase de algo así como cando, por exemplo, pai e nai dan vida ós seus fillos. Os pais colaboran, á maneira de Deus, co amor que mutuamente se teñen na creación dun mundo humano, vivo e activo. Que son os fillos, a pouco xa de naceren, senón un impulso de vida, de actividade que se vai multiplicando cada vez máis? Os pais son por iso con frecuencia os primeiros sorprendidos por esta súa vitalidade.

Pero as cousas do mundo, da natureza ou en nós mesmos, as persoas humanas, son todas moi diferentes entre si, aínda que teñan un mesmo estilo: o estilo divino da nosa común procedencia. Trátase dunha diferenza que reflicte tamén dalgunha maneira a diferenza existente en Deus mesmo entres as tres persoas divinas.

Pois ben, a parábola de Xesús dos diferentes talentos que Deus esparexe entre as persoas humanas hai que situala neste contexto das diferenzas existentes no interior da creación. Uns recibimos de Deus, a través da nosa propia bioloxía e do contexto social en que vivimos, uns dons, e outros reciben outros.

Pero o que importa é que cada un de nós poña ó servizo dos demais os dons que Deus lle deu. Porque, como ben sabemos, Deus non precisa dos nosos servizos. Si, en cambio, os precisan os que, máis preto ou máis lonxe, conviven connosco. Unha vez máis, a tradución máis correcta e real do noso suposto amor a Deus é o amor ós nosos irmáns, desde que Deus decidiu facerse un de nós en Xesús, o noso irmán maior.

Para un cristián non debería haber maior alegría que a alegría de poder ter ocasión de traballar polo ben dos demais, verdadeiros irmáns nosos. Xesús non deixa ben os preguiceiros, os que non se entregan ós demais. O mundo funcionaría sen dúbida mellor se cada un pensase máis nos outros que en si mesmo. Esta é a verdadeira actividade que Xesús pide que exerzamos cos nosos talentos recibidos. Porque só nos foron dados para facelos frutificar e aumentar poñéndoos ó servizo dos demais.

Un exemplo de persoas que saben entender esta mensaxe de Xesús. Escríbeme hai un par de días a min e outros amigos unha persoa moza, que ocupa interinamente unha praza nunha universidade de Madrid e despois de publicar o seu primeiro libriño, o seguinte: “Renunciei ós dereitos de autor e todo o que recade irá parar á ONG coa que colaboro, Entreculturas, que se dedica a proxectos de xustiza social (especialmente na súa vertente educativa) en América Latina, África, Asia e tamén en zonas pobres do noso país. É dicir, que eu non me levo nada coa venda. Por iso non me dá vergonza dicirvos que se podedes o merquedes... Son só 12 euros. Máis barato ca un cubalibre

nalgúns sitios. De feito, decidín publicalo con esa intención... A partir de agora, tódolos meus libros, sexan literarios ou académicos, irán (en todo ou en parte) dedicados a diversas ONG ou Fundacións... Son profesor desde hai oito anos e cada día fago o esforzo consciente de seguir tendo claro que a miña vocación é a que é. Non é ser un 'profesional da ensinanza', senón ser unha persoa que constrúe mundo desde a tarima dunha universidade. Descubrín que ese é o meu lugar, e non outro, e esfórzome niso. Aínda que a miña familia non acabou de entender iso de rexeitar os dereitos de autor, porque me din que cobro menos ca un asistente doméstico, eu tomei esa decisión e desde a vocación académica e intelectual".

Isto vén sendo, digo eu agora, unha das maneiras de cumprir dalgún modo nos tempos de hoxe o mandato de Xesús de pór os propios talentos ó servizo dos máis necesitados. É o mesmo que facía aquela "muller forte" dos tempos antigos, ben loada no libro dos Proverbios da Primeira Lectura pola súa laboriosidade e pola súa preocupación polos necesitados: "Bota as mans á roca e os seus dedos manexan o fuso. Tende a palma ó indixente e achega as súas mans ó mendigo".

Mais non debemos esquecer tampouco que, para que o noso traballo e actividade sexan eficaces e agradábeis a Deus, a oración é imprescindíbel. De novo faise aquí presente a vella fórmula monacal: "Ora et labora" ("reza e traballa"). Outro exemplo desta combinación de traballo e oración. Agora dun bo coñecido dalgúns de vós, o P, Seixas, que celebrou a eucaristía en galego moitas veces nesta igrexa. Nunhas cuartillas privadas súas, a maneira de diario íntimo e co título de "Falando con Deus" escribía aquí en Vigo e na nosa lingua o día 14 de outono de 1968:

"Dinde hoxe eu quero preparar o meu día falando, ante todo, contigo das miñas cousas. Pois, ollando ben, as miñas cousas son as túas. Eu fago ou quero facer todo o que fago ollando para Ti, é dicir, pra o ben meu e de todos en Ti. Escoita, pois, ouh Pai bendito, a miña pregaria de hoxe: a laboura é moi grande; teño entre mans moitas cousas. Coido que serán para ben dos hirmáns, pra ben de Galiza e o que facemos nós neste recunchiño do mundo é para ben de todo o mundo. Axuda, pois, Pai meu, a miña laboura de hoxe".

E tres días despois "falaba con Deus" o P. Seixas deste outro modo. E coa súa oración quero eu rematar tamén hoxe o que vos quería dicir:

"Cómpre que hoxe continúe a miña laboura polo espallamento do teu Reino, é dicir, polo trunfo da Verdade, da Xustiza, la Liberdade e do Amor. Facer isto coido que é labourar polo Reino de Cristo e somentes Ti es o verdadeiro Salvador, Redentor, Libertador meu e de tódolos homes. Ven xa, Señor, ven xa Libertador! Prégoche moito que axudes á miña laboura de hoxe, á miña e á de todos... Benzoa, Pai-Deus, esta laboura... Cristo amigo: lémbrate de tódolos hirmáns que loitan e sofren polo mundo enteiro, dos pequenos, dos homildes, dos probes, dos doentes, dos perseguidos, dos indios, dos pretos... Pra todos paz, libertade, AMOR!"

XESÚS CRISTO REI DO UNIVERSO

Somos todos reis

Con esta celebración de Xesús Cristo Rei do Universo estamos a finalizar o ano litúrxico. Xa no próximo domingo comeza, co tempo do Advento, unha nova andaina, o novo ano litúrxico.

E remata este tempo eclesial cunha festa englobante, universalizadora: Xesús, Rei do universo. É dicir: rei de toda a creación, da que nós formamos parte. Un universo

que se estende, quizais infinitamente, cara a arriba e cara a abaixo. No grande, máis alá das galaxias das que ata agora temos noticia. No pequeno, máis abaixo das incríbeis pequenas estruturas que nos van descubrindo os investigadores.

Deus é infinito, non ten limite algún na súa grandeza, no seu poder, na súa bondade. Resulta lóxico por iso que o universo participe tamén dalgunha maneira da grandeza do seu Creador. Sobre todo tendo en conta que Deus Pai tiña desde sempre o proxecto de que o seu Fillo único se encarnaría ou faría home nun momento concreto da evolución do universo e da historia humana. Podemos dicir que o país, o "reino" do que Xesús ía ser rei non podía ser cousa cativiña e modesta. Tiña que ter unha certa proporción coa grandeza de Deus.

Porque Xesús non nega -a pesar da súa sinxeleza, humildade e proximidade a todos- que el sexa rei. Todo o contrario. En momentos cruciais da súa vida, preto por exemplo da súa morte inxusta e violenta, Xesús afirmará a súa realeza ante o mandatario romano Pilato que lle preguntaba expresamente por ela. "Eu son Rei", responderalle. Por iso o título de "rei" figurará no letreiro sobre a cruz na que foi crucificado: "Xesús Nazareno, rei dos xudeus". Un título que se vai converter de feito coa súa morte e resurrección en título universal: Xesús rei, non só dos xudeus, senón de toda a humanidade, de todo o universo.

Mais, como ben sabemos, a realeza de Xesús Cristo é moi distinta das realezas humanas. Por iso a Xesús non lle gustaba que, aínda séndoo en realidade, o considerasen rei ou o tratasen como tal. Fuxía de calquera pretensión dos seus oíntes ou seguidores de o proclamaren rei.

Xesús anuncia, en cambio, a súa mensaxe de fraternidade universal, alicerzada non no poder (tal como adoitan facer os reis da terra), senón no servizo. Lembrade aquelas palabras súas, que ben farían en ter en conta cantos reciben o encargo de administrar os bens públicos: "Sabedes –dinos el- que os que figuran como xefes das nacións as asoballan e lles impoñen a súa autoridade. Non ha ser así entre vós. Ó contrario, entre vós o que queira facerse grande ha ser servidor voso, e o que queira ser primeiro ha ser servo de todos; porque tampouco o Fillo do Home veu para que o sirvan, senón para servir e dar a súa vida en rescate por todos".

Por iso, e de maneira moi xusta e axeitada, a liturxia deste día pon diante nosa, para a consideración de todos, a coñecida pasaxe de Mateo sobre o xuízo final, sobre a que poderiamos dicir que serían precisas moitas vidas para chegarmos a comprendela en toda a súa importancia e radicalidade. Porque alí se nos di que a regra ou a lei sobre a que se vai basear o xuízo definitivo sobre a nosa relación con Deus, é dicir, sobre a nosa relixiosidade, non vai ser propiamente a nosa suposta "relixiosidade" en canto tal, senón máis ben a nosa humanidade, o noso espírito e a nosa práctica de "servizo" humano ós demais.

Xesús, en canto rei e xuíz ó mesmo tempo, vai xulgarnos sobre o noso parecido con el. El é o Deus que se converte nun de nós, que se fai humano, que se fai próximo a todos e de maneira especial ós que máis precisan da súa proximidade e comprensión. Pois no seu reino non hai lugar para os que non comunguen con ese modo de ser e de se comportar.

Mais non se trata só diso: de facérmonos semellantes a el no seu modo de proceder. Non se trata só de cumprirmos cun mandato xeral ou abstracto. É que Xesús, polo feito mesmo de se ter encarnado, veu identificarse en certo modo con todos e cada un dos seres humanos. Con cada home ou muller, neno o vello, mozo ou moza. Ó se

identificar así con todos, resulta que fomos todos en certo modo divinizados, convertidos pola graza de Deus en fillos tamén de Deus. De aquí a incríbel e inmensa dignidade que temos todos e cada un de nós, por máis que as aparencias externas poidan levarnos a engano.

Un pobre, un emigrante, un enfermo, un preso, etc. etc. teñen a mesma, se non maior, dignidade cós que non se atopan nesa situación. Porque son xustamente eles, e non outros, os que máis requiren a nosa atención, o noso aprecio, os nosos coidados.

Só se temos isto en conta, comprenderemos por que Xesús considera sen máis a estas persoas como explicitamente identificadas con el mesmo: "tiven fame e déstesme de comer; tiven sede e déstesme de beber; fun forasteiro e acolléstesme; estiven en coiro e vestístesme; enfermo e visitástesme; na cadea e viñéstesme ver".

É ben posíbel que haxa persoas que realicen estas obras de amor e misericordia sen saberen elas mesmas -por considerárense por exemplo non crentes- que Xesús está presente nos presos, nos marxinados, etc. Mais pouco importa este tipo de descrenza se esas persoas se deixan levar polo que lles pide ou suxire o seu corazón, a súa conciencia. A eles responderalles tamén el coas palabras do texto de Mateo: "Canto fixestes cun destes irmáns meus máis pequenos, fixéstelo comigo".

E non nos esquezamos. Hai necesidades físicas de moita xente (sobre todo nos tempos que corren), mais hainas tamén morais e afectivas. No evanxeo de hoxe fálasenos de ámbalas dúas. Xesús practicou este tipo de consolo moral e afectivo ata o último intre da súa vida. Cando na cruz un dos seus compañeiros de tormento lle di "Lémbrate de min cando chegues ó teu reino" apresurarase el a lle contestar agarimosamente: "Hoxe estarás comigo no Paraíso".

Tendo á nosa beira compañeiros ou amigos coma Xesús, ata o propio morrer poderá seguramente converterse en cousa doada.

CICLO B

DOMINGO I DE ADVENTO

Na airexa do esperar

Damos comezo hoxe, con este primeiro domingo de Advento, ó novo ano litúrxico, coa vista posta xa na festa do Nadal que celebraremos antes dun mes. O tempo corre e nós con el.

"Advento" significa vinda, chegada. Irémonos, pois, preparando, neste e nos próximos domingos, para a lembranza comunitaria e festiva da vinda, da chegada do Deus feito home onda nós. Un acontecemento que marca misteriosamente a historia humana toda.

Ano tras ano, estamos así convidados, impulsados a "esperar". A esperar sempre. Unha esperanza que ten os seus alicerces nunha fe robusta. A fe nun Deus Pai Todopoderoso –tal como se di na fórmula do Credo- que se nos manifestou en Xesús para a nosa liberación e felicidade.

Porque esta nosa esperanza renovada na manifestación humana de Deus no Nadal é en realidade unha esperanza que está previamente apoiada e fundamentada no feito mesmo de que Deus está xa desde sempre connosco.

Mais o Deus do Advento non é só un Deus futuro, un Deus que virá. É conxuntamente un Deus que veu, que vén e que virá. Un Deus que é, ó mesmo tempo, pasado, presente e futuro.

Pasado, porque des que o mundo é mundo e des que existe a humanidade alí está xa Deus, construíndonos, dándonos vida e agarimándonos. Nel estamos todos desde sempre, tal e como nolo explica o mesmo apóstolo Paulo: "Nel, é dicir, en Deus, vivimos, nos movemos e existimos". Deus é desde sempre o facedor e sustentador de todo. Del procede e nel está desde sempre a humanidade toda.

O acontecemento histórico do Deus que se encarnou e que puxo, como se nos comenta no evanxeo de Xoán, "a súa tenda entre nós" tivo xa lugar hai máis de dous mil anos. Fíxose entón un de nós, un coma nós. Así e para sempre entrou Deus na nosa historia, emparentando, para dicilo dalgunha maneira, con todos e cada un dos seres humanos e de maneira especial cos máis humildes, necesitados e marxinados.

A Deus non o deberiamos esperar coma se el non tivese estado xa antes onda nós. Mais este Deus que veu xa onda nós, segue a vir, está vindo onda nós a cotío, en cada intre concreto da nosa vida. Está sempre presente na nosa interioridade, na nosa propia conciencia, mais tamén no noso exterior, nas persoas todas coas que un día e outro nos atopamos, ben sexa de maneira esperada ou imprevista. Lembrade aquel dito de Xesús: "Eu estarei convosco ata a fin do mundo" . Ou aquel outro: "Onde dous ou tres están reunidos no meu nome, alí estou eu no medio deles".

Por iso, cando a Igrexa nos convida neste tempo de Advento a esperar, faino sabendo que é Deus mesmo, o que desde sempre está xa connosco, quen nos dá as forzas, a graza, para podermos así ter azos para esperalo. Esperar a súa constante e repetida chegada, porque a el nunca seremos capaces de recibilo en toda a súa grandeza sobrehumana e absolutamente infinita.

Deus non é algo así coma unha lección que se aprende dunha vez no cole e sobre a que xa non precisariamos volver. Pois Deus é sempre algo que nin nesta vida nin na vindeira chegaremos a comprender plenamente. Para iso teriamos que ser nós mesmos absolutamente infinitos, é dicir, coma Deus, o que é imposíbel.

Por iso, para nós, Deus está sempre a chegar. Os nosos corazóns deberían estar en todo intre ateigados de esperanza. Unha esperanza que é ela mesma un inmenso e prezado galano, un inconcibíbel agasallo, que Deus mesmo nos dá para podermos estar así en disposición de recibilo.

De maneira especial neste tempo de Advento deberiamos repetir a invocación que comunitariamente proclamamos na Eucaristía: "Anunciamos a túa morte, proclamamos a túa resurrección. *Ven, Señor Xesús!*".

Este desexo e petición de que Xesús veña a todos e cada un de nós, a toda a humanidade e de maneira especial ós máis necesitados da súa axuda e do seu consolo, é o lema que debería presidir todo este tempo de Advento que hoxe comezamos.

Un desexo de que o Deus que se fai un de nós no Nadal se converta en pensamento ardente e concreta vida práctica en todos nós. Porque a súa vinda onda nós no Nadal, participando así en todo da nosa humanidade, é un acontecemento que, por sabido e aceptado que sempre sexa, non deixará endexamais de nos sorprender por pouco que nel pensemos. Por iso toda preparación vén sendo cativa, todo "advento" queda curto, en relación cun acontecemento tan inimaxinábel e incríbel.

Este "esperar" do Advento non é un esperar pasivo ou adurmiñado. Precisamente o texto do evanxeo convídanos a todos a sermos responsábeis nas nosas particulares angueiras e quefaceres, a "estarmos en vela", a mantermos viva a conciencia e a non deixármonos vencer polo sono: "Estade á espreita e atentos", "vixiade", "estade en vela". Unha responsabilidade a nosa que tampouco debería ser angustiosa, senón confiada, porque quen vén, aquel a quen esperamos, é en definitiva o Deus que se nos fixo intimamente familiar.

Por iso remato xa indicando que o mellor xeito de practicarmos este espírito de "esperanza", específico do Advento, é xustamente levarmos á práctica o que a vinda de Xesús nos anunciará e nos porá diante dos ollos. É dicir: o exercicio consciente e constante dunha irmandade verdadeira e real entre todos, en canto irmáns que somos todos dese Xesús que no Nadal se vai facer para sempre irmán noso, irmán maior noso.

DOMINGO II DE ADVENTO

Desfacendo atrancos

Os profetas do Antigo Testamento eran renovadores das tradicións e da fe do pobo. Xurdían sobre todo en tempos de crise política e moral. Xoán Bautista foi un deles. A pesar da súa humildade, sobre todo en relación co papel que lle estaba reservado a Xesús, o Bautista foi, como se nos di que proclamou Xesús sobre el, o máis grande dos nados de muller.

Nunca debemos esquecer que tanto os profetas como calquera que, en todo tempo ou lugar, proclame a necesidade de practicar o ben ou que simplemente faga el mesmo o ben e se comporte como cómpre na súa vida, todos eles, están a ser movidos polo espírito de Deus. Deus actúa sempre no mundo por medio dunha ou doutra persoa. E todos deberiamos aguzar oído, vista e corazón para escoitar, albiscar ou sentir os sinais que, dunha ou doutra maneira, nos chegan del a nós por medio de tantas persoas

boas. Porque Deus é sempre o misterioso creador e sorprendente impulsor de todo ben que ocorre na terra, e moitas veces de maneira insospeitada e inesperada para nós.

Hai xa anos que son coñecidas polos técnicos e mais pola xente (polo menos de oír de falar delas) unhas que chaman tuneladoras que realizan un traballo moi complexo, furando debaixo da terra para construíren con rapidez e comodidade grandes obras, como vías para trens, etc. Hai xa algúns anos furaron tamén aquí, nas proximidades de Vigo, para o AVE dúas destas tuneladoras que coido lembrar que levaban nomes de dous candorosos animaliños: unha a de "Miñoca" e a outra a de "Lebre".

Pois ben, o Bautista era, na dimensión social e relixiosa, algo así como unha especie de tuneladora, un proclamador e facedor de grandes obras, no caso del obras morais. Viña sendo como un animador do comportamento moral das persoas para que o Deus que estaba e está sempre a vir non se atopase con tantos atrancos no súa vinda onda nós. O Bautista intentou, de maneira semellante ó que hoxe en día fan os enxeñeiros e obreiros por medio desas grandes máquinas, achanzar o camiño moral para que, en definitiva, as persoas e os pobos puidesen vivir en paz e xustiza, unidos e irmandados entre si.

O Advento é, como ben sabemos, un tempo dedicado a preparármonos para a vinda, a chegada de Deus onda nós. A vinda dun Deus, que naturalmente está desde sempre xa onda nós, pero que quere facerse cada vez máis activo e presente en todos e cada un de nós. Deus non forza a ninguén a entrar no seu Reino, mais non deixa por iso de nos convidar a cotío a un encontro cada vez máis estreito con el.

Cada un de nós poderemos saber, ou polo menos sospeitar, que tipo de atrancos lle poñemos de feito a Deus para que el poida facerse verdadeiramente presente nas nosas vidas, no noso comportamento.

En calquera caso, non deberiamos enganarnos. O encontro paternal e filial de Deus connosco, que se realiza en Xesús, non chegará a se facer realidade verdadeira mentres non saibamos encontrármonos fraternalmente coas persoas coas que nos atopemos na vida.

Por iso o "preparade o camiño do Señor, endereitade os seus vieiros" do Bautista vén coincidir de feito co esforzo particular e comunitario que deberiamos practicar por derrubar barreiras e valados que entorpezan o camiñar das persoas e dos pobos cara á súa liberdade, cara ó seu desenvolvemento, xeral e particular, nos eidos cultural, social ou relixioso. Pois Deus só pode vir onda nós e atoparse a gusto connosco cando vaiamos construíndo, el connosco e nós con el, un mundo onde haxa xustiza, paz e entendemento mutuo. Porque, tal como nos di o apóstolo Pedro, na Segunda Lectura, "nós, conforme á súa promesa (é dicir, conforme á promesa de Deus), esperamos un ceo novo e unha terra nova, onde exista a xustiza".

Cara aí ha de camiñar o noso esforzo, individual e comunitario. Cara a ese novo ceo e nova terra, que rexeitará como vello todo o anterior, mais que certamente terá o seu asento na xustiza, no amor e na igualdade ou fraternidade. Gloriámonos moito e con razón da cantidade de adiantos técnicos que podemos advertir e admirar durante os poucos anos de vida que podemos vivir. Do mesmo xeito, deberiamos tamén desexar que os nosos adiantos morais, que tanta relevancia teñen para a felicidade das persoas e dos pobos, non tivesen un ritmo inferior.

O Bautista chamaba seguramente a atención dos seus contemporáneos vivindo no deserto, vestindo e comendo pobremente. Por iso viña tanta xente onda el. Nin ía campado con roupa de marca, nin podía convidar a ninguén a beber con el un viñiño

dunha selecta denominación de orixe. A el para vivir éralle abondo, como nos comenta o texto de Marcos, con manterse "de saltóns e mel bravo".

Mais non o dubidemos. O Bautista sentíase seguramente feliz no seu papel de precursor do Señor, na súa tarefa de anunciar e proclamar o ben, a xustiza e o arrepentimento polos malos comportamentos. El sabía que as velas da súa barca estaban ben inchadas polo vento do Espírito de Deus e aturaba así con paciencia e bo ánimo calquera contratempo que puidese xurdir. O importante para el era saber que o vento de Deus era o que movía e impulsaba a súa vida ó servizo do que ía vir: do Mesías de Deus, do Deus feito home que se convertería desde entón e para sempre en irmán maior noso, de tódolos homes e mulleres da humanidade de tódolos tempos.

Traballemos, pois, todos conxuntamente para que os proxectos de Deus se vaian facendo realidade, cada vez máis ampla e intensa, no noso mundo.

DOMINGO III DE ADVENTO

Vagalumes de Deus

O próximo domingo é xa o último domingo de Advento antes da festa do Nadal e Xoán Bautista segue hoxe tamén a prepararnos para o encontro co Señor do Nadal.

Viamos estes días pasados que os profetas eran os que removían as inercias e pasividades de crentes e non crentes. O evanxeo de Xoán alude hoxe ós representantes da que poderiamos chamar, para entendérmonos, a igrexa xerárquica daquel entón: os sacerdotes e levitas do xudaísmo. Se ve que eles estaban preocupados, se cadra tamén un pouco molestos, polo feito de que algunhas persoas, non pertencentes ó estamento oficial e dirixente do xudaísmo, semellasen interferir dalgunha maneira nas súas funcións. Entre elas Xoán Bautista era sen dúbida o máis importante. O Bautista non exercía funcións relacionadas co culto do templo, non era sacerdote nin levita. E, a pesar diso, predicaba ó pobo, movía a xente a se arrepentiren e bautizaba os que se achegaban a el coa auga do Xordán, anunciándolles a próxima chegada do Mesías.

Desde logo non deixa de ser curioso e tamén algo desconcertante o feito de que Deus Pai, o Pai do noso Señor Xesús Cristo e Pai noso, utilizase para preparar a chegada do seu Fillo onda nós, utilizase –digo- a persoas que estaban máis ben á marxe dos que poderiamos chamar os seus representantes "oficiais". Porque Xoán Bautista vivía no deserto e de forma distinta e tamén bastante distante dos considerados oficialmente relixiosos. Unha vez máis, amósase Deus tamén aquí sorprendente. El é meirande cás redes e conceptos cos que inutilmente queremos entendelo ou comprendelo de modo conceptual.

Ante o estraño caso do Bautista, ós sacerdotes e levitas do xudaísmo semella que non lles quedaba outra opción que intentar controlar as cousas e, en primeiro lugar, mandar intermediarios para se informaren exactamente sobre quen era el e que era o que facía. "Os xudeus mandaron de Xerusalén –dísenos no texto de Xoán- sacerdotes e levitas onda el", onda o Bautista, para lle facer unha serie de preguntas.

E resulta que Xoán Bautista -contra o que eles podían sospeitar- lles responde, con toda claridade e humildade, que el non é nin o gran profeta Elías que volvera á vida, nin o Cristo-Mesías, nin posúe estritamente a categoría de "profeta".

O Bautista era, si, tal como se nos di, "testemuña da luz". Como de noite a lúa é testemuña do sol que está sempre a vir e que se reflicte nela. A lúa non é a "luz". A

lúa non é o “sol”. Mais esa lúa chea, que podemos contemplar tan ben nalgunhas noites, podería dicir de si mesma, coma o Bautista, que é testemuña do sol. Porque do sol recibe a lúa a súa luz e, co seu resplandor, por limitado que sexa, anuncia que o sol está oculto mais existe e vai nacer dentro de poucas horas co abrente do próximo día.

A humildade do Bautista é a humildade da lúa, que sabe ben que, se pode iluminar, ese poder non é seu. Ela non fai máis que actuar como voceiro ou reflexo do sol. Ela, a lúa, prepáranos para podermos recibir o sol. Ese sol, cara ó que non poderemos ollar directamente, porque nos quedariamos cegos, mais que nos posibilitará camiñar sen tropezos, con seguridade, de maneira libre e alegre e creando sempre novos horizontes. O sol é, desde logo, un símil moi axeitado do que Deus é. Coa súa luz, que procede del mesmo, posibilita a vida, a calor e a capacidade de saber onde estamos e onde imos.

Pero en todo isto coido que hai algo moi importante e que está en relación tamén co texto do evanxeo de hoxe. Vou ver se me aclaro.

O Bautista di de si mesmo que é “testemuña da luz”. El anuncia e fai presente, á súa maneira, a luz que só pode proceder de Deus. Como dicía, non podemos mirar directamente cara ó sol, porque a súa luz é excesiva e poderiamos incluso quedarmos cegos. De aquí proveñen as precaucións que debemos tomar se queremos observar unha eclipse solar.

Pois ben, resulta que Deus-Pai vai facer un prodixio incríbel para que o podamos ollar a el sen quedarmos cegos, “sen morrermos”, como se pode ler no Antigo Testamento cando, despois de ter algún profeta ou vidente unha experiencia de Deus por medio dun anxo ou doutra maneira, se di que tiñan medo a morreren porque viran a Deus.

Cal é ese prodixio? O prodixio non é nin máis nin menos ca Xesús de Nazaret. Ollando ou contemplando Xesús estamos a ver realmente a Deus sen quedarmos cegos ou morrermos. Lembrarédesvos unha vez máis daquilo que dicía Xesús: “quen me ve a min, ve o Pai”. Polo tanto, se queremos ver a Deus, vexamos, miremos, contemplemos ese Xesús de Nazaret, imaxe viva e perfecta do Pai, que vai nacer no Nadal.

O Bautista mesmo está a anunciárnolo tamén cando no evanxeo de Xoán se nos di que el, o Bautista, era ”testemuña da luz”. El non é a luz, mais anúncianos a luz. E aquí está, como digo, o incríbel. Porque onde está esa luz divina que se poida ver? Cando os enviados polos xudeus lle fan ó Bautista a última das preguntas, a de por que entón el bautiza se non é nin Elías, nin o profeta nin o Cristo, o Bautista responde: “Eu bautizo con auga; mais *entre vós está quen vós non coñecedes*, do que non son merecente de lle desatar o amalló da sandalia”.

É dicir, a luz *visíbel* de Deus está *entre nós*, aínda que non a coñezamos. Dado que a luz invisíbel de Deus non pode ser vista, Deus Pai fíxose visíbel, e de maneira verdadeira e perfecta en Xesús. Deus está polo tanto realmente “entre nós”. Agora entendemos por que Xesús é o “Emmanuel”, é dicir, o “Deus connosco”. E por iso nos resulta difícil recoñecelo, porque a Deus con frecuencia o imaxinamos estando onde non está (alá arriba, na estratosfera ou non sei onde). Non. Deus está aquí, connosco –á maneira dun pequeno vagalume- ó se facer un de nós e se converter en irmán noso. Agora entendemos tamén por que el, tal e como o comentabamos hai

algúns días, considerará o que lles fagamos ou deixemos de facer ós nosos irmáns como algo que lle fixemos ou deixamos de facer a el mesmo.

Neste sentido, podemos dicir con verdade que, así como Xesús é a luz visíbel de Deus Pai, así tamén son e serán sempre os pobres e necesitados a luz visíbel de Xesús, máis alá do tempo histórico ou biográfico en que el viviu.

DOMINGO IV DE ADVENTO

Á espera da Palabra

Hoxe podemos ser algo máis breves ca outras veces. E por dúas razóns distintas.

A primeira, aínda que poida semellar algo simple, é porque se dá a circunstancia de que o texto do evanxeo de hoxe é o mesmo có da festa da Inmaculada Concepción que celebramos hai só poucos días, o día 8 deste mes de Nadal. Comentámolo xa entón e cómpre non volver tan axiña sobre o mesmo, deixando que a semente da palabra caída en terra nese día continúe tranquilamente o seu proceso.

A segunda razón é semellante. Porque este 4º domingo de Advento que hoxe estamos aquí a celebrar está xa próximo á festividade do Nadal do Señor e ó entrañábel encontro de Noite Boa. Un encontro no que conflúen tamén moitas saudades e lembranzas. Festa ou reunión familiar, presidida polas imaxes populares e tradicionais do nacemento do Neno Xesús, dos pastores, etc. ou pola árbore do Nadal.

É a festa na que a Palabra con maiúscula e tamén con minúscula teñen o seu verdadeiro lugar. Falaremos e compartiremos amizade e fraternidade á beira de quen é a Palabra feita carne, a Palabra con maiúscula. Pois, como nos di o evanxelista Xoán, “a Palabra fíxose carne e puxo a súa tenda entre nós”.

Ante a presenza desta Palabra con maiúscula sobran case outras palabras menores, con minúscula, aínda que sexan coa loábel intención de falaren sobre ela. Polo tanto podemos dicir que sobran tamén en certo modo estas palabras miñas. Así como ante a presenza do sol, polo día, as estrelas se retiran modestamente da escena, así tamén tódalas pobres palabras nosas deberán desaparecer ante quen é a Palabra. Ante esa Palabra humano-divina coa que Deus fala ó mundo e á que lle damos o nome de Xesús. Unha palabra que lles fala ós grandes (pensemos nos que chamamos os Reis Magos), pero de maneira especial ós pequenos, representados popularmente non só naturalmente por María e Xosé, senón tamén polos pastores, é dicir, polos sinxelos e humildes, tranquilamente achegados á terra nai.

Son estes días, os que preceden ó nacemento do Señor da Noite Boa, un tempo no que non nos deberiamos deixar abouxar por tanto ruído ou balbordo que nos chega desde tantos sitios: propagandas, anuncios, entretementos ou diversións... Porque é posíbel que todo iso non nos deixe oír nidia a Palabra que vén de arriba, mais que aparece aquí abaixo, na terra. Palabra tenra e balbucinte, mellor dito, Palabra que nin sequera sabe falar cos seus pequerrechos beizos. Porque é unha Palabra in-fante, é dicir, que non fala. A Palabra é un Neno que acaba de nacer, mais que está aí de feito realizando un potente e programático discurso coa súa soa presenza. Unha presenza tan desconcertante como ben clariña. Deus fala dende a febleza, dende a proximidade, dende o silencio da noite. Por iso, para oílo e velo ben, temos que achegarnos moi preto del.

As noites son boas para pensar, para meditar, para lles dar voltas ás cousas, para falar con sinceridade e amor coas persoas, tamén para escoitar a Deus... Seguramente iso é así porque a Noite Boa é a Nai de tódalas noites. Da bondade da Noite Boa participan tódalas nosas noites. Desa Noite Boa na que María, despois de concibir no seu seo o desexado de tódalas nacións, nolo deu a luz para a nosa alegría e felicidade. Tamén nós deberiamos aprender desta Nai de Deus a sabermos concibir e amar a Deus nos nosos corazóns e ofrecerllo, coas nosas palabras e as nosas boas obras, ó mundo. Como María na Noite Boa. Pois o mundo precisa disto.

Na primeira Lectura de hoxe dísenos que o rei David tivo unha feliz idea. El vivía, para entendérmonos, nun bo chalé, nunha "casa de cedro" (que non estaría nada mal) e parecíalle que non estaba ben que o Señor, que se facía presente na Arca da Alianza, non tivese como casa máis ca unha pobre tenda. Tampouco ó profeta Natán, ó que David lle comunicou tan xenerosa idea, lle parecía mal en principio o proxecto do rei para a Arca da Alianza. Mais de noite (unha vez máis nunha noite "boa") o profeta cambiou de idea. E Natán faloulle ó rei David dun futuro Reino, despois do seu, no que un descendente seu reinaría para sempre. Ese futuro rei sería Xesús, que tampouco tería casa para nacer, nin de cedro nin doutra cousa. Iso si, tería un colo quente e cheo de agarimos dunha muller que o quererría e amaría como ningunha outra muller o sabería facer.

A Noite Boa, co Neno Xesús, con María, con Xosé, cos mansos e humildes animais que lles fan tamén compaña e lles dan calor, é un modelo perpetuo de como se pode sentir felicidade aínda que se viva en épocas de carencias e de crises.

Do que, en calquera caso, non podemos prescindir é do amor: de sentírmonos queridos e de ofrecermos pola nosa parte axuda e amor a cantos non se senten queridos nin respectados na súa inalienábel dignidade de fillos de Deus e irmáns nosos. Feliz NOITE BOA!!

DOMINGO I DE CORESMA
Empuxados a entrarmos

Hai catro días, o mércores de cinza, empezabamos o tempo da Coresma. Como ben sabedes, o nome de "Coresma" ten que ver cos "corenta" días de xaxún que, segundo os textos do Novo Testamento, pasou Xesús no deserto despois de ser bautizado por Xoán o Bautista. Os entendidos dinnos que o dos "corenta" días non hai que entendelo literalmente. É só un número simbólico de "plenitude", que vén significar neste caso algo así como se dixésemos: "Xesús foi tentado *sempre*". Como tamén sempre somos tentados todos nós. O relato de hoxe de Marcos sobre as tentacións de Xesús é moi parco, se o comparamos cos relatos que nos fan Lucas ou Mateo. Marcos conténtase aquí con despachar con catro frases (exactamente trinta palabras en grego) as tentacións de Xesús, sen aducir, como fan os outros, moitos máis detalles. Polos outros evanxelistas sabemos que Xesús foi tentado polo prestixio, polo poder, pola fama e cousas semellantes, para dese modo, segundo lle suxería o mal espírito, instaurar o reino de amor e fraternidade que Deus Pai quería e quere para todos nós.

En calquera caso, é unha constante na vida de Xesús ese seu alternar ou pendular entre, por unha banda, estar consigo mesmo e con Deus Pai e, por outra, a súa intensa relación de amor, fraternidade e contacto con tódalas persoas que se achegaban a el, para lles comunicar a "boa nova" do Pai.

O tempo de Coresma está máis en relación co primeiro (é dicir, coa soidade consigo mesmo e con Deus): Xesús sabe vivir só (no "deserto", como refire Marcos), aínda que alí estea fondamente confortado pola presenza vivida do seu Pai que sempre está con el; sabe renunciar a moitas cousas que constituían para bastantes do seu tempo (como tamén ocorre no noso tempo) o seu principal desexo e aspiración; sabe ollar con limpeza e abraio cara á natureza ("vivía entre as feras", dinos Marcos), percibindo nela tamén a man do seu Pai creador de todo.

Todo isto practicouno Xesús durante *toda* a súa vida (que é, como digo, o que queren dicir eses "corenta días") e se polas multitudes que se amoreaban arredor del durante o día non o podía facer, tempo había aínda de noite para se poder mergullar con agarimo agradecido no colo do seu Pai Deus e falar con El.

Por iso o tempo de Coresma é unha chamada litúrxica da Igrexa a todos para que saibamos tamén nós, como Xesús, atopar tempo (ben sexa de día ou de noite) para dialogarmos amorosamente, a través dos acontecementos e persoas que nos rodean, co Deus Pai noso que nos quere.

A expresión que utiliza Marcos ó nos dicir que o Espírito "encamiñou" Xesús ó deserto é -tamén segundo os entendidos- unha expresión forte: algo así coma se o Espírito o "empuxase" ou "forzase". Unha expresión –dinnos eles- "enérxica e vehemente". Boa falta nos faría a nós deixarnos levar por un espírito así de "forte", que nos levase por onde el quere...

Mais así como Xesús non consideraba o "deserto" como o seu lugar natural, como o seu hábitat –nisto certamente diferenciábase moito el de Xoán Bautista-, así tamén, no noso caso, a nosa soidade con Deus, as nosas renuncias, as nosas penitencias coresmais non deberían ter outro sentido senón o de convertérmonos en instrumentos vivos e operativos no servizo a Deus Pai, confraternizando deste xeito con tódolos seus fillos e irmáns nosos. Dinos Marcos que foi despois de superar Xesús as tentacións e despois tamén de que os poderosos deste mundo lle pechasen a boca a Xoán Bautista encadeándoo no cárcere cando empezou Xesús a anunciar o Reino de Deus, a Boa Nova.

Non son eu, desde logo, partidario de considerar o tempo de Coresma coma un tempo tristeiro, un tempo de non poder xa pasalo ben coma no Entroido, cando a xente que aínda dispón dalgúns aforros pode quizais ver algún día na mesa lacón con grelos, para empezar, e despois filloas, orellas ou ricas lambetadas. Dígoo non por isto, senón porque tamén na Igrexa houbo dende hai algún tempo cambios na secular liturxia coresmal. Por exemplo, o normal agora é que non se diga xa en ningures no Mércores da Cinza a fórmula máis antiga coa que nos colocaban antes a cinza na cabeza dicíndonos: "Lémbrate de que es po e en po te has converter". A mensaxe é agora moito máis alegre e, desde logo, moito máis cristiá: "Convértete e cre no Evanxeo", é dicir, na boa, na alegre noticia. Cal é esa boa nova? Pois nada máis e nada menos que a boa, a alegre nova de Xesús mesmo, é dicir, a de que Deus está connosco, de que Deus nos quere coma fillos del que somos e de que calquera persoa que estea ó meu lado (ou lonxe de min) é irmán meu... Xa sabemos que o papa Francisco se atreveu por fin a poñer a "alegría" como centro do evanxeo, da boa e alegre nova.

Por iso, pola miña parte, prefiro empregar a palabra tradicional galega de "Entroido", e non a de "Carnaval", porque "Entroido" ten que ver coa "entrada" na Coresma. Non hai polo tanto un "corte" ou separación entre o Entroido e a Coresma. O Entroido non é máis cá porta aberta, alegre e festeira, á alegría que nos trae o evanxeo de Xesús. Por iso a cinza do comezo da Coresma vai acompañada, moi acertadamente,

desa nova fórmula, “Convértete e cre no evanxeo”, é dicir, cre na “alegre nova” de Xesús.

Claro que para que esta alegría da Coresma sexa como debe ser ten que poder incluír nela a alegría de cantos se senten no mundo discriminados: sen poder comer o que precisan, sen poder dispoñer de bens que a outros lles sobran, etc. Porque a mensaxe coresmal “Convértete e cre no Evanxeo” leva consigo tomar conciencia viva e práctica de que, se todos somos fillos de Deus e irmáns de Xesús, ninguén debería ter motivo para me acusar de que non me comporto con el coma verdadeiro irmán.

Esta é, pois, a fermosa tarefa deste tempo coresmal que acabamos de comezar. Pidámoslle ó Espírito de Deus que nos empuxe, “enerxicamente” como a Xesús, ó “deserto” da nosa conversión a Deus Pai e á visión de tódalas persoas como irmáns verdadeiros nosos.

DOMINGO II DE CORESMA

Montes do Alén

Entrados xa desde o pasado mércores de Cinza no tempo de Coresma, e querendo seguir o ritmo que nos marca a liturxia, atopámonos hoxe liturxicamente no cumio de dúas montañas. A primeira montaña é a da escena do proxectado sacrificio de Isaac, onde o verdadeiro sacrificado será no fin de contas, non Isaac, senón o seu pai Abrahán. Iso ocorrerá, como se lle anuncia a Abrahán, “no cimo dunha das montañas que eu che mostrarei”. A segunda montaña é a da Transfiguración de Xesús, escena que ten lugar, como nos conta Marcos, nun “monte alto”: aquí a dor do corazón do pai Abrahán trócase na alegría dos apóstolos ante un Xesús resplandecente, anunciando cal será o seu futuro e, en consecuencia, o noso tamén.

As montañas son, como ben saben antropólogos e historiadores do feito relixioso, lugares onde os deuses das relixións adoitan comunicarse. Son por iso lugares sagrados. Amosan a estabilidade e eternidade de Deus ou dos deuses. Respírase alí aire puro, alí hai horizontes abertos, alí o ceo está máis preto da terra, alí hai silencio e misterio. Así, por exemplo, o monte Olimpo, era xa para os antigos gregos o lugar onde vivían os seus deuses. Mais tamén os montes do xudaísmo e do cristianismo tiveron unha importante función relixiosa. Pensade nos montes Horeb, Sión, Tabor, Garizín, Carmelo, o monte das Oliveiras, o dos Caveiras (o Gólgota) e moitos máis. Os montes eran, ademais, como ben sabemos, o lugar preferido de oración de Xesús.

Os galegos e os que nos precederon neste noso país galego non somos nisto moi diferentes de cantos relacionan os montes coa relixiosidade. Xa no século I antes de Cristo se dicía dos habitantes de Galicia que consideraban os montes como lugares “sagrados” e que por iso querían neles tamén ser enterrados. Aí están aínda para confirmalo os restos das mámoas sepulcrais existentes en bastantes montes de Galiza.

Pola miña parte téñolle, en calquera caso, devoción ás montañas; tamén, claro, ó mar, pero o do mar deixámolo para outro día. Hoxe toca máis ben facer loa das montañas. Nacín ademais nunha bisbarra pontevedresa que se chama “Terra de Montes”, onde houbo poetas que souberon cantar belamente os montes. Concretamente un que se chamaba Otero Espasandín e que desde os Estados Unidos, a comezos do século pasado, cantou os montes da súa parroquia natal de Santa Baia de Castro nun poema seu que leva como título *Pico de Castrodiz.* Léovos un par de fermosas estrofas, nas que se mesturan fondas vivencias humanas e relixiosidade:

Castrodiz, castro amigo

en terras de Cerdedo:
Nacín á túa veira,
soñei coas túas lendas sendo neno.

Ergueito sen fachenda,
no vran e no inverno,
escoitando no Lérez
que baixa entre penedos
o canto sosegado,
penso en ti, Castrodiz,
pastor de campanarios e luceiros.

Vinte parroquias soñan e anceian
ao redor teu, mentres que ti, antergo
Castrodiz, no mar soñas
e, coma el, abísmaste nos númaros do ceo.

Nacín no teu regazo
e a ti subín a ver o mar, moi cedo,
unha mañán de maio,
tola de labercas. Voaban os centeos
dunha ladeira á outra
mordidos os calcaños polo vento.
As túas curmáns, a Conla e a Baúca,
de arriba abaixo vestían de amarelo.

Máis abaixo de Dorna e Pontevedra,
pola liña en que os soños brincan da terra ao ceo,
non sei se vin o mar ou o soñei,
subido, Castrodiz, aos teus hombreiros.
(Mar de Marín, mar de Marín,
recendo de sal e laranxeiros!...)

Di, vello padriño dos meus soños,
se cando cala o merlo

e os campanarios dos contornos,
á noitiña, chaman polos labregos,
parlas co sabio moucho
e rezas polos mortos en segredo.

Pídoche, Castrodiz, dende esta terra
envellecida nova, metro e medio
de chan pra cando morra
soñar cos enxamios dos vencellos,
ca fror do toxo, ca groria das labercas
e a brancura das neves de febreiro.

Como vedes, Otero Espasandín (que vivía na América do Norte) quería tamén ser soterrado, coma os seus devanceiros galegos, nunha montaña, no seu monte de Castrodiz. Malia os seus desexos, os seus restos esperan aínda a que chegue o día de poderen acougar por fin no seu monte natal de Castrodiz, a pouco máis dun tiro de pedra da miña parroquia natal.

Un meu amigo, Calros Solla -profesor, escritor e promotor do patrimonio cultural galego- falábame non hai moito da importancia que teñen tamén neste contexto simbólico da nosa montaña as rochas cimeiras da chamada "porta do Alén" no Monte do Seixo en Cerdedo, tamén na "Terra de Montes". Alí -comentábame el- "síntese preto a Deus".

Mais volvamos xa ó texto de Marcos. Como a nosa fe nos pide que nos "convertamos e creamos no evanxeo", é dicir, na boa e alegre nova, é Xesús mesmo quen lles desvela ós seus tres discípulos máis sobranceiros a alegría á que todos estamos destinados con El. En vésperas dos seus padecementos, Xesús quere que os seus apóstolos sexan testemuñas da luz que nos está a esperar ó final do túnel polo que todos, dunha ou doutra maneira, teremos que pasar.

Un túnel que non deixa de asemellarse ós nubeiros da dor e da escuridade polos que Abrahán tivo que pasar ante a perspectiva de ter que sacrificar o seu propio fillo Isaac, que viña sendo para el a única posibilidade de ter a descendencia que Deus mesmo lle prometera.

Tanto a primeira Lectura como o Evanxeo están ben acugulados de contido como para seren comentados ben amodo. En calquera caso, a mensaxe central é ben clara. Xesús é confirmado unha vez máis por Deus Pai como o Fillo seu: "Este é o meu fillo benquerido". O que se nos di é algo curto e, ó tempo, moi denso. Unha soa palabra, mais preñada de fondas consecuencias: "Escoitádeo". Cómpre aquí non esquecer que na Biblia "escoitar" non quere dicir algo así como "escoitar" o móbil ou a radio, senón que significa "seguir" a Xesús, facer o que el fai, facer que florezan a vida, a xustiza, o amor, sermos –en definitiva- testemuñas vivas de Xesús, do seu comportamento fraternal con todos e do seu amor filial ó Pai.

Un amor ó Pai do seu "benquerido" fillo Xesús, que como o de Abrahán, tivo que pasar por duras probas, ata chegar a ver luz, claridade, resurrección.

Non nos esquezamos. Se Xesús é o “benquerido” polo Pai, tamén nós somos “benqueridos” polo mesmo Pai na forza e no poder de Xesús e do seu Espírito. Por iso o apóstolo Paulo dinos na súa carta ós Romanos que o Pai nos agasalla en Xesús con todos cantos bens podemos desexar. Se o Pai nos regala Xesús, exclama Paulo, “como non nos vai regalar todo xunto con El?”.

Unha vez máis. A liturxia coresmal convídanos a crer na “boa nova”, a crer nesa “esperanza” e neses horizontes que só se ven nidios e abertos desde esas montañas misteriosas e sagradas ás que subiron tanto Abrahán e Isaac como despois Xesús cos seus tres apóstolos preferidos.

Que os Apóstolos que presiden aquí, na súa imaxe esculpida en pedra, a nosa liturxia nos axuden a robustecérmonos nesa fe.

DOMINGO III CORESMA

O casal do pai

O misterio da personalidade de Xesús amósase en que sempre ou case sempre é desconcertante. Se estamos acostumados a velo como cheo de amor e agarimo coas persoas e coas cousas, a escena de hoxe co vergallo ou látego na man parece que non casa ben con todo isto.

Mais dado que de Xesús con razón temos que supoñer que estea ben ó tanto do que é e de como é seu Pai, teremos en consecuencia que estar moi atentos cando nos fala sobre el. Como fillo especialísimo que é do seu Pai, ese Fillo proclamado polo Pai unha e outra vez como o “benquerido”, ten que estar ben informado de como é a casa de seu Pai Deus.

Polo que se nos di no evanxeo de hoxe, nin seu Pai é un “negociante” nin a casa de seu Pai é tampouco unha casa de “negocios”. Nin Deus nin a súa morada poden ter nada que ver con ganancias, con intereses ou con cousas que se mercan baseándose nos propios haberes ou poderes. “Non fagades da casa do meu Pai unha casa de negocios”, bérralles Xesús ós asustados vendedores e cambistas. Na casa de seu Pai non se está por méritos propios nin á busca de medras particulares. A casa de seu Pai é simplemente a casa onde se vive agradecido a familiaridade con Deus, onde se aprende fraternidade e igualdade entre todos.

Por iso, propiamente, a casa de Deus non é casa ningunha, senón esa relación filial fonda que se ten con el e que crea fraternidade entre todos, esteamos onde esteamos ou fagamos o que fagamos. É verdade que no templo de Xerusalén se practicaban ritos de sacrificios de animais, bois, ovellas, pombas, etc. e que para iso se precisaban persoas que se ocupasen tamén destes temas. Mais Xesús non quere que estes materiais e estas actividades de tipo exterior rematen ó final por afogar e distorsionar o que máis importa: o amor a Deus Pai e ós máis necesitados. E nisto non fai Xesús máis que continuar coa denuncia que xa antes del fixeran moitos profetas en relación cos cultos baleiros e puramente exteriores que se realizaban no templo. Cousa que por certo -como ben sabedes- non deixa de estar hoxe en día tamén na mente do actual papa Francisco cos seus intentos de reforma da curia vaticana.

Naturalmente, todo isto era tamén nos tempos de Xesús un asunto complicado e delicado, porque se xogaban aquí moitos intereses das clases dirixentes, relixiosas e políticas. De feito, Xesús aludirá algunha vez con suficiente claridade a este problema cando nunha determinada ocasión, tal como sabemos por outras pasaxes dos Evanxeos, se parou a conversar tranquilamente cunha muller afectada por problemas persoais e con

dúbidas sobre se a súa fe era a verdadeira ou non. Refírome a aquela fermosa escena na que Xesús, cansado e con sede, lle pide de beber a unha muller samaritana que vai co seu caldeiro a sacar auga do pozo.

Naquela conversa con Xesús hai, sen dúbida, fonduras moito meirandes cás do pozo. Ela séntese sorprendida polo feito de que Xesús a atenda con tanta delicadeza e amor, xuntándose como se xuntaban nela varios feitos dos que cada un deles semellaba ser xa razón suficiente para non atendela como de feito a atendería Xesús. Era xa en principio unha muller (e polo tanto, culturalmente discriminada), ademais pobre e para máis inri non xudía, pertencente ademais a outra relixión distinta da dos xudeus. Por iso, ó longo da conversa, atreverase ela a lle manifestar a Xesús as súas dúbidas sobre a súa propia fe, comentándolle a Xesús: "Os nosos pais adoraron a Deus neste monte [a samaritana refírese ó monte sagrado do seu pobo, o Garizim] e vós [é dicir, os xudeus] dicides que é en Xerusalén onde hai que adorar...". É unha consulta moi importante, porque aquí a muller estalle a preguntar en realidade a Xesús (aínda que ela non o saiba) onde ten el, é dicir, Xesús a súa casa. Porque, claro, o templo do verdadeiro Deus, a verdadeira casa de Deus, é tamén a casa do seu Fillo, é dicir a casa de Xesús. E Xesús, naturalmente, terá que saber moito destas cousas.

Cal é a resposta de Xesús a esta cuestión que, se lle preocupaba á samaritana hai vinte séculos, segue a ser hoxe actual nun mundo tan interrelacionado coma o noso? A resposta é a seguinte: "Mira, muller, nin o teu templo nin o noso van ser dende agora en adiante a casa de Deus". Dito coas palabras do texto de Xoán: "Faime caso, muller: chega a hora en que nin neste monte [é dicir, o dos samaritanos] nin no de Xerusalén adoraredes o Pai ... Chega a hora –é xa agora- na que os verdadeiros adoradores adorarán o Pai en espírito e verdade, pois eses son os adoradores que procura o Pai". Como vedes, Xesús non pretende varrer pra a súa casa xudía fronte á casa samaritana...

A resposta, pois, de Xesús á Samaritana é a de que a verdadeira casa de Deus é aquela onde hai espírito e verdade. É dicir, onde queira que haxa sinceridade, boa conciencia, humildade, amor, xustiza, rectitude de miras, etc. etc., alí está o Pai Deus. Polo tanto, Deus habita nunha casa moito máis espazosa có templo de Xerusalén ou calquera outra sinagoga, mesquita, igrexa, etc. etc.

Onde está, pois, a casa, o templo de Deus? Desde logo non onde haxa egoísmos, particularismos excluíntes, dogmatismos e cousas semellantes. Xesús diranos incluso que en realidade todos e cada un de nós somos os verdadeiros "templos" de Deus e que o Espírito Santo habita en nós, se nos mantemos en comuñón con el na fe, no amor ó Pai e a tódalas persoas. Que onde queira que nos reunamos dous ou tres no seu nome, alí está el no medio de nós... O verdadeiro templo de Deus son, pois, os humildes, os sinxelos, os perseguidos, os tratados inxustamente pola sociedade. Xesús identifícase con eles, como ben sabemos por moitas pasaxes do Evanxeo. E se Xesús está alí, con eles, entón o Pai Deus está alí tamén con Xesús e con eles. Eles son a súa casa.

Onde está a casa, o templo de Deus Pai? Agora pódenos servir tamén unha anécdota do P. Seixas, cando el falaba da súa estancia na República Dominicana, antes de virse para Vigo: "Eu procuraba facer actos un pouco rechamantes para educar. Por exemplo, nas reunións de xente, cando viñan doutras partes, abríalles a casa parroquial para que vivisen nela e ocupábana toda, pero había un cuarto moi importante, o dedicado ó bispo, que era a habitación máis grande e a mellor posta. Unha vez chamei o cociñeiro que tiña, de raza india, e mandeille preparar o cuarto do bispo. E acórdome que entre a xente que viñera había un da cidade veciña, Dajabón, que era moi negro, limpabotas de oficio, collino e díxenlle, aquí tes a túa habitación: ó vela quedouse un

pouco abraiado e díxenlle: Mira, este é o cuarto do bispo, que para nós é a representación de Cristo, pero ti representas para min a Cristo máis có bispo, porque ti representas unha raza explotada e oprimida, que é a raza de Cristo, así que ti estarás aquí con todo o dereito. E na mesa tamén ocupou o lugar e usou os cubertos do bispo. O cociñeiro andaba dicindo: non saio do meu asombro...".

Cal é a casa do Pai Deus? Quizais saibamos agora algo máis sobre este tema. Pidámoslle a Deus Pai, por medio de Xesús, que nos axude a dármonos conta de cal é a verdadeira casa súa e que nos bote, aínda que sexa a vergallazos, dos falsos templos dos nosos egoísmos excluíntes.

DOMINGO IV DE CORESMA

Nacermos dúas veces

Nestes días, nos que estamos case a experimentar o abrente da primavera, algunhas bolboretas empezan xa a curiosear de noite cara a nós, batendo as súas ás nos cristais das ventás. Este recorrente fenómeno faime lembrar o Nicodemo do evanxeo de hoxe: esa relevante personalidade do tempo de Xesús que viñera de noite tratar con el de importantes asuntos relixiosos que lle preocupaban.

Dalgunha maneira hai un certo parecido entre a muller samaritana sobre a que algo comentei no anterior domingo e Nicodemo. A samaritana, en diálogo a soas con Xesús, preguntáballe cal era o verdadeiro templo no que había que adorar a Deus Pai. Xesús contestáballe dicindo que agora non fan falla xa "templos", porque Deus Pai quere só adoradores que o adoren "en espírito e verdade" e que, se se pretende continuar a falar aínda de "templos", os verdadeiros templos son en realidade Xesús mesmo, no que habita o Pai, e cantos cren na súa palabra ou se parecen a el: os pobres, os doentes, etc.

Como vedes, Xesús cambia desde a súa mesma raíz a nosa relación con Deus. Na súa revelación a nós, Deus convértese en Pai, en "papá". Deus quérenos como verdadeiro pai e vén salvarnos e darnos vida. Non van facer xa falla, polo tanto, nin sacrificios rituais nin suntuosos templos de pedra tallada. A imaxe dun Deus distante, tirano e xuíz imperturbábel, queda superada e desvirtuada coa súa mensaxe, coa súa Boa Nova. Por iso lle comunica Xesús a Nicodemo que ten que "nacer de novo", para con ese novo comezo poder chegar a experimentar de verdade o significado de sermos fillos de Deus.

Que fan os pais cos seus fillos? Darlles vida. E se deles dependese, daríanlles unha vida que endexamais deixase de selo. É dicir, unha vida "eterna". Os pais están aí, non para se converteren en xuíces ou condenadores dos seus fillos, senón para seren garantes do amor e do benestar que os fillos desexan.

Pois ben, esta é a imaxe de Deus Pai que Xesús lle presenta a Nicodemo nese diálogo nocturno con el. Nicodemo era un alto cargo da relixión xudía, mais non podía negar que a persoa e a mensaxe de Xesús o cuestionaban moito. Xesús dille que ten que facer un cambio na visión das cousas, unha transformación na súa vida e tamén no modo de pensar e de vivir relixiosamente. Pero tiña medo, por ser el quen era, de se presentar ante Xesús á luz do día. Por iso, coma as bolboretas nocturnas, vén onda el de noite.

Nicodemo, mergullado na escuridade e nas dúbidas que o turban, non ve máis solución ca presentarse directamente e a soas ante Xesús. Se as bolboretas voan cara á luz, soas e de noite, Nicodemo fai o mesmo. Xesús dixera en diversas ocasións que el

era “a luz do mundo”. Xoán, o autor do texto deste domingo, fala noutras ocasións de que Xesús se consideraba a si mesmo como “luz”: “Eu son a luz do mundo. Quen me segue non andará ás escuras, senón que terá a luz da vida” (Xoán 8, 12). Tamén Lucas alude varias veces a Xesús como “luz”. Por exemplo, cando nos anuncia: “Visitaranos o sol que nace do alto, para alumar os que viven en tebras e na sombra da morte” (Lc 1, 78-79), “luz para alumar as nacións” (Lc 2, 32), etc.

É moi duro vivir entre dúbidas e escuridades, que provocan golpes e caídas ó non se saber cara a onde se vai. Podemos supoñer que Nicodemo sairía moi reconfortado da súa conversa nocturna. Porque Xesús vai liberalo de medos, de angustias e de dúbidas relixiosas. A mensaxe que lle dirixe a Nicodemo é unha mensaxe de amor e de vida. Xesús comunícalle a el como é Deus, como é ese Deus co que Xesús está en íntima relación filial.

Esta comunicación nocturna e privada de Xesús ó solitario Nicodemo é tamén unha comunicación a todos e a cada un de nós. E esta nova sobre Deus Pai non pode ser máis grandiosa e portadora de felicidade. Velaquí o que Xesús lle comunica a Nicodemo: “De tal xeito amou Deus o mundo, que lle deu o seu Fillo Unixénito, para que todo o que cre nel non se perda, senón que teña vida eterna. Non mandou Deus o Fillo ó mundo para que xulgue o mundo, senón para que por el se salve o mundo”.

Xesús vén, pois, comunicarnos que Deus, é dicir, o seu Pai benquerido, é tan bondadoso e misericordioso connosco que non tivo reparo ningún en darnos o seu propio Fillo para que nel, convertido para sempre en irmán noso, teñamos plena garantía de vida e salvación. Que máis podemos querer ou esperar? Deste xeito e grazas a Xesús, estamos todos libres de xuízo e de condena con só crermos nel e comportármonos conforme a esa fe.

Ademais, Nicodemo, como xudeu importante e instruído que era, sabía moi ben cal era o significado da serpe de bronce que no deserto Moisés erguera na punta dun pau para que os que a mirasen recobrasen a saúde. A serpe era un símbolo da saúde e da vida, dado que coa muda da súa pel semellaba conservarse sempre viva. Por iso aínda hoxe é a serpe o símbolo distintivo da botica e da profesión médica, é dicir, dos que procuran conservar a vida da xente. Neste sentido dille Xesús a Nicodemo, facendo referencia á súa próxima crucifixión: "Como Moisés alzou a serpente no deserto, así debe ser alzado o Fillo do Home, para que todo o que cre nel teña vida eterna" (Xoán 3, 14). Cúmprense así desde a cruz as palabras de Xesús, das que dá testemuño tamén Xoán: “Cando me ergan da terra, atraerei a todos cara a min” (Xoán 123, 31). Xesús converterase así en luz no medio das tebras, luz que atrae cara a ela esas inquedas bolboretas que somos todos nós.

A mensaxe de Xesús é, pois, anuncio de vida, de “vida eterna”. E a “vida eterna” en Xoán non se refire só, segundo ós expertos bíblicos, á vida de despois de morrermos senón tamén e de maneira importante á vida presente e actual. Os cristiáns deberiamos intentar desterrar das nosas vidas o medo e as angustias relacionadas coa nosa morte. Pois, pola graza de Deus, o noso destino é e será sempre vivir.

DOMINGO V DE CORESMA

Pataca inmortal

O tempo corre e estamos case na entrada da Semana Santa, pois o próximo domingo é xa Domingo de Ramos.

Entre tanto, seguimos a profundar no sentido e na práctica da conversión á que nos animaba a liturxia do Mércores de Cinza ó comezo da Coresma, cando se nos dicía: “Convértete e cre no Evanxeo”, é dicir na boa, na alegre nova de Xesús.

Porque é xustamente a grandeza da boa mensaxe de Xesús a que nos fornecerá forzas e bo ánimo para levarmos a nosa cruz, a cruz de cada un, seguindo a el que vai diante nosa levando a súa, sempre meirande cá nosa. Porque, por el e nel sabemos que trala cruz está sempre a Resurrección e o Deus da felicidade plena, é dicir, non rebaixada nin desvirtuada.

Cóntanos hoxe Xoán que había uns crentes de relixión xudía mais de orixe grega que querían ver Xesús. En certo modo, cando pola nosa parte dicimos que nos gustaría sabelo todo ou telo todo, estamos a dicir tamén que nos gustaría ver Xesús, se é que o consideramos como a manifestación visíbel de Deus. Os filósofos gregos falaban moito sobre Deus, mais iso de que Deus se fixera un de nós e que nos prometera a resurrección non lles cabía na cabeza. Por iso despediron, como sabemos, o apóstolo Paulo -iso si de boas maneiras ou cortesmente- cando lles empezou a falar deste tema. Estes crentes gregos que buscaban a maneira de veren a Deus na súa manifestación en Xesús eran, polo tanto, gregos dunha caste diferente.

Hai unha lenda que di algo así coma isto. Unha vez un rei convocou tódolos magos, sabios e sacerdotes do seu reino. Ameazounos cos castigos máis terríbeis se non lle amosaban a Deus. Inquedos e desesperados, andaban de aquí para alá, sen saberen que facer. Mais velaquí que chega un pastor que lles di que el era capaz de lle dar unha solución ó problema. Correron presentarllo ó rei. O pastor levou entón o rei a unha terraza e sinaloulle o sol, dicíndolle ó mesmo tempo: Mírao! No mesmo intre o rei baixou os ollos berrando: Queres deixarme cego. Entón díxolle o pastor ó rei: Señor, o sol é só unha cativa criatura do Creador, unha pequena muxica do seu esplendor... Como podes pensar en poñeres os teus ollos sobre el en persoa?

Os crentes de nación grega, bos sabedores de que Deus non podía caber nas nosas mentes, sabían tamén, e quizais polos propios apóstolos de Xesús, que este dixera algunha vez que quen o vía a el vía tamén o Pai, é dicir, a Deus mesmo. Pois dáse a casualidade de que Xoán nos fala (no evanxeo de hoxe) do apóstolo Filipe como o primeiro do que botaron man os crentes gregos para que os presentase a Xesús e o visen. E seguramente lembrades que foi xustamente a Filipe a quen se dirixiu unha vez Xesús dicíndolle: “Filipe, quen me ve a min, ve o Pai”. Os crentes gregos saberían polo tanto que Xesús se presentaba como a verdadeira imaxe, viva e humana, do que é Deus, do que é Deus Pai. Deste xeito viña Xesús actuar -cabería dicir- á maneira desa lente escura, humana, coa que podemos observar unha eclipse solar sen que o sol nos estrague a vista.

Mais aínda así, é dicir, aínda sabendo que por medio de Xesús podemos coñecer como é Deus e, en consecuencia, como debemos comportarnos nas nosas vidas, o tema non resulta doado. Non chega toda unha vida, por longa que sexa, para profundar na grandeza e no misterio de Xesús e da realidade toda da que formamos parte.

No evanxeo deste domingo apela Xesús tamén á realidade natural para nos aprender como é el realmente. Hoxe en día, moitas persoas, xa desde a nenez, están pouco acostumadas a conviviren coa natureza. Non teñen experiencia directa e repetida do que ocorre cando se sementa e nace unha pataca, ou do que lle pasa a un gran de millo ou de trigo des que se sementa, e así en relación con moitas máis cousas da natureza... Teño anécdotas moi curiosas sobre este descoñecemento que vos farían pensar e tamén rir moito.

Coido que non é nada bo esta ausencia de contacto tranquilo e longo coa natureza. Entre outras razóns, porque a través da natureza se expresa tamén Deus, se é verdade que é Deus o autor dela. Quizais por iso a xente sinxela, en contacto continuado coa natureza, non poucas veces entende mellor a mensaxe de Xesús ca aqueles ós que lles dá noxo enzoufarse coa lama da terra.

Sobre isto velaquí unha anécdota que lin algunha vez e que ten bastante que ver co que hoxe se nos di no evanxeo. Nun funeral, para presentar dun xeito algo plástico á xente a vida e a resurrección despois da morte, como se estaba no tempo da sementeira das patacas, ocorréuselle a un párroco falar da pataca, que se bota no rego da leira, que podrece e da que xustamente sairá a nova planta. Suponse que a xente entendeu a cousa. Mais de alí a poucos días, noutro funeral, antes de este empezar, un da familia do novo defunto entrou na sancristía e díxolle ó párroco: "Señor cura, eu víñalle pedir que, se fai o favor, non me lles fale das patacas...".

Ben. Pois aínda que poida parecer pouco fino e ata algo ofensivo iso de falar das patacas en relación cun defunto e coa resurrección, cómpre lembrar que Xesús empregou comparacións semellantes para nos falar destes temas fondos e importantes. Concretamente para falar da súa morte, da súa resurrección e tamén da nosa. Na pasaxe do evanxeo de Xoán de hoxe dísenos: *Se o gran de trigo cae na terra mais non morre, quedará el só; mais se morre, dará froito abondoso. Quen ama a súa vida, pérdea; mais quen aborrece a súa vida neste mundo, poñeraa a salvo para unha vida eterna*.

Se aquí se nos fala da "morte" do gran de trigo, é lóxico que tamén se puidese empregar a comparanza coa pataca, se naquel tempo fose alí coñecido este saboroso tubérculo. Mais daquela e neste lado do Atlántico non se sabía aínda o que era unha pataca, pois –como ben sabedes- as patacas só foron coñecidas fóra de América despois do descubrimento do continente americano.

Cómpre, pois, ollarmos amodo e con calma cara á natureza. Seranos así máis doado albiscar o significado da vida, da morte e da resurrección de Xesús e, en consecuencia, o grandioso e inmortal sentido da nosa vida.

DOMINGO II DE PASCUA

Sermos Tomé

Os textos dos evanxeos, coma hoxe o de Xoán, fálannos da alegría dos discípulos cando van facendo, individual e comunitariamente, a experiencia de Xesús resucitado. No de Xoán dísenos, por exemplo, que, ó veren o Señor, os discípulos se alegraron.

A nós, que vivimos bastantes séculos despois deles, pásanos algo semellante ó que lle aconteceu ó apóstolo Tomé. Desexariamos, como el tamén o desexaba, ter probas e experiencias directas e tanxíbeis de que Xesús seguía e segue a vivir trala súa morte na cruz.

Mais se os discípulos de Xesús creron porque, como se nos di, "viron", a nosa crenza en Xesús resucitado terá que basearse, non na nosa "visión", senón na nosa "fe". Trátase dunha fe que ten os seus alicerces no testemuño dos primeiros discípulos de Xesús. En calquera caso, podemos dicir tamén que, como compensación de non termos esa "visión" -que si tiveron as primeiras testemuñas de Xesús- podemos en cambio sentir en nós a alegría das palabras que dalgunha maneira dirixe Xesús a todos os que en tempos posteriores recibimos o anuncio da súa boa nova: "Benia os que creron sen veren!".

O episodio de hoxe relacionado co apóstolo Tomé aparece só no texto de Xoán. En realidade, dinos incluso o mesmo Xoán que houbo “moitos outros signos” realizados por Xesús, despois de resucitado, que Xoán tampouco nos conta de maneira concreta. De modo que eses moitos signos que para un xornalista dos nosos días terían un enorme interese, semella que a Xoán non lle doe moito non contalos.

Os apóstolos e discípulos de Xesús saben ben que o importante e decisivo é o encontro con Xesús. Co Xesús de antes e de despois da resurrección. E para encontrármonos con Xesús e adherírmonos a el abonda un par de experiencias fondas e íntimas con el. Os evanxelistas non son xornalistas, senón transmisores dalgunhas desas experiencias que tiveron con Xesús.

Por iso Xoán, pensando seguramente nas persoas que non participaron inmediata e directamente nesas experiencias, preséntanos a escena de Tomé. Tomé lémbrame un pouco, aínda que sexa como digo só un pouco, a parábola conmovedora de Xesús sobre o fillo pródigo (ou, máis exactamente, a parábola sobre o “Pai bondadoso”). Xesús fálanos nesa parábola da bondade a toda proba de Deus, de seu Pai e do noso Pai tamén. Cando volve o seu fillo despois de moito esperalo seu pai, este apértao con agarimo sen rifarlle nin botarlle en cara a súa mala conduta. Dunha maneira semellante, é agora Xesús quen se comporta, no mesmo senso, amorosamente condescendente co seu apóstolo. Acepta sen reparos as condicións que Tomé puxera para crer nel: ver directamente as furas dos cravos nas súas mans e comprobar amodo e directamente que el é verdadeiramente o Xesús co que convivira, e non unha pantasma.

Os encontros con Deus están sempre cheos de paz, de alegría, de perdón xeneroso e de xestos moi humanos. É esta atmosfera a que Xoán recrea no seu relato da aparición de Xesús no medio dos seus discípulos, cando eles estaban cheos de medo e de precaucións trala morte ignominiosa do seu Mestre.

O primeiro saúdo de Xesús quere xa romper con medos, posíbeis acusacións mutuas ou desencontros no seo do grupo dos discípulos. “Paz convosco”. Tamén no seu encontro posterior oito días despois, xa con Tomé entre eles, repetirá Xesús o mesmo saúdo: “Paz convosco”. Xesús aporta sempre paz, consolo e moitos azos para vivir, pois el mesmo é a Vida e como tal vida ten el que se mostrar. Dálles, ademais, o mellor agasallo que lles pode dar: o Espírito Santo. “Recibide o Espírito Santo”. É dicir, o mesmo Espírito que moveu, consolou e guiou Xesús durante toda a súa vida.

Foi así como se foi formando a súa Igrexa ata nós, aínda que isto ocorrese a través de deficiencias históricas no seo da mesma Igrexa. Por iso certos xestos, actitudes ou palabras do papa Francisco non deixan de nos chamar hoxe en día tanto a atención. Por que? Porque quizais nos queren facer máis directamente presente o modo como se comportaba Xesús coa xente do seu tempo.

Que lle pasou a Tomé para pasar tan rapidamente dunha actitude de autodefensa ante os seus compañeiros a outra completamente distinta na que se derruba ante o Xesús que lle permite a Tomé que realice con el as probas que xulgue máis axeitadas para crer na súa resurrección?

A resposta a esta pregunta coido que é importante porque nos afecta tamén a nós, que podemos atoparnos máis dunha vez en loita interna entre a nosa tradicional crenza na resurrección e as dúbidas que non deixarán de se nos presentar en relación con ela.

En calquera caso, penso que canto máis teñamos en conta a infinita grandeza de Deus a tódolos niveis, tanto máis doado nos será poder crer. Porque as cousas de Deus

son sempre grandiosas, inimaxinábeis. Tanto en poder coma en bondade. Non é el unha cousa máis ou unha persoa máis coas que nos encontramos na vida, por moito que as poidamos estimar ou apreciar. El é absolutamente infinito en todo. De aquí provén o gran misterio das realidades feitas por el. A realidade da materia, da vida, do noso propio interior e de mil outras cousas máis que nos admiran. É marabilloso e misterioso o nacer, o vivir, o morrer e, por suposto, o resucitar.

Tomé fixo a experiencia de Xesús resucitado, e xunto con esa experiencia fixo tamén a de que el mesmo está tamén destinado a resucitar. E isto enche a súa alma de alegría, de confianza e de fonda paz. Tódalas probas que Tomé tiña pensado realizar co Xesús supostamente resucitado caen agora por terra como xoguetes de rapaces pequenos ante a grandeza, que se lle presenta directamente diante del: a presenza dun Xesús poderoso e bondadoso. Poderoso, porque é xa señor da morte, vencida por el, e entrañabelmente bondadoso porque ten a condescendencia de se ocupar de Tomé e dos seus problemas case coma se non existise no mundo ningunha outra persoa máis ca el.

Por iso, Tomé non podía dicir outra cousa máis có que dixo: “Meu Señor e meu Deus!”. Con isto está dito todo.

DOMINGO III DE PASCUA

O alén está xa no aquén

A extraordinaria nova da resurrección de Xesús, que estamos a celebrar e a lembrar comunitariamente estes días, é loxicamente algo sobre o que a liturxia, as lecturas e as diversas aclamacións que recitamos volven unha e outra vez.

Os textos dos evanxeos fálannos de que foron moitos e diversos os modos de se facer presente o Xesús resucitado ós apóstolos e ós demais discípulos. En todas esas experiencias pascuais, cargadas de alegría e de esperanza para os seguidores de Xesús e para cantos cren e crerán nel, dáse algo que vén sendo común denominador de todas elas. Trátase de experiencias fondas e transformadoras que conmoven e afectan ós que concreta e particularmente as experimentan, pero que teñen, máis alá diso, un carácter comunitario e universal. Refírome a que teñen unha finalidade non só individual e particular, senón xeral. Realízanse en función de todo o pequeno grupo cristián de entón, de cantos viñemos despois e dos que veñan ó mundo detrás de nós.

A resurrección de Xesús é neste sentido unha nova que afecta a toda a humanidade, porque en Xesús resucitado Deus Pai destinou a humanidade toda a unha vida para sempre, máis alá da morte. Os cristián estamos así chamados a encher o mundo enteiro da esperanza de vida que nos vén de Xesús.

Iso é o que fan os apóstolos e discípulos ó teren a experiencia de Xesús resucitado. Dese modo actúan as mulleres que foron moi cedo onda o sepulcro do Señor. Realizan axiña o camiño de volta para lles anunciar ós apóstolos a resurrección do Señor. Algo semellante fan os diversos apóstolos e discípulos comunicándose mutuamente as aparicións, as experiencias, do Señor resucitado que van sucesivamente ocorrendo. Ó longo dos tempos e dos séculos recibimos tamén outras persoas, a través do anuncio do evanxeo, esta grande e boa nova da resurrección de Xesús e, consecuentemente, da resurrección que nos espera a todos.

Por iso tódolos que fomos destinatarios desta gran nova temos que anunciala, coa nosa palabra e cos nosos feitos, no noso tempo e aquí onde vivimos, a cantos hoxe en día ou non saben dela ou non son capaces de crer nela quizais incluso por ser esta nova da resurrección algo tan incríbel, tan marabilloso. Tiña que ser algo así esa nova

xustamente por proceder de Deus, que é sempre meirande ca canto poidamos maxinar sobre El.

No comezo do texto do evanxeo de hoxe fálanos Lucas de que os discípulos de Emaús fixeron axiña o camiño de volta tras descubriren abraiados que aquel descoñecido que se lles xuntara no camiño era o propio Xesús. Tiñan que comunicárllelo canto antes ós demais apóstolos e discípulos. Eles marcharan, abatidos e desconsolados trala paixón e crucifixión do seu Mestre, cara á súa aldea natal para continuaren alí coa súa vida normal anterior ó encontro con Xesús. Mais tras teren experimentado Xesús resucitado no seu camiño cara a Emaús non o pensan dúas veces. En vez de se deitar para descansar tranquilamente da camiñada feita, tal como pouco antes llo aconsellaran eles mesmos ó seu misterioso acompañante (pois era xa noite ou case de noite), o que fan -tal como se nos conta no texto de Lucas- é "levantarse axiña e volver a Xerusalén". Para que? Pois para comunicárllelo, o máis cedo posíbel, ós demais compañeiros. As experiencias de Xesús non se poden gardar agachadas no propio recuncho interior de cada quen. Hai que comunicalas para que outros poidan tamén alegrarse con novas tan inimaxinábeis. Tal como comenta Lucas, "eles contaron, ós once apóstolos, o que lles pasara polo camiño e como o recoñeceran no partir o pan".

Dinos tamén Lucas que, xustamente cando os discípulos de Emaús compartían cos seus compañeiros o que lles acontecera no camiño, o mesmo Xesús se fixo presente a todos eles conxuntamente, quentando así aínda máis os seus corazóns e fortalecendo a súa aínda feble fe na resurrección. Apórtalles así tranquilidade e consolo ós seus corazóns angustiados e temerosos ofrecéndolles a súa paz: "A paz sexa convosco!". Esvaécenselles así as néboas das súas dúbidas e dos seus medos. Experimentan así que todo é graza, forte e bondadosa iniciativa de Deus Pai que se manifesta en Xesús a eles e a nós. Deus é sempre o que dá inicio á súa obra en nós e o que a sostén e mantén. Nós só temos que estar incondicionalmente abertos a que el faga de nós e connosco o que queira.

O Deus de Xesús é sempre aquel que quere estar e conversar connosco. Antes de que se nos poida ocorrer a nós que tal cousa é posíbel. Por iso é Xesús tamén aquí o que se auto-convida, o que toma a iniciativa, para que traian algo de comer e departir así amigabelmente con eles: "Tedes por aí algo que comer?". A nosa conversa con el é sempre posterior ou consecuente. Está sostida e posibilitada pola anterior iniciativa de Deus. Cando un neno, en presenza de seus pais, lle dá as grazas a un descoñecido amigo da familia que lle ofrece ou entrega un pequeno regalo, está a recoñecer coa súa palabra "grazas" que foi ese descoñecido amigo, a graza ou bondade dese descoñecido amigo, a que iniciou tan fermosa e agarimosa acción con el, con ese cativo que de por si non pode esixir nada.

Por iso a nosa dominical eucaristía, que é unha comunitaria lembranza da morte e resurrección de Xesús, ten tamén a estrutura dun banquete, dun xantar, no que Xesús non só se fai presente entre nós como quen nos convida á mesa, senón incluso como aquilo mesmo que comemos e bebemos. Tan fondo é o seu desexo de se unir intimamente a nós.

En realidade é ese íntimo encontro do Xesús resucitado connosco o que verdadeiramente nos resucita, o que nos une ó corpo e á vida de Cristo e nos converte así xa neste mundo, dalgunha maneira, en resucitados.

DOMINGO IV DE PASCUA

Teimando ser ditosos

Estamos en tempo pascual. Ou sexa: tempo litúrxico de alegría, de resurrección, de felicidade.

Existen diversas enquisas e comentarios sobre que tipo de persoas semellan sentirse máis felices na súa propia vida, na súa profesión. Chamoume a atención ler concretamente, nalgún destes traballos, que en comparanza con outras profesións ou actividades hai unha boa proporción de sacerdotes que se senten moi felices na súa actividade. E a explicación que alí se dá é a de que a eles lles fai felices axudar os demais. Isto viría darlle a razón ó coñecido dito de que é máis feliz quen dá ca quen recibe.

Que eu saiba, houbo ata este momento, hai xa varios anos, dous Congresos Internacionais sobre o tema da Felicidade. No segundo e último ata agora, que tivo lugar en Madrid, falaron, entre outros, un monxe budista, de orixe francesa, que é considerado como o "home máis feliz do mundo". Tamén falou nesa reunión unha monxa contemplativa católica. As dúas persoas coincidían en que a felicidade, por moi persoal que sexa, non é un asunto individual, senón comunitario, social, compartido. Non se pode ser feliz pechándose un en si mesmo, na súa propia pel coma quen di, pensando que desa maneira se vería libre un dos perigos que ameazan a felicidade. Polo contrario, para ser feliz hai que saírse máis ben do propio "eu", do propio egoísmo, e dedicarse a facer ben ós demais, a cantos poden precisar da axuda ou das atencións que un lles podería proporcionar.

A aludida monxa contemplativa dicía por exemplo: "Calquera que ame e se sente amado é feliz".

Pois ben, todo isto ten que ver con algo que é moi central na experiencia cristiá, onde tan decisivo é o mandato do "amor": do amor ó próximo. Por que é e debe ser tan central isto no cristianismo? Pois porque Xesús foi iso: entrega total e absoluta ós seus irmáns, homes e mulleres deste mundo, cos que no seu curto tempo de vida se atopou. Foi desa maneira e non de outra como Deus Pai quixo revelársenos a si mesmo.

O texto do evanxeo de hoxe é un verdadeiro canto a este modo de se comportar. Xesús enténdese a si mesmo como "bo pastor": "Eu son o bo pastor". O acento hai que poñelo aquí nesas dúas letras que forman a palabra "bo". Porque ser "bo" pastor significa, segundo o relato de Xoán, non pensar en si mesmo, nos seus propios intereses ou ganancias, senón nas ovellas das que se é pastor. O bo pastor arrisca a súa vida, se é necesario, por salvar a vida das súas ovellas. Non polo interese que elas teñan para el, senón por si mesmas, porque as quere, porque as coñece polo seu nome, porque sabe cómo é cada unha delas e porque está moi ó tanto dos coidados que precisan.

Non é nada estraño neste sentido que o papa Francisco comentase algunha vez que os evanxelizadores deberían ter "olor a ovella". "A comunidade evanxelizadora –dinos el- métese con obras e xestos na vida cotiá dos demais, achica distancias, abáixase ata a humillación se é necesario e asume a vida humana, tocando a carne sufrinte de Cristo no pobo. Os evanxelizadores teñen así 'olor a ovella' e estas escoitan a súa voz". Un "olor a ovella" que para Francisco vén sendo o mesmo ca "olor a evanxeo".

Pois ben, no relato de Xoán –un lindo relato- están moi unidos coñecemento e amor. Non se pode amar sen coñecer e non se pode coñecer sen amar. Mais Xoán refire aquí o discurso de Xesús ós fariseos cunha fondura incríbel. Porque o amor que o bo pastor, é dicir Xesús, ten ás súas ovellas é un amor que ten que ver co coñecemento e co amor cos que o Pai Deus e o seu Fillo Xesús se coñecen e se aman mutuamente: "O Pai

coñéceme a min e eu coñezo o Pai". Este amor ten que ver, polo tanto, coa mesma Trindade de Deus Pai, Deus Fillo e Deus Espírito, que é o centro mesmo da nosa concepción cristiá de Deus.

Falamos con frecuencia da gran felicidade que pode haber e hai en moitas familias: onde pai e nai se queren mutuamente e queren tamén os seus fillos e estes quérenlles pola súa parte tamén a seus pais. Agora ben, Deus non podería ser modelo e fonte deste tipo de amor se el fose en si mesmo unha persoa pechada en si mesma e sen posibilidade de se relacionar con ninguén igual a si mesmo. Por fortuna, Deus non é así. O Deus que se nos revela por medio de Xesús é un Deus misteriosamente un e trino: poderiamos dicir que é unha verdadeira familia, a familia primordial da que procede toda familia humana e todo amor sobre a terra.

Mais case o máis grande é aínda o seguinte. Todos nós, toda a humanidade, estamos chamados a formar parte desta primeira e felicísima familia divina do Pai, do Fillo e do Espírito Santo. Recórdanolo o mesmo Xoán na Segunda Lectura. Dísenos alí: "Vede o moito que nos quixo o Pai, para nos chamarmos fillos de Deus e sérmolo de verdade". Este "sérmolo de verdade" e desde logo moita cousa. Algo que en principio semella imposíbel. Mais isto quere dicir que a humanidade toda, toda a gran familia humana, está chamada a se integrar na familia máis grande e máis feliz que imaxinar se pode: a familia -digámolo así- trinitaria, que é Deus mesmo.

Un misterio que non nos pode caber na cabeza, mais que debería dirixir toda a nosa vida e a nosa relación con tódalas persoas coas que nos atopemos neste mundo. Porque o noso destino é moi grande, inconcibíbel. Xoán non deixa de se referir ás perspectivas grandiosas deste destino noso, que foi posibilitado para nós grazas ó Deus que en Xesús se fixo irmán noso: "Meus amigos –segue a insistir Xoán- xa somos fillos de Deus, mais aínda non está á vista o que seremos; sabemos que cando Xesús apareza, nós seremos coma el, xa que o veremos tal e como é".

O tempo pascual é, pois, un tempo para "soñar", para crer que son e que serán realidade cousas que só semellan pertencer ó mundo dos soños. Mais temos dereito a soñar, porque a grandeza do Deus no que cremos e o amor que nos ten son moito meirandes ca tódolos soños nosos, por altos e sublimes que sexan.

Quen podería soñar que ese Xesús que morre entre dous ladróns se ía converter, resucitado, na clave de toda a historia humana e do noso destino? Pois a nosa fe pascual apréndenos e ínstanos a confesar que si, que ese non é un soño, senón a feliz realidade que Deus mesmo fixo para nós. Podemos por iso dicir e cantar con alegría: Aleluia!! É dicir: Loado sexa Deus!!

DOMINGO V DE PASCUA

Aprendendo da vide

Como ben sabedes e é lóxico e natural, Xesús empregaba para dar a coñecer a súa mensaxe moitas comparanzas relacionadas coa vida e co traballo da xente coa que convivía. Eran comparanzas sinxelas e ben doadas de comprender.

Menos mal que aínda hoxe, malia os progresos da técnica, temos a posibilidade de ver e observar cos nosos propios ollos de onde vén o viño que sae a grolos dunha botella, etiquetada ou non, que nos poñen na mesa. Hai todo un proceso, coidadoso e delicado, desde aquel vello e retorcido tronco da vide, que se mantén firme na terra do seu dono, ata que se pode degustar o viño saído dela nun alegre xantar con familiares ou amigos.

O viño ten que ver e tivo sempre que ver coa alegría de bebelo en compaña doutros, creando amizade e compañeirismo, construíndo así comunidade e fraternidade.

Cómpre non esquecer que tamén a eucaristía que celebramos cada domingo ten que ver con esa comunidade de vida, de fe e de alegría que queremos ir construíndo pouco a pouco arredor da mesa do corpo e do sangue do Señor. Na comuñón recibímolo a el precisamente en forma de pan e de viño.

De maneira especial nestes domingos de Pascua que estamos a celebrar convídasenos -e concretamente na liturxia deste domingo- a vivirmos a "santa alegría da Pascua", da que se nos di ademais que é preparación para a "alegría eterna" que nos espera a todos.

Ben. Para entendermos o que nos refire hoxe Xoán sobre a comparanza do reino de Deus coa vide hai que saber distinguir –e isto é moi doado- entre o *labrego* dono da viña, a *vide* mesma plantada xunto con outras máis na súa leira, e as ramas ou *bacelos* da vide dos que penduran os prezados acios acugulados de bagos ou uvas.

Hai aí unha especie de trindade: *labrego, vide* e *bacelos* ou ramas da vide. Unha trindade que lle serve a Xesús para falarnos da unión e relación íntima que debemos ter con el e, a través del, co Pai, con Deus Pai.

O labrego tradicional coida, mañá e tarde, da súa viña. Está curtido polo sol, polas chuvias, polos temporais. A súa pel asemella a cortiza do tronco da vide: recia, morena. Podería dicirse que a vide é filla do labrego. Mais sobre todo o labrego ama a súa viña. Coida dela con agarimo de pai. No deixa que follas ou ramallos sobrantes afoguen a teima e a esperanza súa de que a vide poida producir acios fermosos, agradábeis á vista e ó padal. Cando o labrego a poda, non a quere asustar nin lle causar dor. É só para que a vide sexa máis ela mesma e máis parecida ó seu pai, o labrego.

Que fermosa é a comparanza que fai Xesús de seu Pai Deus co labrego que coida amorosamente da viña!

Como digo, Xoán quere axudarnos a entender a unión que deberiamos ter nós, os bacelos (as ramas da vide), coa vide mesma, que é Xesús. Mais tamén a unión que ten a vide, Xesús, co labrego que é seu Pai. Sen este labrego-Deus Pai non habería viña nin vides, porque as malas herbas e os xabarís acabarían con ela.

Agora ben, se Xesús (que é a vide) non pode existir sen o seu pai-Deus, menos aínda poderiamos nós existir se non estivésemos unidos a esta vide que é Xesús. De Xesús é de onde os bacelos ou as ramas da vide (que somos nós) recibimos a seiva divina que nos vai divinizando pouco a pouco. De tal maneira que se nos cortan con coidadiño da vide e nos plantan nun terreo axeitado poderemos chegar a converternos en novas vides á semellanza da vide nai ou primeira que é Xesús; pois levamos a seiva de Xesús connosco.

O que non é posíbel é crer que poderiamos subsistir por nós mesmos sen relación ningunha coa vide, que é Xesús. En Xesús circula, bule e ferve a seiva divina que vén do Pai-Deus, de quen todo procede. Só del podemos recibir a forza divina que precisamos para vivirmos con alegría, esperanza e amor. "Fóra de min –dísenos no evanxeo de hoxe- non podedes facer nada".

Pero é que ademais –aínda que disto non se nos fala directamente hoxe- a comparanza da vide ten que ver coa *fraternidade* que deberiamos practicar entre nós. Nos bacelos, nas ramas da vide, é dicir, en nós mesmos circula *unha mesma* seiva: a seiva de Deus que se fai presente na vide que é Xesús e que é un don infinito de Deus

Pai e do seu Espírito ó mundo. Esta seiva divina, que circula por tódolos bacelos da vide, é a que nos converte a todos en verdadeiros irmáns. Pois participamos dunha mesma vida e dun mesmo agarimo común, o amor que lle ten Deus Pai ó mundo e que se nos manifestou en Xesús.

Falamos da unión que temos que ter con Xesús e con Deus Pai para podermos producir froitos saborosos de xustiza, de paz e de amor. Mais esta unión non nos fai uniformes, como tampouco hai nunha mesma vide un bacelo exactamente igual a outro ou un acio de uvas que sexa totalmente idéntico a outro. O Deus que é un, mais que é tamén diferente en si mesmo (en canto Pai, Fillo ou Espírito), quere construír así en nós unidade e diferenza, unión de cada un de nós con el e cos demais mais mantendo cada un a súa propia identidade, a súa diferenza respecto dos demais.

Construír un mundo así, unido e diferente segundo as diversas culturas e as diversas maneiras de ser, é unha tarefa á que nos deberiamos dedicar sempre con teima, alegría e esperanza. Mais sabendo que só acadaremos realizar esta grande obra se nos mantemos unidos con esa vide, que é Xesús, e por medio del co labrego traballador e agarimoso por excelencia, que é Deus-Pai. Que así sexa!

DOMINGO VI DE PASCUA

Aprobar no amor

Xoán, no evanxeo de hoxe, mais tamén na súa Primeira Carta (a da segunda Lectura), amósasenos coma un autor denso, fondo, que vai á cerna dos problemas. Alén da descrición dos acontecementos ocorridos en relación con Xesús, a el gústalle profundar, reflexionar e sintetizar. Poderiamos dicir que procede xa en certo modo como un teólogo sistemático de tempos posteriores. Por iso Xoán é simbolizado tradicionalmente en forma de aguia, pois á aguia gústalle voar a grande altura e ten ademais visión aguda e penetrante.

Disto dános el boa proba cando nos fala hoxe do amor: da súa centralidade na mensaxe cristiá. Empregamos tantas veces a palabra amor que ás veces pode ela converterse en moeda gastada. E non debería ser así. Porque en realidade sen amor non pode vivir un nin poden tampouco os demais. Mais cal é a orixe do amor para Xoán?

Nesta primeira carta súa respóndenos Xoán que “o amor vén de Deus”; aínda máis, que “Deus é amor”. Isto tanto para Xoán como para calquera cristián é algo moi claro, porque ben sabemos que a única maneira de saber como é Deus é vendo como se comporta o seu fillo unixénito Xesús. Xesús dixera de si mesmo: “Quen me ve a min, ve ó Pai”, é dicir, ve a Deus. Pois ben, a experiencia que van tendo os apóstolos e discípulos de Xesús con el é a de alguén que os estima e quere de verdade, que os desculpa, que os perdoa, que dá a súa vida por eles e por todos e que resucita para lles dar e garantir a eles e a todos vida e resurrección.

Os discípulos de Xesús van aprendendo así a ver a Deus como alguén que, sobre todo, ama sen límites. De cando en cando lémbrovos, para que non o deades a esquecemento, que Deus é trindade de persoas que se aman: Deus-Pai, Deus-Fillo e Deus-Espírito. Pero isto non pode converterse en algo abstracto, nunha especie de invento ou entretemento de teólogos que non tivesen nada que facer. Non. A Trindade de Deus é a conclusión á que xa chega a primeira reflexión cristiá, cando os seguidores de Xesús se van dando conta de que el fala de si mesmo como Fillo, como o Fillo único e infinitamente querido de Deus-Pai. Pola súa parte, Xesús enténdese a si mesmo como a imaxe perfecta do Pai, como manifestación divina do mesmo Pai. De modo que en

Deus hai polo menos, para dicilo dalgunha maneira, unha dualidade de persoas: o Pai e o Fillo. E esta dualidade converterase en trindade cando Xesús nos fale despois de que el e mailo Pai nos van mandar aínda un terceiro, que nos encherá de consolación e que estará sempre connosco, alegrándonos e amándonos como presenza viva en nós do Pai e do Fillo. É a persoa divina que chamamos Espírito Santo.

Deus vén sendo así como un círculo de amor e nese ámbito de amor quere que entremos tamén nós, aínda que Deus se bastaría plenamente a si mesmo sen que nós entrásemos nel. Mais des que Deus decidiu irmandarse coa humanidade toda no seu Fillo Xesús, pertencemos todos a esta atmosfera de amor da Trindade de Deus, que vén sendo algo así como o aire que respiramos. Se nos fallase ese aire non poderiamos seguir vivindo. Por iso cando unha persoa sente que non é querida, que non é amada, deixa case automaticamente de querer seguir vivindo.

Volvendo ó texto de Xoán e tendo en conta que nos discípulos de Xesús estamos presentes en certo modo todos nós, póñense en boca de Xesús estas palabras: "Como me amou o Pai, así vos amei eu". O comportamento de Xesús connosco non fai senón prolongar ou repetir o amor que Deus-Pai lle ten a el. Deste modo, en Xesús e con Xesús somos todos queridos infinitamente por Deus-Pai. Isto é algo que supera a nosa comprensión, porque en principio semella imposíbel que Deus nos poida querer tanto.

Velaquí vedes por que ten tanta importancia o de amármonos mutuamente. Ata tal punto que se converte no verdadeiro e único mandamento que nos dá Xesús: "Este é o meu mandamento: que vos amedes uns a outros como eu vos amei". E repítese aínda o mesmo pouco despois: "Mándovos isto: que vos amedes uns a outros".

Polo tanto, se queremos ser verdadeiros discípulos de Xesús e "cristiáns" de verdade, non nos vale en modo algún presumir de cousas como estas: eu sonche moi relixioso, moi amante de Deus, rezo moitísimo, eu cumpro con tódalas normas, eu son moi obediente, etc., etc. Todo isto está moi ben, mais mentres non poidamos anotar, sen mentir, no currículo da nosa vida: "eu quero ben a todos, eu amo a todos, eu son amigo de todos", se non podo dicir isto con verdade, entón nada do anterior nos será de proveito para podermos aprobar o curso, refírome ó curso longo ou curto da nosa vida. Pois xa sabedes ben aquilo que escribía o santo carmelita de Ávila Xoán da Cruz: "ó atardecer da vida examinarante do amor". Examinaranme, polo tanto, sobre se arredor de min fun creando erroneamente na vida un círculo de "servos", aduladores e dependentes, e non en cambio –como debería ser- un círculo de "amigos" de verdade, libres e independentes, tal e como fixo Xesús cos seus apóstolos e discípulos ós que lles dicía: "Xa non vos chamo servos... A vós trateivos de amigos".

Non se entende moi ben como se nos fai tan custosa e complicada unha cousa que en principio semellaría fermosa e doada. Porque quen ama recibe normalmente tamén amor e séntese polo tanto querido e feliz. Por iso, cando nos fala aquí Xesús deste "mandamento" seu de amármonos uns a outros, engádese aínda: "Díxenvos estas cousas para que a miña alegría estea en vós, e a vosa alegría sexa plena".

Non o dubidemos. Quen ama fai felices os que ama e é feliz tamén el mesmo. Nun fermoso libriño de "Conversas" co P. Seixas (que tantas veces presidiu nesta igrexa a eucaristía) preguntáballe o entrevistador por que todos ll**e** querían ben. E el contestaba: "É certo que teño moitos amigos e moita xente marabillosa que demostra terme estima... O ter capacidade de amar os demais, incluso sensibelmente... repercute nunhas boas relacións... Eu sempre procuro tratar ben a xente, con agarimo e, polo xeral, son ben correspondido. Esta é unha faceta da miña vida da que estou plenamente satisfeito, sempre tiven moitos e moi bos amigos".

Que bo sería se puidésemos dicir algo semellante sobre nós mesmos!

ASCENSIÓN DO SEÑOR

Chamados a ascender

A festividade da Ascensión abrangue mensaxes e ideas grandes e sublimes. Porque nela, neste Cristo do que se nos di que "ascende" ó ceo, veñen xuntarse dalgunha maneira ceo e terra. Entendidos naturalmente ámbolos dous de maneira simbólica, en tanto que coa terra asociamos o imperfecto mentres que, pola contra, co ceo o que non remata, o totalmente bo.

Non se trata, con todo, de dúas realidades, o ceo e maila terra, totalmente diferentes ou opostas. Pois, por unha parte, en Deus Pai atópase a síntese e a razón de ser das dúas; porque el, "o Pai omnipotente", tal como confesamos no *Credo*, é o "Creador do ceo e máis da terra". E, por outra parte, no seu Fillo Xesús encarnado, a terra e a humanidade toda están e estarán sempre presentes por toda a eternidade. Porque el, Xesús, é e será sempre un de nós, por máis que sexa tamén e será para sempre o Fillo único e benquerido de Deus.

Xesús "ascende", pois, nesta festividade a un novo e definitivo nivel. Amósanos así cal é tamén o noso "camiño". Xa dixera el de si mesmo que non só é a Verdade e a Vida, senón tamén o "Camiño". Un camiño, polo tanto, que todos estamos chamados a percorrer. Nunha peregrinaxe na que non nos fallarán as forzas do seu Espírito, do Espírito que Xesús nos promete hoxe: "Recibiredes a forza do Espírito Santo, que virá sobre vós".

Trátase dunha peregrinaxe, dunha "ascensión", a de cada un de nós, que non a facemos polo tanto en solitario. Ben sabemos que unha peregrinaxe ou calquera viaxe se fan máis doadamente cando se vai con outros acompañantes que dan azos ou que fornecen axuda cando se precisa. El vai connosco. E non de calquera maneira. Vai sempre diante, facendo o meirande esforzo e abríndonos o camiño.

En realidade todos formamos unha unidade con el. Segundo Paulo, na súa carta de hoxe ós Efesios, os cristiáns formamos con Xesús Cristo un só corpo, sendo el a "cabeza" deste corpo. Deus Pai −dinos Paulo− é quen someteu todo a Xesús e quen "o puxo por riba de todo como cabeza da Igrexa, que é o seu corpo". Nós somos, polo tanto, membros deste corpo misterioso, que ten como "cabeza" Xesús, dirixindo e estimulando tódolos membros do seu corpo místico, que somos todos nós.

Mais pensemos aínda. A este Xesús Cristo que ascende ó ceo están unidos os seres humanos todos do tempo pasado, do presente e do porvir, sexan da ideoloxía ou crenza que sexan. Todos están, estamos, chamados e convidados a este esforzo común con el cara a unha meta grandiosa e fermosa, que ninguén no fondo pode deixar de apetecer. Pois quen non quere vivir?, quen non busca a verdade?, quen non quere acertar co camiño que leva á felicidade?

Pois ben, quen queira que teña estes desexos (e témolos todos dunha ou doutra maneira, en maior ou menor grao) debería saber que Xesús está con el, que el está con Xesús. Non podemos converter Xesús en alguén que está só reservado para certas persoas, que fagan certas cousas, realicen certos ritos ou cumpran con determinados preceptos concretos. Xesús está aí para todos, para toda a humanidade. Pois el non é nin máis nin menos que a imaxe fiel e perfecta *para todos* do Deus Pai de todos.

Por iso Paulo, na súa carta de hoxe, ó nos falar de que a Igrexa é o corpo de Cristo e sabendo que Cristo é a imaxe viva do Pai de todos, non deixa de dicir sobre a Igrexa (e non só sobre Cristo) que a Igrexa é "a plenitude daquel que o enche todo en tódalas cousas". Por iso a Igrexa non pode deixar de se entender a si mesma como "católica", é dicir, como "universal".

Isto pode relacionarse tamén co mandado que, a teor do evanxeo de hoxe, lles fai Xesús ós seus apóstolos: "Ide polo mundo enteiro e anunciade a Boa Nova a toda a creación". A anunciar tal Boa Nova, esa noticia tan grande, estamos chamados todos e cada un dos cristiáns na súa vida familiar, comunitaria e social, dando así testemuño da nosa fe e sobre todo do noso amor a todos. Así o entendeu, por exemplo, o fundador dos chamados Misioneiros e Misioneiras Identes, un Instituto Relixioso fundado polo madrileño Fernando Rielo, que finou hai poucos anos (no 2004), ó lles pór o nome de "Identes" (non "Videntes") ós membros do seu Instituto. "Identes" procede deste mandado de Xesús: "*Ide* polo mundo enteiro e anunciade a Boa Nova a toda a creación...".

Decatádevos ademais de que aquí se fala de *toda* a "creación" e non só da "humanidade". A Boa Nova de Xesús ten que se estender a toda a natureza: animais, árbores, plantas, paisaxe, etc. Temos que respectar e coidar da fermosura desta "creación" de Deus, que con frecuencia convertemos case en lixo polos intereses sen límites das industrias ou polo noso individual desleixo. Unha tarefa importante sobre todo para nós os galegos, que recibimos de Deus unha terra tan fermosa que tantos de fóra nos envexan. Porque a terra, o mar e o aire son tamén a terra, o mar e o aire de Xesús, que viviu connosco e que seguirá a ser para sempre un de nós. Se os desfiguramos ou estragamos, enturbamos ó tempo a imaxe e a mensaxe de Xesús.

Rematando xa. Coa Ascensión de Xesús, que vén sendo o cumio da súa Resurrección, estamos todos chamados tamén a agradecer a grandeza de Deus Pai e dos seus plans sobre nós. Paulo fálanos hoxe de que deberiamos abrir os ollos para intentar comprender "o vigor da potencia e da forza" de Deus Pai en relación connosco.

Como se nos amosa este "vigor"? Paulo explícanolo dicindo que Deus Pai exerceu o seu vigor e a súa forza "resucitando a Cristo de entre os mortos e sentándoo á súa dereita nos ceos, por riba de todo principado e potestade, de toda virtude e dominación, e por riba de todo título de honra recoñecido neste mundo e tamén no vindeiro".

Tendo en conta que toda Eucaristía é agradecemento, hoxe debería selo de maneira especial á vista destes grandes plans que ten Deus sobre nós en Xesús Cristo.

SANTÍSIMA TRINDADE

Unidos e diferentes

Teriamos que converter esta festividade de hoxe da Santísima Trindade en algo fondamente íntimo, vivo e sobre todo cordial e comunitario. Desde que nos iniciaron na fe cristiá sabemos teórica ou abstractamente, si, de Deus como un e trino. Sabemos que é un en esencia e trino en persoas. Así nolo dixeron e así o aprendemos. Pero todo semella quedar nun mundo de ideas e conceptos, de especulacións e de abstraccións, lonxe da nosa fe vivida, sentida e compartida cos demais.

En realidade, o feito mesmo de que teñamos unha festa especial dedicada á concienciármonos da Santísima Trindade, da súa grandeza e das súas marabillas parece sinalar cando menos o interese que ten a Igrexa en que convertamos a fe na Trindade de Deus en algo vivo e operativo.

Temos que partir, en calquera caso, do presuposto de que Deus, o Deus infinito ou, mellor, superinfinito, é absolutamente incomprensíbel para nós. E seguirao sendo aínda que el se nos teña revelado ou manifestado como Pai, como Fillo e como Espírito Santo. Esta unidade e diferenza en Deus segue e seguirá a ser un misterio, por moi grande, fermosa, consoladora que poida ser esta revelación. Por iso falamos do "misterio", do gran misterio, da Santísima Trindade.

Pero aínda así, aínda que Deus sexa sempre en si mesmo misterioso, o certo é que algo grande se nos ten que revelar na Trindade de Deus cando Deus nola quixo manifestar. E Deus manifféstanos a súa Trindade non con palabras abstractas, senón coa súa mesma actuación ante nós.

Poderiamos dicir, de maneira xeral e moi sintética, que Deus se nos presenta no Antigo Testamento sobre todo como o Deus único, un Deus Pai, que aínda non se nos manifesta totalmente como é. Pero no novo Testamento, coa manifestación de Deus no mundo en Xesús, aprendemos a ver concretamente cómo é a paternidade de Deus. Xesús manifféstanos ó seu Pai, como Pai especialísimo del. Como Pai que o quere infinitamente. El, Xesús, é o seu "Fillo ben querido".

Pero como Xesús é tamén, na súa humanidade coma nós, resulta que ó revelársenos Deus como Pai de Xesús, manifféstasenos ó mesmo tempo que el, Xesús (o fillo de Deus) é o noso irmán maior e que, polo tanto, tamén nós somos todos fillos de Deus, fillos adoptivos de Deus; pois Deus Pai porfillounos a nós en Xesús, o fillo encarnado de Deus. É o que nos vén dicir moi claramente o apóstolo Paulo na súa carta de hoxe ós Romanos: "Vós non recibistes un espírito de escravitude... Recibistes un espírito de fillos adoptivos, grazas o cal podemos gritar: 'Abbá': Pai!... Somos fillos de Deus. E, se fillos, tamén herdeiros e coherdeiros con Cristo".

Ata aquí, como vedes, revélasenos que Deus é polo menos "dúas" persoas, o Pai e mailo Fillo. Aínda que naturalmente isto das "persoas" divinas non hai que entendelo en simple continuidade co que somos nós como "persoas" humanas, finitas e limitadas. En calquera caso, coa paulatina revelación a nós da Trindade de Deus váisenos dicindo tamén a nós que as persoas humanas estamos chamadas a ingresar misteriosamente nesta Trindade divina.

Agora ben, a revelación definitiva da Trindade de Deus ocorre coa vinda do que chamamos Espírito Santo onda nós. Isto foi o que celebramos no anterior domingo. Por iso a Igrexa coloca sempre liturxicamente a festividade da Santísima Trindade no domingo seguinte ó de Pentecoste, é dicir, inmediatamente despois da festa da vinda onda nós do Espírito Santo á maneira dun "vento impetuoso" e transformador.

Con esta vinda do Espírito Santo cérrase, para dicilo dalgunha maneira, o "círculo" da revelación de Deus. Agora resulta que Deus xa non son "dous", dúas persoas, senón que Deus é "tres". Deus é un "trío" , un trío que toca tan misteriosamente ben, que non desafina ningún dos tres en tan infinita e misteriosa harmonía. Todo o contrario. En Deus hai tan marabillosa harmonía que, sendo tres persoas, non por iso hai tres deuses, senón un único Deus.

Pero hai aínda algo máis. Como o Espírito Santo non se marcha xa máis de onda nós, e alí onde está o Espírito Santo están tamén o Pai e o Fillo, resulta que estamos así, pola presenza en nós do Espírito Santo, unidos todos á Trindade divina.

A Trindade de Deus segue a traballar arreo no medio de nós para facernos como ela, uns e diferentes, variados e unidos, autónomos e amorosos, libres e amantes. É

dicir, trinos e un. O fin do mundo e da humanidade, ou sexa, o proxecto grandioso de Deus é o de chegarmos todos a participar desa Trindade divina, que, ó tempo, é unidade.

Un meritorio político, empresario e escritor pontevedrés chamado Valentín Paz Andrade, que viviu durante bastante tempo aquí en Vigo e ó que se lle dedicou hai algúns anos o día das Letras Galegas, escribiu un libro titulado *Galiza como tarefa*. Pois ben, se nós como galegos deberiamos traballar a prol desta nosa Galiza, en canto bos cristiáns deberiamos ter tamén como consigna algo así como "A Trindade como tarefa". É dicir, traballar a prol dun mundo onde exista liberdade e amor, diferenza e unidade, individualidade e comuñón, á semellanza desta Trindade divina que hoxe estamos a celebrar.

Os grandes santos e teólogos dicían e din que sobre Deus, e de maneira especial sobre o misterio da Santísima Trindade, non podemos senón tatexar. Todos somos nisto tartamudos ou tatexos, porque o modo de ser de Deus nos supera totalmente. Pero a verdade é que tamén as cousas máis fondas e naturais do mundo e da nosa vida nos son misteriosas: a nosa vida, a nosa morte, o amor, a liberdade e tantas outras cousas. Por que? Porque, á fin e ó cabo, todo e todos estamos mergullados no misterio de Deus, do Deus misterioso un e trino que o fixo todo e que está en todo. Dese Deus que se reflicte tamén moi misteriosamente na mesma vida familiar, que é sempre, en maior ou menor medida, trina e unha. Pois nela hai tamén pai e esposo, nai e esposa e fillos e irmáns. Unidade e diferenza, trindade e unidade.

Deámoslle grazas a Deus porque nos quixo facer partícipes deste mar infindo da súa divindade unha e trina.

SANTÍSIMO CORPO E SANGUE DE CRISTO
Pan quentiño pra xantar

O domingo pasado celebrabamos a festa da Santísima Trindade. E tomabamos conciencia do seu significado como manifestación de Deus a nós do que el mesmo é: un Deus que, desde sempre, é un e trino, unido e diferente en si mesmo. Un só Deus en tres persoas, sendo cada unha delas de natureza divina. Diciamos tamén que ese Deus quere comunicarse a todos e facer de nós, en comuñón con el, algo semellante ó que el mesmo é: unha soa e incomparábel familia. Unha familia, na que esteamos todos unidos entre nós e con Deus polo amor, manténdonos porén todos e cada un de nós autónomos e libres, é dicir, diferentes.

Ó celebrarmos hoxe a festa do Corpo e Sangue de Cristo, non podemos esquecer este contexto xeral grandioso do que Deus é. Como sabemos, a meirande expresión da relación de Deus connosco é o feito de que el se humanizou en Xesús, o seu Fillo encarnado, que posúe un corpo igual ó noso.

Pois ben, con este Xesús visíbel, audíbel e tanxíbel estiveron en contacto directo os seus apóstolos. Por iso son eles para nós as verdadeiras testemuñas de Xesús. Mais cantos non tivemos esa experiencia ou vivencia directa de Xesús temos tamén a posibilidade de relacionármonos dunha maneira especial con Xesús e a través del e nel co Pai e co Espírito Santo. Esta é a fonda mensaxe da festividade de hoxe, a do Corpo e Sangue de Cristo. Porque nas nosas Eucaristías entramos en contacto especialísimo con Deus. E isto ocorre de dúas maneiras fundamentais:

A primeira é ó escoitarmos comunitariamente a palabra de Deus. Ben sabemos o ben que nos fai a todos cando alguén nos dirixe a palabra. E tamén como nos doe cando alguén que nos coñece pasa ó noso lado sen dicirnos ren. Medramos e fortalecémonos

internamente coa palabra e cos agarimos dos demais. Lembro que unha vez aquí en Vigo camiñaban algo diante miña pola beirarrúa un matrimonio que levaba consigo unha nena pequeniña. Pasaron ó lado dun mendigo con moita barba que estaba sentado na beirarrúa sen lle faceren moito caso, mais a nena reviraba a cabeciña cara a atrás, cara ó mendigo, e non paraba de saudalo coa manciña e co seu sorriso. O mendigo reloucaba de alegría ó ver que ela o ollaba e saudaba con agarimo.

Pois ben, coa súa palabra amorosa, o Deus que se fixo neno en Xesús para aprendernos como nos debemos comportar, diríxenos tamén a súa palabra de xeitos moi diversos. A través da propia conciencia, do bo exemplo que nos dan os demais, tamén e de maneira especial e directa a través da palabra súa que se nos fai presente na lectura ou na escoita dos evanxeos. Neste senso, a palabra de Deus é para nós verdadeira comida. Porque nos dá azos, porque nos ofrece sentido para a vida, porque nos capacita para podermos vivir con plenitude.

A segunda maneira de entrarmos en contacto con Deus é por medio da comuñón eucarística, tras escoitarmos antes as lecturas da Sagrada Escritura. Cando facemos iso, sabemos que non realizamos un rito baleiro. Pola palabra de Deus, na que cremos, sabemos que na comuñón do "corpo de Cristo" recibimos un forte impulso vital, dador de vida. Xesús definiuse a si mesmo moitas veces como "Vida": "Eu son o camiño, a verdade e A VIDA". "Eu son o pan VIVO". "Se alguén come deste pan, VIVIRÁ para sempre". "O pan que eu darei é ... para a VIDA do mundo". "Quen come a miña carne e bebe o meu sangue, TEN VIDA ETERNA E EU RESUCITAREINO no derradeiro día". "Quen come este pan VIVIRÁ para sempre".

Por iso esta festividade ten que ser para nós unha nova ocasión de agradecermos a Deus pola súa xenerosidade infinita, fornecedora de vida. Pois cremos nun Deus que se deixa comer por nós para podermos participar así da súa forza e da súa vida.

En calquera caso, Deus quere que vivan todos, quere que participen da vida cantos se senten ameazados por necesidades materiais ou espirituais. Por iso esta celebración eucarística ha ser sempre non só íntima ou devota, senón tamén e sobre todo comunitaria e social. De xeito que así como Deus nos ofrece e nos dá a súa vida a cada un de nós, así deamos tamén nós polo menos algo da nosa vida, do que somos ou temos, ós demais. Con ese comportamento en realidade non perdemos nada, senón que gañamos e medramos moito na propia vida.

O evanxeo da festividade de hoxe refire os acontecementos da derradeira Cea do Señor, cando Xesús lles di ós Apóstolos: "Isto é o meu corpo", "Isto é o meu sangue". Tedes aquí na igrexa diante vosa en imaxes o fermoso conxunto escultórico da "derradeira Cea". Hai xa algo máis de corenta anos que se colocou aquí, no ano 1976, este retablo de pedra, oito anos despois da inauguración da igrexa. Chamamos a esta igrexa a "igrexa dos Apóstolos" por esta imaxe dos Apóstolos. Está ben, mais o escultor que realizou a obra, Xoán Piñeiro, falaba sempre desta creación artística súa como "A Cea" ou "A Derradeira Cea". As imaxes esculpiunas en pedras de granito que se trouxeron dun monte da Pedrosa (Mañufe): houbo que baixalas de alí e levalas ó estudo que tiña el en Goián. Despois trasladáronse ata aquí e colocáronse no paramento de pedra do presbiterio. Ó final a xente quedou entusiasmada e eufórica coa obra ben feita. Hai entendidos que pensan incluso que esta é a grande obra de Xoán Piñeiro.

O Pai Xaime Seixas estaba aquí cando se colocou esta imaxe de pedra, que a el lle gustaba moito polo seu recendo a evanxeo e porque presentaba Xesús como amigo e compañeiro de pescadores e de pecadores. Hai xa algúns anos un xornalista escribía o seguinte en relación coa inauguración deste retablo de pedra:

“Lembro, coma se fose hoxe, cunha emoción que aínda é capaz de humedecer os ollos, unha das homilías daquel entrañábel ser, o Pai Seixas, cando a obra de Piñeiro acababa de ser colocada na igrexa e a defensa que fixo dela, porque ós ollos dalgúns eclesiásticos e segrares xerara reparos [...] En pedras e en madeiras ía deixando Piñeiro a pegada da súa capacidade creadora, e ó seu nome de pía engadíronlle o alcume de ‘fai santos’. E apóstolos e santos fixo sobre a pedra, tomando como modelos xentes das mariñeiras terras do Morrazo, algo que confesou e escandalizou a máis dun, esquecéndose estes de que pescadores de almas, para un Reino que non é deste mundo, quería que fosen os participantes na Cea”.

A festividade do “Corpo e do Sangue de Cristo” é, pois, a grande e viva lembranza sobre ata onde pode chegar o amor de Deus na súa entrega agarimosa a todos nós co fin de nos comunicar a súa vida. Por iso esta festividade está unida tamén tradicionalmente ó día da Caridade e a colecta de hoxe é polo mesmo, como sabedes, por esa intención. Queiramos os demais como Deus nos quere a nós.

BAUTISMO DO SEÑOR

Coma ceibe pomba

Os máis de nós recibimos o bautismo cando eramos pequerrechos. Un dos nosos pais ou padriños leváronnos no colo á fonte bautismal e as augas do sacramento do bautismo, sen que tivésemos conciencia do que alí ocorría, transformáronnos ritualmente en cristiáns e uníronnos ó corpo místico de Cristo, á súa Igrexa.

Unha maneira moi distinta de bautismo foi a do de Xesús. Se nós eramos daquela infantes e cativos, el era xa unha persoa adulta, que se estaba abrindo paso na vida. No seu caso foi un acto moi consciente. Xesús sentíase atraído, como tantos outros, pola figura, polo comportamento, polas palabras do Bautista que chamaba á conversión e a se ocupar de facer o ben. Moito do atractivo do Bautista proviña de que aquilo que el predicaba ou proclamaba levábao tamén á práctica na súa vida. O Bautista era unha persoa consecuente e sentía no seu interior o ardor da experiencia de Deus.

Pola súa parte, Xesús percibía en si mesmo unha experiencia incomparábel, fonda e misteriosa, a de se saber e sentir fillo benquerido de Deus, de Deus Pai. Unha experiencia moi especial, única, da que polo tanto pouco ou nada podemos nós dicir desde a nosa propia cativeza. Mais, ó tempo, Xesús era fillo do seu pobo, un máis daqueles que se achegaban a escoitar o Bautista para se deixar interpelar por el. Podemos dicir que Xesús estaba tan unido ó seu Pai Deus coma ó seu pobo, á súa relixión, á súa cultura, á súa lingua, ós seus costumes tradicionais. Mais dentro del ardía un lume devorador, un lume humano-divino que el quería estender a todos, para que a todos lles proporcionase luz e calor. Era ese lume interior de se sentir fillo especialísimo de Deus e irmán de tódolos humanos. Era a luz e a calor que el quería estender entre tódalas persoas e que vén sendo a cerna mesma de todo sentimento cristián: o de sentírmonos irmáns de todos en canto fillos dun mesmo Pai.

Esta unión de Xesús con Deus Pai e con toda a humanidade foi a que fixo que o seu achegamento ó Bautista non fose máis có comezo da súa propia actividade, que se vai distinguir claramente da do Bautista. Xesús cumpre, ó ser bautizado polo Bautista, cun rito relixioso, pero non para se quedar pegado a el, petrificado coma quen di, inmóbil e satisfeito consigo mesmo. Non. Xesús, a través deste rito, vaise converter nunha persoa definitivamente libre para se deixar levar, polo Espírito e polo Pai, a onde queiran levalo durante o resto da súa vida mortal, que só vai durar poucos anos

O propio Bautista apunta a este contraste entre o que el era ou facía e o que era ou ía facer Xesús, cando, antes de bautizar a Xesús, anuncia ós alí presentes que el, o Bautista, "bautiza con auga", mais que Xesús, en cambio, "bautizará no Espírito Santo".

Pobre Espírito Santo, poderiamos aquí engadir, do que tan poucas veces oímos falar e que é non obstante aquel no que Xesús nos bautizou e nos bautiza a cotío para nos facer mellores cristiáns, se é que a el lle deixamos facer en nós tal cousa!

Dentro do misterio que é e seguirá sendo sempre a Santísima Trindade, din os teólogos que o Espírito Santo é o "amor" co que se aman Pai e Fillo. Un amor tan grande, tan infinito, que é el mesmo igual ó Pai e ó Fillo, e que é tan persoa coma o son o Pai e o Fillo. Palabras e conceptos misteriosos, que para máis dun poderían carecer de calquera sentido, pero que para un cristián consciente da súa fe deberían rebordar de oculta grandeza e provocarlle auténtica felicidade. Aquela felicidade de se saber mergullado, é dicir, bautizado, no Espírito mesmo de Deus.

Un Espírito que, coma o vento ou o aire que respiramos (pois diso vén o nome de "espírito"), está cheo de liberdade, de versatilidade. Coma aquel vento forte do día de Pentecoste, cando os discípulos de Xesús comezaron a falar, coma se estivesen borrachos, en linguas estrañas mais intelixíbeis para os que as escoitaban. Ou coma as aves do ceo que voan libremente por onde lles peta, sen se preocupar por estradas polas que tivesen que viaxar ou por camiños determinados por enriba dos cales tivesen que realizar o seu voo.

Non será quizais por iso polo que se adoita representar o Espírito Santo como unha pomba? Esas criaturas de Deus que contemplamos a cotío, dando pasiños curtos polas beirarrúas ou voando con axilidade á nosa beira e que semellan reflectir liberdade e bondade... En calquera caso, o evanxeo de Marcos de hoxe, dinos que, nada máis ser bautizado Xesús polo Bautista, "baixou sobre el, coma unha pomba, o Espírito Santo".

E ben, se o Bautista lles di ós seus oíntes (e neles estamos tamén nós representados) que Xesús, a diferenza do que fai o Bautista, nos bautizará "no Espírito Santo", iso quere dicir que, por medio de Xesús e grazas a el, estamos todos chamados á liberdade, á alegría, ó amor, á bondade e a tantas outras boas e fermosas realidades que adoitamos designar co nome de "dons" do Espírito Santo. Pois será este mesmo Xesús, que empezou a súa andaina no día de Nadal, o que ó final da súa estancia connosco nos vai mandar este Espírito e estes chamados "dons" seus.

Por iso Paulo podía dicir na súa carta ós Gálatas: "Ti xa non es escravo, senón fillo". O Espírito de Deus é quen nos libera de toda "escravitude" ou angustia e nos fai libres coma pombas. Exactamente como ocorreu no acontecemento do bautismo de Xesús. Dinos, efectivamente, o evanxelista Marcos que, ó tempo que o Espírito Santo descendía coma unha pomba sobre Xesús, deixouse oír unha voz que exclamaba: "Ti es o meu fillo benquerido, o meu predilecto". É dicir, a conciencia que adquire Xesús de ser fillo de Deus Pai (e non "escravo" del) é o don fundamental dese Espírito Santo que baixou sobre el e que está a baixar en todo intre sobre cada un de nós para crear en nós conciencia e sentimentos filiais en relación co noso Pai Deus.

É así precisamente como o Bautismo de Xesús afecta fondamente non só a el senón tamén a todos nós, irmáns seus e fillos adoptivos, mais verdadeiros, de Deus Pai. Esta é a gran ledicia que nos trae a todos a agarimosa pomba, símbolo da liberdade e verdade do Espírito de Deus, que descende sobre Xesús.

DOMINGO II ORDINARIO

E ti de quen vés sendo?

Comezamos con este domingo o que se adoita chamar "Tempo Ordinario" na liturxia, unha vez rematado o tempo de Nadal, no que Xesús se nos facía presente dunha maneira moi especial e íntima.

A festividade do anterior domingo, a do Bautismo do Señor, viña ser algo así como o paso do Antigo Testamento ó Novo, actuando en certo modo Xoán Bautista como intermediario entre os dous Testamentos. Dicíanos o propio Bautista que o que agora importa é sermos bautizados por Xesús "no Espírito Santo", instaurándose así unha nova relación filial con Deus como Pai noso. Agora xa non somos "servos", senón fillos.

Pois ben, a vida e o comportamento de Xesús son os que nos van aprendendo esta nova relación filial con Deus. Xesús, niso que chamamos a súa "vida pública", vai empezar a chamar e convidar a xente normal e corrente (traballadores, pescadores, etc.) á participación na súa experiencia filial co seu Pai Deus e á amorosa relación fraternal entre todos. Están aí xa en xermolo as que serán as primeiras comunidades cristiás.

O relato que hoxe nos presenta o evanxeo de Xoán é para min, na súa sinxeleza e emotividade, unha verdadeira marabilla. Un Xesús para eles descoñecido, se non fose pola indicación que lles fai o Bautista, pasa preto de Xoán Bautista e de dous discípulos seus. Semella que Xesús ía camiñando só. Isto de camiñar só é naturalmente un dicir, porque o seu corazón e a súa mente non deixarían de estar en íntima relación con seu Pai Deus e con tódolos seus irmáns, homes e mulleres da súa terra, que eran tamén o mundo da súa experiencia ou da súa vivencia concreta humana. O encargo do seu Pai era o de comunicarlles a todos a "boa nova" coa que se inauguraba o Novo Testamento: a fraternidade universal de todas e todos no noso común sermos fillas e fillos de Deus.

Mais para isto precisaba Xesús de persoas que se comprometesen neste labor de faceren a experiencia do amor que Deus nos ten como Pai e de comunicárllela ós demais. Estas persoas son as que chamamos os apóstolos e discípulos do Señor. A nosa igrexa de Vigo, polo seu título dos "Apóstolos", que presiden coa súa imaxe as celebracións eucarísticas, quere ser explicitamente continuadora desa experiencia viva dos primeiros apóstolos. En realidade, aquilo que lles indicara o Bautista ós seus dous discípulos, dicíndolles "Velaquí o Año de Deus", resoa e está aínda presente no que se proclama antes da comuñón: "Este é o Año de Deus que quita o pecado mundo...".

Esta indicación do Bautista, xeneroso e desprendido de calquera interese persoal en relación coa súa clientela de seguidores, cambiou para sempre a vida dos seus dous discípulos. Deixaron de ser discípulos do Bautista para se converteren en discípulos daquel que os ía bautizar "no Espírito Santo" (con todo o que xa sabemos que isto significa).

Ó se decatar Xesús de que viñan tras del os que neste mesmo día se converterían en discípulos seus, limitarase en principio a lles preguntar: "Que buscades?".

Isto de "buscar" Xesús ou de buscar a Deus é, desde logo, un tema abondo complicado, no que non me podo deter como me gustaría. Pero douvos polo menos dúas referencias de tipo histórico. San Bernardo, o reformador cisterciense do século XII, dicía en relación con esta busca de Deus o seguinte: "Ninguén pode buscarte se antes non te encontrou". E cinco séculos despois, no século XVII, o científico e filósofo-teólogo francés Pascal poñía en boca de Xesús algo semellante: "Ti non me buscarías se non me tiveses encontrado".

Con estas referencias o que quero dicir é que, cando Xesús lles pregunta ós seus novos aprendices de discípulos "Que buscades?", sabe moi ben que eles, por medio do Bautista e pola propia experiencia que eles posuían de Deus, xa se tiñan atopado no fondo dos seus corazóns con el, aínda que non soubesen perfectamente de que se trataba. Non podemos esquecer que sen a graza de Deus, sen que Deus dalgún modo nos convide ou chame, nin sequera poderiamos ter desexos de achegármonos a el, é dicir, de "buscalo". Se pensáramos doutra maneira, seriamos semellantes a aqueles pelaxianos ou semipelaxianos, contra os que tivo que loitar xa o primeiro cristianismo.

Xesús convídaos, pois, a que veñan e vexan a súa vivenda, o seu "pisiño" coma quen di. Sería quizais unha pequena cabana, unha choza ou chabola. Para máis non daban os escasos haberes dos que Xesús podería dispor polos traballiños que realizaba. Foi alí, na súa conversa con Xesús, onde fixeron eles a súa fundamental experiencia de Deus, do Deus de Xesús: a experiencia dun Deus que salva, libera e dá vida para sempre.

Eu tendo a pensar que neste primeiro encontro non lles falaría Xesús directamente sobre si mesmo, senón que se interesaría ante todo pola vida deles, poñéndose á súa disposición. As preguntas de Xesús poderían ser algo así como estas: e vós de quen sodes?, en que traballades?, como vos vai?... Ou algo semellante. Pois o auténtico sentido da amizade, do amor, do compañeirismo amósase en que un non se preocupa polos propios problemas, senón polos problemas dos demais, daqueles que se achegan a un con confianza.

Non é nada estraño que desde este momento e para sempre quedasen eles seducidos pola persoa de Xesús. Tanto que, dentro da moderación e escaso barroquismo do relato, non se deixa de indicar significativamente nel que iso ocorreu "contra as catro da tarde". E ademais un deles, Andrés, irá axiña contarllo ó seu irmán Pedro para lle comunicar a gran nova: "Encontramos o Mesías". E Pedro, que chega onda Xesús presentándose como "Simón, o fillo de Xoán", sairá de alí transformado tamén nunha nova persoa, aquela sobre a que Xesús poderá construír a súa Igrexa. Por iso o seu nome é desde agora fundamento, alicerce, pedra, ou sexa, Pedro.

Para rematar xa. Só poderemos garantir, pola nosa parte, termos experimentado encontros semellantes ós que tiveron con Xesús estes discípulos de Xoán Bautista, se tras tales encontros nos sentimos impelidos cara a tarefas que teñan que ver co exercicio da fraternidade e do servizo ás persoas. Pois a experiencia de Xesús produce inevitabelmente efectos deste tipo.

DOMINGO III ORDINARIO

Á escoita da chamada

O evanxeo de Marcos segue a nos presentar a busca de Xesús de compañeiros, de persoas dispostas a se facer irmáns e colaboradores seus na tarefa do anuncio da "boa nova", do evanxeo. Xesús convida e chama, suscitando nas persoas desexos de se encontraren con el. Este encontro está, como sabemos, posibilitado sempre polo vento do Espírito de Deus que empuxa con suavidade as velas dos noso querer cara ó ben.

Antes de se encontraren física e historicamente con Xesús, tanto os irmáns Simón Pedro e Andrés coma os tamén irmáns, Santiago e Xoán estaban xa "tocados" polo Espírito de Xesús, que traballa arreo dunha ou doutra maneira en tódalas persoas.

É un misterio o da vida humana de cadaquén. Cada un ten o seu propio estilo, o seu xorne, o seu mundo interior, condicionado ademais por moitas factores (biolóxicos,

psíquicos e sociais). Por iso, ninguén ten dereito nin capacidade algunha para xulgar a ninguén.

Mais, en calquera caso, para anunciar a súa noticia alegre, é dicir, o evanxeo da liberación e de vida, Deus busca "buscadores", busca entre persoas que non estean xa satisfeitas do que son ou do que fan. Busca por iso entre xente sinxela, pobre de haberes e de poderes, mais ricos en desexos e en vontade.

Polo menos entre tales buscou Xesús os seus apóstolos, aínda que algún deles a pesar de todo lle fallase despois de pasar un bo tempo con el. Mais ese é tamén o fondo misterio da nosa liberdade.

O evanxeo refírese hoxe explicitamente á chamada dalgúns dos seus apóstolos. Pero con eles e onda eles había tamén moitos outros discípulos e xente de toda clase que o seguían. En todos eles soprou o vento do Espírito de Deus, do Espírito de Xesús. Falamos con frecuencia de vocacións sacerdotais ou relixiosas. Mais non debemos esquecer que todo cristián normal, dos que podemos chamar de a pé, ten tamén a súa propia "vocación", é dicir, a súa propia "chamada" (pois iso significa "vocación": chamada ou chamamento). Sentirmos a chamada a unha vida verdadeiramente cristiá significa que estamos abertos a esas inspiracións, convites, impulsos, desexos, que dunha ou doutra maneira nos van movendo ou conmovendo cara ó ben. Cara a esa crenza de que Xesús é o noso irmán maior e de que todos somos e debemos comportarnos como irmáns.

Por iso, pódese dicir que o estilo do convite que Xesús fai ós seus apóstolos é o mesmo que el dirixe a quen queira converterse en seguidor seu. Os catro apóstolos de hoxe eran de oficio pescadores. Afincados neste cidade de Vigo que se olla no espello da ría e do mar, sabedes ben o que é isto significa. Un pescador (de mar ou tamén de río) quere, busca, que o peixe pique ou se enrede na rede. Un pescador é un home de espera, de paciencia, que busca e traballa co anzol, coa isca, coa rede, coa esperanza de dar cos peixes que se converterán en alimento e vida para a nosa subsistencia.

Non é por iso nada estraño que entre estes pescadores de peixes buscase Xesús pescadores de homes: "fareivos pescadores de homes". Calquera que viva de verdade a vida cristiá segue a ser tamén unha persoa coma os demais, unha persoa de desexos e de esperanzas que se converteu de verdade en auténtico irmán dos demais, "pescador dos demais", para facelos partícipes da alegre mensaxe dun novo xeito de vivir.

Remato xa léndovos, por boca do seu protagonista, como se realizou unha vocación concreta nos nosos días. É a vocación, a chamada, oída e aceptada con entusiasmo por alguén que, desde a construción desta igrexa dos Apóstolos, celebrou durante arredor de vinte anos a partir do ano 1965 moitas misas aquí, e por suposto en galego. Refírome ó P. Xaime Seixas Subirá, que algúns de vós tivestes aínda quizais a dita de o coñecer. Léovos do libriño "Conversas do Pai Xaime Seixas con Silvestre Gómez Xurxo" o curioso relato que nos fai o propio P. Seixas do proceso da súa vocación, é dicir, da chamada de Deus a el para se facer sacerdote e xesuíta:

"Foi entre os 15 e 16 anos cando sentín a miña vocación misioneira. O que pasa é que eu estaba absorto noutras cousas como a política e tamén por certos namoramentos... En resumo, que con todo isto a chamada vocacional foise quedando aí, medio esquecida, agardando calada e firme como quen sabe que ha chegar á súa hora [...] Chegaba de América o meu tío Mariano Subirá, famoso avogado, primeiro en Madrid e logo na Arxentina [...] e colleunos mal de sitio alí en casa dos meus avós Subirá. Entón, eu que era moi rapaz e me acomodaba en calquera sitio, durmín nun sofá que había no corredor, e unha noite, nese lugar ben pouco cómodo, tiven unha

premonición que co tempo sería clave na miña vida e que se cumpriu ata nos máis pequenos detalles. Naquel soño histórico vinme vestido de sotana negra –cousa rara porque eu nunca pensara ser crego, atraíanme as misións pero a imaxe do misioneiro era con sotana branca-, sen barba, nunha illa grande e arrodeado de xente de color, sobre todo de nenos, e ó mesmo tempo sentín internamente, dun xeito moi profundo e clarísimo que aquilo era o meu futuro. Coa intensidade do soño espertei cheo dun gran gozo espiritual, algo inusitado deica aquela para min, e convencido de que acababa de ver o meu futuro.

Pero por vergonza calei porque na miña familia non había ningún antecedente de dedicación relixiosa. Calei. Foi pasando tempo, pero aquel soño seguía vivo, seguíame chamando. Finalmente, xa ós vinte anos, tiña suficientemente claro o da miña vocación e decidinme. [Entra na Compañía de Xesús e pasan anos...] *Por fin recibín unha chamada do Pai Baeza, Visitador Xeral de Hispanoamérica, que me solicitaba como misioneiro para unha parroquia da República Dominicana na fronteira de Haití, na que había moita xente negra e que estaba pasando unha etapa tremendamente conflitiva* [...] *E sentín que definitivamente se ía realizar o futuro que me agardaba desde había tanto tempo. Preparei todo e funme de inmediato* [...] *Un día o misioneiro da misión veciña á miña na que había moita xente de color, díxome se lle podía ir dicir misa a unha aldea moi remota, toda de xente negra. Sentín algo moi especial. Decidín poñerme a sotana negra, como vira no soño. Cando cheguei alí a aquela aldea de cabanas, coa xente negra que me arrodeou, sobre todo os nenos, sentinme coma na casa, coma se coñecese aquilo de sempre. Era a estampa real do meu soño misioneiro".*

Despois de catro anos alá, unha enfermidade (das que con frecuencia o visitaban) tróuxonolo aquí a Vigo para estar aquí connosco durante os vinte derradeiros anos da súa vida activa. E Seixas foi feliz seguindo a vocación, a "chamada" do Mestre. Coma os primeiros apóstolos. E contaxiou tamén a moitos que conviviron con el coa súa felicidade e coa súa fe.

DOMINGO IV ORDINARIO

Ter autoridade

Sempre me chamou moito a atención o que se nos di hoxe no Evanxeo de Marcos verbo de Xesús: "Todos estaban abraiados da súa doutrina, pois ensinaba coma quen ten autoridade, non coma os letrados".

Eu non fixen a carreira de Dereito. Mais imaxino que algúns dos profesores desa Facultade explicarán os temas das leis algo así como facían os letrados dos que se nos fala no Novo Testamento. Xa sabemos que as leis que rexían o comportamento dos xudeus do tempo de Xesús eran moitas, moi minuciosas e tamén moi concretas e exteriores. Para iso o pobo precisaba de mestres da lei que dunha maneira bastante impersoal e aséptica lle explicasen con detención as cousas.

Pero sabemos tamén que, como tantas veces temos oído, a letra mata, mentres que só o espírito vivifica. O que importa, pois, é o espírito da lei, non a súa letra.

A Xesús chamábano tamén "Mestre". Estrañábanlles porén poderosamente as cousas que dicía e o seu modo de facelo. Xesús era algo así coma un volcán, semellante a eses dos que algunha vez lin que dende o fondo do mar das illas Canarias abrollaban ou abrollan cara á superficie, chegando a formar se cadra co tempo unha nova illa por enriba do mar. Os volcáns emiten a súa palabra, a súa voz e os materiais que lanzan ó aire dende a interioridade de si mesmos.

Quero dicir. Xesús falaba desde a súa experiencia máis íntima. Falaba do que el vivía e sabía. Desde a conciencia do seu saberse unido intimamente co Pai e con tódolos seus irmáns do mundo. Os seus irmáns do seu tempo, os do noso tempo e os dos tempos que veñan despois do noso. Era un falar comprometido, apaixonado, fraternal, divinamente humano. Quen puidera estar alí presente, aínda que fose agachado! Sobre todo, sería un falar libre e animoso, engaiolante. "Nunca ninguén falou así!", dicían uns. Outros non podían entender o que ocorría e comentaban: "Non é este o fillo do carpinteiro?" ou, coma quen di: Non é este o fillo da panadeira veciña ou do albanel en paro?... Era un verdadeiro escándalo, mais por outra parte o que dicía tiña que ser verdade porque, se non, como podía namorarse o corazón das cousas que dicía? Tiña que ser verdade o que dicía porque Xesús, o profeta, ofrecía confianza e paz ós corazóns. Xesús facía as persoas verdadeiramente libres e felices.

Sen dúbida, a xente non podía menos de dicir o que nos refire Marcos que comentaban. "É unha nova doutrina, e con autoridade". Marcos dinos dúas veces neste curto texto que Xesús falaba e ensinaba con "autoridade".

Vaia palabriña esta que nos confunde tanto! Cando se nos comunica que están a chegar as autoridades, un pensa que vai vir o alcalde de Vigo, ou quizais o Presidente da Xunta ou alguén máis importante aínda... Por máis que vivamos en países chamados democráticos, as autoridades sempre nos producen un non sei que de medo ou respecto posibelmente atávico. Cando se celebrou non hai moito o funeral por Paco Fernandez del Riego, estaba eu alí na Colexiata e asistiu tamén o Presidente da Xunta. Eu estaba cerca da porta de entrada e por alí pasou el ó rematar o oficio. Como eu miraba con certa curiosidade cara a el, achegouse a min, deume a man e díxome: "Hola, amigo!". Non nos coñeciamos de nada. Mais como el era toda unha "autoridade", debía eu romper o xeo que provocaba en min tal autoridade e por iso nada mellor ca que el viñera cara a min e non eu cara a el...

Cando nos di Marcos que Xesús falaba con "autoridade" non era este tipo de autoridade humana (civil, militar ou relixiosa) a que alí se estaba a presenciar. Non. Á fin e o cabo, todos vós saberedes que a palabra "autoridade" provén, nas linguas que proveñen do latín, da raíz latina "augere", que significa "aumentar". De modo que un ten "autoridade" cando sabe e é capaz de aumentar, de acadar aumentar os demais, de facelos medrar, de enchelos, de endereitar e encher as velas das nosas propias barcas e así facelas camiñar con suavidade e constancia polo mar. Co vento, co espírito da fala de Xesús a xente notaba que as súas velas se enchían e despregaban. En consecuencia, podían vivir e camiñar con ilusión.

Sumos Pontífices, bispos, cregos, frades, párrocos, xente normal e corrente como todos nós deberiamos aprender a ser xente de "autoridade", é dicir, xente revestida interna e externamente da autoridade de Xesús, que se algún diploma, insignia ou currículum tiña era só o de el ser o noso irmán maior e fillo primoxénito do noso común Pai Deus, aínda que para evitar malentendidos Xesús se nomease sinxelamente a si mesmo nada máis que como "o fillo do home".

Se queremos, pois, ter algunha autoridade ten que ser sempre esa autoridade fondamente democrática e humana que, coma a de Xesús, faga medrar os demais na fraternidade, na humanidade. Se Xesús é o Deus feito home, non nos queda outro camiño para achegármonos a Deus que comportarnos coma el: facernos plenamente humanos.

Vale aquí a sentencia lapidaria do poeta grego Píndaro: "Chega a ser o que es". No contexto no que estamos a falar: Cheguemos a ser o que somos, persoas humanas,

plenamente humanas. É así como chegaremos a ser verdadeiramente divinos. Foi isto en definitiva o que nos veu dicir Xesús ó nos traer a mensaxe do Pai. Xesús foi ese fermento da humanidade que fixo "aumentar" coa súa autoridade as nosas vidas. Foi esta ademais xustamente unha das comparanzas das que el botou man algunha vez: a súa mensaxe vén sendo como esa pequena cantidade de fermento que fai levedar e inchar toda a masa de millo ou trigo que se vai así converter en pan.

Na nosa participación aquí na eucaristía, recibindo en nós o "corpo de Cristo", é tamén como cada un de nós e a comunidade que entre todos formamos iremos medrando no seguimento de Xesús grazas a "autoridade" aumentadora ou engrandecedora sobre nós do Fillo de Deus.

DOMINGO V ORDINARIO
Pregar e sandar

Coma nos nosos tempos, tamén nos tempos de Xesús había naturalmente, polo que se ve, gripe e febres. Tal como nos pasa cando estamos no inverno e as gripes e constipados acostuman visitarnos. A xente pobre ou marxinada seguramente sería entón, igual ca hoxe, máis indefensa ante as enfermidades. Como sabemos, os irmáns Simón Pedro e Andrés por unha banda e Santiago e Xoán pola outra eran simples pescadores ocasionais. Os seus familiares serían tamén polo tanto xente humilde e sinxela, da mesma clase social ca eles.

Simón, o primeiro papa (aínda que daquela non se empregasen estas solemnes expresións), estaba casado -como tamén probabelmente os demais apóstolos- e a súa sogra estaba encamada, afectada pola febre. Era lóxico xa que logo que, aínda que a enfermidade da sogra de Simón Pedro posibelmente non fose grave, quixese Xesús ter polo menos un pequeno detalle coa nai da muller do seguramente máis impulsivo e xeneroso dos seus discípulos. Marcos dinos que Xesús a colleu da man e a ergueu da cama.

Hoxe en día, e con toda razón, estase a pór de relevo unha e outra vez a importancia de Xesús como sandador, como curador misericordioso. Marcos dinos que, despois de sandar Xesús a sogra de Pedro, se amoreou moita xente á porta da casiña onde vivía a enferma e alí curou a moitos enfermos. Que quero dicir ou, mellor, que queren dicir importantes entendidos actuais coa importancia que lle dan a Xesús como curador ou sandador? Non se trata de que o oficio de Xesús fose simplemente ese. El curaba, si, pero non a todos nin por todas partes. Seguía a haber xente enferma. O que pasa é que Xesús vén indicarnos co seu comportamento a dirección, o camiño que deberiamos seguir os seus discípulos. Xesús non se preocupou propiamente de darnos unha moral especial, non vai estabelecer ritos ou cultos novos, non vai fundar propiamente tampouco unha nova relixión. O que vai facer, si, e de maneira moi insistente, é ser e mostrarse compasivo coa xente, atender a todos, escoitar a todos, apoiar os humildes e necesitados para que saiban sentir en si mesmos a dignidade de fillos de Deus. E todo isto de maneira moi concreta e real.

Sendo e comportándose el así, móstranos ben claro como é o seu Pai e o noso Pai e lévanos así a el. Porque Xesús non é un simple filántropo, baseado en consideracións puramente humanas. El sabe que o Reino que nos trae está fondamente baseado na experiencia súa de que Deus é Pai universal de todos e que nos quere ben a todos. Por iso Xesús non deixa de entrar en contacto cada día con seu Pai (e noso Pai) na oración, por moito que se ocupe tamén de dar e ofrecer felicidade ós seus irmáns, ás xentes que convivían con el. Marcos coméntanos que Xesús non se deixou levar do

fervor e da admiración da xente cara a el á vista das curacións realizadas, senón que "se ergueu moi cedo, aínda de noite, e saíu para un lugar arredado onde se puxo a orar". É dicir, Xesús –tal como vemos- necesita falar e dialogar con seu pai, que é pai noso tamén.

E a propósito, o P. Seixas, que tantas veces e a tanta xente animou na fe nesta igrexa ata finais dos anos oitenta do século pasado e que tiña unha actividade exterior moi intensa, comentaba por exemplo en relación coa importancia da oración o seguinte: "A pregaria, a oración, é a cousa máis necesaria pra vivir de acordo a esta dependencia de Deus, pra facer sempre a vontade de Deus". "O verbo pregar é o verbo que máis debe conxugar o home na súa vida cotiá". "A primeira cousa máis importante na miña vida é falar con Deus. Falar e escoitalo. Non hai cousas máis importante".

Coma cristián exemplar, non facía el senón imitar o comportamento de Xesús. Ben fornecido do amor do seu Pai na oración, volvía Xesús ós seus irmáns, os homes e mulleres do seu tempo, para lles ofrecer o amor, a alegría e a curación que veñen de Deus. A vida de Xesús movíase sempre, coma o péndulo dun vello reloxo de parede, entre o diálogo filial co seu Pai e o diálogo fraternal cos seus irmáns. Xesús sabía ben que non se pode amar a Deus sen amar os irmáns.

O P. Seixas comportábase de xeito semellante, Así, cando tiña 25 anos escríbelle ó P. Xeral de toda a Compañía de Xesús, que era polaco, pedíndolle que o destinase a algunha leprosería para atender alí os leprosos. Como iso non se lle concedeu, volve pedir anos máis tarde unha e outra vez ós seus Superiores (tamén ó seguinte Xeral da Compañía) que o mandase a misións con negros, se non a África pola súa pouca saúde, polo menos a Haití. Tampouco o conseguiu. Menos mal que algúns anos despois puido el recibir unha oferta para irse á República Dominicana e, deixando o traballo que daquela exercía na Coruña, alá se foi axiña e alí puido atender por fin tamén a súa querida xente de raza negra. A isto se debeu tamén a súa gran simpatía coa colonia negra aquí en Vigo, cando volveu enfermo de América e os seus superiores o destinaron a residir nesta nosa cidade.

Os enfermos e necesitados que Xesús atendía e curaba, e ós que Seixas intentou sempre tamén achegarse, témolos sempre tamén entre nós. Xesús convídanos, co seu exemplo, a comportármonos como el o fixo, para así irmos construíndo un mundo que sexa verdadeiro Reino de Deus. Paulo lémbranolo tamén hoxe na súa carta ós Corintios ó nos falar de que o Evanxeo é para el "unha necesidade que ten enriba del", que o forza e convida a se facer, como el di, "escravo de todos". "Cos débiles –dinos nesa carta Paulo- fíxenme débil, para gañar os débiles. Fíxenme todo con todos, para salvar algúns custe o que custe. Todo o fago polo Evanxeo, para ter algunha parte del".

DOMINGO VI ORDINARO

Tocar os gafos

Marcos continúa a nos falar de Xesús como curador desde as entrañas bondadosas súas. Manifesta el así o agarimo co que Deus Pai nos quere a todos sen prevencións nin distincións. Pois ben sabemos xa que Xesús é a manifestación mesma do Deus-Pai invisíbel. Lembrémonos do dito de Xesús: "Quen me ve a min, ve o Pai". Se ollamos, polo tanto, como actúa Xesús, estamos a ver tamén como é Deus e, en consecuencia, como debemos comportarnos nós.

Para apreciarmos nalgunha medida o atrevemento de Xesús ó tocar e curar da gafura (laceira ou lepra) o enfermo que se achegou a el, hai que ter en conta o especial

contexto cultural e relixioso do xudaísmo. A persoa afectada por esa enfermidade era visto como alguén que se comportara mal. A lepra era o seu sinal. Legalmente era un "impuro" e contaxiaba os demais. Por iso nin se podía achegar el a ninguén nin tampouco os demais se podían achegar a el. Do contrario, convertíanse tamén eles en pecadores, en "impuros". Por iso os leprosos tiñan que vivir en sitios abandonados ou desérticos. A comida, que recibían de familiares, deixábana estes a unha certa distancia para evitar calquera perigo de quebrantar a lei converténdose eles mesmos en impuros e pecadores.

Mais Xesús vai romper aquí tamén coas normas sociais e relixiosas para anunciar así que por enriba de calquera convención social somos todos irmáns, irmáns del e irmáns entre nós, en canto fillos dun mesmo Pai. Marcos cóntanos que Xesús se "estremeceu", ou sexa, que se lle conmoveron as entrañas ante este irmán seu que a sociedade e a relixión, da que o mesmo Xesús participaba, excluíra ou marxinara de maneira tan drástica. Se Xesús fose -para entendérmonos- un "fundamentalista" da lei, tería que lle recriminar ó gafo que en vez de lle pedir que o curase debería el berrar, como mandaba a lei: "son impuro, son impuro". Para que ó oíren iso, tanto Xesús coma calquera outra persoa, non se puxesen en perigo de se converter tamén eles en "impuros" e pecadores. Mais Xesús, pola contra, lonxe de proceder así –tal como nos conta Marcos– "estende a súa man, tócao" e cúrao.

O mal, porén, xa estaba feito, podemos dicir. Porque, aínda que Xesús se pon "moi serio" (como se di no texto de Marcos) e lle insiste ó curado en que non diga nada, senón que se limite a comunicar ós sacerdotes que está san, non é capaz el de aturar a alegría que leva consigo sen comunicárllela a cantos atopa. Como consecuencia, Xesús non pode entrar agora nas vilas e ten que ficar "fóra" –como tamén nos refire Marcos- "nos arredores apartados". É dicir, Xesús mesmo, o curador da gafura ou laceira, xustamente por ter "tocado" un gafo, convértese el mesmo agora legalmente en "gafo", en "pecador", en excluído ou marxinado. Aínda así ou quizais precisamente por iso, dinos Marcos que a xente "seguía acudindo a el de todas partes". Como vedes, Xesús non fuxe da xente socialmente mal vista, senón que se achega a ela. Quere a todos coma irmáns, porque son de verdade irmáns seus. E quen, se non é un "desnaturalizado", non quere e cura, se pode, a seu irmán?

Falando de gafos ou leprosos, lembro un día máis neste contexto o Padre Seixas. Comentaba no último domingo que el, cando só tiña 25 anos, pedira ó Pai Xeral dos xesuítas que o destinase a traballar nalgunha institución de leprosos. Mais como non o conseguiu del, pediu traballar con outros excluídos sociais, os negros. Polo menos puido traballar con obreiros en diversos lugares do mundo, tamén aquí en Vigo. Sempre quixo, coma Xesús, achegarse ós marxinados, tocalos, para así lles ofrecer e dar alegría sen renunciar, chegado o caso, a un chisco de humor. Velaquí algúns testemuños disto. Primeiro da súa estancia na República Dominicana: "En certa ocasión acudiu a dar a Extrema Unción a un ancián de oitenta anos que estaba a morrer. Na habitación había tres mulleres: a esposa e as dúas concubinas. O Dereito parece que lle esixía botar as dúas concubinas, pero isto parecíalle ofensivo para elas; así que tomou dúas candeas, déullelas a cada unha e díxolles: 'Xa que o axudastes a ben vivir, axudádeo a ben morrer". "Refuxiaba –segue a dicir o mesmo informante- na súa casa os desertores, fosen do exército que fosen, e os negros que atravesaban a fronteira de Haití. Quedoulle para sempre desa época de Santo Domingo un amor e un agarimo especial polos negros".

E agora algúns testemuños da súa estancia aquí en Vigo: "Logrou en Vigo empalmar fenomenalmente coa colonia negra, mozos negros procedentes do Zaire, o

Congo, Guinea, etc. Fixo matrimonios entre eles, bautizos, etc. e saía comer con eles esas galdrumadas africanas das que volvía encantado. Tiña unha graza especial para empalmar coas xentes máis estrañas: vendedores de prensa ou de xeados, taxistas, etc., sempre xente humilde e marxinada. Foi sempre moi amante dos marxinados e das culturas marxinadas". "Parábase con tódolos 'morenos' que atopaba en Vigo e procuraba buscarlles comida e traballo, parábase cos xitanos, axudou nas horas heroicas ós obreiros de Citroën e do sector naval".

Como vedes, os gafos ou leprosos, cos que Seixas pediu desde un principio poder traballar e ós que quería como Xesús "tocar", foron de feito para el as persoas marxinadas. Coma Xesús, Seixas trataba a todos como irmáns seus, pero de maneira especial os máis excluídos dos bens destinados para todos.

Neste sentido, teñamos tamén presentes na nosa mente a tantos como, aínda nos tempos de hoxe, continúan a pasar fame e esforcémonos en traballar do modo máis eficaz que poidamos para que deixe dunha vez de existir o grave escándalo de que, mentres que no mundo morren millóns de nenos e persoas por enfermidades perfectamente curábeis, se destinen crecentes recursos para guerras e se recorten en cambio para alimentos.

Sexamos, pois, nas nosas vidas curadores da humanidade e non cómplices da inhumanidade.

DOMINGO VII ORDINARIO

Poder divino dun home de Deus

Cando Xesús curou o tolleito de Cafarnaún, dinos Marcos que Xesús estaba nunha casa, nunha casa particular. Os entendidos cren que esta casa era seguramente a casa de Pedro e mais da súa familia. Xesús ía –é verdade- tamén ás sinagogas, ó templo e nestes lugares sagrados (algo así como as igrexas de hoxe en día) falaba á xente do seu reino, de seu Pai Deus e da familia universal de irmáns que Xesús quería instaurar neste mundo. Mais para Xesús, porén, toda a realidade era sagrada. Non había nada profano. As persoas eran xa, como el dicía, "templos de Deus" e "o Espírito Santo habitaba nelas". Polo tanto as familias e as casas familiares eran tamén lugares onde Deus se comunicaba. Pois, tal como dicía Xesús, "onde queira que se reúnan dous ou tres no meu nome, alí estou eu no medio deles".

De feito vai ser nesta casa (probabelmente, como digo, a de Pedro), onde Xesús vai absolver dos seus pecados o tolleito, inmediatamente antes de curalo da súa parálise. Esta casa non era o templo, o lugar oficial onde polos sacrificios rituais de touros, ovellas, pombas, etc. se podían perdoar os pecados. Tampouco era outro lugar máis o menos consagrado ás cousas de Deus, como podían ser as sinagogas.

Como xa sabemos polo caso do gafo ou leproso curado por Xesús (do que nos falaba tamén Marcos no anterior domingo), os enfermos eran considerados como pecadores, como impuros. Contaxiaban a súa impureza, o seu pecado ós que os tocaban ou se achegaban a eles. Ó mellor foi por iso, e non só porque houbese moita xente amoreada á porta da casa, polo que se lles ocorreu ós amigos ou familiares do tolleito subilo ata o teito da casa para baixalo dende alí ó interior da casa, onde estaba Xesús. Así tiñan seguramente menos problemas coa xente e cumprían tamén máis axeitadamente coa letra da lei.

Dentro da casa e escoitando Xesús, aínda que á espreita de atoparen nos seus ditos ou feitos algo censurábel, había tamén algúns letrados, ou sexa, especialistas da

lei, da letra da lei. Como non estaban na súa casa senón en casa allea, procuraban non levantar moito a voz, pero non deixaban de manifestar disimuladamente na súa cara ou nos seus xestos as súas reaccións internas. Marcos dinos que, aínda sen o formularen verbalmente, se lles notou o seu desgusto e desaprobación cando Xesús lle dixo ó tolleito: "Quédanche perdoados os teus pecados".

Non se trata de que Xesús se identificase sen máis coa crenza corrente de que as enfermidades proviñan dalgún pecado ou que elas convertesen automaticamente o enfermo nun pecador. Mais co seu comportamento quere manifestar ben claramente que o perdón dos pecados nin está vencellado ós sacrificios rituais do templo nin ó templo mesmo. Pois el perdoa os pecados fóra do templo e, ademais, sen lle ordenar ó tolleito que vaia despois ó templo a ofrecer o correspondente sacrificio ou oblación ritual.

Isto, por un lado, viña ser de feito unha forte ameaza para as funcións e os intereses dos que administraban o poder relixioso do xudaísmo. Pero, por outro lado, os letrados que o escoitaban, pechados como estaban a calquera manifestación de Deus que non fose a que eles tiñan ben controlada pola letra da lei, non deixaban de matinar nos seus adentros, tal como comenta Marcos, que iso non podía ser: *Como pode un home perdoar unha ofensa feita a Deus?*

Como quizais enxergaredes, agáchase aquí algo moi fondo. Todo o enfrontamento dos poderes fácticos, civís ou relixiosos, con Xesús provén, ó meu ver, de que tiñan unha idea moi pequena do que é ou pode ser Deus. Se puidesen eles polo menos sospeitar que Deus é infinitamente superior ós nosos pensamentos sobre El, posibelmente non terían tantos problemas con Xesús. O misterio de Xesús é que el se nos manifesta, no seu poder e na súa bondade, como a expresión e imaxe exacta do mesmo Deus, como o Fillo de Deus, como o Deus feito home, encarnado e humanizado. Este era un cambio demasiado radical na maneira de concibir a Deus para que mentalidades e comportamentos que só se atiñan a ritos e costumes o puidesen aceptar.

Por iso, contra o que pensan os letrados ó criticaren o que alí está a ocorrer, Xesús non é un home sen máis, coma min ou coma vós, senón o Deus humanizado, o Deus que sen deixar de ser Deus, Fillo de Deus, é tamén igual a todos nós. Por iso pode perdoar e faino: porque quen alí está a perdoar é alguén que non é só un ser humano.

Pero alén destas altas ou subidas consideracións, hai algo que nos pode resultar máis intelixíbel en relación co evanxeo de hoxe. No fondo levan bastante razón, a pesar de todo, os letrados ó pensaren que só Deus pode perdoar os pecados. Quero dicir, aplicado a nós mesmos: para sermos capaces de perdoar os demais, sobre todo cando nos fixeron algún mal moi grande, hai que ter moito de "divinos". Pensade en tantas vítimas de terrorismos ou de odios sen sentido e na comprensíbel dificultade dos directamente afectados ou familiares seus para perdoaren.

Pero Xesús está aquí tamén para nós como "o camiño, a verdade e a vida", como aquel que, como nos di Paulo na Lectura de hoxe, é sempre un "si" e nunca un "non". Porque este Xesús, o Deus humanizado no que estamos a ver a Deus Pai, non só perdoa os pecados cometidos contra o seu Pai, senón que perdoa tamén sen restricións tódalas ofensas cometidas contra el polos seus contemporáneos, que non foron capaces de comprendelo. Por iso, fronte á máxima ofensa que lle fan ó intentaren eliminalo na cruz para que endexamais lles estorbe, botará el man unha vez máis das xenerosas palabras do perdón: "Pai, perdóalles porque non saben o que fan".

DOMINGO X ORDINARIO

Ter o demo no corpo

Atopámonos hoxe curiosamente ante un texto do evanxeo de Marcos que nos case oito anos que levo aquí en Vigo non tivera ocasión de comentar convosco porque os tres ciclos nos que se organizan as lecturas litúrxicas non manteñen unha uniformidade estrita temporal ano tras ano. En definitiva, o texto de Marcos que acabades de escoitar é a primeira vez que o lemos ou escoitamos aquí ó longo destes anos.

Dito isto, cómpre indicar que se trata dun texto interesante e moi significativo sobre o xeito de se comportar Xesús na sociedade en que vivía e sobre os modos de reaccionar das xentes ante o seu modo de falar e de se comportar. Porque Marcos nos presenta neste texto un Xesús moi "encarnado", moi "humanizado", moi igual en todo a aqueles cos que convive e ós que lles dirixe a palabra do Pai, do seu Pai Deus. Tendemos ás veces a pensar un Xesús desfigurado, falsamente "idealizado", como se se tratara de alguén que procede de non sei que estraños e sublimes ámbitos suprahumanos. Xa a nacente igrexa tivo que frear esas tendencias ou eses modos de ollar a humanidade de Xesús.

O texto de Marcos preséntanos así un Xesús que necesita comer e beber coma outro calquera. El e mailos seus discípulos non son anxos, que non comen nin beben, senón seres humanos normais que, ó se veren rodeados por tanta xente que os acompaña e quere escoitar a palabra de Xesús, nin tempo atopan para comeren. "Nin podían comer", dísenos no texto.

Ese Xesús humano ten tamén os seus "parentes" ou familiares, que como tales están pendentes dos ditos e dos feitos dese tan especial e ó tempo tan normal parente seu, que as xentes sinxelas e humildes escoitan con abraio, ledicia e admiración. Nas familias digamos tradicionais ou normais todo o que lle pasa a calquera dos membros dunha familia aféctalles tamén a cantos a compoñen. De aquí provén a preocupación dos parentes de Xesús sobre canto se di ou comenta verbo del, sobre os seus ditos e os seus feitos. Nos poucos anos da súa chamada "vida pública" converteuse el en centro ou signo de contradición ou disensión, porque o seu anuncio dun reino de paz, xustiza e amor, alén do simple e baleiro cumprimento das normas e preceptos legais, semellaba ser para moitos algo incomprensíbel ou inaceptábel.

Neste sentido resulta moi normal que houbese xente que pensase que Xesús "perdera o sentido" (tal como se nos di no texto de Marcos), que no fin de contas fose un anormal, pois non se comportaba nin falaba como unha persoa da que dicimos que é "normal", é dicir, como alguén que se atén estritamente ás normas secularmente herdadas por moi baleiras de sentido que en si mesmas elas fosen. Os seus parentes viñan polo tanto "buscalo –tal e como se nos di tamén en Marcos- á forza".

Os entendidos nas leis e costumes tradicionais dos xudeus, é dicir os "letrados", alí estaban tamén como garantes e ilustradores do que era ou non correcto, do que se podía ou non se podía dicir ou facer. Digamos que determinados parentes de Xesús e mailos letrados formaban en certo modo unha sorte de piña crítica respecto do anuncio de Xesús, é dicir, da súa "boa nova". Efectivamente, para os letrados tiña Xesús o demo no corpo –como diriamos nós- ou, tal como eles se expresaban, tiña el "dentro Belcebú", o "príncipe dos demoños".

Pola contra, Xesús obxectaralles ós seus acusadores que, se as cousas foran tal e como os letrados pensaban, sería entón absurdo e contraproducente que el mesmo, Xesús –catalogado como demo polos letrados-, se dedicase pola súa parte a botar os demos –pois en tal hipótese serían súbditos ou compañeiros seus- fóra das persoas

posuídas por eles. Xa que, se as cousas foran así, operaría el en realidade en contra de si mesmo. É esta cegueira voluntaria –teórica e práctica- dos letrados e dalgúns dos parentes de Xesús, encirrados tamén seguramente polos primeiros, a que vai ser cualificada por Xesús como "blasfemia contra o Espírito Santo". Unha "blasfemia" que non pode ter perdón de Deus, porque pecharse á luz é pecharse fronte a Deus, fronte ó "Espírito" mesmo dun Deus que non se nos manifesta senón como verdade, bondade e amor.

E volvemos agora de novo ó sentido "encarnatorio" –por así dicilo- da persoa de Xesús. Xesús encárnase e faise próximo, "parente", non desde logo na fachenda ou cegueira de letrados ou fariseos, mais tampouco no pequeno ámbito ou entorno dunhas relacións familiares particulares e limitadas. Polo contrario, el ábrese e faise familiar e próximo a cantos -humildes ou marxinados- se abren tamén pola súa parte á verdade, á luz, ó amor, á misericordia, etc., é dicir, ó "Espírito Santo".

Por iso é moi significativo que, no remate do texto do evanxeo de hoxe e ante o anuncio que lle fan a Xesús de que "alí fóra están súa nai e mais os seus irmáns, que o veñen buscar", reaccione el dun xeito que poderiamos considerar case como distante e desapegado. Xesús comenta, en efecto, a ese respecto: "Quen é miña nai e quen son meus irmáns?". Para engadir a continuación, ollando cara ós seus abraiados e agradecidos oíntes: "Velaí a miña nai e mailos irmáns: pois o que cumpra a vontade de Deus, ese é o meu irmán, a miña irmá e miña nai".

Divinas e fundamentais toleiras as de Deus, poderiamos comentar pola nosa parte. Pois o fillo de Deus nace, coma todos nós, nunha concreta familia humana, mais non se limita ou restrinxe a ela ó se facer irmán de todos, emparentando así tódolos seres humanos con el e co Deus Pai de todos, Pai de Xesús e Pai de todos nós.

Remato cunha que o seu autor, Manuel Regal Ledo, chama "Pregaria: para ser tolo como Xesús foi tolo" e que el engade precisamente ó final do seu comentario ó evanxeo de hoxe nun dos seus escritos:

"Todos nos invitan ó común, Xesús, / todos nos invitan ó normal, ó comprensible, ó razoable, / ó que fai todo o mundo. / Todos menos ti./

Todos nos invitan a andar polos camiños feitos, / polos vellos camiños de sempre, / segundo as vellas doutrinas de sempre. / Todos menos ti./

Todos nos invitan a buscar a aprobación dos sabios, / a congratularnos cos desexos do pobo, / a rendernos ante a urxencia do moderno. / Todos menos ti./

Todos nos invitan a entrar nos ámbitos de influencias, / a desenvolvernos coa xente de prestixio, / a arrimarnos ó que ten poder. / Todos menos ti./

Todos nos invitan a aplaudir o rico, / a evitar as inseguridades, / a fuxir do provisional. / Todos menos ti./

Ti, Xesús, segues coa túa vella teima de sempre, / gañando así, tamén hoxe,/ a ollada colérica dos teus adversarios / e a ollada compasiva dos teus seguidores./

Con todo, Xesús, nós preferímoste a ti."

DOMINGO XI ORDINARIO

Sementar sementarei...

Continuamos desde o domingo anterior co que chamamos o tempo “ordinario”, volvendo así, coma quen di, “ó rego” despois da longa interrupción deste tempo “ordinario” coa Coresma, a Pascua, etc. e tamén coas posteriores festividades da Trindade e do Corpo e Sangue de Cristo.

E para “volvermos ó rego”, que ten que ver coa labranza e coa sementeira, nada mellor que unha parábola de Xesús coma a de hoxe sobre a semente que cae na terra. O modo de vivirmos nas grandes cidades agáchanos moitas veces cousas fundamentais da vida: de como nacen as plantas, as árbores e outros seres vivos. Dun gran pequerrecho e intranscendente á primeira vista sae un mundo de vida, de frondosidade, de beleza... Menos mal que nos pisos das cidades aínda podemos coidar nos balcóns ou nas terrazas unha ou varias macetas con plantas que nos gustan. E iso fainos presente, aínda que sexa a pequeno nivel, o que ocorre na natureza en grandes proporcións.

Cando eu era rapaz -nacera nunha pequena parroquia da nosa verde terra galega (coma o Balbino da novela de Neira Vilas)- unha das cousas que me gustaba facer, á parte de seguir niños de paxaros e apolitar nas árbores, era sementar castañas nun pequeno recipiente de lata con terra dentro e poñerme despois a esperar o día no que os primeiros gromos do futuro castiñeiro farían acto de presenza. Coido que non tiña que ver coa Trindade de Deus da que falabamos hai un par de domingos, pero, si, metía tres boas castañas na terra (non eran nin dúas nin máis de tres) e xa non lembro ben se saían despois un, dous ou ata tres cativos comezos do futuro e rexo castiñeiro. Logo, cando eran xa algo grandiños, levabámolos a unha veiga ou leira, para replantalos alí. Cos anos os castiñeiros, xa bos mozos ou adultos, devolvíannos nun só ourizo, dos moitos que o castiñeiro tiña, as castañas das que nos desprenderamos anos antes para sementalas na terra.

Estas marabillas da natureza que Deus puxo a andar están aí simplemente diante nosa. Para que aprendamos así a vermos como é a realidade e como é tamén Deus, aínda que non sexan elas máis ca pequenos sinais, a xeito de vagalumes, para orientármonos no escuro camiño da vida.

Xesús recorre moitas veces, como ben sabemos, a este tipo de realidades da natureza para que aprendamos a comprender o seu reino, o que el chama “o Reino de Deus”. É lóxico, porque o estilo de Deus, o seu modo de facer as cousas non pode ser moi distinto nun caso e noutro, quero dicir no eido natural e no que adoitamos chamar sobrenatural ou espiritual. Á fin e ó cabo, Deus é o autor común e único destas dúas dimensións da realidade, que nós máis dunha vez separamos demasiado. É un estilo que sempre ten que ver co marabilloso, co inesperado, co que nos abraia. É dicir, co divino.

Xesús descríbenos de maneira moi fermosa o proceso do gran de trigo desde que se sementa na terra ata que a espiga xa está a tempo para ser recollida e se converter en pan tenro e quente que nos alimenta. Ou apréndenos a ver tamén o que lle pasa ó gran de mostaza, que malia ser tan pequerrecho, é capaz de se converter despois en preferido obxectivo dos paxaros para construíren alí na primavera os seus niños.

As comparanzas de Xesús coa flora e a fauna que temos diante dos ollos por pouco que nos debrucemos na natureza, fálannos de que Deus, o creador da realidade toda e grandioso sementador de vida, de bondade e de amor, é un sementador que non quere queimar etapas, que dá tempo ó tempo, que non exerce violencia endexamais con ninguén. O que si fai é sementar arreo e de moitas maneiras a súa palabra, acochándoa co seu coidado e co seu agarimo para que no seu tempo produza froito.

Teñen moita importancia na evolución da humanidade os bos sementadores e sementadoras. Aquelas e aqueles que coa súa palabra, co seu modo de se comportaren

cos demais, van facendo coa súa vida e coa súa constancia e paciencia que outros acollan e deixen medrar en si a semente de vida recibida.

Isto ten a súa aplicación non só no eido relixioso ou cristián, senón tamén no social e político. Convivín durante bastantes anos cun compañeiro meu xesuíta que era fillo dun relevante político galeguista chamado Antón Losada Diéguez, do que seguramente algunha vez oístes falar. Nun acto público sobre este importante político ourensán un dos que alí interviñeron comentou sobre Antón Losada que fora un gran "sementador": que escribira pouco, pero que sementara moito en conversas con persoas que despois serían grazas a el moi decisivos no eido concreto do galeguismo, como por exemplo Otero Pedrayo, Risco ou Castelao.

Pois ben, se pola nosa parte non nos sentimos moi satisfeitos connosco porque non acabamos de vérmonos a nós mesmos tan bos cristiáns como desexariamos, tentemos polo menos sementar coas nosas pobres palabras e coas as nosas humildes obras a frutífera palabra de Deus e as súas grandes obras e marabillas. E esperemos, teñamos paciencia, ata que agrome ó seu tempo a semente transformándose en nova e vizosa árbore, pois Deus ten os seus propios ritmos, que non teñen por que se identificar cos nosos.

Porque, á fin e ó cabo, non somos nós os verdadeiros sementadores. É sempre Deus quen, polos seus sorprendentes camiños, continúa a sementar a súa misteriosa palabra no mundo. El segue a facer sempre, xunto con nós, o traballo da súa sementeira. Nós non temos por que coñecer de antemán os froitos concretos que el quere acadar por medio de nós, na nosa época, ou por medio de cantos vaian vir despois de nós, nunha historia que endexamais deixará de se presentar en cada tempo concreto como nova e sorprendente.

Falábavos das castañas de cando eu era cativo. Agora, e para rematar, léovos anacos soltos dun poema do Pai Seixas, que vos procuro –como vedes- facer presente de cando en vez, pois el sementou moitas veces aquí, desde este altar, a palabra de Deus. Neste poema, dedicado ós seus pais e escrito por el cando tiña 33 anos, lembrábase el con fondo agradecemento a Deus, da súa infancia no colo agarimoso da natureza deste xeito:

Que tempos os de Gonzar!
Aínda era eu moi neniño!
Cando brincaba na herba,
cando ollaba os paxariños
[...]
Que tempos os de Gonzar!,
tempos que foron tempiños!

Mazás da Santa Mariña
pasadas dos paxariños,
con que gozo eu vos comía,
caladiño, caladiño!
Abeleiras do abeleiro
da leira do meu paiciño,
que de cote eu atopaba
a carón do meu camiño!
Silvas cheas de amoriñas
remexidas cos espiños,
con que gusto eu vos comía

ao pasar polos camiños!
[...]

Tempos de Gonzar ditosos
fuxiron por seu camiño!
Non vos esquezo anque morra,
aínda que deixe o corpiño.
Foron os primeiros gromos
da miña espiga de millo.
[...]
Mais agora que fuxiron
cal fuxe o tempo dos niños;
agora que xa son home
dimpois de moito camiño;
agora bendigo a Deus
que alá naqueles tempiños,
coma o orballo que repousa
nas follas do treboliño,
así puxo nesta i-alma
deste probe picariño
a fogueira da súa gracia
que aluma no meu esprito.
Por iso ollando hoxe a Deus
e aos meus pais queridiños:
Que tempos os de Gonzar!,
tempos que foron tempiños!

DOMINGO XII ORDINARIO
Ter un colo quitamedos

O curto texto do evanxeo de hoxe atribuído a Marcos agacha en si na súa brevidade fonduras misteriosas e conmovedoras. Semellantes ás que adoitamos asociar coa vivencia do mar fondo e inmenso, onde ocorre a escena que acabades de escoitar.

Voume limitar a facer só algún, tamén curto, comentario, que poida servir quizais para unha mellor comprensión da mensaxe que se nos anuncia. Pois nós vivimos tamén á beira do mar e sabemos algo da súa grandiosidade, do seu perigo e dos temidos e violentos fenómenos que se producen cando o vento e as ondas do mar se enfrontan conxuntamente á cativeza humana. Respecto hai que lle ter sempre ó mar. Malia ser el por outra parte abondosa fonte de posibilidades e de vida.

No centro da escena está evidentemente Xesús, aínda que semelle non estalo polo menos durante o tempo en que está a botar unha cabezadiña na barca. É o Xesús amigo de pecadores e de pescadores, pois el sempre estará alí onde haxa xente precisada de compañía e de compaixón. O cansazo tamén o acompaña a el. Sabemos que Xesús estaba durante o día á disposición da xente necesitada e marxinada e que pola noite dedicaba aínda abondoso tempo á conversa tranquila e a soas co seu pai benquerido.

Durante o día era moi forte no seu corazón o lume interior que o levaba e empuxaba a manifestar a todos a boa mensaxe, chea de consolo, alegría e esperanza. Mais hoxe, "á tardiña" (tal como o comenta o texto evanxélico), proponlles Xesús ós discípulos deixar a concorrencia da xente para se trasladaren á outra banda do mar, algo así coma se fose navegar polo mar de Vigo a Cangas. Era un bo momento, próximo xa ó

solpor, para que Xesús botase unha soneca. Falta lle faría tralas tarefas do día. Alí o vence axiña o sono, deitándose sobre un cabezal na popa da lancha. Sono fondo tamén o de Xesús, semellante ás fonduras do mar que ó comezo o arrola mansamente coas ondas. As ondas que logo se encrespan non chegan a perturbar a paz infinita dun Xesús que durme tranquilo, sentíndose como se sente sempre benquerido polo seu Pai do ceo. No quente colo do seu Pai-Nai, dorme Xesús confiado e seguro.

Marabilloso sería poder dispor hoxe dun vídeo que reflectise esa actitude confiada e serena dun Xesús que dorme así, tranquilo coma un neno, na popa dunha lancha amiga. Por moito ruído de voces e berros que haxa arredor dun neno que dorme, sabemos que non é doado espertalo do seu sono tranquilo e confiado. Para el seus pais son coma deuses, todopoderosos e bos sen límites. Non ten el nada que temer.

No caso de Xesús, é moita desde logo a entrega que o Pai lle pide ó seu fillo benquerido no anuncio e na práctica da boa nova, mais el é ben consciente de que está nas boas e seguras mans do Pai. Do mesmo xeito que os nenos sacoden e escorrentan medos e pantasmas, deixando que o sono e os soños veñan a eles desde a plataforma segura do colo dos seus pais, así ocorre con Xesús. Con razón lles dirá nalgún momento ós seus discípulos: “Se non vos facedes coma nenos, non entraredes no reino dos ceos”.

Se queremos, pois, durmir e soñar en paz, teremos que aprender tamén a vivirmos en paz connosco, cos demais e, polo tanto, co Deus pai de todos. É dicir, teremos que chegar a acadar aquela “confianza básica”, tamén a nivel relixioso, da que falan os psicólogos a nivel simplemente humano e que tan necesaria é para o desenvolvemento da nosa vida.

O mar era no imaxinario dos tempos de Xesús un lugar onde habitaban os monstros, os monstros mariños, que poderían pór en perigo ós que se achegaban a el. Foi esta ameaza, propiciada polos ventos enfurecidos, a que encheu de inseguridade e angustia ós compañeiros de Xesús que non podían comprender como o seu mestre podía estar aínda tan tranquilamente durmido tendo como leito unha lancha fortemente azoutada polo turbillón.

Os discípulos de Xesús están, efectivamente, atenazados polo medo e vano estar tamén trala intervención de Xesús, aínda que entón os vaia afectar un tipo de medo moi distinto. Cando Marcos, ou algún outro descoñecido autor deste evanxeo atribuído pola tradición a Marcos, fala dos medos dos que viaxaban con Xesús na barca, utiliza de feito palabras gregas distintas para se referir ó primeiro medo (o medo de afogaren todos) e, despois, ó medo, ó “medo enorme” (tal como se di no relato), co que quedaron afectados os discípulos trala calma do mar producida polas palabras de Xesús.

O primeiro medo era o medo dos que estaban temerosos e acovardados (“deiloí”) ante a furia do mar e do vento. Sentíanse efectivamente incapaces de lle facer fronte a unha situación angustiosa. En cambio, o segundo “medo” (“fóbos” en grego) resulta ser algo semellante ó que os estudosos da historia e fenomenoloxía das relixións (Rudolf Otto sobre todo) chaman o “tremendum”, aquilo divino que fai tremer e suscita ó tempo respecto e admiración.

Os discípulos pasan, pois, dun tipo de medo -medo ós elementos da natureza- a outro medo de tipo superior e distinto (“medo enorme”) ante quen se presenta como aínda máis poderoso ca eses elementos naturais. Un medo, ou máis ben pasmo, producido agora nos discípulos por alguén que non parece diferenciarse deles en nada especial, pois ata había ben pouco estaba el a durmir vencido polo sono na propia e indefensa barca. “Quen será este ó que mesmo o vento e o mar obedecen?”, comentan abraiados e cheos de temeroso respecto os discípulos.

Atopámonos unha vez máis ante o misterio de Xesús, un que é coma nós, mais en quen o Pai Deus puxo tódalas súas compracencias. Non nos queda outra opción

senón crer ou non crer nel, na súa persoa. Xesús, na súa crítica ás angustias e medos dos discípulos contrapón nidiamente tales medos á "fe", na que non parecen aínda abondar os seus discípulos: "Por que tendes tanto medo? Seica aínda non tendes fe?". Se para Xesús a fe é aquela que é capaz de mover montañas, tamén é aquela que é capaz de paralizar perigosos movementos de ventos e mares.

Nesta opción entre crer ou non crer, entre ter fe ou non tela, está en xogo, alá no fondo, a nosa felicidade ou infelicidade, a nosa esperanza ou desesperanza, unha vida dominada por medos e angustias ou pola confianza filial e fraternal.

Xesús preséntase ante nós como unha verdadeira "graza", é dicir, como unha grande, alegre e gratuíta noticia para a humanidade toda.

DOMINGO XIII ORDINARIO

Fe que sanda

O texto do evanxeo de hoxe vólvenos recordar os problemas e as preocupacións da xente normal e corrente, ameazada unha e outra vez pola enfermidade ou pola morte dos seus seres queridos.

E ben, a carón deles está sempre Xesús, que por algo é Salvador e Redentor. E a carón de todos eles deberiamos estar tamén os que pola nosa parte queremos ser humildosos seguidores de Xesús.

Hoxe son dúas mulleres, tradicionalmente marxinadas ou discriminadas naqueles tempos as que van recibir a misericordia de Xesús. E, por certo, alégranos saber que hoxe en día semella que son as propias mulleres as que comezan por si mesmas a espertaren deste mal soño secular da súa discriminación social.

Pois ben, en relación con estas dúas mulleres, dunha sabemos que era a filla de Xairo, un xudeu devoto e xefe da sinagoga. Por algunha enfermidade acababa ela de morrer sendo aínda unha rapaza noviña con só doce anos. Da outra muller, que andaba de médicos dende xa había tempo, non sabemos máis ca que estaba doente e polo tanto nada sabemos sobre a súa posición social ou sobre a súa idade.

Hai que facer algún esforzo para nos situarmos dalgunha maneira na cultura relixiosa e social xudía daquel tempo e para sabermos avaliar así na súa xusta medida o que supuña a relación de Xesús coas persoas necesitadas. A filla de Xairo morrera xa, por máis que seu pai, cando se dirixe a Xesús pedíndolle a súa curación, aínda non o sabía. E hai que ter en conta que daquela ós defuntos non se debía un achegar nin moito menos tocalos, porque como cousa impura convertían en impuro tamén ós que facían iso. En canto á outra muller enferma, a súa mesma enfermidade convertíaa tamén en impura, ademais de facer impuros cantos a tocasen ou cantos ela tocase. De maneira que a pobre estaría nunha situación persoal e social lamentábel.

Pois ben, en ámbolos dous casos Xesús achégase á defunta e á enferma impuras, sen se preocupar ren por quebrantar con iso preceptos ou normas sociais e relixiosas. A nena defunta cóllea directa e persoalmente pola man, pronunciando a frase que os evanxeos nos conservaron no seu son orixinal: "Talitha, qumi", rapaza, érguete. A outra muller enferma non a toca directamente, mais déixase tocar por ela nunhas circunstancias nas que a xente o aperta a el por tódolos lados, tal como o constatan os seus discípulos ó el lles preguntar quen o tocara: "Ti ben ves a xente preméndote e aínda preguntas por quen te tocou?"...

Xesús era unha persoa do seu tempo e estaba en consecuencia moi ó tanto, desde cativo, dos inevitábeis condicionamentos culturais que se convertían en algo normal e

natural para cantos participaban da mesma cultura. Mais el tiña ó tempo unha experiencia moi fonda e forte de como son as cousas, do que é e como é a realidade, e tamén da nosa dignidade humana en canto derivada da nosa filiación divina pola nosa irmandade con Xesús.

Na súa íntima e especialísima relación co seu Pai Deus, vivida durante o día e dialogada con El en longas horas da noite, sabía el, pois, cales eran as cousas importantes e cales non. En tal sentido, se os costumes sociais chocaban con esa fondas experiencias e saberes, peor para tales costumes.

El sabía e vivía a experiencia de ser Fillo de Deus e de ser ó tempo "fillo do home" nunha inconcibíbel e misteriosa unidade. Este Xesús, don insuperábel do Pai Deus á humanidade, era polo tanto tamén un de nós, ser humano coma nós, irmán noso. Mais el viña a transmitirnos que todos nós, coma el, somos fillos dun mesmo Pai. Somos todos polo tanto irmáns del e así nos sentía e percibía. Para el as prescricións ou prohibicións sociais ou rituais non tiñan, en consecuencia, valor ningún no caso de se opoñeren a esta experiencia fundamental súa de ser e sentirse irmán de todos.

A práctica vital de Xesús foi sementar arreo vida e esperanza, devolvese a vida ou non, curase ou non fisicamente a unha persoa concreta. Pois Xesús non curou nin resucitou de feito cantos no seu tempo enfermaban ou morrían. El non viña destruír as leis dunha natureza creada dese modo por Deus mesmo. Tampouco Deus Pai liberou o seu Fillo Xesús das dores e da morte na cruz. Sen contabilizar as diversas curacións realizadas por Xesús das que nos falan os evanxeos, no que se refire ós relatos de resurreccións realizadas por El, é dicir, da volta á vida normal dun defunto ou dunha defunta, non nos contan en realidade os evanxelistas máis ca tres casos: o da filla da viúva de Naín (do que nos fala só Lucas), o de Lázaro (que só nos é presentado por Xoán) e, finalmente, o relato de hoxe da filla de Xairo, descrito por Marcos, Mateo e Lucas, pero non por Xoán.

Por iso, o que sobre todo Xesús nos ofrece, antes e hoxe, é unha vida e unha esperanza, que se basean na fe nel en canto Fillo de Deus e irmán noso. Pois el mesmo identifícase coa Vida mesma e co Amor sen límites. Diranos nalgún momento que o seu Pai Deus non é "un deus de mortos, senón de vivos, porque para el todos viven". El coñece perfectamente, por así dicilo, esta face oculta da lúa. Aínda que a xente faga riso del, sabe perfectamente que os que chamamos mortos non o son de verdade. A tódolos defuntos pásalles en certo modo o mesmo que el indica sobre a nena morta: "A meniña non morreu, está a durmir".

Esta mensaxe de vida que nos trae Xesús debería ter unha proxección comunitaria e social na vida concreta nosa, neste noso tempo presente. Paulo dánolo a entender hoxe na súa carta ós Corintios. A vida, non só a do alén senón tamén a do aquén, ten que ser para todos e non só para os que dispoñen de riquezas e de poder. Deberiamos escoitar así, nesta clave presente e actual que afecta a tantas persoas, o que Paulo escribe nesa carta: "Coñecedes ben a xenerosidade do noso Señor Xesús Cristo: sendo rico, fíxose pobre por vós, para nos enriquecer coa súa pobreza. Non se trata de que pasedes apuros por aliviardes a outros, senón de que haxa equilibrio [...] Así haberá igualdade".

DOMINGO XV ORDINARIO

Teoría e práctica do Todo

Na Segunda Lectura deste domingo hai un fermoso e famoso himno, que está incluído algo artificialmente nunha das cartas do apóstolo Paulo. É o chamado "himno cristolóxico". Os comentadores do Novo Testamento, é dicir, do que acontece arredor da vida e mensaxe de Xesús e do xurdimento das primeiras comunidades cristiás, adoitan dicir verbo deste himno que vén sendo un dos fragmentos máis densos e profundos de todo o Novo Testamento. De modo que é bo que lle prestemos algo de atención.

Lembremos algunhas das ideas que se formulan neste precioso fragmento do Novo Testamento: "Bendito sexa Deus", ese Deus grande e bo, que é o Pai de Xesús e que está connosco como "Emmanuel", é dicir, coma "Deus connosco". Con este Xesús-Manuel chégannos a nós "toda clase de bendicións". Neste Xesús, Fillo de Deus, habitamos todos nós en canto seres humanos que somos. En Xesús óllanos o Pai bondadosamente a todos, pois somos da súa mesma carne e do seu mesmo sangue. Neste Xesús estamos todos "predestinados " a "sermos fillos adoptivos de Deus". Esa é a mente e o designio de Deus Pai para con todos. Iso é o que El quere e o que vai facer. Neste Xesús acadamos a nosa redención e salvación, porque por medio del verte Deus Pai abondosamente, xenerosamente, a súa graza sobre nós. El, por ser infinito, non é agarrado nin avaro. Por moito que nos dea, segue a ser sempre infinito en poder e grandeza. Dinos Paulo neste himno que Deus Pai "verteu xenerosamente sobre nós a súa graza", é dicir, a súa bondade e o seu amor e que fixo "rebordar sobre nós a riqueza da súa graza".

Cal é, pois, o proxecto de Deus Pai sobre nós e sobre toda a realidade creada por el? Gravemos nas nosas mentes e nos nosos corazón agradecidos a resposta que nos dá Paulo a esta gran cuestión: o proxecto de Deus é *"unificar en Cristo tódalas cousas, canto hai no ceo e canto hai na terra"*.

En consecuencia, non podemos ser apoucados, encollidos ou de curtas miras. Si, Deus Pai quere asemellarnos a Xesús, o seu fillo benquerido, ó el querer que o seu fillo fose semellante a nós. Quere que participemos da vida divina, esa vida divina que está chea de felicidade e que non vai rematar endexamais, como endexamais vai rematar tampouco Deus mesmo. El amounos e ámanos por pura graza, por puro amor, sen merecemento ningún da nosa parte. Fomos chamados a participar desta súa vida divina, tal como nos di Paulo, "desde antes da creación do mundo". Foi el que nos escolleu para esta vida. Foi iniciativa súa, non nosa, pois nós non eramos nada nin somos tampouco nada sen a súa graza, sen a graza e o poder de Deus.

Á vista do marabilloso contido deste grande "himno cristolóxico", no que Paulo ou algún dos seus discípulos nos resume de maneira concentrada o proxecto divino da nosa salvación, o que se nos di no Evanxeo de hoxe non é máis ca simple consecuencia, algo que flúe de maneira natural das ideas formuladas no himno paulino.

Os verdadeiros discípulos ou "apóstolos", é dicir, mandados, por Xesús están tan cheos da graza e das promesas de Deus que non precisan practicamente de nada máis: "nin pan, nin alforxas, nin cartos nin faixa". Só unha túnica lixeira e mailas sandalias para poder camiñar e comunicar con presteza a gran "boa nova". Os mandados por Xesús téñeno todo e non precisan case de nada. Téñeno todo, porque o teñen todo con Deus-Pai, algo así como o ten todo un neno pequeno teno todo, que vive feliz porque sabe que seus pais estarán sempre amorosamente atentos a canto el precise.

Isto faime lembrar San Xoán da Cruz. O gran místico de Ávila escribiu uns fermosos versos sobre como chegar ó que el chamaba o "Monte da perfección". Para subir a este monte hai que andar lixeiro de equipaxe, tal como fan os montañeiros e

escaladores. Hai que renunciar a cousas inútiles, pesadas ou entorpecedoras se se quere chegar ó máis alto. Porque, para Xoán da Cruz, Deus ten que ver co que el chama "o Todo". E como se chega a este "Todo"?

Escoitade o que el nos di:

Para vir gustalo todo,

non queiras ter gusto en nada.

Para vir posuílo todo,

non queiras posuír algo en nada.

Para vir selo todo,

non queiras ser algo en nada

...

Cando reparas en algo,

deixas de lanzarte ó todo.

Porque para vir de todo ó todo
has negarte de todo en todo.
E cando o veñas de todo ter,
has telo sen nada querer.
Porque, se queres ter algo en todo,
non tes puro en Deus o teu tesouro.

Linguaxe poética, dialéctica e conceptuosa, si, pero que vai ó fondo da mensaxe de Xesús do desprendemento das cousas para comunicar a boa nova de que Deus é "todo". Un desprendemento que se ha reflectir no modo de vivir e de se comportar de cantos anuncian a mensaxe de Xesús. Dicía o papa Paulo VI: "O home contemporáneo escoita máis a gusto os que dan testemuño cós que ensinan, ou se escoitan os que ensinan é porque dan testemuño... Será sobre todo mediante a súa conduta, mediante a súa vida, como a Igrexa evanxelizará o mundo, é dicir, mediante o testemuño vivido de fidelidade a Xesús Cristo, de pobreza e desprendemento dos bens materiais, de liberdade fronte ós poderes do mundo".

Por algo o noso papa actual Francisco insiste tanto tamén no moito que a el lle gustaría unha Igrexa pobre e para os pobres.

No que se refire unha vez máis ó P. Seixas, é ben sabido o desprendido que era en ter cousas para o seu propio proveito e o seu fervoroso interese en axudar os necesitados. Unha persoa de aquí de Vigo, que entón era unha nena, recorda así unha das visitas do P. Seixas á súa casa tras aceptar el o convite de seus pais de ir xantar con eles:

"Teño a lembranza limpa e nidia das súas grandes gargalladas inzando o seu queixo cara ó ceo. A súa branca barba... e as fondas, ceibes gargalladas perante a sobremesa asombrábanme e engaiolábanme. Tamén recordo a miña nai remendando a mesma cazadora tódolos domingos ó remate do xantar...

- Pai, que fixo coa chaqueta que lle din...?

- É que había un moreniño que non tiña ningunha..."

Máis nada...

DOMINGO XVI ORDINARIO

Cámara de tortura. Non, grazas

O descanso tralo traballo ou as diversas ocupacións é sempre bo. Por algo se di tamén -aínda que nun sentido que precisaría de aclaracións axeitadas- que Deus mesmo no sétimo día descansou, é dicir, que acougou da obra ben feita da súa creación do mundo. Dese mundo ó que pertencemos todos nós.

Aínda que a algúns non nos vai moito estarmos man sobre man, sen deixarmos de facer sempre algunha cousa, recoñezo que a todos en xeral nos fai falla ter tempos de acougo, de tranquilidade, de reflexión, de vérmonos cos demais, de atendelos e escoitalos aínda que poidamos ser da opinión de que pouco ou nada iriamos nós aprender deles ou mesmo eles de nós. Non nos esquezamos de que o mesmo noso Deus cristián non é un ser solitario, pechado na súa unicidade esencial, senón a plenitude mesma dunha relación trina que chamamos Santísima Trindade. A trindade misteriosa e marabillosa da unidade entre Pai, Fillo e Espírito.

Todo isto vén a conto de que no Evanxeo de hoxe se nos fala tamén do "descanso". Xesús enviara os seus apóstolos e discípulos a anunciaren a boa nova. Fixérono o mellor que puideron ou souberon, procurando anunciar Xesús con liberdade e humildade, apoiándose non en ningún poder ou prestixio social ou económico, senón unicamente na sinxeleza e grandeza dunha mensaxe incribelmente ilusionante, a "alegre nova" de Xesús. Pois ben, para Xesús calquera que anuncie o evanxeo exerce un traballo. Coma os demais, é tamén polo tanto un traballador que realiza unha obra, unha boa obra. Merece en consecuencia tamén o seu descanso. "Vinde vós sós –dilles Xesús- a un lugar arredado, e descansade un pouco".

A intención desde logo era boa, mais as proxectadas "vacacións", que en principio serían xa ben curtas, acabáronselles axiña a Xesús e mais ós apóstolos, porque ó desembarcaren con este fin (coma se fixesen o traxecto pola ría desde aquí a Cangas) alá estaban xa as multitudes esperándoos. Multitudes, das que se nos di que eran "como ovellas sen pastor". Precisadas polo tanto do anuncio e da paz do bo pastor. Non se podía deixalas sen apoio e protección.

Mais se os apóstolos non acadan atopar a conveniente paz e tranquilidade, é dicir, o acougo do que non lles viría mal poder gozar un chisco, polo menos teñen o consolo de anunciaren algo que dá ilusión e alegría ás multitudes e polo tanto tamén a eles. Unha mensaxe de paz, dunha paz fonda e vivificadora, que é a condición de toda obra ben feita e a base fundamental de toda a boa nova de Xesús. Esa paz que anunciaran tamén os anxos no nacemento de Xesús: "Gloria a Deus no ceo, e PAZ a tódalas persoas de boa vontade". Esa "paz" á que se nos convida liturxicamente nas eucaristías tras invocarmos o Señor dicindo: "Señor Xesús Cristo, Ti dixéchesllles ós teus Apóstolos: déixovolo miña paz, dóuvolo a miña paz".

É isto mesmo o que nos vén dicir Paulo na súa carta de hoxe ós Efesios: Cristo Xesús -dinos Paulo- "é a nosa paz.... El veu e anunciou a paz, paz para os de lonxe e para os de cerca"...

Por que "paz"? Porque Xesús é quen nos descubre o misterio dun Deus Pai de todos, que no seu Fillo Xesús, convertido en irmán noso, e na forza do Espírito Santo quere facernos partícipes a todos da paz e do amor que habitan no interior de Deus mesmo.

Tamén a Primeira Lectura nos axuda a darlle á Eucaristía de hoxe este aire de paz e de tranquilidade, que é -como vedes- algo moi importante para un seguidor de Xesús. Nesta primeira Lectura o profeta Xeremías critica os pastores que espantan as ovellas ou que, dunha ou doutra maneira, fan que perdan os ánimos. Xeremías, efectivamente, denunciaba aqueles pastores que, no canto de coidaren agarimosamente das ovellas, "escorrentábanas" e "espantábanas": "Vós espantades as miñas ovellas, escorrentádelas e non coidades delas: ollade que eu vos pedirei contas da maldade dos vosos feitos". Xeremías anuncia neste sentido que o Señor "constituirá pastores que as apacenten, de xeito que xa non volvan ter medo, nin se espanten, nin se perda ningunha das ovellas".

Xesús será ese futuro "bo Pastor", tal como se autoproclamará el a si mesmo. Un pastor que exerce a súa función, como nolo recorda Paulo na súa carta ós Efesios, non baseándose na antiga lei "de mandamentos e normas", senón na lei viva e interior do amor que el nos anuncia e ofrece e que está dirixida á construción dunha "nova humanidade".

Mais semella que iso de "espantar as ovellas" continúa aínda a ser unha tentación á que ás veces se sucumbe, cando o Novo Testamento leva, teoricamente alomenos, bastantes séculos de funcionamento. Unha pequena anécdota. Hai xa ben de anos que me contou un amigo meu, xa defunto, que cando era mozo traballara bastante na construción desas antigas e cativas estradas galegas nosas que teñen moitas curvas, porque daquela non había aínda as máquinas de agora. Pois ben, como era o ano santo de Santiago foise confesar alá polos anos trinta do século pasado á cidade do Apóstolo. Mais ó lle comentar ó seu confesor que el era un obreiro, quen o escoitaba no confesionario aproveitou a ocasión para lle dicir que os obreiros eran os culpábeis dos males do país. Como vedes, era este un xeito moi "axeitado" de espantar as ovellas... Naturalmente, non o pasou nada ben neste seu encontro penitencial.

Algo de razón terá neste sentido o papa Francisco cando hai pouco, no seu importante documento eclesial "A alegría do Evanxeo", nos dicía o seguinte: "Lémbrolles ós sacerdotes que o confesionario non debe ser unha sala de torturas, senón o lugar da misericordia do Señor". Tema este, o da "misericordia" de Deus, moi querido para o papa actual.

Aproveitemos, pois, este tempo xa máis quente e tranquilo do verán para medrarmos neste espírito de paz, de comprensión, de amor , de "misericordia" ó que nos chama a boa e alegre nova do Evanxeo.

DOMINGO XVII ORDINARIO
Compartir é multiplicar

Neste domingo e nos seis seguintes os evanxeos van falarnos de Xesús como "pan de vida". Inícianse hoxe estes pensamentos, esta mensaxe de Xesús, co ben coñecido relato da multiplicación dos pans e dos peixes.

Hai que ter en conta que este relato é narrado por tódolos evanxelistas. Isto quere dicir en principio que á escena habería que lle supoñer un transfondo histórico importante. Aínda que aquí, de todos modos, o que máis interesa, como sosteñen eséxetas e entendidos bíblicos, é o seu carácter simbólico.

Este carácter vénnos dado sobre todo pola súa relación coa Eucaristía. Pero, claro, unha relación coa celebración eucarística que non esquece o seu orixinario e fundamental carácter. É dicir, sabemos que para os primeiros cristiáns a celebración eucarística se caracterizaba por compartir amizade, bens e alimentos ó tempo que os participantes nesa celebración lembraban o acontecemento fundamental da vida e morte de Xesús, o Fillo de Deus, que se entregara a si mesmo en comida e bebida para todos.

Deste modo, a dimensión que poderiamos chamar espiritual e a material ou corporal estaban, entón polo menos, ben xuntas.

Moito diso segue presente aínda hoxe na nosa celebración comunitaria, concretamente na colecta por medio da cal queremos axudar ós que están en calquera necesidade, nos xestos de dármonos mutuamente a paz, etc. Pero é posíbel que os primeiros cristiáns vivisen e practicasen isto de maneira máis normal e natural.

En calquera caso, o que teriamos que poñer hoxe de relevo é que a fe cristiá non pode ser unha fe aérea, abstracta, puramente espiritual ou mística, senón ben atenta ó feito de que Xesús tiña un corpo coma o noso, sentía fame coma calquera persoa e, polo tanto, sabía das necesidades e dos problemas da xente coa que estaba en contacto. A verdade é que nós, os seres humanos, precisamos de bens materiais e tamén dos que podemos chamar espirituais. Ámbolos dous tipos de bens quere Xesús proporcionarnos, pois el sabe ben que o Deus que el nos anuncia e fai presente é un Deus de vivos e non de mortos, un Deus que quere para todos vida plena tanto na nosa vida mortal coma na vindeira.

Agora ben, no relato de hoxe da multiplicación dos pans e dos peixes hai algo que non se debería desatender. Dísenos nel que a xente que alí estaba chegou a resolver máis que satisfactoriamente a súa necesidade de comer poñendo á disposición dos demais o que tiñan. É dicir, os que tiñan algo de pan ou algún peixe non o gardaron para si, senón que o puxeron á disposición dos que alí estaban, aínda que puidesen sospeitar que ese xesto non chegaría a resolver o problema de tódolos que alí estaban.

Temos que supoñer que aquel rapaz do que se nos di que tiña "cinco bolos de pan de cebada e dous peixes" quedaría abraiado ó ver que a súa renuncia a gardalos para si chegase a producir uns efectos tan inesperados. Mais temos tamén que aprender a ver que o "compartir" cos demais o moito ou pouco que teñamos pode producir verdadeiros milagres.

A verdade é que é moi certo aquilo que tantas veces se di de que ten máis alegría o que dá có que recibe. A razón disto é que quen recibe, aínda que pareza que non fai máis ca recibir, en realidade está dando tamén: dá ou ofrece o seu agradecemento, a súa amizade, o seu apoio a aquel que lle dá sen esperar pola súa parte nada a cambio.

Por iso Deus é bo, ou como dicía Xesús, "só Deus é bo", porque só el dá de maneira absolutamente xenerosa, porque non ten necesidade algunha de nada noso, nin sequera do noso agradecemento, porque el se basta desde sempre a si mesmo.

Unha vez máis, vexamos o que ocorre con Deus. Porque o que aquí realiza Xesús coa multiplicación dos pans e dos peixes é o que ocorre no interior mesmo de Deus. Xesús apréndenos a compartir os nosos bens, aínda que sexan cativos e limitados, cos demais, e iso vai producir o milagre de se sentir a xente satisfeita polos bens físicos e morais recibidos.

Pois ben, Xesús fai iso porque Deus mesmo é "compartir". Con isto volvo aludir ó misterio grandioso da Trindade de Deus. Non é que queiramos ou tentemos desvelar o misterio que é en si mesmo Deus. Mais podemos sospeitar que algo moi importante hai nel para entendermos dalgún xeito Xesús e as súas ensinanzas fundamentais.

Por que Deus é "tres" e non só "un"? Poderiamos dicir que porque se Deus fose só un, non podería compartir con ninguén a súa infinita e grandiosa realidade. Para dicilo dalgunha maneira, Deus (o Deus Pai) ten necesidade de compartir porque isto é algo grandioso. E para compartir, Deus non o pode facer dentro de si mesmo de maneira limitada, porque iso non sería propio de Deus. Por iso o seu Fillo (que se vai encarnar en Xesús) é igual en grandeza e infinitude ó seu Pai, tan Deus coma o é o Pai. E o mesmo poderiamos dicir do Espírito Santo, porque o amor que se teñen o Pai e o Fillo é tan grande que este amor se constitúe no que chamamos a terceira persoa da Santísima

Trindade, Deus polo tanto tamén coma o Pai e o Fillo. Mais é un compartir tan marabilloso que aínda sendo os tres diferentes non son máis ca un único Deus.

En fin, son profundidades misteriosas estas, pero que poden axudarnos para ver a importancia e a grandeza da mensaxe de Xesús. Porque Xesús non está aí por exemplo para nos resolver, de maneira técnica e directa, os problemas sociais e económicos que ten o mundo no noso século XXI, pero si está aí para darnos pautas éticas e morais de comportamento para os resolver. Dinos Xoán, ó final do seu texto de hoxe, que a xente, despois de ver o milagre de Xesús, quería facelo rei, mais que el se retirou ó monte só. Para falar alí a soas co seu Pai. A mensaxe e a misión de Xesús era moito máis fonda e eficaz cá que podería realizar como rei ou presidente de goberno do seu país.

No fondo, o que nos vén dicir Xesús sería, pois, que así como Deus non existe sen compartir canto é no seo de si mesmo, así tampouco pode haber vida humana, que non pode provir senón de Deus mesmo, sen que lle deamos amplo espazo a compartir cos demais o pouco ou moito que poidamos ser ou ter.

Que a comuñón de hoxe, na que Xesús comparte connosco en forma de pan e de viño todo canto el é, nos dea luz e forzas para facermos o mesmo con cantos precisen de nós.

DOMINGO XVIII ORDINARIO
Pan bo e gratis para todos

Tal como xa vimos no anterior domingo ó atendermos algo ó sentido da escena da multiplicación dos pans e dos peixes, era en certo modo presumíbel que a xente quixese utilizar Xesús coma o que lles ía solucionar os seus problemas materiais, á maneira dun político, dun grande empresario ou dun mago realizador de supostos prodixios.

Xesús realizou, si, feitos extraordinarios, tal como nolos transmitiron en diversas ocasións os evanxeos. Mais non era ese o seu modo normal e ordinario de se comportar. Eran só manifestacións exteriores puntuais da súa bondade e do seu poder, para non perdermos de vista a súa íntima e fonda relación co poder e a bondade de seu Pai Deus. Pois o que nel verdadeiramente chamaba a atención era o seu modo de ser, as cousas que dicía e como as dicía. Xesús era unha persoa sinxela, pobre, falaba con humildade e ó tempo con íntimo convencemento e autoridade, creaba e promovía a cotío irmandade e fraternidade, anunciaba un Deus Pai común de toda a humanidade, do que todos somos fillos empezando por el mesmo, irmán maior noso e fillo primoxénito e especialmente benquerido de Deus.

Toda a vida de Xesús estaba en consonancia con esta incribelmente complexa personalidade súa: coa súa misteriosa orixe divina e coa súa característica identificación humana cos pobres e necesitados. A multiplicación dos pans e dos peixes hai que vela así como unha manifestación máis do poder e da bondade do Fillo de Deus que se preocupa tamén polas necesidades materiais dos seus irmáns.

Mais Xesús é sempre algo máis ca iso. O Xesús multiplicador de pans e de peixes é o mesmo que, ó el ser tentado por Satán no deserto para que convertese as pedras en pan (segundo nos refire Mateo), respondía deste xeito: “non só de pan vive o home, senón de toda palabra que sae da boca de Deus” (Mt 4, 4). É o mesmo do que Mateo nos transmite tamén este outro dito: “Non amoreedes tesouros aquí na terra, onde a traza e o caruncho os roen, onde os ladróns abren buratos e os rouban. Amoreade tesouros no ceo” (Mt. 6, 19-20). É tamén o mesmo que, unha vez máis segundo o evanxelista Mateo, nos advertía: “Non andedes agoniados pola vosa vida (o que ides comer, o que ides beber), nin polo voso corpo (o que ides vestir)... Por todas esas cousas

andan angustiados os pagáns; e ben sabe o voso Pai celestial que as precisades. Procurade primeiro o Reino de Deus e maila súa xustiza, e todas esas cousas hánsevos dar de máis a máis" (Mt. 6, 25-33).

De modo que se trata, en definitiva, dunha cuestión de prioridades. Pois Xesús anúncianos que a fraternidade ou irmandade que el nos ofrece e nos dá, ó se facer en canto Fillo de Deus irmán de todos, é o verdadeiro alicerce da xustiza e do benestar universal. Se todos nos unimos a esta fraternidade, o reino de Deus estabelecerase na terra, converténdose así, como se di tamén na mesma liturxia, nun "reino de xustiza, de amor e de paz".

Todos estamos chamados a traballar por esta fraternidade. Un traballo que debería ser algo doado, porque se basea nun "don" grandioso de Deus Pai ó mundo, o galano mesmo que é Xesús. É el quen nos di hoxe no Evanxeo que "traballemos non polo pan que se acaba, senón polo que dura deica a vida eterna". E resulta que é el mesmo quen nos di que é el ese pan: "Eu son o pan da vida: quen vén onda min non pasará fame e quen cre en min endexamais terá sede". Desde logo, a xente debería quedar engaiolada e abraiada con estas palabras súas, porque non eran elas expresións normais ou ordinarias. Xesús preséntase a si mesmo como o pan que vén de arriba, do Deus Pai que olla polo ben do mundo, un pan que saciará a fame do mundo: "Meu Pai é quen vos dá o verdadeiro pan do ceo: pois o pan de Deus é o que baixa do ceo e dá vida ó mundo".

Como cristiáns, deberiamos aprender a poñernos na perspectiva de Xesús nun mundo onde tantas veces se pensa que o que hai que facer na vida e acadar como sexa un prestixioso posto social e económico para termos así asegurado un porvir libre de problemas. Xesús dinos, polo contrario, que o primeiro que deberiamos meter e empaquetar ben nas nosas propias alforxas de viaxe é ese pan, que non balorece nin se estraga co tempo. Un pan que se identifica coa palabra e coa persoa mesma de Xesús. Un pan que non ten outros aditivos nin mesturas que lle cambien o seu auténtico sabor nin lle rebaixen ou minoren a súa capacidade de fortalecer as nosas vidas para a transformación do mundo nun reino de xustiza, de amor e de paz.

Un pan, ademais, gratuíto, polo que nada temos que pagar. Un pan, polo tanto, que non é igual ó que mercamos nas tendas, porque así, de maneira totalmente gratuíta, nolo dá en Xesús para a vida do mundo o noso Pai Deus.

A relación que todo isto ten coa Eucaristía e de maneira especial coa recepción sacramental do corpo de Cristo na comuñón é, como é doado ver, moi estreita. No pan eucarístico recibimos en realidade ese pan, tan gratuíto como inmensamente fortalecedor, que é Xesús mesmo en forma dun anaco de pan. É un claro símbolo de sermos alimentados realmente por Deus mesmo para a realización cristiá das nosas tarefas diarias onde queira que nos atopemos. Con esta que poderiamos chamar carga divina recibida no interior de nós mesmos ímonos transformando paseniñamente neses "homes novos, creados a imaxe de Deus" dos que Paulo nos fala na súa carta ós Efesios.

Claro que para todo isto precisamos naturalmente desa fe da que nos fala Xesús hoxe ó pedirnos que "creamos naquel que Deus Pai mandou", o propio Xesús enviado a nós polo Pai.

Neste sentido, deberiamos recitar hoxe con especial fe e atención a oración do "Noso Pai", pois nela lle pedimos ó noso Pai Deus aquilo que nos aprendeu Xesús a pedir: "Dános hoxe o noso pan de cada día".

Pan para o noso alimento corporal e pan para o noso fortalecemento espiritual.

DOMINGO XIX ORDINARIO
Soños de inmortalidade ou máis

Polo que Xoán nos conta de Xesús, os oíntes da súa afirmación de que el era o "pan da vida" (tema ó que lle estamos a prestar algo de atención nestes domingos) entenderan suficientemente ben o que el lles quería dicir con iso.

O que pasa é que, para o modo de eles veren as cousas, non acababan de casar ben a persoa de Xesús coa idea que eles tiñan de Deus. Deus era para eles aquel ser grandioso que estaba alá arriba no ceo, máis arriba das últimas estrelas. Un Deus que crea e goberna o mundo, mais que só se anuncia a través das palabras da lei e dos seus profetas. Pero resulta que agora Xesús se nos presenta, na súa mesma persoa, como a verdadeira e definitiva palabra de Deus ó mundo, a palabra dun Deus que agora se nos descubre como Pai agarimoso de todos. Como se nos di noutra pasaxe de Xoán, "a Palabra fíxose carne". Carne de Deus, polo tanto, que se pode tocar, oír e comer.

En consecuencia, o Deus "que está no ceo" é tamén, en Xesús, o Deus que se fai presente na terra, o "Emmanuel", é dicir, o "Deus connosco". Toda a grandeza, o misterio e o segredo do cristianismo radica nisto. De Xesús sabían os seus oíntes quen eran seus pais e maila súa parentela, a que se dedicaban e de onde eran. Cómo podía ser el o pan que baixou do ceo? Tal como nos refire Xoán: "Non lle coñecemos o pai e maila nai?".

Xesús sabía que estas cousas son humanamente incomprensíbeis sen a axuda do alto. Por iso, non intenta basealas en argumentos racionais ou simplemente humanos, senón que apela á fe. Trátase dunha fe que non procede só de Xesús, senón do Pai que manda o seu Espírito ós corazóns dos que coa súa axuda se converten en crentes. Tal e como lles dicía Xesús, "ninguén pode vir onda min se non o trae o Pai que me mandou".

Se Deus se nos mostra misterioso en Xesús (e así o viron tamén os seus contemporáneos), a verdade é que tamén a nosa vida humana resulta ser moi misteriosa. Misteriosa porque non deixa de ser abondo estraño, que por moito que saibamos que non podemos vivir sempre, non deixemos a pesares diso de querelo, de desexarmos ser eternos. Un desexo dese calibre infinito non pode provir só dun ser limitado como somos nós. Ten que vir en última instancia de alguén que é en si mesmo absolutamente infinito. Quero dicir con isto que tivo que ser dalgún modo o mesmo Deus quen puxo en nós eses desexos infinitos.

Pois ben, Deus puxo eses desexos en nós e el váinolos satisfacer, converténdose el mesmo na persoa de Xesús en alimento da nosa inmortalidade. Desa inmortalidade que comeza nesta vida nosa, pero que non nos vai fallar estrepitosamente ó atopármonos coa nosa, biográfica e concreta, morte individual.

Deste xeito, a nosa fe cristiá entra, como vedes, no máis fondo é íntimo da nosa apetencia de vida e de inmortalidade. Nesta busca de vida e inmortalidade traballaron e traballan, sufriron e sofren, loitaron e loitan as persoas todas de tódalas culturas e países do mundo enteiro.

Se Deus non tivese posto en nós tales desexos, uns desexos que son en realidade os que nos conceden o verdadeiro carácter humano, entón a mensaxe de Xesús non tería obxecto nin sentido ningún. Para que anunciarnos e prometernos Xesús unha vida eterna se non tivésemos ningunha apetencia dela? En realidade, a humanidade nin sequera existiría, nin estariamos hoxe polo tanto aquí, se o desexo de sempre vivirmos e existirmos non nos mobilizase enerxicamente desde as nosas máis íntimas fonduras.

Sabemos, por outra parte, moi ben que os alimentos materiais que sosteñen e prolongan, durante os anos que sexan, a nosa existencia non nos fan inmortais. Nisto reis, gobernantes, ricos e pobres non nos diferenciamos gran cousa. Refírome ó de non poder librármonos de lle ter que pagar o noso tributo individual á gadaña da morte. Os

que dispoñen de moitos cartos poderán seguramente permitirse o luxo de viviren algúns anos máis, pero en calquera caso non moitos máis.

De modo que quen verdadeiramente nos permite e nos capacita para sermos inmortais é o Xesús no que cremos. Así nolo anuncia el con toda claridade: "Eu son o pan da vida. Os vosos pais comeron o maná no deserto, pero morreron. Este é o pan que baixa do ceo, para que quen coma del non morra... Se alguén come deste pan, vivirá para sempre".

Non deberiamos, con todo, individualizar excesivamente en Xesús a nosa comuñón coa súa persoa coma se estivese el apartado ou desvencellado daqueles que non se identifican con nós mesmos. Non. Alimentarnos de Xesús, é dicir, da súa palabra e da súa persoa, quere dicir alimentarnos tamén coas preocupacións, necesidades e problemas daquelas persoas todas coas que nos atopemos na vida. Se nos alimentamos dun Xesús que deu a súa vida por todos, os seus sentimentos deberían converterse tamén en nosos cando escoitamos a súa palabra ou o recibimos con agradecemento na comuñón eucarística.

Realizamos así aquilo do que nos fala Paulo na súa carta de hoxe ós Efesios: "Facédevos imitadores de Deus, coma fillos queridos, e camiñade no amor, igual que Cristo vos amou e se entregou por nós".

É así tamén como nos iremos convertendo de verdade en "divinos". Pois xa sabemos a diferenza que existe entre tomar un alimento de orixe vexetal ou animal e recibir en nós o alimento da palabra de Deus ou de Xesús na comuñón eucarística. No primeiro caso o alimento transfórmase en constituínte do noso corpo, que queda así robustecido grazas a el. En cambio, no segundo caso, somos nós en realidade os que nos imos transformando paseniñamente en Cristo, chegando así a formarmos parte do seu corpo, do que adoitamos chamar corpo místico de Cristo. Somos, pois, nós os que nos imos divinizando, porque Deus, o don que recibimos, é infinitamente superior a nós.

Para podermos acadar unha tal divinización teremos, polo tanto, que alimentarnos cunha comida que garde proporción con tan grandiosa meta. E esta comida témola sempre á nosa disposición, pois é o propio Xesús quen se nos dá sempre de balde como comida nosa.

Comportarémonos así de maneira semellante a como fixera o profeta Elías, que coa forza recibida da bica cocida e da auga fresca, que recibiu do anxo, puido andar "corenta días coas súas noites ata o monte de Deus, o Horeb".

DOMINGO XX ORDINARIO

Inxerir divindade

Seguimos co tema de Xesús como "pan de vida". Un tema do que xa nos levamos ocupando varios domingos. Hoxe incluso se nos repite enteira, ó comezo do Evanxeo, a última frase do Evanxeo do último domingo, que era moi central no discurso de Xesús: "Eu son o pan vivo que baixou do ceo: se alguén come deste pan, vivirá para sempre; e o pan que eu darei, é a miña carne, para a vida do mundo".

Deste xeito non perdemos o fío da mensaxe falada de Xesús, que continúa hoxe sen se engadir case ningunha idea nova ó xa dito e comentado no último domingo. Mais esta mesma insistencia de Xesús en que el é para nós verdadeira comida e bebida vén indicarnos que se trata de algo ben importante na súa mensaxe.

Santo Ignacio de Loiola nos seus Exercicios Espirituais utiliza de cando en vez a que el chama "repetición", para que quen fai os Exercicios poida volver sobre algún tema ou misterio a meditar da vida de Xesús que el considere de especial importancia. Algo semellante podemos facer hoxe, volvendo sobre ideas xa expostas arredor deste

mesmo tema de Xesús como comida e bebida, como fortalecemento espiritual das nosas vidas.

Unha das ideas -coido que central- que cómpre lembrar é a de que a comida divina que os cristiáns deberiamos practicar responde a unha necesidade básica ou fundamental que temos todos desde que nacemos ata que morremos. Unha necesidade que se concreta –diciamos- nos desexos desmedidos que temos todos de vivir e de continuarmos vivindo por moi vellos que sexamos e por máis que o noso carné de identidade nos estea a dicir que convén xa que deixemos sitio neste mundo para outros máis mozos que seguramente se han comportar mellor que nós...

Non. Non estamos equivocados nese desexo, que poderiamos cualificar como baleiro e iluso, de querer seguir vivindo. Porque é Deus mesmo quen alimenta ese desexo e quen nos ofrece unha fonte de vida onde poder saciar sempre esa sede nosa que nunca se extingue. A nós non nos é abondo con calquera cousa limitada ou pequena. Querémolo todo. Queremos a Deus. E Deus ponse á nosa disposición como comida e bebida.

E por certo, non somos os cristiáns nisto tan diferentes, aínda que o poida parecer, doutras culturas e relixións que tiveron ideas semellantes ou practicaron ritos parecidos ós que se derivan da mensaxe de Xesús como comida e bebida.

Advertiron xa esta semellanza, por exemplo, os que puideron contemplar os ritos dalgúns pobos americanos nos primeiros tempos da conquista de América. Realizábanse alí certos ritos que lles recordaban con toda razón, segundo nos contan os que os presenciaron, o que eles realizaban como cristiáns na celebración eucarística en Europa. Pois os indíxenas que participaban naqueles ritos (que nós poderiamos considerar equivocadamente desde o noso punto de vista como simple antropofaxia) vían de feito naquilo que estaban a comer algo divino, aínda que só fose de maneira simbólica ou representativa.

A linguaxe de Xesús sobre si mesmo como comida e bebida participa tamén deste mundo simbólico e representativo. Cando nós dicimos hoxe que na eucaristía comunitaria nos alimentamos da palabra e do corpo de Xesús, Fillo de Deus, estamos a dicir e a crer que a súa palabra comunicada ós apóstolos e á Igrexa alimenta realmente a nosa vida cun manxar que dá vida e forzas vitais.

E cando participamos na eucaristía, recibindo en nós o corpo de Cristo en forma de pan, estamos a dicir e a crer tamén que a persoa real e concreta de Xesús é alimento inmortalizador e vivificador da nosa existencia.

Con iso acadamos precisamente o que no fondo de nós mesmos desexamos con máis forza e vehemencia.

Pois ben, se miramos por nós mesmos e miramos tamén pola vida dos demais, a mensaxe de Xesús como comida e bebida que inmortaliza debería enchernos de alegría e de agradecemento.

Agradezámosllo a Deus nesta eucaristía, pois toda eucaristía é fundamentalmente, como ben sabemos, agradecemento. Enchámonos así do "Espírito Santo", coma dun viño xeneroso e forte que, en vez de atordarnos e facernos perder a cabeza, nos inunde de fonda alegría e de agradecemento sincero cara ó noso Pai do ceo, que se nos fixo presente en Xesús como comida e bebida.

Algo disto semella dicirnos Paulo na segunda Lectura: "Non vos emborrachedes con viño, que leva á libertinaxe; en vez diso, enchédevos de Espírito, falando entre vós

con salmos, himnos e cánticos espirituais, cantando e salmodiando con toda a alma para o Señor e dándolle grazas decote a Deus Pai por todo, no nome do noso Señor Xesús Cristo".

DOMINGO XXI ORDINARIO
Comensais dun mesmo pan

Co evanxeo deste domingo rematamos a sostida e importante mensaxe de Xesús ós seus oíntes sobre el mesmo como "pan de vida". Aínda que isto nos teña ocupado durante varios domingos, non deberiamos consideralo tempo perdido.

Esta mensaxe de Xesús non era doada de aprender, porque afondaba ata as raíces mesmas da súa mensaxe. E estas raíces estaban no feito mesmo da súa persoa, con anterioridade ás cousas que el dicía. Xesús non era só unha persoa que dicía cousas fermosas sobre a fraternidade e o amor, que daba bos consellos ou criticaba as estruturas sociais e relixiosas do seu tempo. O máis importante era el mesmo en persoa, o que el dicía sobre si mesmo.

Porque ademais Xesús, como ben se decataban os seus oíntes, falaba con autoridade, coa autoridade de quen se sabía a si mesmo como "mandado" polo seu Pai Deus para ofrecer vida divina ó mundo enteiro, a tódalas persoas, das que el mesmo se consideraba irmán e amigo. Por medio del amosaba así Deus Pai ó mundo o seu amor e a súa entrega para nos facer así a todos partícipes da súa propia divindade. Non poderiamos imaxinar un destino máis grandioso para a humanidade ca este que nos ofrece Deus Pai en Xesús: o de entrarmos, por así dicilo, no circuíto mesmo da dimensión divina.

E que mellor maneira para nós de entrarmos nesa dimensión divina có feito mesmo de que Deus se deixase en Xesús inxerir por nós, entregándose totalmente a nós para nos encher así de vida, de plenitude, de felicidade?

Mais, tal como lle ocorrería a un que lle dixesen que lle tocou o premio máximo da lotería -que non acabaría de crelo- algo semellante lles ocorreu tamén a "moitos" dos discípulos e oíntes de Xesús, segundo se nos di no evanxeo de hoxe: "Quen pode admitir tal cousa?", comentaba un bo grupo deles.

Deus fai sempre as cousas á súa maneira, é dicir, de xeito grandioso e inimaxinábel. Ese é o contido central da mensaxe de Xesús en canto persoa que se nos ofrece totalmente a nós. El ponse totalmente á nosa disposición, impulsando e provocando con esta actitude súa que os verdadeiros discípulos seus procedan pola súa parte cos demais de modo semellante.

A nosa entrega ós demais ten que ser tamén polo tanto total, xenerosa, aberta. De tal maneira que todos poidan vernos como persoas que non se pechan en si mesmas, nos seus particulares problemas e necesidades. Só así poderemos facer presente a Deus no mundo con aquela xenerosidade e entrega que se nos manifestou en Xesús.

Ofrecer e dar vida ós demais da mellor maneira que poidamos. Isto equivale en certo modo –falando metaforicamente- a deixarse comer polos demais.

Hai no evanxeo de hoxe unhas palabras de Pedro, como representante dos demais apóstolos, que -neste contexto de Xesús anunciándose como "pan de vida"- me parecen moi expresivas e significativas. Á vista de que a mensaxe de Xesús non acababa de convencer un bo número de discípulos, que en consecuencia deixaran xa de escoitalo e de seguilo, pregúntalles Xesús ós doce apóstolos se eles tamén o van deixar. É entón cando Pedro responde decontado e co seu habitual ímpeto: "Señor, e onda quen imos ir? Ti tes palabras de vida eterna".

É dicir, Pedro, que coma calquera de nós ou coma toda persoa humana o que quere é vivir, vivir sempre, ter unha vida eterna, preséntasenos ante nós como aquel que fai a verdadeira e xusta elección. El aposta pola vida e, polo tanto, por Xesús. El sabe que Xesús ofrece vida verdadeira, vida plena, vida que non acaba. El sabe que Xesús ten "palabras de vida eterna".

Isto responde ó que no fondo desexa Pedro e supoño que tamén todos nós. Non cabe polo tanto outra elección.

Que Deus Pai -do que nos di aquí Xesús que ninguén pode vir a el, é dicir, a Xesús, "se non llo concede o Pai"- nos dea a todos a graza de optarmos sempre por Xesús e dese xeito a graza tamén de optarmos por entregarnos, coma Xesús, ós demais, irmáns seus e irmáns nosos.

Como vedes, esta mensaxe cristiá de fraternidade, igualdade e amor, que deben rexer as nosas relacións cos demais, ten que se estender a calquera circunstancia da nosa vida. Aínda que poida parecer, e con razón, que a carta de hoxe ós Efesios non está moi en liña con todo isto. Pois, tal como oístes, dise nela por exemplo que as mulleres han de estar "sometidas" ós seus maridos e, na mesma liña, que o marido é a "cabeza" da muller. Hoxe en día este modo de falar é dificilmente admisíbel tanto por cristiáns como por non cristiáns.

Os entendidos nestes temas bíblicos comentan que este tipo de expresións que aparecen nesa carta proceden da filosofía moral daquel tempo, asumida concretamente polo estoicismo e polos propios rabinos xudeus. Trátase polo tanto dun condicionamento cultural ligado a aquela época, que non pode ser considerado como parte substancial da revelación de Xesús.

En calquera caso, este tipo de expresións están en boa medida superadas xa na mesma carta cando nela se lles di ós maridos instrucións coma estas: "Homes, amade as vosas mulleres, como tamén Cristo amou a Igrexa". Ou tamén: "Os maridos deben amar as súas mulleres coma os seus propios corpos". Dísenos incluso alí: "Serán os dous (home e muller) un só corpo".

En definitiva, nesta carta vénsenos dicir -se prescindimos das anteriores expresións de orixe circunstancial ou cultural do "sometemento" da muller- que o amor entre home e muller é a concreción a nivel simplemente humano da relación amorosa que ten Cristo coa Igrexa e con toda a humanidade. Unha relación que, como xa dixemos, non é máis cá expresión do amor de Deus ó mundo, á humanidade toda.

Neste sentido, o amor humano queda revestido, como vedes, na mensaxe cristiá dunha dignidade en certo modo divina.

DOMINGO XXII ORDINARIO
Ollada e corazón limpos

Ímonos concentrar hoxe, en certa medida, nalgúns puntos ou temas importantes do evanxeo nos que cómpre sempre profundar máis e máis para acadarmos así que o vigor e a forza da palabra de Deus, que se nos amosa en Xesús, mova eficazmente as nosas vidas.

Son temas en principio ou teoricamente ben coñecidos, mais non podemos permitir que o seu ben sabido coñecemento derive en perda do seu permanente valor. Son os profetas e os renovadores das relixións os que se esforzaron con teima e ousadía ó longo dos tempos na renovación e actualización do que podemos chamar o centro ou a cerna da nosa relación con Deus. Xesús é neste sentido para nós, no que el di e no que el fai, a definitiva e derradeira palabra que Deus dirixe ó mundo. Unha palabra que se presenta en Xesús como o "camiño", a "verdade" e a "vida".

Pois ben. No texto do evanxeo de Marcos de hoxe volve aparecer a acostumada resistencia de fariseos e outros á visión da nosa relación con Deus como ancorada no corazón, no interior das persoas e non nas prácticas rituais ou simplemente legais, ligadas a costumes ou tradicións. Niso pecaban entón os que se opuñan á mensaxe limpa, diáfana e cordial de Xesús e pecamos ou podemos pecar tamén hoxe nós a pesar de tantos séculos transcorridos desde o tempo de Xesús.

Marcos detense na descrición dalgunhas desas prácticas, case obsesivas, que os contrincantes de Xesús realizaban seguramente con gran satisfacción, crendo que dese modo se convertían nas máis observantes e relixiosas persoas que se podería pensar: lavando por exemplo mans e xerros con moito coidadiño, sen ocupárense nin un minuto en lavar ben por dentro e por fóra o máis importante que un leva consigo, o corazón. Quero dicir, aquela agachada fonte interior nosa, de cada un de nós, de onde proceden a bondade ou a maldade de cada quen.

Os opositores de Xesús non pensaban máis ca en mantérense fieis á "tradición dos devanceiros". Agora ben, postos a falar de devanceiros, Xesús lémbralles aquí un profeta a quen xa puxera, ata certo punto, como guieiro e modelo da súa propia actitude no mesmo comezo da súa actividade pública misioneira. Trátase naturalmente de cando Xesús botou entón man do seguinte texto do profeta Isaías: "O Espírito do Señor está sobre min porque El foi quen me unxiu para lles proclamar a Boa Nova ós pobres. Mandoume para lles anunciar a liberación ós secuestrados e a vista ós cegos, para lles dar liberdade ós asoballados e proclamar o ano de graza do Señor". E tras lles ler este texto do profeta, limítase a lles comunicar ós seus abraiados oíntes o seguinte: "Hoxe cúmprese diante vosa esta pasaxe da Escritura".

É dicir, no programa relixioso de Xesús, non entran (a non ser nun moi segundo plano) mandados ou preceptos concretos, legais, ligados a aqueles ritos e prácticas ós que se aferran os fariseos legalistas. O que pretende Xesús é a transformación do corazón, do interior das persoas, que é a fonte de onde xorden as boas ou malas obras. Obras ou prácticas que non teñen nada ou case nada que ver cos ritos externos e exteriores cos que os fariseos pensan encher a súa carteira de méritos para acadar así a salvación.

Porque o que para Xesús é decisivo é entrar ou non no camiño da xustiza, do amor, da atención a pobres e necesitados, da liberación de calquera tipo de asoballamento das persoas. Todo, como vedes, na liña do texto de Isaías que el adopta como lema da súa relación e actuación coa xente. Onde queda aquilo que os fariseos consideraban como o verdadeiro centro de todo verdadeiro comportamento relixioso?

Que isto que comento non é unha vella historia de hai vinte séculos, da que non precisamos xa lembrarnos, demóstrao o feito de que nos nosos días se vexa obrigado aínda a referirse a estas cousas o papa Francisco cando nos di por exemplo: "Cando a predicación é fiel ó evanxeo, manifféstase con claridade a centralidade dalgunhas verdades e queda claro que a predicación moral cristiá non é unha ética estoica. É máis ca unha ascese. Non é unha simple filosofía práctica nin un catálogo de pecados e erros. O evanxeo convida ante todo a responder ó Deus amante que nos salva, recoñecéndoo nos demais e saíndo de nós mesmos para buscarmos o ben de todos. Este convite non se debe ensombrecer en ningunha circunstancia! Tódalas virtudes están ó servizo desta resposta de amor. Se ese convite non brilla con forza e atractivo, o edificio moral da Igrexa corre o risco de se converter nun castelo de naipes, e alí está o noso peor perigo. Porque non será propiamente o evanxeo o que se anuncie, senón algúns acentos doutrinais ou morais que proceden de determinadas opcións ideolóxicas".

O papa Francisco quere, pois, que loitemos (á maneira de Xesús nos seus encontros cos fariseos) contra esa va autocompracencia de pretender basear a relixión no cumprimento dun suposto "catálogo de pecados e erros" que deixan fóra o principal da mensaxe cristiá.

E volve aínda insistir nesta idea algo despois neste mesmo escrito seu sobre "A alegría do evanxeo" criticando que nos aferremos a "estruturas", "normas" e "costumes" que, unha vez máis, deixan de lado o principal, que consiste no anuncio da paternidade de Deus e da irmandade entre todos. Vexamos como se expresa o papa: "Se algo debe inquietarnos santamente e preocupar a nosa conciencia é que tantos irmáns nosos vivan sen a forza, a luz e o consolo da amizade con Xesús Cristo, sen unha comunidade de fe que os conteña, sen un horizonte de sentido e de vida. Máis có temor a equivocarnos, espero que nos mova o temor a pecharnos nas estruturas que nos dan unha falsa contención, nas normas que nos converten en xuíces implacábeis, nos costumes onde nos sentimos tranquilos mentres fóra hai unha multitude famenta e Xesús nos repite sen se cansar. 'Dádelles vós de comer!' (Mc 6, 37)".

En realidade, no caso de Xesús son as persoas necesitadas, os pobres, os leprosos, etc. os que o obrigaron a non ter medo a se manchar as mans, a se converter a si mesmo en "impuro". Ese era o mandato que recibira do Pai e que de xeito tan sintético e fermoso nos describe así Santiago na súa carta de hoxe: "A relixión limpa e sen lixo ningún ós ollos de Deus Pai é esta: mirar polos orfos e polas viúvas nas súas coitas e gardarse da contaminación deste mundo".

Por aquí van, pois, os tiros e non por outro lado...

DOMINGO XXIII ORDINARIO
Un Deus aberto

Diversos teólogos e importantes coñecedores da vida de Xesús estanlle a dar nos tempos de hoxe gran relevancia á función sandadora, curadora, liberadora de Xesús na súa actuación coas persoas: cos pobres, cos necesitados, cos marxinados, etc. En realidade, o que Xesús facía era presentar no noso mundo a face humana, benfeitora, de Deus Pai. Deus non quere o mal, nin a enfermidade, nin a morte. El é un Deus de vida. Por iso traballa connosco e a través de nós para que a xente poida vivir feliz. Vai creando en nós, ó seu ritmo e das maneiras máis insospeitadas, felicidade e plenitude

O evanxeo é por iso (e serao sempre) "boa noticia", "nova feliz" para todos. Non é unha mensaxe de xuízo ou de condenación, por moito que teñamos quizais metidas na cabeza ideas deste tipo, que proveñen dunha errónea educación cristiá ou relixiosa.

O xordomudo do que nos fala hoxe Marcos vén ser por iso unha ocasión máis para que Xesús amose nel, coa súa curación, o seu claro talante liberador. Os sinais que realiza Xesús e que foron recollidos pola tradición nos evanxeos non teñen un senso simplemente individual ou particular. É dicir, no caso concreto de hoxe, non nos podemos limitar a ollar o efecto curador particular producido por Xesús nunha persoa que era xorda desde o seu nacemento e que, en consecuencia, non era capaz de se relacionar cos demais coa palabra pois nunca fora capaz de oír ningunha.

A mensaxe de Xesús vai moito máis alá disto. Xesús quere así expresarnos como é Deus e como quere que sexamos nós. Abertos ás necesidades dos demais, non pechados en nós mesmos, no noso propio recuncho.

Á súa maneira, Deus está aberto a todos, a todo o mundo, a toda a humanidade. Esa curta palabra que Xesús lle dirixe ó xordomudo, "effatá", "ábrete", é unha palabra dirixida tamén a cada un de nós en calquera situación na que nos poidamos atopar:

“ábrete”. Porque Deus está xa en si mesmo aberto ou transparente a todos. El é apertura pura e infinita. O Pai ábrese infinitamente a quen é seu Fillo, e o Fillo e o Pai son infinitamente transparentes ó Espírito Santo. Hai en Deus unha mutua e total comunicación, de tal modo que el é ó tempo un e trino. A que denominamos Santísima Trindade do noso único Deus que se nos revelou en Xesús.

Sabemos ben que a apertura crea amizade. Entre amigos non se agachan as cousas. O primeiro que fan dúas persoas, que polo que sexa se desamigan, é non falaren a unha coa outra. Tal como adoitamos dicir, andan de morros. O xordomudo pode considerarse así como un símbolo daquel que está totalmente pechado en si mesmo: nin percibe ou recibe comunicación dos demais nin é capaz de transmitir pola súa parte mensaxe algunha a outros.

Pois ben. Así como Deus non é un xordomudo, senón infinita comunicación das tres persoas divinas e libre e agarimosa comunicación con todos nós, da mesma maneira quere ese Deus aberto e comunicativo que sexamos tamén nós: abertos, comunicativos, interesados en atender e axudar os demais. Neste sentido, as palabras máis fermosas que se poderían escribir, en pedra ou en bronce, como epitafio dunha persoa serían algo así como estas: “Todo o fixo ben”. Parecidas a aquelas que, segundo nos conta Marcos, dicía a xente, “totalmente abraiada”, sobre o Xesús sandador e curador: “Que ben o fai todo!”.

Desde esta consigna de Xesús que ten como imperativo o “Ábrete”, poderiamos dicir que o Reino de Deus, que Xesús quere instaurar no mundo e sobre o que na oración do “Noso Pai” lle pedimos a Deus Pai que “veña a nós”, está asentado sobre dous alicerces, que veñen sendo como dúas “aperturas”. Unha primeira “apertura” persoal a Deus, para estarmos en disposición de poder escoitar a súa mensaxe, a súa palabra (de maneira individual ou comunitaria), e outra segunda “apertura” respecto de tódalas persoas, de maneira tanto activa como receptiva: é dicir, ofrecendo “luz” e axuda ós demais e recibindo ó tempo deles a axuda que eles nos poidan agarimosamente ofrecer.

Se non temos estas dúas “aperturas” e preferimos polo tanto permanecer “xordomudos”, é dicir, coa porta pechada tanto en relación con Deus coma en relación cos demais, entón quedaremos lonxe dese Reino de Deus, que Xesús nos proclama e anuncia para a nosa vida e felicidade.

Pero hai algo aínda moi importante en relación con esta dobre apertura. Recórdanolo tamén hoxe Santiago na segunda Lectura. De maneira moi transparente, como auga limpa que corre maina e cantareira nun regueiro de montaña. A nosa apertura ha ser sobre todo, dinos Santiago, ós pobres e ós máis necesitados. Non se ha dirixir a nosa ollada benevolente e risoña cara a aquelas persoas podentes e ben prestixiadas que o apóstolo Santiago describe como levando un anel de ouro no seu dedo anular, en claro contraste cos esfarrapados da vida. Non. Porque os pobres e esfarrapados deste mundo son xustamente, dinos Santiago, os que Deus escolleu para o seu Reino. Polo tanto é cara a eles cara a onde nós nos deberiamos mover como fai o compás cara ó Norte. Porque se a mensaxe de Deus Pai en Xesús é a de que todos somos irmáns e resulta que algúns (moitos) non parecen irmáns meus porque non viven en condicións tan boas coma as miñas, entón a cousa está ben clara: hai que traballar para que eles se poidan sentir de verdade irmáns meus, coa mesma dignidade, os mesmos dereitos e semellantes posibilidades.

Os que non traballan nesta liña son en definitiva “xordomudos”, é dicir, están pechados en si mesmos, necesitados polo tanto daquela curación que os “abra” á verdade e ó amor do Deus. Pois en Xesús anunciou e fixo presente Deus Pai a

fraternidade universal de todos en canto irmáns de Xesús. Todos estamos polo tanto revestidos por igual da gran dignidade de fillos de Deus Pai.

DOMINGO XXIV ORDINARIO
Rompendo o círculo

As culturas ou os pobos "tradicionais" adoitan vivir desa forma chamada "tradicional". Isto quere dicir que normalmente ven as cousas e os acontecementos que ocorren na súa vida de forma cíclica, algo así como o que ocorre coa sucesión do día e da noite: despois da noite vén o día ou ó revés, pero sempre de forma máis ou menos igual e repetitiva. De tal maneira que incluso despois de morrer unha persoa, esa persoa podería revivir dalgunha maneira nalgún outro descendente seu ou noutra persoa concreta desa sociedade.

Un antropólogo e historiador das relixións moi coñecido, romanés, chamado Mircea Eliade escribiu moito sobre este modo "tradicional" de proceder, e caracterizábao como o "mito do eterno retorno". Nesta mentalidade "tradicional" as cousas e acontecementos repítense indefinidamente e ademais os que participan desta mentalidade desexan que iso se manteña así. Por iso, todo que se presenta como "novo" prodúcelles medo e angustia. Por iso fala o citado antropólogo do "misoneísmo" desas sociedades, é dicir, do odio ou alerxia cara a todo o que significa cambio ou novidade no modo de proceder.

A sociedade ou o grupo social no que viviu Xesús participaba tamén en boa parte desta mentalidade chamada "tradicional". Así se explica por que, ante a pregunta que lles fai Xesús ós seus discípulos sobre o que a xente pensa ou di acerca del, lle respondan con toda naturalidade que a xente di que el, é dicir, Xesús, é algún dos profetas mortos que volvera á vida. Ben sexa o Bautista, que había pouco que fora decapitado por Herodes, ou algún dos profetas de tempos máis antigos.

Como é doado ver, opera ou funciona aquí todo un círculo (entre vivos e mortos), algo así coma a pescada que se morde a cola. Deste xeito, Xesús para a xente tampouco escaparía dese círculo, que se repite, de profetas que viven, morren e reviven doutra forma na figura doutros novos profetas ós que lles ocorrerá o mesmo.

Xesús afirmouse sempre, polo contrario, a si mesmo como saíndose dese modo "tradicional", circular, de ver as cousas. A súa realidade non pertence, non está sometida, a ese círculo férreo do que non se podería saír. El vén do Pai, el é "o" fillo benquerido polo Pai Deus, el non é un máis dos que xa viñeron ó mundo, el non é simple repetición de alguén anterior a el mesmo.

Algo deste modo de verse e de percibirse a si mesmo Xesús debeu de presentir xa Pedro cando á nova pregunta que lles formula Xesús sobre o que eles, é dicir, non xa a xente senón os apóstolos e discípulos, pensaban sobre el, lle responde en nome dos demais: "Ti es o Mesías", ou sexa, o unxido, o querido, o mandado por Deus Pai ó mundo.

Xesús é, polo tanto, para Pedro algo ben máis ca unha persoa normal e corrente que xorde no mundo como repetición dalgún importante personaxe anterior e que vive, morre e quizais poida revivir tamén pola súa parte noutra relevante persoa posterior. Non. Xesús pertence, si, á dimensión humana, ó "círculo" dos humanos, mais está tamén "fóra" del. Sobre todo, el é a palabra, a definitiva palabra que Deus Pai lle dirixe nel, no seu propio e "benquerido" fillo, ó mundo.

E así como Deus Pai é infinito, super-infinito, misterioso e incomprensíbel, así o é tamén a súa palabra, esa palabra, que segundo nolo comenta Xoán, se fixo carne e plantou a súa tenda entre nós. Xesús e así humano coma nós, mais sáese ó mesmo

tempo do círculo cerrado dos nosos pensamentos e concepcións. Por iso Xesús, en canto imaxe viva de seu Pai, é e será sempre tamén "desconcertante" no que di e no que fai.

Primeira mostra do desconcertante que é Xesús. Cousa que naturalmente non lle gustará moito ó bo de Pedro; máis ben, todo o contrario. Unha maneira de saírse Xesús do normal, do estabelecido, do que poderiamos chamar "politicamente correcto" é o de que el se sae por onde menos o podería pensar Pedro. Efectivamente, Xesús anúncialles o desastrosas e pouco desexábeis que van ser para el mesmo, para Xesús, a vida e a morte que lle esperan. Xesús debeu de ser moi clariño e explícito nesta descrición do que lle esperaba, pois o evanxelista Marcos non deixa de comentar aquí o seguinte: "E dicíao con toda claridade".

Non deixa desde logo de resultar tráxica e case algo cómica, se non se tratase dun tema tan importante, a responsabilidade da que aparenta revestirse agora Pedro ó chamar a parte a Xesús para intentar convencelo, "rifándolle", de que se deixase de tales insensateces.

Claro que Pedro tiña razón desde o "politicamente correcto", pero eses son os camiños e os modos humanos de vermos nós as cousas, non as "miras de Deus", tal como llo advirte con toda seriedade Xesús, dirixíndose a el cun alcuño nada suave, o de "Satanás", que a Pedro lle debeu de cortar automaticamente a fala.

A linguaxe da cruz, do sufrimento, etc., polos que todos, dunha ou doutra forma, teremos que pasar nalgún intre na vida, énos, como o era tamén a Pedro, pouco grato. Mais é así, con contratempos, sufrimentos e tamén fondas alegrías, como Xesús chegou á súa resurrección e glorificación e como nolas adquiriu para nós todos.

Xesús non veu ó mundo, para garantirnos unha vida plácida, harmoniosa e cómoda. El veu máis ben para aprendernos como levar unha vida digna, xusta, respectuosa e amorosa con todos, a pesar dos sufrimentos e contratempos que nos poidan vir (e nos virán) dun lado ou doutro.

Tamén así poderemos ser tamén nós salvadores do mundo, doutras persoas, vivan ou non preto de nós, de maneira semellante a como o foi e o é Xesús, salvador e liberador da humanidade toda, dos homes e mulleres de tódolos tempos e lugares.

Porque iso si, a pesar de todo o que nos ocorra na vida, Deus salva sempre e salva para sempre. Deámoslle por iso grazas a Deus nesta eucaristía, que é sempre, como sabemos, acción de grazas a Deus.

DOMINGO XXV ORDINARIO

Sermos nenos

No anterior domingo falabamos do complicado que lle resultaba a Xesús acadar convencer os seus apóstolos sobre o seu "vía crucis", é dicir, sobre o seu camiño "crucial", camiño da "cruz", para chegar así, por ese vieiro ou carreiro entre toxos e silvas, á verdadeira vida. Unha vida de plenitude e felicidade que empeza xa nesta vida a pesar das aparencias.

O evanxeo de hoxe, que segue sendo o de Marcos, continúa con esta mesma mensaxe. Xesús, que dixera de si mesmo, que el é "o camiño, a verdade e a vida", anúncianos cal é o seu camiño, o seu programa de vida, como anticipo e modelo do noso: "O Fillo do Home vano entregar nas mans dos homes, que o matarán; pero, despois de morto, pasados tres días, ha resucitar". Tal como o expresaba o dito latino: "per crucem ad lucem" ("pola cruz á luz", é dicir, a través dos contratempos, escuridades e sufrimentos á vida plena e luminosa, á resurrección).

Ós apóstolos, máis que non entender o que Xesús lles dicía (como nos di aquí Marcos), en realidade o que lles pasaba é que non querían entendelo e por iso, como comenta tamén Marcos, "non se atrevían a preguntarlle" sobre o tema.

Por que non o querían entender? Simplemente porque a eles, como nos pasa tamén a nós, lles tiraba moito a comodidade, o poder, o ser "alguén", o ser os primeiros, os máis importantes. A cruz, o sometemento, o poñérmonos ó servizo dos outros, etc. nin a eles nin a nós nos tiran nadiña.

Un filósofo importante, que se chamaba Kant, escribiu nalgún momento unha observación moi pertinente que coido que vén ben a conto agora. Comentaba el que na sociedade humana pasa algo semellante ó que ocorre nun viveiro, onde se plantan para que medren un determinado tipo de árbores. Ó plantalos relativamente xuntos tenden a medrar máis rápido, porque ningún deles quere quedarse sen a luz que lle posibilita medrar. Por iso dicía Kant que vivimos sempre nunha especie de "insociábel sociabilidade". Vivir xuntos axúdanos a medrar, mais non queremos tampouco que ninguén nos faga sombra. É dicir, somos sociábeis e insociábeis ó mesmo tempo.

A mensaxe de Xesús é, neste contexto, que o noso verdadeiro desenvolvemento particular consiste en non ter medo a quedarmos na sombra se dese modo facemos un servizo ós demais. O que importa é, polo tanto, sermos "servidores" dos demais. En tempos máis antigos, cando se chamaba por alguén pronunciando o seu nome, o que levaba ese nome adoitaba contestar dicindo: "Servidor!!". Pois iso: "servidores" dos demais teriamos que ser, non só de palabra, senón de verdade e na nosa práctica vital. É iso o que nos quere aprender Xesús cando nos dá esta norma, sinxela en teoría mais de non doada realización: "O que queira ser o primeiro..., que sexa o servidor de todos".

Os apóstolos tamén soñaban e discutían entre si (como nolo recorda hoxe Marcos) sobre quen entre eles era o primeiro, "quen era o máis importante", aínda que semella que lles daba algo de vergonza recoñecer ante o seu Mestre que tiñan este tipo de conversas e discusións.

Pois ben, para poñer de relevo a importancia disto, bota man Xesús dun dos moitos nenos que grazas a Deus andarían corricando por alí, dálle unha agarimosa aperta e co neno diante del e mais dos apóstolos -ben feliz el seguramente pola atención que lle prestaba Xesús-, dálles unha verdadeira lección maxistral (directa, visual e práctica) ós seus apóstolos. Unha lección que seguramente non esquecerían en toda a súa vida: "Quen acolle no meu nome un destes nenos, acólleme a min; e quen me acolle a min, non é a min a quen acolle, senón a Aquel que me mandou".

En arameo o nome "neno" servía tamén para se referir a un "servo". De modo que acoller un neno, equivalía, neste caso, a acoller un servo, un marxinado, un necesitado, dada a pouca categoría social que daquela tiña un neno. Tamén Xesús fora neno, aínda que fora acollido, amado, cunha entrega plena por uns pais que se converteron así en verdadeiros "servidores" seus. Foi desa maneira como Xosé e María acolleron e amaron de feito en Xesús o mesmo Deus, facendo verdade aquilo que lles diría Xesús xa de adulto ós seus apóstolos: "quen me acolle a min, acolle a aquel que me mandou".

Pola súa parte, tamén os nenos saben responder ó amor e á entrega de seus pais ou dos seus avós, amándoos e proporcionándolles alegría e contento. Por iso son eles, os nenos, tamén "servidores". E por iso dixo Xesús tamén aquilo de que "se non vos facedes coma nenos, non entraredes no reino dos ceos". Como algunha vez xa volo comentei, o grande Unamuno formulouno de maneira moi bonita naquel poema seu que, de tanto como me gusta, vos recito case de cor, traducíndoo ó galego: "Agrándame a porta, Pai / porque non podo pasar /. Fixéchela para os nenos, / eu medrei ó meu pesar. /

Se non me agrandas a porta, / achícame por piedade. / Vólveme á idade bendita / onde vivir é soñar".

Si. Para que os nenos (e todos somos dalgunha maneira sempre algo nenos ata que damos a derradeira boqueada), para que os nenos –digo- poidan/poidamos "vivir e soñar", tal como di Unamuno no seu poema, precisamos que nos dean amor, un amor que se expresa con palabras e agarimos. Por iso non podía chegar a bo porto a historia que algunha vez teredes oído. Trátase dunha anécdota que semella ter bastante verosimilitude histórica. No século XIII, Federico II, que era emperador do Sacro Imperio Románico Xermánico, fixo un tráxico experimento. Sabémolo por un frade franciscano italiano, Salimbene de Adam, que coñecía e acompañaba de cando en vez o emperador. Así nolo conta el, traducíndoo pola miña parte do latín ó galego:

"A súa segunda superstición foi que quixo experimentar (Salimbene refírese ó emperador) que tipo de lingua e fala terían uns nenos, cando medrasen, se non falasen con ninguén. E por esta razón ordenoulles ás amas de cría que lles desen leite ós infantes, que lles desen o peito para mamaren, que os bañasen e lavasen, pero que de ningunha maneira os aloumiñasen nin lles falasen. Pois quería saber se falaban a lingua hebrea, que fora a primeira, ou a grega, ou a latina, ou a arábiga, ou quizais a lingua dos seus pais, dos que naceran. Mais o seu traballo foi en van, porque tódolos nenos ou infantes morreron. Porque non podían vivir sen a aprobación, os ademáns, a alegría do rostro e as caricias das súas amas e aias. Por iso chámanse cancións de berce as que di a muller arrolando o berce, para adormecer ó neno, e sen elas mal poder durmir e acougar o neno"...

Que importante lección hai agachada neste vello texto para nós os modernos!

DOMINGO XXVI ORDINARIO
Ollada aberta

Nas lecturas da nosa celebración comunitaria de hoxe vese moi ben a relación que hai entre a primeira parte do evanxeo e a lectura do Antigo Testamento. Comentarei só algunhas cousas. Son mensaxes antigas, mais que non deixan de ter moita actualidade. Pois as cousas boas non perden valor co paso do tempo.

Ben. Cóntasenos no Libro dos Números do Antigo Testamento que Moisés tiña un grupo selecto de setenta anciáns. Eran anciáns, uns pola súa idade unida ó saber, outros érano non tanto pola súa idade canto pola súa sabedoría e bo xuízo. Moisés valíase deles para tomar certas decisións e dirixir así axeitadamente o pobo. Baixo a autoridade de Moisés estaba quen sería o seu sucesor e que de momento atendía sobre todo á defensa do pobo fronte a posíbeis agresións exteriores. Chamábase Xosué. Pois ben, cóntasenos que un par de persoas, que non pertencían estritamente ó Consello dos Anciáns, se puxeron pola súa conta a "profetizar", é dicir, a animar relixiosamente o pobo. Poderíase pensar que operaban en certo modo algo así como "francotiradores", naturalmente a favor do pobo e coas mellores intencións do mundo. Eles, pola súa parte, sabíanse movidos polo Espírito de Deus. E ben sabemos que o Espírito é xeneroso, amplo, infinito, super-infinito...

Mais no seo dunha sociedade fortemente xerarquizada como era aquela, a cousa resultaba algo estraña, e quizais por iso un rapaz vailles contar ós xefes, ós responsábeis xerárquicos, o que estaba a pasar. Xosué enrabéchase contra Eldad e Medad (así se chamaban os dous entusiastas animadores relixiosos) e ínstalle a Moisés a que os reduza de novo ó seu posto de simples subordinados. Pero Moisés tiña

seguramente máis trato con Deus e máis experiencia da súa grandeza e amplitude de miras ca Xosué. Sabía que Deus non se esgota nunhas persoas concretas, nin nun grupo humano determinado. Sabía que Deus é infinitamente meirande có mundo e cá humanidade toda. Era consciente de que o seu Espírito enche a realidade toda e sopra como quere e cando quere a través de milleiros e milleiros de acontecementos e por medio das máis diversas persoas, por insignificantes que poidan parecer.

En consecuencia, Moisés non se deixa levar polo ímpeto xerárquico e excluínte de Xosué e respóndelle desta fermosa maneira: "Quen dera que todo o pobo do Señor fosen profetas, e que o Señor lles dese o seu espírito!".

A verdade é que a min me parecería tamén moi ben que vós mesmos vos animásedes a imitar, algunha vez polo menos, ós voluntariosos Eldad e Medad na súa sinxeleza e afouteza, comunicándovos mutuamente as vosas experiencias relixiosas, os vosos desexos, a vosa concreta vivencia cristiá. Pois formarmos unha comunidade cristiá significa que somos un grupo humano de irmáns que nos sentimos movidos por unha común fe en Deus, Pai noso e de tódolos homes e mulleres do mundo, e en Xesús, fillo benquerido seu e irmán noso. Canto máis espírito fraternal e de mutua acollida e colaboración teñamos, tanto mellor.

Xa desde un punto de vista simplemente organizativo e de eficacia funcional, as cousas van normalmente mellor en calquera empresa humana canto máis implicación e corresponsabilidade exista. Lembro que, sendo eu aínda mozo, se me quedou moi gravada unha frase do sucesor na dirección dunha famosa Congregación Mariana de Cuba, que foi considerada como modélica naqueles tempos. O fundador desta Congregación denominada "Agrupación Católica Universitaria" era un xesuíta, parente meu, que se chamaba Filipe Rey de Castro. Pois ben, trala súa morte repentina a mediados do século pasado, o seu sucesor contábame que o fundador desa Agrupación lle dixera unha vez, ante a complexidade das actividades que se desenvolvían nela, o seguinte: "*Este tipo de obras ou se levan co dedo maimiño ou non hai maneira de levalas*". É dicir, hai que saber confiar nos demais e delegar responsabilidades e actividades noutros. Así a carga lévase mellor. E ben sabemos que Deus non escatima en espallar os seus dons, o seu Espírito, entre cantas e cantos estean dispostos a acollelos.

Moisés sentíase polo menos feliz, sendo como era aínda un personaxe do Antigo Testamento, coa axuda espontánea e entusiasta dos que semellaban ser simples e indisciplinados "francotiradores".

En realidade, o exemplo de Moisés revive en certo modo en Xoán Bautista, cando tamén el se sentía feliz ó ver que Xesús, a quen el bautizara, era agora quen atraía as multitudes e ía formando e reunindo pola súa conta apóstolos e discípulos. "Cómpre –non tiña reparo en proclamar o Bautista- que el medre e que eu diminúa".

Se Moisés ou Xoán Bautista tiñan esta amplitude de miras, esta conciencia da grandeza do Deus que se comunica a cantos queren acollelo, en Xesús esta actitude era naturalmente fonda e plena. Pois Xesús, como fillo benquerido, posúe experiencia directa e íntima, non limitada ou recortada, da grandeza de Deus Pai. El sabe da súa infinita bondade e xenerosidade, que se quere comunicar a tódalas persoas por medio precisamente da persoa de Xesús, manifestación última e definitiva de Deus Pai ó mundo.

Por todo isto, podemos entender ben a reacción de Xesús ante o que Xoán lle comunica de que hai alguén que profetiza e que bota demos no nome de Xesús sen que pertenza ó grupo dos seus apóstolos e discípulos e, polo tanto, segundo pensa o mesmo Xoán, sen ter dereito a facelo. Con este modo de pensar e de proceder resulta ser de feito Xoán, nesta ocasión polo menos, continuador da incorrecta actitude de Xosué

no Antigo Testamento. Así, pois, como Moisés non conxeniara coa actitude de quen sería o seu sucesor como guieiro do pobo de Israel, así tampouco podía aprobar Xesús o celo excluínte de Xoán. As palabras coas que corrixe Xesús a Xoán reafirman en realidade a maneira de ver as cousas, ampla e xenerosa, de Moisés. Pois Xesús replicaralle claramente a Xoán: "O que non está contra nós, está connosco".

Para rematar, unha breve alusión aínda ó P. Seixas, que ata finais dos anos oitenta do século pasado presidiu aquí mesmo a eucaristía dominical. Moito dese espírito amplo e xeneroso de Xesús alentaba tamén nel cando dicía aquelas palabras que poden servir como resumo do seu modo de pensar e de actuar aquí en Vigo, mais tamén antes noutros lugares por onde andou: "Este é o meu programa: para min todos son irmáns, de calquera relixión, raza ou posición económica".

É a frase que figura na estela de pedra que se ergue en honor seu na rúa "Padre Seixas" de aquí de Vigo. Como vedes, un sinxelo e clarividente programa, verdadeiramente cristián, tamén para todos e cada un de nós.

DOMINGO XXVII ORDINARIO
Amar. Só iso

A "boa nova", a "boa noticia" de Xesús -palabras que traducen a expresión de orixe grega "evanxeo"- ten como centro ou estrutura interna súa unha fermosa palabra que utilizamos con frecuencia e que ás veces sabemos tamén manipular en moi diversos sentidos. É a palabra "amor". Trátase basicamente do amor que se nos anuncia de Deus, como Pai, a toda a súa creación e de maneira especial ós seres humanos todos, fillos seus en canto irmás e irmáns de Xesús, o fillo "benquerido" de Deus.

Hoxe fálasenos nas Lecturas do amor matrimonial, do amor ós fillos, ós pequenos, do amor que se rompe e se adultera... Temas moi amplos, difíciles, mais fundamentais.

O amor é unha realidade e unha experiencia complexa, persoal e comunitaria, íntima e social, que resulta en calquera caso decisiva por ameazada que estea sempre polos desencontros persoais e polos conflitos sociais.

Agora ben, se Deus se define a si mesmo como Amor, entón a realidade, que vén del, non pode ser entendida axeitadamente se non se lle dá unha importancia esencial ó amor.

Sen a unión e o amor entre home e muller no podería existir a humanidade. Non existirían fillos, nin sociedade, nin futuro. A historia remataría e con ela a humanidade mesma. Mais Deus quere que o mundo siga, que a humanidade avance cara ó seu futuro, aínda que pola nosa parte non poidamos saber nin sequera sospeitar que formas adoptará esa futura humanidade. Se nos poucos anos que os máis maiores levamos vivido puidemos ver e experimentar tantas cousas que de cativos nin sequera poderiamos maxinar, que non será nos anos e séculos que veñan despois de nós!

O coñecido e famoso teólogo Karl Rahner, que foi profesor meu durante bastantes anos en Innsbruck e Múnic, definía a Deus como "o futuro absoluto". Pois ben, se nós fomos feitos, creados, por ese Deus que é "futuro absoluto", entón non pode ser nada estraño que levemos tamén dentro de nós a semente do futuro. Por iso se dan en nós unhas fortes pulsións biolóxicas e psicolóxicas para que, como se nos di no texto do evanxeo, "deixe o home seu pai e mais súa nai e se una coa súa muller, converténdose así os dous nunha soa carne".

Ser unha soa carne vén sendo case o mesmo que ser "unha soa persoa": ter uns mesmos sentimentos, entenderse e comprenderse ben; en definitiva, amarse. Trátase da fermosa tarefa de, sendo diferentes, amarse mutuamente tanto que non pareza senón

que alí non hai máis ca unha soa persoa. É algo semellante ó que ocorre no mesmo Deus. Se Deus é amor -tal como se nos di no evanxeo de Xoán-, amor mutuo e infinito entre Pai, Fillo e Espírito Santo, iso quere dicir que hai tamén en Deus un amor tan grande e fondo que non se pode falar máis que dun só e único Deus. As tres persoas divinas son así tamén, coma quen di, "unha soa carne".

Xesús considera sagrado e inseparábel o amor mutuo que se constitúe no matrimonio. Porque é iso o que responde ós designios de Deus. Un Deus, Pai de Xesús e de todos nós, que quere o noso futuro, o futuro da humanidade. Un futuro, ademais, feliz. Porque ben sabemos que o futuro está aí para nos dar posibilidades de plenitude e felicidade.

A felicidade que, amándose mutuamente, atopan home e muller acrecéntase coa felicidade que lles dan os fillos. Porque nos fillos están vendo os pais directamente, en certo modo, o seu propio futuro. O futuro que eles mesmos xeraron e produciron. Sen futuro tampouco se pode vivir. E os fillos están aí para lles dicir ós seus pais que hai futuro, que hai vida, que hai alegría.

Por iso Xesús amaba, quería e apreciaba tanto os pequenos, os rapaces. Eses seres humanos que, igual cás mulleres, eran desgraciadamente pouco estimados e apreciados no tempo de Xesús. Por iso era case normal que tanto elas como eles recibisen reprimendas de parte dos discípulos de Xesús cando elas ou eles querían achegarse a el. Marcos cóntanos que os discípulos lles "rifaban" ás nais e ós nenos por intentaren achegarse a Xesús. Mais Xesús tomou moi a mal esta actitude prohibitiva dos seus discípulos. "Indignouse" cos seus discípulos, dinos ben claramente Marcos, para informarnos seguidamente sobre que Xesús non deixaba de abrazalos, de bendicilos e de impoñerlles as mans sobre a súa cabeciña. Mágoa que non houbese daquela cámaras ou móbiles que nos puidesen inmortalizar estas escenas para que as puidésemos ollar con abraio os que viriamos despois!...

Quédannos, polo menos, documentadas por Marcos as palabras case incríbeis que Xesús pronunciou daquela e que seguramente deixarían apampados ós seus discípulos. Palabras que en Xesús ían acompañadas polos feitos, pola súa actitude amorosa cos pequenos. Lembrémolas: "Deixade que os nenos se acheguen a min; non llelo impidades, porque deles é o Reino de Deus. Dígovolo de verdade: Quen non reciba como un neno o Reino de Deus, non entrará nel".

Isto quere dicir que os nenos, os rapaces, deberían ser os nosos mestres. Porque eles son os que nos ensinan a recibirmos coma eles o Reino de Deus. Eles son os que nos aprenden a termos confianza con Deus Pai como eles a teñen con seus pais. Eles son os que nos aprenden a vivirmos a vida con alegría, con liberdade e con entusiasmo, porque saben ou esperan que alí haberá sempre alguén que coide deles e que os ame.

Por iso é tan importante, nas familias, que pais e avós lles proporcionen amor ós seus fillos ou netos. Todo ó revés daquilo que dicía o rigoroso filósofo Kant. Pois cómpre escoitar algunha vez o que chegou a escribir tan afamado pensador: "Pódese afirmar con verdade que se educan moito peor os fillos da xente vulgar que os da xente distinguida. Porque a xente vulgar xoga cos nenos, coma os monos. Cántanlles cancións, aloumíñannos, bícannos, bailan con eles. Pensan que lles fan ben ó neno cando, tan pronto como chora, corren cara a el e xogan con el, etc.".

Calquera psicólogo ou antropólogo dos nosos días tería que suspender hoxe a Kant se lle ocorrese escribir iso nun exame. En realidade, el era nisto un produto dunha época na que os intelectuais sabían aínda moi pouco da importancia do amor, baseando eles erroneamente o comportamento moral no "deber", na obediencia ás ordes e ós mandatos.

En calquera caso, pola nosa parte estamos xa ben informados de que o amor é a clave, a chave, de todo. Por algo Deus Pai decidiu manifestársenos en Xesús como amor.

DOMINGO XXVIII ORDINARIO
Á busca da plenitude

Seguindo o meu costume de facer só algúns sinxelos comentarios ás Lecturas da nosa reunión eucarística semanal, atopámonos hoxe unha vez máis con importantes ensinanzas de Xesús.

Xesús está sempre á beira das vidas humanas coas que se encontra e nelas se mergulla. Está alí para acompañalas, para animalas, para erguelas a novos e insospeitados niveis de realización. Porque o ser humano, é dicir, nós levamos todos dentro xermes de autosuperación, de novas posibilidades de realizármonos. Porque o noso interior, os nosos desexos e horizontes son sempre moito máis amplos cós que se abren tralas familiares illas Cíes, alí onde a nosa ría de Vigo se encontra co Atlántico. Todos queremos ir sempre máis alá dos nosos horizontes acostumados. Queremos ser sempre o que somos, pero tamén máis do que somos e selo ademais sen que tal situación remate endexamais.

O que nos ocorre a nós pasáballe tamén a esa persoa da que se nos di no evanxeo que se axeonllou ante Xesús. Para el era Xesús símbolo e resumo de toda a bondade a grandeza que se podía atopar no mundo. Dísenos explicitamente alí que se trataba dun home adulto, ben asentado xa na súa vida. Posuía bens e fortuna. Fálase da súa "mocidade" como dunha etapa pola que xa pasara na súa vida. Mais, claro!, este home, como nos pasa a todos, non é totalmente feliz, non se encontra totalmente satisfeito consigo mesmo. Non deixa de albiscar que algo lle debe faltar aínda para realizar plenamente a súa vida. Vive, si, e vive ademais con fidelidade ás normas tradicionais da súa relixión xudía. Digamos que se trata dun crente cabal do xudaísmo. Garda os mandamentos. Eses mandamentos que son os mesmos que todos sabemos de cor desde pequenos...

Mais o que a el lle preocupa, como sen dúbida tamén a todos nós, é a curtidade da vida e o pouco que en definitiva a vida lle satisfai. De que lle vale a el vivir ben e ser tamén un bo xudeu practicante, se resulta que despois de todo a súa vida non é "eterna"? Porque ter vida "eterna" non é só tela despois, é dicir, a que nós chamamos a vida despois da morte. Non. Vida "eterna", ou sexa, plena, e tela tamén durante a vida presente. É dicir, sentirse –tal como adoitamos dicir- plenamente realizados e felices co que estamos a facer na vida, por máis que poidamos ter se cadra horas baixas.

No contexto destas consideracións, coido que se pode entender algo da importancia e da paixón coas que esta persoa lle formularía a súa pregunta a Xesús: "Mestre bo, que teño que facer para acadar a vida eterna?".

A esta persoa non lle satisfacía, como digo, a súa vida normal relixiosa, correcta e normal. Algún baleiro se abría no seu interior, que demandaba nova luz e novas augas de vida. E Xesús, ese mestre de vida que Deus Pai ofrece de maneira plena e definitiva ó mundo –a toda a humanidade-, vaille ofrecer o verdadeiro camiño de realización. É un vieiro dificultoso, á primeira vista case imposíbel de realizar, mais gratificante, plenificante, fornecedor de verdadeira "vida eterna", daquilo xustamente sobre o que esta persoa demanda información, porque o preocupa e atrae.

Xesús sabe do dificultoso e pedregoso deste camiño, que en definitiva é el mesmo. Pois sabemos que Xesús se presenta en persoa ante nós como "o camiño, a verdade e a vida". Por iso nos di o evanxelista Marcos que Xesús -seguramente para darlle ánimos ó que lle preguntaba sobre o modo de "acadar a vida eterna"- "o fitou

cunha mirada chea de agarimo". Aínda así, Xesús non acadou vencer as resistencias que o feito de ter "moitos bens" lle impedían empezar a andar polo verdadeiro camiño de "acadar a vida eterna".

Porque o resto da mensaxe de Xesús é ben coñecido, aínda que non por iso suficientemente asumido nas nosas vidas concretas. É unha linguaxe dura e sen contemplacións contra acugular riquezas que non se poñen ó servizo dos demais, dos máis pobres e necesitados ca nós. Esas moreas de riquezas agáchannos a visión da realidade e non nos deixan ver as necesidades dos outros irmáns nosos. Así non podemos construír a fraternidade á que nos chama Xesús. Por algo o papa Francisco nos dicía hai pouco aquilo que máis dunha vez oiriades: "Cómo me gustaría unha Igrexa pobre e para os pobres!". O papa actual tomou precisamente este nome de Francisco pola admiración e devoción que lle ten a San Francisco de Asís. E ben sabemos que este santo italiano levou na súa vida a mensaxe de Xesús sobre a pobreza ata as últimas consecuencias.

En principio e falando de modo xeral, semella algo estraño ou sorprendente este medo á pobreza (do que deu mostras a persoa da que se nos fala no evanxeo), porque Xesús lles asegura ós que se desprenden dos seus bens que acadarán felicidade non só na "outra" vida, senón tamén nesta. "Recibirán agora, neste tempo, -anúncianos Xesús- cen veces máis ... e, no mundo futuro, a vida eterna". E neste sentido podemos dicir: Hai alguén que poida dar máis có que ofrece Xesús en compensación da renuncia ós propios bens?...

Certamente, o evanxeo dá sempre que pensar. Coa súa palabra e co seu exemplo Xesús non deixa de nos ofrecer e presentar novos camiños, os camiños sempre novos de Deus, para acadarmos a felicidade. Unha felicidade que certamente non se acada cando sistematicamente se fuxe de canto leva consigo esforzo e renuncias persoais.

DOMINGO XXIX ORDINARIO
Ceibes sempre

No "Credo", o que chamamos o "símbolo da fe", empezamos por confesar, movidos polo mesmo Espírito de Deus, que cremos nun Deus que é "Pai OMNIPOTENTE". Sen dúbida que Deus é así. El é infinito en todo, loxicamente tamén no seu poder. O que pasa é que este Deus noso exerce ese infinito poder seu dunha maneira moi distinta do que estamos acostumados a ver, aturar de outros ou facer nós mesmos cos demais.

É verdade que aí diante, á nosa vista, nas cousas feitas ou botadas a andar polo noso Deus, na natureza, no mundo, no universo, no interior de nós mesmos percibimos ou, polo menos, albiscamos este gran poder de Deus. Mais trátase sempre dun poder que non forza, que non asoballa, que é paciente, humilde, sinxelo, inocente, diáfano e aberto coma o poder dun neno. É a marca de fábrica do seu autor, que se comporta nas cousas que El fai como o que el é, unha verdadeira "Pai-Nai". Por iso, cando este Deus apareza ou se amose no mundo, entre nós, para nos dicir como é El, veremos para a nosa sorpresa diante nosa, un neno, o neno de Belén. E entre xente sinxela, pobre e humilde pasará logo toda a súa vida este que fora neno inocente. É dicir, ó lado dos que non teñen poder , coma un máis entre eles.

Non. Non digo que ese Deus que se nos mostra en Xesús non ten poder ningún. Seguimos a ter aí diante o retrato vivo ("Quen me ve a min, ve o Pai") dese Deus Pai "omnipotente" no que dicimos crer. Mais ese poder infinito do Deus Pai "omnipotente" é o poder de alguén que creou tamén esa marabilla da nosa liberdade que

nos constitúe intimamente a todos e cada un de nós. E as liberdades non se poden tratar a golpe de poder puro e duro, a golpe de violencia.

Hai agora case trescentos anos un gran galego, escribía o frade bieito Martiño Sarmiento (nado, ó que parece, nesta provincia de Pontevedra a menos dunha hora de viaxe en coche desde aquí) nunha carta a un irmán seu de hábito (nado en Burgos) esta bonita frase: "a liberdade da persoa é unha cousa tan delicada que incluso Deus a trata e manexa (séxame lícito dicir isto) con pinzas".

E digo eu agora: Por que tales delicadezas de Deus connosco? Pois simplemente porque a marabilla da nosa liberdade procede de alguén que é absoluta liberdade e amor, alguén que creou todo e nos creou a todos libremente por amor. Ese amor, do que dicía moi belamente o poeta italiano Dante ó final da súa "Divina Comedia" que é aquilo que "move o sol e as demais estrelas".

Como fillo único dese Deus Pai, que é totalmente Liberdade e Amor, Xesús ten nisto naturalmente as ideas moi claras. Son conceptos e comportamentos que semella que están tardando demasiado en se instalar nas nosas sociedades. Porque hai xentes ás que lle gusta moito o poder. Un poder que neles non está ó servizo dos demais, senón dos mesmos que teñen e exercen un tal poder deturpado.

Pois ben, o evanxeo de hoxe está suficientemente ben aquelado con algo do que vos acabo de comentar. Vexámolo brevemente. Dous dos mellor situados, para dicilo dalgunha maneira, no grupo dos apóstolos, Santiago e mais Xoán, van intentar blindar definitivamente o seu status pedíndolle a Xesús sentar, cando el –como se nos di- estea "na súa gloria", un á súa dereita e o outro á súa esquerda. Son estes claramente, como podedes doadamente ver, signos de autoridade e de poder. Santiago e mais Xoán maxinaban daquela aínda que Xesús iría por aí, como iría- segundo eles pensaban- calquera que fose consciente da súa valía e importancia.

De tódalas maneiras, cómpre engadir aquí que a mentalidade de Santiago e de Xoán non parece que fose exclusiva deles. Porque o feito de que os outros apóstolos se anoxasen con eles, ó oírlles tal petición a Xesús, semella dar a entender que os outros tiñan tamén medo de non figurar algo así como ministros ou conselleiros nese presunto futuro goberno ou "gloria" de Xesús.

A lección que a todos lles dá Xesús é tan importante e programática que debería figurar con letras de ouro na nosa intelixencia e no noso corazón e, sobre todo, na nosa práctica vital continua. Especialmente axeitada ademais para cando esteamos en maior ou menor medida inmersos nalgún tipo de reflexión para a elección dos nosos representantes políticos. Lembrade as palabras de Xesús: *"Xa sabedes que os xefes dos pobos os tiranizan e que os poderosos os asoballan. Pero entre vós non pode ser así. Nin moito menos. Quen queira ser importante, que sirva a outros, e quen queira ser o primeiro, que sexa o máis servizal. Que o Fillo do Home non veu a que o sirvan, senón a servir e a entregar a súa vida en rescate por todos".*

Como cristiáns deberiamos influír, na parte que nos toca, en que os que nos rexen ou mandan non sexan como eses dos que fala Xesús, que "tiranizaban" ou "asoballaban" co seu "poder". En calquera caso, coma formento que fai levedar toda a masa para se converter así en pan quente e mol, o comportamento de servizo e entrega ós demais debería ser distintivo e sinal característico da nosa correcta relación con ese Xesús que hai tantos anos xa que formulou e levou á práctica ditos e feitos tan fermosos e conmovedores.

Deberiámoslle pedirlle tamén, xa que logo, ó Señor que suscite entre nós persoas que teñan o servizo ós demais como lema das súas vidas, persoas que saiban ofrecer con humildade a tódalas xentes e culturas a mensaxe liberadora, sandadora de Xesús. Porque se Xesús veu onda nós e vive entre nós polo seu Espírito, non é certamente

para se quedar pechado nos lindeiros dos que oficialmente nos consideramos "cristiáns", senón para se constituír en vida e felicidade para cantos o buscan, aínda sen sabelo, en calquera parte do mundo, "sexan –tal como dicía o Pai Seixas- de calquera raza ou relixión que sexan".

Pois se Xesús criticaba concretamente no texto comentado os xefes *políticos* dos pobos como "tiranos" ou "asoballadores", igualmente o faría con aqueles xefes *relixiosos*, grandes ou pequenos, que pola súa parte intentasen tamén pola súa parte forzar as persoas a se facer membros dunha concreta e determinada relixión, sexa esta a que for.

Redutos opresores e asoballantes coma estes terían que abrir de par en par as súas ventás para que por elas puidera entrar o Espírito, é dicir, ese aire fresquiño, saudábel, libre e servizal de Xesús que tanta falta lle fai ó mundo.

DOMINGO XXX ORDINARIO
Ser quen de ver

Debe de ser moi dura e triste a experiencia de se quedar cego pola razón que sexa, sobre todo se aínda se é unha persoa moza. Isto sería naturalmente máis grave en tempos antigos, non habendo aínda determinadas posibilidades técnicas para suavizar tal desgraza. Que o cego curado por Xesús estaba en boa idade déixao entender o propio Marcos cando di que correu cara a Xesús "dando brincos" despois de que o chamase.

Por outra banda, Bartimeo, "o fillo de Timeo", que así se chamaba, non era cego de nacemento. Cando Xesús lle pregunta que quere que lle faga, a súa petición é esta: "Mestre, que volva ver". Isto presupón que antes vía, que posuía a importante e marabillosa capacidade de ver. Dos cegos de nacemento, é dicir, dos que nunca tiveron experiencia de veren as cousas, as cores, a luz, as persoas..., non se pode dicir estritamente que sufran por non velas (pois nunca as viron). En cambio, os que perderon a visión despois de gozar da marabilla de poderen ver si que lamentan a desgraza de non estaren agora capacitados para ver.

O cego do Evanxeo vive nas marxes, é un marxinado coma tantos outros que existen na sociedade, tamén nas nosa sociedades modernas e opulentas. Marcos dinos que a súa profesión era esa: ser un pobre esmoleiro que mendigaba a carón do camiño por onde ía pasar Xesús. En canto cego, vive en certo modo na noite, nas tebras da súa condición marxinal e necesitada.

O encontro que se vai producir desta persoa con Xesús é neste sentido o encontro da escuridade coa luz. A ninguén lle gusta estar ás escuras. E iso que propiamente a escuridade non é nada. Non é unha cousa, unha entidade, por así dicilo, negra que está arredor de nós. É simplemente a falta de luz. A luz si que é algo, algo moi complexo e fermoso que estudan os físicos e outros científicos. Quen experimenta a luz énchese de vida, de alegría, de liberdade. Con ela e nela pódense facer cousas. Os horizontes ábrense espontaneamente diante de quen pode ver. Coa luz hai futuro, hai posibilidades. Se non hai luz, nin os ollos mesmos –tan marabillosos como eles son- valen para nada.

Ben sabemos as moitas veces que nos evanxeos se nos fala de Xesús como "luz". A liturxia do día central do ano litúrxico cristián, a do domingo de resurrección, está toda ela centrada no cirio pascual que aluma a todos nesa chamada noite "ditosa". Segundo o Evanxeo de Xoán (8, 12) di Xesús de si mesmo: "Eu son a luz do mundo. Quen me segue non andará ás escuras, senón que terá a luz da vida". Lucas ponnos tamén en boca de Zacarías pensamentos de fonda raizame bíblica que fan referencia ó Mesías como "luz": "Visitaranos o sol que nace do alto, para alumar os que viven en

tebras e na sombra da morte" (Lc 1, 78-79), "luz para alumar as nacións" (Lc 2, 32), etc. Esa luz da que todos precisamos para orientármonos desde a nosa escuridade.

Algunha vez vos contei algo das miñas lembranzas de tempos pasados. De cando en moitas aldeas galegas non había aínda luz eléctrica. Por exemplo, se algún veciño da aldea nos visitaba entre lusco e fusco e se marchaba entrada xa a noite, despois de parolarmos xuntos á calor da lareira, o costume era coller unha acha do lume da nosa lareira e levala na man movéndoa dun lado para outro (para non tropezar no camiño) ata poder deixala ó final na lareira do propio fogar. Sen luz non é posíbel ou é moi dificultoso camiñar con seguridade.

Pois ben, o cego do evanxeo atópase á beira do camiño. No seu encontro con Xesús, que é ó tempo "luz" e "camiño", o mendigo cego vai recibir dous grandes agasallos. O que el demandaba a berros era a posibilidade de se mover con seguridade polo camiño que tiña diante dos seus pés. El estaba sentado á beira do camiño por onde se movía a xente, pero a carencia de visión impedíalle moverse. Xesús vaille conceder a visión. Pero, ó tempo e máis alá das esixencias inmediatas, o cego vai descubrir quen é o verdadeiro "camiño". Ese camiño que é o propio Xesús, que de si mesmo dixera: "Eu son o camiño, a verdade e a vida". Sobre o cego dinos efectivamente Marcos que, no mesmo intre de ser curado da súa cegueira, empezou a seguir Xesús polo camiño. É dicir, forzando algo pola miña parte as expresións: o cego, esfiañadas xa as tebras dos seus ollos, "seguía polo camiño (en minúscula) o Camiño (en maiúscula)"... O Camiño –quero dicir- que é Xesús mesmo.

Non está aquí de máis volver lembrar aquilo que xa nos advertía Xesús co gallo do seu encontro cos rapaces e mailas súas nais nun domingo anterior. Mentres os apóstolos rifaban con eles para que deixasen de se entremeter alí e estorbar, Xesús critica decididamente este comportamento dos seus discípulos. Na escena de hoxe ocorre outro tanto. O cego é outro marxinado da sociedade, como o eran tamén as nais e os cativos. A xente reprende o cego para que deixe de berrar. Xesús, polo contrario, ordena que chamen por el. Xesús busca o encontro directo coa persoas. Tamén os que teñen bo olfacto político intentan, con mellor ou peor acerto, proceder do mesmo xeito.

Mais aquí volve Xesús utilizar o seu peculiar estilo "divino" de se comportar. Refírome ás finuras ou delicadezas do Deus de Xesús coa nosa liberdade, ese don divino que nos converte de verdade en persoas humanas. Antes de lle dar vista ó cego, pregúntalle Xesús algo que nos podería parecer redundante ou innecesario: "Que queres que che faga?". Este tipo de pregunta faime lembrar aquilo que conta no seu libro "Un médico na aldea" un xa defunto médico e bo amigo meu, chamado Manuel Reimóndez Portela. Refírenos el que cando o enfermo chegaba á súa consulta, preguntáballe o médico don Manuel: "Bos días, e logo que lle pasa?". E máis dunha vez lle contestaba o enfermo: "Para iso veño, a que vostede mo diga"...

Pois ben, Xesús (como tamén todo bo médico rural) quere que sexamos nós, os enfermos, os que lle comuniquemos a el os nosos desexos e doenzas. Quere darlle espazo á nosa liberdade, ós nosos libres desexos. Xesús trata sempre a liberdade con delicadeza, "con pinzas" (na expresión do noso Martiño Sarmiento, segundo vos dicía o outro día). A liberdade, a nosa liberdade é unha liberdade que non se debe nin pode nunca forzar. Por isto indicaba tamén agudamente o mesmo Martín Sarmiento que o verbo latino "volo" ("querer") non ten imperativo: sobre a vontade ou querer doutro non hai maneira de "mandar", non podemos "imperar" sobre ela.

Estamos, pois, feitos todos á semellanza do Deus que nos fixo. Se el é absolutamente libre, nós sómolo tamén pola graza del. Neste xogo íntimo e fondo de liberdades baséase toda a nosa relación con Deus e cos demais.

DOMINGO XXXI ORDINARIO

Somos norma moral

Se algo é e di Xesús é ser concreto e falar de maneira tamén ben concreta. El é para nós, en certo modo, a mesma "concreción" de Deus-Pai no mundo, ou –dito doutra maneira- o Deus visíbel e tanxíbel.

E ben, cómpre non deixar de lado que o diálogo de hoxe de Xesús co letrado ocorre no día seguinte da coñecida escena do templo na que Xesús botara sen contemplacións fóra do templo os que andaban a facer os seus negocios vendendo ou mercando determinados animais para os sacrificios que alí se realizaban. Algo que obviamente non debeu de ser do agrado dos administradores relixiosos de tales actos de culto: os sacerdotes do templo e os escribas.

Con isto Xesús estaba a realizar un xesto importante e significativo. E xa sabemos que un xesto vale máis ca mil palabras. Dalgún xeito viña Xesús amosar así que a nosa relación con Deus Pai debía ir máis alá do cumprimento dunhas determinadas normas ou da realización duns concretos ritos cultuais, os que tiñan lugar de maneira centralizada no templo de Xerusalén.

Xesús quere baixar en certo modo a Deus do ceo á terra. Porque, á fin e ó cabo, que é el senón a presenza viva e concreta de Deus no mundo? E que somos, en consecuencia, os seres humanos do mundo senón presenzas, vivas e palpitantes tamén, do mesmo Xesús, Fillo de Deus e irmán maior noso, neste mundo noso? Con isto o "Deus que está no ceo" non desaparece, senón que amosa a súa verdadeira face en Xesús (no Emmanuel de Deus, é dicir, no "Deus connosco") e en tódolos rostros humanos do mundo enteiro.

É, pois, neste contexto cando un dos letrados lle vai preguntar a Xesús (como digo, no día seguinte da escena do templo) cal é o "primeiro" mandamento da lei. Para comprobar, coa resposta que lle dea Xesús, se este respecta de verdade as xerarquías morais e relixiosas do xudaísmo. Xesús non lle vai fallar ó letrado, porque non fará senón botar man das mesmas palabras do libro do Deuteronomio (6, 4-5), respondéndolle: "O primeiro é: Escoita, Israel: O Señor, noso Deus, é o único Señor. Amarás o Señor, o teu Deus, con todo o teu corazón, con toda a túa alma, con toda a túa mente e con toda a túa forza".

Con isto semellaría en principio que a pregunta quedaba perfectamente respondida. Mais Xesús –habida conta da escena do día anterior- vai engadir algo decisivo, porque este algo vén ser en realidade o centro mesmo da mensaxe de Xesús e da súa persoa. Xesús vai colocar, efectivamente, dalgunha maneira ó mesmo nivel có primeiro mandamento o chamado segundo cando seguidamente lle di ó letrado (sen que este, pola súa parte, lle tivese preguntado por este segundo mandamento): "O segundo é este: Amarás o teu próximo como a ti mesmo. Non hai mandamento máis importante ca estes".

Hai que ter en conta que no Antigo Testamento estes dous mandamentos se atopaban en certo modo mutuamente desvencellados. Do primeiro fálase no Deuteronomio e do segundo no Levítico (19, 18), mesturado aquí este mandamento entre outras moi diversas normas morais e cultuais. Xesús, en cambio, une directamente

ámbolos dous mandamentos, considerándoos como semellantes e mutuamente inclusivos e indicando expresamente que non hai ningún outro mandamento que os supere en importancia. Cousa que o seu interlocutor, o letrado, aceptará, co agrado de Xesús, ó comentar tamén o mesmo letrado pola súa parte que eses mandamentos son "máis importantes ca tódolos holocaustos e sacrificios".

Ben podedes ver, pois, por que estas declaracións de Xesús veñen colocar o centro da nosa fe cristiá non no "templo", senón nas persoas humanas. Esas persoas coas que, por aquí e por alá, nos atopamos día tras día. Nelas, en nós, habita o Deus Pai que nos quere. Pola graza de Deus Pai estamos así convertidos dalgunha maneira en Xesús, en verdadeiros templos seus. En consecuencia, non nos será xa posíbel endexamais separar o noso culto a Deus do noso servizo e entrega ós irmáns todos do mundo.

É esta mensaxe de Xesús algo ben grande e fermoso. Só fai falla levalo á práctica consecuentemente na nosa concreta vida cristiá.

DOMINGO XXXII ORDINARIO

No tesouro un corazón

No noso acostumado encontro semanal con Deus Pai, con Xesús e cos demais irmáns e irmás coas que aquí nos atopamos, están aquí hoxe en certo modo presentes a nós dúas mulleres, que actúan como protagonistas e animadoras da nosa fe. Trátase concretamente, trasladándonos imaxinariamente a tempos antigos, de dúas persoas que polo feito de seren mulleres estaban alomenos daquela socialmente marxinadas, mais que á parte disto ó seren viúvas levaban unha vida pobre e desprotexida ó careceren do apoio afectivo e económico dunha familia normal.

Pois ben, se nalgún momento dixo Xesús que "se non vos facedes coma nenos, non entraredes no reino dos ceos", algo así nos podería dicir el hoxe tamén: se non vos comportades como estas dúas mulleres, non entraredes no reino dos ceos. É dicir, non participaredes da felicidade que leva consigo ser xenerosos e saber confiar esperanzadamente na bondade de Deus.

Porque estas veñen ser as mensaxes que nos chegan este domingo ó recuncho das nosas conciencias. De maneira coherente, a liturxia ponnos en relación a mensaxe da viúva pobre e xenerosa do evanxeo coa viúva do Antigo Testamento coa que se atopa o profeta Elías. A viúva de Sarepta ía apañar uns guizos para acender o lume, facer un panciño para ela e mais para o seu fillo e despois morrer, pois non tiñan máis reservas para poderen seguir vivindo. Así e todo, a confianza en Deus, suscitada polo profeta, fai que se realice o milagre da xenerosidade de Deus con eles da mesma maneira que eles, nai e fillo, foran tamén xenerosos pola súa parte co profeta.

En canto ó Evanxeo, o contraste no interior da escena non pode ser meirande. Por unha banda a grandeza, magnificencia e riqueza do templo de Xerusalén, no que os letrados e xefes relixiosos se deixan ver con fachenda e autocompracencia, e por outra esa pobre mulleriña viúva que o pouco que ten para poder seguir vivindo o entrega ó Deus que se fai presente simbolicamente nese solemne lugar, o templo de Xerusalén. Dicir que esta muller botou no peto do tesouro do templo todo o que precisaba para vivir quere dicir que ela entregou a súa vida enteira ó servizo de Deus. Ela non se reservou nada da súa vida para si mesma. É o sinal da suprema e máxima xenerosidade.

Se relacionamos este xesto co que comentabamos no anterior domingo sobre que para Xesús os verdadeiros "templos", é dicir, os lugares nos que Deus se encontra a

gusto, non son precisamente os construídos con pedra, mármore ou ladrillos, senón as "persoas" concretas que no modo de se comportaren se asemellan a Xesús, entón -digo- comprenderemos por que Xesús se fixa tanto nesta mulleriña, nesta "viúva pobriña" (tal como nola describe Marcos).

A Xesús o templo, admirado polas multitudes que a el acoden, non lle suscita atención especial. O que si admira Xesús é esta muller, cara á cal ninguén ollaría, por ir seguramente pobremente vestida e con sinais claros na súa face de estar deficientemente alimentada. Vería quizais Xesús nesa muller dalgún modo a súa propia nai, que sen dúbida sería tamén pobre? Esa muller, María, que polo contrario os artistas, populares ou non, acostuman a imaxinar, pintar ou esculpir con preciosos vestidos, adornados incluso nalgunhas das nosas populares romarías con billetes limpos e novos de vinte ou máis euros.

A Xesús, o fillo do Deus vivo, váiselle en cambio o corazón, sen podelo remediar, cara a este tipo de persoas. Os seus son os pobres e marxinados, os de abaixo. Eles son os seus preferidos. E a propósito disto. Nos anos sesenta do século pasado houbo moita discusión aquí en Galicia sobre o tema da introdución da nosa lingua galega na liturxia, nas misas e demais. Tratábase da lingua do pobo, da xente normal e corrente, sobre todo da lingua dos máis pobres e sinxelos. O Concilio Vaticano II aprobara o uso destas linguas, por máis que non fosen aínda oficiais. O caso é que, a diferenza do que ocorreu entón coa introdución do euskara ou do catalán, co galego houbo moitos problemas. De feito, tívose que esperar ata comezos do ano 1969 para podermos falar publicamente con Deus en galego no interior das nosas igrexas, porque algúns pensaban que o galego non era unha lingua suficientemente digna para ser utilizada no interior dunha igrexa. Pois ben, por algún lado anda escrito, entre a documentación desta polémica, que unha alta dignidade eclesiástica argumentara naquel entón, para apoiar a súa postura contraria ó uso do galego na liturxia, deste xeito (naturalmente en castelán): "Yo no me presentaría ante Dios en alpargatas".

Non podemos saber desde logo se a mulleriña loada por Xesús calzaba ou non alpargatas. Do que si en cambio podemos estar bastante seguros é de que ela era ben pobre e que polo tanto, igual ca Xesús, falaría en arameo, a lingua normal do pobo, e non en hebreo ou moito menos no latín dos invasores romanos.

Por outra parte, sabemos que Xesús dixera sobre si mesmo que quen o ve a el ve o Pai, é dicir, a Deus, e que polo tanto que el é o retrato fiel e auténtico de Deus. Pois ben, podemos imaxinar Xesús (que vivía entre os pobres) vestindo ou calzando de maneira distinta ca eles? De modo que, ó revés do dito ese de que "yo no me presentaría ante Dios en alpargatas", teriamos máis ben que dicir e desexar que oxalá tivésemos a sorte de podérmonos presentar algún día perante Deus Pai dunha maneira que lle recordase a el o seu fillo Xesús ou aquela mulleriña do evanxeo de hoxe.

Os que traballan cos pobres, para acompañalos e dignificalos a moi distintos niveis, falan con frecuencia do moito que aprenden e reciben deles: da súa xenerosidade e do seu desprendemento. De cando en vez oímos ou lemos tamén que algunha importante persoa (pola súa riqueza ou polos seus negocios) ten doado a algunha institución benéfica ou caritativa unha considerábel suma de diñeiro. Está moi ben, mais, a teor do que se nos di no evanxeo, podemos estar ben seguros de que aquela mulleriña pobre, que chegou cansadiña ó templo, deixou no peto do tesouro do templo máis ca esa persoa rica, porque coas poucas moedas que dispuña para poder seguir vivindo deixou ela alí, no peto do templo, o seu corazón, a súa persoa enteira.

Boa e importante tarefa a que temos por diante os cristiáns se queremos asemellarnos a esa pobre, santa e xenerosa muller.

DOMINGO XXXIII ORDINARIO

Aprendendo da figueira

O tempo corre que é unha barbaridade, dicimos de cando en vez. Para algúns corre moi lento, por exemplo, para os rapaces e xente moza. En troques, para os que xa nos apuntamos á chamada "terceira idade", si que se nos vai o tempo a toda présa, por máis que intentemos frealo.

Os tempos de Deus son distintos. Mellor dito, Deus non ten tempo. Deus é eterno, é a mesma eternidade. Non sabemos, estando como estamos no tempo, como se pode vivir a eternidade. Este é o seu misterio, a súa grandeza. De tódalas maneiras, algo de eternidade si que levamos nós dentro, porque a verdade é que nos gustaría a todos ser eternos, vivirmos sempre, etc. E isto non podería ser así se non soubésemos algo dela, desa eternidade. Cousa que polo demais non nos debería estrañar, porque á fin e ó cabo de Deus, que é a mesma eternidade, procedemos todos.

Vivimos, polo tanto, cada un de nós e a humanidade no seu conxunto, entre o tempo e a eternidade. Algún bo día e sen que se nos consultase (porque non eramos aínda nada) atopámonos, e ben sorprendidos, neste mundo. E empezamos a berrar forte, a respirar os primeiros "airiños da nosa terra" e aquí estamos. En plena aventura da vida con outras persoas ás que lles pasou algo semellante.

Os tempos litúrxicos son tamén cambiantes. Case sen dármonos conta, estamos xa na antesala do chamado Tempo de Advento. Co domingo seguinte ó próximo (que será a festividade de Cristo Rei) estaremos xa metidos nese especial tempo preparatorio do nacemento de Xesús. Nacemento, vida, paixón, morte e resurrección de Xesús son para nós algo así como o modelo ou paradigma do noso propio proceso vital.

Tanto para Xesús coma para nós vivirmos é un proceso que non se detén, unha verdadeira aventura. En canto a nós, o máis fermoso, grandioso e insospeitábel é que Deus estea no comezo, no centro e no descoñecido futuro destas nosas vidas. Unhas vidas que en realidade xa non rematarán, porque ó estarmos como estamos nas mans de Deus seremos tamén inmortais á semellanza del. El non nos vai deixar caer das súas mans.

Ben. Todo isto está dito porque as lecturas de hoxe (case xa ó final, como digo, do chamado tempo litúrxico "ordinario") nos levan un pouco por aí. Hai nelas, tanto na primeira (do Libro de Daniel) coma no mesmo evanxeo, unha linguaxe de signo apocalíptico. Fálasenos, neste sentido, sobre o futuro dunha maneira que nos podería arrepiar. Pero é, como digo, unha linguaxe que naqueles tempos era normal utilizar ó falar destas cousas. Xesús participaba tamén, en canto pertencente ó seu tempo e á súa cultura, desta maneira de se referir ós acontecementos futuros. Como con acerto nos conta M. Regal Ledo en relación con isto nalgún dos seus escritos: "A encarnación de Deus é moito máis có feito puntual dunha persoa humana que toma corpo nas entrañas de María; tamén toma corpo nas entrañas da historia, das culturas, do pensamento humano".

De todos modos, Xesús non se deixa levar totalmente por esa maneira apocalíptica de falar ó nos dicir concretamente no evanxeo de hoxe: "En canto ó día e maila hora no que iso vai acontecer, ninguén sabe nada".

Malia esta advertencia, semella que os primeiros cristiáns estaban convencidos da próxima ou inmediata volta de Xesús, “con gran poder e gloria” (tal como se nos di). O que significaría que o final da historia humana tería acontecido xa e que polo tanto nós non estariamos hoxe aquí falando ou oíndo cousas coma estas.

Pois ben, ante tanta ignorancia nosa sobre os misterios de Deus (en calquera caso, misterios bondadosos e misericordiosos, porque o noso Deus é e seguirá a ser sempre un Deus Pai bondadoso e misericordioso), deberiamos seguir o consello de Xesús de “aprender da figueira”. En que sentido?

Na nosa terra temos moitos nomes de lugares e apelidos chamados “Figueroa”, aínda que máis correctamente teriamos que dicir “Figueiroa”. Un nome que proviría dalgunha “pequena figueira” (“ficariola”, no latín vulgar) que habería por alí. Tamén “Figueirido” ou “Figueiredo” que fan referencia a sitios onde abondan as figueiras, etc. A figueira ten para min gratas lembranzas dos meus tempos de rapaz. Non era unha “ficariola”, unha pequena figueira, senón unha ben grande, a que chegaba case ata o tellado da nosa casa familiar que tiña bastante altura. Como eramos seis os irmáns, a nosa nai repartiunos as pólas da gran figueira para que non rifásemos demasiado entre nós cando apulitabamos a ela ó empezaren os figos a madurar.

Tamén a Xesús lle gustaban os figos e algunha vez ata tivo que maldicir unha porque non tiña figos, e iso que -tal como se nos di no evanxeo- non era tempo deles... Pois ben, a figueira vén sendo un símbolo da nosa vida, que vai sempre cambiando, avanzando, semellando ás veces estar morta, aínda que en realidade no seu interior bule sempre, agachada, a vida. No inverno está amorriñada e as follas –murchas- cáenlle ó chan; na primavera xorden os primeiros gromos nas pólas e no verán os figos convértense en delicia para o padal. A figueira non sabe do seu futuro, nin lle angustia. Limítase a seguir o ritmo interior que lle dita a natureza.

Por outra parte, a figueira deixa tamén que os necesitados se alimenten dos seus froitos. Uns froitos que ela non sabe cómo é capaz de os producir. Pero aí están: ó servizo de quen se queira achegar onda ela. Deixemos, como figueiras boas e xenerosas, que os pobres se alimenten dos froitos que Deus lles quere dar a eles por medio de nós.

Digo isto e podería engadir moito máis porque é Xesús quen nos di que deberiamos aprender da figueira. Esteamos, pois, coma ela, ben enraizados na humildosa terra e abertos cara ó ceo, cara ó futuro e cara ós demais.

Deixémoslle, finalmente, ó noso Deus Pai que, así como foi el quen pensou en nós para nos dar vida, sexa tamén el quen a goberne e dirixa polos seus sabios camiños, aínda que nós poidamos consideralos rectos unhas veces e outras retortos. Tanto os camiños da nosa vida coma os daqueles que levamos no corazón. E neste inabarcábel grupo dos que queremos non deberiamos excluír a ninguén, por descoñecido que sexa para nós. Pois deberiamos querer ben a todos en canto irmáns nosos en Cristo Xesús, irmán maior noso.

XESÚS CRISTO REI DO UNIVERSO
Rei diferente

Con este domingo remata o ano litúrxico, antes de comezarmos unha nova etapa co tempo de Advento. Despois de estarmos no ciclo do chamado “tempo ordinario”, no domingo que vén entraremos xa na nova órbita da festa do Nadal: un novo sol que nos irá quentando pouco a pouco o espírito ata o 25 de decembro.

E remata o ano litúrxico cunha festa englobante, universalizadora: a de Xesús Cristo como Rei do universo. É dicir: rei de toda a creación, desde a máis humilde partícula da materia ata os cumios máis altos de soles e galaxias, sen deixar –claro está- de lado esta nosa humanidade, pasada, presente e vindeira, da que quixo formar parte Xesús, o fillo de Deus, Rei noso e de todo canto existe.

En momentos cruciais da súa vida Xesús afirmará a súa realeza, por exemplo no evanxeo de hoxe ante Pilato que lle pregunta sobre ela. "Eu son Rei. Para isto nacín e para isto vin ó mundo, para dar testemuño da verdade" (Xoán 18, 37). De feito, o título de "rei" figurará ben alto na cruz onde foi crucificado Xesús: *Xesús Nazareno, rei dos xudeus*. Un título que se converterá coa súa morte e resurrección en título universal. É dicir: Xesús rei, non só dos xudeus, senón da humanidade toda, de todo o universo, dando así nome á festividade que estamos a celebrar.

Mais, como ben sabemos, a realeza de Xesús é moi distinta das realezas humanas. Por iso non lle compracía que, aínda séndoo en realidade, o considerasen rei ou o tratasen como tal, fuxindo así de calquera pretensión humana popular de o proclamaren rei. Pois Xesús anuncia, polo contrario, unha mensaxe de fraternidade universal, alicerzada non no poder (tal como adoitan facer os reis da terra), senón no servizo. Abonda con lembrar aquelas programáticas palabras súas que tan directamente se opoñen á normal comprensión do status dos reis: "Sabedes que os que figuran como xefes das nacións as asoballan e lles impoñen a súa autoridade. Non ha ser así entre vós. Ó contrario, entre vós o que queira facerse grande ha ser servidor voso, e o que queira ser primeiro ha ser servo de todos; porque tampouco o Fillo do Home veu para que o sirvan, senón para servir e para dar a súa vida en rescate por todos".

Por iso, dado o aparente fracaso da súa misión, clarificará unha vez máis o sentido do seu reino nas horas previas á súa crucifixión ignominiosa deste modo: "O meu reino non é deste mundo. Se deste mundo fose, os meus oficiais loitarían para que ninguén me entregase ós xudeus. Pero o meu reino non é de aquí".

Por iso tamén o Prefacio da eucaristía de hoxe descríbenos o reino de Xesús con estas características: "reino de verdade e de vida, reino de santidade e de graza, reino de xustiza, de amor e de paz". Dito doutra maneira -de modo negativo- para que as palabras anteriores non nos esvaren na mente de tanto telas oído: reino que rexeita a mentira e a morte, o pecado e a fachenda, a inxustiza, o odio e a guerra.

Xesús foi así rei amigo da vida, rei santo, rei amoroso e pacífico desde o berce do Nadal ata a cruz do venres santo. Os reis magos preguntaban xa en Xerusalén polo "rei dos xudeus" que acababa de nacer. Deste xeito, este título acompañarao desde o nacemento ata a morte. Un rei, polo tanto, distinto, que nace como pobre entre os pobres e morre flanqueado por dous pobres axustizados. E, malia todo isto, continúa a ser verdadeiro rei, tal como o souberon representar artisticamente algunhas imaxes románicas de Cristo crucificado coa coroa rexia sobre a súa cabeza.

A maioría dos reis actuais -grazas a Deus (poderiamos dicir)- non dispoñen xa do seu antigo poder. De aquí vén aquel dito de que "o rei reina, mais non goberna". En cambio, de Xesús si podemos dicir non só que é rei e que "reina", senón que tamén "goberna", aínda que de xeito moi distinto, claro está, ó dos gobernantes deste mundo. Pola forza do seu Espírito, o Espírito Santo que nos mandou en Pentecoste, el é, si, "distinto" dos demais reis, mais non "distante". Porque el habita no máis íntimo de nós mesmos, axudándonos, fortalecéndonos, consolándonos, amándonos. Isto si que é verdadeiro, fondo e íntimo "goberno", un goberno baseado non no poder, senón na suavidade do amor e do interno convencemento e comprensión.

Neste sentido, cando Xesús lle responde a Pilato que si, que el é verdadeiro “rei” e que veu ó mundo para “dar testemuño da verdade”, engade a isto unha frase que a min sempre me chamou moito a atención: “todo o que está aberto á verdade, escoita a miña voz”. Decatádevos, polo tanto, de que o que se precisa non é estar na posesión da verdade, porque a verdade total, absoluta, definitiva, non nos cabe a ninguén na nosa pequena cabeciña. Esa verdade supéranos absolutamente a todos e cada un de nós. Ninguén pode dicir de verdade que el é “a verdade”. Só Xesús o podería dicir de si mesmo: “Eu son o camiño, A VERDADE e a vida”. O que se nos pide é só que esteamos “abertos” á verdade. Porque estar “abertos” á verdade significa para Xesús que estamos xa escoitando a súa voz. Unha voz que non se expresa a berros nin de maneira impositiva (á maneira dos reis tradicionais deste mundo), senón na paz e na respectuosa e amiga fraternidade.

De maneira semellante a aquel marabilloso encontro de Elías na montaña con Deus. Elías aprendeu alí a non ver a Deus en relación co “rexo furacán”, co “tremor da terra” ou co “gran lume”. Nestes fenómenos –dísenos no texto do Antigo Testamento- ”non estaba o Señor”. Si estaba, en troques, o Señor no silencio que fala, ou –como se di alí no mesmo texto- no “murmurio dunha airexadiña suave”. Como esa suave brisa que pode virnos do mar despois do solpor dun bo día de verán.Este -e non outro- é o estilo, a marca, da realeza do noso Rei do Universo.

CICLO C

DOMINGO I DE ADVENTO

Esperanza a nosa

Damos comezo hoxe, con este primeiro domingo de Advento, ó novo ano litúrxico, coa vista posta xa na festa do Nadal que celebraremos antes dun mes. O tempo corre e nós con el. E así chegamos ó Advento.

"Advento" significa vinda, chegada. Irémonos, pois, preparando, neste e nos próximos domingos, para a lembranza comunitaria e festiva da vinda, da chegada onda nós do Deus feito home. Un acontecemento que marca misteriosamente a historia humana toda.

Ano tras ano, estamos así convidados, impulsados a "esperar". A esperar sempre. Unha esperanza que ten os seus alicerces nunha fe robusta. A fe nun Deus Pai Todopoderoso –tal como dicimos no Credo- que se nos manifestou en Xesús para a nosa liberación e felicidade.

Porque esta nosa esperanza renovada na manifestación humana de Deus no Nadal é en realidade unha esperanza que está previamente apoiada e alicerzada no feito mesmo de que Deus está xa desde sempre connosco, onda nós.

O Deus do Advento non é polo tanto só un Deus futuro, un Deus que virá. É conxuntamente un Deus que veu, que vén e que virá. Un Deus que é, ó mesmo tempo, pasado, presente e futuro.

Pasado, porque des que o mundo é mundo e des que existe a humanidade alí está xa Deus, construíndonos, dándonos vida e agarimándonos. Nel estamos todos desde sempre, tal e como nolo comenta o apóstolo Paulo cando nos di: "Nel, é dicir, en Deus, vivimos, nos movemos e existimos". Deus é desde sempre polo tanto o facedor e sustentador de todo. Del procede e nel está desde sempre a humanidade toda.

Pero é que ademais o acontecemento histórico do Deus que se encarnou e que puxo, como se nos di no evanxeo de Xoán, "a súa tenda entre nós" ocorreu hai xa máis de dous mil anos. Fíxose el dende aquela un de nós, un coma nós. Desde entón e para sempre veu Deus onda nós e emparentou, por dicilo así, con todos e cada un dos seres humanos e de maneira especial (por seren máis semellantes a el) cos humildes, necesitados e marxinados.

De xeito que neste sentido a Deus non o deberiamos esperar coma se el non tivese estado xa antes onda nós. Mais este Deus que veu xa onda nós, segue a vir, está vindo onda nós a cotío, en cada intre concreto da nosa vida. Está sempre presente na nosa interioridade, na nosa propia conciencia, mais tamén no noso exterior, nas persoas coas que un día e outro nos atopamos sexa de maneira esperada ou imprevista. Lembremos aquel dito de Xesús: "Eu estarei convosco ata a fin do mundo" . Ou aquel outro: "Onde dous ou tres están reunidos no meu nome, alí estou eu no medio deles".

Por iso, cando a Igrexa nos convida neste tempo de Advento a esperar, faino sabendo que é o Deus que desde sempre está connosco o que nos dá as forzas e a graza para podermos así ter azos para esperalo. Esperar a súa repetida chegada, porque a el nunca seremos capaces de recibilo en toda a súa grandeza, absolutamente infinita.

Deus non é nunca algo así coma unha lección que se aprende dunha vez no cole e sobre a que xa non precisariamos volver. Deus é sempre algo que nin nesta vida nin na vindeira chegaremos a comprender plenamente. Para iso teriamos que ser nós mesmos absolutamente infinitos, é dicir, coma Deus. E isto é imposíbel.

Por iso, para nós, Deus está sempre a chegar. As nosas alforxas deberían estar en todo intre repletas de esperanza. Unha esperanza que é ela mesma un inmenso e prezado galano, un inconcibíbel agasallo, que Deus mesmo nos dá para podermos estar así en disposición de recibilo.

De maneira especial neste tempo de Advento deberiamos repetir a invocación que comunitariamente proclamamos na Eucaristía: "Anunciamos a túa morte, proclamamos a túa resurrección. *Ven, Señor Xesús!*".

Este desexo e petición de que Xesús veña a todos e cada un de nós, a toda a humanidade e de maneira especial ós máis necesitados da súa axuda e do seu consolo é o lema que debería presidir todo este tempo de Advento que hoxe comezamos.

Un desexo de que o Deus que se fai un de nós no Nadal se converta en pensamento ardente e concreta vida práctica en todos. Porque a súa vinda onda nós no Nadal, participando así en todo da nosa humanidade, é un acontecemento que, por ben sabido e aceptado que sexa, non deixará nunca de nos sorprender por pouco que nel pensemos. Por iso toda preparación vén sendo cativa, todo "advento" queda curto, en relación cun acontecemento tan inimaxinábel e incríbel.

Por outra parte, a liturxia deste Domingo I de Advento relaciona a próxima vinda de Xesús no Nadal coa súa vinda ó final dos tempos e da historia. Dinos efectivamente Lucas, en referencia a esta derradeira vinda de Xesús, que deberiamos poñernos de pé entón e erguer ben a cabeza "porque chega o día da nosa liberación". Pois ben, esta liberación empeza xa na festa do próximo Nadal, á que desde agora nos iremos preparando.

Tódalas vindas de Xesús son liberadoras, porque todas nos traen sempre boas noticias, boas novas. O Evanxeo é xa por definición "boa nova". Por que? Porque nos ofrece futuro, un futuro aberto e esperanzado. Non podería un recibir peor noticia cá que se lle anunciase que "non ten futuro", que non hai nada que facer nin que esperar... No evanxeo non hai nada que se poida parecer a este tipo de desalentadoras noticias.

Deámoslle, pois, hoxe grazas a este Deus que vén, que está sempre a vir. Porque nos ofrece futuro, porque nos dá esperanza.

Por iso quero engadir aínda que a mellor maneira de practicar este espírito de agradecida "esperanza", típico do Advento, é xustamente levarmos á práctica o que a vinda de Xesús nos anunciará e nos porá diante dos ollos, é dicir, o exercicio consciente e constante dunha irmandade verdadeira e real entre todos en canto irmáns dese Xesús que no Nadal se converterá para sempre en verdadeiro e querido irmán noso.

DOMINGO II DE ADVENTO

Facer camiños pra andar

No mes de decembro e en relación, xa que logo, máis ou menos inmediata co tempo de Advento ou de Nadal celébrase tamén a festividade da Inmaculada Concepción. En realidade, nin María nin Xesús poden ser comprendidos en si mesmos sen atendermos á súa íntima e mutua relación. A espera de María da vinda ó mundo do

seu fillo Xesús, que ela nos traería, é sen dúbida un caso único e inenarrábel da nosa historia da salvación. Unha mociña pobre, absolutamente entregada a Deus, que aporta á historia da humanidade o máximo valor que a humanidade podería esperar e desexar: o Deus humanizado, o Deus connosco, o "Emmanuel". Deus entrando na historia humana nas mans nosas. Algo inimaxinábel! Claro que para iso tivo que se facer Deus moi pequeno. Un neno, que ó principio non faría outra cousa máis que chorar e desexar agarimo, coma tódolos nenos.

Estamos, en calquera caso, á espera dese Neno, preparándonos para acollelo. A liturxia, as Lecturas, as palabras sagradas, lévannos cada domingo por lugares distintos. Hoxe amósaseme todo en principio como algo disperso, sen un claro eixo estruturador. Fálase aquí e alá de cousas importantes: da alegría, da morriña cristiá de Paulo, do amor e da sensibilidade que hai que ter, da xustiza, etc. Todo un pouco revolto. Mais, dándolle algunhas voltas ó maxín, pódese encontrar algunha idea máis xeral ou estruturante e, ademais, coido que moi contundente na súa mensaxe de fondo.

Refírome a iso do que se nos fala tanto na 1ª Lectura, a do libro de Baruc, coma no Evanxeo, onde Lucas fai referencia, falando de Xoán Bautista, a outro moi importante profeta do Antigo Testamento, nada menos que Isaías. O primeiro proclama a necesidade de acabar cos atrancos que se lle poñen diante ó pobo de Deus para que poida experimentar de verdade a chegada e a presenza de Deus nas súas vidas: "Mandou o Señor que se rebaixasen os montes altos e os vellos outeiros e que os barrancos se enchesen volvéndose chairas, para que Israel camiñe con paso seguro, guiado pola gloria de Deus". Pola súa parte, Xoán Bautista, que moito tempo despois actúa desde o deserto, é dicir, desde a soidade e desde a súa non-conivencia cos poderosos deste mundo, vai atraer cara a si as xentes máis diversas da rexión para lles dicir algo semellante: "Preparade os camiños do Señor, reparade os seus vieiros. Toda barranqueira se cubrirá, todo monte e outeiro se rebaixará, os camiños tortos hanse endereitar e os fragosos hanse achanzar. E todos verán a salvación de Deus".

Son naturalmente comparanzas, símiles, alegorías, pero que abranguen seguramente máis que moitas palabras cumpridas e exactas.

Cinguíndonos ó caso do noso Advento. Que nos están a dicir esas imaxes ou que nos quere dicir a liturxia con elas? Os profetas non falaban en xeral, senón facendo referencia a cousas moi concretas do seu tempo. Mais tanto Baruc como Isaías ou tamén o Bautista, en canto inmediato preparador e anunciador da vinda de Xesús, pertencían aínda en definitiva ó Antigo Testamento. E un profeta de hoxe (e habelos hainos, grazas a Deus, tamén hoxe en día) debería falar dunha maneira máis decidida e concreta, porque Xesús hai xa máis de dous milleiros de anos que veu a este mundo e parece que vai xa sendo horas de que tomemos algo máis en serio a súa mensaxe.

Pois ben. Nos escritos do Novo Testamento temos algo así coma unha minuta do que deberiamos profetizar, é dicir, anunciar con forza, os seus seguidores. E todos deberiamos actuar, cada un á súa maneira e na súa concreta e particular situación, como profetas. Os atrancos que se opoñen á aparición ou presenza de Deus entre nós, dos que nos falan os profetas antigos pero que son aludidos tamén por un autor do Novo Testamento como Lucas, seguen sendo os mesmos. Mais, dada a aparición de Xesús na historia humana e o coñecemento que temos da súa mensaxe, hai unha meirande urxencia para destruílos. Xesús destruíu en principio tódolos atrancos ("montes" e "outeiros") que se nos poderían poñer diante nosa, tanto relixiosos como humanos. Desde a vinda onda nós de Xesús, Deus é o noso Pai, máis exactamente, o noso "papaíño" ou, se queremos, a nosa "naiciña", e os demais convértense así en irmáns

meus. Qué outros atrancos fundamentais nos poderían impedir que actuemos na vida con liberdade, con confianza, con amor?

En consecuencia, temos que loitar como cristiáns contra eses outros montes e outeiros artificiais do poder e da inxustiza que se teñen convertido no noso tempo en verdadeiros e aparentemente inamovíbeis atrancos para a fraternidade que Xesús veu traer á terra. Non fai falla concretar moito, pois todos estamos máis ou menos ó tanto do que está a ocorrer no mundo, en varios países europeos, tamén en Galicia: paro, desafiuzamentos, forte descenso da natalidade, mocidade bloqueada nas súas posibilidades de desenvolvemento social e humano, etc. Se nós como cristiáns nos lavamos secretamente as mans ante estas ou semellantes inxustizas ou apoiamos xentes e colectivos que provocan ou consenten estas situacións, entón certamente non nos podemos considerar como modélicos seguidores de Xesús. Dese Xesús que se enfrontou ós poderosos do seu tempo, tanto relixiosos como políticos, e que por esa razón acabou como acabou. O mundo, a humanidade, ten, pois, un Salvador porque Xesús foi quen foi e actuou como actuou.

Por iso, neste tempo de Advento, a mellor preparación para a vinda de Xesús no Nadal sería darlle voltas na nosa cabeciña e no noso corazón e en unión comunitaria cos demais para vermos se no noso modo de pensar e de vivir temos algo dos folgos de Xesús para loitar contra aquilo que el criticou ou fustrigou durante a súa vida. Contra eses montes e outeiros que non deixan que as persoas vivan libres e ceibes, iguais entre si coma irmáns, felices e esperanzados.

Non podemos prepararnos como é debido para a chegada próxima e futura de Xesús se el non está realmente, deste xeito, xa antes connosco, na nosa mente, no noso corazón e nas nosas actuacións.

DOMINGO III DE ADVENTO

Fronte a medos, festa rachada

Cando os días se está a facer máis curtos, porque o sol levanta pouco a testa e o inverno dá sinais de estar xa preto, contra vento –pois- e marea, a liturxia declárase hoxe en folga respecto de sentimentos que se poderían asociar con estes acontecementos meteorolóxicos. Para ela, e polo tanto para nós, nada de tristuras, desazos e sentimentos semellantes.

O motivo é que sempre, ó longo das nosas vidas, mais especialmente e de maneira formal neste tempo de Advento, estamos a esperar o Señor que vén. Que vén, segundo comentabamos, como liberador dos nosos medos, angustias e dúbidas en relación co que vai ser de nós, da humanidade e do mundo. El é quen nos posibilita a esperanza, porque nos abre un futuro firme e seguro. Por iso temos dereito, grazas á Boa Nova do Evanxeo, a vivirmos con alegría.

Así o declaran polo menos, de maneira ben alta e clara, os textos e lecturas desta nosa celebración eucarística de hoxe. Xa na mesma antífona de entrada fomos convidados á ledicia comunitaria ó utilizárense nela estas palabras de Paulo na súa carta ós Filipenses: “Alegrádevos sempre no Señor, vivide sempre na súa ledicia, o Señor anda preto de nós”. E Paulo insistirá aínda na mesma carta en que non deberiamos desacougarnos “por cousa ningunha”.

A encarnación, pois, de Deus na nosa existencia mortal, é dicir, o seu emparentamento coa humanidade toda e, en consecuencia, con todas e cada unha das culturas, linguas ou relixións existentes no mundo debería ser motivo abondo para que a humanidade enteira se alegrase coa vinda de Xesús. Porque Xesús veu xa, está vindo e seguira á vir sempre para todos e cada un dos seres humanos. Non só para algúns.

Non deixa de ser mágoa que ás veces os cristiáns teñamos dado a impresión de non sermos ou térmonos presentado aberta e decididamente felices ante os demais. Polo menos un importante e moi lido filósofo alemán do século XIX, que se chamaba Nietzsche, criticaba os cristiáns e os crentes en xeral por isto. Dicía que el "só crería nun Deus que soubese bailar". E criticaba a "sacerdotes" e crentes por non proclamaren a alegría senón a dor e a tristura: "Deberían cantarme mellores cancións, para aprender eu a crer no seu Liberador. Deberían parecerme máis liberados os seus discípulos".

Non estaría nada mal que aceptásemos o consello de Nietzsche. Non porque o diga el, senón porque resulta ser unha proclamación central, como vedes, da nosa fe: a de vivirmos alegres no Señor, porque el nos salvou, nos liberou, ó se facer un de nós e, xa que logo, irmán de todos. Por algo o papa Francisco escribiu a súa fermosa exhortación apostólica que leva como título "A alegría do evanxeo".

O sentírmonos irmáns de todos provoca, efectivamente, alegría en nós e en cantos poden experimentar e comprobar que somos de verdade irmáns deles.

A pesar de que Xesús centrou a súa mensaxe xustamente nisto, chama moito a atención o feito de que Lucas, no seu evanxeo de hoxe, nos presente xa a Xoán Bautista, o precursor do Mesías, nesta mesma liña de Xesús. Uns e outros pregúntanlle ó Precursor que é o que teñen que facer. O Bautista, que á fin e ó cabo era un home do Antigo Testamento e polo tanto sabía moito de ritos, sacrificios, penitencias e preceptos que había que cumprir, deixa de lado todo isto e respóndelles con toda claridade e ben concretamente: O que tendes que facer é ser bos cos demais. Nada máis e nada menos: sermos xustos, bondadosos con todos. É dicir, exercermos de irmáns dos que viven arredor de nós. Ou, como adoitamos dicir tantas veces, compartir.

Curiosamente, de entre os tres consellos ou mandados que o Bautista lles formula ós seus oíntes e discípulos non hai sequera un que se refira directamente a Deus. Os tres, para dicilo dunha maneira algo provocadora, son humanos, non "divinos". Velaquí as propostas que lles fai Xoán. Dilles á xente: "O que teña dúas túnicas, que as reparta con quen non teña ningunha; e que faga o mesmo quen teña que comer". Polo tanto e de novo: compartir. Ós que teñen o oficio de cobrar os impostos: "Non esixades nada máis do que vos está mandado". E ós soldados, é dicir, ós militares e policía dun país daquela sometido a un poder estranxeiro (o de Roma): "Non asoballedes nin saqueedes a ninguén...".

Se isto o podía dicir o Bautista, que non poderá dicir Xesús, aquel do que Xoán dicía que era "máis forte" ca el e do que el non se consideraba digno de lle desatar os amallós do seu calzado? Porque Xesús bautizaranos non con "auga", é dicir, de maneira puramente ritual, natural e humana, senón, tal como o anuncia o Bautista, co "Espírito Santo", é dicir, coa liberdade, o amor e a grandeza do mesmo Deus, que Xesús fará descender sobre nós como Espírito.

Con razón poderiamos dicir así que Xesús se converte tamén en precursor ou presentador do Espírito Santo. Pois Xesús, ó final da súa existencia histórica entre nós, mandaranos o seu Espírito, que encherá cos seus dons as vidas dos crentes.

A espera de Xesús deste tempo de Advento é, polo tanto, unha espera que non pode ser senón alegre e agradecida, porque con el nos chega o Deus enteiro, pra dicilo dalgunha maneira: o Deus que é Pai, Fillo e Espírito Santo.

Na oración, chamada "Colecta" na linguaxe litúrxica, do comezo da nosa eucaristía de hoxe, pediámoslle a Deus Pai deste xeito: *"Señor, encamiña o noso corazón cara á ledicia do gran misterio do nacemento do teu Fillo".* Asintamos, pois, de corazón ó fondo contido destas palabras.

DOMINGO IV DE ADVENTO

Encontro dos encontros

Propónsenos no Evanxeo deste último domingo de Advento, para a nosa meditación e preparación comunitaria da aparición agarimosa de Xesús onda nós, un fermoso e entrañábel texto de Lucas.

A mociña María, chea de graza, ou mellor, tal como comentabamos noutro domingo, "enchida" por Deus da graza do seu Espírito, adiántase con presteza ("con moita présa", dinos Lucas), con moita xenerosidade e humildade, a percorrer o camiño que a conduce á casa da súa curmá, Isabel. Tanto María como Isabel están á espera de dar a luz. Isabel á espera do seu neno Xoán, o futuro anunciador ou precursor do Señor, e María á espera de nos agasallar co infinito don de Deus: Xesús, irmán noso e fillo benquerido de Deus Pai.

Toda a liturxia de hoxe (como tamén en xeral a do Advento e Nadal) é, en realidade, relato ou loanza dun encontro. Dun encontro marabilloso: o de Deus connosco, e o de cada un de nós coas persoas deste noso complicado mundo, que son irmáns nosos, irmás nosas.

Deus é xa desde sempre encontro fondo e misterioso. Desde a eternidade éo na súa misteriosa Trindade. Encontro inimaxinábel, impenetrábel para nós, entre Pai, Fillo e Espírito. Pois ben, este íntimo encontro divino, tan fondo e íntimo que por iso mesmo non podemos falar máis que dun só Deus, quere e decide ampliarse ou manifestarse alén (por así dicilo) do interior de Deus mesmo cara ó encontro concreto, histórico, connosco en Xesús.

Deste modo, María, antes có precursor Xoán Bautista, convértese nese seu presto camiñar cara ó encontro coa súa curmá Isabel na primeira precursora de Xesús. Ela anuncia coa súa presenza a presenza de Xesús nela perante Isabel e perante o seu fillo Xoán que está para nacer. María leva consigo o Xesús que vai nacer. Por medio dela faise Deus presente en Xesús, mesmo antes do seu nacemento, entre os próximos a María.

Encontro agarimoso de dúas mulleres que se queren, que se estiman e que mutuamente se axudan. Encontro anticipado de Xoán con Xesús, que enche de alegría o neno Xoán, que está tamén para nacer, "brincando de alegría" no seo da súa nai.

Desde o acontecemento de Xesús, o Deus que emparentou coa nosa humanidade, os encontros de Deus connosco realízanse como encontros igualitarios, amorosos, xenerosos, servizais. Só así poden ser encontros verdadeiramente salvíficos. Deus salva, verte o seu Espírito, dende a proximidade e fraternidade de Xesús. Non dende o "ordeno e mando", desde o imperio, desde o poder ou desde a intimidación ou a angustia.

É así como estamos preparándonos verdadeiramente para o próximo encontro da Noite Boa con Xesús. Unha noite á que xustamente chamamos “boa” porque ela é todo o contrario de raios e tormentas, medos e desazos, turbulencias ou violencias. Os relatos evanxélicos do nacemento de Xesús e as tradicións dos nosos nacementos artísticos e populares soubérono expresar moi ben. Un encontro que se realiza no máis espontáneo e inmediato da natureza: alí onde flúe clara a auga e se pode tocar o brando musgo, entre años e ovelliñas, á beira do boi quente e tranquilo e da fermosa e quieta muliña. Símbolos todos que falan co seu silencio e coa súa soa presenza de paz, tranquilidade, humildade e irmandade universal.

Estamos todos necesitados, ó longo das nosas vidas, desta aura propia do Nadal que está a chegar. Mais non debemos estar só á espera de que eses encontros nos cheguen. Debemos ofrecer nós mesmos este tipo de encontros ós demais. Revestírmonos do espírito de Xesús, que é o espírito de Deus, e actuar co ímpeto e a forza que proceden dese mesmo espírito nos nosos encontros e relacións con tódalas persoas. Sobre todo con aquelas que poidan estar máis necesitadas destes encontros fraternais e amorosos.

A vida humana, toda ela, está chea de encontros. Que estes encontros se convertan en desencontros depende en boa parte de nós. Quero dicir, depende de nós en canto esteamos ou non “enchidos” dese espírito co que María foi ó encontro de Isabel ou co que o neno Xesús se encontrou co neno Xoán. Porque, en definitiva, sempre é Deus o que mobiliza e dá forzas e arte para a realización deses encontros. Encontros que están sempre, por moi humanos que sexan e deban ser, aureolados de divindade.

Encontros que poden ocorrer no silencio, é dicir, sen palabras. Semellantes a ese “pai ou nai de tódolos encontros” que é o encontro no Nadal de Deus coa humanidade. O encontro cun neno que nin sequera sabe falar, mais, iso si, que está disposto a querer e a ser querido. Para que sexa verdade aquilo de Xoán de que Deus é “amor”.

A mediados do século pasado escribiu aquí en Vigo José Luis Martín Vigil unha novela moi lida, admirada e reeditada que leva como título “La vida sale al encuentro”. É ben verdade. Toda vida está tecida de encontros. Encontros cos pais, cos irmáns e irmás, cos amigos e amigas, con esposos ou esposas, cos fillos ou cos netos, cos estraños e diferentes. Encontros cos acontecementos agradábeis ou desagradábeis da vida, coas ideas, coa nosa conciencia, coa nosa vida toda e coa dos demais, coa morte dos que estimamos ou queremos, coa espera e coa esperanza, co medo da nosa propia morte, etc. E, a través de todo isto, encontro connosco e co Deus que está no fondo e nos alicerces mesmos de todo este tipo de encontros.

O que non é posíbel é vivirmos á marxe de moitos destes encontros. Hoxe, ben preto da Noite Boa, deberiamos prepararnos mental e cordialmente para o encontro de tódolos encontros que se concentra nun humilde lugar onde Deus se fai humano e os humanos recibimos a posibilidade de sermos verdadeiramente semellantes a Deus, de participarmos realmente da propia natureza divina.

Un plan tan grandioso e inimaxinábel que só un Deus verdadeiramente namorado de nós pode concibir. Aquí só cabe agradecer e corresponder.

DOMINGO I DE CORESMA

Da corentena á boa noticia

Hai só catro días, no pasado mércores de cinza, empezabamos o tempo de Coresma, un nome este, o de "Coresma", que ten que ver ("coresma" – "corenta") cos "corenta" días de xaxún que, segundo o texto dos evanxeos, pasou Xesús no deserto tras ser bautizado por Xoán Bautista. Sabemos que o dos "corenta" días non hai que entendelo literalmente, pois trátase dun número simbólico de "plenitude", segundo nos din os entendidos. Vén significar algo así coma se dixésemos: "Xesús foi tentado *sempre*". Como sempre somos tentados todos nós. Ás veces imaxinamos Xesús tan "divino" que nos pode resultar case incomprensíbel que puidese ser "tentado" coma nós. Mais Xesús era tamén humano. Só que moito máis humano e por iso precisamente moito máis divino tamén. Tan divino que era o fillo benquerido de Deus.

En calquera dos tres ciclos da liturxia da Coresma fálasenos sempre no primeiro domingo (o de hoxe) sobre as tentacións de Xesús. Pois ben, na súa íntima, persoalísima, relación e comunicación co seu Pai Deus no deserto, Xesús veuse tentado, pese a todo, polo espírito malo, polo Satán do que nos fala hoxe Lucas.

O ser humano, todos e cada un de nós, somos un misterio para nós mesmos. Atráennos o poder, o prestixio, a fama. Queremos ser máis cós demais. E a estes pásalles outro tanto. E sabemos que se nos deixamos levar por todo iso, sofren a irmandade, a fraternidade, a igualdade. Xesús debeulle de dar moitas voltas a este duro conflito que se produce no interior de todos nós, tamén no seu propio interior.

Mais no deserto, na soidade consigo mesmo e en íntima compaña co seu Pai Deus, chegou Xesús á irrevogábel conclusión de que a vontade do seu Pai era a de instaurar no mundo un reino de amor e fraternidade. Por iso, o deserto de Xesús será (a diferenza do deserto de Xoán Bautista) unha etapa só pasaxeira, que o levaría axiña a traballar directamente xunto cos seus apóstolos e discípulos a prol da instauración dese reino. Esa é a "boa nova" de Xesús.

Os que nos describen a peripecia de Xesús no deserto, en loita entre o falaz convite de Satán ó poder e á fama e a chamada do Pai á instauración dun reino de fraternidade, fálannos do importante papel que nesa loita xoga o "Espírito Santo". É ese Espírito divino o que empuxa, forza, leva Xesús ó deserto, algo así como unha poderosa onda dun mar impetuoso nos leva cara a onde ela quere. É ese Espírito forte de Deus o que clarifica as ideas de Xesús e o que lle dá forzas así para resistir as tentacións do mal espírito, do tentador, do Satán.

Será ese mesmo Espírito de Deus que o levou ó deserto o que o encamiñará tamén, fóra do deserto, cara ó encontro cos homes e mulleres do seu tempo. Coa xente normal e corrente, coas súas necesidades, sufrindo as penurias que lles impoñen cantos se deixan levar polo espírito de Satán, é dicir, os poderosos en cargos, diñeiro, prestixio social ou político, ós que non lles importan ren os demais. A tódolos marxinados ou desprezados polos de arriba vailles anunciar Xesús a "boa nova", a "alegre noticia". Unha boa noticia, que ten como centro a experiencia de sentírense todos irmáns entre si e fillos queridos de Deus Pai.

A Coresma tivo popularmente noutros tempos un sentido algo tristeiro, de renuncia a certas cousas no comer ou de realización de determinadas prácticas penitenciais. De aí o contraste popular entre o Entroido destes festivos días pasados e a austera Coresma na que agora xa estamos. Unha Coresma que liturxicamente empezaba ademais con ese convite, na antiga fórmula da imposición da cinza, a lembrármonos de que "somos po e que en po nos imos converter". Pola contra, a mensaxe da fórmula de imposición da cinza do mércores pasado é agora moito máis alegre e, tamén, sen dúbida, moito máis cristiá por concordar mellor coa mensaxe central de Xesús. A

fórmula actual é, como sabedes, esta: “Convértete e cre no Evanxeo”. É dicir, vólvete cara á grande e alegre noticia que Xesús nos dá.

Ben sabemos cal é esa boa nova. Nada máis e nada menos que a boa, a alegre nova de Xesús mesmo, é dicir, de que Deus está connosco, de que Deus nos quere como a fillos del que somos e de que calquera outra persoa está destinada, igual ca min, a formar parte dun reino sororal e fraternal de xustiza, de amor e de paz.

Compráceme por iso a expresión tradicional galega “Antroido” (ou “Entroido”) máis cá de “Carnaval”. Porque “Entroido” se refire directamente á “entrada”, á entrada na Coresma. Non hai polo tanto un “corte” entre o Entroido e a Coresma, tal como se vén representado popularmente nas troulas e festas do Entroido en contraste co austero rito do antigo comezo da Coresma de que non somos máis ca po. O Entroido é só a porta de entrada, alegre e festeira, á ledicia, moito máis fonda e universal, que nos trae Xesús, cando no novo rito se nos pide que nos convertamos ó “Evanxeo”, é dicir, ó “bo” ou “alegre” “anuncio” de Deus en Xesús para todos e cada un de nós.

Precisamente por esta “boa nova” ser unha boa nova para TODOS e non só para algúns, por iso –digo- a nosa alegría ten que ser inclusiva e non “exclusiva”. Ten que incluír nela a cantos poderían sentirse discriminados nas súas vidas, pois todos eles son tamén irmáns meus e, xa que logo, non deberían ter motivo ningún para me acusaren a min de que non me comporto con eles coma un verdadeiro irmán.

Esta é, pois, a fermosa tarefa que temos diante nosa neste tempo coresmal que acabamos de comezar. Pidámoslle ó Espírito Santo, ó Espírito de Deus, que nos empuxe con forza, como o fixo con Xesús, ó “deserto” da nosa conversión a Deus Pai para así sermos quen de chegar a considerar a todos como verdadeiros irmáns nosos.

DOMINGO II DE CORESMA

Querer transforma

Estamos en tempo coresmal. E, en consecuencia, os textos litúrxicos que hoxe se nos presentan para a nosa consideración teñen que ver con este tomarmos conciencia da persoa de Xesús nuns momentos moi especiais da súa vida. E a vida de Xesús non se pode entender sen a súa morte e sen a súa resurrección.

A escena descrita no evanxeo de hoxe por Lucas sobre a transfiguración de Xesús manifféstanos dunha maneira moi clara e concisa esta visión conxunta de vida, morte e resurrección de Xesús, tan intimamente relacionadas nel entre si.

Vexámolo algo máis amodo. Xesús camiña monte arriba, unha vez máis cos tres apóstolos máis proximamente achegados a el e, unha vez máis tamén, para orar. É dicir, para se poñer en contacto, dunha maneira máis formal e explícita, con seu Pai, co seu Paiciño querido. Xa na escena do bautismo que recibira Xesús de Xoán aparecía a voz de Deus Pai amosando a súa compracencia co seu Fillo benquerido. Trátase dunha amizade fonda, única, moi íntima, infinitamente meirande cá que poden ter entre nós os pais cos seus fillos pequenos. Xesús pasábao moi ben falando de noite ou de día con seu Pai, que o quería infinitamente a el; e el, Xesús, queríao tamén pola súa parte infinitamente a el. Para Xesús orar non estaba mesturado, como nos podería ocorrer a nós, cun certo modo de obriga moral, senón que era un infinito pracer que o enchía de felicidade.

É sabido que Lucas, o autor do texto do evanxeo de hoxe, acostuma referirse bastantes veces á oración de Xesús. Tamén o fai hoxe ó nos indicar que foi precisamente "mentres estaba orando" cando Xesús se transfigurou: "cambiou o aspecto do seu rostro, e os seus vestidos viraron brancos e resplandecentes". Esta descrición, típica da literatura apocalíptica, é a que nos fai enxergar dalgunha maneira o incríbelmente transformado que se volvía Xesús cando contactaba co seu Pai Deus. Algo así como unha fermosa lámpada se ilumina de súpeto marabillosamente cando se conecta á rede eléctrica. Se Xesús podía dicir sobre si mesmo que era a "luz do mundo", iso só era posíbel pola súa inimaxinábel unión con esa fonte infinita de luz que é Deus mesmo. Xesús aparece así feliz e resplandecente, transfigurado. Como o poden estar, aínda que en moito menor grao, unha nai co seu fillo ou filla, a noiva co seu noivo ou, en xeral, alí onde se encontren dúas persoas que se queren moito. Todo queda iluminado: as persoas e as cousas, o ceo e maila terra, o pasado e o futuro. O amor transfórmao todo.

Na escena descrita por Lucas o tempo pasado móstrase nas figuras de Moisés e de Elías en canto representantes da lei e dos profetas do Antigo Testamento. Moisés e Elías aparecen aquí conversando, "falando" con Xesús. Xesús vén sendo o cumprimento definitivo de todo o anunciado antes por medio da lei e dos profetas, aínda que superándoos totalmente. Pois, en calquera caso, Moisés e Elías e todo o que eles representan pertencen ó pasado. Por iso, o único que queda ó final, despois de apareceren Moisés e Elías durante algún tempo na escena, é Xesús, o Fillo benquerido do Pai Deus, ó que a "voz" do Pai se referirá cando proclama: "Este é o meu Fillo, o Elixido: escoitádeo". "Cando a voz acabou –dinos Lucas- Xesús apareceu só". Coa vinda de Xesús, xa non queda pegada algunha de leis, preceptos, normas ou ritos pasados. Agora só temos a Xesús, e con el a "boa nova" que nos anuncia que temos un Pai-Deus que no seu fillo Xesús nos quere a todos como irmáns seus.

Como é doado decatarse, a frase "Este é o meu Fillo, o Elixido: escoitádeo" está moi en liña con aquela outra coa que fomos introducidos, o mércores de Cinza, no tempo coresmal: "Convértete e cre no Evanxeo". É dicir, dirixe a túa vista e o teu corazón cara a aquel que é o Fillo de Deus e escóitao, porque el é o escollido polo Pai, por Deus-Pai. Hai aquí, no texto de Lucas, unha pequena variación respecto dos textos de Mateo ou Marcos, pois estes últimos fálannos do Fillo "benquerido" polo Pai, mentres que Lucas nos di que Xesús é o "elixido" polo Pai. Mais esta variación non fai senón reforzar a mensaxe do Pai de que El ten posto o seu corazón en Xesús.

Na escena integradora da vida de Xesús que se nos presenta na súa Transfiguración, estando el no monte en oración, alúdese non só á Resurrección de Xesús que enche alí de felicidade os seus tres apóstolos, senón tamén á súa paixón e á súa morte. Ese vén sendo precisamente o tema da conversa entre Xesús e os seus predecesores Moisés e Elías, tal como nolo refire Lucas. "Falaban –dinos Lucas- do seu éxodo que remataría en Xerusalén". É dicir, falaban da paixón e da morte de Xesús, coas que remata o tempo de Coresma na chamada "Semana Santa".

De modo que hai tamén na escena de hoxe algo así como unha síntese do rumbo e significado da nosa vida. O rumbo formulado en latín concisamente naquel dito tradicional: "per crucem ad lucem", "pola cruz á luz", pola paixón á resurrección; a través das escuridades da vida cara á luz e á transfiguración que temos prometidas. Todo ten o seu tempo e o seu momento. De modo que aquí non vale, como parece que pretendía o bo e impetuoso Pedro, queimar prematuramente etapas ó el propoñer montar e afincar ben as tres tendas naqueles felices momentos que estaba a vivir. A vida é un proceso, sempre sorprendente e de non doada realización. Non se pode un quedar para

sempre no monte. Hai que baixar ó val para se ocupar tamén de anunciar a boa nova de Xesús, porque son moitos os que necesitan escoitar esa boa nova, esa palabra de felicidade e liberación que Deus ofrece ó mundo en Xesús.

No monte, o lugar axeitado para a oración, só podemos oír a voz, limpa e persoal, de Deus. Mais, unha vez escoitada e asumida, hemos de baixala monte abaixo para oírmos tamén esa mesma voz de Deus a través da voz dos nosos irmáns, mulleres e homes do mundo enteiro. Ou, como leo, transformándoo un chisco, nun escrito que chegou hai algún tempo ás miñas mans: "No Tabor falou a Palabra de Deus Pai: 'Este é o meu predilecto, escoitádeo'. Agora, despois de baixar do monte, a mesma voz dinos, referíndose a tódolos irmáns de Xesús do mundo enteiro: 'Estes son os meus fillos queridos. Escoitádeos'. Son os pobres e os pequenos, os excluídos, os esquecidos, os afectados por tódalas crises e calamidades. Subirmos ó monte, si, mais para escoitarmos a Deus que convida a baixar ós infernos da sufrimento e da inxustiza humana, para liberarmos a xente de toda clase de escravitude".

Unha tarefa á que estamos todos convidados non só no tempo coresmal, senón ó longo de toda a nosa vida.

DOMINGO III DE CORESMA

Unha muller libre

O tempo de Coresma vai avanzando e deberiamos tamén nós irnos renovando interiormente ó seu ritmo. As instrucións litúrxicas ofrécennos hoxe a posibilidade de escollermos as Lecturas do Ciclo A (o de hai dous anos) no canto das do Ciclo C no que propiamente estamos. Non quixen desaproveitar a ocasión que se nos brinda, porque a lectura do encontro de Xesús coa muller samaritana, descrito por Xoán, é unha verdadeira preciosidade pola súa sinxeleza ou espontaneidade e mais pola fondura do seu contido.

Sérvenos ademais pra irmos afondando, cada vez máis decididamente, na grandeza e orixinalidade da mensaxe de Xesús. Pois, se no comezo da Coresma se nos pediu que "nos convertésemos e crésemos no Evanxeo", é dicir na "boa nova", teriamos que estar atentos ás novidades fundamentais que nos trae Xesús e que se distinguen netamente de anteriores manifestacións de Deus na historia humana.

Estas novidades de Xesús –estou diso moi convencido- seguen sendo verdadeiramente novas nos tempos de hoxe e seguirano a ser en tempos vindeiros, porque o acontecemento da aparición e presenza de Xesús onda nós veu romper tódolos moldes, incluso os moldes relixiosos da época. Isto é así pola mesma razón pola que Deus, o Deus infindo e inabarcábel, rompe por si mesmo con tódalas pequenas ideas e conceptos nos que nos gustaría apresalo. Pois Xesús non é, nin máis nin menos, có anunciador elixido por ese Deus misterioso e inabarcábel para nos comunicar quen é e como é ese Deus.

En Xesús ofrécenos Deus, o Deus creador de todo, a doada e gratificante posibilidade de achegármonos a El, ó Deus infindo e misterioso, sen utilizarmos vellos ritos ou transitando por vías digamos oficiais, venerábeis ou tradicionalmente admitidas polas diversas culturas. Se isto que digo vos parece esaxerado ou estraño, escoitade unha vez máis o que lle comenta Xesús, cansado e sedento, a esa muller samaritana, á que todos lle debemos agradecer moito por ter sido tan oportuna como para se lle ocorrer ir a por auga ó pozo cando Xesús estaba alí a acougar un pouco...

Polo relato de Xoán sabemos que a muller cambiou de terzo na súa conversa cando Xesús lle fixo referencia ós cinco maridos que tivera. Xesús non a condena nin a despreza por iso. Quen sabe se aquela era unha muller consciente de si mesma, con suficiente sentido da súa dignidade e liberdade para non se deixar someter ós autoritarismos e desprezos respecto dela por parte dos sucesivos maridos? Non esquezamos que naquela cultura e naquel tempo a muller era unha persoa moito máis discriminada aínda ca nos nosos tempos.

Esta benévola e comprensiva actitude de Xesús en relación con ela é a que a ela lle fai de súpeto intuír que a persoa que está alí a falar con ela é alguén que non se parece en nada ós seus anteriores maridos. Coa intuición propia dunha muller intelixente e coñecedora da vida humana, a samaritana decátase axiña de que alí diante dela está un home de Deus ou, como ela lle di a Xesús, un "profeta".

Para ela é, polo tanto, o momento axeitado para lle formular unha pregunta digamos directamente "relixiosa". A pregunta que lle fai a Xesús é sobre o lugar no que está Deus, sobre cal é a relixión "verdadeira", a del, é dicir, a do xudeu Xesús, ou a dela, a dos samaritanos. Unha pregunta que moitos nos podemos facer tamén hoxe en día ante a presenza ó noso lado de crenzas ou confesións relixiosas tan diversas. Se ve que a intelixente muller non era tampouco unha "dogmática" respecto da súa propia relixión, senón que tiña dúbidas sobre a lexitimidade do seu modo concreto de se incardinar ou vincular a uns determinados ritos ou lugares de culto.

Xesús naturalmente non a vai defraudar. Porque se a muller samaritana, polo que se ve, era unha muller amante da liberdade e da verdade, Xesús serao aínda moito máis ca ela. Pois Xesús é o fillo "benquerido" do Pai Deus, que é a mesma liberdade e amor absolutos, presente en calquera tempo e lugar. En consecuencia, Xesús vai encher o corazón da muller cun espírito de liberdade e verdade, que a converterá en anunciadora ante os seus veciños da gran mensaxe que acababa de recibir.

Porque Xesús vai liberar (unha vez máis Xesús como "liberador"!), vai descargar esta muller, aberta á verdade e á liberdade, das angustias e atrancos ós que estaba sometida pola concreta sociedade na que estaba a vivir.

Coido que a resposta que lle deu Xesús a esta muller hai vinte séculos non está aínda suficientemente asimilada nos nosos tempos, incluso entre os que nos chamamos cristiáns e seguidores de Xesús. É unha resposta absolutamente sorprendente, mais totalmente coherente coa experiencia fonda e íntima que Xesús tiña de seu Pai Deus naqueles sublimes momentos de conversa con El no cumio de calquera deses montes a onde se dirixía para falar con El (coma o monte do anterior domingo onde se transfigurou durante a oración).

Escoitemos a resposta de Xesús á muller, e fagámolo tendo presente aquel mandado do Pai: "Este é meu fillo benquerido, o elixido. ESCOITÁDEO". Velaquí, pois, a case incríbel resposta de Xesús: "Faime caso, muller: chega a hora en que nin neste monte nin en Xerusalén adoraredes o Pai... Chega a hora –e velaí- en que os verdadeiros adoradores adorarán o Pai en espírito e verdade, pois eses son os adoradores que procura o Pai. Deus é espírito e cómpre que os que o adoran o adoren en espírito e verdade".

Con esta resposta púxolle Xesús definitivamente no seu interior á samaritana aquela auga, mellor dito, aquela –en palabras de Xesús- "fonte que salta ata a vida eterna", que ela en realidade estaba sempre no fondo a buscar.

Pra rematarmos xa. Un cristián éo de verdade cando, ó se achegar concretamente á súa igrexa habitual para escoitar a mensaxe de Xesús e alimentarse da súa doutrina e da súa persoa, sabe e é perfectamente consciente de que a nosa "adoración" do Deus de Xesús non se restrinxe ou limita a un concreto lugar, senón que ocorre e pode ocorrer en calquera lugar do mundo, sexa ou non considerado como sagrado. Por que? Porque o Deus de Xesús non é só o Deus dalgúns, senón o Deus de todos. A súa Palabra, é dicir, Xesús, diríxese sempre a tódalas conciencias en calquera tempo ou lugar e no seo de calquera cultura ou relixión. Deixemos, pois, neste tempo coresmal que esta alegre mensaxe de Xesús ensanche os nosos corazóns, como o fixo coa muller samaritana.

DOMINGO IV DE CORESMA

Entrañas maternais

A parábola do Fillo Pródigo é do máis marabilloso que un se pode imaxinar como imaxe do que é en si mesmo Deus e de como se comporta. Contada ademais por un Xesús que coñece o seu Pai Deus da maneira máis íntima e fonda que cabe pensar. As nosas ideas de Deus, por moi atinadas e sublimes que as poidamos considerar, son lixo e nada ante a fonda e incomparábel sabenza que de Deus Pai ten o seu único e "benquerido" Fillo.

Esta vivencia e experiencia que ten Xesús de seu Pai podería el manifestárnola cun par de palabras ou conceptos, dicíndonos por exemplo, como se se tratase dunha tese filosófica ou teolóxica dun profesor moi douto e erudito, algo así coma o seguinte: "Deus, o meu Pai, é infinitamente misericordioso". Quedariamos un tanto fríos e sen saber moi ben como se concreta iso na realidade. Mais como Xesús é a presenza viva e real de Deus no mundo, feita carne e sangue, por iso non pode el falarnos sobre o seu Pai ó xeito dun douto profesor. Terá que expresalo, alén dos conceptos máis ou menos fríos ou baleiros, con parábolas e imaxes, que sempre din máis, moito máis, ca unhas meras e simples palabras conceptuais ou abstractas.

Por iso Xesús falaba case sempre ós seus oíntes en parábolas, que veñen sendo palabras encarnadas, da mesma maneira que Xesús é e actúa coma un Deus encarnado e próximo.

Non deixa de ser curioso que só Lucas nos narre esta preciosa parábola. E trátase do mesmo Lucas que nos refería hai un par de domingos aquela escena de Xesús comentando na súa aldea de Nazaret un texto de Isaías. Alí, para expoñer ante os seus oíntes as ideas fundamentais da súa mensaxe, escollera e lera Xesús do texto de Isaías palabras de liberación e salvación, omitindo as de condena ou vinganza que figuraban no propio texto de Isaías. Para Xesús era ese un discurso programático, que el mesmo quixo contrapoñer á visión limitada e recortada de Deus do Antigo Testamento. Naquela ocasión –como lembraredes- os veciños da súa aldea amosáronlle o seu enfado e desgusto. Tanto que mesmo o querían matar.

Na parábola de hoxe o mesmo desgusto, e pola mesma razón, vaino manifestar o irmán maior do fillo pródigo (que ficara na casa). Non deixan de ser estrañas e rechamantes as sospeitas e os reparos que no fondo adoitamos ter respecto de que Deus poida ser de verdade bo, con amorosas entrañas de compaixón e misericordia.

Pois ben, aquilo que Xesús comentaba entón na sinagoga de Nazaret, de maneira aínda algo abstracta, vaino revestir de cor e vida na parábola de hoxe.

Para empezar, cómpre indicar que non é moi axeitado ó contido da parábola iso de chamala, como tradicionalmente facemos, parábola do "fillo pródigo". Porque este título semella pór demasiado o acento aínda no comportamento aloucado e insensato do fillo menor: nos seus pecados e desvaríos. Mais non é ese o centro da mensaxe da parábola, senón que o esencial dela é a inimaxinábel e case incomprensíbel misericordia de Deus Pai-Nai. Esta é a súa mensaxe fundamental. Por iso din algúns comentaristas que deberiamos denominala máis ben algo así como "a parábola do Pai bo e misericordioso".

Deus non é un vingador e castigador. Como aínda pensaba dalgunha maneira o mesmo profeta Isaías. Precisamente por iso eliminara Xesús na súa lectura pública do texto de Isaías as palabras correspondentes a esta idea "vingadora" que o profeta tiña aínda de Deus.

De feito, Xesús vén presentarnos o fillo maior (o que se quedou na casa) case como un verdadeiro modelo da relixiosidade e do modo correcto de se comportar dun fiel cumpridor das normas do Antigo Testamento. O irmán maior resístese a entrar para apertar o seu irmán (como fixera seu pai) e a celebrar conxuntamente con grande alegría a volta á casa do fillo menor. Resístese porque para el iso significaría non tomar en serio o pecado, a transgresión da lei por parte do seu irmán. Quen verdadeiramente merecería esa festa –pensa el- sería el mesmo, o irmán maior, porque durante toda a súa vida non fixera outra cousa senón ser un fiel, exacto e escrupuloso servidor da lei de Deus. "Levo moitos anos servíndote sen che faltar nunca en nada", replícalle "moi alporizado" o fillo maior a seu pai. Servizo, pois, sometemento ás normas e consecuentes dereitos adquiridos por ese correcto modo de proceder son os argumentos que esgrime o fillo maior ante seu Pai.

Os razoamentos do irmán maior non deixan de ter a súa lóxica e a máis dun de nós poden resultarnos incluso coherentes e comprensíbeis. Mais non é esa a lóxica dun Deus que se define a si mesmo polo amor, pola relación paternal ou maternal con tódalas súas criaturas, con tódalas persoas, ás que el considera como verdadeiros fillos del, en canto irmáns do Xesús que se fixo irmán noso.

O Pai intenta introducir o seu fillo maior nunha lóxica distinta. Na súa bondadosa conversa co seu fillo maior quere introducirnos o Pai (é dicir, o Deus de Xesús) a todos nós nun modo de pensar e de ser que é verdadeiramente elemento central do Evanxeo.

Non se trata só do fillo maior. Tamén o fillo menor pensaba en certo modo da mesma maneira có maior, cando despois de tantos desvaríos se parou por fin a recapacitar sobre o que lle estaba a pasar tralos golpes inesperados e insospeitados que recibira na vida. Alí está el inerme, espido e desasistido ante a crúa realidade da súa propia situación. Este fillo menor tampouco se pode imaxinar o seu Pai esperándoo cos brazos abertos. Nos seus plans non entra sequera a posibilidade de se relacionar con el coma un fillo. El opera con categorías de pecados cometidos, de traballos a realizar coma un xornaleiro máis. Seu pai non pode seguir sendo xa pai del. Bo é se o recibe aínda así, coma un servo e xornaleiro. Categorías típicas do Antigo Testamento.

Mais o Novo Testamento é unha cousa moi distinta, algo que supera totalmente as categorías do Antigo. Recórdanolo ben Paulo na súa carta de hoxe ós Corintios: "Quen estea en Cristo é unha criatura nova: o que era vello pasou. Velaí unha realidade nova".

O tempo de Coresma convídanos e anímanos a entrar nesta insospeitada "novidade" de Xesús, que nos revela un Deus Pai que é, por enriba de todo, misericordia e amor.

DOMINGO V DE CORESMA

O tiro que sae pola culata

Os textos litúrxicos, próximos xa á Semana Santa, seguen a facer algo semellante ó que fan as chuvias cando dicimos que chove sobre mollado. É bo que pete así tamén a palabra de Deus unha e outra vez sobre o noso interior para que a nosa conversión poida producir os froitos esperados.

Porque se trata de que esta chuvia de parábolas e imaxes, coas que Xesús quere facernos ver como é seu Pai Deus, chegue a afondar ben no noso espírito e se reflicta practicamente nas nosas actitudes e no noso comportamento individual e comunitario.

A idea fundamental é a da inimaxinábel e inexpugnábel bondade dun Deus que nos quere plenamente, máis alá ou por enriba das nosas deficiencias ou fracasos morais. Isto aparecía nidiamente xa na parábola do anterior domingo chamada do "fillo pródigo" ou mellor, como entón comentabamos, do "Pai misericordioso".

A parábola aparecía unicamente no evanxeo de Lucas, en continuidade coa visión de Lucas dun Xesús que rexeitaba decididamente en Deus calquera espírito de vinganza ou condena. En cambio, a escena que acabamos de escoitar agora aparece unicamente no evanxeo de Xoán, aínda que o contido de fondo sexa o mesmo ca en Lucas. Do que se pode deducir polo menos que a visión da bondade característica de Deus non é cousa particular dalgún autor concreto dos evanxeos, senón que se trata dunha mensaxe común a todos, aínda que cada un dos autores a exprese con parábolas ou escenas diversas.

Hoxe a escena descrita por Xoán está en relación cunha pobre muller que fora sorprendida en adulterio e que polo tanto estaba condenada, segundo a lei de Moisés, a ser lapidada publicamente. Algo semellante á condena de deixar de ser fillo para se converter en servo de por vida coa que contaba o chamado fillo pródigo para cando chegase de volta á casa de seu pai. Aínda que esta condena non fose tan terríbel como a da muller.

En ningún dos dous casos se amosa o Deus de Xesús da maneira que podemos chamar lóxica ou conforme ás leis humanas. A actitude do fillo maior da parábola do fillo pródigo (que quería que este fose tratado coma o que, a xuízo do seu irmán maior, realmente era, é dicir, como un perdido e indesexábel) vén sendo, na escena de hoxe, a mesma cá daqueles hipócritas escribas e fariseos que intentaban (perdoade a comparanza) matar dous pombos dun tiro: condenar á morte a muller adúltera e ó mesmo tempo tamén a Xesús. Porque presumibelmente –así o supuñan eles con razón- Xesús se oporía dunha forma ou doutra a que apedrasen a muller. O que pon de relevo, polo demais, que tanto os escribas coma os fariseos tiñan unha idea relativamente acertada sobre a bondade e a misericordia que Xesús proclamaba e amosaba. Esta presumíbel actitude de Xesús sería para eles un bo argumento para así podelo acusar e condenar como impío e irrelixioso ó el non se ater como é debido á lei mosaica.

Mais tanto os escribas coma os fariseos non contaban con que Xesús, ademais de ser infinitamente bo e de anunciar a infinita bondade de Deus, sabía profundar tamén ata o máis fondo nos corazóns das persoas e, de maneira especial, na hipocrisía dos que se consideraban máis xustos e cumpridores cós demais. En calquera caso, para si mesmos

eles non eran pecadores, como esa pecadora muller que eles lle presentaban a Xesús. Todo o contrario, eles considerábanse os verdadeiros sabedores e cumpridores da lei.

Pois ben, nesta escena da muller adúltera, Xesús vai desempeñar, el mesmo, o papel de Pai bondadoso da parábola do fillo pródigo. Exerce así Xesús directamente as funcións de pai amoroso, compasivo, defensor da vida de desvalidas ou desvalidos, ós que os problemas da vida colocaran en amargas situacións.

Unha vez máis. O Deus no que cremos, o Deus de Xesús, é un Deus ó que lle tira moi fortemente a vida. Xa Xesús anunciara algunha vez que el mesmo era a "Vida" ("Eu son o camiño, a verdade e a VIDA"). Que el viñera ó mundo para nos dar "vida" e para que a tivésemos "en abundancia". Cando está en xogo a vida, Xesús non ten outra opción senón defendela, aínda que, paradoxalmente e como consecuencia dese amor á vida e á verdade, o vaian matar. Xesús mostra con isto que para defender a vida paga a pena dar a propia vida. Todo o segredo de Xesús e da súa mensaxe radica nisto: dar vida, incluso para sempre ou eternamente, é dicir, incluso alén dos límites da que chamamos vida terreal.

Naturalmente, Xesús non pode aprobar ou bendicir as nosas deficiencias morais. Precisamente porque tamén esas deficiencias son no fondo unha ofensa contra a vida. Non son, pois, ofensas unicamente contra o Deus autor da vida. Mais, en calquera caso, o que non pode facer Xesús, o anunciador e dador de bondade e de vida, é converterse el mesmo en alguén que coas súas palabras ou cos seus xestos apoie dalgún modo a morte dunha persoa por moi legal que tal morte sexa. Xesús foi condenado e quitaranlle a súa vida humana, mais el, que é a mesma Vida, non pode apoiar ou aceptar a morte violenta de ninguén.

O final desa escena -da que tamén podemos dicir que ós cazadores de Xesús o seu mal intencionado tiro lles saíu pola culata- non pode ser máis instrutivo sobre o modo de ser de Deus que en Xesús se nos presenta, unha vez máis, non como "condenador" ou "vingador", senón como dador de vida:

> "Muller, onde van? Ninguén te condenou? Ela respondeulle: Ninguén, Señor. Díxolle Xesús: Tampouco eu te condeno: vaite e desde agora non peques máis".

Podemos lexitimamente supoñer que esa conmocionada muller, tal como lle pide Xesús, non volvería pecar. Mais non –como poderiamos pensar- polo medo a ser apedrada conforme á lei de Moisés (tal como estivera a piques de ocorrer), senón porque experimentara de maneira tamén directa e inmediata a felicidade que leva consigo a vida como regalo inmerecido de quen é a mesma Vida, a mesma Bondade.

Neste tempo coresmal, cando estamos xa preto dos acontecementos que levaron Xesús á morte para nos dar vida e felicidade, lembremos unha vez máis o convite ó que fomos chamados no comezo da Coresma: "Convértete e cre no evanxeo", é dicir, convertámonos e creamos firmemente neste Xesús que está entre nós para nos dar vida e non para nos condenar.

DOMINGO II DE PASCUA

Apálpame ben!

O episodio relacionado con Tomé do evanxeo de hoxe cóntao só Xoán e non os autores dos outros evanxeos. Dinos o mesmo Xoán, por outra parte, que houbo "moitos outros signos" que fixo Xesús entre os seus discípulos, despois de el resucitar, que el mesmo non nos conta. De modo que eses moitos signos, que para a mentalidade ávida

de noticias dos nosos tempos terían un enorme interese, a Xoán non lle parece doer moito non contalos.

Xoán e con el os demais apóstolos e discípulos de Xesús saben que o importante e decisivo é o encontro con Xesús. Co Xesús de antes e de despois da resurrección. E para encontrármonos con Xesús e adherírmonos a el abonda cun par de experiencias fondas e íntimas con el. Os evanxelistas non son xornalistas, senón transmisores de fondas e inesquecíbeis experiencias que eles mesmos tiveron con Xesús.

Por iso Xoán, pensando seguramente nas persoas que non participamos inmediata e directamente nesas experiencias, preséntanos a escena de Tomé. A min Tomé lémbrame un pouco, aínda que sexa como digo só un pouco, a parábola maxistral de Xesús do fillo pródigo (ou, segundo comentabamos, do "Pai misericordioso"). Xesús fálanos nesa parábola da bondade a toda proba de Deus, Pai seu e Pai noso tamén. Cando volve o seu fillo despois de moito esperalo, seu pai apértao con agarimo e con bágoas nos ollos sen lle rifar nin botar en cara a súa mala conduta. Agora é Xesús quen se comporta, no mesmo senso, amorosamente condescendente co seu apóstolo. Acepta sen reparos as condicións que Tomé puxera para crer nel: ver directamente as furas dos cravos nas súas mans e comprobar amodo e directamente que el era verdadeiramente o mesmo Xesús co que convivira e non unha pantasma.

Os encontros con Deus están sempre cheos de paz, de alegría, de perdón xeneroso e de xestos moi humanos. É esta atmosfera a que Xoán crea no seu relato da aparición de Xesús no medio dos seus apóstolos, cando eles estaban cheos de medo e de precaucións trala morte ignominiosa do seu Mestre.

O primeiro saúdo de Xesús quere xa romper con medos, posíbeis acusacións mutuas ou desencontros no seo do grupo dos apóstolos. "Paz convosco". Tamén no seu encontro posterior oito días despois, xa con Tomé entre eles, repetirá el o mesmo saúdo: "Paz convosco". Xesús aporta sempre paz, consolo e moitos azos para vivir, pois El mesmo é a Vida. Dálles, ademais, o mellor que lles pode dar: o Espírito Santo. "Recibide o Espírito Santo". É dicir, o Espírito do Pai e del mesmo, Xesús, máis alá da súa concreta experiencia humana e histórica.

Así se foi formando a súa Igrexa ata nós, aínda que fose a través de moitas deficiencias históricas no seo da mesma. Por iso certos xestos, actitudes ou palabras do bispo de Roma, Francisco, nos chaman tanto a atención. Por que? Porque seguramente intentan facernos máis directamente presente o modo como se comportaba Xesús coa xente coa que convivía no seu tempo.

Que lle ocorreu a Tomé para pasar tan rapidamente dunha actitude de autodefensa fronte ós seus compañeiros crentes á outra na que el mesmo se derruba ante o Xesús que lle permite a Tomé que realice con el as probas que considere máis axeitadas?

A resposta a isto é importante porque nos afecta tamén a nós, que loitamos moitas veces entre a nosa crenza a as ameazas ou dúbidas que se lle presentan á nosa propia crenza.

Coido que canto máis pensemos e aceptemos a grandeza de Deus a tódolos niveis, tanto máis doado nos será crer nel. Porque as cousas de Deus son sempre grandiosas, inimaxinábeis. Tanto en poder como en bondade. El non é unha persoa máis coa que nos encontramos na vida, por moito que a poidamos estimar ou apreciar. El é absolutamente infinito en todo. Por iso o gran misterio das cousas feitas por el, da

materia, da vida, do noso interior e de mil outras realidades máis que nos admiran. É misterioso o nacer, o vivir, o morrer e, por suposto, tamén o resucitar.

Tomé fixo a experiencia do Xesús resucitado e con esa experiencia fixo tamén a experiencia de que el tamén vai poder resucitar. Isto enche a súa alma de ledicia, de confianza e de fonda paz. Tódalas probas que Tomé tiña pensado realizar co Xesús supostamente resucitado caen por terra como xoguetes de rapaces pequenos ante a grandeza que se lle presenta directamente diante del: a dun Xesús poderoso e bondadoso. Poderoso, porque é xa señor da morte, vencida por el, e entrañabelmente bondadoso porque ten a condescendencia de se ocupar de Tomé e dos seus problemas coma se non existise outro no mundo do que Xesús se houbese de ocupar. Por iso, Tomé non podía dicir máis có que dixo: "Meu Señor e meu Deus!!".

Para rematar. A bondade e o amor fan milagres. Entre eles o milagre de resucitar. Un irmán meu xesuíta, que leva moitos anos en Brasil, mandoume con motivo das festas pascuais unha viñeta pintada por el na que aparecen dous personaxes. Na viñeta están os dous como flotando sobre os nubeiros do ceo. Un, a modo de xornalista e co micrófono na man, pregúntalle ó outro, que representa Xesús resucitado: "Vostede estaba morto. Como conseguiu resucitar?". E Xesús responde deste xeito: "É que o amor non morre. Foi el quen me resucitou"...

Verdadeiramente o amor non morre. E se Deus, o Deus Pai noso e de Xesús, é Amor (tal como se nos di na primeira carta de Xoán), temos entón aí a clave de por que Xesús resucitou e de por que tamén nós resucitaremos con el. Xa o dicía o famoso pensador francés Gabriel Marcel: "*amar* unha persoa é dicirlle '*ti, ti non morrerás endexamais*'".

DOMINGO III DE PASCUA

Amar para ver e vivir

Ó estarmos como estamos, nesta igrexa dos Apóstolos, tan preto do mar, case á beira da nosa fermosa ría de Vigo, o relato deste domingo (ben centrado na tarefa da pesca no lago de Tiberíades) debería sernos doado de entender. O de Xoán de hoxe tampouco pode ser considerado coma un relato estritamente fotográfico ou histórico do ocorrido. Porque os outros evanxelistas, ó nos falaren da pesca milagrosa, colocan a escena antes da morte de Xesús, mentres que Xoán a sitúa despois da súa resurrección. Unha vez máis, o que a Xoán lle interesa é profundar na continuidade real, máis alá da crucifixión, entre o Xesús co que conviviran durante a súa vida e o Xesús resucitado que os seus discípulos senten e experimentan como vivo de moi diversas maneiras.

É un relato moi fermoso e emotivo. Isto último polo que se refire ás preguntas que lle fará Xesús a Simón Pedro antes de lle confiar o coidado dos seus primeiros discípulos. Fermosa, detallada e reflexo vivo do traballo da pesca é a escena que se nos refire antes sobre a fracaso da pesca nocturna no lago. Estaban cansados, frustrados e faltos de humor cando empeza a romper o día e na barca non había un rabo de peixe. Porque cómpre ter en conta que a pesca non era para eles, como o pode ser hoxe en día para moitos afeccionados a ela, un deporte ou unha evasión. Para eles era o seu traballo, a súa humilde profesión, temporal polo menos. E dese traballo dependía que puidesen comer ou quizais comerciar algo con outros para adquiriren cousas que precisasen. Ese seco "Non", co que lle responden a aquel descoñecido que pasea tan cedo á beira do lago, reflicte moi ben o seu estado de ánimo. Non teñen humor para latricar máis con el.

En calquera caso, ese descoñecido vaise converter de súpeto en coñecido para o que o ama. Son esas intuicións mutuas que sobre si mesmas teñen as persoas que se

queren, que conxenian entre si. Calquera pequeno detalle é sempre revelador. Isto foi o que lle pasou con Xesús a Xoán por moito que estivera este canso de toda unha noite traballando e sen poder pegar ollo.

O pequeno detalle foi en calquera caso moita cousa. Ben saben os que teñen algunha afección á pesca dos soños e fantasías que tantas veces lles veñen á cabeza sobre unha grandísima troita ou robaliza que pescaron ou van pescar... O que ocorre é que tales soños ou traballos imaxinativos non adoitan normalmente converterse en realidade.

Ver diante dun, xa que logo, non só imaxinados senón reais, moitos grandes e fermosos peixes pescados por un grazas á simple indicación dun descoñecido e poder contalos amodiño un tras outro, iso si que ten que ser un acontecemento que non se pode esquecer doadamente. Xoán, un dos afortunados pescadores, dinos que contaron exactamente 153 peixes grandes. Na súa vida esquecería Xoán xunto cos seus compañeiros de pesca o preciso e concreto número de peixes pescados: 153.

Foi este exceso de éxito, absolutamente inesperado, no seu traballo de pescadores o que lle fixo ver ou intuír a Xoán que quen andaba pola praia non podía ser outro máis có Mestre. Primeira lección: o amor ten poder para aguzar a vista. Mais o amor de Xoán a Xesús é sempre posterior, consecuencia, do amor que Xesús lle tiña a el. Para podermos amar temos que recibir antes o impacto de alguén que nos quere, temos que ser amados antes por outro, en último termo por Deus, creador e amador de todo canto hai. Cando Xoán coloca a escena da pesca de hoxe no contexto de Xesús resucitado está a nos dicir que é a fe na Resurrección de Xesús a que nos fai ver, verdadeiramente e a fondo, as cousas da nosa vida, do noso traballo, dos nosos fracasos e dos nosos éxitos.

A outra escena de Xesús con Pedro apréndenos tamén unha que podemos chamar segunda lección do Xesús resucitado. Comentando no anterior domingo, en relación cunha viñeta dun irmán meu de Brasil, que fora o Amor o que resucitara Xesús, diciamos que se Deus non fose esencialmente Amor, non existiría resurrección: nin a de Xesús nin a nosa. Só podemos vivir sen deixar nunca de continuar a vivir se hai Alguén que, á parte de ter poder para tal cousa, nos quere tanto que non permite que a morte sexa a nosa fin.

Agora ben, o Xesús resucitado non nos garante só a vida, a resurrección, despois da nosa morte individual, senón tamén unha vida plena –en certo modo podemos dicir que inicialmente xa "resucitada"- na nosa vida actual. Pois acaso podemos chamar vida unha vida vivida sen amor? Vivir sen amor vén sendo como estar morto. Por iso, o Xesús Resucitado vaille insuflar verdadeira vida e resurrección a Pedro, dándolle amor e comprobando ó tempo se Pedro o ama verdadeiramente. Vai comprobar se Pedro corresponde con amor ó amor que Xesús lle ten a el a pesar dos seus fallos e fracasos. Esas reiteradas preguntas (ata tres veces) que Xesús lle fai a Pedro sobre o seu amor a el non poden menos de nos lembrar aquel fermoso dito do santo de Ávila, San Xoán da Cruz: "Á tarde examinarante no amor". Si. O Xesús resucitado compórtase con Pedro de maneira semellante a unha nai que preguntase ó seu fillo pequeno se a quere. O neno quedaría case desconcertado e non sabería case que lle responder á súa nai. Como non a vai querer, se el non é nada sen ela? Mais Pedro é unha persoa adulta e ó final non sabe tampouco como responder, limitándose a replicar: "Señor, ti sábelo todo, ti ben sabes que te quero".

Unha resposta que ten máis de admiración sobre a grandeza e o amor de Deus ca de estrita contestación. Unha reacción, a de Pedro, que seguramente nos lembra aquela outra de Tomé do anterior domingo: “Meu Señor e meu Deus!”.

Unha aclaración aínda. O amor que lle pide Xesús a Pedro é un amor que non se dirixe a un “Deus” abstracto, senón ó Xesús concreto no que se manifesta o Pai Deus. Un Xesús que é tan divino coma humano. En Xesús estamos todos representados. De modo que, unha vez máis, non pode haber amor a Deus que non pase polo amor ás persoas humanas concretas.

DOMINGO IV DE PASCUA

Misterioso don da vida

Dado que o evanxeo é curto, imos tamén nós acompañalo sendo algo máis breves. Porque o importante non é falarmos ou escoitarmos moito, senón o moito entretérmonos na oración con Deus, Noso Pai, en moito orarmos como facía Xesús e en moito estarmos atentos ás necesidades dos demais, como facía tamén Xesús.

Xesús comía e bebía, máis ca dos alimentos e das fontes ou pozos deste mundo, desa inesgotábel riqueza e fonte de vida que é e seguirá a ser Deus, Pai seu e noso tamén. Xesús oraba, é dicir falaba, moito con seu Pai. Como de día moitas veces non podía facelo polas multitudes que desexaban escoitar a súa palabra, facíao de noite. Deus é desde sempre, e tamén para Xesús, esa marabillosa realidade persoal, plena e infinita, que en si mesma é vida e que enche de variadísima vida a realidade toda que temos diante e da que formamos parte, aínda que a descoñezamos nas súas íntimas fonduras e inmensidades. Xesús é totalmente incomprensíbel sen atender a este Deus Pai que o converte no seu Fillo predilecto. E se Deus Pai o quere tanto é porque o encheu tamén a el da súa mesma plenitude de vida.

Por iso Xesús podía dicir de si mesmo: “Eu son a Vida”. E se el se define a si mesmo como “Vida”, como vai poder darnos outra cousa máis ca vida? É case incríbel como se puido desfigurar tantas veces a mensaxe de Xesús coma se fose unha mensaxe de febleza ou debilidade, de indixencia e de morte. A súa mensaxe é todo o contrario. El non ten nada que ver coa morte, pois el é a mesma Vida.

Xoán dínolo ben claro hoxe ó presentárnolo como bo pastor que coñece as súas ovellas, é dicir, o pobo todo que o segue como rabaño feliz de se sentir ben acompañado e dirixido por el. “Eu –así soan as palabras que Xoán pon en boca de Xesús- eu doulles vida eterna”. Son expresións de moita relevancia e fondura, que teñen que ver cunha necesidade básica de calquera de nós. Como xa tantas veces vos teño comentado, hai alguén que non queira vivir e vivir sempre, vivir eternamente? Ninguén. Se lamentabelmente nas noticias que lemos ou oímos, máis dunha vez sentimos que nos bate forte o corazón ó lermos ou oírmos que alguén se quitou a vida por algún tipo de problema que o afectaba moi duramente, podemos estar ben seguros de que estes irmáns nosos non fixeron tal cousa porque non quixesen vivir. Todo o contrario, pois o impulso de vida déunolo Deus mesmo e a iso non somos nós capaces de renunciar en circunstancias normais. O que pasa é que os problemas da vida, que non necesariamente eles mesmos senón quizais máis ben outros lles crearon, poden chegar a facer crer ou convencer a un de que a propia vida non ten sentido nin futuro. E sen ningunha esperanza de vida nin de futuro é imposíbel querer seguir vivindo. Aínda que pareza contraditorio, abandonan a vida precisamente porque a queren con toda a alma, mais senten que tódalas portas para acadar vivir se lles pechan.

De todo isto temos que deducir que, se como cristiáns cremos que Deus nos deu a todos vida e en Xesús e por medio del nola deu tamén como "vida eterna", entón temos que loitar de tódalas formas posíbeis -cada un da forma que o Espírito lle inspire- para que esta vida que recibimos non sexa só a miña, senón a de todos. Porque a mensaxe de Xesús non está só dirixida só a unha ou dúas ovellas, utilizando a linguaxe pastoril e rural das parábolas de Xesús, senón a todo o rabaño, é dicir, a todo o pobo de Deus, a todo o mundo. Por iso nada do que ocorre fóra da pel do meu corpo me pode ser indiferente. Todo e todos deben interesarme e afectarme. Tanto máis canto que a vida dos demais é algo que ten que ver tamén coa miña, pois a vida é un agasallo común de Deus para todos e ninguén pode considerar como algo exclusivo seu a vida que Deus concedeu para todos.

Volvendo ó que nos di Xoán. Tan grande e tan divina é a vida que Xesús recibiu do seu Pai (e lembremos que os pais son precisamente os que dan a vida) que o mesmo Xoán pon unha vez máis aquí na boca de Xesús estas outras palabras: "Meu Pai e mais eu somos un". Palabras que aluden ó misterio da persoa de Xesús, tan intima e profundamente unida ó misterio de seu Pai Deus.

Mais isto significa tamén que ó traballarmos nós pola dignificación e pola vida de todos -e de maneira especial a prol daqueles que se senten ameazados na súa vida e na súa dignidade- estamos ó tempo a traballar pola divinización do mundo. Esa é, en definitiva, a meta, o fin da aparición entre nós de Xesús, no que Deus, a humanidade e o mundo formamos xa en realidade e tamén en proxecto unha misteriosa e inconcibíbel unidade. Estamos, si, chamados todos en Xesús e por medio del, un Deus humanizado, a sermos moi humanos. Mais ese é tamén o único camiño para facérmonos moi divinos, á imaxe de Xesús que era "un" co Pai.

Por iso nos fala Xoán tamén, na 2ª Lectura, da plenitude da nova vida que se nos abrirá trala nosa morte particular. Daquela non teremos xa "máis fame nin sede", porque a nosa vida estará entón unida a aquel Deus que é fonte de vida e plenitude.

DOMINGO V DE PASCUA

Derradeira vontade

Curto é o texto do evanxeo de Xoán que hoxe se nos ofrece para a nosa consideración e para profundarmos nel. Tal como ocorría no anterior domingo. Breve en palabras, pero moi denso e amplo na súa transcendencia, porque apunta a algo decididamente central na mensaxe do evanxeo: o amor.

Xesús atópase en momentos de íntima confidencia cos seus discípulos cando lle quedan poucas horas de vida e de conversa con eles. Momentos dramáticos tamén porque algún dos seus decidira xa no seu corazón entregalo ás autoridades relixiosas e políticas para que acabasen con el.

En momentos coma estes é cando se comunican e transmiten as recomendacións máis esenciais. Os que permanecen vivos, os herdeiros coma quen di, non poderán esquecelas.

A derradeira e, polo tanto, a máis importante recomendación de Xesús é moi emotiva e tan doada de entender como difícil de levar á práctica. Acabámola de escoitar: "Meus fillos: só un pouquiño estarei convosco. Douvos un mandamento novo: amádevos uns a outros. Como eu vos amei, amádevos tamén entre vós".

Sen dúbida, trátase dunha verdadeira síntese de todo o evanxeo: da ensinanza e da práctica continua de Xesús ata este intre e nas próximas e poucas horas que lle restan de vida. No fondo, el non ensinou nin practicou outra cousa máis ca iso: o amor, a entrega sen reserva ós demais ata dar el mesmo a súa vida por todos.

Trátase verdadeiramente dun mandamento novo? Coido que algunha vez aludín a unha das normas ou mandados do Antigo Testamento, concretamente do libro do Levítico. Entre esas normas que, segundo o Levítico, Deus lle dá a Moisés, en relación co modo de se comportaren as persoas que Moisés ten ó seu cargo, aparece esta: "Non terás odio no corazón ó teu irmán [...[Non te vingarás nin lles terás xenreira ós teus veciños. Amarás o teu próximo coma a ti mesmo" (Lev 19, 18). De feito, Xesús recorre moitas veces a este mandado ("Amarás o teu próximo coma a ti mesmo") sobre todo nas súas discusións cos doutos do xudaísmo do seu tempo. A xente entendía bastante ben que se Deus é bo con todos, non podemos pola nosa parte ser malos uns cos outros. No Antigo Testamento tíñase, pois, clara conciencia, da bondade e da paternidade de Deus en relación co seu pobo. Era lóxico, pois, que o senso de mutua fraternidade entre todos se fose asentando cada vez máis neles.

Pero Xesús quere ir máis alá destes bos sentimentos do Antigo Testamento. Sabemos da pregunta que lle fai unha vez un letrado a Xesús sobre cal é o "primeiro" mandamento da lei. Xesús responderalle utilizando as mesmas palabras do libro do Deuteronomio (6, 4-5): "O primeiro é: Escoita, Israel: O Señor, noso Deus, é o único Señor. Amarás o Señor, teu Deus, con todo o teu corazón, con toda a túa alma, con toda a túa mente e con toda a túa forza". Con isto a pregunta quedaba perfectamente respondida. Mais Xesús vai engadir a isto (e sen que o letrado llo preguntara) algo decisivo ó colocar dalgunha maneira o chamado segundo mandamento ó mesmo nivel có primeiro. Velaquí o que el engade: "O segundo é este: Amarás o teu próximo como a ti mesmo. Non hai mandamento máis importante ca estes".

Xesús tiña boas razóns para engadir iso, porque no Antigo Testamento estes dous mandamentos estaban en certo modo pouco relacionados entre si. Do primeiro falábase no Deuteronomio e do segundo no Levítico (19, 18), mesturado este último ademais con outras diversas normas cúlticas e morais. O que fai Xesús coa súa resposta ó letrado é darlle ó segundo mandamento, é dicir, ó amor ó próximo unha dignidade en certo modo divina. De modo que amar o próximo vén sendo para Xesús practicamente o mesmo que amar a Deus.

Agora ben, o que fai Xesús agora, nestes derradeiros momentos de intimidade cos seus discípulos, é subir aínda máis o listón da importancia e da esixencia do amor ó próximo. Por iso poderá indicar con toda razón que o seu mandamento do amor ó próximo é verdadeiramente "novo". Por que? A razón e ben sinxela. A medida do amor ó próximo no Antigo Testamento era "un mesmo": "Amarás o teu próximo como a ti mesmo". A medida do amor que anuncia agora Xesús é moito máis esixente e, polo tanto, decididamente "nova": Amarás o teu próximo "como *eu* vos amei". E como amou Xesús? Ben o sabemos, polo menos teoricamente. Amou os demais máis que a si mesmo. Amou totalmente, entregando a súa vida, é dicir, entregándose a si mesmo, pola salvación e liberación de todos. A medida do seu amor non é polo tanto el mesmo ("como a ti mesmo"), porque se esa fose a medida do seu amor, non poría en xogo a súa vida e non a daría polos demais.

A actitude de Xesús ten unha certa semellanza coa desas boas e xenerosas persoas que se lanzan de súpeto a un mar embravecido para libraren da morte a unha persoa en perigo de afogarse. E iso practicándoo non unha ou dúas veces e case sen

pensar, senón ó longo de toda unha vida e de maneira consciente e consecuente ata a propia morte.

Esta é, pois, a medida á que Xesús nos convida e que fará que xurdan ese "ceo" e "terra" tamén "novos" dos que nos fala hoxe o libro da Apocalipse da 2ª Lectura.

Hai ademais unha importante advertencia. Non nos enganemos. Só se procedemos así, seremos considerados verdadeiros discípulos de Xesús. Ese ha ser, pois, o noso sinal distintivo, para así termos capacidade de atraer outras persoas ó camiño de Xesús. "Nisto coñecerán todos que sodes os meus discípulos: se vos tedes amor uns a outros". Os cristiáns non podemos, en consecuencia, contentarnos con dicir simplemente que o somos, é dicir, que somos cristiáns. Pois se o amor -e un amor coma o de Xesús- non se converte en motor das nosas vidas e da nosa relación con todos non o seremos de verdade.

Tarefa, como vedes, nada doada, mais que nos salvará e nos liberará a nós e a cantos nas nosas vidas se encontren connosco.a estará entón unida a aquel Deus que é fonte de vida e plenitude.

DOMINGO VI DE PASCUA

Termos a Deus en casa

A Igrexa, que ten os seus alicerces en Xesús, tivo que pasar por non poucas dificultades internas (non só persecucións exteriores) no seu nacemento e desenvolvemento. A mensaxe de Xesús era tan nova e liberadora que aínda agora, moitos séculos despois, non nos resulta doado comprender ben a súa mensaxe e sobre todo levala de maneira consecuente á práctica.

A primeira lectura dos Feitos dos Apóstolos é unha pequena mostra das dificultades e resistencias que existían. Non era doado liberarse de costumes e prácticas, ritos concretos, prescricións e demais normas herdadas do Antigo Testamento para se entregar con alegría e agradecemento á sinxela aceptación da "boa nova", da "alegre nova" de Xesús. "Nova" no seu dobre sentido, de noticia ata agora descoñecida e tamén no de algo que non ten que ver coas cousas "vellas".

Na "boa nova" o que prima é practicar a fraternidade, o amor e a liberdade que se derivan da mensaxe de Xesús de sermos irmáns del e fillos do mesmo Pai Deus. A nosa salvación vén ser un don gratuíto de Deus, que non se acada co simple practicar ritos baleiros. Dadas -como digo- as resistencias e inercias antigas, a Igrexa tivo que chegar inicialmente a certos compromisos concretos (entre cristiáns de orixe pagá e de orixe xudía), aínda que sen renunciar ó contido fundamental da mensaxe liberadora de Xesús. É o que dá a entender aquela decisión que se adoptou e da que se nos di, non sen nela se reflectir un novo aire ou estilo de proximidade ou amizade entre Deus e a humanidade: "Decidimos, o Espírito Santo e mais nós, non vos impoñer máis cargas cás precisas". E a continuación enuméranse esas cargas concretas, mínimas en todo caso. Este feito en si mesmo non deixa de ser curioso: acostumados como estaban os cristiáns de orixe xudía a aturar cargas e ritos relixiosos, case semella que os seus lombos non se sentían a gusto sen soportar algo da antiga carga.

En calquera caso, o conxunto das lecturas de hoxe quérennos deixar claro que o específico do cristianismo vai por camiños novos. As palabras que Xoán nos pon no evanxeo en boca de Xesús pertencen tamén, coma no domingo pasado, ó discurso (se o podemos chamar así) de despedida de Xesús. Respírase en todo el un aire de familia, de intimidade, de confianza, de paz, que constitúen verdadeiramente o que podemos

chamar a verdadeira atmosfera cristiá. Aquí non hai nada de imposicións alleas, de ameazas, de medos ou cousas semellantes. Ó revés. Deus faise, grazas a Xesús, un máis entre nós. Alí, nesta primeira igrexa nacente dos apóstolos e discípulos de Xesús, están con eles o Pai, o Fillo, o Espírito Santo. Todo é unha fonda relación de mutua amizade. Todo é horizontalidade e proximidade. "Non vos angustiedes, nin teñades medo". Porque a "paz" é o don que Xesús nos dá: "Déixovos a paz. Douvos a miña paz". Esa mesma paz de Xesús á que o que preside a eucaristía se refire inmediatamente antes de darnos mutuamente a paz. Cando na celebración da eucaristía realizamos ese xesto de dármonos a paz, non nos damos mutuamente a "nosa" paz particular, senón a de Xesús, a que El nos deu e nos está a dar sempre para ofrecérmola pola nosa parte ós demais.

Deste xeito os cristiáns podemos gozar da alegría e felicidade de termos sempre a Deus en casa. Se nos achegamos aquí, ó interior desta igrexa, é precisamente para renovármonos e fortalecérmonos mutuamente entre todos nesta fe nun Deus que se fixo amigo e familiar noso onde queira que nasa nosas vidas nos atopemos, dentro da igrexa ou fóra dela.

Resulta sorprendente este case incríbel termos a Deus en casa, tal como aquí nos pon Xoán en boca de Xesús neste memorábel discurso seu: "Se alguén me ama, gardará a miña palabra, e meu Pai amarao, e viremos onda el, e faremos vida con el". É dicir, Deus Pai e o seu Fillo Xesús fan vida connosco se o amamos. De maneira que o templo ou os templos de Deus somos, desde a aparición onda nós de Xesús, nós mesmos, edificios feitos de ósos e membros humanos, non de pedra, cemento ou ladrillo. Para dicilo dalgunha maneira, Deus, o Deus trinitario (Pai, Fillo e Espírito) ten o seu domicilio, a súa residencia, no interior de calquera persoa -home, muller, neno ou nena, etc.- que o queren ou aman en calquera lugar do mundo. Dunha maneira moito máis fonda e real que cando eu digo que vivo en tal ou cal edificio na rúa Sanjurjo Badía e vós en calquera outra rúa desta nosa fermosa cidade "olívica".

Cómpre que de cando en vez reflexionemos nestas cousas, pois son realmente moi consoladoras e dadoras de paz, eficaz medicina contra medos ou angustias.

Isto que vos estou a comentar atopa ademais un complemento esclarecedor no texto da Apocalipse da Segunda Lectura. Fálase alí da Xerusalén celestial, asemellada, na linguaxe simbólica que neste libro se utiliza, a unha gran cidade. Mais o que a Xoán curiosamente lle chama a atención nesta cidade é o seguinte: "Nela non vin –di el- santuario ningún, porque o seu santuario é o Señor Deus, que todo o sostén, e mailo Año". Algún comentarista deste relato da Apocalipse dinos con algo de graza que a nós non nos estrañaría que se nos dixese que nesa celestial cidade non hai "bancos ou supermercados" mais resulta que se nos di que"non hai templos"!

En fin, temos, pois, que tomar boa nota de que nin na terra nin no ceo hai templo ou santuario algún no que habite o Deus anunciado por Xesús, o aquí chamado Año da Apocalipse, a non ser nós mesmos, ascendidos como estamos á dignidade de irmáns de Xesús e de fillos adoptivos de Deus. A grandeza de Deus desborda calquera templo no que o queiramos apreixar. De maneira que nel, no noso Deus, estamos todos e cada un dos que verdadeiramente o amamos, ou, se preferimos, está El "facendo vida" no interior de todos e cada un de cantos o amamos e queremos.

O gran pai da Igrexa, Santo Agostiño de Hipona, utilizaba nos seus escritos tanto unha coma outra maneira de considerarmos a relación de Deus connosco ou a nosa con el. Para Agostiño Deus era "máis intimo a nós que a nosa propia intimidade" e ó tempo absolutamente "superior" a calquera suposta grandeza nosa. Deus está, pois, en todo, e todo está en Deus. Se aprendésemos a ver a Deus deste xeito, comprenderiamos tamén

mellor o fundador da Compañía de Xesús, o noso Santo Ignacio de Loiola, cando nos animaba, tal como se expresaba el, a "ver a Deus en tódalas cousas".

Se así o fixésemos, empezaría tamén a terra a emitir ecos ou recendos celestiais, aqueles que Xoán nos describe ó nos falar da Xerusalén celestial.

ASCENSIÓN DO SEÑOR

Feitos de terra e de azul celeste

A festa da Ascensión do Señor abrangue mensaxes e ideas fondas e sublimes. Nela, neste Cristo do que se nos di que "ascende" ó ceo, vén construírse en certo modo a ponte airosa, ben asentada e segura, entre o ceo e a terra, entre a divindade e a humanidade, entre o noso destino e o de Deus mesmo. Con Xesús, irmán noso e fillo de Deus que ascende ós ceos, a humanidade acada a salvación definitiva. Nela estamos incluídos todos nós xunto coas xeracións pasadas, presentes e vindeiras.

Naturalmente as palabras "ceo" e "terra" hai que entendelas de maneira simbólica, non física ou astronómica. Ben sabemos que o ceo de Deus está en tódalas partes, e de maneira especial en todas e cada unha das persoas que o queren. Todos e cada un de nós somos así en realidade "templos" de Deus. Dicir polo tanto, como fai Lucas, que Xesús ascendeu ós ceos quere dicir que el, trala súa vida, morte e resurrección, acadou a plenitude da súa unión con Deus Pai. Non debemos tomar polo tanto –como ben sabemos- ó pé da letra o relato de Lucas, coma se o ceo fose un lugar que estivese un pouco máis arriba ou moito máis arriba das nubes que nos traen a chuvia. É só unha maneira de expresar o grandioso destino de Xesús e de todos nós se somos verdadeiros seguidores de Xesús.

A Ascensión do Señor significa para nós que, posto que Xesús é o Fillo de Deus encarnado ou humanizado, a terra e a humanidade toda están e estarán sempre presentes ante o mesmo Deus para sempre, por toda unha eternidade. Pois Xesús, o Fillo de Deus, é e será tamén para sempre un de nós, o "Emmanuel", é dicir, o "Deus connosco". Por iso, en certo modo, tamén nós poderiamos chamarnos a nós mesmos "nós con Deus", igual que Xesús é "Deus connosco". Dado, pois, que en Xesús humanidade e divindade están e estarán sempre estreitamente unidas, tamén nós por medio desta humanidade e divindade de Xesús estamos sempre con Deus.

A Ascensión amósanos así cal é tamén o noso "camiño", un camiño "ascendente". Xesús dixera de si mesmo que el non só é a Verdade e a Vida, senón tamén o "Camiño". Un camiño que todos estamos chamados e convidados a percorrer. Nunha peregrinaxe na que non nos fallarán as forzas do seu Espírito, do Espírito Santo que Xesús nos promete tamén hoxe: "Heivos mandar o don prometido por meu Pai".

Trátase dunha peregrinaxe, dunha "ascensión", que non realizamos en solitario. Unha peregrinaxe faise máis doada e alegre cando un vai con outros que o acompañan, que lle dan azos e que lle fornecen axuda. Os que cremos en Cristo non cremos nel de maneira individual, desligados dos demais. Pois formamos xuntos un pobo ou, na linguaxe de Paulo, un corpo con diversos membros. Xesús vai sempre diante nosa, dirixíndonos, animándonos e dándonos forzas.

Na súa carta ós Efesios fálanos efectivamente hoxe Paulo de que Cristo resucitado e ascendido ós ceos é a "cabeza" da Igrexa. Deus Pai −dinos Paulo− é quen someteu todo a Xesús e quen "o puxo por riba de todo como cabeza da Igrexa, que é o seu corpo". Nós somos, polo tanto, membros deste corpo misterioso que ten en Xesús a

“cabeza” que o dirixe e estimula. Xesús coida así de tódolos membros do seu corpo místico, no que estamos incluídos nós.

Unha cabeza sen o seu corpo non ten sentido ningún. Sería unha cabeza inerte, sen vida. O corpo, separado dela, sería tamén un corpo morto, a punto de se corromper e desaparecer. Por iso a plenitude de Xesús como cabeza do seu corpo só pode ser tal se como cabeza ten un corpo unido a ela e vivificado por ela. Ascensión de Xesús significa, polo tanto, que, se el como cabeza do seu corpo místico xa ascendeu, esa ascensión non será plena ou perfecta mentres non realicemos tamén nós esa mesma “ascensión” de Xesús e con el.

Somos así chamados e convidados a realizarmos un esforzo común, ben unidos á nosa cabeza, cara a unha meta grandiosa e fermosa, que ninguén no fondo pode deixar de apetecer. Porque: quen non quere vivir sempre?, quen non busca a verdade total?, quen non quere acertar co camiño que o leve a unha meta de felicidade sen termo? Pois ben, todo isto só o podemos acadar manténdonos unidos á nosa cabeza.

Estes desexos son, por outra banda, comúns a tódalas persoas. Ninguén carece deles. Por iso, así como a cabeza ten que estar unida ó resto do corpo para que haxa vida e se poida falar dun corpo ou dunha persoa viva, así tamén é o corpo un conxunto unido de membros e de órganos diversos. Cada unha das partes do corpo depende das outras. Do mesmo xeito formamos tamén entre todos un fermoso corpo, o corpo místico de Cristo, cabeza nosa, que nos salva e dá vida.

Ascensión do Señor quere dicir tamén, xa que logo, que só podemos “ascender” se nos mantemos unidos non só coa nosa cabeza senón tamén cos demais membros deste misterioso corpo de Cristo. E a seren membros do corpo místico de Cristo están chamadas tódalas persoas do mundo, de calquera cultura, relixión, lingua ou clase social que sexan.

Para rematar. Coa Ascensión de Xesús, que vén sendo o cumio da súa Resurrección, estamos consecuentemente chamados todos a agradecer a grandeza de Deus Pai e dos seus proxectos sobre nós. Paulo fálanos na súa carta de que deberiamos abrir os ollos para intentarmos comprender “o vigor da potencia e da forza” de Deus Pai en relación connosco.

Como se nos amosa este “vigor”? Explícanolo el dicindo que Deus Pai exerceu o seu vigor e a súa forza “resucitando a Cristo de entre os mortos e sentándoo á súa dereita nos ceos, por riba de todo principado e potestade, de toda virtude e dominación, e por riba de todo título de honra recoñecido neste mundo e tamén no vindeiro”.

De modo que, se toda Eucaristía é agradecemento a Deus, hoxe debería selo de maneira especial por ternos el concedido na Ascensión do seu Fillo o gratuíto don da nosa propia futura Ascensión onda El polos méritos deste seu fillo Xesús Cristo, que se fixo irmán noso.

SANTÍSIMA TRINDADE

Un e mais tres

Teriamos que converter a festividade da Santísima Trindade en algo fondamente íntimo, vivo e sobre todo cordial. Desde que nos iniciaron na fe cristiá sabemos teoricamente, si, de Deus como un e trino. Sabemos aquilo de que Deus é unha esencia en tres persoas. Así nolo dixeron e así o aprendemos. Mais todo semella quedar nun mundo de ideas e conceptos, de especulacións e de abstraccións, non pouco distante da nosa fe vivida, sentida e compartida cos demais.

En realidade, o feito mesmo de que teñamos unha festa especial dedicada á concienciármonos da Santísima Trindade, da súa grandeza e das súas marabillas semella sinalar cando menos o interese da Igrexa en que convertamos a fe na Trindade de Deus en algo vivo e operativo.

Temos que partir, en calquera caso, do presuposto de que Deus, o Deus infinito ou, mellor, superinfinito, é absolutamente incomprensíbel para nós. E seguirao sendo aínda que el se nos teña revelado como Pai, como Fillo e como Espírito Santo. Esta unidade e diferenza segue e seguirá a ser un misterio, por moi grande e fermosa que poida ser esta revelación. Por iso falamos do gran "misterio" da Santísima Trindade.

Aínda así, aínda que Deus sexa sempre en si mesmo misterioso, o certo é que algo grande se nos ten que revelar na súa Trindade cando el nola quixo manifestar. E manifféstanola non con palabras abstractas, senón coa súa mesma actuación ante nós.

Poderiamos dicir, de maneira moi sintética, que Deus se nos presenta no Antigo Testamento sobre todo como o Deus único, un Deus Pai, que aínda non se nos manifesta totalmente tal e como é. Mais no Novo Testamento, coa súa manifestación no mundo en Xesús, aprendemos a ver como é concretamente a súa paternidade. Xesús manifféstanos o seu Pai como Pai seu especialísimo que o quere infinitamente.

Mais como Xesús é tamén na súa humanidade coma nós, resulta que, ó revelársenos Deus como Pai de Xesús, se nos manifesta ó tempo que el, Xesús, é o noso irmán maior e que, polo tanto, somos tamén todos nós fillos de Deus; pois Deus Pai porfillounos a nós en Xesús, o fillo único e benquerido de Deus. Así nolo anuncia Paulo cando nos di que recibimos de Deus Pai "un espírito de fillos adoptivos, grazas o cal podemos gritar: 'Abbá': Pai!!".

Ata aquí, como vedes, revélasenos que Deus é alomenos "dúas" persoas, Pai e Fillo. Aínda que naturalmente isto das "persoas" divinas non hai que entendelo en simple continuidade co que somos nós como "persoas" humanas, finitas e limitadas. En calquera caso, coa paulatina revelación da Trindade de Deus váisenos comunicando tamén a nós que estamos todos chamados a ingresar misteriosamente nesa Trindade.

A revelación definitiva da Trindade divina ocorre, pois, coa vinda do Espírito Santo onda nós. Isto último foi o que celebramos no anterior domingo. Por iso a Igrexa coloca sempre liturxicamente a festividade da Santísima Trindade no domingo seguinte ó de Pentecoste, é dicir, inmediatamente despois da vinda onda nós do Espírito Santo.

Con esta vinda do Espírito Santo cérrase, para dicilo dalgunha maneira, o "círculo" da revelación de Deus. Agora resulta que Deus xa non é dúas persoas, senón "tres". Deus é un "trío" , un trío que toca tan misteriosamente ben, que non desafina ningún dos tres en tan infinita e misteriosa harmonía. En Deus hai tan marabillosa harmonía que, con seren tres as persoas, non por iso hai tres deuses, senón un único Deus.

Hai con todo aínda algo máis. Como o Espírito Santo non se marcha xa máis de onda nós, e alí onde está o Espírito Santo están tamén o Pai e o Fillo, resulta que estamos así, pola presenza en nós do Espírito Santo, unidos todos á Trindade divina.

Unha Trindade que segue a traballar arreo no medio de nós para nos facer semellantes a ela, uns e diferentes, variados e unidos, autónomos e amorosos, libres e ó mesmo tempo escravos dos demais na nosa entrega a eles. É dicir, trinos e un. O fin do mundo e da humanidade, ou sexa, o proxecto grandioso de Deus é o de chegarmos a participar todos desa misteriosa Trindade divina.

Neste sentido, deberiamos traballar tamén nós, coa forza e a graza do noso Deus trinitario, a prol dun mundo onde exista liberdade e amor, diferenza e unidade, individualidade e comuñón, á semellanza desta Trindade que hoxe estamos a celebrar.

Os grandes santos e teólogos dicían e din que sobre Deus, e de maneira especial sobre o misterio da Santísima Trindade, non podemos senón tatexar. Todos somos nisto tartamudos ou tatexos, porque o modo divino de ser nos supera totalmente.

Mais a verdade é que tamén as cousas máis fondas e naturais da realidade son misteriosas: a nosa vida, a nosa morte, o amor, a liberdade e tantas outras cousas. Por que? Porque, á fin e ó cabo, todo e todos estamos mergullados no misterio de Deus, do Deus misterioso un e trino que o fixo todo e que está en todo. Dese Deus que se reflicte tamén moi misteriosamente na mesma vida familiar, que é sempre, en maior ou menor medida, trina e unha. Pois nela hai tamén pai e esposo, nai e esposa, fillos ou fillas, irmás ou irmáns. Unidade e diferenza, trindade e unidade. Sen algo desta unidade e variedade non pode existir o que chamamos familia. Así somos porque Deus, o Deus trinitario, é a nosa orixe, o noso modelo.

Dada esta fondura do misterio da Santísima Trindade, non é nada estraño que a Igrexa nos pida que neste día nos lembremos de xeito especial daqueles que se dedican intensamente a "orar", a rezar, é dicir, daquelas mulleres e homes que nos mosteiros de vida contemplativa, comunicándose co noso Deus trinitario, lle presentan tamén a El as nosas necesidades e as preocupacións todas do mundo. É o día chamado en latín "pro orantibus", é dicir, "a prol dos que oran", dos que rezan. Oremos, pois, nós tamén polos que "oran" xa por nós.

SANTÍSIMO CORPO E SANGUE DE CRISTO
Vida e pan para os pobres

No pasado domingo celebramos a festa da Santísima Trindade, na que lembrabamos o significado desta festa como manifestación de Deus a nós do que El mesmo é: un Deus que, desde sempre, é un e trino, unido e diferente en si mesmo. Un Deus que quere comunicarse a todos e facer de nós, en comuñón con El, algo semellante ó que El mesmo é: unha soa e incomparábel familia. Unha familia, na que esteamos todos unidos entre nós e con El polo amor, manténdonos porén todos e cada un de nós autónomos e libres, é dicir, diferentes.

Ó celebrarmos agora a festividade do Corpo e do Sangue de Cristo, non podemos esquecer este contexto xeral grandioso do que Deus mesmo é. Como sabemos, a meirande expresión da relación de Deus connosco é o feito de que El se fixo humano en Xesús, o seu Fillo encarnado, cun corpo igual ó noso.

Pois ben, con este Xesús visíbel, audíbel e tanxíbel estiveron en contacto directo os seus apóstolos. Por iso son eles para nós as verdadeiras testemuñas de Xesús e tamén polo tanto de como é Deus. Os que viñemos a este mundo despois, temos tamén a posibilidade de relacionármonos dunha maneira especial con Xesús e, por medio del, co Pai e co Espírito Santo. Esta vén ser a fonda mensaxe da festividade de hoxe.

Porque na nosa eucaristía comunitaria contactamos dun modo especial con Deus. Isto ocorre de dúas maneiras fundamentais:

A primeira é ó escoitarmos comunitariamente a palabra de Deus. Ben sabemos o grato que nos resulta que alguén nos dirixa amigabelmente a súa palabra. E tamén como nos doe cando algún coñecido noso pasa ó noso lado sen nos dicir ren.

Medramos e fortalecémonos internamente coa palabra e cos agarimos dos demais. Pois ben, Deus diríxenos a súa palabra amorosa de xeitos moi diversos. A través da nosa propia conciencia, dos bos exemplos que recibimos dos demais, etc., pero tamén a través da palabra súa que se nos fai presente nos relatos evanxélicos. Neste senso, a palabra de Deus é para nós verdadeira comida. Porque nos alimenta e nos dá azos, porque nos ofrece un sentido para a vida, porque nos axuda a vivirmos con plenitude.

A segunda maneira de entrarmos en contacto con Deus é a comuñón eucarística. Cando facemos iso, sabemos que non realizamos un rito baleiro. Pola palabra de Deus, na que cremos, somos conscientes de que na comuñón do "corpo de Cristo" recibimos unha incríbel vitalidade interior. Pois Xesús definiuse a si mesmo moitas veces como "Vida": "Eu son o camiño, a verdade e A VIDA". "Eu son o pan VIVO". "Se alguén come deste pan, VIVIRÁ para sempre". "O pan que eu darei é ... para a VIDA do mundo". "Quen come a miña carne e bebe o meu sangue, TEN VIDA ETERNA E EU RESUCITAREINO no derradeiro día". "Quen come este pan VIVIRÁ para sempre".

Concretamente, na segunda Lectura de hoxe lémbranos Paulo na súa carta ós Corintios os acontecementos da derradeira Cea do Señor, cando Xesús lles di ós Apóstolos: "Isto é o meu corpo", "Isto é o meu sangue". Trátase dun corpo e dun sangue que, tal como lles di Xesús, "se entregan por vós". Nas nosas eucaristías é iso o que comunitariamente intentamos facer: "lembrármonos", como nos pide o mesmo Xesús, desta súa entrega total a nós para que pola nosa parte fagamos nós outro tanto cos demais. Esa era tamén a intención do autor desta fermosa escultura da "Derradeira Cea" que temos aquí diante, presidindo o retablo da nosa igrexa.

Esta festividade ten que ser, pois, unha nova e especial ocasión para agradecermos a Deus pola súa xenerosidade infinita. Un Deus que se entrega a nós e se deixa comer por nós para que así poidamos participar da súa forza e da súa vida.

Hoxe en día instrúennos de cando en vez os especialistas e os medios de comunicación sobre os alimentos que cómpre comer ou deixar de comer para mantérmonos en forma e para alongar o máis posíbel a nosa vida ou, como se di, a nosa calidade de vida. Todo iso está moi ben, aínda que sabemos que por moito caso que lles fagamos a tales recomendacións, o problema principal, a posibilidade de vivirmos sempre, non nola resolven.

En calquera caso e en canto cristiáns temos que saber proclamar e ofrecer tamén os nosos produtos, a nosa propia dietética. Esta consiste, en definitiva, en anunciarmos e vivirmos en nós mesmos a Cristo como "Vida", como dador de vida, dunha vida sen data de caducidade, porque é eterna.

Unha forte crenza na vida, por outra parte, que se amosará no noso interese pola vida de todos, de maneira especial pola daqueles cos que convivimos e que poden precisar da nosa axuda. Axuda material e espiritual, proporcionando amor, acompañamento humano e tamén os medios materiais que lles poidamos ofrecer. Por iso, esta festa eucarística ha ser sempre unha festa non só íntima ou devota, senón tamén e sobre todo social e comunitaria. Para que así como Deus nos ofrece e nos dá a súa vida a cada un de nós, así tamén deamos nós algo polo menos da nosa vida, do que somos ou temos, ós demais.

Todo isto é o que está tamén no fondo da mensaxe da "multiplicación dos pans e dos peixes" do evanxeo de Lucas. Tivo que ser un acontecemento bastante especial ou rechamante para que os catro evanxelistas falen del (Mateo e Marcos falan del incluso dúas veces). Desa escena da multiplicación dos pans e dos peixes podemos deducir que Xesús quere e busca de verdade a nosa felicidade, material e espiritual. Unha felicidade total e compartida. Non pode ser que só uns poucos vivan felices e

contentos mentres que os demais teñan que pasalo moi mal para acadaren o que precisan tanto eles mesmos coma os que teñen ó seu coidado.

Todo isto temos que telo en conta cando celebramos a festa do Corpo e do Sangue de Cristo. Porque "corpo de Cristo" son tamén, e de maneira moi especial, os pobres e necesitados. De maneira que sería bo que comulguemos non só co corpo eucarístico de Xesús, senón tamén cos corpos famentos e necesitados que existen en tantas partes do mundo, que nos fan neles presente ese Xesús, fillo benquerido de Deus, que decidiu identificarse con eles.

Por iso a esta festividade do Corpo de Cristo está tradicionalmente asociado o Día da caridade. Queiramos os demais como o Deus de Xesús quere a todos e de maneira especial os seus fillos, e irmáns nosos, máis necesitados.

BAUTISMO DO SEÑOR

Pomba libre

Polo menos os máis maiores dos que estamos aquí recibimos o bautismo cando eramos moi pequenos. Eu, concretamente, tiña só cinco días cando ocorreu tal acontecemento, ás seis da tarde dun día 20 –moi feliz supoño- do mes de outono...

Os nosos pais e padriños leváronnos no colo á fonte bautismal e as augas do sacramento recibido, sen sermos conscientes do que alí pasaba, transformáronnos oficialmente en cristiáns e uníronnos ó corpo místico de Cristo, á súa Igrexa. Dada esta inconsciencia do que alí ocorría temos que ser sempre comprensivos con persoas que, andando o tempo e de maneira xa consciente e libre, decidiron romper polas razóns que fosen cunha decisión que eles persoalmente non tomaran. Posibelmente coñecemos algúns destes casos.

De calquera maneira, o bautismo do Señor que celebramos hoxe foi moi distinto deste noso infantil bautismo. Se nós eramos entón infantes inconscientes, Xesús era en cambio un mozo adulto, que se estaba a abrir paso na vida. No seu caso foi, pois, un acto moi consciente e persoal. Xesús sentiríase atraído, como tamén outros compañeiros ou coñecidos seus, pola figura, o comportamento e as palabras do Bautista que chamaba á conversión e a se preocupar por facer o ben desde o seu propio e persoal testemuño de vida. Moito do atractivo do Bautista consistía en que aquilo que el predicaba ou proclamaba estábao a levar á práctica el mesmo na súa vida. Porque o Bautista era unha persoa consecuente coa fonda experiencia que el sentía de Deus no seu interior.

Pola súa parte, Xesús percibía en si unha íntima e inigualábel experiencia de se sentir querido por Deus, por un Deus que se lle manifestaba a el como o seu paiciño querido. Xesús falaba con absoluta confianza co seu Pai. E Deus Pai "pasábao bomba" (perdoade a expresión) falando e conversando co seu fillo: "Ti es o meu fillo benquerido, o meu predilecto. En ti me comprazo" (así nolo conta Lucas no evanxeo de hoxe)

Ó mesmo tempo, Lucas preséntanos Xesús como fillo do seu pobo ó nos indicar que Xesús foi bautizado "durante un bautismo xeral". Xesús era un máis dos que se achegaban ó Bautista para se deixar interpelar por el. Poderiamos dicir que Xesús estaba así tan unido ó seu Pai Deus coma ó seu pobo, á súa relixión, á súa cultura, á súa lingua, ós seus costumes. Mais dentro del había tamén un lume devorador, un lume divino e espiritual que el quería que servise para dar luz e calor a todos. Era o lume interior que procedía de se sentir Fillo "benquerido" de Deus e irmán de tódolos homes e mulleres

do mundo. Era a luz e a calor que el viña esparexer entre tódalas persoas. A luz e a calor de sentírmonos todos fillos de Deus e irmáns polo tanto uns dos outros.

Esta unión de Xesús con Deus-Pai e con toda a humanidade foi a que fixo que o seu achegamento ó Bautista non fose máis có comezo da súa propia misión evanxelizadora, dadora de boas noticias, que vai ser máis fonda e ampla que a do Bautista. Xesús cumpre, pois, ó ser bautizado polo Bautista, cun rito relixioso, mais non para ficar fixado a el, petrificado coma quen di, inmóbil e satisfeito co rito cumprido. Non. Xesús, a través deste acto penitencial realizado co Bautista, vaise converter nunha persoa definitivamente libre para se deixar levar, polo Espírito e polo Pai, a onde queiran levalo durante o resto da súa vida.

O propio Bautista apunta a este contraste entre o que era ou facía el, o Bautista, e o que era ou ía facer Xesús, cando, antes de bautizar Xesús, anuncia ós alí presentes que el, o Bautista, bautizaba "con auga", mais que Xesús, bautizaría "con Espírito Santo e con lume".

Inmensa a grandeza deste Espírito Santo, ó que quizais poucas veces invocamos persoalmente e que, nembargantes, é aquel co que tamén nós fomos bautizados e somos cada día en certo modo rebautizados para convertérmonos en cristiáns máis consecuentes!

Dentro do misterio que é e seguirá sendo sempre a Santísima Trindade, din os teólogos que o Espírito Santo é o "amor" persoal co que se aman o Pai e o Fillo. Un amor tan grande, tan infinito, que é el mesmo igual ó Pai e ó Fillo, e que é tan persoa coma o son o Pai e o Fillo. Palabras e conceptos misteriosos, pero que para nós están cheos de grandeza e nos deberían encher de fondo contento. O contento de sabérmonos mergullados, bautizados, no Espírito de Deus.

Un Espírito que, coma o vento ou o aire que respiramos (pois diso vén o nome de "espírito"), está cheo de liberdade e de plenitude. Coma aquel vento forte do día de Pentecoste, cando os discípulos de Xesús comezaron a falar, coma se estivesen borrachos, en linguas estrañas, mais ben intelixíbeis para os que as oían. Ou coma esas aves do ceo, as pombas, que voan libremente por onde lles peta, sen se someter a vías ou camiños fixos e acostumados polos que tivesen que se mover no seu voo.

Non será por iso polo que o Espírito Santo é representado como unha pomba? Esas criaturas de Deus que semellan reflectir bondade e liberdade... O evanxeo de Lucas dinos hoxe que despois de ser bautizado Xesús polo Bautista, "se abriu o ceo e baixou sobre el o Espírito Santo na aparencia corporal dunha pomba".

Agora ben, se o Bautista lles di ós seus oíntes (e neles estamos tamén nós en certo modo representados) que Xesús (a diferenza del) nos bautizará "co Espírito Santo", iso quere dicir que, por medio de Xesús e grazas a El, estamos todos chamados á liberdade, á alegría, ó amor, á bondade e a tantas outras cousas boas e fermosas ás que adoitamos designar co nome dos "dons" do Espírito Santo. Este Xesús, que empezou a súa andaina connosco no día de Nadal, é quen ó final da súa vida terrea nos vai mandar o Espírito de Deus. Un Espírito, o Espírito Santo, que nos liberará de toda "escravitude" ou angustia e nos fará libres coma "pombas". Pombas de tódalas cores, como ben advirte sorprendido o apóstolo Pedro ó proclamar na Segunda Lectura de hoxe que "Deus non fai distinción de persoas, senón que acepta a quen lle é fiel e practica a xustiza, sexa da nación que sexa".

Xa vedes, pois, como o Bautismo de Xesús é algo que, afectándoo fonda e persoalmente a el, nos afecta tamén a todos nós, en canto irmáns seus e fillos adoptivos

pero reais de Deus Pai. Esta é a grande alegría que hoxe nos trae ás nosas vidas a pomba, bondadosa e libre, símbolo fermoso do Espírito Santo co que foi bautizado Xesús.

DOMINGO II ORDINARIO

Unidos na diferenza

Rematado o tempo de Nadal, os textos que nos propón a liturxia para este novo tempo que comezamos agora, o chamado *tempo "ordinario"*, son moi diversos. En calquera caso, son todos importantes para o fortalecemento e a animación da nosa fe. En realidade, o tempo "ordinario" empezou xa no anterior domingo, no que fixemos lembranza comunitaria do Bautismo do Señor. O que nesta celebración comentabamos pode servirnos aínda para algúns dos comentarios de agora.

Porque hoxe, ademais dos temas que nos suxiren os textos litúrxicos, poderiamos ter presente tamén o que nos vén dado desde outras instancias non directamente relacionadas co que acabamos de ler e escoitar nas Lecturas ou no Evanxeo. Refírome concretamente a que desde hai tempo se vén celebrando cada ano o chamado Octavario pola *Unidade dos Cristiáns* entre os días 18 e o 25 de xaneiro.

Mais, como non podemos falar axeitadamente de todo, toquemos algún que outro punto, ben alicerzados na mensaxe fundamental do último domingo, a festividade do Bautismo do Señor. Neste anterior domingo lembrabamos a importancia que ten para a nosa fe o feito de termos sido, todos nós, bautizados "no Espírito Santo". Pois ese é o bautismo que desde Xesús recibimos os cristiáns.

Diciamos que o Espírito de Deus, o Espírito Santo, e un e diverso. Un como hai un só Deus, mais diverso como tamén Deus é un e trino, diferente polo tanto na súa unidade. Por iso o Espírito de Deus unifica, pero tamén sabe e entende de diferenzas, pois Deus é tamén un e diferente.

Faremos moi ben en pedir e rezar, nestes días de oración, pola unidade dos cristiáns. Pois ben sabemos que hai outras confesións dentro do cristianismo que non se identifican oficialmente coa nosa, a que chamamos "católica". A unidade é sen dúbida un gran ben. Mais non estaría mal tampouco que ó tempo pidamos ó Señor que tódalas confesións, tamén a nosa, se convertan en verdadeiramente cristiás. Pedirlle polo tanto que nos converta en verdadeiros seguidores seus. Discípulos auténticos daquel que nos bautizou "no Espírito Santo". E xa sabemos que no Espírito Santo estamos todos chamados a sermos e a sabérmonos uns e diferentes.

Por iso, a diferenza, mentres non se renuncie ós principios básicos da mensaxe de Cristo, debería sentirse sempre cómoda no seo da nosa Igrexa.

Se este respecto á diferenza se tivese practicado máis e mellor en tempos históricos pasados, posibelmente non teriamos necesidade de estarmos de pedir durante o sinalado Octavario pola "unidade dos cristiáns". Unha unidade que historicamente se rompeu en determinadas e concretas circunstancias históricas do pasado.

E conste que isto valería tamén á súa maneira, penso eu, para os asuntos políticos que están a ocorrer hoxe en día entre nós. Toda unidade tería que ser sempre suficientemente flexíbel e aberta para que no seo dela puidesen vivir comodamente e sen discriminacións as diferenzas culturais, lingüísticas ou de calquera outro tipo.

Polo menos na carta ós Corintios que acabamos de escoitar fálanos Paulo do Espírito, no que -como dicía- fomos todos bautizados, como dun Espírito que, sendo el sempre o mesmo, actúa de moi diversos modos e maneiras. Un Espírito, dinos Paulo,

que ten “diversidade de dons”, “diversidade de servizos”, “diversidade de realizacións”... E se o Espírito actúa de tan diversas maneiras, quen somos nós para forzar as cousas, as realidades, as culturas, as linguas, etc. coa pretensión de converter estas diferenzas en algo absolutamente unitario e monolítico?

Todo isto, como ben podedes ver, está moi en relación co tema do Octavario de oración pola “unidade dos cristiáns”.

E ben, a todo isto doume de conta de que non vos comentei aínda nada sobre o texto do Evanxeo de hoxe. Só unhas palabras para rematar.

Xesús, ó contrario do que ocorre co Bautista, adoita mesturarse coa xente, vive e está con ela. E non deixa de ser curioso! O seu primeiro “signo”, aínda que nolo conte só Xoán, é o do viño nunha voda. Un “signo” cheo de simbolismo (como ocorre con frecuencia en Xoán). A Xesús gústalle celebrar a irmandade, a amizade, o amor, a felicidade. E ademais en grupo, en comunidade, en pobo, en reino.

Se ese foi o seu primeiro “signo”, esa será tamén a que poderiamos chamar a súa definitiva realización marabillosa coa humanidade, coa creación enteira. Nese reino vindeiro prometido, que será a definitiva e infinita festa da irmandade entre todos. A nosa sorpresa será alí seguramente aínda meirande cá do apóstolo Pedro, abraiado como estaba de que Deus aceptase onda si a a quen “practica a xustiza, sexa da nación que sexa”. Así se nos dicía efectivamente no libro dos Feitos dos Apóstolos, tal e como lembrabamos na Segunda Lectura do domingo anterior ó celebrarmos a festa do Bautismo do Señor.

Camiñemos, pois, sempre polos camiños da fe, da esperanza e do amor que nos ofrece Xesús. E polo tanto, con delicado respecto á unidade e á diferenza, á conxunción e á diversidade. Formando así ese “corpo místico” de Cristo, con membros diferentes entre si e unha soa vida común e compartida.

DOMINGO III ORDINARIO

Liberando as persoas

Os textos a comentar hoxe son, aínda que como case sempre, algo especiais e sorprendentes. Sobre a segunda Lectura, da primeira carta de Paulo ós Corintios, non vou dicir ren. Os comentarios de Paulo sobre o corpo místico de Cristo, no que este é cabeza ou corazón e sobre que os demais somos membros moi diversos que formamos con el unha unidade son tan doados de entender que non precisan aclaracións. Xa comentamos ademais abondo en domingos pasados a necesidade de que respectemos e queiramos conxuntamente sempre a unidade e maila diferenza, do mesmo modo que Deus é un e diferente. Por iso vou facer só algúns curtos comentarios sobre a primeira Lectura e o Evanxeo por presentaren escenas que teñen unha certa semellanza co que adoitamos facer os que presidimos a eucaristía os domingos. Refírome ás homilías.

Na primeira Lectura ofrécesenos algo así como unha “homilía” do sacerdote Esdras, subido sobre unha tarima de madeira á vista de todo o pobo. Algo emocionante. “Todo o pobo –dísenos alí- estaba atento á lectura do libro da lei”. Homes, mulleres e mais (que fermoso!) “todos aqueles que eran capaces de pensar”. E este pobo oínte non estaba alí esperando, paciente e cortesmente, a que Esdras rematase por fin o seu discurso. Todo o contrario. Participaba, coa súa atención e cos choros e laios da súa emoción, no que alí se explicaba sobre o libro da lei. “Todo o pobo choraba”, dísenos alí. Tanto que os que dirixían a asemblea tiveron que convidalos e case forzalos a que

deixasen de chorar, porque –tal como eles argumentaban- “o gozo do Señor é a vosa forza”. De modo que xa no Antigo Testamento os encargados nesta ocasión de se dirixiren ó pobo anuncian dalgún modo un pequeno “evanxeo”, unha pequena boa nova. A nova de que o seu Deus quere ser tamén un Deus ó que lle gusta que o pobo viva. E que viva ben, con plenitude e alegría: “alegrándose no Señor”.

Este tipo de homilía veterotestamentaria da Primeira Lectura vén sendo algo así como preparación ou contexto da incomparabelmente máis emocionante homilía que vai facer Xesús en Nazaret, segundo se nos conta no Evanxeo. Xesús “criárase” alí. A xente coñéceo ben. É un máis dos veciños do pobo. Oficialmente, non ten categoría ningunha, nin civil nin relixiosa. Non é sacerdote, nin escriba nin cousa semellante. Mais iso si: a xente, dinos Lucas, falaba moi ben del. Seguramente porque estaba verdadeiramente comprometido cos problemas e as necesidades dos veciños e compañeiros. Sabían tamén que mantiña unha relación especial de confianza con Deus, ó que trataba e do que falaba con fondo agarimo como pai seu e pai de todos. Xesús tiña o costume de ir os sábados cos demais á sinagoga. Algo así como imos nós os domingos á igrexa. Mais esta vez, na sinagoga, síntese el impulsado, “coa forza do Espírito Santo” (dinos Lucas) a se dirixir ós demais veciños e coñecidos para lles comunicar algo moi importante sobre as súas fondas e agarimosas experiencias de Deus. Un Deus que se lle manifesta e o sente como Pai-Nai del e tamén de todos. Xesús non vai falar coa autoridade que lle podería conferir ser un letrado ou mestre da lei, pois el non tiña ningunha autoridade deste tipo. El falará unicamente desde a súa misteriosa e íntima experiencia persoal.

Sempre me emociona tamén a min (como ós que escoitaban ó sacerdote Esdras) esta escena de Xesús dirixíndose, pausada e sosegadamente, ó seus oíntes na sinagoga. Dado o preciso e concreto relato dos feitos, a Lucas -que non chegou a coñecer persoalmente a Xesús- seguramente llo debeu de comunicar alguén que presenciara directamente ou polo menos oíra atentamente falar do alí acontecido. A escena lémbrame a min un pouco, e quizais tamén a vós, esas películas de “suspense”, que nos fan conter a respiración. Lucas di explicitamente que a xente toda da sinagoga tiña os ollos “fixos nel”.

Xesús é moi estimado pola xente polo seu sorprendente modo de se comportar. Mais o que alí, nesa especie de curta homilía, vai el dicir superará todo o previsíbel tanto desde un punto de vista relixioso como político ou civil. El, unha persoa pobre e sinxela coma os demais, vaise manifestar ante eles como a presenza viva, concreta e histórica, dun Deus que non é nin quere ser castigador nin opresor, senón liberador. E iso de maneira moi concreta e social ou civil, porque Lucas non ten na súa visión da mensaxe de Xesús ningún recendo espiritualista ou descarnado. Pois ben, o texto que Xesús alí lles le pertence ó profeta Isaías. Lembrémolo de novo, porque non ten desperdicio: “O Espírito do Señor está sobre min porque El foi quen me unxiu para lles proclamar a Boa Nova ós pobres. Mandoume para lles anunciar a liberación ós secuestrados e a vista ós cegos, para lles dar liberdade ós asoballados e proclamar o ano de graza do Señor”.

O comentario ou homilía que constrúe Xesús sobre este texto sagrado non pode ser nin máis curto nin máis plástico: “Hoxe cúmprese diante vosa esta pasaxe da Escritura”. É dicir, alí está en persoa diante dos seus abraiados veciños e oíntes, na persoa ben concreta e presente de Xesús, a realización e o cumprimento do texto de Isaías. Un texto absolutamente alegre (“Boa Nova”), liberador e perdoador para cantos se senten ameazados ou asoballados por calquera tipo de discriminación ou inxustiza. Sabemos polo que nos conta Lucas a continuación (aínda que non está recollido no texto do evanxeo de hoxe) que a xente non acabou de comprender, estrañada, esta

mensaxe fondamente liberadora de Xesús, acostumada como estaba á imaxe dun Deus xusticeiro e castigador, que impuña mandatos e preceptos. Ademais, non casaba moi ben tampouco esta imaxe que tiñan dun Deus grandioso e omnipotente coa feble e humilde presenza dun Xesús, a quen todos coñecían como bo veciño e compañeiro, mais sometido, igual ca eles, á pobreza e á discriminación social e política. Lucas vén indicar de feito todo isto cando nos di que a xente non facía máis que comentar tralo que acababan de escoitar na sinagoga: "Pero non é este o fillo de Xosé?".

Teremos que loitar, toda a nosa curta ou longa vida, contra as falsas concepcións que nos agachan a verdadeira face de Deus. A face dun Deus que en Xesús se nos manifestou como un máis de entre nós, como compañeiro e irmán. Unha auténtica revolución na concepción de Deus que nos custa aceptar, como lles custou tamén ós contemporáneos de Xesús.

DOMINGO IV ORDINARIO

Escorrentando medos

No evanxeo de hoxe cóntasenos a reacción da xente de Nazaret, a aldea na que se criara Xesús, ó seu programa "liberador", que Xesús acababa de poñer en relación co profeta Isaías. Unhas palabras, as de Xesús, que contiñan un decidido anuncio de Boa Nova para os pobres e de liberación ou liberdade para secuestrados ou asoballados.

Xa comentei no anterior domingo que os veciños e coñecidos de Xesús non acababan de comprender esa mensaxe alegre e "liberadora" de Xesús. As razóns fundamentais eran porque Xesús, por moi diferente que fose dos demais na intensidade da súa fe e no seu compromiso práctico coas necesidades e problemas da xente, non deixaba de ser un máis entre os outros.

Quen era, pois, el, o fillo dun carpinteiro de aldea, para proclamar cun mínimo de autoridade tales ideas liberadoras? Na cultura, no modo de pensar e de actuar da xente da súa aldea, a autoridade só podía residir no que fose sacerdote, escriba, ancián ou pai de familia. Mais nada diso era Xesús e, polo tanto, non podía menos de provocar estrañeza e desconfianza un tal anuncio aínda que só fose polo mero feito de vir de quen viña. Respecto da autoridade da que podía estar revestido, Xesús era simplemente un ninguén.

Pero hai aínda algo máis. Xesús falaba programaticamente de boas noticias para a xente, de que as persoas deberían vivir libremente, felices e non sometidas a tiranías ou sometementos de ningún tipo. E todo isto era proclamado por el ademais nunha sinagoga. É dicir, precisamente nun lugar onde os seus conveciños ían aprender e se instruír sobre normas, leis e preceptos que había que cumprir para poder considerarse xustos e así non estaren expostos á ira e ós castigos de Deus.

En realidade, o que na súa lectura fixo Xesús foi transformar o texto de Isaías para incluír nel a súa propia visión de Deus como Pai bondadoso e misericordioso. Por iso omitirá Xesús a frase do texto de Isaías sobre o "día da vinganza" de Deus (Is. 61, 2), para insistir en cambio exclusivamente na "graza" de Deus, non na condena. Será isto precisamente o que provocará a reacción en contra súa dos asistentes á sinagoga. Pois deste modo convértese Xesús nun verdadeiro perigo para os costumes, as crenzas e as ben detalladas leis que rexían a vida familiar, social e política da xente. Do cumprimento das normas legais relixiosas dependía mesmo a subsistencia do pobo como tal.

Ademais, a realización do anuncio de Xesús esixía romper cos límites ou fronteiras da xudaísmo. Pois a mensaxe de liberación ía dirixido a tódolos asoballados, secuestrados ou oprimidos. Polo tanto a salvación de Deus non precisaba pasar antes polos ritos e leis do xudaísmo. Por iso, Xesús, ante a estrañeza e incipiente oposición dos seus oíntes, aludirá precisamente á liberación da fame ou da gafura (da lepra) que os profetas Elías ou Eliseo realizaron con persoas que non pertencían ó pobo xudeu. Pois a viúva de Sarepta era fenicia e Naamán era sirio.

Como vedes, o programa liberador e universal de Xesús era algo que o exclusivismo e elitismo xudeu non podía aturar. Se comprendemos todo isto, non nos estrañará que a reacción da xente ante o dito por Xesús fose a que foi. A xente entendera moi ben que o que dicía Xesús acababa coas tradicións e supuña unha verdadeira revolución na concepción relixiosa do xudaísmo e na comprensión concreta de Deus. Un Deus que se manifestaba agora en Xesús como Pai de todos, creando irmandade entre todos e unha fonda relación de amor tan concreto coma universal. Por iso Xesús tiña que ser eliminado e, se fose posíbel, alí mesmo. Para eles a relixión da lei e dos minuciosos preceptos estaba claramente por encima dos que hoxe chamamos "dereitos humanos".

Lucas dinos que os que oíran o que dicía Xesús "se puxeron feitos unhas feras" e que intentaron precipitalo desde o alto dun monte. En realidade, este frustrado episodio de Nazaret vén sendo case un prenuncio do que lle ocorrerá a Xesús ó final da súa vida, cando os gardiáns da pureza relixiosa e legal se ergan xa definitivamente contra el, para eliminalo, esta vez si, de verdade.

Neste contexto comprenderemos tamén, e case como contrapunto do ocorrido en Nazaret, que Paulo se sentise impulsado a falar do amor tan belamente como o fixo na súa primeira carta ó Corintios de hoxe. Porque se hai algo central na mensaxe de Xesús é o amor. Deus Pai é amor e manifféstase en Xesús como Amor mutuo entre el e o Pai e como amor dirixido a tódalas persoas do mundo enteiro, convertidas en irmáns e irmás que se queren, que se aman. Por iso para Paulo, se nos falla o amor, aínda que teñamos sobresaliente ou matrícula de honor noutras materias, suspenderemos sen remedio o curso, o curso da vida. Para Paulo non é abondo con ter notas moi altas no coñecemento de Deus, na elocuencia relixiosa, na paciencia ante as adversidades, ou incluso en virtudes tan importantes, chamadas por iso "teologais", como son a fe ou a esperanza. Porque mentres nos falle a terceira das tres, o amor, o esforzo por sacar peito nas anteriores materias non acadará en definitiva bo resultado.

Por que o amor é tan importante? Pois porque sabemos ben que onde hai amor, non hai sometementos, non hai asoballamentos, non hai secuestros, non hai escravitude. Paulo mesmo dicía neste seu canto ó amor que o amor "non simpatiza coa inxustiza". Nunha palabra: o amor é importante porque alí onde hai amor, hai liberdade. Esa liberdade ou liberación, que Xesús colocara precisamente como firme alicerce do seu programa de Nazaret e que tanto enfurecera os seus veciños e coñecidos.

O "medo á liberdade" do que falaba no século pasado o psicólogo e filósofo Erich Fromm existe, como vedes, desde hai moito tempo. Non deixa de sorprender como podemos ser tan teimudos para opoñérmonos a algo que tan unido está á nosa felicidade.

DOMINGO V ORDINARIO

Pescando liberdades

Para entendermos mellor o evanxeo de hoxe, cómpre ter en conta que o mar era na mentalidade da época un lugar onde habitaban os monstros, os monstros mariños, que ameazaban ou poñían en perigo os que se metían nel.

Polo tanto, "pescar" viña significar tamén en certo modo, na frase que emprega Xesús cando lle di a Pedro que vai ser "pescador de homes", algo así como anunciarlle que se vai converter nun "liberador" das persoas. Pedro vai liberar a xente, grazas á mensaxe de Xesús, de toda clase de medos, angurias ou ameazas.

Pedro e con el os demais apóstolos e seguidores de Xesús, todos nós, estamos, pois, chamados a sermos "pescadores" de persoas. É dicir, seguidores de Xesús que ofrecemos a cantos se atopen connosco a alegría da súa boa nova, a orientación da súa luz e a forza do seu Espírito contra a que non poderá facer nada monstro ningún.

Seguimos así fieis á mensaxe central de "liberación" que Xesús dirixiu en Nazaret ós seus veciños, hai un par de domingos, aínda que os seus oíntes preferisen seguir vivindo baixo a rutina e os medos e ameazas da lei a iniciar unha nova e alegre andadura polos camiños liberadores de Xesús.

Mais para podermos entrar de verdade por estes camiños fai falla algo máis cós nosos esforzos. Esta parece ser a idea central deste encontro de Xesús con tres dos seus apóstolos máis representativos (Pedro, Santiago e mais Xoán) onda o lago de Xenesaret.

De pouco valen as calidades e pericias persoais, incluso traballando en grupo (os tres apóstolos pescando en comandita), se con eles ou entre eles non anda o impulso e a inspiración do Espírito de Xesús. De noite (cando parecía ser propicia a hora) non pescaron ren; só aburrimento e cansazo. E de día, cando pasara xa presuntamente o tempo axeitado, alí está Xesús para lles botar unha man, pois sentiríase tamén en certo modo obrigado a facer algo por eles. Algúns comentaristas pensan que Xesús viviría quizais por entón na casa de Pedro e algún peixe si que lles faría falta para levalo á boca, aínda que non fosen tantos como os que atoparían logo na rede.

Velaquí temos unha lección que quizais tendemos a esquecer ou deixar de lado. Pois na acción liberadora de Xesús tan imprescindíbel é o noso esforzo persoal coma aquilo que chamamos "graza" de Deus, que nos incita ó traballo e nos acompañará sempre. Paulo exprésao ben claramente na súa carta de hoxe ós Corintios cando, tras comentar que el non é senón o derradeiro e menos digno entre os apóstolos, engade alí mesmo: "traballei máis ca todos eles; aínda que non precisamente eu, senón a graza de Deus que está comigo".

É este un pensamento que Santo Ignacio de Loiola reformulará moito tempo despois dicindo que deberiamos facer as cousas como se todo dependese de nós e ó mesmo tempo confiarlle a Deus o resultado coma se todo dependese del. Non nos encheremos así de fachenda polos éxitos acadados nin perderemos tampouco azos ante os fracasos, posibelmente só aparentes.

Hoxe en día, por exemplo, poderiamos sentirnos tentados a pensar que ou nós, os "pescadores", non facemos o que deberiamos facer por non sermos quen de coller, como se di no evanxeo de hoxe, "nin un rabo de peixe" ou que o Xesús do lago de Xenesaret non está xa connosco para nos botar unha man. No primeiro podemos certamente fallar. Mais no segundo, no que se refire a Xesús e ó seu Espírito, non podemos pensar que el nos teña abandonado ó volvermos do mar coa barca baleira de peixes. A nosa fe asegúranos que Deus actúa e seguirá actuando no mundo e tamén entre nós, aínda que iso non teña por que ocorrer da maneira que nós pensamos ou que falsamente cremos ser a única lóxica e correcta.

Somos todos conscientes, por exemplo, de que nos tempos actuais están a escasear vocacións tanto sacerdotais coma relixiosas, que tradicionalmente tiveron sempre unha función bastante importante no oficio evanxélico de "pescar homes", é dicir, de axudar a xente a viviren coa liberdade e a alegría coas que Deus quere que vivamos. Mais os camiños de Deus non os coñecemos e a historia non rematou aínda, como algúns teorizan ou desexan.

Desde logo non se trata aquí de pescudar ou de elucubrar sobre o futuro da nosa Igrexa ou sobre o modo concreto como serán os futuros "pescadores de homes" que Deus suscitará no mundo por medio do seu Espírito en tempos vindeiros. O importante é que tomemos conciencia de que Deus segue a habitar entre nós e de que o seguirá a facer tamén entre os que veñan despois de nós do xeito e da maneira que El só coñece. Pois el mesmo asegurounos en Xesús que el estará connosco tódolos días deica á fin do mundo. Pola nosa parte, esteamos sempre atentos á súa palabra e ás súas inspiracións para que nos tempos que nos toca vivir levemos á práctica a súa mensaxe de amor e fraternidade.

DOMINGO VI ORDINARIO

Paradoxos da felicidade

Nos oito anos e medio, máis ou menos, que levo aquí en Vigo (despois de algo máis de corenta pasados en Madrid) é esta a primeira vez que me tocou agora mesmo proclamarvos desde aquí o texto das benaventuranzas de Lucas, tal e como aparecen no seu evanxeo. Como sabedes, as lecturas litúrxicas (incluída a do evanxeo) están repartidas en tres anos ou ciclos e nun certo grao son aleatorias dentro dun mesmo ciclo, dependendo do máis ou menos longos que sexan determinados tempos litúrxicos.

O caso é que o texto de Lucas relacionado coas benaventuranzas –ou "felicidades", como a min me gusta dicir- ten as súas peculiaridades, que o distinguen do de Mateo, que é o que de feito máis veces se le nas nosas liturxias.

Hai algúns detalles menos importantes, coma o feito de que Mateo sitúe este sermón ou discurso de Xesús nunha montaña e Lucas nunha valgada ou tamén que neste as benaventuranzas sexan só catro mentres que en Mateo sexan o dobre, ou sexa, oito. Si é, concretamente, máis significativo o feito de que Lucas non fale da benaventuranza ou felicidade dos "pobres no espírito" –como fai Mateo- senón, de maneira directa e simple, dos "pobres": "Ditosos vós os pobres", sen máis engadidos, é dicir, os que carecen daqueles medios materiais de subsistencia que a outros lles sobran.

En calquera caso, e en canto ó fondo da mensaxe de Xesús en relación coa felicidade ou "felicidades", que el nos anuncia e quere para todos nós, temos que dicir ou admitir que non deixan de ser estrañas ou paradoxais, pois só poderemos chegar a acadar esas felicidades por camiños aparentemente alomenos contrarios.

Non pensemos, de todos modos, que Xesús, ese gran misterio de Deus que se agacha no Xesús de Nazaret, quere ou busca a nosa desgraza, a nosa infelicidade. Se fose así, hai tempo que tería desaparecido calquera rastro de cristianismo. Pois foi nada menos que Deus mesmo o que nos creou precisamente con desexos infindos de felicidade. Só Deus pode darnos tales desexos e só el pode tamén satisfacelos totalmente. O que pasa é que os camiños que nos levan á felicidade, á unha felicidade fonda e perdurábel, non son os que á primeira vista nos semellan selo ou os que certa propaganda e determinados intereses políticos ou económicos nos propoñen.

Por iso non deberiamos en principio considerar absurdo ou pura utopía o camiño proclamado por Xesús, que nos conduciría á instauración daquel "reino de Deus", fonte de felicidade e de verdadeira plenitude humana. É verdade que de tantas veces oídas, as oito "felicidades" do chamado "Sermón do monte" de Mateo ou as "catro" de hoxe de Lucas poden esvararnos xa nos oídos ou soarnos a música celestial.

En calquera caso, Xesús fálanos desas "felicidades" como de algo que procede tamén da súa propia experiencia vital como ser humano entre seres humanos. Deste xeito esas felicidades veñen ser algo así como un espello que reflicte a persoa e o modo de se comportar do propio Xesús e de quen queira tamén seguilo consecuentemente na súa vida. Xesús, efectivamente, é pobre "no espírito" e pobre real ou de verdade, Xesús "chora" (lembrade, por exemplo, a escena previa á resurrección do seu amigo Lázaro), Xesús é "sufrido", Xesús é "famento e sedento de xustiza", Xesús é "misericordioso", Xesús é "de corazón limpo", Xesús "traballa pola paz", Xesús é, finalmente, "perseguido por causa da xustiza". E será xustamente esta última "felicidade", a de ser "perseguido por causa da xustiza", a que o levaría á morte e, seguidamente –máis alá xa da historia-, á felicidade plena da resurrección.

Si, as "felicidades" proclamadas por Xesús ante a multitude que o escoitaba veñen ser como o abrente dun novo sol que espalla a súa luz sobre o val e a terra para o xurdimento dun novo día que non terá xa máis solpores. Xurdirá así ese "Reino dos Ceos" como froito da graza de Deus e do noso sermos -coma o Mestre- pobres, sufridos, famentos e sedentos de xustiza, misericordiosos, de corazón limpo, construtores de paz e perseguidos por causa da xustiza.

Non nos deixemos levar pola incredulidade ou pola desesperanza á vista da crúa realidade dos acontecementos que ocorren ó noso arredor ou máis lonxe, polo mundo adiante. Xesús chama ditosos, felices, a cantos proceden así, é dicir, cantos están atentos e decididos á levaren á práctica o seu programa das benaventuranzas ou "felicidades". Felicidades que empezan xa neste mundo, pero que chegarán á súa plenitude no vindeiro, coa resurrección na que cremos e esperamos.

Porque é a palabra de Xesús a que garante, ós que viven e practican estes modos de se comportar, que "serán consolados", que "herdarán a terra", que "ficarán fartos" ou se encherán de plenitude, que "serán tratados con misericordia", que "serán chamados fillos de Deus", que "verán a Deus".

Que máis podemos querer ou pedir? En calquera caso, está claro que Deus quere e busca a nosa "santidade" conxuntamente coa nosa "felicidade" por camiños que de entrada nos poderían parecer contrarios a esa mesma felicidade. Pois para Xesús a felicidade só se acada polos camiños da pobreza e da solidariedade cos necesitados, cos que sofren, cos que non teñen ninguén que fale a prol deles.

Ese é precisamente o estraño contido da proclamación das chamadas benaventuranzas ou felicidades que se nos anuncian no evanxeo de hoxe e que non son senón un fiel retrato do que foi a vida mesma de Xesús.

DOMINGO VII ORDINARIO

Amar sempre

Ofrécensenos hoxe á nosa consideración uns textos do Antigo e mais do Novo Testamento moi significativos. Ámbolos dous están en relación con ese especial e fondo modo de ser dun cristián consciente do "lugar" –pra dicilo un pouco vulgarmente- desde o que el pensa e actúa ou, polo menos, debería pensar e actuar.

Sabemos que o Novo Testamento cristián está en continuidade co Antigo Testamento, por máis que a centralidade da persoa de Xesús no novo Testamento leve á súa máxima radicalidade a mensaxe de Deus á humanidade de que Deus é Pai. Pai noso, Pai de todos grazas a Xesús, o Fillo de Deus, que se fixo irmán noso e igual a nós na súa carne e na súa vida. De modo que xa non somos simples seres humanos, senón irmáns ó tempo do Fillo de Deus e emparentados, polo tanto, con Deus mesmo por pura graza del.

A min sempre me impresionou moito ese relato do primeiro libro de Samuel (da primeira Lectura de hoxe) no que David respecta con valentía e xenerosidade a vida de Saúl, perseguidor seu, cando o tiña a mercé súa durmindo tranquilamente ós seus pés. Razón deste comportamento do santo rei David? Saúl era para David, tal como se nos di no relato veterotestamentario, "o unxido do Señor".

Mais resulta agora que no Novo Testamento, coa aparición onda nós de Xesús e o descenso do Espírito Santo mandado onda nós polo Pai e polo Fillo, somos todos, como o era Saúl para o futuro rei David, "unxidos do Señor" e polo tanto inviolábeis e sagrados, coa sacralidade da nosa orixe e destino divinos. Temos todos a dignidade e a grandeza de sermos fillos de Deus, fillos queridos polo noso Pai Deus, ó que podemos invocar con verdade como Pai, como Pai-Nai. Así nos aprendeu Xesús a nos dirixir a el na nosa oración básica e fundamental: "Noso Pai, que estás no ceo".

As consecuencias que de aquí se derivan en relación co noso comportamento cos demais, irmáns nosos, con tódalas persoas, son moi importantes e de gran transcendencia moral e social. Nelas se basea en realidade a construción ou instauración do "Reino de Deus" querido por Xesús. Por iso son tan fermosas e concretas, tan fondas e ó tempo tan fáciles de entender as propostas ou consellos que lles proclama e comunica Xesús ós seus discípulos, segundo nos conta Lucas en continuidade estrita co que nos dicía no texto do evanxeo do anterior domingo: "Amade os vosos inimigos, facédelles ben...", "Sede compasivos"... "Non xulguedes, ... non condenedes", etc. etc.

Referíndose precisamente a estes textos do evanxeo de hoxe diranos con razón Manolo Regal Ledo, nun dos seus comentarios ós mesmos, que o que neles "se nos anuncia podiamos consideralo como o máis requintado da ensinanza de Xesús". Así é.

Agora ben, por que? Por que procedermos así, dese xeito tan bondadoso e comprensivo? Pois simplemente porque todos eles, os outros, son e seguen a ser, pese a todo, irmáns meus, sáibano eles ou non, procedan eles como tales ou non... Só así será posíbel ademais romper o círculo diabólico do mal, do odio e da destrución, que continúa aínda a asolar países e nacións do noso mundo moderno, fachendoso por outra parte dos seus fabulosos adiantos técnicos.

Os cristiáns deberiamos ser persoas libres, que traballan pola liberdade, a xustiza e a dignidade de todos. E hai dignidade meirande neste mundo (e tamén no outro) cá de sermos, seguindo ó noso Mestre Xesús, "fillos de Deus"?

E, en relación con isto, menos mal (ía xa sendo hora!) que por fin o papa Francisco decidiu modificar o ano pasado o Catecismo da Igrexa Católica considerando agora como "inadmisíbel" a pena de morte, que tantos países aínda manteñen nas súas lexislacións e que incluso a Igrexa consideraba ata entón como admisíbel aínda que en circunstancias excepcionais.

Se todos somos irmáns e fillos de Deus, como é posíbel que poidamos asentir a que a un irmán meu, por moi amoral que el sexa, se lle arrebate a vida? Esa vida, que é un don e un poder do que ninguén de nós somos donos. Só Deus é o doador da vida e das nosas capacidades de dala e transmitila!

Coa aparición entre nós dun Deus bondadoso e compasivo, que se nos amosa no Xesús en que cremos, as cousas modificáronse radicalmente. Porque resulta que agora

Deus non está só, para dicilo dalgunha maneira, “alá arriba”, senón entre nós. Ó ser Xesús conxuntamente Fillo de Deus e irmán noso, como un máis entre nós, entón toda a humanidade e cada un de nós viñemos acadar unha dignidade divina, “sagrada”.

Por iso nos dirá o apóstolo Paulo nunha das súas Cartas: “Non sabedes que sodes templo de Deus e que o Espírito de Deus habita en vós? Se alguén destrúe o templo de Deus, o Señor destruirao a el. Porque *o templo de Deus é sagrado e iso sodes vós*”.

En calquera caso, o desamor que poidamos recibir por parte doutros non se pode combater coa mesma arma, co desamor. Nisto, tal como vemos, Xesús foi moito máis alá dos comportamentos tradicionais. Nada, polo tanto, do “ollo por ollo ou dente por dente” e comportamentos semellantes.

Para Xesús hai que ir alén do que o outro poida pedir ou esperar de min. Alén do que as normas de xustiza ou dunha aceptábel relación cívica poidan esixir. Vivamos, pois, o don divino da nosa fraternidade en toda a súa radicalidade. Fraternidade que debería primar sobre calquera outra consideración ou diferenza.

Tarefa ben grande a nosa. Intentar, coa graza e axuda de Deus, reflectir e practicar na terra nada menos que a bondade “total”, infinita, do Deus Pai noso que está no ceo!

DOMINGO VIII ORDINARIO
Unha trabe no ollo

Continuamos hoxe o texto do evanxeo de Lucas do domingo anterior. Alentábanos nel Lucas, facendo referencia ás palabras de Xesús, a amarmos e perdoarmos sempre os demais, aínda que sexan os nosos inimigos ou nos odien.

Para iso precisamos dunha transformación do noso corazón, nacermos de novo á experiencia de sentírmonos fillos dun mesmo Pai e vivirmos fondamente e na práctica diaria esa misteriosa realidade. Cara a iso concorren as consideracións e incitacións das ensinanzas de Xesús tal como nolas presenta Lucas.

Temos que aprender así a abrimos os ollos a esa fonda e escondida realidade que ten a súa raíz na vinda de Xesús onda nós coma o Deus que se encarna na nosa natureza humana facéndose así irmán de todos. En caso contrario, ficaremos “cegos” que intentan “guiar outros cegos” polo dificultoso camiño da vida. Precisamos, xa que logo, abrírmonos a esa luz que ilumina os nosos ollos e lles dá a capacidade de ver: “Acaso poderá un cego –dísenos no texto de Lucas- guiar outro cego?”.

A pasaxe que segue a esta reflexión é moi gráfico e non precisa de comentarios: “Por que reparas no lixo que hai no ollo de teu irmán e non te decatas da trabe que está no teu propio ollo? Como lle poderás dicir a teu irmán: ‘Irmán, deixa que che quite o lixo que tes no ollo’, sen reparares na trabe que tes no teu?”.

Unha trabe non vos é un lixo calquera. E se non, pedídelle ó dono dunha casa de aldea que vos leve o faiado da mesma e vos amose unha viga de carballo ou castiñeiro que seguramente haberá alí sostendo sen problemas o teito da casa.

Esa gran trabe que nos impide ver correctamente os irmáns e irmás do noso mundo é a nosa pobre ou escasa acomodación visual á realidade que a vinda onda nós de Xesús veu transformar desde os seus alicerces. A nova realidade é a de sermos irmáns e irmás de verdade, en canto fillos e fillas de Deus, ó que podemos chamar de verdade e pola súa graza “noso Pai”, noso Paiciño.

Por iso a nosa transformación ten que ser moi fonda e interna. Ese novo modo de “ver” a realidade procede do máis fondo e íntimo de nós mesmos. Non é unha aprendizaxe baseada nunha mera repetición mecánica ou exterior, derivada simplemente dun persoal esforzo noso. O noso comportamento fraternal cristián procede de secretas

raíces ou, se queredes, de internos condicionamentos divinos (aquilo que chamamos graza de Deus) que fan posíbel ese sentírmonos irmáns e irmás.

Da mesma maneira que os figos ou as uvas (e por certo, que ben sabían neste outono!) só proceden do interior modo de ser desas concretas e específicas plantacións que producen bos figos ou boas uvas e non de outras árbores. En palabras do texto de Lucas: "Non hai árbore boa que produza froitos ruíns, nin tampouco árbore ruín que produza froitos bos. Así, cada árbore coñécese polos seus froitos. Pois dos toxos non se collen figos, nin das silveiras se vendiman uvas".

En definitiva, dese bo ou malo interior noso proceden os nosos bos ou malos froitos. E o que importa é adquirirmos unha interioridade boa, bondadosa, fraternal ou sororal. E se non coñecedes esta palabra "sororal", sabede que procede do "soror" latino, que significa "irmá", estando correctamente recollida no noso Dicionario da Real Academia Galega como o equivalente a "fraternal" mais no caso feminino.

Agora ben, Lucas denomina no seu texto esa interioridade (ben sexa "boa" ou "mala") "corazón". E así poranos el en boca de Xesús estas palabras: "do que reborda o corazón fala a boca". Fala e corazón, fala e interioridade están tan unidas como a auga e a fonte da que abrolla. Así o supón tamén o noso refraneiro galego: "Non di máis a lingua có que sente o corazón", "Tal palabra che din, tal corazón che poñen", "Cada un fala como quen é"...

Coidemos, pois, como cristiáns o noso falar, porque do seu correcto, fraternal e sororal, uso depende o ben ou o mal que lles poidamos causar ás nosas irmás e irmáns. Neste sentido léovos xa para rematar, e por se o lestes poucas veces, un texto que coido que vén agora ben a conto por estar directamente relacionado co tema do noso falar cristián. Está tomado da Carta de Santiago, capítulo 3, e é o seguinte:

"Meus irmáns, [...] se hai alguén que non falte no falar, ese é un home perfecto, que pode refrear o seu corpo enteiro. Ollade: ós cabalos poñémoslles un freo na boca para que nos obedezan e así controlamos o seu corpo. E o mesmo os barcos: con seren tan grandes e iren empurrados por ventos tan fortes, gobérnanse cun temón pequeno cara a onde o temoeiro os quere levar. Pois outro tanto pasa coa lingua: ser é un membro ben pequerrecho, mais pode gabarse de grandes cousas. Aí o tedes: cunha fogueiriña cantas fragas poden arder! E a lingua é un lume [...] Calquera caste de bestas ou paxaros ou cóbregas ou peixes pode domeala o home e, de feito, doméaa; a lingua, en troques, ninguén a dá domeado: é un mal sen acougo, cheo de solimán de morte. Con ela bendicimos a Deus, o noso Pai; e con ela maldicimos os homes, creados semellantes a Deus. Dos mesmos beizos saen a bendición e mais a maldición. E isto, irmáns, non debía ser así. É que hai fonte que polo mesmo picho bote auga doce e auga amarga? Meus irmáns, é que pode dar olivas a figueira ou figos a videira? E tampouco unha fontela salgada pode dar auga doce [...] Se tedes o corazón cheo de celos acedos e de liortas, deixádevos de fachendas e non andedes mentindo contra a verdade [...] Pola contra, a sabedoría que vén do ceo é primeiramente pura e despois pacífica, sinxela, acolledora, chea de misericordia e de bos froitos, imparcial, sen finximento. O froito da xustiza seméntano coa paz os que van facendo a paz".

DOMINGO X ORDINARIO

Sermos sim-páticos

A vida de Xesús consistiu en sementar arreo vida e esperanza, devolvese ou non vida física, curase ou non fisicamente a unha persoa concreta. Non ten sentido pensar que Xesús tivese que se dedicar durante a súa estancia entre nós a curar ou lles devolver a vida ós seus contemporáneos. El non veu cambiar os procesos normais e naturais da

vida humana que Deus mesmo dispuxo. Tampouco o seu Pai-Deus o liberou a el, Xesús, das dores da súa inxusta paixón ou da súa morte na cruz.

O que si fixo Xesús foi realizar algún sinais sorprendentes que nos puxeron de manifesto que Deus é esencialmente Vida e que todos nós estamos tamén destinados a unha vida que empeza, mais que, pese ás aparencias, non rematará en definitiva endexamais.

Deixando de lado as diversas curacións realizadas por Xesús das que nos falan os evanxeos, no que se refire ós relatos de resurreccións realizadas por el, os evanxelistas só nos falan en realidade de tres casos: o da resurrección de Lázaro (descrito só por Xoán), o relato da volta á vida da filla de Xairo (descrito por Marcos, Mateo e Lucas, pero non por Xoán) e, por último, o relato que acabamos de recordar hoxe no evanxeo: a resurrección da filla da viúva de Naín (do que nos fala Lucas, e nada máis ca Lucas).

Son tres sinais, tres pequenas mostras simbólicas, nas que Xesús, en continuidade coa súa mensaxe xeral de vida, nos quere manifestar o misterioso segredo da nosa vida neste mundo e no vindeiro. Por medio del manifféstanos polo tanto Deus Pai como é el mesmo, como é Deus. Por medio das obras de Xesús e tamén dos seus ditos. Algunha vez nos di, por exemplo, Xesús que Deus non é "un deus de mortos, senón de vivos, porque para El todos viven".

Esta íntima relación de Deus coa vida manifféstase tamén, consecuentemente, na compaixón que Xesús exerce con cantos se ven afectados polo sufrimento ou pola morte dos seus seres queridos. Deus amósasenos así en Xesús como un Deus que é esencialmente achegado a nós, próximo, "salvador", non castigador ou condenador. Deus é un Deus compasivo e misericordioso. Un Deus que sabe "padecer con", que sabe "compadecerse".

Así procede Xesús con esta pobre nai e viúva de Naín, que está a acompañar xunto cos seus veciños o seu único fillo defunto, un rapaz noviño, cara á sepultura. Xesús non pode menos de se compadecer e achegar a esta sufrinte muller para lle dicir, de todo corazón, e non coma un simple cumprido: "Non chores".

Hoxe en día están a poñer de relevo diversos teólogos esta decisiva face compasiva, sandadora, curadora de almas e de corpos de Xesús, en canto manifestación do que Deus mesmo é. Que queren dicir estes teólogos coa importancia que lle dan a Xesús como curador e sandador, como compasivo e misericordioso?

Porque el curaba, si, pero non a todos nin por todas partes. Seguía a haber xente enferma e xente que morría. Mais Xesús vén indicarnos co seu comportamento cómo é Deus e como deberiamos polo tanto comportarnos os seus discípulos. Pois el non se preocupou propiamente de nos proporcionar unha moral especial. Nin estabeleceu ritos ou cultos novos. Non fundou tampouco neste sentido, estritamente, unha nova relixión. O que si vai facer, e de maneira moi insistente é mostrarse compasivo coa xente, atender a todos, escoitar a todos, apoiar os humildes e necesitados para que saiban sentir en si mesmos a dignidade de fillos de Deus. Todo isto de maneira moi concreta e real. Non debería considerarse xa que logo nada estraño que o papa Francisco queira tamén camiñar decididamente nesta dirección, como exemplo e convite para todos.

Sendo e comportándose deste modo Xesús, móstranos nidiamente como é o seu Pai e o noso Pai e lévanos así a el. Porque Xesús non é un simple filántropo, baseado en consideracións puramente humanas. El sabe que o Reino que el nos trae está baseado na fonda experiencia súa de que Deus é Pai universal de todos, que nos quere

ben a todos e, de maneira moi especial, os máis pobres e necesitados, coma esta pobre viúva que sofre tanto no seu interior ante o que lle está a acontecer.

O "non chores" que lle di Xesús á viúva de Naín encheuna a ela de vida e de esperanza. Podemos dicir que a resucitou a ela antes, en certo modo, que ó seu fillo. Porque o Xesús que dixo tantas veces de si mesmo que é "Vida" (tal como recordabamos no anterior domingo, festividade do Corpo e Sangue de Cristo), non sabe facer outra cousa senón contaxiar vida e esperanza. E se el "com-padece", entón o peso do sufrimento da compadecida muller faise menor, porque a carga da dor se reparte entre os dous. Por iso son "simpáticos" aqueles que saben compadecerse sinceramente dos demais, interesándose polos seus problemas e dificultades para lles poder ofrecer a súa axuda. Os "simpáticos" son os que practican a "sim-patía". E esta palabra procede directamente do grego que literalmente habería que traducir como "com-paixón". A palabra "compaixón" vén do latín, pero o seu significado orixinario é o mesmo que a palabra "simpatía" de orixe grega. De modo que se queredes ser verdadeiramente simpáticos, tendes que ser compasivos.

O contrario dos "simpáticos" son naturalmente os "antipáticos", é dicir, os non compasivos, aqueles ós que non lles importan ren os demais e que non falan máis ca de si mesmos e do moi importantes e grandes que se imaxinan ser.

Se queremos ser verdadeiramente grandes, temos que nos unir e xuntar ós demais, participando, coma Xesús, dos seus sufrimentos e tamén das súas alegrías. Non hai outro camiño para a vida e para a salvación , alomenos para un cristián, senón o de practicar esta "compaixón", esta "simpatía". Tal e como nolo aprendeu Xesús.

DOMINGO XI ORDINARIO

Sol que derrete neves e xeos

No evanxeo de hoxe segue a nos contar Lucas cousas importantes sobre Xesús. Continúa a presentarnos, coma no anterior domingo, un Xesús que nos amosa, no seu comportamento, un Deus (seu Pai, a quen ben coñece) como compasivo e liberador, non castigador ou condenador. Segue así Lucas a darnos mostras do programa liberador que Xesús anunciara na súa aldea de Nazaret ó comezo da súa vida pública. Un programa que escandalizou os veciños de Xesús, que se puxeron en contra del, porque a eles non lles parecía moi correcto ou ortodoxo falar sobre Deus desa maneira. Porque Xesús, ó ler na sinagoga diante dos seus veciños un texto de Isaías, fora modificando antigas palabras de condena e vinganza de Deus proclamadas por Isaías por novas palabras de liberación. Dicía así Xesús ante os seus abraiados e escandalizados conveciños: "Mandoume (o Espírito do Señor) para lles anunciar a liberación ós secuestrados e a vista ós cegos, para lles dar liberdade ós asoballados e proclamar o ano de graza do Señor".

O episodio que nos conta hoxe Lucas sobre a "muller pecadora" é para algún comentarista "un dos episodios máis importantes do evanxeo de Lucas". Seguramente é así, porque se respira nel moi claramente esa atmosfera libre, liberadora, chea de agarimo e de compaixón, en perfecta consonancia co proclamado por Xesús no seu discurso na sinagoga de Nazaret.

O contrapunto aquí, coma sempre, son os aferrados ás antigas tradicións das normas, ritos e preceptos, que é preciso cumprir e ós que un se ha someter. Así lles pasa ó fariseo Simón, que convidou Xesús a xantar, e mais ós outros comensais. Eles seguramente eran xente ben, oficialmente ben vista e de boa posición social. Mais

Xesús quere darlles a eles unha lección práctica de por onde vai a súa mensaxe liberadora, non opresora ou ordenancista.

Nesta lección é protagonista unha "muller pecadora" (tal como a denomina Lucas). Oficialmente, pois, mal vista. Simón, o anfitrión, dáo ben a entender cando ante a actitude amorosa da muller, lavando e perfumando entre choros de humildade e arrepentimento os pés de Xesús, dubida incluso do poder profético de Xesús que se deixa tocar por unha tal "caste de muller", tal como comenta Lucas que Simón está a pensar nos seus adentros.

Porque, claro, no contexto cultural das vellas normas do Antigo Testamento, o pecado, é dicir, os pecadores e pecadoras, contaxiaban en certo modo a cantos se relacionaban con eles. E Xesús no fai intento algún de fuxir dos humildosos agarimos desta muller, senón que se deixa lavar e perfumar os pés por ela, non condenándoa nin arrepoñéndose en contra do seu comportamento. Xesús olla sempre os corazóns e non os clixés sociais que circulan sobre as persoas.

Son dous mundos moi diferentes e incompatíbeis entre si. O ámbito do amor, por un lado, que xera e crea liberdade, comprensión e agradecemento e, por outro, o ámbito da lei, da norma, do deber, que en canto tales tenden a nos converter en dogmáticos e escravos. Se queremos ser seguidores de Xesús, está ben claro que temos que mergullarnos ben a fondo no ámbito primeiro: o do amor e da liberdade. Non debe ser doada esta tarefa, tendo en conta o moito que nos custa, tanto a nivel persoal coma social, camiñar nesa dirección.

Cústanos perdoar. Cústanos mirar con bos ollos cara ós que non se comportan como cremos nós que se deberían comportar. A dificultade ou o problema radica en que para sermos amorosos, comprensivos, compasivos, etc., precisamos de experiencias fondas de como son as cousas, sobre todo de como é ese Deus do que todos procedemos. Xesús tiña unha fonda e moi íntima experiencia do seu Pai Deus, para quen Xesús era o seu "Fillo benquerido". Xesús sabíase fillo especialísimo de Deus e irmán ó mesmo tempo de todos e de todas. Esa experiencia capacitaba Xesús para se comportar da maneira como sempre se comportou. Xesús creaba ámbitos de amor e de liberdade. A "muller pecadora", que nos presenta Lucas, respirara xa esta atmosfera amorosa de Xesús antes do seu encontro con el na casa de Simón. Sabía quen era el e como se comportaba. Estaba segura de que Xesús non rexeitaría o que ela ía facer con el. E acertou. Porque o amor sempre acerta. O amor e a confianza que espallaba Xesús, por onde queira que ía, fixeron que esta muller tivese así unha fonda experiencia de Deus. Por iso se sentía ela perdoada, antes incluso de que Xesús lle dixese formalmente que os seus pecados lle estaban perdoados. Por que? Porque ela amaba xa a Deus en Xesús. Coméntallo ben claro Xesús a Simón, cando loa en presenza dela o seu amor e critica ó tempo indirectamente o pouco amor do seu anfitrión: "Moitos pecados se lle perdoaron a ela cando mostra tanto amor; a quen pouco se lle perdoa, pouco amor mostra".

O amor crea amor, posibilita liberdade, fai xurdir fillos e fillas, non servos ou escravos. En cambio, a lei, as normas, sen o necesario ingrediente do amor, só poden crear espírito servil, angustiado, temeroso. A lei non fai fillos ou fillas senón mecanos ou robots, non persoas. E Deus Pai quere ter fillos adoptivos, á semellanza do seu único Fillo benquerido, Xesús. Na carta ós Gálatas dínolo Paulo ben claro: "sabemos moi ben sabido que ninguén se xustifica polas obras da Lei senón pola fe en Xesús Cristo".

Esta fe en Cristo -engado xa eu- significa fe no amor, na compaixón, na liberdade que Xesús nos anuncia a todos, como efecto e resultado da súa experiencia e

da súa intimidade co seu Pai Deus. Esta fe concreta no Deus de Xesús é a que redime e libera tamén a "muller pecadora". Unha fe que fai desaparecer os pecados, á maneira como a calor do sol fai derreter a neve. Tal como lle di Xesús: "Salvoute a túa fe, vai en paz". O apóstolo Pedro facíase tamén eco deste comportamento de Xesús cando escribía na súa primeira Carta: "o amor cubre a multitude dos pecados".

Como vedes, no evanxeo o amor ocupa sempre o primeiro lugar. O pecado queda sometido a el e desaparece automaticamente ante a súa presenza. Xesús convértese así verdadeiramente en saudábel e reconfortante "camiño, verdade e vida" para todos.

DOMINGO XII ORDINARIO

Pensando no que vai vir

Segue a liturxia e seguimos nós tamén neste domingo co evanxeo de Lucas. Xa desde o comezo aparécenos algo típico del, que o distingue bastante doutros evanxelistas. A Lucas gústalle recordarnos que Xesús oraba moito, que reservaba momentos importantes do seu quefacer diario para falar e conversar confiada e agarimosamente co seu paiciño Deus. Xesús dicíalle cousas ó seu Pai, consultáballas e escoitábao. Todo isto realizado co máximo agarimo e amor que pensar podemos.

A escena ou, máis ben, o diálogo entre Xesús e os seus discípulos que hoxe nos presenta Lucas xorde así deste anterior diálogo de Xesús co seu Pai Deus na oración. Pois Lucas sitúa este diálogo nun momento en que, como el di, Xesús estaba "en oración nun lugar apartado, acompañado dos seus discípulos". Deus Pai íalle dando a coñecer así, día tras día ou noite tras noite, ó seu "fillo benquerido" quen era el (o seu Pai Deus) e de quen el mesmo, Xesús, viña sendo (como adoitamos expresarnos os galegos). O misterio desta persoa tan singular que foi Xesús, que se sentía querido dunha maneira moi especial por Deus, percibíndose a si mesmo como moi "de Deus", é algo que supera totalmente a nosa capacidade de pensar e de imaxinar. Pois inimaxinábel debeu de ser a conciencia que foi acadando Xesús de quen era el mesmo, de cal era a súa identidade.

Preocúpanos hoxe en día (quizais máis que noutras épocas) chegarmos a coñecer quen somos, cal é a nosa propia identidade, a persoal de cada un e tamén a do país ou lugar no que nacemos ou vivimos. Algo disto lle pasaría tamén a Xesús cando, trala súa fonda e íntima conversa con seu Pai Deus, se achega ós seus discípulos para lles preguntar a eles quen era el, ou, polo menos, que é o que aquí ou alá se comenta sobre el. "Quen di a xente que son eu?", dinos Lucas que lles preguntou Xesús ós seus discípulos.

Non se trata de que descoñecese o que a xente pensaba sobre el. É só un modo, unha moi pedagóxica estratexia, de intentar comunicarlles ós seus discípulos quen é el verdadeiramente. O resultado final, tras esta especie de enquisa que realiza Xesús cos seus discípulos, é algo sen dúbida inesperado para eles e tamén, en consecuencia, para cantos nos achegamos á súa mensaxe. Pois Xesús aparecerá, unha vez máis, como algo desconcertante, como algo que non está en continuidade cos esquemas normais e habituais de pensar da xente.

Podemos dicir, de xeito algo xeral, que as maneiras de pensar da xente, das culturas tradicionais ás que se dedican por exemplo os antropólogos, están moi ancoradas no pasado, en acontecementos míticos pasados ou en supostos fundadores do concreto grupo social. Pensade por exemplo, no noso caso, en Breogán. Para case tódolos pobos, o bo está sempre no tempo pasado. O que hai que facer é, polo tanto, que os grandes feitos ou personaxes do pasado volvan rexurdir. Por iso, cando os discípulos

lle responden a Xesús sobre o que a xente pensa sobre el, acoden sen máis ó pasado. Xesús viría sendo coma un personaxe pasado redivivo. Máis próximo, no caso de que fose un Xoán Bautista volto á vida, ou máis lonxano no caso de que fose Elías ou algún outro profeta redivivo.

O que marca a diferenza con este modo tradicional de pensar da xente é Simón Pedro. Para algo estaba a facer desde había algún tempo, digámolo así, cursos intensivos, aínda que fose a trancas e barrancas, no coñecemento da persoa de Xesús, vivindo ó seu lado. Para Pedro, Xesús é –di el- "o Mesías de Deus". Como vedes, Pedro apunta, referíndose ó Mesías, cara ó que vai vir, cara ó esperado, cara ó futuro, non cara ó pasado, por grandes que fosen os tempos ou os personaxes pasados. Comenteivos algunha vez, se neste intre a lembranza non me falla, o que o gran teólogo Karl Rahner, profesor que foi meu durante bastantes anos en Austria e Alemaña, dicía sobre Deus. Sostiña el que Deus é "o futuro absoluto". É dicir, non o futuro previsíbel ou imaxinábel, senón o futuro "absoluto" sen máis, é dicir, totalmente inimaxinábel e imprevisíbel para nós.

Pois ben, se confesamos que Xesús é fillo de Deus, e polo tanto imaxe e semellanza perfectísima de Deus, tamén el terá que aparecer ante nós como algo que está máis alá dos nosos pensamentos pasados ou presentes. Terá que ser el tamén, dalgún modo, futuro absoluto, inimaxinábel e tamén desconcertante. Desconcertante tamén para Pedro, quen, despois de confesar el mesmo que Xesús é "o Mesías de Deus", intentará darlle pola súa conta algunhas lecciónns ou bos consellos a Xesús ante o anuncio del de que vai ter que padecer aínda moito, ata incluso ser executado polos sumos sacerdotes e letrados. Advírtese ben por certo aquí que Lucas respecta e trata Pedro con consideración, porque a diferenza do que din sobre esta escena os evanxelistas Marcos e Mateo, Lucas non comenta coma eles que Pedro tomara moi a mal o que dixera Xesús de que, a pesar de ser o Mesías, tería que sufrir e morrer de maneira escandalosa.

O anuncio de Xesús de que, despois de todo iso, resucitaría non lle consolaba moito a Pedro e, por iso, "rifándolle", teima Pedro por convencelo de que non permitise tal cousa. Porfía de Pedro que só parou cando Xesús lle recriminou que se estaba a comportar con el coma se fose "Satanás", é dicir, como un adversario e non como un amigo.

Xesús manifféstase, pois, ós seus apóstolos como alguén que non vai ir agora nin nunca polos camiños do pasado aténdose dese xeito ós modos tradicionais, "politicamente correctos", de ser e de se comportar. Xesús non foxe da dor da vida, do sufrimento e da morte, que serán consecuencia do seu modo de proclamar e defender a xustiza e a misericordia en relación sobre todo coas persoas máis discriminadas e marxinadas.

Mais como Xesús non é, como digo, "pasado", senón que é sobre todo "futuro", aí está o seu anuncio da resurrección non só del senón tamén de cantos cren na súa persoa, na súa palabra. Apelando el, tal como fai noutras ocasións, a algo que ocorre xa na natureza. A semente, toda semente, é portadora de futuro. Se a semente non cae na terra e morre, non sería portadora de futuro, quedaría privada dunha vida que se renova e multiplica na nova planta e nos novos froitos. Se a semente foxe deste proceso, queda entón privada de futuro. E entón si que morre verdadeiramente e totalmente. Dínolo hoxe Xesús doutra forma: "O que queira poñer a salvo a súa vida, perderaa; mais quen perda a súa vida pola miña causa, ese poñeraa a salvo".

Deámoslle, pois, grazas a Deus por nos conceder gratuitamente en Xesús un futuro que desde nós mesmos non poderiamos sequera maxinar.

DOMINGO XIII ORDINARIO

Deus como insospeitado porvir

Compracíalle ó meu querido mestre e profesor de teoloxía en Austria e despois tamén de filosofía en Alemaña, Karl Rahner, falar de Deus dicindo que el era o "futuro absoluto". Aínda que isto podería soar como algo moi abstracto e subido para as nosas modestas capacidades de comprensión, o que en resumidas contas quería el dicir é que Deus está sempre máis alá dos nosos limitados conceptos ou das nosas máis atrevidas previsións, por moi grandiosas que estas sexan.

Agora ben, precisamente por ser Deus tan grande, tan infinito, atráenos moi poderosamente, á maneira dunha estrela descomunal que fai orbitar arredor dela, en continuo movemento, outros corpos celestes máis pequenos ca ela. Nós parecémonos en certo modo a estes corpos celestes.

Seguindo a comparanza astronómica, Xesús vén sendo para nós a manifestación máis perfecta deste Deus infinito, que nos supera totalmente e ó mesmo tempo nos atrae desde o máis íntimo dos nosos corazóns. Xesús é atraído infinitamente por seu Pai Deus é, ó tempo, atráenos fortemente a todos nós, en canto que nel se fai presente Deus mesmo dunha maneira especialísima, única, sendo el así o Fillo benquerido de Deus, igual en divindade ó Pai.

Ser cristiáns quere dicir deixármonos atraer por Xesús para desa maneira podermos encontrar a Deus. Somos e queremos ser seguidores de Xesús porque el vai sempre diante, da mesma maneira que o futuro está sempre diante do presente e do pasado. Neste sentido un cristián ten que ser necesariamente un "progresista", é dicir, un que mira cara ó futuro e que avanza cara ó que espera. Porque o que imos ser e o que estamos a construír é, falando á maneira bíblica, un "Reino de Deus", que está por vir, que aínda non está entre nós a non ser de maneira só moi incipiente. Por iso a nosa fe está estreitamente unida á nosa esperanza: dúas actitudes fundamentais de todo cristián que xunto coa caridade ou o amor constitúen as tres chamadas "virtudes teologais".

A que vén todo isto que vos estou a comentar? Pois simplemente porque me parece que o que nos conta hoxe Lucas vai bastante por aquí. Xesús era un home aberto e decididamente proxectado cara ó futuro. Para entendérmonos, Xesús era un verdadeiro e auténtico "progresista", no sentido máis literal de ir cara a adiante, un sentido que vai moito máis alá (claro!) dos clixés políticos ós que estamos acostumados. As cousas vellas e tradicionais non lle ían a el nin lle servían en canto podían constituírse en rémoras para a construción do seu Reino: un reino de xustiza, de amor e de paz. As continuas polémicas dos seus contemporáneos, tanto políticos como sobre todo relixiosos, contra el baseábanse nisto. Pois a relixión do seu tempo en boa parte ficara parada, detida, inmóbil, ancorada en normas, preceptos e sacrificios exteriores, que non lles deixaban ás persoas nin liberdade nin capacidade de poder avanzar e progresar.

Ollo! Ben o sabemos. O progresismo humano e relixioso de Xesús non é un progresismo barato, abstracto, aéreo, senón ben encarnado nos problemas, nas ameazas e nos sufrimentos polos que habería de pasar. Tanto el coma quen queira ser humilde seguidor seu.

Desde a consideración desta actitude de Xesús na súa vida e como confirmación da mesma, non está mal escoitar de novo o que nos comentaba Lucas no evanxeo de hoxe. Xesús –dísenos alí- "decidiu en firme ir a Xerusalén". É dicir, decidiu avanzar, coma quen di, cara á boca do lobo. Porque é alí, en Xerusalén, no centro da política e da relixión do seu tempo, onde terá que dar claro testemuño da súa mensaxe.

Non o deterá nos seus plans, camiño de Xerusalén, o feito de que os samaritanos non o vexan a el con bos ollos nin lle vaian conceder pousada entre eles. En calquera

caso, dada a claridade de ideas que tiña desde o seu discurso inaugural en Nazaret sobre as liñas fundamentais da súa boa nova, Xesús non se deixará aconsellar polo violento ardor relixioso dos seus discípulos, que desexaban que un raio partise polo medio os samaritanos. Non. Non é así, con castigos ou vinganzas, como se constrúe o seu reino, tal como pensaban aínda en certo modo os profetas do Antigo Testamento.

Preséntanselle nesta camiñada posíbeis seguidores, candidatos que se lle ofrecen para acompañalo na tarefa de realización do seu reino. Mais advírtelles claramente que o seu camiño ten poucos acougos e escasas seguridades humanas. O camiño é esforzo continuado e non suave leito para nel se deitar . "As raposas –acláralles Xesús- teñen tobeiras e os paxaros teñen niños; mais eu ['o Fillo do Home'] non teño onde pousar a cabeza".

Na construción do seu reino, do "Reino de Deus", non se debe tampouco perder o tempo en lamentacións sobre o pasado ou en apazugantes ritos: "Deixa que os mortos enterren os seus mortos". "Quen, despois de pór a man no arado, mira para atrás non é apto para o Reino de Deus". Como estades a ver, o pasado –coma quen di- pasado está.

O que decide e importa, na construción do Reino de Deus, é polo tanto ollar cara a adiante, cara ó futuro que só se encontrará connosco tralo noso esforzo persoal e a imprescindíbel axuda do Espírito, que como o vento inchará as velas das nosas lanchas. Tal como lles escribe Paulo ós Gálatas na segunda Lectura de hoxe, o noso guieiro ha ser o Espírito. Ese Espírito que nos libera da "lei" opresora e escravizadora e nos orienta cara a Cristo, que é quen verdadeiramente nos libera de todo temor ou angustia. Lembrade o que escribe Paulo nesta carta: "Para vivirmos en liberdade liberounos Cristo... A vós chamáronvos á liberdade". E trátase dunha liberdade que se realiza no amor, tal como engade Paulo aquí mesmo. Porque a lei en Paulo era só preparación para a nova actitude cristiá. Agora é no amor, que non se pode entender sen a liberdade, onde desemboca e se realiza a lei. "Toda a lei –di Paulo- está completa neste precepto: Amarás o teu próximo coma a ti mesmo".

Xa que logo, a vivencia ou a actitude cristiá ten que ser esencialmente dinámica, aberta ó futuro, realizadora do ben e do amor. Sen ollar cara a atrás, nin para fachendear das cousas ben feitas nin para angustiármonos indefinidamente tampouco por aquelas nas que non estivemos á debida altura. A nosa tarefa consiste en seguirmos o paso de Xesús, que vai sempre diante nosa, aprendéndonos co seu exemplo a aturar con paciencia e amor as dificultades coas que nos atoparemos inevitabelmente na vida. O que non resulta axeitado é ficar parados, estáticos, inoperantes ou sometidos á desesperanza, porque a vida é sempre camiño e ilusión, aínda que estea sempre entrecruzada pola dor e o sufrimento. Tal como foi a vida e o camiñar deste Xesús que vai sempre diante nosa, dándonos azos, alento e esperanza.

DOMINGO XV ORDINARIO.

Á beira dos sufrintes

Xesús non foi un filósofo ou un ideólogo de belas teorías. Vivía de experiencias interiores moi fondas e en contacto directo e inmediato coa xente do seu tempo, da súa nación e da súa relixión. Vivía de Deus Pai, co seu Pai Deus, e en estreita e igualitaria relación coa xente normal e corrente, coa xente de a pé, sobre todo cos máis necesitados, xustamente porque eran estes os que máis precisaban da súa palabra e das súas obras.

Na súa carta ós Colosenses fai hoxe Paulo unha especie de síntese ou resumo do que segundo el vén sendo Xesús, do seu fondo significado. Dísenos alí que "Cristo

Xesús é imaxe do Deus invisíbel e primoxénito de toda criatura". É dicir, Xesús é esa realidade única e marabillosa na que se xuntan o Deus misterioso e infinito coa realidade creada e humana. Vén ser o mesmo que se significa en último termo con esa outra denominación de Xesús como "Emmanuel", é dicir, como "Deus connosco". Deus fíxose en Xesús "próximo", moi "próximo" a todos nós. Tan próximo como o é a "cabeza" respecto do resto do corpo unido a ela. Unha denominación, a de "cabeza", que Paulo emprega nesta mesma carta para se referir á función que desempeña Xesús en relación con todos nós, que formamos con el en canto "cabeza" o conxunto do que chamamos o corpo de Cristo.

Mais as cartas de Paulo poden resultar algunhas veces, precisamente pola súa fondura, un tanto conceptuosas ou difíciles de entender para moitos de nós. Pódese dicir que Paulo pretende sintetizar e sistematizar dalgún modo os contidos esenciais dos diversos relatos evanxélicos. Nótase ben a diferenza estilística entre Paulo e os evanxeos en xeral cando comparamos o seu modo de falar sobre Cristo Xesús na súa carta ós Colosenses e a límpida parábola do samaritano de hoxe, recollida por Lucas. E, a pesar de todo, tanto Paulo como Lucas están a falar da mesma cousa: da proximidade de Deus a nós por medio de Xesús e da necesidade de que nós, pola nosa parte, nos aproximemos a cantos precisen de nós.

Porque, en definitiva, o tema xeral das lecturas litúrxicas de hoxe están centradas nesta proximidade de Deus a nós e a toda a realidade. Cando Deus crea todo e nos crea a nós mesmos, quédase para sempre en certo modo en nós, por máis que nos supere sempre infinitamente, tal como dicía santo Agostiño. Para o santo bispo e doutor da Igrexa, Deus era –tal como se expresaba el- "máis intimo a nós que a nosa propia intimidade", aínda que fose tamén el absolutamente "superior" a calquera grandeza nosa.

Pois ben, esta "intimidade" de Deus a todo é a que se nos fai presente na vida mesma do seu fillo Xesús, absolutamente próximo a nós ó ser el realmente e de verdade un de nós, un coma nós. Isto que vos estou agora a comentar pode resultarvos aínda moi abstracto. Mais é Xesús mesmo quen nos deixou un retrato fiel de si mesmo na súa incomparábel parábola do bo samaritano. El é ese bo samaritano que se achega, que se aproxima, que intima co máis necesitado, que se fai máis íntimo a nós que a nosa propia intimidade (para utilizarmos as palabras de santo Agostiño). Porque é ben sabido que quen ama se fai en certo modo máis íntimo ó amado que o amado a si mesmo. Deste modo Xesús realiza entre nós a presenza, a intimidade de Deus co mundo e coa humanidade, e dunha maneira moi directa e concreta.

Que Xesús no seu modo de ser e de se expresar non era nada abstracto, demóstrao ben esta parábola. Aínda máis. Podemos dicir que el se amosa, na súa concreción e na utilización que fai nela dos personaxes, como un verdadeiro provocador. Porque nas cousas verdadeiramente importantes non hai escusa para non proceder así. Non esquezamos que Xesús está aquí a falar de algo que tamén os teólogos actuais consideran moi importante: a compaixón, a misericordia con todos, sobre todo cos que máis sofren. Todo isto está moi en liña –quero de novo lembralo- co importante discurso inaugural de Xesús en Nazaret sobre o Deus da bondade e da misericordia (non da vinganza ou da lei), tal como ese discurso nos foi recollido por Lucas. E cómpre indicar aquí aínda que, quizais non por casualidade, é precisamente Lucas o único entre os evanxelistas que nos transmite esta marabillosa parábola do samaritano.

En canto ós personaxes que saen nela, Xesús coloca como o máis cumpridor dos deberes relixiosos alguén semellante a unha especie de renegado da relixión, tal como eran os samaritanos para os xudeus. Pola contra, os que de oficio ou profesionalmente deberían comportarse máis relixiosamente coa persoa malferida e tirada no camiño son

xustamente os que máis anti-relixiosamente se comportan con ela. Pois tanto o sacerdote coma o clérigo evitan coidadosamente achegarse a esa persoa, non sexa que vaian quizais contaminarse cunha daquelas impurezas rituais que se derivaban de tocar un morto. É dicir, aquí a relixiosidade da lei convértese decididamente en inhumana, anti-humana e polo tanto en anti-divina. Mais iso non semella conturbar o clérigo nin o sacerdote.

E non esquezamos que a parábola do bo samaritano é unha resposta a un xurista xudeu, próximo polo tanto ó gremio xudeu dos sacerdotes, que posibelmente intentaba coa súa pregunta poñerlle a Xesús unha das acostumadas trapelas. Por iso, na súa parábola Xesús convértese en realidade –insisto- nun auténtico provocador, aínda que tal provocación sexa para o propio ben do seu interlocutor e, en calquera caso, para o noso propio ben.

Tal como nos ensina Lucas, Xesús non é un teórico que responde abstractamente á pregunta do xurista. E, ademais, faino de maneira semellante a como din que adoitamos facer os galegos. Respondendo á pregunta que nos fan con outra: "Que pon a Lei? Que les?", responde Xesús á pregunta que lle fai a el o xurista sobre cómo "herdar a vida eterna". Mais cando o xurista lle responde correctamente, aínda que de modo abstracto e puramente textual e literal, aludindo ó mandato relixioso de amar a Deus e o próximo, Xesús faise decididamente encarnado, directo, concreto. Pois na parábola do samaritano de Xesús non hai nada teórico ou abstracto. Todo é vida, concreción e en definitiva exercicio decidido de compaixón, mal que lle pese a presuntas normas, leis, prudencias ou cautelas que poidan obnubilarnos a cabeza.

A parábola do samaritano está aí para que a meditemos e sobre todo para que nos comportemos conforme a ela tódolos días da nosa vida. Sen medos nin atrancos teóricos ou prácticos de ningún tipo. No cerne dela está agachado o que hai de máis puro e enxebre de Xesús.

E, desde logo, canto nos ensina sobre como comportarnos en relación cos inxustos acontecementos que ocorren en tantos lugares do mundo!

DOMINGO XVI ORDINARIO
Facer e querer

Unha vez máis é Lucas, no seu texto de hoxe, o único entre os autores dos evanxeos que nos presenta a conmovedora escena de Xesús en diálogo con Marta e María. Debémoslle, pois, agradecer, que nos teña transmitido as conversas tan fermosas e significativas de Xesús coas dúas irmás. Trátase dunha escena que nos mostra tamén o tradicional papel das mulleres ocupadas cos labores da casa. Aínda hoxe, sexa por un machismo máis ou menos agachado ou polo que sexa, o certo é que á meirande parte das mulleres se lles segue a aprender que é a elas a quen lles toca encargarse da cociña, lavar a vaixela e cousas semellantes, ademais naturalmente de se ocuparen de coidar dos nenos.

Neste tradicional cadro doméstico resúltanos tamén comprensíbel a queixa que Marta lle formula a Xesús sobre que a súa irmá María pase o tempo alí na casa de conversa con el sen lle botar unha man a ela.

Xesús atopábase a gusto nesta casa e era privilexiado amigo da familia, tanto das dúas irmás coma do seu irmán Lázaro. Polo finado irmán delas choraría el antes de lle devolver a vida; tanto que por iso comentaría con razón a xente o moito que o quería. Neste ambiente de mutua confianza e aprecio, Xesús segue a comunicarnos (a elas e a nós) cousas importantes.

Non poucas veces se ten interpretado a resposta de Xesús a Marta como unha especie de xerarquización pola que a vida chamada contemplativa estaría por encima da vida activa ou das actividades profanas e normais. Para entendérmonos, unha monxa contemplativa estaría polo mesmo feito de ser tal por enriba dunha nai de familia dedicada ós coidados exteriores da casa e dos fillos. É o que á primeira vista semella dar a entender a resposta de Xesús a Marta de que só "unha cousa é necesaria", esa "mellor parte" escollida por María ó ela se dedicar a escoitar Xesús e falar con el.

Mais non semella que sexa esa a interpretación máis axeitada. O que máis ben nos quere dicir Xesús é que a "contemplación", é dicir, a oración ou a relación con Deus -tal como a practicaba Xesús co seu Pai Deus e que Lucas tantas veces pon de relevo no seu evanxeo-, vén sendo algo así como a fonte da que provén o noso bo facer, as nosas boas accións. Marta e María veñen simbolizar así dúas actitudes (a contemplación e maila acción) que non deberiamos disociar, senón conxuntar.

Foron os monxes bieitos, procedentes de San Bieito, o precursor do monacato, os que botaron a andar aquel sinxelo lema latino "ora et labora", é dicir, "reza e traballa", ou sexa e en certo modo, "sé María e sé tamén Marta". Por iso moitas das antigas ordes relixiosas dedicaban ou dedican aínda de feito tempo abondo á oración en común, ó chamado "coro", etc., e tamén ó "traballo" manual e á atención espiritual e cultural das persoas da comarca na que están afincadas.

Posteriormente, Santo Ignacio de Loiola, o fundador da Compañía de Xesús sorprendeu na súa época (no século XVI) coa supresión do tradicional "coro", é dicir, chamou a atención coa súa ruptura da separación tradicional, polo menos simbólica, que había entre "rezar" ou orar e "traballar". O que quería Santo Ignacio era que a vida toda dos que se consagrasen a Deus e á Igrexa na Compañía de Xesús fose toda ela e ó mesmo tempo, sen mutuas separacións, oración e traballo. Neste senso, poderiamos formular a intención de Santo Ignacio, á diferenza do que ocorría noutras Ordes anteriores, da seguinte maneira: "ora traballando" ou "traballa orando". Un tipo de traballo naturalmente moi diversificado (misioneiros, profesores, educadores, obreiros incluso, etc.). Mais en calquera caso un "traballo" -é dicir, tipo "Marta"- que debería ser ó tempo sempre "contemplativo" -é dicir, tipo "María"-. De aquí provén o ben coñecido lema xesuítico de intentar ser "contemplativo na acción". É dicir, ser persoa "contemplativa" non só antes ou despois da "acción", senón sempre, e polo tanto tamén durante a acción mesma, no "traballo" mesmo.

De todos modos, para Santo Ignacio e para a Compañía de Xesús por el fundada o primeiro era sempre o primeiro. É dicir, a oración e maila unión con Deus son máis importantes cós medios exteriores. Ou tal como literalmente se di: "Os medios que unen o instrumento con Deus son máis eficaces ca aqueles que o dispoñen cos homes".

Volvendo de novo ás lecturas da liturxia de hoxe, dinos Lucas que, mentres Marta se dedicaba afanosamente ós seus labores, María estaba "sentada" ós pés de Xesús, escoitando a súa palabra. Podemos neste sentido pensar tamén na escena que se nos refire hoxe no libro da Xénese sobre o Abrahán "sentado" (coma no caso de María) á entrada da súa tenda. Quizais estivese el tamén a falar no seu interior co Deus que o guiaba e acompañaba no seu longo peregrinar. En calquera caso, é nese momento cando se lle aparece o Señor -segundo se nos conta no relato- na figura de tres homes que van de camiño (peregrinos tamén coma Abrahán). A súa muller Sara, antecesora dos traballos domésticos de Marta, afanaríase seguramente no interior da tenda nos seus labores. Pois ben, a "contemplación" do Abrahán sentado á beira da súa tenda transfórmase de súpeto en amorosa e hospitalaria acción en relación con eses casuais viandantes que pasan por onda el.

Vese ben así como a contemplación potencia e dá vida á acción, uníndose a ela e xerando así froitos de fraternidade e amizade. O contemplativo Abrahán toma axiña a iniciativa en relación cos tres inesperados peregrinos, non deixando que se vaian sen lles dar repouso e xantar. Sen esperar a que llo pidan e forzándoos en certo modo a que se deteñan por algún tempo onda el.

Vemos así ademais como facer ben ós demais, unha acción á que Deus nos capacita coa súa presenza e co seu amor, produce sempre tamén bens, a modo de resposta agradecida, naqueles que se comportan bondadosamente. Pois o galano que os tres peregrinos (é dicir, o Deus mesmo representado polos tres viandantes) lle dan agradecidos a Abrahán está contido na seguinte promesa que lle fan: "Para o ano que vén Sara, a túa muller, terá un fillo".

DOMINGO XVII ORDINARIO
Falando co misterio amigo

A Lucas poderiamos darlle a distinción de "doutor honoris causa" no tema da oración. Como é ben sabido, el fálanos con frecuencia de que Xesús oraba, de día ou de noite, cando podía estar máis libre das urxencias da xente que o arrodeaba e o quería escoitar. Por outra parte, son Lucas e Mateo os únicos que nos presentan o relato do modo de orar que Xesús nos quere aprender: o "Noso Pai que estás no ceo".

Os comentaristas dinnos que o texto de Lucas se corresponde seguramente de maneira máis fiel coas propias palabras de Xesús có de Mateo. Sen que se pretenda naturalmente buscar aquí literalidades. En calquera caso, é exclusiva de Lucas esa alusión, tan fermosa e ben doada de entender, ós tres amigos que entran en inesperada e tensa relación ben entrada xa a noite. Fáisenos dese modo moi comprensíbel o de animármonos a ser "teimudos", constantes, insistentes, pesados ou como queiramos dicilo, no orar, no lle comunicar ó noso Pai-Nai Deus as nosas preocupacións en relación cos demais ou con nós mesmos.

Lucas preséntanos significativamente Xesús ensinando e falando sobre a oración inmediatamente despois de orar el mesmo: "*Despois* de estar Xesús orando en certo lugar –comenta Lucas- un dos discípulos pediulle: 'Mestre, apréndenos a rezar, como aprendeu Xoán os seus discípulos'". Unha pequena mostra máis de que Xesús falaba e ensinaba sempre desde a práctica e experiencia súa máis íntima.

Tal como podemos ver, esta petición que un dos discípulos lle fai a Xesús de que os aprenda a orar élle presentada polo discípulo como algo que estaría en continuidade coas ensinanzas sobre a oración que Xoán Bautista lles impartira ós seus discípulos. Sospeito que as lecciónns ou discursos sobre a oración que Xoán, o precursor de Xesús, lles aprendía ós seus discípulos non terían moita semellanza co modo de orar que Xesús lles vai ensinar agora. Pois o Deus de Xoán era aínda sobre todo o Deus do Antigo Testamento. Un Deus que podería, si, ser chamado Pai, mais nun sentido ben distinto do de Xesús. No Antigo Testamento Deus era Pai do pobo en canto tal, pero non estritamente Pai de todos e cada un dos membros deste pobo. A relación con Deus no Antigo Testamento era aínda temerosa e distante, debido ás esixencias e ós castigos que a lei impuña. Por esta razón Abrahán (segundo escoitamos na primeira Lectura) non se atrevía a lle pedir a Deus un perdón total para a cidade pecadora en atención ós xustos que puidese haber alí. Porque Deus para Abrahán non podía deixar de ser dalgunha maneira tamén vingador. Precisamente por iso ten Xesús tanto interese en acabar coa imaxe habitual dos antigos profetas dun Deus vingador e castigador. Dificilmente

podemos imaxinar, pois, Xoán Bautista ensinando os seus discípulos a se dirixir a Deus comezando coa palabra "Pai", coa que Xesús inicia a oración que nos quere aprender. Porque, ademais, "Pai" ten sempre en Xesús un sentido amoroso, confiado, íntimo.

Hai xa algúns anos tiven ocasión de presidir unha eucaristía na que uns nenos fixeron as súas primeiras comuñóns. De entre eles, unha nena fora adoptada de pequeniña pola súa nai adoptiva. Pois ben, a min chamábame a atención a confianza e amor cos que a nena, que acababa de recibir a súa primeira comuñón, chamaba "mamá" a súa nai adoptiva. Ela, como digo, non era a súa nai "natural" ou biolóxica, mais tanto filla coma nai amosábanse mutuamente o seu cariño maternal e filial de maneira natural e normal, exactamente igual a como se relacionan entre si nai e fillo en calquera outra familia.

Con isto o que quero dicir é que Xesús é quen pode chamar de maneira plena e total "meu Pai" a Deus, porque en realidade é el o único en ser fillo propio e real de Deus. El non é fillo adoptivo del. Mais resulta que, ó se facer Xesús irmán noso, nos converteu de feito a todos, as persoas todas da humanidade, en partícipes da súa filiación divina. Somos así fillos "adoptivos" de Deus, porque Deus nos adoptou en Xesús coma fillos, aínda que non sexamos, nin poidamos selo, fillos inmediatos ou naturais de Deus. Deste modo, temos a posibilidade e o dereito de dirixírmonos a el como verdadeiro "pai" noso, da mesma maneira que a nena da primeira comuñón podía dirixirse e se dirixía de feito á súa nai adoptiva chamándoa "mamá", queréndoa co agarimo de verdadeira nai. Desta maneira podemos aproximarnos algo a entender o amor que Deus-Pai nos ten a todos, dado que somos fillos queridos del grazas a que Xesús se irmandou con nós na súa humanidade. Isto é, xa que logo, o primeiro que temos que aprender e asumir agradecidos ó dirixírmonos a Deus. El é verdadeiramente o "noso Pai", o noso "Pai-Nai", en virtude da humanidade do seu fillo "benquerido" Xesús.

Na oración do "Noso Pai" hai ademais como un resumo das ideas fundamentais do evanxeo. Á parte desta incomparábel relación filial con Deus, está presente o sentido da fraternidade. Sempre que recitamos esa oración estamos a dicir que somos irmáns, pois estamos falando sempre en plural: "Noso Pai", non "meu" Pai unicamente. El é Pai de todos séndoo ó tempo de cada un. Estamos tamén a falar do "Reino" de Deus, do que lle pedimos a Deus Pai que veña a nós: un reino de fraternidade, de xustiza e de amor. Estamos, ademais, a proclamar a misericordia e o perdón mutuos entre nós para que así Deus Pai non poida presentarnos reparo algún para ser el tamén misericordioso connosco, fillos seus e irmáns entre nós. Pois a que pai ou nai lle pode compracer que os seus fillos vivamos divididos ou enfrontados?

A este Deus noso debémoslle pedir todo e de todo. Desde os alimentos máis materiais que precisamos ou precisan outros para sobrevivir fisicamente ("Dános cada día o noso pan") ata o conforto máis sublime e espiritual que poidamos desexar e que de feito desexamos sempre. Pedirlle ó noso Pai Deus que el tome asento nos nosos corazóns, para el así nos encher dos seus sentimentos e do seu amor. Pois iso vén ser o que se nos di hoxe de que lle pidamos ó "Pai celestial" que nos dea o "Espírito Santo". Seguro que o Pai nos dará o seu Espírito se llo pedimos segundo o que se nos di: "Se vós, sendo ruíns, ben lles sabedes dar cousas boas ós vosos fillos, canto máis o Pai celestial dará o Espírito Santo ós que llo pidan!".

Teñamos en conta que na visión de Lucas do noso Deus cristián o Espírito Santo ten unha relevancia moi especial. É o meirande regalo que o Pai nos pode facer. E quere ademais facelo.

DOMINGO XVIII ORDINARIO

Romper o nó da cobiza

É moi difícil, por non dicir imposíbel, imaxinarmos a "nada". Si, a "nada": que non houbese nada, nin eu nin vós, nin ninguén. Nin terra, nin mar, nis estrelas. Simplemente nada. En realidade non pasaría nada, nin sequera habería a máis mínima posibilidade de que puidésemos protestar por iso. Pois non habería ninguén para facer tal cousa.

A pesar de todo, pensamos que existir, vivir, soñar, amar e moitas cousas máis que somos e que facemos é o máis natural do mundo. Así o cremos, mais esquecemos dese modo que o noso ser, a nosa vida e canto con ela está unido non son cousa nosa. A realidade que somos e que vemos ten que vir en definitiva doutra realidade que sexa plenamente dona de si mesma, é dicir, de alguén que sexa plenitude de vida e de poder. A iso chamámolo Deus. É el quen decide, no seu misterio infinito e inabarcábel, facer que existan cousas e persoas coma nós ademais del. Sen se sentir obrigado a tomar esa decisión, porque sendo el quen é non pode precisar de nada nin de ninguén. Pola manifestación humana de Xesús sabemos que ese Deus é a plenitude infinita do Pai, do Fillo e do Espírito. Na súa plenitude amorosa está todo e dela procede todo.

Agora ben, por que decidiu este Deus que existísemos, por que nos creou? Misterio fondo e infinito, como infinito é o mesmo Deus. Baseados aquí tamén na revelación de Xesús, poderiamos dicir así e todo que nos creou porque nos quere, porque nos ama, porque el –tal como nos di Xoán- é amor. Non porque *teña* amor, senón porque el *é* amor. Ou dito doutra maneira -e así conectamos xa co evanxeo de Lucas de hoxe- porque el non é "cobizoso", porque Deus non ten nada que ver coa "cobiza". Deus é pura xenerosidade, meirande cá calquera outra xenerosidade que poidamos imaxinar ou pensar.

É este mesmo Deus Pai, que xenerosamente nos crea, o que, moito máis xenerosamente aínda, nos dá o seu propio Fillo e o converte en irmán noso, participando en todo da nosa humanidade, do noso nacer, das angueiras do noso vivir e do noso morrer. Que máis nos pode dar? Se el nos dá o seu Fillo, dásenos tamén el mesmo a nós con el, porque o seu Fillo é coma el. Pois, tal como lle di Xesús ó seu apóstolo Filipe, "quen me ve a min ve o Pai".

Por iso, se algo é Xesús, é ser tamén, por ser imaxe do Pai, pura xenerosidade, pura entrega a nós, á xente que conviviu con el, creando liberdade, amor e xustiza por onde queira que andou. E cando se vai, cando deixa de ser un máis entre nós, dános, dóanos, o seu Espírito, o mesmo espírito de Xesús, ese Espírito que xa nunca máis se ausentará deste mundo. Ese Espírito que move a súa Igrexa e as conciencias das persoas todas cara a unha meirande xenerosidade con todos, cos pobres e necesitados do mundo enteiro. É ese mesmo Espírito o que move o papa Francisco a anunciar e practicar a xenerosidade e misericordia cos necesitados por onde queira que vai e que move tamén tantas outras persoas anónimas do mundo enteiro a ocupárense dos demais.

Ese mesmo espírito de xenerosidade é o que se nos mostra no evanxeo de Lucas de hoxe cando el pon en boca de Xesús esa advertencia programática: "Atención: gardádevos da cobiza"... Porque só se somos xenerosos con todos, e sobre todo cos máis necesitados, nos asemellaremos a ese Xesús que é a presenza viva no mundo da xenerosidade do Deus Pai de todos.

A cobiza desenfreada é a que leva o mundo ós desaxustes sociais e ás guerras. Son moitos os analistas que sosteñen que é a cobiza do gran capital, dos grandes

poderes e fortunas, a que está na base da gran crise económica que afecta de tantas maneiras sobre todo as persoas de menos recursos. A cobiza non quere oír falar de xenerosidade, de fraternidade, de igualdade. O que quere é ter sempre máis a costa de quen sexa e como sexa. Quere ateigar de bens e riquezas os seus propios hórreos ou celeiros e, se non caben neles, derruílos para construír outros máis capaces e seguros. A cobiza amorea para si, péchase sobre si mesma, só pensa en si e dise a si mesma, como moi plasticamente nos comenta Lucas: "Amigo, xa tes aí reservas para moitos anos; descansa, come, bebe e a vivir!". A cobiza non comparte. É todo o contrario dese Deus do que diciamos que é, todo el, xenerosidade e fraternidade. Por iso nos di Paulo (na segunda Lectura) que a cobiza "é unha idolatría". Porque o Deus que o cobizoso adora é el mesmo, os seus bens. Bens que en definitiva non deixan de ser efémeros, porque non son capaces de "salvar" a vida humana, é dicir, os nosos insaciábeis desexos de vivir. Pois ben sabemos que a gadaña da morte non fai excepción con ninguén.

Abrirnos á xenerosidade e á fraternidade igualitaria, fuxindo da cobiza, é algo moi importante para o modo cristián de pensar e de actuar. E se nos comportamos así, daremos tamén cumprimento ó que o mesmo Paulo nos di na mesma carta ós Colosenses: "Alí (ou sexa, na nosa vida consecuentemente cristiá) xa non hai máis nin grego nin xudeu, nin circuncisión nin pagán, bárbaro, escita, escravo nin libre, senón que Cristo é todo en tódalas cousas". É dicir, só hai igualdade e fraternidade.

O que deberiamos, pois, facer, se é que queremos realmente vivir, é non gardar a propia vida para nós mesmos. Da mesma maneira que Deus non quixo gardar a súa vida para si mesmo, senón que a sementou tamén no mundo e en nós. E se non queremos clausurarnos en nós mesmos, teremos que facer que os demais vivan tamén, por máis que iso poida supoñer pór incluso en perigo a nosa propia vida. Aínda que, en realidade, perdela, o que se di perdela, nunca ocorrerá, pois darásenos, devolverásenos, ben acugulada de bens, alomenos no alén da nosa existencia terrea.

DOMINGO XIX ORDINARIO
Miña grea pequena

Atopámonos hoxe cuns textos litúrxicos do evanxeo de Lucas nos que se ofrecen diversas recomendacións ás primeiras comunidades cristiás que se ían formando en contacto directo coas testemuñas directas da doutrina e as ensinanzas de Xesús. Eran naturalmente comunidades pequenas, orantes e practicantes da mensaxe de Xesús que se ía estendendo paseniñamente de maneira especial entre a xente pobre e sinxela. A mensaxe de Xesús entraba así doadamente nos seus corazóns e ía afianzándose pouco a pouco nela.

Lucas pon en boca de Xesús, neste contexto humilde e acolledor, palabras tenras, amorosas e consoladores que tentaban suscitar alento nos novos cristiáns, como estas que acabamos de ler ou escoitar: "Non teñas medo, miña grea pequena, que o teu Pai compraceuse en darche o Reino". Xa sabemos que este reino de Xesús é un "reino de xustiza, de amor e de paz".

Un reino que entre todos estamos chamados a construír e que leva consigo renuncias e exixencias. Entre elas, Lucas (e este de maneira especial) aludirá a cousas coma estas: "Vendede os vosos bens e dádeos en esmola [...]. Tede posta a roupa de traballo", etc. No texto formúlase así a exixencia de sermos activos e teimosos no anuncio e na realización da mensaxe cristiá, evitando desleixos ou neglixencias de calquera tipo. Hemos ser activos traballadores na comunicación e na realización da mensaxe de Xesús, cumprindo así –tal como se nos di- coa nosa "tarefa". Ó xeito dun

traballador manual, que ten sempre –palabras tamén de Lucas- "posta a roupa de traballo" e que se emprega a fondo na tarefa de construción dunha obra ideada e impulsada polo mesmo Espírito de Deus.

Manténdose Lucas no contexto desta comparanza, ben coñecida, co traballo e co traballador, estenderá el tamén esta imaxe á afirmación de que Deus, o Deus infinito e Pai de Xesús -infinitamente poderoso e bondadoso- non será menos activo e xeneroso connosco tras concluírmos a tarefa encomendada. Pois será entón cando este Deus noso, que nos confiara a realización do anuncio e da práctica da "boa nova" de Xesús, se converterá, sorprendentemente para nós, en activo traballador a prol noso, ó servizo de todos e cada un de nós. Velaquí, efectivamente, o que pon Lucas en boca de Xesús pra nos falar do xeneroso traballo que realizará Deus-Pai, en canto bo amo a prol dos seus queridos e dilixentes criados (nós entre eles) e como remuneración da tarefa ben cumprida e realizada por nós: "Tede por certo que poñerá a roupa de traballo, sentaraos na mesa e serviraos un por un". Algo que resulta case incríbel, pois experimentaremos así o Deus infinito convertido metaforicamente en servidor dos seus servidores, é dicir, utilizando roupa de criado ou traballador ou -como se dixéramos- vestido con mono de obreiro.

Isto pode levarnos a nos deter un chisco agora na segunda Lectura, que está tomada da carta ós Hebreos. Porque en certo modo o texto de Lucas remite, aínda que sexa agachadamente, ó texto desta carta que a liturxia deste domingo nos antepón, seguramente de xeito intencionado, ó evanxeo. Pois todo o texto, tomado da carta ós Hebreos, vén sendo algo así como unha gran loa da "fe" de Abrahán. Unha fe semellante á que no texto do evanxeo se lle pide (e que se lle supón) a aquela "pequena grea" para que con fe e esperanza traballe activamente na instauración do reino de Deus. Aínda que a vinda de tal reino semelle estar lonxe ou incluso pareza que endexamais vai ocorrer...

Modelo e guieiro para esta fe e esperanza da "pequena grea" (que somos tamén nós) no traballo cotián polo vinda do Reino é o mesmo Deus-Pai que sempre traballa e traballará a prol do noso ben e da nosa felicidade. O Deus de Xesús é o mesmo Deus de Abrahán. É o Deus que mobiliza e sostén nos dous casos a nosa fe nun futuro que nos é descoñecido. Dísenos na carta ós Hebreos que Abrahán, "movido pola fe", "saíu para un lugar que había de recibir en posesión, sen saber onde ía", agardando "aquela cidade con bos cimentos, da que o arquitecto e construtor é Deus".

Unha "cidade" con esas características, é dicir, feita e construída segundo planos estritamente divinos, vén sendo coma un potentísimo imán que pon en movemento os nosos corazóns e as nosas accións cara a el, se pola nosa parte non rexeitamos ou negamos a súa realidade. Na mencionada carta dísenos que se trata dunha "patria celestial" por ser Deus mesmo o seu "construtor".

Se tal "fe" e esperanza en Deus nos sosteñen e mobilizan, nin cansazos interiores nin ameazas exteriores acadarán vencernos, porque o seu poder vén de Deus, non de nós. Se Deus é quen é -é dicir, o absolutamente infinito en poder, bondade, misericordia e xenerosidade- entón poderemos crer e esperar, con garantías, en que el sosterá e fortalecerá as nosas vidas e as nosas accións a prol do seu Reino. Por moi "pequenas greas" que sexan aquelas comunidades nas que os diversos crentes do mundo viven a súa fe ou por contraditorios que semellen ser os camiños polos que o noso Deus queira levar a súa Igrexa e cada un dos cristiáns. Pois foi tamén xustamente a fe firme, aínda que dolorosa, de Abrahán a que o sostivo na súa fidelidade a Deus, por máis que o proxectado sacrificio do seu único fillo Isaac semellaba desmentir calquera promesa dunha futura e numerosa descendencia.

Foi así xustamente –segundo se nos comenta na carta ós Hebreos- como Abrahán, pese á noite escura da súa humana consciencia, "pola fe e por considerar fiel o que lle fixera a promesa, recibiu poder para fundar descendencia", nacendo así desta "un mundo de fillos, coma as estrelas do ceo e coma a area incontábel da ribeira do mar".

Deberiamos quizais, en consecuencia, abrirnos algo máis a unha concepción de Deus máis grandiosa e menos utilitarista ou individualista cá que adoitamos utilizar nas nosas vidas, dándolle así máis espazo a unha fe máis fonda no infinito poder de Deus e na súa prometida xenerosidade. Seguramente poderiamos afrontar así mellor os pequenos ou grandes problemas que se nos presentan nas nosas vidas.

DOMINGO XX ORDINARIO

Facer lea

O texto do Evanxeo de hoxe é curto, aínda que denso de significado e, aparentemente alomenos, non pouco estraño. Esta estrañeza proviría de que poderiamos pensar que a paz e o amor, tan centrais na mensaxe de Xesús, estarían en contradición co que nel se di sobre que a mensaxe de Xesús provocaría ou levaría consigo "divisións" e "enfrontamentos", incluso no seo das familias ou da comunidade cristiá.

En realidade, a vida de Xesús non foi tampouco unha cousa idílica, tranquila, ocamente pacífica, senón intensa, apaixonada, comprometida, "encarnada" nunha sociedade e nun tempo ben concretos. Non fai falla ser moi espelido para se dar conta de que o que Xesús, aberta e publicamente, dicía ou facía provocaba divisións e enfrontamentos de tal envergadura, que por tal razón os poderes fácticos chegarían de feito a eliminalo da maneira máis ignominiosa. Pero, de modo curioso e paradoxal, o que Xesús dicía e facía non era máis que anunciar e proclamar a igualdade e fraternidade entre todos, en canto fillos dun mesmo Pai do ceo. Ou sexa, que é a mesma mensaxe de amor e fraternidade, asumidas e practicadas, a que vai provocar divisións e conflitos.

E non podía ser doutra maneira, porque os que posuían o poder político, social, relixioso e tamén económico non podían aturar unha mensaxe (e sobre todo unha práctica) deste tipo, pois púñanse eles mesmos en perigo de perder o seu status e as súas seguridades adquiridas. Velaquí vedes, pois, as razóns do conflito e das divisións que a mensaxe de Xesús provocou no seu tempo, continúa a provocar hoxe e seguramente provocará sempre.

A mensaxe de Xesús fai xurdir, pois, en canto tal, dinámicas e movementos que teñen que ver directamente, tal como indiquei, co tomar ou non en serio a fraternidade e dignidade humanas. Dignidade de sermos todos fillos de Deus. Fraternidade e mais igualdade, porque ninguén é máis fillo de Deus ca outros. Neste sentido somos, pois, todos iguais.

Como vedes, unha mensaxe sinxela, mais explosiva. Cando Xesús anuncia "Lume vin traer á terra: e que máis quererría eu ca que estivese xa a arder!" non se converte por iso nun pirómano destrutor de vida, do mundo ou da humanidade, senón no seu verdadeiro construtor. Lembraredes como o papa Francisco, nunha das súas estancias en América latina, deixou caer algunha vez, ante unha gran multitude de xente moza de moitos países que o escotaba, a seguinte frase, bastante explosiva tamén: "pídovos que fagades lea ('lío', en castelán)"... Porque a mensaxe de Xesús non é un somnífero que se toma para pasar comodamente a vida durmindo ou adormecido, senón

unha potente incitación a loitar pola xustiza, o respecto, o amor, a dignidade, a igualdade entre tódalas persoas. E isto leva consigo que se producirán seguramente conflitos. De modo que a loita pola paz e pola fraternidade, aínda que pareza contraditorio, provoca case necesariamente o conflito. Porque haberá xente, sobre todo os que dispoñen dalgún tipo de poder, que se oporán decididamente a tal cousa, pois o que eles queren é estar por enriba dos febles e necesitados, para podelos así explotar e utilizar ó servizo dos seus propios intereses.

Por iso, sobre este pequeno anaco do evanxeo de hoxe escribe un comentarista, coido que moi acertadamente, o seguinte: "Lucas é o evanxelista que fala da paz para a xente no momento do nacemento de Xesús, mais é tamén o evanxelista que na hora da súa presentación fala del como sinal de contradición e enfrontamento". E engade aínda pouco despois: "Xesús veu traer paz, pero a través do conflito. Sen conflito non medramos as persoas, non medran as comunidades, nin medran os pobos. Porén, case sempre fuximos covardemente do conflito, e así estámonos condenando a permanecermos ananos, incluso a morrer. Hai demasiada relixión ó servizo das cousas paradas, ó servizo dos intereses estabelecidos dos poderosos, ó servizo dos nosos mesmos egoísmos... A mensaxe de Xesús, o seu reclamo grande de irmandade sen límites crea división entre os pobos, na mesma Igrexa, dentro das comunidades, no interior de cada persoa... Xesús optou ata a morte por todo o que constrúe a irmandade entre a xente ante o Pai do ceo".

Por todo isto, a vida de Xesús foi eliminada, cortada de raíz polos poderosos só tres anos despois de comezar o que chamamos a súa vida pública. Mais este mesmo Xesús prometeunos e deunos o seu Espírito Santo. E co seu Espírito volve ou continúa no mundo ese "lume" sobre o que Xesús dicía que nolo "veu traer á terra". No día de Pentecoste, no día da vinda do Espírito Santo, o Espírito presentouse e mostrouse, ante os apóstolos (estamos na igrexa dos "Apóstolos") e ante tódolos seguidores de Xesús, en forma de "linguas de lume". E ese Espírito, que, coma o lume, purifica, ilumina e dá calor, segue a estar presente, de moitos modos e maneiras, na súa Igrexa e en tódalas persoas do mundo, mulleres e homes, de boa vontade.

Deixémonos, pois, purificar, iluminar e quentar por ese "lume" de Deus para dese modo seguirmos a facer presente no mundo a mensaxe liberadora de Xesús, por moitos que sexan os conflitos e problemas nos que por tal razón nos vexamos envoltos.

Nisto a carta de hoxe ós Hebreos pode servirnos de estímulo e acicate, cando nela se compara a dinámica da nosa fe co esforzo dun deportista, que vén sendo todo o contrario dunha persoa indolente e preguiceira. "Corramos –dinos Paulo- con tenacidade a carreira que temos por diante, fitos os ollos en Xesús, o primeiro guía e perfeccionador da nosa fe ... Aínda non resististes ata o sangue na vosa loita contra o pecado". E pecado é, como sabemos, todo aquilo que se opón ó proxecto de Xesús da fraternidade humana universal.

Que o Espírito de Deus, que coma o lume pode quentar e iluminar os nosos corazóns, nos dea forzas e ánimos para unha tarefa tan grande e fermosa.

DOMINGO XXI ORDINARIO

Salvar pra se salvar

No xudaísmo do tempo de Xesús había un marcado interese e preocupación polo número de persoas que se salvarían. Nese contexto relixioso e ideolóxico hai que situar

a pregunta que alguén lle fai a Xesús, tal como nolo refire Lucas: “Señor, e logo son poucos os que se salvan?”.

Mais, á parte deste contexto relixioso e ultraterreal da pregunta dirixida a Xesús, sabemos moi ben que a salvación, entendida a moi diversos niveis, si que nos interesa e moito. Queremos salvarnos de calquera perigo, queremos salvarnos de atopármonos enfermos ou de morrer. En fin, queremos salvarnos de que nos pase algunha cousa mala, sexa a que sexa. E, se a pesar de todo morremos, tamén queremos salvarnos, é dicir, queremos que no alén non nos pase nada malo. En fin, a salvación, recoñezámolo ou non, impórtanos. Levamos todos dentro esa semente de querer vivir sempre, que Deus (o eterno e inmortal) sementou un bo día no máis íntimo dos nosos corazóns, un desexo que en realidade non deixa de medrar en nós día tras día, por moitos anos que recoñezamos xa ter.

Aquí, estando como estamos vivindo á beira do mar, podemos entender moi ben aquilo que o coñecido filósofo Ortega y Gasset escribiu algunha vez sobre a vida humana. E supoño que saberedes que Ortega, aínda que naceu en Madrid, tiña raíces familiares en Galicia, concretamente aquí en Vigo, e que nesta cidade nosa pasou tempadas de rapaz e de mozo. Pois ben, dicía el que a vida humana é coma un naufraxio do que a persoa aspira a salvarse agarrándose a unha táboa de salvación. De modo que, segundo Ortega, loitamos toda a nosa curta ou longa vida por agarrármonos a algo que nos “salve”. Diranos el que esa táboa da salvación é o que el chama a “cultura”, pois todos nós chegamos a este mundo sen mecanismos automáticos para sobrevivir. Pero o que aquí máis nos interesa é a referencia que el fai ó noso desexo de “salvarnos”, pois é algo característico da vida humana. Todos queremos agarrarnos a algo que nos salve e loitamos por iso para non afundirnos no mar.

Volvendo xa ó texto de Lucas, sabemos ben que nas respostas que lles dá Xesús ós que queren, coas súas preguntas, levalo ó seu propio terreo ou comprometelo e enredalo, o que Xesús fai é ir ó fondo das cuestións e, neste sentido, situar o problema alí onde debe estar. Concretamente, a Xesús interésalle -naturalmente en función da mensaxe que el mesmo nos quere dar- non o pretendido número dos que se salvan ou curiosidades semellantes, senón a maneira ou estratexia de salvación que deberiamos utilizar, se é que queremos verdadeiramente “salvarnos” e acceder así ó seu Reino, ó Reino do seu Pai e Pai noso, que é un reino de xustiza, de amor e de paz.

Neste tema, como en tantos outros, Lucas é moi claro. O que importa, segundo nos vén dicir Xesús, non é o “blablabla” de andar a dicir por aí que somos cristiáns desde sempre, que sabemos moito de relixión e de teoloxía, que rezamos moito, que temos magníficos desexos de facer cousas grandes, que contamos con curas amigos nosos ou que sempre lles damos o noso voto ós que chamamos partidos sensatos, politicamente correctos, tal como adoitamos dicir... Coido que así se podería traducir a unha linguaxe máis intelixíbel e e actual o que Lucas di referíndose a xente á que se lle veta a entrada no Reino de Deus e que protestan contra iso dicindo: “Se nós comemos e bebemos contigo [é dicir, con Xesús] e ti ensinaches polas nosas rúas!”...

Non. Non é ese (só bos desexos e supostas valiosas categorías nominais) o camiño ou a porta polos que se entra no Reino no que acadaremos a “salvación”. Lucas dinos no evanxeo de hoxe que non hai máis ca unha maneira de nos “salvar”, de acadar esa “salvación” que calquera persoa (de calquera relixión ou cultura que sexa) busca e desexa. E cal é esa estraña maneira? A seguinte: “practicar a xustiza”. Os que non “practican a xustiza” son para Deus uns “descoñecidos”. Non poderán sentar na mesa do Reino, da mesma maneira que nun banquete de vodas, dun bautizo ou dunhas primeiras

comuñóns de hoxe non sentan individuos descoñecidos dos que alí comparten mesa e mantel.

Non se trata de que o Deus que todo o sabe descoñeza tales persoas. O descoñecemento bíblico non é un descoñecemento teórico ou intelectual, senón unha falta de relación ou de sintonía vital e práctica. Porque "practicar a inxustiza" é comportarse mal, de maneira prepotente e inxusta, contra os demais. Esa ofensa ós demais, que non por iso deixan en realidade de seren irmáns do ofensor, é de feito unha ofensa contra quen se fixo irmán noso en Xesús. Se non nos relacionamos fraternalmente coas persoas, convertémonos de feito nuns descoñecidos para Deus, pois dese modo rompemos coa relación que deberiamos ter con el. Comprendemos así a resposta que, segundo Lucas, lles dará o Deus de Xesús ós que protestan por non teren acadado entrar no Reino de Deus: "Non sei quen sodes. Arredade de min os que practicades a inxustiza!".

De modo que, vistas as cousas así, ben se pode dicir que falar de "salvación" non consiste en falar da salvación propia, persoal ou particular, como ás veces podemos supoñer. Salvar, o que se di salvarse, non se pode realizar nunca só. Só pode salvarse un cos demais, é dicir, xunto con aqueles que axudei, promovín, consolei, visitei, amei, respectei, estimei, etc. etc. Trátase verdadeiramente dunha "loita" ou, como nos di Lucas, dunha loita "para entrarmos pola porta estreita", que só se acada loitando na loita do "practicarmos a xustiza". Sermos cristiáns non consiste, pois, en sabermos moito sobre os fundamentos e sobre a agachada cerna do cristianismo, senón en levarmos á práctica no noso mundo esa explosiva mensaxe de fraternidade que se opón ás inxustizas e desigualdades.

E nisto podemos ollar como verdadeiros irmáns nosos a cantos, sen se consideraren a si mesmos cristiáns, loitan igual ca nós (ou quizais mellor ca nós) na mesma tarefa de instaurar a xustiza no mundo. Por iso, cando se di e proclama sen máis precisións que "fóra da igrexa non hai salvación" temos que ter en conta que a salvación, polo menos desde os textos do Concilio Vaticano II, é algo que pode ocorrer (e seguramente ocorre tamén) fóra dos límites formais da que chamamos igrexa cristiá ou católica. Pois Deus é sempre meirande cós límites nos que o pretendemos clausurar. Mais, como cristiáns, deste Deus si que podemos dicir que non nos "coñece", que non nos admite como seus, se non "practicamos a xustiza". Que o Deus amante e realizador da xustiza nos axude a entender e levar á práctica estas importantes ensinanzas.

DOMINGO XXII ORDINARIO
Darse sen contrapartidas

Como tantas veces ocorre nas escenas que aparecen nos evanxeos, tamén na de hoxe aparece Xesús tentado polos que non queren entrar con bo e humilde corazón na novidade do que el nos quere anunciar. A mensaxe boa, alegre e dadora de felicidade do seu reino. Un reino que se artella en realidade bastante a contracorrente dos nosos modos habituais de comportármonos.

Trátase hoxe de símiles ou parábolas, en directa conexión cos feitos mesmos, que levan unha gran carga significativa, orientadora, en relación coas nosas maneiras de proceder e actuar. Aínda que non soubésemos formalmente da autoría destes textos do evanxeo, poderiamos xa sospeitar de quen procederían. Son e tiñan que ser de Lucas. Porque Lucas adoita insistir unha e outra vez en presentarnos Xesús como desprendido dos bens materiais, animándonos así a entrar nesa gran novidade de vivir efectivamente

a fraternidade, construíndoa na crenza e no sentimento de sabérmonos fillos dun mesmo pai Deus, pai especialísimo de Xesús e pai tamén noso.

Por iso é, efectivamente, o evanxeo de Lucas o único onde podemos atopar estas parábolas relacionadas co modo, politicamente incorrecto, de como deberiamos comportarnos nun banquete. Unha escena que resulta ser moi válida para que nela se poida reflectir en principio o modo de pensar e de proceder dun cristián, é dicir, dun seguidor da mensaxe básica e fundamental de Xesús.

Como vemos, Xesús non rexeita relacionarse con ninguén, aínda que poida tratarse de alguén sobre o que el sabe de antemán que non conxenia co seu comportamento nin coas súas ensinanzas. É o que ocorre no caso do que esta vez o convida, sendo como é un "xefe dos fariseos", que está polo tanto á espreita dalgún erro doutrinal ou comportamental por parte de Xesús. Decátase un así de que a semente que Xesús vai deixando caer nos corazóns da xente non está preseleccionada para caer sempre en boa e acolledora terra, senón que pode caer tamén sobre pedra ou nunha silveira.

O caso é que este convite lle vai valer a Xesús como magnífica ocasión para expresar de maneira moi plástica o modo como, pola nosa parte, nos deberiamos comportar na nosa relación con Deus e cos demais.

En primeiro lugar, teriamos que pensar que para Xesús a súa e a nosa relación cos demais ten que fluír directamente da súa e da nosa relación con Deus. Xesús sabe que toda a súa dignidade e grandeza vén de arriba, do Pai Deus. El non é nada sen o Pai. E ese Deus Pai é o que descende cara a nós en Xesús, facéndose nel un de nós, creando igualdade, fraternidade, e non "superioridades" coas correspondentes "inferioridades". Pois estas últimas relacións que rompen coa igualdade non son máis ca perversións do que é algo básico e fundamental na mensaxe cristiá. O que nos comunica, pois, Xesús, -á vista do habilidoso comportamento dos convidados e comensais para se colocaren estratexicamente nos postos supostamente máis dignos e apetecíbeis- non é máis cá tradución visíbel da relación de Xesús co Pai e deste con el, así como tamén a tradución e expresión concreta da relación de Xesús connosco e da nosa relación con el.

Hai polo tanto aquí, nestes comentarios de Xesús sobre a escena do banquete, profundidades teolóxicas relacionadas co máis fundamental do acontecemento orixinario cristián, consistente na encarnación de Deus en Xesús. Non se trata polo tanto (no dito de Xesús de que "cando alguén te convide a unha voda non te poñas no primeiro posto"), non se trata –digo- dunha norma ou consello máis, moral ou simplemente táctico, de entre os variados que calquera entendido en asuntos éticos ou educativos nos podería indicar pra acadarmos unha vida digna e humanamente apreciada por todos. Pois así, dese prudente e táctico modo, podemos evitar vernos expostos a fracasos ou desenganos procedentes da nosa incauta fachenda...

Non. Xesús apunta co seu sabio consello a algo que está no fondo mesmo da nosa relación con Deus e, polo tanto, cos demais. É dicir, se Deus se achegou a nós e se igualou connosco, non podemos nós pola nosa parte pretender ser superiores ou máis dignos cós que viven a carón noso.

Por esta razón, o segundo consello, o que lle dá Xesús directamente ó xefe dos fariseos que o convidou, está estreitamente relacionado co primeiro, afondando aínda máis decididamente nel. Aquí, neste segundo consello, é cando a mensaxe de Xesús se converte en limpamente "anti-cultural" ou "politicamente incorrecto". Pois abonda con preguntármonos a nós mesmos se algunha vez na vida fixemos algo que polo menos se lle asemelle ó que nel se di: "Ti, cando deas un xantar ou unha cea, non chames os teus amigos, irmáns, parentes ou veciños ricos", senón "convida os pobres, eivados, coxos e cegos; e serás ditoso...". Cantas veces fixemos isto na nosa vida? Posibelmente nunca.

Mais do que aquí verdadeiramente se trata non é de realizar, literalmente e sen máis, o que na norma ou no consello de Xesús se nos di pra fachendear a continuación ante os demais sobre a nosa xenerosidade ou altruísmo. Do que sobre todo se trata é de intentarmos ir cambiando a nosa actitude en relación cos que están máis precisados de axuda ca nós, sen esperarmos deles recompensa algunha.

Estamos hoxe ben informados do que está a pasar con tantas persoas e familias que foxen de lugares de conflitos e guerras cara a zonas que consideran máis seguras coma por exemplo Europa. E tamén sabemos das enormes dificultades coas que se encontran esas persoas cando solicitan axuda e protección onda nós. Pois ben, cando o papa Francisco fala sobre estes temas, en relación por exemplo cos refuxiados, sabemos ben que non se morde a lingua. Debemos supoñer que el estará ben informado sobre que o cristianismo non é unha serie de bonitas teorías ou crenzas nas que debemos teoricamente crer, senón que é un modo de proceder na vida polo que fronte ás excesivas preocupacións particularistas deberiamos estar abertos ós problemas dos demais. Abertos no sentido de que esteamos dispostos a lles abrir a nosa casa, a nosa mesa, etc., tal como reza o consello de Xesús: "Cando deas un banquete, convida os pobres, eivados, coxos e cegos...".

Non deberiamos esquecer, con todo, que a este consello de Xesús seguen un par de breves, mais fermosas palabras. Son estas: "e serás ditoso". Fermosas digo, porque a veces pensamos que xa está ben que Deus nos estea pedindo sempre renuncias, sacrificios e cousas así, cando a verdade é que foi Deus mesmo quen puxo nos nosos corazóns ese insaciábel desexo de dita e de felicidade. E se nos deu ese desexo é porque quere que sexamos felices e que busquemos a felicidade. Mais a felicidade non se acada, polo menos tal como nolo di Xesús no relato de Lucas, a golpe de egoísmos e de se pechar un nos propios intereses, apartando así a nosa vista das necesidades dos demais. Xa o formula ben, ademais, o coñecido dito popular: "é máis feliz quen dá ca quen recibe". E se non cremos nisto, fagamos polo menos algunha vez a proba para ver que pasa.

DOMINGO XXIII ORDINARIO

Carga pequena

A vida que chamamos normal das persoas é case sempre todo menos algo perfectamente normal ou previsto. Toda vida é sempre, pretendámolo ou non, unha aventura, desde que nacemos ata que deixamos de respirar os "airiños, airiños, aires" que nos deron vida e saúde, abandonando así as persoas coas que teñamos convivido. Formulábao ben, quero lembrárvolo, o filósofo Ortega y Gasset cando comentaba que a vida, toda vida, é coma un permanente naufraxio que nos empuxa a intentar agarrarnos a calquera táboa de salvación que poida atoparse ó noso alcance.

Por iso, se tivésemos tempo e forzas suficientes para escribir de maneira totalmente fiel o que nos ten ocorrido durante toda a nosa vida ata o intre de despedírmonos dela, as memorias ou lembranzas de cada quen serían seguramente emocionantes e ben distintas tamén as unhas das outras.

O evanxeo semella que nos chama xustamente a non apuntarnos sen máis a levar unha vida tranquila, cómoda e sosegada, allea a calquera problema que se nos poida presentar. Temos que loitar sempre, dunha ou doutra forma e con maior ou menor intensidade, para podérmonos agarrar a algunha táboa de salvación. Porque o mar no

que estamos está sempre en movemento e sen movermos os brazos para nos manter na superficie da auga afundímonos sen remedio en abismos escuros.

Como cristiáns sabemos e cremos que esa táboa de salvación é Xesús (que significa precisamente iso: Salvador). Un Xesús unido para sempre a esa cruz que, desde que el a levou sobre os seus ombreiros e se deixou nela cravar, quedou constituída en lugar de bendición e salvación para toda persoa. Por iso o sinal da cruz é e seguirá sendo distintivo específico dos cristiáns. Non só como adorno que podemos levar no peito, senón como un modo de ser e de comportármonos que non fuxe do sufrimento cando o seguimento de Xesús nolo esixe. É unha condición, tal como nolo di Lucas, para sermos de verdade discípulos dese Xesús que camiña con bo ánimo cara a Xerusalén: "O que non carga coa súa cruz e me segue, non pode ser discípulo meu". Pois é alí, en Xerusalén, onde se vai atopar coa cruz á que o condenarán os que consideraban a súa existencia como unha ameaza para continuaren apracibelmente en posesión do poder político e relixioso.

Agora ben, ser discípulos de Xesús significa levar adiante, con el, os seus plans de realización no mundo da igualdade e fraternidade entre todos en canto fillos dun mesmo Pai Deus. Un cristián ha ser consciente de que esa fraternidade e igualdade non é querida nin tolerada por persoas e estamentos que gozan dunha alta posición económica e social. Por iso se van opor a que tal cousa ocorra. Pois dese xeito terían eles que renunciar ás comodidades e vantaxes que o seu propio status lles proporciona.

Mais debemos ter en conta, en calquera caso, algo moi importante. Nin Deus Pai nin o seu fillo Xesús queren a cruz para nós. Deus chamounos e chámanos continuamente, desde o máis íntimo de nós mesmos, á felicidade. Ó desexo de felicidade non somos capaces de renunciar e polo tanto non debemos intentalo sequera. Mais temos ó mesmo tempo que saber que a felicidade non se acada a soas, cada un para si mesmo, senón cos demais, de maneira solidaria cos que estean máis preto de nós.

É así xustamente como se pode facer presente a cruz nas nosas vidas. Unha cruz que en definitiva non é contraria á felicidade, senón condición mesma para acadala. Cruz porque a fraternidade real leva consigo renuncias concretas, atención amorosa ás necesidades dos outros, non só das miñas, sufrimento polo rexeitamento que moitas veces teremos que aturar dos que non pensan máis ca en si mesmos e ós que non lles importan ren os outros. Un rexeitamento que pode incluso xurdir, tal como nos recorda Lucas, do noso entorno máis próximo.

Para sermos deste xeito verdadeiros discípulos de Xesús, nin sequera a propia vida debería contar, por intenso que sexa o noso desexo de non perdela. Máis dunha vez oímos ou lemos de persoas que arriscaron perder a súa vida (e incluso a perderon) coa esperanza de acadar algo de felicidade para si mesmas, para as súas familias ou incluso para persoas que nin sequera coñecían. Persoas que se tiran ó mar para salvar alguén en perigo de afogar, emigrantes que nunha feble embarcación intentan chegar a Europa para desde aquí poder atopar traballo e mandar algo de diñeiro ós seus familiares necesitados. Son cruces das que non se pode fuxir se un quere acadar salvación e felicidade para si mesmo ou para os demais.

Unha actitude deste tipo supón renuncia a bastantes cousas. Por iso fálanos hoxe tamén o evanxeo do necesaria que é a "renuncia" para podermos ser discípulos de Xesús. Pola contra, bombardéasenos continuamente desde moitos sitios coas cousas que, segundo se nos insiste, presuntamente necesitamos. E así ímonos enchendo de

enredos, instrumentos e outras cousas e cousiñas que moitas veces non valen máis ca para presumir de que temos a última cousa nova que hai no mercado.

Mais sabemos por outro lado que, para podermos camiñar e correr con lixeireza, canto menos peso levemos sobre os ombreiros tanto mellor nos irá. Sen nada viñemos a este mundo e sen levarmos nada connosco sairemos del. O estraño é que nese curto interregno, que vén sendo o tempo da nosa vida, nos queiramos cargar con tanta bagaxe.

En calquera caso, para levarmos con garbo ou alomenos con paciencia as cruces da nosa vida, canto menor peso superfluo levemos connosco tanto máis doado nos resultará seguirmos a ese Xesús que vai sempre diante nosa, desprovisto de todo, portando a súa cruz. Dándonos así, como din os vellos catecismos, "exemplo de vida".

Porque iso si, a vida, por ser don de Deus, témola garantida, ben sexa neste mundo ou no descoñecido que misteriosamente se nos abrirá trala nosa morte. Pois Xesús non lles falla ós que o seguen, ós que levan tamén a súa propia cruz, a cruz de cadaquén. Unha cruz que de ningún xeito permitirá o Pai Deus que nos esmague, pois foi tamén o seu Fillo quen nos dixo: "o meu xugo é lixeiro e a miña carga pequena".

DOMINGO XXIV ORDINARIO

Perdedores e perdidos no punto de mira

Estamos a lle prestar atención nestes domingos ó que nos conta Lucas sobre Xesús. É dicir, sobre esa manifestación humana de Deus Pai, do Deus Pai de todos, que chamamos Xesús, Fillo único "benquerido" de Deus e irmán maior noso. El insiste, como quizais ningún outro dos evanxelistas, nesta paternidade de Deus e nesta común irmandade nosa.

Mais Lucas preséntanos sobre todo un Xesús interesado ou preocupado de maneira especial polos máis pobres, necesitados, desprezados ou "perdidos". Esta expresión "perdido" é no evanxeo de hoxe central. Xesús vaise achegar precisamente a aquela xente que a práctica normal da relixión do seu tempo mantiña en certo modo á marxe. Xente ademais perigosa, porque podían contaminar os demais co seu pecado, coa súa enfermidade (que era considerada como resultado ou consecuencia de pecados manifestos ou ocultos), coa súa mesma pertenza ás clases baixas e pobres (porque a riqueza e mailo poder, ó contrario da pobreza, eran considerados normalmente como sinal da bendición de Deus).

Xesús (e o Deus Pai que nel se manifesta) quere acabar con esa discriminación. E anúncialles a valía, a importancia que eles teñen, en canto irmáns dese Xesús que naceu entre pobres e necesitados, viviu entre eles e morreu tamén axustizado formando un trío con outros dous pobres desgraciados condenados a morte.

Esta preocupación (e este aprecio) de Xesús polos que viven desorientados na súa vida, polos que manchan as súas mans no traballo e entre o lixo do mundo, polos que se meteron por camiños desviados dos que logo non resulta doado saír, esta preocupación, digo, de Xesús por todas estas persoas manifestase de forma moi clara nas tres parábolas deste domingo: a da ovella *perdida*, a da moeda *perdida* e, finalmente, a inmortal parábola do que tamén podemos chamar a do fillo *perdido*. E non deixa de ser curioso tamén que só Lucas presente conxuntamente estas parábolas. Dos outros tres evanxelistas só Mateo nos fala dunha delas: da parábola da ovella perdida.

A ovella perdida. Ó bo pastor -que é Xesús e que deberiamos ser tamén, á nosa maneira, cada un de nós- non lle preocupan as ovellas que non teñen problemas. Mais si quere saber que lle pasou á que non está no rabaño, a que está exposta a perigos e ameazas do lobo ou doutras feras. Na súa soidade vai perder ademais o sentido de fraternidade coas outras do rabaño. Non vai sentir tampouco a seguridade que lle dá verse protexida e defendida xunto coas outras por un bo pastor que coñece e quere todas e cada unha das ovellas. Na súa parábola dinos Lucas que, ó atopar a ovella perdida, o pastor volve para a casa "con ela ó lombo". Chamou ben a atención o papa Francisco cando no seu momento lles pediu a bispos, sacerdotes e cristiáns comprometidos que "deberían cheirar á ovella". É dicir, que deberían buscar o contacto con esas ovellas descarreiradas e non se contentar con estaren man sobre man, limitándose a contemplar o tranquilo rabaño que pace bucolicamente ó seu lado. O papa Francisco, que pide á Igrexa que saiba traballar nas "fronteiras", tampouco foi ben visto por algúns cando na liturxia do xoves santo lavou os pés a certas persoas que eles consideraban pouco dignas.

A moeda perdida. É a parábola da alegría da muller que barre a casa enteira ata atopar a moeda perdida entre o lixo. Gústame o que escribe un comentarista sobre esta parábola (descrita só por Lucas): "Nunca vimos representado a Deus na forma dunha muller cunha vasoira na man. Pero é unha imaxe ben bonita. A vasoira non é para arrear, senón para buscar con moito agarimo". E digo eu xa agora: O Deus que se nos manifesta en Xesús non é un Deus que anda a vasoiradas coa xente, senón un Deus que busca agarimosamente o noso encontro con el, a nosa liberación. Porque para el cada un de nós temos valor (como calquera moeda por cativa que sexa). Aínda máis, temos propiamente un valor absoluto, pois ese é o valor que el nos deu a cadaquén de nós ó nos facer persoas. Por iso Deus nos quere, por máis que esteamos emporcallados co lixo. E quere que fagamos tamén nós o mesmo cos demais.

O fillo perdido. Tamén é só Lucas o que nos refire esta preciosa parábola. Como ben din os entendidos, non é moi axeitado ó contido desta parábola iso de chamala, como normalmente facemos, a parábola do "fillo pródigo". Porque este título semella poñer demasiado o acento no comportamento aloucado e insensato do fillo menor, nos seus pecados e desvaríos. Mais non é ese o centro da mensaxe da parábola que Lucas pon en boca de Xesús. É máis ben a inimaxinábel e case incomprensíbel misericordia de Deus Pai-Nai a que se nos impón como mensaxe fundamental. Por iso dinnos con razón eses entendidos que deberiamos denominala "a parábola do Pai bo e misericordioso".

Deus non é, pois, de maneira ningunha, un vingador ou castigador, tal como a algúns dos maiores de entre nós nos quixeron meter noutros tempos na cachola. Desde logo, no Antigo Testamento a idea que se tiña popularmente de Deus era a dun Deus dese tipo. Así, o fillo maior da parábola (o que se quedou en casa) vén sendo un verdadeiro modelo desa relixiosidade antiga. En consecuencia, o irmán maior resístese a entrar para apertar o seu irmán menor (como fixera o pai) e celebrar así todos xuntos con alegría a volta do irmán máis novo á casa. O irmán máis vello resístese porque iso significaría para el non tomar en serio o pecado, a transgresión da lei. "Levo moitos anos servíndote sen che faltar nunca en nada", replícalle "moi alporizado" o fillo maior a seu pai. Servizo, pois, sometemento ás normas, e consecuentes dereitos adquiridos polo correcto modo de proceder son os argumentos que esgrime o fillo maior ante o Pai. Para o irmán máis vello, o seu irmán pequeno deixou en realidade de ser irmán seu. É só, como lle di ó seu pai, "ese fillo teu"...

Os razoamentos do irmán maior non deixan de ter a súa lóxica. E a máis dun nos poderían resultar incluso coherentes e comprensíbeis. Mais non é esa a lóxica do Deus

do Novo Testamento que se manifesta en Xesús como Pai, que quere de corazón tódolos seus fillos. En certo modo, tamén o fillo menor pensaba en categorías do seu irmán maior cando se nos di que parou por fin a recapacitar sobre o que lle estaba a pasar na súa pródiga e descontrolada vida. Tampouco o fillo menor podía imaxinar seu Pai esperándoo cos brazos abertos. Nos seus plans non entraba sequera a posibilidade de relacionarse con el coma un fillo. El funciona tamén con categorías de pecados cometidos, de traballos a realizar coma un xornaleiro máis... Pois seu pai non pode seguir sendo xa pai del. Madía levaría –pensaba el- se o recibía coma un servo e xornaleiro. Como vedes, categorías todas típicas do Antigo Testamento. Ben se pode albiscar así a incríbel novidade do Deus que se nos revela no Novo Testamento.

DOMINGO XXV ORDINARIO

Escravos do poderoso cabaleiro

Lendo ou escoitando o anaco do texto de Lucas que fai referencia ó diñeiro, cómpre indicar xa desde o principio que nos atopamos aquí cun tema moi central en Lucas: o tema dos pobres, da preocupación de Xesús por estar entre os pobres e necesitados, compartindo con eles amizade e proximidade.

Por que e para que se comportaba así Xesús? Simplemente, para que os pobres se tornasen conscientes da súa dignidade (tantas veces negada polos de arriba, é dicir, por aqueles que tenden a se crer máis dignos cós pobres simplemente por teren unha mellor posición social ou económica). Tamén para que pobres e necesitados do mundo saiban do amor que o Deus Pai de todos lles ten a eles dunha maneira moi especial. Unha dignidade de seren fillos de Deus, que os convida a viviren con alegría a súa vida. Poden saber así que son queridos polo Deus que non fai diferenzas entre os seus fillos. O noso Deus quérenos a todos por igual. E, se houbese diferenzas no seu comportamento, serían sempre a favor daqueles fillos seus máis desfavorecidos ou máis discriminados polos demais. Pois, á fin e ó cabo, non deixan de seren eles en realidade os que máis se lle parecen ó seu fillo "preferido" e "benquerido", é dicir, a Xesús.

O exemplo ou a parábola de hoxe é exclusiva de Lucas. Nos outros redactores dos evanxeos non aparece, aínda que eles non deixen por iso de estar tamén na mesma liña de Lucas. Este, en calquera caso, é moi decidido na cuestión do lugar ou da función que debería ter o diñeiro na vida dun seguidor de Xesús.

Por suposto, a parábola resulta moi actual e doada de entender, se temos presente o que case un día si e outro tamén se nos di ou se nos recorda desde os medios de comunicación sobre a corrupción política. Pois fálasenos, efectivamente, tamén na parábola do comportamento corrupto dun administrador de diñeiro alleo (un diñeiro que polo tanto non lle pertence). Este administrador utiliza fraudulentamente eses diñeiros en proveito propio, enganando con iso o seu dono. Mais, ó se ver collido e descuberto, manobra arteiramente para poder contar con amigos que o axuden e apoien cando, de aquí a pouco, se atope no paro. Pois el non está afeito a traballar, senón unicamente a manipular e a se aproveitar dos bens dos demais.

Está ben claro que o que aquí se loa non é o comportamento fraudulento do administrador infiel, senón a súa habilidade para conseguir amigos. Isto último si que é importante. Un bo seguidor de Xesús non pode pecharse en si mesmo ou quererse só a si mesmo. Polo menos, co mesmo ardor co que un se ama a si mesmo (e ninguén pode deixar de facelo) hai que amar tamén os demais. O mandamento de "amar ó próximo *coma a un mesmo*" era xa mandamento importante no Antigo Testamento. De modo que

un non pode nin debe odiarse nunca a si mesmo. Se así fose, tería que odiar tamén os demais.

Pois ben, da mesma maneira que un é moi amigo de si mesmo, ten que ser tamén moi amigo dos demais. De todos. Hai que exercer de amigo e de irmán de calquera co que nos atopemos na vida. Dándonos nós a eles e dándolles tamén a eles o máis que poidamos daquilo que temos e el precise de nós. Pois non está ben entre irmáns que a uns lles sobren cartos e posesións e a outros lles falte. As tremendas desigualdades sociais e económicas que se ven por tantos sitios non son cousa de Deus, senón nosa, dos que nos comportamos inxustamente cos demais coma se non fosen irmáns nosos. Enténdese así ben a aplicación ou conclusión que tira Xesús da súa parábola do administrador infiel: "Facede amigos coas riquezas inxustas".

Porque toda riqueza é inxusta cando é resultado dunha inxusta opresión sobre aqueles dos que inxustamente nos aproveitamos. E disto ben sabemos que hai moito por aí adiante e a tódolos niveis. Mais, como seguidores que queremos ser de Xesús, temos que saber (e sobre todo practicar) que un cristián non pode ser escravo dos cartos, dese "poderoso caballero" que o poeta castelán Quevedo identificaba co "don dinero". Lucas ponnos en boca de Xesús aquela inmorredoira frase que, desde a perspectiva de que somos todos irmáns, vale e valerá sempre como norma de comportamento social e humano: "Non podedes servir a Deus e mailo diñeiro".

O diñeiro fai falla para moitas cousas, mais o que non debemos facer é convertérmonos en "escravos" del e acugulármonos así de cada vez máis e máis cousas. Un faise escravo del cando non é solidario coas necesidades dos demais. Da maneira que sexa, porque hai moitas maneiras de ser solidario. Hoxe hai moitas ocasións de se facer solidario. Porque hai moita xente no mundo que o están a pasar mal. Mentres que neste momento, segundo se nos di, os máis ricos se fixeron aínda máis ricos, a xente máis ou menos normal e os pobres fixéronse aínda máis pobres.

Todo isto aféctanos a todos. A Igrexa mesma como institución e organización necesitaría tomar máis en serio as palabras de Xesús. Lembraredes o que dixo nalgún momento o papa Francisco: "Cómo me gustaría unha Igrexa pobre e para os pobres!". Frase que eu polo menos sei que a algunhas persoas ben situadas ou acomodadas non lles gustou moito cando el as dixo. Por iso o interese do papa Francisco por reformar as finanzas do Vaticano para que tamén alí, e en primeiro lugar, sexa verdade o de non "servir o diñeiro", senón unicamente a "Deus". E, naturalmente, dicir aquí "Deus" equivale a dicir persoas pobres ou necesitadas. Pois está ben claro que só poderemos servir a Deus se servimos de verdade a xente, os irmáns nosos do mundo enteiro.

Non pensemos que este non facérmonos escravos do diñeiro nos entorpecerá ou nos danará na nosa vida. Todo o contrario. Gañaremos con iso en felicidade e en persoas que pola súa parte nos dan ou ofrecen o que teñen: a súa amizade e o seu amor. Sabemos todos ben que este tipo de cousas non se mercan con cartos. É así como será verdade aquilo que hoxe nos conta Lucas de "facer amigos coa riquezas inxustas".

DOMINGO XXVI ORDINARIO

Infrahumano era Epulón

As parábolas dos textos dos evanxeos adoitan ser moi clariñas e o seu sentido enténdese normalmente moi ben. O que pasa é que ás veces non as tomamos suficientemente en serio. Hoxe temos diante unha parábola máis de Lucas,

impresionante como todas as súas. Ademais, tamén esta parábola é exclusiva del. Quero dicir, outros textos dos evanxeos non nola refiren. Como xa outras veces comentei, en Lucas hai unha preocupación moi notábel por presentarnos a estima que ten Xesús dos pobres, da súa dignidade, da súa función na Igrexa e do seu destino.

Por iso, a Igrexa de Xesús ten que ser unha Igrexa dos pobres, onde eles se sintan a gusto como en casa propia. Como isto con frecuencia non funciona así, por iso o papa Francisco anda dicíndonos, un día si e outro tamén, que temos que irnos acostumando a ver e a practicar esa estreita relación entre a nosa fe cristiá e a xente pobre e necesitada. A Igrexa ten que aprender de novo a irse desprendendo de xeitos de proceder que teñen máis parecido cos comportamentos de xente rica e podente ca cos modos de ser e de vivir de xente sinxela, traballadora, sufrinte e necesitada.

Por que? Simplemente porque Xesús se comportou tamén así. El fíxose pobre cos pobres, sufrinte cos sufrintes, necesitado cos necesitados. Os que polo menos en intención nos consideramos seguidores seus teremos que seguilo tamén nese comportamento seu. Do contrario, non poderemos ollarnos a nós mesmos como verdadeiramente cristiáns, por moito que o creamos ou proclamemos.

A min sempre me chamou a atención na parábola de hoxe a naturalidade, para dicilo dalgunha maneira, con que nela se conta, sen máis preámbulos, que o pobre Lázaro morreu e foi recibido no ceo e que o ricachón tamén morreu e que non foi acollido entre os xustos. Non se di nada directamente sobre a relixiosidade ou moralidade nin do rico nin do pobre. Polo que se ve, todo semella indicar que en Lucas van estreitamente unidas, por un lado, pobreza e salvación e, polo outro, riqueza e condena. Isto está naturalmente en relación co que -como lembraredes- Lucas poñía en boca de Xesús no anterior domingo: “Non podedes servir a Deus e mailo diñeiro”.

Na mensaxe hai algo fundamental. Xesús vén dicirnos que todos (sexamos da ideoloxía, da cultura, do país ou da relixión que sexa) temos un mesmo Pai, aquel que invocamos dicindo “Noso Pai que estás no ceo”. Que en consecuencia todos somos e debemos comportarnos entre nós como irmáns.

Agora ben, que é ou que significa o feito de que en tantas partes do mundo haxa uns que fan esmorga case a diario, sentados ou deitados sobre feixes de billetes, e outros teñan que rebuscar no lixo para poderen atopar algo pra comer?

Iso significa simplemente que non existe verdadeira irmandade. Pois ben, ese non é o plan de Deus nin o seu proxecto. Xesús denuncia ese estado de cousas con toda claridade. Para el Lázaro ten a mesma dignidade de fillo de Deus có rico. Mais ese rico, co seu comportamento, abdicou da súa dignidade de fillo de Deus e de irmán dos demais para se facer escravo dos cartos, xa que -tal e como el vivía e se comportaba- o seu señor non era Deus senón o diñeiro. Deus, en cambio, maniféstase no seu fillo Xesús como Pai de todos, creando liberdade e fraternidade. O rico, ó se facer escravo do diñeiro e se converter en adicto a un consumismo desenfreado, perdeu toda dignidade. Lucas nin sequera lle pon nome, como si llo pon a Lázaro. É unha persoa, pois, sen dignidade e sen nome, por máis que a tradición posterior lle inventase un nome, o de Epulón (do “epulor” latino, que ten que ver coas enchentes ás que tódolos días se dedicaba).

O texto de Lucas vénnos dicir, non que o diñeiro en principio sexa cousa mala. O que é malo é facérmonos escravos del, permitindo que nos poña unha venda nos ollos para non ver os necesitados que temos ó noso lado. A actitude inmoral, non cristiá, do rico non está propiamente en que o rico sexa rico. Pode ter adquirido esas riquezas co

seu esforzo, co seu traballo ou coas súas lexítimas habilidades. O malo do seu comportamento consiste en que non se deixa conmover pola pobreza e miseria do seu irmán necesitado que está á súa beira. Non o olla coma irmán seu, senón coma un infrahumano ó que só se lle permite que poida atrapar debaixo da mesa algunha frangulla de pan ou os desperdicios dunha boa tallada de carne.

Cando consideramos os demais como infrahumanos e deixamos polo tanto de velos como iguais a nós, convertémonos entón en seres inmorais e deixamos en calquera caso de sermos cristiáns se é que nalgún momento anterior o eramos. E ben sabemos que o malo do mundo de hoxe son precisamente as tremendas desigualdades que existen entre uns e outros en relación coas posibilidades de seguir vivindo cun mínimo de dignidade.

En resumidas contas, o noso destino, a nosa pertenza ou non ó que no Novo Testamento se describe como "reino de Deus", xógase ou decídese nisto: en se exercemos ou non a misericordia e a bondade de irmáns coas persoas que estean ó noso lado, ó noso alcance. Ó longo da nosa vida, atoparémonos seguramente con moitos "Lázaros" que nos interpelarán dunha ou doutra forma, se é que non levamos os ollos pechados ou afastamos a vista.

Polo tanto, se con algo verdadeiramente valioso temos que ir enchendo as mochilas ou os macutos no noso peregrinar pola vida ha ser precisamente con actos de bondade e misericordia cos irmáns nosos máis necesitados. Porque en última instancia son eses actos os que verdadeiramente salvan. Non os outros moitos posíbeis actos de correcto cumprimento de boas normas rituais ou exteriores, mais que se realizan á marxe do que verdadeiramente importa, que é o seguinte: o exercicio efectivo da nosa común fraternidade con calquera dos nosos irmáns ou irmás do mundo enteiro, fillas e fillos igual ca nós dun mesmo Pai Deus.

DOMINGO XXVII ORDINARIO

Pesos pesados na crenza

A temática da fe é a que aparece no comezo mesmo do evanxeo de hoxe, ó lle pediren os apóstolos a Xesús que lles "aumente a fe". Unha fe que é considerada polos teólogos como a primeira das chamadas "virtudes teologais" (xunto coas virtudes da "esperanza" e da "caridade" ou do amor). "Teologais" porque están en relación directa con Deus mesmo, que as suscita ou promove en nós por medio do seu Espírito. Só el, o Deus Pai que se nos amosa en Xesús, pode "aumentala" en nós se llo pedimos con aquela confianza que el mesmo nos dá.

Unha fe, que –como en teoría ben sabemos- non é tal sen as obras, é dicir, sen o exercicio e a práctica da nosa confiada relación con Deus e do noso amor a todos. Isto último é en calquera caso decisivo, teña ou non teña quen leva á práctica o amor aquela fe explícita que pola nosa parte nós recoñecemos ter recibido como don gratuíto e xeneroso de Deus Pai por medio do seu Fillo Xesús. Trátase así dunha práctica ou realización cristiá da fe que nos converte a todos en "servidores" de Deus e do seu Fillo Xesús, á maneira do humilde criado cumpridor do que se nos fala na curta parábola de hoxe.

Unha vez máis é tamén aquí Lucas o único dos redactores dos textos dos evanxeos que non quixo que permanecese no esquecemento esa parábola de Xesús que remata con aquela lección tan fermosa de humildade e alegría en relación co noso

traballo pola realización do Reino de Deus: “Cando fagades todo o que se vos mande, dicide: ‘Somos simples servidores: total, non fixemos máis do que tiñamos que facer’”.

Logo de aludir a estes dous temas, o da nosa fe e o do noso servizo a ela como condición necesaria para que esta fe sexa unha fe verdadeiramente viva e non morta, quixera facer unha curta alusión a unha santa e mais a dous santos que poderían ser considerados como verdadeiros “pesos pesados” na categoría da súa fe en Deus, sen con isto lle querer restar méritos a ningún outro santo do calendario litúrxico. Pois resulta que temos ben próximas as festividades dos tres e por iso quero facer unha curta lembranza deles, porque coido que se distinguiron precisamente nesa fe e nesa realización práctica da mesma ás que me estou a referir.

Son estes tres: Santa Teresa do Neno Xesús, San Francisco de Borxa e San Francisco de Asís. As súas festividades, practicamente seguidas, celébranse nos días 1, 3 e 4 do mes de outubro.

Santa Teresiña do Neno Xesús, como ben saberedes, foi un limpo e inimaxinábel modelo de fe e confianza feliz e absoluta en Deus. Viviu e practicou unha espiritualidade que se adoita chamar “infancia espiritual”. Tiña unha relación de fe e confianza en Deus á maneira dunha nena cos seus pais. Unha relación deste tipo non vale só pra os cativos, senón tamén para persoas adultas, porque ante Deus somos ou debemos ser todos sempre nenos, por moitos particulares aniversarios teñamos xa celebrado. Disto decatouse ben o gran pensador e escritor vasco, Unamuno, naquel poema seu que a min tanto me gusta e que por iso algúns de vós posibelmente me oístes recitar desde aquí algunha vez. Vén sendo unha réplica poética daquilo de Xesús: “Se non vos facedes coma nenos non entraredes no Reino dos ceos”. Recítovos, pois, unha vez máis o poema de Unamuno: "Agranda la puerta, padre, / porque no puedo pasar; / la hiciste para los niños, / yo he crecido a mi pesar. / Si no me agrandas la puerta, / achícame, por piedad; / vuélveme a la edad bendita / en que vivir es soñar". A santa francesa, Teresiña do Neno Xesús, puido coa graza de Deus “achicarse” ata ela se sentir coma nena pequena ante o Pai Deus, tal como llo pedía Unamuno ó seu e noso Pai Deus. Teresiña tiña só 24 anos cando se foi á casa do Pai Deus.

En canto ó santo valenciano Francisco de Borxa, hai que indicar que el tiña de todo na vida: diñeiro, moi altos cargos políticos, etc. Mais non permitiu que o diñeiro ou os honores se fixesen donos del, seguindo as palabras de Xesús, que comentabamos o outro domingo, de que “non podemos servir a Deus e mailo diñeiro”. Deixouno, pois, todo e fíxose humilde xesuíta, aínda que chegase despois a desempeñar como Prepósito Xeral o máximo cargo dirixente na Compañía de Xesús. Cóntase del que, á morte da emperatriz Isabel, tivo que acompañar o seu cadáver desde Toledo ata Granada para testemuñar nesta cidade andaluza a autenticidade da defunta. Tan impresionado quedou pola morte e transformación física da emperatriz que decidiu pedir ser admitido na Compañía de Xesús pra se dedicar o resto da súa vida a testemuñar a súa fe en Xesús, convertido para el dende aquel momento en único fiábel Señor seu. “Non servirei señor que se me poida morrer”, cóntase que dixo.

Varios séculos antes que estes dous - Francisco de Borxa e Teresa do Neno Xesús – viviu o terceiro gran santo: Francisco de Asís. É precisamente o nome de pía deste santo o que escolleu para si o actual papa por el simpatizar moito coa súa figura. Un santo que revolucionou a Igrexa de Deus co seu amor ós pobres e á natureza toda. Unha natureza esta que reflicte en si a fermosura de Deus nas aves, nos animais, na auga, no sol. Sendo como é un santo dos tempos medievais conecta, como ben sabedes, moi ben cos desexos e arelas de moitas persoas e culturas do noso tempo.

Por iso hoxe, e ante a proximidade temporal a este domingo das festividades destes tres grandes santos que tiveron unha fe tan firme e agradecida no Deus de Xesús, estamos todos convidados a desexar vivamente que esa fe "aumente" en nós tal e como ocorreu neles e tal como explicitamente llo pediran tamén a Xesús os seus apóstolos, segundo nos conta Lucas no evanxeo de hoxe.

DOMINGO XXVIII ORDINARIO

Gafos de onte, migrantes de hoxe

Sabemos, polas moitas informacións que recibimos, das traxedias nas que se ven envoltas tantas persoas que do continente africano intentan atopar entre nós, en Europa, unha vida máis digna cá que poden ter nos seus países de orixe ameazados pola pobreza e as guerras. Xente que intenta con dor fuxir dos seus países atafegada pola necesidade e a angustia, mais que se atopan coa oposición ou a indiferenza de diversos países europeos, que non ven con bos ollos acoller esas persoas que desde fóra se achegan a nós. Pola súa parte, o que polo menos a inmensa maioría destes migrantes pretenden é poder seguir vivindo e dispoñer tamén de oportunidades para axudar as súas familias.

Estas persoas aseméllanse en certa medida a aqueles impuros, gafos ou leprosos, dos que se nos fala no Evanxeo. Nos tempos de Xesús debían vivir afastados dos lugares normais onde vivían as persoas consideradas decentes. Era xente impura, enferma, pecadora. O pecado estaba unido á súa enfermidade. De modo que ademais de padeceren unha concreta doenza física eran considerados como ritualmente impuros. Con eles había que falar dende lonxe, a voces, tal como tamén eles o fan con Xesús, para lle dicir: "Xesús, Mestre, ten dó de nós". Non fose que a súa enfermidade contaminase tamén Xesús ou algún dos seus acompañantes.

Unha vez máis, é tamén Lucas o único dos evanxelistas que tomou nota deste encontro dos gafos con Xesús no seu camiño cara a Xerusalén. Lucas, é dicir, o evanxelista que sempre nos quere poñer diante dos ollos o Xesús liberador, o Xesús que practica a misericordia e a bondade con todos, sexan como sexan, pensen como pensen, falen como falen, sexa a que sexa a cor da pel do seu corpo. Xesús fai, polo tanto, con eles o que ten que facer en canto Salvador e Liberador: curalos da súa enfermidade, dicíndolles que vaian presentarse ós sacerdotes. O que significaba ou levaba consigo que antes de se presentaren ós sacerdotes ficarían libres da lepra. Pois o que os sacerdotes facían non era máis ca certificar a súa curación para poderen así ser admitidos no seo do grupo das persoas chamadas normais.

Nos tempos de Xesús non era tarefa doada acabar con esta forte discriminación cultural, social e relixiosa que sufrían tantas persoas. Mais os significativos xestos de Xesús con estas persoas foron poñendo as bases para a supresión ou superación desa inhumana discriminación. De tódolos xeitos, como estamos a ver, nun sitio ou noutro, este tipo de discriminación segue vixente aínda nos nosos tempos. Ós que teñen boa posición económica ou social ábrenselles as portas, mentres que os necesitados, defraudados, endebedados, refuxiados e xente semellante petan ás portas dos poderosos e estas portas non se lles abren.

Sabemos que o papa Francisco criticou algunha vez duramente as repetidas traxedias e naufraxios de persoas que buscan refuxiarse en Europa afirmando simplemente, sen paliativos e sen utilizar unha linguaxe que poderiamos chamar politicamente correcta, que iso "é unha vergonza". Éo sen dúbida, tendo en conta sobre

todo a secular presenza (polo menos cultural ou oficial) do cristianismo nos países europeos.

De tódolos xeitos, o acento principal do evanxeo de hoxe semella estar nun aspecto complementario, aínda que non moi diferente, do anterior. Refírome á actitude agradecida dun (dun só) dos gafos sandados da súa lepra. Porque resulta que o que aquí é loado e bendicido por Xesús é tamén un discriminado, un estranxeiro. Pois aquel que, ó se decatar da súa curación, deu volta antes de chegar onda os sacerdotes era un samaritano. E un samaritano era para un xudeu coma Xesús (así o formula o propio Xesús no relato de Lucas) un "estranxeiro". Xa sabemos que os samaritanos eran considerados polos xudeus como doutra raza, doutra relixión.

Decatámonos así como Lucas pon fortemente de relevo diante nosa que a graza de Deus, que se nos manifesta en Xesús, está aberta, está dirixida, a todos, sen distinción de razas, relixións, culturas ou calquera outra cualificación que aquí queiramos engadir. Tódalas persoas do mundo enteiro (incluído calquera outro mundo descoñecido que poida aparecer no futuro, como o era no seu tempo por exemplo o continente americano), todas elas recibiron, recibimos, dun mesmo e único Deus, Pai de Xesús e de todos, o noso ser, a nosa vida, a nosa común irmandade con Xesús.

Xa que todos recibimos canto somos e temos deste único Deus, que se nos manifesta bondadoso e misericordioso en Xesús, entón a nosa actitude principal e primeira con Deus debería ser a de agradecemento. É o que tentamos facer nestas reunións comunitarias dos nosos domingos ó celebrarmos conxuntamente a eucaristía, que etimoloxicamente quere dicir –como tantas veces volo recordo- acción de grazas, agradecemento.

Ser agradecidos é sinal de madureza na vida. Ós nenos ou nenas non se lles pode pedir tal cousa porque eles están felizmente convencidos de que todo o que reciben dos demais é algo que simplemente se lles debe. Tanto os queren seus pais, os seus familiares e amigos. Mais paseniñamente irán dándose conta do grandiosa e misteriosa que é a vida, de que eles existen porque houbo alguén que quixo que vivisen, que medrasen, que fosen felices.

Nenos fomos todos nalgún momento da nosa vida. E como adultos que somos agora na idade e que tentamos selo igualmente tamén na fe, teriamos que amosar esta madureza nosa agradecéndolle a Deus ternos dado vida, tanto a que chamamos física ou biolóxica coma a que os teólogos chaman sobrenatural, a vida da graza, a vida da nosa relación filial con Deus e da nosa irmandade con todos.

Ó gafo curado, o único que expresa o seu agradecemento, dille Xesús: "Vaite. Salvoute a túa fe". Pois ben, para que Xesús faga honor ó significado que este nome ten de "Salvador", tennos que dar antes esa fe sobre a que Xesús nos di que ela nos salva. Non pensemos que a fe do gafo, loada por Xesús como causa da súa salvación, é unha fe que tirou o mesmo gafo desde o interior de si mesmo, desde as súas propias capacidades naturais. Non. Toda fe é un don de Deus. Igual cá curación da lepra que o gafo acaba de experimentar. Isto quere dicir, polo tanto, que o que Xesús chama "a *túa* fe" é sempre e ante todo a graza da fe que *Deus* mesmo pon por medio de Xesús nos nosos corazóns.

Por iso é bo volvermos hoxe formular conxuntamente a súplica do anterior domingo. Pois só se acadamos o que nela pedimos, poderemos comportarnos agradecidamente con Deus. É a mesma petición que os apóstolos lle facían a Xesús: "Señor, auméntanos a fe".

DOMINGO XXIX ODINARIO

Ora e traballa

Máis dunha volta se alude no evanxeo de Lucas á importancia da oración e ás escenas correspondentes nas que el presenta Xesús retirándose ó monte a orar, para falar co seu Pai-Deus e pai noso tamén. Xesús era o "benquerido", o infinitamente querido polo Pai e en ningún outro sitio –se podemos falar así- se atoparía el máis a gusto ca con el, conversando co seu Pai Deus. Por outra parte, a vida interior de Xesús tiña que ser necesariamente algo así coma un intenso fervedoiro de vida e paixón intensa ante a tarefa de redención e salvación ou liberación da humanidade que o Pai lle encomendara. Algo que nos resulta totalmente imposíbel de imaxinar. Nese sentido a súa forza ou a súa fonte reconfortante era o Pai Deus.

En relación co texto de hoxe, nos escritos do especialista bíblico e compañeiro xesuíta José Luis Sicre atopei ideas e datos que me resultan ben axeitados para o comentario de hoxe. A eles vou referirme a continuación. Dinos el que os cristiáns ós que Lucas dirixiu o seu evanxeo non tiñan moito costume de rezar, posibelmente porque a meirande parte deles se converteran recentemente do paganismo, "igual ca moitos cristiáns actuais –comenta el- que só se lembran de Santa Bárbara canda hai tronada". A iso se debería a frecuencia coa que Lucas se refire no seu evanxeo a moi diversos tipos de oración realizada por diversos personaxes bíblicos relevantes e de maneira especial, exemplar e eminente polo propio Xesús.

Polo que parece, a comunidade á que Lucas se dirixía vivía angustiada, nunha "crise moi grave", que se podería ver en conexión co que a parábola de hoxe pon en boca de Xesús ó el nos falar dos "seus elixidos, que claman día e noite".

Para unha certa comprensión da situación anímica daqueles cristiáns, que podería asemellarse á de determinados grupos cristiáns ameazados e perseguidos tamén hoxe en día (nas zonas de guerra en África, por exemplo), cumpriría ter en conta que Lucas escribiu o seu evanxeo entre os anos 80 e 90 do século I e que foi precisamente no ano 81 cando subiu ó trono o emperador Domiciano. Este emperador romano perseguiu duramente os cristiáns tras promulgar a súa lei de que "ningún cristián, unha vez traído ante un tribunal, quedase exento de castigo se non renunciaba á súa relixión".

Pois ben, a parábola de Lucas acáelle ben a un contexto coma este de persecución dos cristiáns, que en consecuencia claman xustiza "día e noite". Trátase neste sentido dunha parábola, como se nos di no comezo do texto de Lucas, "verbo da necesidade de orar sempre, sen cansar".

O contraste entre a fachendosa e prepotente figura do xuíz desprezador tanto de Deus como das persoas humanas e a outra humilde mais teimuda figura da viúva que lle reclama xustiza é moi instrutivo para un cristián consciente da súa fe nun Deus todopoderoso, que ademais é Pai, verdadeiro pai agarimoso. O modo de a viúva pobre se relacionar, día tras día e durante moito tempo, co xuíz ou mandatario inxusto, reclamándolle xustiza, viña ser algo semellante ó que hoxe en día ocorre nos que chaman "escraches", cos que os prexudicados protestan publicamente en contra dos prexuízos que lles ocasionaron determinadas persoas ou institucións.

Se no caso do xuíz inxusto accede este por puro cansazo e fastío ás demandas que se lle formulan, no caso da oración que lle diriximos a Deus Pai trátase de algo moi distinto. Pois el é o Pai que nos quere, como quere en primeiro lugar o seu fillo Xesús,

por máis que permitise que este seu fillo benquerido pasase por moitas e duras angustias vitais antes de lle facer finalmente "xustiza a tempo", como se nos di no texto de Lucas.

Por todo isto, a oración ten que ser durante toda a nosa vida non só lene brisa que nos refrixera nun momento concreto e pasaxeiro, senón unha verdadeira "necesidade" persoal e comunitaria, coma a do aire que precisamos respirar, pois énos imprescindíbel para mantérmonos vivos. Unha necesidade, unha actitude continua e constante nosa, ben conscientes de que non podemos prescindir de Deus e de que el endexamais nos deixará abandonados.

A oración procede da nosa fe en Deus e dános ó tempo confianza nel, empuxándonos a practicar e loitar pola xustiza, ó revés de como se comportaba o xuíz inxusto. Porque a oración ha ir sempre acompañada, como ocorreu no caso de Xesús, pola acción a prol da xustiza, por unha actitude de proximidade ós pobres e necesitados e crítica ó tempo cos poderosos e "xuíces inxustos" que non se preocupan senón pola súa particular comodidade e interese.

Ben o formula dalgunha maneira o coñecido refrán de "a Deus rogando e co mazo dando". Polo tanto, orar e mais actuar. Ou, como di o lema de San Bieito, "ora et labora", "ora e traballa". Unión orante con Deus e exercicio concreto de evanxelización, anuncio da "boa nova" de Xesús. Esa foi a práctica de Xesús e así deberiamos comportarnos tamén nós. Traballarmos nós, mais conscientes ó mesmo tempo de que neste noso traballo está a traballar tamén Deus connosco. Tal como o formulou Santo Ignacio de Loiola, "facer as cousas como se todo dependese de nós e confiarlle a Deus o resultado coma se todo dependese del". Son algo así como esas dúas alas coas que as aves do ceo saben voar seguras. Se teimamos en voar cunha soa desas alas, daremos inútiles voltas sobre nós mesmos para caermos logo contra o chan.

Na Lectura do Antigo Testamento vimos como os israelitas tiñan éxito na batalla contra os amalecitas cando Xosué loitaba coa espada e, ó tempo, o xa velliño Moisés erguía as mans, en sinal de oración, cara ó ceo pedindo a vitoria. O traballo bélico e a oración residían aquí, como vedes, en persoas distintas. A oración resultaba ser tamén neste caso eficaz, aínda que o experto bíblico Sicre non deixe de sinalar, algo ironicamente, que "a idea de usar a oración para matar amalecitas non parece a máis evanxélica". Algo semellante ó que facía Moisés, aínda que por outra parte moi distinto, é o que se indica no que os xesuítas chamamos o noso "Catálogo" anual, un rexistro onde figuran os nomes e mailas actividades dos que residimos nas diversas casas. Nel aparecen tamén compañeiros maiores ou enfermos que non están en condicións de exercer actividades directamente evanxelizadoras. Con todo, ó lado do seu nome figura esta pequena frase: "Ora pola Igrexa e pola Compañía". É dicir: ora ou reza por cantos na Igrexa ou na Compañía están aínda en situación de poderen exercer algún tipo de actividade exterior, anunciando dunha ou doutra forma a "boa nova" de Xesús. Son orantes "puros" e, xa que logo, moi meritorios.

DOMINGO XXX ORDINARIO

Fachenda con pés de arxila

Outra fermosa parábola de Xesús a de hoxe, unha vez máis referida por Lucas e só Lucas, o infatigábel compañeiro do apóstolo Paulo. Graciñas, pois, de novo a Lucas por este galano que nos fai para entendermos como ha ser o noso comportamento con Deus, o noso falar con el e mailo noso desafogar o noso corazón con el.

No anterior domingo expúñanos Lucas a parábola daquela teimuda muller que acadou que o xuíz inxusto se erguese por fin do leito para lle facer xustiza, pretendéndose con iso poñer suficientemente de relevo, tal como se comenta no texto, "a necesidade de orar sempre, sen cansar". A temática do domingo de hoxe é o modo como dirixirnos ó noso Pai Deus cando oramos, cando falamos con El.

O fondo da cuestión é acadar clara conciencia de quen somos nós e de quen é e como é o noso Deus. Xesús descúbrenos a Deus, ben o sabemos, como un Deus-Pai-Nai que nos quere, que nos ten agarimo, que nos leva consigo no colo. Non hai nena ou neno que se sintan máis felices e seguros que cando o pai ou a nai os levan no seu colo. Esa protección amorosa crea nos fillos confianza e fai tamén medrar neles a liberdade.

Ante este Deus-Pai-Nai, que é amor e poder infinitos, somos durante toda a nosa vida nenos pequenos. Mais isto non nos converte en temerosos, pusilánimes ou apoucados, senón ó revés. É precisamente dese modo como podemos arriscarnos ante as dificultades, loitar por espallar o ben, crear fraternidade e outras moitas cousas boas máis. Por que? Pois porque ese Deus amoroso está sempre connosco. Ou mellor, porque nós estamos sempre con el, sostidos por el, guiados por el.

Podemos así entender bastante ben por que Xesús, na parábola de hoxe, non lle ten boa lei ó fariseo no seu particular modo de proceder. O fariseo, efectivamente, ó se dirixir a Deus, non se comporta con el coma un fillo cun pai-nai que o quere e que o está a soster en todo intre en canto está a facer. O fariseo (ou calquera de nós se nos comportamos ó seu xeito) só se apoia en si mesmo, nos seus presuntos méritos, na súa suposta valía, no seu fiel cumprimento ata das minucias máis pequenas da lei, na súa loada e ben vista competencia nos complicados asuntos das prescricións legais. Diriamos que o fariseo é un convencido de ser un especialista sobre Deus, sobre o que el quere e ordena. Por iso ten el clara conciencia de ser distinto dos demais, de ser máis ca todos eles. É xustamente por iso polo que fachendosamente, desde o interior de si mesmo e nada máis que de si mesmo, lle dá grazas a Deus dicindo: "Douche grazas porque non son coma os demais". Pois estes, os demais, non son para el máis que a borralla, o lixo do mundo. Eles non fan máis ca contaminar e deshonrar a suprema dignidade de Deus e o modo puro de proceder de xentes sabias e acrisoladamente relixiosas coma el mesmo, o fariseo.

Como é doado ver, o fariseo (e calquera que se deixe atrapar por ese modo de verse a si mesmo e de ver os demais) está totalmente cego para ollar o interior das persoas, o corazón. Tanto para afondar no seu propio corazón coma no do humilde recadador de impostos, que non lonxe del, no mesmo templo, non fai máis ca petar no peito, pedíndolle a Deus compaixón polo seu mal comportamento. O contrapunto do fariseo, é dicir, o recadador de impostos non é, oficial ou publicamente, senón un pecador máis dos moitos que andan por aí adiante e ós que o presuntamente especialista en Deus, o fariseo, non se achegará máis ca para tomar renovada conciencia da súa propia grandeza e da súa presunta diferenza respecto deles.

Falando de diferenzas, para Xesús hai evidentemente unha gran diferenza entre eles. Só que esa diferenza está decididamente a favor do recadador de impostos. Por que? Pola mesma razón pola que a Xesús, é dicir, a aquel do que si podemos dicir que é verdadeiramente especialista en Deus, non lle vai o comportamento do fariseo. Porque o fariseo, na súa relación con Deus, non fai máis ca presentarlle a el, na súa deturpada oración, o seu supostamente meritorio *curriculum vitae*, a súa presuntamente excelente folla de servizos. O recadador de impostos en cambio non ten nada diso, mais apóiase

por iso mesmo no Deus que todo o sostén, no Deus do que sabe e sente que é compasivo e misericordioso.

Resulta que aí está precisamente a cerna, o núcleo, da mensaxe do texto de Lucas: que Deus está por enriba de leis, normas ou condenas; Deus é, ante todo, un Deus liberador, non condenador; un Deus que ofrece confianza, amor e compaixón, de maneira especial a aqueles que máis o precisan, é dicir, ós pobres, ós política, social ou relixiosamente marxinados . O recadador de impostos, a pesar do seu cargo ou máis ben precisamente debido a iso, era na sociedade xudía do seu tempo, un mal visto, un marxinado tanto política como relixiosamente. Por iso as preferencias de Xesús van dirixidas cara a el e non cara ós supostamente máis relixiosos.

Compréndese tamén ben, neste contexto, por que o papa Francisco non ten problema ningún en se recoñecer ante todos como "pecador", igual có recadador de impostos dos tempos de Xesús. Nunha ampla entrevista que se publicou hai pouco dicía o papa Francisco textualmente: "Eu son un pecador. Esa é a definición máis exacta. E non o digo como unha forma figurativa de falar ou como xénero literario".

Recoñecérmonos, pois, como pecadores ante Deus e ante os demais significa colocarnos ó lado dese recadador de impostos que recibiu os parabéns de Xesús fronte ó fariseo. Porque este recoñecemento de si mesmo como "pecador" é, paradoxalmente, o sinal máis claro de que, ó dicilo e sentilo así de verdade ante Deus e ante os demais, deixamos por iso mesmo de selo. Pois ese recoñecemento conmove o corazón do noso Pai-Nai-Deus e convértenos automaticamente en xustos, en reconciliadas ou reconciliados con Deus. Así nolo dá a entender claramente a parábola de hoxe ó rematar deste xeito: "Asegúrovos que este (é dicir, o recadador de impostos) baixou reconciliado con Deus para a súa casa e, en cambio, o outro non".

Ó comezo das nosas eucaristías proclamamos conxuntamente: "Eu confésome pecador diante de Deus omnipotente e tamén diante de vós meus irmáns. Pois teño pecado moito, etc...". Á luz da parábola de hoxe, vemos ben que esa é realmente a mellor maneira de prepararmos o noso corazón para o encontro eucarístico con el, co Deus que se rebaixou a si mesmo no seu fillo Xesús, converténdoo deste xeito en amigo e irmán de pobres e pecadores.

DOMINGO XXXI ORDINARIO

Dende o balcón da figueira

Hai na liturxia de hoxe un notábel contraste e, tamén, axeitado complemento entre a Primeira Lectura e o texto do evanxeo, no que o protagonista é alguén chamado Zaqueo. No libro da Sabedoría fálasenos da grandeza de Deus e no evanxeo do seu rebaixarse en Xesús ata conversar de igual a igual cos pecadores, parando cas deles, cousa que resultaba inconcibíbel nas categorías sociais e relixiosas daquel tempo .

Mais case máis importante có detérmonos neste contraste entre ámbolos dous textos é ver como Deus mantén tamén en realidade ese seu modo de ser en relación coa grandeza do universo material e na súa relación coas persoas. Nun caso e noutro amósase el sempre grande, magnánimo, sorprendente.

Vexamos. No Libro da Sabedoría hai conciencia de que no universo se expresa dalgunha maneira o mesmo Deus. Mais, sen que isto se negue, amósase este mesmo Deus como incomparabelmente meirande có universo, por grande que este sexa: "o

universo todo, de fronte túa –dísenos neste libro do Antigo Testamento- é como un lixo na balanza e como pinga de orballo da alborada caendo sobre a terra".

Isto segue a ser válido nos nosos tempos por máis que hoxe en día saibamos moito máis sobre a grandeza do universo que cando se escribiu o Libro da Sabedoría. Actualmente fálannos os astrónomos e astrofísicos de miles de millóns de galaxias existentes no noso universo e da posibilidade incluso de que existan outros universos iguais ó noso ou moito máis extensos, incluso innumerábeis.

Podemos pensar que esta excelsitude divina, reflectida na grandeza do universo, é precisamente a que fai que sexa Deus tan dadivoso e magnánimo en tódalas súas criaturas. Por iso non lle vai a Deus ser envexoso, resentido, "malo". Á fin e ó cabo, todo vén del. Desde as minúsculas partículas elementais da materia ata as galaxias máis descomunais. Todo procede del e el quere e ama, polo tanto, tódalas cousas.

É isto o que se deduce de moitas expresións deste Libro da Sabedoría. Velaquí algunhas: "compadecícheste de todo, pois todo o podes"; "todo o perdoas porque todo é teu, Señor, amigo da vida; pois o teu sopro incorruptíbel mora en tódalas cousas"; "amas tódolos seres e non rexeitas nada do que fixeches".

Deus e, polo tanto, bondadoso, magnánimo, porque a súa creación, e nós nela, procedemos del e nel estamos ("nel vivimos, nos movemos e estamos") ou, como se di no Libro da Sabedoría, el está en nós ("o seu sopro inmortal está en todo").

Agora ben, é esta mesma grandeza de Deus a que se vai amosar tamén no encontro de Xesús, imaxe humana de Deus Pai-Nai, con Zaqueo, tal como nolo describe Lucas no seu relato de hoxe.

Polo que alí se nos di, Zaqueo era "pequeneiro" de talle, mais grande en desexos e anceios. Buscaba con teima a felicidade e chegou por iso a ser "moi rico" (tal como se nos di), posibelmente a costa tamén doutros que, de cando en vez polo menos, el asoballaba. Mais a sona de Xesús, un personaxe singular, que non dispuña de riquezas materiais mais que facía felices a cantos o seguían, inquietábao. Correu, pois, e subiuse a unha figueira coa idea de se pór así a tiro da ollada de Xesús, que por alí ía pasar.

Zaqueo non sospeitaba nin era consciente de que en realidade e de verdade era o propio Xesús o que lle estaba a dar forzas e presteza, ó seu corpo e ós seus pés, para correr e apulitar figueira arriba. E iso que Zaqueo tiña que saber moi ben que as pólas das figueiras eran perigosas, pois non se deixan domear coma as doutras árbores, senón que rompen de súpeto cando un menos o pensa. "Coidadiño coas pólas da figueira, que vos son moi falsas", dicíanos miña nai ós seus fillos pequenos cando subiamos á nosa frondosa figueira, pegada á parede da casa, para paparmos algún figo que se nos puxese ó alcance da man.

Mais Zaqueo non sube agora á figueira a por figos, porque el, como rico que era, dispuña de abondosos alimentos na súa casa e na súa mesa para non ter que andar buscándoos entre as follas dunha humilde e xenerosa figueira. El quere ver Xesús. El vai ver Xesús. Non por curiosidade, non. Ocorría que a persoa de Xesús estaba hai tempo movéndolle o corazón, aínda que Zaqueo non fose capaz de se dar suficientemente conta do que lle estaba a pasar... Como era Xesús quen levaba a iniciativa neste encontro salvador, sen que Zaqueo se puidese decatar ben diso, a sorpresa de Zaqueo tivo que ser maiúscula cando de súpeto escoita que Xesús se "autoinvita" a comer na súa casa: "Zaqueo, baixa, que hoxe teño que comer na túa casa"...

Unha vez máis temos aquí o xantar compartido como símbolo da íntima e igualitaria relación, persoal e comunitaria, de Deus, do Deus de Xesús, connosco e de nós con el. Non o esquezamos: é sempre Deus, o Deus de Xesús, quen convida. Nunca somos nós os que o convidamos a el. Só temos, pola nosa parte, que poñermos a tiro

del, por máis que mesmo nisto (neste "poñérmonos a tiro") sexa el tamén quen tira de nós.

Zaqueo acada así unha viva experiencia da grandeza, da bondade, da xenerosidade do Deus de Xesús ó se atopar deste modo, inesperadamente, man a man con el na súa casa. Unha experiencia semellante non pode menos de transformar Zaqueo. De rico, explotador ou asoballante pasa a sentir os demais como iguais a si mesmo en canto fillos dun mesmo pai: "darei a metade de canto teño ós pobres e, se roubei a alguén, devolvereille catro veces máis". En adiante, Zaqueo será menos rico en cousas das que presumir ou fachendear, mais terá un tesouro infinito: a riqueza dun Deus que se fai amigo del en Xesús e a plenitude que proporciona a irmandade coas persoas coas que convive e coas que comparte agora os seus bens. Esas persoas deixan xa de se sentir agora asoballados por el e acadan a dignidade de irmáns seus, cos que se comporta fraternalmente.

Amósase así nidiamente unha vez máis a vertente social da mensaxe de Xesús, tal como Lucas a percibiu. Isto é válido e importante nas celebracións eucarísticas. Significativamente e xusto pouco antes de recibirmos a comuñón eucarística dicimos nós: "eu non son merecente de que entres no meu fogar...". Tampouco Zaqueo era "merecente" de que Xesús parase no seu fogar, na súa casa, e así o pensaría seguramente el tamén tras escoitar desde as pólas da a figueira as palabras de Xesús. Mais nesta nosa relación con Deus non teñen cabida algunha os chamados "méritos" propios, pois un nunca os pode ter desde si mesmo. Aquí só campa a gratuíta e xenerosa iniciativa de Xesús, que busca a nosa felicidade e plenitude.

DOMINGO XXXII ORDINARIO

Vivir sempre

O contido básico da primeira lectura do Antigo Testamento xunto co núcleo do texto do evanxeo convídannos a renovarnos na nosa fe na Resurrección. Nesta nosa resurrección que é consecuencia inmediata da de Xesús, Fillo de Deus e irmán maior noso, e pertencente á nosa propia estirpe humana.

No libro dos Macabeos vai aparecendo xa a fe na Resurrección *en relación* co feito fundamental de que Deus *fixo todo da nada*. Se Deus é capaz de crear todo, terá igual poder tamén para refacer o que desaparece coa morte, sobre todo cando esa morte é indebida ou *inxusta*, tal coma proclama un dos sete irmáns ante os seus torturadores. "*De Deus recibín este meus membros...; espero recibilos del novamente*".

É esta fe na resurrección futura a que lles dá azos e esperanza ós mártires macabeos. Pódese aceptar a morte con tranquilidade "cando –tal como dirá pola súa parte o cuarto dos irmáns- se espera resucitar para a vida".

Mais esta nacente ou xerminal conciencia da resurrección, que se albisca xa dalgún modo nos tempos do Antigo Testamento, vai acadar novo pulo co Novo Testamento, coa presenza, o actuar e a clara mensaxe de Xesús. Segundo a mensaxe de Xesús, a nosa vida vaise transformando continuamente, de maneira máis rechamante coa nosa morte, mais esa nosa vida non cesa, non rematará endexamais. Cando Deus nos fai partícipes da súa propia vida, dánola á súa grandiosa maneira, é dicir, xenerosamente, podendo dicir que nola dá sen data de caducidade.

Vemos no relato do evanxeo como, fronte ós saduceos (que, á diferenza dos fariseos, non crían na resurrección dos mortos), Xesús sostén decididamente a

resurrección dos mortos. En contraste cun certo comportamento ou modo de pensar que podería quedar reducido a un simple e ambiguo sentimentalismo en relación cos defuntos, Xesús dinos claramente: "*Deus non é un Deus de mortos, senón de vivos. Para el todos están vivos*".

En moitas culturas, tamén e de maneira especial na nosa galega, os ritos e lembranzas en relación cos defuntos teñen moita presenza pública e de moi diversas maneiras. Hai poucos días aínda, co comezo mesmo deste mes de santos, familiares ou amigos dos nosos defuntos acudían con flores a visitalos, honralos e lembralos.

Fronte a este comprensíbel e normal comportamento, a actitude de Xesús en relación cos defuntos, cos que xa nos deixaron, non se parece moito a este modo noso de proceder. Isto débese a que Xesús se presenta ante nós xustamente como o anunciador e proclamador da vida, desa vida que Deus nos dá e que non nos vai retirar nunca máis. En consecuencia, para o Deus anunciado por Xesús os mortos en realidade non son tales. Para Deus non hai, pois, mortos, senón que -tal como se nos di no texto de Lucas- para el "todos están vivos". Os que vivimos porque estamos vivos, e os que nos deixaron porque están a vivir ou seguen a estar vivos dunha forma distinta, mais real, por inconcibíbel que isto sexa para nós. "Deixade que os mortos enterren os seus mortos", proclamaba tamén Xesús noutro contexto, intentando alí pór de relevo a importancia e a urxencia do anuncio da vida.

En realidade, se Deus é un Deus vivo, que existe e vive desde sempre e vivirá para sempre e que é o facedor da nosa vida, entón a que normalmente entendemos por morte non ten propiamente que ver con el. Por iso a morte, co peso e a carga que nós lle adoitamos dar, non ten para Xesús tal categoría. En consecuencia, e en última instancia, a morte, a nosa morte, non pode ser senón un episodio transitorio (por estraño, doloroso e sorprendente que sexa) no interior dun proceso que está totalmente mergullado na vida, nese mar infinito de vida, que é Deus mesmo, en quen –como nos di o Apóstolo Paulo- nós mesmos "vivimos, nos movemos e existimos".

Entendida deste xeito a morte, cómpre aínda engadir que pola nosa parte estariamos de feito a crer nun "Deus do mortos" (nun deus rexeitado por Xesús) cando non anunciamos a vida e traballamos por ela en tódalas súas formas; cando non procuramos o ben, o progreso, a xustiza, a misericordia; cando non loitamos a prol de que todos sexan respectados nos seus dereitos; cando non damos alento ós que o demandan e esperan de nós; cando non lles ofrecemos ós demais a posibilidade de participar no gran don recibido de Deus, a nosa fe, esperanza e caridade; cando nos pechamos nos nosos particulares intereses e egoísmos, coidando que así conservaremos máis a nosa vida, sendo así que a vida propia é máis vida cando dela facemos participar os demais... Da mesma maneira que o lume é máis lume canto máis se comunica e se estende.

Mais ***por que*** Deus non é un Deus de mortos, senón de vivos? Por que *"para Deus todos están vivos*"? A resposta, paréceme, podería ser esta: PORQUE DEUS É AMOR (tal como repetía Xoán), PORQUE DEUS NOS QUERE, PORQUE DEUS NOS AMA, E DE VERDADE.

Neste sentido, escribiu algunha vez un gran pensador: "*Amar a alguén é dicirlle: ti non morrerás endexamais*". Todos temos algo de experiencia disto. E se non, pensade un momento nalgunha ou nalgún a quen queirades moito. Se no noso poder estivese, non permitiriamos en modo algún que esa persoa morrese. Pois ben, Deus *quérenos e ámanos* de verdade. Quere, en consecuencia, a nosa vida, e ten ademais *poder absoluto* para conservala e aumentala. Nisto radica en realidade a "resurrección" que Deus nos

anuncia e promete en Xesús. Porque Deus nos ama de verdade e porque ten poder para facernos vivir sempre, por iso pode resucitarnos e quere resucitarnos tras esa estraña, fonda e ardua transformación nosa que chamamos morte.

Porque, ademais, efectivamente, da nosa *propia* morte nin somos conscientes agora nin o seremos tampouco cando ela chegue. Xa o adiviñaron algúns antigos filósofos cando dicían que non é posíbel experimentar iso que chamamos morte, pois cando ela está –dicían- non estou eu e, cando estou eu, ela aínda non está. Sostiñan eles por iso que non deberiamos ter medo algún a encontrarnos coa morte, porque tal encontro non ocorrerá nunca. Total, que o noso é vivir, vivir sempre. Sobre todo se cremos, máis alá do que digan ou sospeiten os filósofos, na boa e alegre nova de Xesús: a resurrección.

Neste sentido, e finalmente, como toda Eucaristía é lembranza viva da Resurrección de Xesús e polo tanto tamén da nosa, agradezámoslle a Deus Pai a vida que nos deu, que nos dá e que nos promete para sempre. E animémonos tamén a comunicar a todos esta gran "boa nova" que nos debería encher de alegría.

DOMINGO XXXIII ORDINARIO

Traballo creador

As palabras de Paulo na súa segunda carta ós Tesalonicenses (que imos comentar brevemente) son unha loa do "traballo", da necesidade de activar e realizar na vida normal as calidades e os dons que cada un de nós poidamos ter ó servizo da vinda a nós do reino de Deus. Todo isto ten que ver con aquela petición que Xesús nos aprendeu a dirixir ó noso Pai do ceo: "Veña a nós o teu reino". Tamén con aquela parábola tan coñecida do evanxeo que ten como cerna fundamental a de facer frutificar nas nosas vidas os talentos, poucos ou moitos, que cada quen teñamos recibido de Deus.

Pois ben, Paulo ponse a si mesmo como exemplo, ante os destinatarios da súa carta, de que ninguén debería dispensarse a si mesmo de traballar, se é que quere vivir e comer o seu pan sen remordementos. Por máis que por outros títulos, como o de ser mensaxeiro e comunicador da boa nova de Xesús ante pobos e xentes, podería dalgunha maneira considerarse Paulo dispensado da común e xeral tarefa do traballo. Mais non. Dinos el mesmo que traballa esforzadamente noite e día para non ser carga para ninguén. Tendo en conta, como digo, que Paulo estaba ó tempo a realizar un grande esforzo persoal na tarefa do anuncio do evanxeo a persoas e comunidades.

Hai tamén na carta de Paulo unha crítica en liña coa que adoitamos dirixir contra aqueles que -como adoitamos dicir- nin fan nin deixan facer. Tampouco Paulo ve con bos ollos os que, tal como di, "por riba de non traballaren nada, se entremeten nas cousas dos demais". Se na oración do "Noso Pai" lle pedimos a Deus Pai que nos dea "o noso pan de cada día", iso quere dicir tamén que "cada día" teremos que traballar tamén para que o pan non chegue á nosa boca sen o noso traballo. Paulo é ben claro: "o que non queira traballar, que tampouco coma".

A expresión "cada día" ten a súa importancia. O que Paulo quere é que vivamos intensamente o tempo presente, traballando e actuando para non sermos indignos do pan que cada día necesitamos e que doutro xeito llelo roubariamos dalgunha maneira a cantos o merecen e precisan máis ca nós. Paulo rexeita neste sentido dedicármonos a simples divagacións sobre o futuro, un tempo que está lonxe do aquí e agora e que polo tanto non está nas nosas mans. Descoidamos así a obriga de realizarmos na nosa vida a parte do traballo que nos toca facer, segundo as forzas e posibilidades de cadaquén.

Agora ben, o traballo propio é para Paulo unha actividade que está en relación directa co ben dos demais, coa xustiza. Pois quen non traballa vive e come en realidade, aínda que non o crea, a custa dos demais. Aprovéitase de feito, directa ou indirectamente, do traballo dos outros. Paulo dío sen contemplacións na súa carta: "*O que non queira traballar, que tampouco coma*". É preciso "*traballar con acougo para comer o propio pan*".

Esta é a maneira de completarmos no mundo a obra que Deus comezou e da que el quere que sexamos continuadores. O Deus "creador" fíxonos a nós, en canto creados á imaxe e semellanza del, en certo modo tamén "creadores". De xeito que podemos dicir con verdade que fomos "creados", mais tamén que somos *"co-creadores"*.

As cousas e as persoas que Deus creou e continúa a soster na súa existencia foron, polo tanto, feitas de tal maneira que precisan completarse a si mesmas co traballo, coa dedicación e co agarimo de todos. Por iso tampouco nacemos totalmente feitos, adultos, acabados, senón cativos e necesitados da axuda e do colo quente de pais e nais ou de calquera que nos queira aloumiñar.

Quizais esteades, porén, a pensar que, polo menos nos tempos ben aireados e comentados de crise económica global, o problema non consiste tanto -tal como á primeira vista semella desprenderse da carta de Paulo- en que a xente "non queira traballar", senón en que moitos non poden traballar, non atopan traballo aínda que o buscan. Así, non son poucos os que se ven na obriga de buscalo lonxe da súa terra, da súa familia ou do seu propio ámbito cultural. Emigrantes foron moitos da nosa terra en tempos pasados e volven selo non poucos de novo agora. Se o porto de Vigo, ben achegado a nós, presenciou mudo e impotente en tempos pasados moitas e dolorosas despedidas, hoxe –é verdade- fanse estas despedidas de maneira máis discreta e menos notoria ou pública en outros e diversos lugares; mais continúan a ser ben reais, aínda que non sexan normalmente tan tráxicas e crueis coma noutros tempos.

De tódolos xeitos, coido que Paulo segue aínda a ter razón hoxe en día. Porque, segundo as análises dos entendidos, moito da crise actual semella ter en boa parte a súa orixe en xentes poderosas que utilizan o diñeiro que co seu honrado traballo adquiriron outros, co fin de acadar para elas desproporcionados beneficios. E, se iso fose así, segue a ser actual para eles a sentencia de Paulo: "*O que non queira traballar, que tampouco coma*". Porque hai que recoñecer que o que tales xentes están a facer non é "traballar", senón xogar de maneira inxusta e irresponsábel co que é propiedade doutros.

Pois ben, se somos fillos dun mesmo Pai -tal como recitamos conxuntamente no "Noso Pai que estás no ceo"-, teremos que nos axudar uns a outros, consumindo menos e vivindo con sobriedade, para podermos así ter todos unha vida digna. Deberiamos tamén ocuparnos -individual, social e politicamente- de que a xustiza e a igualdade reinen no mundo enteiro, comezando polo pequeno mundo onde, aquí e agora, vivimos. Unha xustiza que non debería limitarse ás persoas, senón abranguer a creación toda, que deberiamos respectar e protexer como algo que foi confiado á nosa responsabilidade.

Só quero engadir finalmente que tanto a loanza que fai Paulo do "traballo" como a necesidade de "orar" sempre, da que tantas veces se nos fala no evanxeo, están ben sintetizadas no coñecido lema dos monxes bieitos: "Ora et labora" ("reza e traballa").

Loitemos, traballemos e oremos, pois, para que cada persoa poida acceder a un traballo digno e así poidamos todos converter en realidade aquilo que pregamos na nosa oración do "Noso Pai": "Dános hoxe o noso pan de cada día".

XESÚS CRISTO REI DO UNIVERSO

Rei distinto

Con esta celebración estamos á finalizar o ano litúrxico, antes de que comece o novo no próximo domingo, co inicio do Advento.

E remata o ano litúrxico cunha festa englobante, universalizadora: Xesús, Rei do universo. É dicir: rei de toda a creación, desde a máis humilde partícula da materia ata os cumios máis altos da humanidade e do espírito.

A realeza cómprelle a Xesús por ser el a verdadeira e fiel "imaxe do Deus invisíbel" (como nos di Paulo na súa carta ós Colosenses). En Xesús amósase toda a plenitude do poder e da grandeza do Pai, do seu Pai, que é tamén Pai noso grazas ó gratuíto don de concedérsenos ser fillos do mesmo Pai de Xesús. "Todo –dinos Paulo- foi creado por El e para El". É dicir, por Xesús e para Xesús.

Por iso, en momentos cruciais da súa vida (preto, por exemplo, da súa morte violenta), Xesús afirmará a súa realeza ante Pilato que lle pregunta expresamente sobre ela. "Eu son Rei –respóndelle Xesús-. Para isto nacín e para isto vin ó mundo, para ser testemuña da verdade". E incluso o título de "rei" figurará no letreiro sobre a cruz na que foi crucificado: "Xesús Nazareno, rei dos xudeus". Un título que os xudeus rexeitaban, pois para eles era iso xustamente aquilo do que o acusaban, mais que se converteu coa morte e resurrección de Xesús en título universal: Xesús rei, non só dos xudeus, senón de toda a humanidade, de todo o universo.

Naturalmente, a realeza de Xesús Cristo é moi distinta das realezas humanas. Por iso a Xesús non lle gustaba que, aínda séndoo en realidade, o considerasen rei ou o tratasen como tal. Fuxía, como sabemos, de calquera pretensión popular de o proclamaren rei. A súa mensaxe era, polo contrario, a dunha fraternidade universal, alicerzada non no poder (tal como fan os reis da terra), senón no servizo. Lembrarédesvos daquelas palabras súas: "Sabedes que os que figuran como xefes das nacións as asoballan e lles impoñen a súa autoridade. Non ha ser así entre vós. Ó contrario, entre vós o que queira facerse grande ha ser servidor voso, e o que queira ser primeiro ha ser servo de todos; porque tampouco o Fillo do Home veu para que o sirvan, senón para servir e para dar a súa vida en rescate por todos".

Por iso ante o aparente absoluto fracaso da súa misión nas horas previas á súa crucifixión ignominiosa, Xesús clarifica unha vez máis o sentido do seu reino así: "O meu reino non é deste mundo. Se o meu reino fose deste mundo, os meus oficiais terían loitado para que non fose entregado ós xudeus. Pero o meu reino non é de aquí".

Neste senso, o prefacio da eucaristía de hoxe descríbenos o reino de Xesús con estas palabras: "reino de verdade e de vida, reino de santidade e de graza, reino de xustiza, de amor e de paz". Xesús foi así rei vital, rei santo, rei amoroso e pacífico desde o berce do Nadal ata a cruz do venres santo. Os reis magos preguntaban xa en Xerusalén polo "rei dos xudeus" que acababa de nacer. E este título acompañarao ata a súa morte. Un rei, polo tanto, distinto, que nace entre pobres e que morre entre dous axustizados. E, porén, é verdadeiro rei, tal como ben o saben representar certas imaxes románicas de Cristo crucificado coa coroa de rei sobre a súa cabeza.

Os reis actuais non dispoñen xa, polo menos nas nosas democracias occidentais, do seu antigo poder. De aquí vén aquilo de que "o rei reina, mais non goberna". Con todo, de Xesús podemos dicir con verdade non só que é rei e que "reina", senón que tamén "goberna", aínda que de xeito moi distinto, claro está, que os gobernantes deste mundo. Xesús, pola forza do seu Espírito -o Espírito Santo que nos mandou en Pentecoste- é, si, "distinto" dos demais reis, pero non "distante", porque por medio del habita no máis íntimo de nós mesmos, axudándonos, fortalecéndonos, consolándonos,

amándonos. E isto si que é verdadeiro, fondo e íntimo “goberno”, un goberno baseado non no poder ameazador, senón na suavidade dese seu amor que se nos manifesta no máis íntimo das nosa conciencias.

Por iso -a diferenza dos reis dos que se di que “reinan mais non gobernan” e que están por dicilo así recluídos nos seus pazos reais- o Xesús Cristo, Rei do universo, “goberna” realmente a nosa existencia toda, participa intimamente da nosa vida, facéndonos tamén polo tanto a cada un de nós partícipes da súa propia vida. Hai entre nós e el unha verdadeira comuñón. Unha comuñón que é vida, experiencia, consolo e fraternidade con el e con tódalas persoas coas que nos atopemos na vida.

Con este Rei próximo, amigo e irmán, podemos polo tanto tamén falar. Así o fixo o chamado “bo ladrón” –tal como se nos di no relato de Lucas do evanxeo de hoxe- cando ámbolos dous sufrían en carne viva a tortura da cruz antes de morreren: “Lémbrate de min cando chegues ó teu reino”.

O Xesús Rei, amigo e irmán, non só lle promete ó seu compañeiro de dores unha “lembranza”, senón que –alén desa humilde petición de lembranza- lle promete, lle dá –e ademais “hoxe” mesmo- o paraíso de seu Reino, o Reino dos Ceos: “Hoxe estarás comigo no Paraíso”.

Fermosa escena esta onde o Xesús sufrinte non deixa de exercer e practicar cos demais a “misericordia” ata o derradeiro momento da súa vida sen pensar nos seus propios problemas, nas súas propia dores na cruz. Bela, conmovedora e reveladora escena. Pois nela manifesta Xesús a súa verdadeira face rexia. El é verdadeiro Rei porque exerce a bondade a a misericordia con todos e rexeita, ata o mesmo intre da súa inxusta morte, calquera forma de violencia.

Un Rei así non podemos menos de querelo e desexalo. Estamos todos chamados, coa forza do Espírito de Xesús, a construírmos con el este reino.

SANTA MARÍA NAI DE DEUS

(1 de xaneiro)

Aninovo, vida nova

Cansados como estabamos ata as doce da noite pasada co ano vello e cheo de días que levabamos ó lombo, agora seguramente andaremos máis lixeiros co pequerrecho ano que levamos no colo e que ten un número novo.

Si. Todos temos, dunha forma ou doutra, esa experiencia do tempo que pasa e que vai pasando connosco. Se non houbese anos que contar, noite vella e aninovo, abrentes e solpores, noites e días, resultaríanos menos doado dármonos conta do paso do tempo.

Moitos filósofos, pensadores, físicos teóricos, etc. intentaron e intentan saber en que consiste realmente o tempo. O malo é que nós estamos tan identificados con el que nos resulta difícil velo, coma quen di, fóra ou diante nosa, a unha certa distancia, para podérmolo contemplar así en si mesmo se é que tal cousa for posíbel.

Dicimos que Deus vive na súa propia eternidade e que nós vivimos no tempo. O caso é que este Deus que chamamos intemporal se fixo, no seu Fillo Xesús do Nadal, temporal, ou sexa, metido no tempo. De maneira que, irmáns como somos de Xesús e participantes así da súa divindade (como nos di a propia liturxia), temos todos algo de temporais e algo de eternos. Somos persoas humanas e, coma tales, limitadas, mais tamén entendemos dalgunha maneira iso de sermos eternos e, ademais, querémolo ser. A quen non lle gustaría vivir cen, mil, un millón de anos, vivindo ademais, como se adoita dicir, cunha boa "calidade de vida", sen que parecese –por así dicilo- que o tempo pasa por un?

Con isto o que quero dicir é que, ó rematar un ano e dar comezo o novo, deberiamos darlle grazas a Deus por nos permitir asomarnos ó balcón soleado deste Aninovo, podendo así un ano máis ollar con esperanza cara ó futuro. Grazas e, tamén, pedirlle perdón porque hai moita contaminación no mundo para podermos chegar limpos de po e palla ata a fin de ano. Se o xusto peca sete veces, cantas máis veces non teremos pecado nós, que tampouco podemos fachendear de xustos, pois isto mesmo sería xa un pecado máis a engadir ós que xa temos....

Á altura deste comezo do Aninovo, é sempre bo tamén botarlle unha ollada ás tarefas, proxectos ou angueiras que se nos presentan ou poden presentar nel. Para vermos se están ou non en liña con aquilo que somos ou queremos ser. É moi posíbel que a todos nos conveña medrar aínda máis no senso da nosa común fraternidade, derivada de sermos e sentírmonos fillos dun mesmo Pai, do noso común Pai Deus.

Polo menos cara a isto parece apuntar a Segunda Lectura de hoxe, tomada da carta do apóstolo Paulo ós Gálatas. Dinos nela Paulo que Deus Pai nos mandou o seu Fillo, nado dunha muller, para deste xeito podérmonos converter en fillos "adoptivos" de Deus; e que por iso todos podemos invocar a Deus chamándoo "meu Pai!"; e que de aquí provén tamén o feito de que sexamos de verdade "herdeiros" das grandezas e riquezas de Deus Pai. "Por seres fillo –dinos a cada un de nós Paulo- es tamén, grazas a Deus, herdeiro".

A carta ós Gálatas de Paulo é unha grandiosa e persistente loa da “liberdade”. É bo lembralo a comezos de ano. Por moito que algúns pensen que os cristiáns estamos sometidos a un Deus ameazador, a verdade é que temos dereito e razóns para considerármonos ben libres. Libres no noso comportamento e na nosa relación con Deus e con todos. Dínolo Paulo de maneira clara nesta súa carta de hoxe: “Ti xa non es escravo, senón fillo”.

Por iso este día primeiro de ano é tamén o “Día Mundial da Paz”. E está claro que non pode haber “paz” onde hai asoballamento ou escravitude. Un cristián no debería endexamais aturar ser “escravo” de ningún Deus nin de ningunha persoa humana, sexa esta quen sexa. Deus fíxonos en Xesús libres e quérenos así.

Naturalmente, esta liberdade non é unha liberdade calquera. A liberdade cristiá é, de maneira paradoxal, a liberdade de quen libremente se fai “escravo” dos demais en servizo e amor a eles. Este tipo de “escravitude” si que é boa. Exerceuna o noso irmán maior, Xesús, durante toda a súa vida e de maneira simbólica lavándolles os pés ós seus discípulos na derradeira cea. É a liberdade dunha Teresa de Calcuta, que se fixo voluntariamente escrava de asoballados e desprezados, e a de tantas outras persoas (cristiáns ou non) que intentaron e intentan crear liberdade por onde queira que van facéndose libremente escravos dos demais.

No mundo pertencemos todos a unha mesma familia en canto fillos dun mesmo Pai Deus. Se o noso irmán maior Xesús non quixo nacer nunha casa normal, senón nunha corte, e morrer nunha cruz en vez de nun leito de rosas sería seguramente para que ningún desgraciado deste mundo despois del puidese dicir que Xesús non é seu irmán.

Deus quixo facerse en Xesús fillo dunha nai humana. Por iso celebramos hoxe tamén a festividade de Santa María, “Nai de Deus”. Parece imposíbel que se poida falar con verdade e case sen contradición dunha “Nai de Deus”. Mais para Deus, unha vez máis, “non hai imposíbeis”. Parécenos imposíbel que Deus se faga un ser humano coma nós en Xesús, e, a pesar de todo, ese é xustamente o “misterio” central da fe que profesamos.

Renovando coa graza de Deus a nosa fe nel, comecemos este Aninovo coa alegría do Espírito de Deus e a beizón do Pai e do Fillo. E, deste xeito, que a Santísima Trindade de Deus presida tódolos días deste novo ano, que desde hai só doce horas nos acompaña. E moitas felicidades tamén ós que celebrades hoxe o voso onomástico: ós que se chaman Xesús ou Xesusa, Manuela ou Manuel, Salvador, María, etc. etc.! Que o Deus Señor do tempo e da eternidade nos bendiga a todos!

DOMINGO II DESPOIS DE NADAL
Palabra calada

Próximos estás a hoxe o día fermoso e cheo de ilusións da entrañábel festa dos Reis Magos, a pouco de comezar o novo ano, e tamén a festividade de “Santa María Nai de Deus” co que sempre comezan os novos anos. Por todo isto procurarei hoxe ser algo máis breve, porque o que importa non é o moito oír e falar, aínda que se trate de temas tan importantes e instrutivos, senón o moito darlle voltas no noso interior, no noso corazón, ás grandezas que Deus fixo e segue a facer entre nós.

Temos que lle abrir a Deus Pai as portas do noso interior para que nos fale a todos por medio do seu Fillo, que é –tal como nos di Xoán no evanxeo de hoxe- a Palabra, a Palabra de Deus ó mundo, á humanidade toda.

Por medio desa palabra de Deus convertémonos en fillos de Deus, asemellándonos ó fillo benquerido de Deus, Xesús. Temos que ir aprendendo a concentrarnos naquilo que é o esencial, o máis fundamental, da mensaxe cristiá. Unha aprendizaxe que non pode ser só teórica, senón que ha ser sobre todo viva e práctica. Nestas festas que estamos a celebrar no tempo de Nadal hai moita fondura e misterio. É nelas onde aparece a nosa irmandade con Xesús e, en consecuencia, a nosa relación filial con Deus Pai. Esta é a estrutura básica da nosa fe. Ese foi e é desde sempre o misterioso proxecto de Deus Pai con todos nós.

Paulo dínolo na súa carta ós Efesios da segunda Lectura de hoxe. En Xesús, comenta el, estamos todos "benditos". Pois foi nel e "por medio" del, por medio de Xesús, cómo Deus Pai nos "escolleu" e "predestinou" a todos nós, "antes da creación do mundo", para "sermos fillos adoptivos seus". Isto é algo que ningún pensamento humano podería sospeitar desde si mesmo, se non nos fose revelado por medio de Xesús. Un Xesús que coñece a seu Pai Deus como fillo "benquerido", que se relaciona polo tanto con el de maneira intimamente familiar, única.

Como este Deus Pai é para nós absolutamente infinito e resúltanos, en consecuencia, totalmente imposíbel entendelo e comprendelo directamente, por iso se nos comunica a través do seu Fillo humanizado, feito home. A un neno, a un coma nós, si que os podemos en certa medida entender, porque participan da nosa común humanidade. É así como Xesús se converte na Palabra de Deus, sendo ó mesmo tempo, esta mesma Palabra, tan divina coma o Pai que a pronuncia, que a dirixe a nós. Por iso é tan fondo, tan sublime e -por estraño que poida parecer- tan doado tamén de entender o que se nos di neste, tan famoso, comezo do evanxeo de Xoán, que acabamos de proclamar e escoitar.

Xesús é a "palabra" de Deus Pai ó mundo. É Deus mesmo quen nos dirixe a súa palabra. Con iso quedamos automaticamente dignificados. Cando un grande, e non pode haber ninguén meirande ca Deus, lle dirixe a un a palabra, queda un ipso facto transformado. Entra un nunha relación insospeitada. Pasamos de ser un ninguén, unha nada, algo totalmente insignificante, á dignidade e grandeza de vérmonos convertidos en "fillos de Deus". Podemos dicir que nacemos de novo. Xoán dinos que "nacemos" así da "vontade de Deus". Ó nacermos deste xeito divino, recibimos –continúa a proclamar Xoán- "o poder de sermos fillos de Deus". Tal e como soa. Non desvaloricemos esta gran mensaxe cristiá: "fillos de Deus", adoptivos, mais verdadeiros, auténticos.

Por iso, esa gran mensaxe de Xesús como "Palabra" de Deus a nós que nos converte en fillos de Deus Pai, ten unha inconcibíbel capacidade vivificadora e iluminadora. Nesa palabra, dísenos no evanxeo de hoxe, está a "vida". Xesús diranos: "Eu son o camiño, a verdade e A VIDA". Unha vida que, ó mesmo tempo, é "luz dos homes", luz contra a que nada poden facer as tebras. "A Palabra –dinos Xoán- era a verdadeira luz que aluma a todo home que vén a este mundo". "Eu son –diranos Xesús- a LUZ do mundo". Xesús, palabra de Deus Pai ó mundo, é para Xoán ese novo sol que espalla vida, calor e luminosidade fronte a calquera clase de morte ou escuridade.

Por todo isto, Xesús como "palabra" non é unha palabra oca, baleira, abstracta. É, polo contrario, unha palabra con peso, con contido, con carne. "A Palabra fixose carne", dísenos no evanxeo de Xoán. Da mesma maneira que Deus Pai é en si mesmo plenitude, riqueza e realidade infinitas, así o é tamén a súa Palabra. Non podía ser ela doutra forma. Así, por Xesús podemos saber cómo é Deus. Este é o resumo e a

conclusión da reflexión de Xoán: “A Deus ninguén o viu; o Unixénito, que está no seo do Pai, foi quen nolo revelou”.

Deámoslle grazas a Deus por ter querido manifestársenos no seu fillo Xesús, aparecendo entre nós, como nos di tamén Xoán, “cheo de graza e de verdade”.

Xa para concluír, léovos un poema de *Merlo*: *Mer*cedes *Lo*sada Espinosa, filla de Antón Losada Diéguez, o gran cristián, galeguista e mestre de galeguistas. Mandoumo ela, escrito a man, como felicitación de Nadal:

Calémonos todos!

Naceu a PALABRA

e nace calada,

nun Neno sen fala.

PALABRA DIVINA

que queima e abrasa.

PALABRA que é fonte

do AMAR e da GRAZA.

Mirando a Deus Neno

o silencio fala,

e... di tantas cousas...!

Aínda sen ter son

fala ao corazón.

EPIFANÍA DO SEÑOR

(6 de xaneiro)

Galano de reis

A escena que tradicionalmente se nos pon á vista na festividade da Epifanía do Señor ten que ver con reis, estrelas e coa alegría dos agasallos de ouro, incenso e mirra que os reis magos lle ofrecen ó Neno Xesús.

Os versos cos que empeza un poema de Curros co gallo do traslado, no ano 1891, dos restos mortais de Rosalía de Castro desde o cemiterio de Adina ó templo de San Domingos de Bonaval de Santiago son estes: “Do mar pola orela / Mireina pasar, / Na fronte unha estrela, / No bico un cantar”. O poema remata deste xeito: “Ai, dos que levan na fronte unha estrela! / Ai, dos que levan no bico un cantar!”.

Estes versos poderían aplicarse tamén ós Reis Magos de Oriente, seguidores daquela estrela da que nos fala o evanxelista Mateo que lles daba luz a eles na súa busca da Verdade e da Vida. Unha busca que neles se concretaría no encontro agarimoso con Xesús, o Emmanuel, o “Deus connosco”. Levaban tamén os Reis Magos “na fronte unha estrela”. Estrela que os guiaba co seu resplandor. A estrela de Rosalía era o seu amor a Galicia e ás xentes pobres e postergadas do seu país, do noso país. Os Reis

Magos son tamén para nós un símbolo bendito de cantos, sexan humildes ou poderosos, se poñen en camiño para ofreceren os seus dons e o seu agarimo ós pobres e necesitados do mundo, dignamente representados polo Neno pobre e amoroso de Belén.

Porque é neles, nos pobres, onde se atopa Deus e onde quere el que aprendamos a atopalo. Lección que non nos resulta doada de aprender. Pois no Neno Xesús identifícase Deus cos pobres e humildes do mundo enteiro. É alí onde Deus quere ser servido, querido e agasallado. Non noutro lugar. Vede con que forza o papa Francisco se refería non hai moito ó lugar central que deberían ocupar os pobres no seo da Igrexa: "*Quero unha igrexa pobre para os pobres. Eles teñen moito que ensinarnos... É necesario que todos nos deixemos evanxelizar por eles. A nova evanxelización é un convite a recoñecer a forza salvadora das súas vidas e a poñelos no centro do camiño da Igrexa. Estamos chamados a descubrir a Cristo neles, a prestarlles a nosa voz nas súas causas, mais tamén a sermos amigos seus, a escoitalos, a interpretalos e a recoller a misteriosa sabedoría que Deus quere comunicarnos a través deles*".

Volvendo a vista ós Reis Magos, móstrannos eles no seu comportamento que é precisamente neste servizo ó próximo necesitado, representado na pobreza do Neno Xesús, onde se atopa a verdadeira grandeza de cantos dispoñen de bens e de riquezas. Eles son só verdadeiramente grandes e poderosos cando saben engrandecer e alegrar os que carecen de posibilidades para desenvolver con dignidade a súa vida.

Por outra parte, non pensemos que esta decisión, a dos Reis Magos ou tamén a nosa propia e particular decisión, foi ou é unha acción puramente persoal. É sempre o Deus que dirixe a historia e os acontecementos todos, aínda que sexa desde o humilde lugar dun presebe, o que de moi diversas maneiras suscita en todos, como tamén nos Reis Magos, bos pensamentos e desexos. El é sempre quen atrae cara ó ben, cara ó humilde servizo dos pobres e necesitados do mundo.

Segundo os versos de Curros, Rosalía, impulsada pola estrela que levaba na fronte, levaba tamén "no bico un cantar". O canto é expresión de fe nunha causa, a alegría dun modo de pensar, de actuar e de traballar que ensancha o espírito e lle dá azos ó camiñar de quen ceiba ó vento o seu canto. Sobre os Reis Magos dinos Mateo que, tralo seu encontro con Herodes, se lles volveu aparecer a estrela e que, ó ollala de novo, "sentiron unha grande alegría". Tamén deles podemos dicir que levaban "no bico un cantar".

Cos seus relatos de Nadal, os redactores destes acontecementos salvíficos sobre o Neno Xesús, están a ofrecernos, nunha linguaxe mitolóxica, unha mensaxe moi concreta que suscita e provoca alegría e esperanza. Temos aí diante un Deus salvador, un Deus Pai que se fai irmán de todos en Xesús. A fraternidade queda así instaurada no mundo como realidade e como fermoso e esperanzador proxecto a realizar.

Este anuncio ou este destino da humanidade son todo o contrario do comportamento dun Herodes preocupado pola posibilidade de que o anunciado "rei dos xudeus" o vaia desbancar do seu posto real, da súa privilexiada posición de poder. Porque cando un fai depender a súa vida do propio poder, da propia forza e da propia violencia, entón verase inevitabelmente tentado a recorrer a toda clase de trampas e artimañas para se manter no seu posto fronte a calquera que o poida desbancar del.

O tempo de Nadal é un tempo forte que convida a nos converter a novas categorías. É, ademais, un tempo litúrxico que contén unha mensaxe dirixida non só ós cristiáns, senón á humanidade enteira. Porque o verdadeiro templo de Xesús é o mundo e non o pequeno interior das nosas igrexas onde podemos contemplar as variadas

representacións do seu nacemento. No fin de contas, pagáns eran tamén os Reis Magos que camiñaron cara ó encontro do Neno Xesús para agasallalo cos seus regalos. Por iso, o xudeu Paulo, reconvertido en cristián, alude expresamente, na segunda Lectura, e con grande abraio, o gran "misterio" de que tamén "os xentís son parceiros, membros do mesmo corpo e copartícipes da promesa en Cristo Xesús polo Evanxeo".

Este Deus universal e concreto, aberto a todas e a cada unha das persoas de calquera espazo cultural, de calquera país, de calquera relixión ou de calquera tempo histórico, é o que os seguidores de Xesús temos que ofrecer con humildade, agradecemento e alegría a todos, se é que pretendemos sermos fieis ó noso Mestre.

Día de Reis é tradicionalmente un día de regalos e ilusións para moitos, sobre todo para os máis pequenos. Deberiamos desexar que tódolos días da nosa curta ou longa vida sexan, nalgunha medida, "Día de Reis" para cantos se atopen nalgún momento das súas vidas connosco, actuando deste xeito pola nosa parte como verdadeiros e esperados reis magos para os empobrecidos deste mundo.

PRESENTACIÓN DO SEÑOR

(2 de febreiro)

Candeas pra ver a Deus nos pobres

Cando a festa da "Presentación do Señor" cae como esta vez en domingo, podemos celebrala directamente coa solemnidade que se merece.

E ben. Como pode ocorrer con determinadas festas cristiás, tamén a festividade de hoxe está construída sobre outras celebracións máis antigas. Os que saben destas cousas fálannos dunha antiga "festa da luz" de celtas e romanos. No mes de febreiro era cando xa o inverno empezaba a espreguizarse para deixar paso á próxima primavera. A luz que ía pouco a pouco en aumento era xa a protagonista destas celebracións anteriores á era cristiá. Estabamos no limiar do paulatino fortalecemento do sol despois da súa estraña febleza no inverno.

En calquera caso, esta festa tivo tamén dentro xa da era cristiá diversas modificacións. No cristianismo oriental a festa celebrábase con presenza de luz e candeas como sinal e acompañamento do encontro do Neno Xesús no templo de Xerusalén con Deus, co seu Pai Deus. "De Oriente vén a luz", podemos dicir tamén aquí. De alí vén esta festa nosa relacionada coa luz e coas candeas, e por esa razón a chamabamos a festa da "Candeloria". Na igrexa bendicíanse as candeas. As mesmas que logo se usarían no día do xoves santo (da Semana Santa) ou que se lle porían na man a algún moribundo familiar para que lle resultase doado e bendito o seu paso á eternidade. Había procesión na igrexa nesta festa da Candeloria coas candeas acendidas; e acendidas se mantiñan tamén durante a celebración da eucaristía.

Antes tamén (e ó dicir "antes" estoume a referir agora a "antes" do Concilio Vaticano II, de non hai aínda moito tempo) esta festa chamábase a festa da "Purificación" da Nosa Señora, por aquilo (que xa por fin non se leva) de que as nais tiñan que "purificarse" algún tempo despois de daren a luz un neno ou unha nena.

Agora, polo tanto, nin festa da "Candeloria" nin da "Purificación" de María. Oficialmente é só a festa da "Presentación do Señor". Con esta nova denominación Xesús recupera o primeiro protagonismo oriental. María continúa loxicamente presente,

aínda que en segundo lugar, como nai de Xesús, que o leva no colo cando entran no templo de Xerusalén.

A verdade é que con Xesús como centro recuperamos de feito todo o que podía aparecer como algo oculto ou superado: a luz das candeas da "Candeloria" ou María que se purifica no templo de Xerusalén. Pois ben sabemos que Xesús é a "luz" do mundo, a luz que disipa as tebras e o lume purificador que nos limpa ou nos libera de calquera angustia de pecado e de todo ritualismo baleiro. Xesús é o que nos trae a "alegría do evanxeo", para utilizar o título da encíclica do papa Francisco. Por iso se alegraron tanto os velliños Simeón e Ana no templo de Xerusalén. Levaban moito tempo desexándoo e esperándoo e agora, case xa a punto de deixaren esta vida, teñen a sorte de recibiren o premio máis fermoso de todas as loterías..., Xesús, o Salvador, o esperado de tódalas nacións, alí está, diante deles, ó seu lado, no colo de súa nai. E incluso o poden tocar e coller tamén eles no colo.

Seguramente fan falta na vida moitos anos para chegarmos a poder ver e recoñecer a Deus entre os máis pobres e pequenos. E Deus aparece, preséntase (estamos a celebrar a súa "presentación") no seu fillo benquerido Xesús como algo moi paradoxal no solemne templo de Xerusalén. Pois Deus non está nas alturas ou no medio dos grandiosos himnos e sacrificios dun templo tan marabilloso como o de Xerusalén, senón alí: no medio e no centro desa familia pobre que entra humilde agora no templo para cumprir co estabelecido na lei.

Tanto Simeón coma Ana estaban contentos como nenos con zapatos novos ó descubriren no neno Xesús o Deus que salva, o Deus que está connosco. Só o puideron saber ou intuír porque con eles, con Simeón e con Ana, estaba o Espírito Santo, o Espírito de Deus. E que o Espírito Santo estaba con Simeón dínolo expresamente o propio evanxelista Lucas. E hai que supoñer que Ana, a velliña de oitenta e catro anos (moito para aqueles tempos) non sería menos en entrega a Deus que Simeón. Pois o mesmo Lucas nos di que Ana non se apartaba do templo nin de noite nin de día, servindo a Deus con xaxúns e oracións.

Vemos tamén así que para podermos ver a Deus alí onde quere que o atopemos, entre os pobres e marxinados cos que se identificou o seu fillo Xesús, fai falta estarmos unidos a Deus, unidos ó seu Espírito, como Simeón e Ana. Só así poderemos estar tamén unidos a Xesús, a aquel que salva e dá felicidade.

Decatámonos tamén así que nesta festa da Presentación do Señor os protagonistas son os pequenos, os nenos, representados polo neno Xesús, mais tamén os maiores, os cargados de anos pero máis cargados aínda de grandes desexos, esperanzas e boas obras, representados por Ana e Simeón. En certo modo, Simeón e Ana son algo así como os representantes do Antigo Testamento que lle dan parabéns agradecidos ó que inicia o novo Testamento, o da boa e alegre nova, ese neno Xesús que acaba de entrar no templo de Xerusalén no colo de María. Mentres que a velliña Ana "glorificaba a Deus" ante a presenza do neno, Simeón lóao, cheo de consolo e ledicia, como "salvación" de Deus, como "luz de revelación para os xentís" e como "gloria do pobo de Deus Israel".

Porque a "luz" é para todos, para xudeus e xentís. Esa luz, que é Xesús para todos, é un regalo gratuíto e amoroso de Deus Pai ó mundo. Como sabedes, os xudeus tiñan que rescatar ou recuperar ritualmente os primoxénitos con algún don que entregaban no templo. Ás familias pobres, como era a de Xesús, bastáballes con que deixasen no templo "dúas ruliñas ou dos pombiños". De modo que, como vedes, o Pai Deus dános o seu fillo "benquerido" Xesús a todos nós a cambio de ben pouquiña

cousa. Por algo é el, Xesús, o sinal do amor de Deus Pai ó mundo, da súa misericordia e da súa salvación.

Esta festividade da Presentación do Señor é, polo tanto, para nós unha magnífica ocasión para lle agradecermos de corazón a Deus Pai o gran regalo que nos deu ó darnos Xesús, o seu propio fillo, aquel que El máis quere. Pois que máis lle poderiamos pedir?

SAN XOSÉ

(19 de marzo)

Grandeza e sinxeleza de Xosé

Na humanidade de Xesús está presente a divindade de Deus Pai, que nel se nos manifesta. É realmente un indicíbel misterio ese amosársenos plenamente Deus na humanidade, plena tamén, dun neno humano, Xesús, fillo de Xosé e de María. Os seus pais son un matrimonio humilde e traballador. Unha familia que tiña que vivir ó día do seu traballo. Como tantas familias de hoxe en día en tantos países. Nin sequera tiveran suficiente categoría social como para atoparen un lugar máis axeitado para o nacemento do seu fillo ca unha corte na que se recollía o gando.

Hoxe celebramos a festividade do responsábel directo, legal, rebordante de agarimo, desta chamada "Sagrada Familia". Xosé convértese así nunha figura entrañábel como esposo de María e pai de Xesús. É comprensíbel que, dada a grandeza e sacralidade desta familia, tendamos a idealizala e a convertela en algo diferente do que sería na súa realidade concreta. A familia María-Xosé-Xesús sería unha familia normal da súa clase, do seu entorno aldeán e traballador. Eso si. Temos tamén pleno dereito a pensalos e imaxinalos como relixiosos e piadosos, moi unidos entre si e moi atentos e servizais cos seus parentes e veciños.

En realidade, o evanxeo de hoxe tampouco nos agacha que existiron tamén nesta familia determinados conflitos, aínda que se resolvesen sempre con comprensión e amor. Que, por exemplo, despois dun día de festa tan sinalada, como o que celebraran en Xerusalén con parentes e veciños, lles pasase o que lles pasou co rapaz Xesús, entón de doce anos, tivo que provocar, tal como se nos conta hoxe, gran dor e desconcerto nos seus pais. O relato dá a entender tamén que os pais lle concedían suficiente liberdade ó seu fillo para que puidese ocorrer que se quedase en Xerusalén sen que nin os pais nin os outros parentes se decatasen.

A festividade de hoxe convídanos a meditar un chisco nesta misteriosa relación de Xesús cos seus pais e consigo mesmo. Xesús vaise facendo, co percorrer dos anos, cada vez máis el mesmo, ó tempo que os seus pais van aprendendo tamén pouco a pouco que a súa paternidade ten que ir axudando a que nos seus fillos se vaia creando espazo para outro tipo de paternidade e para outra maneira de seren libres e responsábeis, máis alá do estreito círculo da familia en que naceron.

Fronte á moi xusta e comprensíbel preocupación dos pais polos seus fillos, o adolescente Xesús intenta darlles a entender a Xosé e a María, sen que eles logren entendelo completamente, que el –tal como di- "ten que estar na casa de seu Pai".

Non deberiamos pensar que isto de "estar ca casa de seu Pai" é un asunto típico e exclusivo de Xesús para amosársenos así como Fillo único e "benquerido" do seu Pai Deus. Nós, cada un de nós, somos tamén fillos, aínda que a un nivel distinto do de

Xesús, somos fillos –digo- deste mesmo Deus Pai pola graza e amor que El nos ten a todos.

Isto quere dicir que deberiamos tomar conciencia de que estamos chamados, á maneira do propio Xesús, a ir acadando na vida diversos e sucesivos modos de sermos fillos. Nacemos todos nun momento dado e pertencemos, en canto fillos deles, a uns pais ben concretos. Este tipo de nacemento supón naturalmente unha grande alegría para os pais. Pero nada máis nacermos, empeza outro tipo de embarazo en relación co fillo ou filla que acaba de nacer. O novo fillo precisa agora ir xestándose de novo, unha vez máis, no interior da súa familia e do grupo concreto onde vive ata acadar autonomía e converterse así nunha persoa responsábel. Ten que aprender unhas maneiras concretas de se comportar, unha lingua na que entenderse cos demais e moitas outras cousas máis. É dicir, ten que nacer de novo. Ten que realizar outro nacemento alén do normal. Algúns chámanlle a este tipo de nacemento un "segundo nacemento", "nacemento cultural" ou "nacemento espiritual" (como así o chamaba xa San Tomé de Aquino no século XIII).

Pero, máis alá deste segundo nacemento, hai aínda outro nacemento, ó que lle cumpriría ben ser chamado un terceiro nacemento. Neste sentido, poderiamos dicir que o adolescente Xesús lles está a informar a seus pais, Xosé e María, deste seu terceiro nacemento cando lles di: "Non sabiades que eu teño que estar na casa do meu Pai?".

Hai ou pode haber persoas que non chegaron aínda a este terceiro tipo de nacemento. Temos que aprender a nacer por terceira vez. Temos que facer esa grande e feliz experiencia, pola fe e pola graza de Deus, de sentírmonos verdadeiros fillos, en compaña do noso irmán maior Xesús, verdadeiros fillos –digo- do noso común Pai Deus. Naceriamos así por terceira vez.

E para que vexades que non vos estou a dicir cousas raras ou estrañas con isto do terceiro nacemento, fágovos lembranza do impresionante diálogo que ten Xesús con aquel maxistrado dos xudeus, chamado Nicodemo. Este Nicodemo é o mesmo que despois da morte de Xesús axudou Xosé de Arimatea a dar sepultura a Xesús.

Pois ben, Nicodemo, quería instruírse sobre a nova mensaxe de Xesús e veu de noite falar con el. O diálogo, segundo nolo refire o evanxeo de Xoán (3, 3-8), é o seguinte: "Xesús díxolle: - Con toda verdade cho aseguro: como un non naza de novo, non pode ver o reino de Deus. Replicoulle Nicodemo: - Como pode un home nacer sendo vello? Pode entrar outra vez no seo da nai e nacer?. Respondeulle Xesús: - Con toda verdade cho aseguro: como un non renaza pola auga e o Espírito, non pode entrar no reino de Deus. O que naceu na carne é carne, e o que nace do Espírito é espírito. Non che estrañe que eu che dixese: 'é necesario que vós nazades de novo'".

Teñamos azos, pois para nacermos *de novo.* Do mesmo xeito que foi realizando tamén Xesús, pouco a pouco, coa axuda de Xosé e María, este seu terceiro nacemento. Un terceiro nacemento que se realizou con éxito total. Por iso seu Pai Deus, "que está no ceo", poderá dicir sobre el: "Este é o meu Fillo benquerido, no que teño a miña compracencia".

A grandeza de Xosé é que axudou, coa súa dona María, a que se realizase este novo e terceiro nacemento de Xesús. Deixando que o seu fillo Xesús vivise plenamente como fillo do seu pai Deus, aínda que isto lles custase non pouco entendelo. Mais foi tamén desa maneira como Xosé e María aprenderon eles mesmos a seren verdadeiros fillos do noso común Pai Deus, "que está nos ceos".

Fermosa e grandiosa tarefa a que estamos todos chamados a realizar nas nosas vidas coa axuda de Deus.

DOMINGO DE PASCUA

Vida infinda

O ano litúrxico vainos levando pouco a pouco polas diversas experiencias cristiás da fe. Vainos poñendo en contacto co Xesús que nace coma nós, aínda que máis pobremente, no Nadal. Preparabámonos na Coresma para sentirmos con el as súas tentacións, as súas renuncias e a súa vida adulta de anuncio da boa nova a todos, de maneira especial ós máis necesitados e carentes de bens deste mundo. E nestes días pasados viviamos con dor e compaixón os padecementos e a morte de Xesús.

Mais sabiamos tamén que detrás deste aparente fracaso absoluto da súa vida, deste afundirse o sol no horizonte e na noite, ía acontecer un novo rexurdimento. Un amencer de Xesús resucitado, que en adiante non morrerá xa máis. Xesús converteuse así nun sol radiante, que non volverá ter máis solpores. Xoán cóntanos hoxe no evanxeo que a Magdalena foi ó sepulcro moi cedo, "cando aínda era escuro". Cousa que podemos entender tamén simbolicamente. María Magdalena, e con ela todos nós, camiñamos ou corremos cara á Luz do Resucitado, porque a escuridade non nos vai. Somos todos bolboretas inquedas que voamos cara á luz na noite escura.

Non hai cousa que máis queiramos cá luz e a vida. E isto sempre e para sempre. Deus púxonos esta querenza no corazón e coa resurrección do seu fillo e irmán noso, Xesús, esta nosa fonda querenza atopa o que busca. A luz e a vida aquí e máis alá da morte están así en boas mans. Porque Xesús resucitou e se converteu en "Señor" de todo.

Este é o significado da Resurrección. Xesús e con el a humanidade toda estamos destinados, máis alá das nosas particulares mortes biográficas, a sermos inmortais. Morreremos, si, pero para non volvermos experimentar xa nunca máis angustias mortais. A nosa morte coincidirá co comezo dun novo e definitivo vivir para sempre. Por iso, os primeiros cristiáns loaban a Deus, ó celebraren a Resurrección, dicindo e cantando "aleluia", como fixestes vós despois da Primeira Lectura. E "aleluia" quere dicir: "loado sexa Deus".

"Loado sexa Deus" pola súa grandeza, polos seus grandes plans sobre nós. Porque os pequenos ou grandes padecementos da nosa vida veñen sendo en definitiva moi pouco en comparanza co grandioso destino que nos espera.

Por iso, dicía Pedro en relación coa resurrección de Xesús que a alegría debería rebordar en nós: "Loado sexa Deus –así nos di el-, que pola súa gran compaixón resucitou Xesús Cristo da morte e nos fixo renacer a unha vida nova que se nos dá en esperanza [...] Por iso –continúa a dicir Pedro- brincades de alegría, aínda que agora, se fai falta, teñades que sufrir, por un pouco tempo, diferentes probas".

A alegría debería ser, pois, un sentimento normal e estábel na vivencia da nosa fe. Desta nosa fe, que ten os seus alicerces no acontecemento pascual da Resurrección do Señor. O domingo de Resurrección é o modelo do que copian tódolos domingos do ano litúrxico. Pois "domingo" quere dicir día do "Señor", é dicir, de quen "domina"

sobre todo. Coa súa resurrección converteuse Xesús en “Señor” de toda a creación e dos tempos todos: pasado, presente e vindeiro.

En Xesús, o “Señor”, ten firme alicerce a nosa confianza, pois El é o noso irmán. Da súa Resurrección provén, pois, a nosa alegría. Como repite a liturxia pascual: “Este é o día que fixo o Señor. Alegrémonos e relouquemos nel”. Da súa resurrección derívase a nosa. Esta é tamén, en último termo, a razón do dito popular de estar alegre “como unhas pascuas”...

Agora ben, se os discípulos creron porque “viron”, a nosa crenza en Xesús resucitado terá que basearse na nosa “fe”, non na nosa “visión”. Mais trátase dunha fe que, pola súa parte, está baseada no testemuño dos apóstolos e da igrexa que nace con eles. Pola nosa parte, podemos dicir tamén que, como compensación de non termos vivido aquela forte experiencia dos discípulos de Xesús, podemos en cambio sentir a alegría das palabras que dalgunha maneira nos dirixe Xesús a todos nós: “Benia os que creron sen veren!”.

Cómpre, ademais, ter presente que a alegría que sentiron os discípulos pola resurrección de Xesús non era unha alegría intimista ou particular, que cadaquén en certo modo gardaría para si, para o seu propio consolo. Era, polo contrario, unha alegría comunitaria, compartida, que ía máis alá dos propios intereses e preocupacións. Da mesma maneira que Xesús non se pechara endexamais en si mesmo, senón que vivira sempre para os demais, facéndonos partícipes incluso da súa resurrección, os seus discípulos non podían proceder doutra maneira. En consecuencia, estaban abertos ós problemas e ás necesidades dos demais. Porque a todos viña dirixida a grandiosa mensaxe de Xesús: a de sermos todos, con el en primeiro lugar, fillos dun mesmo Pai e destinados, alén dos límites da nosa existencia particular, a unha resurrección para sempre.

Todo isto ten aplicación non só a nós, os que formalmente nos chamamos cristiáns, senón á humanidade toda, porque en Xesús resucitado Deus Pai quixo e decidiu dar vida para sempre, máis alá da morte, a todos. Os cristiáns estamos así convocados a encher o mundo enteiro da esperanza de vida que nos vén de Xesús.

Isto é o que fan os apóstolos e discípulos ó teren a experiencia de Xesús resucitado. Antes ca eles as mulleres, que foran moi cedo visitar o sepulcro do Señor. Volveran axiña para lles anunciar ós apóstolos a resurrección do Señor. Algo similar realizan os diversos apóstolos e discípulos comunicándose mutuamente as aparicións ou experiencias do Señor resucitado que van sucesivamente ocorrendo.

A través dos tempos e dos séculos recibimos tamén nós por medio do anuncio do evanxeo esta grande e boa nova da resurrección de Xesús e, consecuentemente, da resurrección que nos espera tamén a nós.

Por iso os que recibimos esta gran nova temos que anunciala coa nosa palabra e con nosos feitos, no noso tempo e aquí onde vivimos, a cantos ou non saben dela ou non son capaces de crer nela quizais incluso por ser tal nova algo tan incríbel e marabilloso. É xustamente así por ser algo que procede de Deus, que é sempre meirande ca canto poidamos maxinar del.

Digamos, pois, todos, agora con alegría e agradecemento: *ALELUIA! Loado sexa Deus!* TODOS: *ALELUIA! Loado sexa Deus!*

PENTECOSTE

Lume ardente no peito

Pentecoste é o nome de orixe grega da festividade da vinda do Espírito Santo onda nós. Fai referencia ós "cincuenta" días posteriores á Resurrección do Señor. Un número de días que, tamén aquí, non se ha entender literalmente senón de maneira simbólica. Un día emocionante, grandioso, este da vinda do Espírito Santo onda nós, para se facer presente en cada un de nós: mulleres e homes do mundo enteiro de hoxe, mais tamén de épocas anteriores ou vindeiras.

Esta festividade está en paralelismo e, ó tempo, á maneira de contrapunto coa festa da Ascensión do Señor do domingo pasado. Aledabámonos entón e dabámoslle grazas a Deus Pai polo ascenso glorioso de Xesús ós ceos despois da súa Resurrección. Coa Ascensión de Xesús estaba simbolicamente sinalado o camiño e construída a ponte, entre terra e ceo, para acadarmos así vida e felicidade definitivas.

Hoxe, nesta festa do Espírito Santo, o que ocorre non é unha vez máis un "ascenso", unha "Ascensión", senón un "descenso", unha vinda onda nós do Espírito Santo. Por mediación de Xesús ascendido ós "ceos", é dicir, ascendido a esa nova situación gloriosa de Xesús, anticipo do que será a nosa, baixa o "Espírito" de Deus onda nós. Un "Espírito" que fica xa para sempre onda nós. O Espírito de Deus veu onda nós, está connosco e estarao sempre mentres haxa mundo. A súa vinda non ten data de caducidade. Veu para se quedar. De modo que se é verdade que hai Ascensión de Xesús ós ceos, non hai Ascensión do Espírito Santo. El está no corazón mesmo de cada un de nós e de toda a humanidade e connosco quere estar como en casa propia.

Deste xeito, o Espírito Santo vén sendo algo así como a presenza de Deus entre nós máis alá do tempo histórico ou biográfico en que Xesús estivo connosco. Precisamente por iso, é dicir, grazas á vinda do Espírito Santo, enviado onda nós por Xesús e polo Pai, podía dicir Xesús, a pesar da súa marcha, a pesar da súa "Ascensión", que el, é dicir Xesús, "estará sempre connosco ata a fin do mundo". E se Xesús é a imaxe, o retrato vivo de Deus Pai, o Espírito Santo vén sendo pola súa parte a presenza invisíbel, pero viva e actuante no mundo enteiro deica a fin dos tempos, do Xesús ascendido ós ceos.

Nos Feitos dos Apóstolos, o Espírito de Deus énos presentado, na súa vinda onda nós, como o "ruído dun forte golpe de vento" que o enche todo, e como "linguas de lume" que se pousan sobre cada un dos presentes. Ocorre así unha transformación fonda nos apóstolos, que os fai sentirse a si mesmos como "cheos do Espírito Santo". De tal maneira que son capaces de se daren a entender por tódolos que os escoitan. Dísenos alí que todos os comprendían perfectamente, coma se falasen na súa propia lingua, sendo así que de feito os que os escoitaban eran de moi diferentes linguas e nacións.

Tanto nos comezos do espallamento da boa nova de Xesús coma nos tempos de hoxe e de mañá o que nos fai falla ós cristiáns é ese sentírmonos "enchidos do Espírito Santo", tal como ocorreu cos apóstolos na primeira Pentecoste. Un sentirmos en nós a presenza viva do Espírito Santo, que nos dá vigor e azos para o anuncio da mensaxe de Xesús con liberdade, alegría e agradecemento. Anuncio que se realiza coas palabras, aínda que cos feitos mellor, porque, no fin de contas, as palabras sen os feitos non son máis que algo oco ou baleiro.

De que falaban os apóstolos, transformados en si mesmos pola presenza neles do Espírito Santo? Dinnos os Feitos dos Apóstolos que falaban "das grandezas de Deus". Eles sentían en si mesmos o "grande" que era ese Deus que se nos dera a si mesmo a nós no seu Fillo Xesús e que agora se facía presente coa forza e o poder transformador do Espírito Santo.

Por iso, é hoxe sobre todo un día no que deberiamos repetir, individual e comunitariamente, aquela petición que a "Secuencia" formula deste xeito: "Ven, Espírito divino..., Ven, hóspede desexado... Entra ata o fondo da alma, divina luz, e enriquécenos... Ven, Espírito Santo, enche o corazón dos teus fieis..."

Teriamos que nos concienciar de que este Deus que se nos comunica no Espírito Santo e que está na mesma orixe da igrexa é un Deus impetuoso, forte, como é forte un vento impetuoso capaz de derrubar carballos ou castiñeiros. Un Deus libre e que ama a liberdade. Un Deus que se comunica e que se fai comprender en calquera lingua e cultura. Un Deus que non se ata a límites, prescricións ou ritos concretos. Porque a súa "grandeza" (aquela da que falaban os apóstolos ós alí presentes) é unha grandeza divina. Por ser tal, actúa o Espírito de Deus en nós non só coma un vento forte, senón tamén como brisa ou alento suave que nos dá paz e alegría. Así o expresaba ou simbolizaba Xesús cando no evanxeo de Xoán se nos di que, despois de lles dar a paz ós seus discípulos, o Xesús resucitado "alentou sobre eles", dicíndolles: "Recibide o Espírito Santo".

Un "alento" que liberará os discípulos dos seus "des-alentos" e medos para anunciaren con afouteza a boa nova da Resurrección de Xesús. Espírito, pois, forte e maino, ó que lle gusta a unidade, mais tamén a diferenza das persoas, culturas e linguas, e polo tanto que está lonxe de estreitos dogmatismos e uniformidades. Que quere portas abertas ó mundo, tal como nolo pide tamén hoxe en día o papa Francisco, para que xentes e pobos poidan así chegar ó coñecemento das grandezas de Deus.

Sobre esta festa de Pentecoste lin hai pouco o seguinte: "Na Igrexa somos moi pouco devotos do Espírito Santo. Emporiso, só no Espírito somos os cristiáns capaces das cousas que no noso falar e no noso obrar nos distinguen como cristiáns. Sen o Espírito nin seriamos adoradores do Pai, nin seguidores de Xesús, nin servidores dos pobres. Non seriamos nada".

Pois ben, para convertérmonos, tal como deberiamos, en fervorosos devotos deste Espírito de Deus, mergullándonos nel e concienciándonos así da súa presenza agarimosa en nós e en cantos nos arrodean, pidámoslle a el mesmo que nos mande a súa luz, utilizando as palabras do comezo da "Secuencia" deste día: "*Ven, Espírito divino, manda a túa luz do ceo*". Todos: "*Ven, Espírito divino, manda a túa luz do ceo*".

NACEMENTO DE SAN XOÁN BAUTISTA

(24 de xuño)

Trala Noite de San Xoán

Cando cadra en domingo a festividade da Natividade de San Xoán Bautista –e dada a importancia desta festividade na tradición cristiá- os textos litúrxicos fan referencia especial á relevante figura de Xoán Bautista coma elo entre o antigo e o novo Testamento. Xoán Bautista é quen prepara os camiños para a chegada do Mesías con celo e humildade. É deste xeito unha figura profética moi importante, da que se celebra non só a festividade do seu martirio (o 29 de agosto) senón tamén a do seu nacemento ou natividade (a que hoxe celebramos), cousa que non ocorre con ningún outro santo do calendario litúrxico se deixamos a parte a festividade da Natividade de María, Nai de Xesús.

Por outra banda –e como ben sabedes- esta festividade da Natividade de San Xoán Bautista está unida a diversos e populares ritos profanos que a preceden e acompañan e que teñen en realidade unha orixe máis antiga que a mesma festividade

cristiá da Natividade do Bautista. Ritos de purificación, fertilidade, etc. que se fan especialmente presentes entre nós na Noite de San Xoán por medio dos diversos simbolismos do lume, da auga, etc.: as cacharelas ou lumeiradas, as herbas de San Xoán, etc.

O propio Xoán Bautista exercerá tamén no seu comportamento vital unha función purificadora, preparadora ou precursora da grandiosidade, beleza e alegría que virán despois del a nós por medio de Xesús. E iso que o Bautista, era, para dicilo dalgunha maneira, case un "ninguén"... Pois nin exercía funcións relacionadas co culto no templo, nin era sacerdote ou levita. E, a pesar diso, predicaba ó pobo, movía a xente a se arrepentiren e bautizaba os que se achegaban a el coa auga do Xordán, anunciando ademais á xente a próxima chegada do Mesías.

Non deixa, desde logo, de ser rechamante e tamén algo desconcertante o feito de que o Deus Pai do noso Señor Xesús Cristo e Pai tamén noso quixese botar man para preparar a chegada do seu Fillo onda nós de persoas que estaban máis ben á marxe dos que poderiamos chamar os seus representantes "oficiais". Porque Xoán Bautista vivía no deserto, de forma distinta e tamén bastante distante dos considerados oficialmente relixiosos. Amósasenos así unha vez máis como Deus é meirande cós conceptos cos que inutilmente o queremos apresar ou comprender.

Desde o punto de vista dos sacerdotes e levitas do xudaísmo, semella que a eles non lles quedaba outra opción, ante o comportamento extraoficial de Xoán Bautista, ca intentar controlalo mandando mensaxeiros ou intermediarios onda el para poñelo literalmente en cuestión. Mais resulta que o Bautista -contra o que eles podían sospeitar- lles comunica, con toda claridade e humildade, que el non é nin o gran profeta Elías que volvera á vida, nin o Cristo-Mesías e que nin sequera posúe estritamente a categoría de "profeta".

Xoán Bautista era, si, tal como se nos di, "testemuña da luz". Coma de noite a lúa é testemuña do sol que está sempre a vir e que se reflicte nela. A lúa non é a "luz", non é o "sol". É só testemuña do sol. Porque deste recibe a súa luz e, co seu humilde resplandor, por limitado que sexa, anuncia que o sol está oculto mais tamén que existe e que non tardará en nacer.

A humildade do Bautista é, pois, a humildade da lúa, que sabe ben que, se pode iluminar, tal poder non é seu. Ela non fai máis que actuar como voceiro ou reflexo do sol. Ela prepáranos para podermos recibir o sol. Ese sol, cara ó cal non poderemos ollar directamente, porque nos quedariamos cegos, mais que nos posibilitará camiñar sen tropezos, con seguridade.

Ó nos dicir de si mesmo o Bautista que é "testemuña da luz", anuncia e fai presente, á súa maneira, a luz que só pode proceder de Deus. Nós non podemos ollar directamente cara ó sol, porque a súa luz é excesiva. Mais resulta que o Deus, Pai de Xesús e Pai noso, vai facer un prodixio incríbel para que o podamos ollar sen estragarmos a vista, "sen morrermos", tal como se expresa por exemplo o Antigo Testamento cando, despois de un profeta ou vidente ter algún tipo de experiencia de Deus, se nos di que tiñan eles medo a morrer porque viran a Deus.

Pois ben, ese prodixio non é nin máis nin menos ca Xesús de Nazaret. Pois ollando ou contemplando Xesús estamos a ver realmente a Deus sen ficarmos cegos ou morrermos. Pois é Xesús mesmo quen nos di: "quen me ve a min, ve o Pai". Polo tanto, se queremos ver a Deus, vexamos, ollemos, contemplemos ese Xesús de Nazaret, que é a imaxe viva e perfecta de Deus Pai.

O Bautista está en realidade a anunciárnolo cando no Novo Testamento se nos di que el, o Bautista, era ”testemuña da luz”. Non é el a luz, mais anúncianos a luz. Agora ben, onde está esa luz divina que é posíbel ver? Cando os enviados polos xudeus lle formulan ó Bautista a pregunta de por que el bautiza se non é nin Elías, nin o profeta nin o Cristo, o Bautista responderá: “Eu bautizo con auga; mais *entre vós está quen vós non coñecedes*, do que non son merecente de lle desatar o amalló da sandalia”.

Vénsenos expresar así que a luz *visíbel* de Deus está *entre nós*, aínda que non a coñezamos. Dado que a luz invisíbel de Deus non pode ser vista, fíxose Deus Pai visíbel, e de maneira verdadeira e perfecta, en Xesús. Deus está polo tanto realmente “entre nós”. Agora entendemos por que Xesús é o “Emmanuel”, é dicir, o “Deus connosco”. Por iso nos resulta difícil recoñecelo, porque a Deus con frecuencia o imaxinamos estando onde non está (alá arriba, na estratosfera ou non sei onde). Non. Deus está aquí, connosco –á maneira dun pequeno vagalume- converténdose nun de nós, nun verdadeiro irmán noso. Agora entendemos tamén por que el considerará canto lles fagamos ou deixemos de facer ós nosos irmáns como algo que lle fixemos ou deixamos de facer a el mesmo.

Neste sentido, podemos dicir con verdade tamén que, así como Xesús é a luz visíbel de Deus Pai, así tamén son e serán sempre as persoas pobres e necesitadas a luz visíbel de Xesús alén do tempo histórico ou biográfico en que el viviu. Este é o Xesús que nos anuncia Xoán Bautista, do que hoxe celebramos con alegría a súa natividade.

SANTIAGO APÓSTOLO

(25 de xullo)

Santo fillo do trono

Co gallo da celebración da festividade de Santiago Apóstolo e do Día de Galiza é case obrigado que lembremos algunhas ideas sobre a importancia de que todos cantos en Galicia nos consideramos cristiáns saibamos incardinarnos ben na terra e no país no que, pola graza de Deus, nacemos ou estamos a vivir.

Nesta incardinación pode haber deficiencias e hainas de feito. Mais coido que o máis importante é que deberiamos aprender a ver esta incardinación en continuidade e como consecuencia da incardinación ou encarnación que Deus mesmo fixo de si no mundo, facendo que o seu fillo Xesús nacese e vivise nun país, nunha cultura e nun ámbito lingüístico concretos. Polo tanto, a encarnación da Igrexa na cultura e lingua de Galicia habería que vela como unha esixencia desa mesma fe nun Deus que en Xesús se encarnou tamén nunha cultura e nun país concretos. No seu paso por este mundo, Xesús non se parece en absoluto a un suposto anxo que sobrevoase por así dicilo as terras de Palestina para desaparecer ó final nun ceo etéreo sen se decidir a aterrar antes en ningún momento. Polo contrario -tal como nos di Xoán- Xesús, a palabra de Deus, si que afincou ben a súa tenda entre nós.

Non me parece nada esaxerado dicir que a Igrexa non só tardou moito en empezar a se incardinar en Galicia senón que aínda lle queda moito para aterrar de verdade nela. Sabedes ben que a primeira misa en galego de tódolos tempos se celebrou oficialmente en Santiago hai só pouco máis de medio século. Con moitísimo atraso se

temos en conta que a lingua galega é a lingua propia de Galicia e nela se expresou e expresa a maioría da poboación dende hai moitos séculos.

Foi o último concilio ecuménico da Igrexa, o Vaticano II, o que abriu por fin a porta á utilización na liturxia das linguas faladas pola xente aínda que por razóns de tipo político ou falso prestixio social non tivesen aínda a categoría de oficiais. Aínda así, a nosa lingua galega tivo que esperar varios anos ata a súa introdución no uso litúrxico da Igrexa. Houbo daquela moitas protestas por esta inxustificada demora, ata que por fin, o 7 de xaneiro de 1969 se aprobou en Roma o uso litúrxico da lingua de noso tras moitos esforzos individuais e colectivos a prol do seu uso.

Chovía en certo modo sobre mollado. Xa a mediados do século XVI, o Concilio de Trento acordara que, aínda que a misa se seguira dicindo en latín, se lles dese cabida nela ás linguas chamadas vulgares para lles explicar ós asistentes o que alí se estaba a facer. Mais tamén daquela nesta sufrida terra nosa se decidiu, contra toda lóxica e evidencia, que a lingua de Galicia era o castelán. Por iso -e sorprendentemente- os galegos, a diferencia por exemplo de vascos ou cataláns, non puidemos dispoñer ata hai moi pouco de oracións ou catecismos escritos na nosa lingua. Os nosos catecismos imprimíanse en castelán e a doutrina e mailas oracións básicas ensinábanse tamén en castelán, contra o que o mesmo Concilio de Trento pedira.

Despois do Concilio Vaticano II, celebrouse en Galicia durante a década dos anos 70 o chamado Concilio Pastoral de Galicia (CPG). As disposicións concretas deste Concilio Pastoral galego partían do suposto básico da necesidade de identificarse coa propia cultura dos destinatarios da mensaxe liberadora do evanxeo en canto "boa nova". Dise alí, por exemplo: "Este Concilio Pastoral pídelles ós cristiáns de Galicia que a súa acción se encarne nos valores naturais, humanos e culturais da Rexión e que, xunto con todo o pobo galego, os desenvolva cando son expresión da súa personalidade, riqueza e liberdade. Isto levaraos a rexeitar toda forma de colonialismo e a proclamar o dereito á lexítima liberdade en tódolos seus niveis e a decidir o seu destino". E incluso se engade alí: "O Concilio Pastoral de Galicia pide que a autoridade pública, lonxe de determinar o carácter propio da cultura galega e, máis aínda, de oprimila, favoreza tódalas condicións e medios para soerguer a vida cultural propia do pobo galego, fundamentalmente a súa lingua".

Por iso, e isto tócanos xa directamente a nós, dise aínda nun dos textos conciliares: "O CPG pídelles a tódolos cristiáns, Bispos, Curas e Leigos, cadaquén segundo a súa específica misión, que participen na promoción da lingua galega, por ser un valor humano que está asociado coa liberación do home galego e, por tanto, coa evanxelización".

Polo tanto, este Concilio pídenos a tódolos cristiáns, clara e simplemente, máis "encarnación". Do mesmo modo que Deus se quixo encarnar no concreto Xesús da historia.

Teremos, pois, que lle pregar hoxe ó noso Padroeiro, o Apóstolo Santiago, o "fillo do trono", que nos dea ímpeto civil e relixioso para facermos de Galicia unha realidade xusta e libre, conforme ó espírito que recibimos do Evanxeo. Unha realidade ben encarnada na propia historia, cultura e lingua, aínda que aberta naturalmente ás culturas e linguas do mundo enteiro, de maneira especial as máis próximas a nós.

Quero aproveitar tamén esta importante data anual do 25 de xullo para aludir ó que particularmente celebro eu anualmente neste día con agradecemento a Deus. Pois xustamente nesta data do 25 de xullo, aínda que do ano 1963, hai polo tanto xa ben de anos, fun ordenado sacerdote xunto con outros 14 xesuítas de diversas nacionalidades (ademais doutros tres relixiosos: un bieito, outro franciscano e outro cisterciense) polo bispo tirolés da cidade austríaca de Innsbruck. Un dos xesuítas que comigo recibiron a

ordenación era o valisoletano e bo amigo Segundo Montes e foi fusilado en Centroamérica pola ditadura militar non hai aínda moitos anos xunto co máis coñecido Ignacio Ellacuría, compañeiro meu tamén daquela en Innsbruck. Fomos casualmente ordenados no día de Santiago Apóstolo porque no día seguinte, o día 26, era a festividade de santa Ana, padroeira de Innsbruck (capital do Tirol onde vivín durante catro anos), e neste día se celebraban tradicionalmente as primeiras misas ou misas novas dos ordenados no día anterior. Tirolesas e tiroleses viñan en masa participar nestas misas novas, pois tíñanlles moita devoción. Polo tanto a data acostumada da ordenación sacerdotal non tiña nada que ver coa festividade de Santiago Apóstolo dese día, senón por ser a véspera da festividade de Santa Ana.

Andando o tempo e sen eu daquela sequera sospeitalo, dinme conta do ben que cadrou para min esta data (a da festividade do Apóstolo Santiago) ó ela estar tan directamente relacionada en Galicia coa necesaria encarnación na nosa terra, cultura e lingua, en seguimento das esixencias da encarnación cristiá.

SANTO IGNACIO DE LOIOLA

(31 de xullo)

De militar a fundador dos xesuítas

Tódolos 31 de xullo celebra a Igrexa a festividade de Santo Ignacio de Loiola. E cando esta celebración cae en domingo é comprensíbel que nas nosas igrexas xesuíticas se celebre a solemne festividade do noso fundador e non a normal do domingo.

Por esta razón, permitídeme que vos faga hoxe algúns moi esquemáticos comentarios sobre a figura de Santo Ignacio de Loiola e da Compañía de Xesús por el fundada. Todo isto co fin de que vos poida ser útil para o fortalecemento e afianzamento da vosa propia fe cristiá.

A mediados do século XVI, nunha época na que a cultura europea acababa de abrirse, sobre todo co descubrimento de América, a outros países e culturas, a Igrexa precisaba dun novo dinamismo, espiritual e cultural, para facer presente a súa mensaxe na nova situación. O Espírito de Deus, que en tódalas épocas traballa arreo no interior de cada persoa de boa fe e conciencia, suscitou no vasco Íñigo de Loiola fondos desexos de servir a Deus, á súa Igrexa e desa maneira ás persoas todas do mundo.

Para iso, Íñigo de Loiola acadou unha intensa experiencia do que é Deus a través da oración e da busca interior do que Deus podía querer del. Ese é en definitiva o primeiro xerme do que se chamarían despois os “Exercicios Espirituais” de Santo Ignacio. Púxose en contacto con outros compañeiros de ideais e de aí xurdiu a primeira Compañía de Xesús, que axiña se espallaría por diversas nacións e continentes.

Moitas das anteriores Ordes relixiosas tiñan a súa remota orixe naquel lema do monxe San Bieito “ora et labora”, que quere dicir “reza e traballa”. Dedicaban tempo abondo ó longo do día á oración en común, ó chamado “coro”, etc. e logo tamén, e de maneira separada, ó “traballo” e ó coidado espiritual e cultural das persoas.

Precisamente, unha das cousas na que Santo Ignacio sorprendeu na súa época foi a de que non estaba prevista nas súas regulamentacións a práctica diaria e común do “coro”. Falando dunha maneira algo xeral, o que intentou Santo Ignacio foi que a vida toda dos que se consagrasen a Deus e á Igrexa na Compañía de Xesús fose toda ela e ó mesmo tempo, sen mutuas separacións, oración e traballo. É dicir, poderiamos formular o lema de Santo Ignacio, a diferenza do que ocorría noutras Ordes que o precederon, da

seguinte maneira: “Ora traballando” ou “traballa orando”. Un traballo naturalmente moi diversificado que abranguía dende o principio moi distintas actividades: formación espiritual, cultural, misións en países distantes, colexios, universidades, etc., etc.

Mais o característico era que en todos estes traballos ou actividades a actitude de oración ou de “contemplación” debería seguir estando sempre presente e vixente. É o que se adoita dicir do ideal ignaciano ou da característica que debería ter todo membro pertencente á Compañía de Xesús: a de ser por vocación e por fondo desexo un “contemplativo na acción”, unha persoa, dito tamén con outra fórmula ignaciana, que intenta “buscar e atopar a Deus en tódalas cousas”, incluso alí onde podería parecer que Deus non está presente.

Foi isto, en boa parte, o que provocou que a Compañía de Xesús non deixase de ter ó longo de toda a súa historia todo xénero de conflitos e dificultades. É isto tamén o que a levou e leva de novo nos tempos de agora ó que adoitamos chamar “traballo nas fronteiras”. É dicir, á dedicación ó servizo dos demais non precisamente alí onde xa pode haber outros traballadores dedicados ás tarefas máis tradicionais, coñecidas ou acostumadas. Isto tanto en traballos de orientación máis directamente espiritual como cultural ou social, tanto en países de tradición cristiá ou católica coma noutros pertencentes a tradicións relixiosas ou culturais moi distintas.

Santo Ignacio de Loiola sabía e experimentara, na súa íntima relación con Deus Pai, Deus Fillo e Deus Espírito Santo, que este Deus dos seus amores seguía a estar presente nun mundo xa daquela moi transformado respecto de tempos anteriores. Tomou moi en serio aquilo do apóstolo Paulo de que en Deus “vivimos, nos movemos e existimos”. Á maneira de peixes que viven no mar e do mar, nun océano inmenso e infinito, toda persoa, todo lugar e todo acontecemento co que nos atopamos ten por iso para Ignacio de Loiola aura e brisa divinas. El non pon topes ou límites ós tipos ou clases de traballos que haberían tomar sobre os seus ombreiros tanto el como os xesuítas que virían despois del. Deus está en calquera parte onde haxa calquera persoa, pois todos estamos chamados a recibirmos o don de poder chamarnos de verdade fillos de Deus e irmáns polo tanto entre nós.

Na súa “Contemplación para alcanzar amor”, Santo Ignacio refírese a esta grandiosa visión súa, cando invita o que fai os Exercicios a “ollar como Deus habita nas criaturas, nos elementos dándolles ser, nas plantas dándolles vida vexetativa, nos animais concedéndolles a capacidade de sentir, nas persoas dándolles intelixencia, en min dándome conxuntamente ser, vida, sensibilidade e intelección, e facéndome ademais templo seu ó ser creado á semellanza e imaxe del mesmo”. Santo Ignacio semellaría incluso case panteísta cando engade aquí mesmo que todo o creado provén, tal como el di, “de arriba”, é dicir, de Deus, algo así –comenta aínda- “como as raiolas do sol descenden do sol mesmo ou as augas proceden da fonte da que manan”.

Estamos, pois, en Deus e traballamos con El pola divinización do mundo. O noso esforzo xúntase así co mesmo traballo de Deus pola transformación do mundo naquilo que é o destino ó que Deus nos chama a todos: o de estarmos sempre con El por toda unha eternidade en compaña de tódalas xeracións de homes e mulleres que existiron, existen e existirán.

Por todo isto, e dado que, segundo Ignacio de Loiola, todo o que somos é e provén de Deus, podemos unírmonos, para rematar, á pregaria que el inclúe nesta mesma “Contemplación para alcanzar amor”, recitando xunto con el:

“Tomade, Señor, e recibide toda a miña liberdade, a miña memoria, o meu entendemento e toda a miña vontade, todo o meu haber e o meu posuír. Déstesmo vós; tórnovolo a vós, Señor; todo é voso, dispoñede segundo a vosa vontade, dádeme o voso amor e graza, que esta me basta”.

TRANSFIGURACIÓN DO SEÑOR

(6 de agosto)

Palmadiñas no lombo

Cando a festividade da Transfiguración do Señor, que se celebra no calendario litúrxico o día 6 de agosto, cae en domingo revístese ela automaticamente dunha solemnidade especial. Coido que é cousa boa que teñamos de cando en vez estas gratas casualidades ou coincidencias porque as mensaxes relacionadas coa Transfiguración do Señor son sen dúbida moi importantes para nós, aínda que non deixa de ser verdade tamén que a escena da Transfiguración do Señor aparece xa no contexto doutras celebracións eucarísticas do ano litúrxico, por máis que non sexa nestes casos centro da celebración, tal e como ocorre hoxe.

O texto da Transfiguración que figura neste ano na liturxia é o de Mateo. Marcos e Lucas falan tamén da mesma escena. Coas informacións dos tres podemos facernos unha idea -para dicilo dalgunha maneira- do ocorrido alí. Á parte de que Pedro, un dos protagonistas da escena, fai lembranza tamén na carta súa de hoxe (na segunda Lectura) da fonda experiencia recibida por el alí. Pois Pedro preséntase a si mesmo nesa carta como “testemuña ocular” da “grandeza” de Xesús na súa transfiguración cando oíron a voz que dicía: “Este é o meu fillo, o meu predilecto, o fillo do meu contento”.

A relevancia da escena da transfiguración do Señor como mensaxe significativa para nós dedúcese do feito de que nela participan os seus tres apóstolos máis representativos: Pedro, Santiago e Xoán. Polo texto de Lucas sabemos ademais que a transfiguración ocorre nun contexto de grande intimidade de Xesús co seu Pai Deus. Lucas cóntanos efectivamente que Xesús subiu cos tres ó alto dunha montaña para orar, é dicir, para se poñer en contacto de maneira formal e explícita co seu Pai, co seu Paiciño querido.

Xa na escena do bautismo, que Xesús recibira de Xoán, aparecía a voz de Deus Pai amosando a súa compracencia co seu Fillo benquerido. É unha amizade fonda, única, moi íntima, infinitamente maior cá que poden ter pais e nais cos seus fillos pequenos. Xesús pasábao moi ben falando de noite ou de día con seu Pai. Deus Pai queríao infinitamente a el, e el, Xesús, quería tamén infinitamente a seu Pai. Para Xesús orar non era, como quizais nos poida pasar polo menos algunhas veces a nós, unha especie de pequeno traballo ou de soterrada obriga, senón un infinito pracer que o enchía de felicidade.

Pois ben, foi precisamente estando Xesús en oración cando se transfigura. Dísenos de diversos modos que o seu rostro cambiou de aspecto e que os seus vestidos viraron brancos e resplandecentes coma a luz. Unha descrición que é típica da literatura apocalíptica e que nos fai ver dalgunha maneira a incríbel transformación que ocorría en Xesús cando contactaba en oración co seu Pai Deus. Algo así coma se se tratase –perdoade a comparanza- dunha fermosa lámpada que se ilumina de súpeto marabillosamente ó se conectar cunha potente rede eléctrica.

Se Xesús puido dicir sobre si mesmo que era a “luz do mundo”, iso era só posíbel pola súa inimaxinábel unión con esa fonte infinita de luz que é Deus mesmo. Xesús aparece así feliz e resplandecente, transfigurado. Como o poden estar, aínda que en moito menor grao, unha nai que se sente feliz co seu fillo ou coa súa filla, unha noiva co seu noivo ou calquera persoa que se encontre con outra que quere moito. Todo se ilumina: as persoas e as cousas, o ceo e maila terra, o pasado e o futuro. Pois o amor transforma, “transfigura”, todo.

Mais a transfiguración de Xesús non é só algo así coma unha instantánea que, para dicilo dalgunha maneira, inmortaliza uns momentos sublimes da íntima relación de Xesús co seu Pai Deus. É sobre todo unha importante mensaxe ós crentes e á humanidade. En calquera caso, nada ten que ver con calquera outra cousa que se nos poida vir á cabeza coma podería ser por exemplo un suposto intento de se presentar Xesús ante os seus desconcertados discípulos coma un personaxe extraterrestre ou nunca visto...

Tanto Mateo, coma Marcos ou Lucas preséntannos Xesús na escena da Transfiguración conversando ou falando con Moisés e con Elías, que son respectivamente os representantes da lei e mais dos profetas do Antigo Testamento. Xesús aparece na escena como aquel que dá cumprimento final a todo o anunciado antes por medio da lei e dos profetas, aínda que superando ámbolos dous de maneira definitiva. Moisés e Elías e todo canto eles representan pertencen dende agora, dende a chegada de Xesús onda nós, ó antigo, ó xa pasado.

Por iso, o único que queda ó final é el só, Xesús, cos seus apóstolos, e a voz do Pai que clama e proclama definitivamente: “Este é o meu Fillo, o meu querido, o meu predilecto. Escoitádeo”. Coa vinda de Xesús, desaparecen, pois, leis, preceptos, normas ou ritos pasados, é dicir, todo o que era específico do Antigo Testamento, representado na escena ata este momento por Moisés e mais por Elías. Os apóstolos vense agora confrontados, fronte ó “antigo” desaparecido, coa gran novidade de Xesús. El é agora o importante, o decisivo, o imprescindíbel. É dicir, Deus converteuse en compañeiro e amigo noso en Xesús. Dende agora en adiante só temos que “escoitar” Xesús, non Moisés ou Elías. Escoitar a “boa nova” que el nos anuncia de que o seu Pai do ceo é tamén pai noso e de que polo tanto somos todos irmáns.

Esta é, pois, a gran mensaxe da Transfiguración do Señor. Unha mensaxe que supón un cambio radical na visión que os apóstolos tiñan de Deus e que quizais tamén seguimos aínda a ter algúns de nós (despois de tantos séculos de Novo Testamento). Agora Deus está cos apóstolos, está con nós. Por iso é “Emmanuel”, é dicir, “Deus connosco”.

Dos tres relatos da escena da Transfiguración, o de Mateo (que é o deste ano) é o único que fala de que os apóstolos, ó escoitaren a voz, “quedaron debruzados, cheos de temor”. Non era para menos, pois dende agora Xesús, o que era amigo e compañeiro deles, quedaba revestido da “autoridade” do Pai. Mais, pese a todo, continuaba a ser compañeiro e amigo, como o demostra o que se nos di seguidamente no mesmo texto de Mateo: “Xesús, achegándose, tocounos e díxolles: Erguédevos, non teñades medo!”.

Que fermoso todo! O Xesús da Transfiguración é agora o que lles dá palmadiñas no lombo ós apóstolos para que se tranquilicen...

ASUNCIÓN DE MARÍA

(15 de agosto)

Alixeirando peso pra mellor subir

Adoito comentar que todos (sexamos ou non suficientemente conscientes diso) queremos vivir plenamente e sempre. Isto lévanos a querermos ser os meirandes, os máis intelixentes, os máis ricos, os máis poderosos, os máis xenerosos, etc. etc. Recoñezámolo ou non, algo diso agáchase sempre no noso interior, no noso corazón. En principio tampouco ten que ser considerado iso como algo "malo". Pois en realidade, con esa tendencia cara ó máis alto non facemos senón manifestar a nosa semellanza con Deus e a nosa procedencia de quen o é todo, de quen ten todo o poder e mais tódalas perfeccións que podemos maxinar, en grao infinito ademais.

Sen eses desexos a humanidade deixaría de ser o que é. Se non tivésemos desexos de vivirmos sempre e, polo tanto, deixásemos de querer progresar e mellorar as cousas, deixariamos tamén en definitiva de sermos humanos. Seriamos coma calquera outra especie simplemente animal.

Mais sabemos tamén que para iso, para ese progreso e para esas melloras na realidade humana, fai falla termos moi en conta os demais: as persoas que conviven connosco e que precisan da nosa axuda, como tamén nós precisamos continuamente a axuda deles. Porque eles queren tamén ser persoas de valía, queren progresar e ascender, aspiran tamén a vivir sempre, etc. Por iso ou colaboramos todos mutuamente respectando esa nosa común tendencia ou, se nos enfrontamos uns contra outros, iremos conxuntamente á ruína. É evidente que este tipo de consideracións teñen, por moi abstractas que parezan, unha gran relevancia política e social.

Agora ben, a festividade da Asunción de María, que celebramos sempre en tempos de verán e de vacacións, pode axudarnos en relación co que acabo de comentar. Só un par de reflexións.

Normalmente tendemos a imaxinar Xesús e maila súa nai, María, como realidades "celestiais", pouco relacionadas coa nosa vida corrente e natural. Algo así como tamén tendemos a considerar o papa como algo semi-celestial, resultándonos estraño que se comporte ou queira comportarse como unha persoa sinxela e normal... De aquí proveñen, no que se refire a María, tantas fermosas e celestiais imaxes que temos dela. Mais é posíbel que iso nos leve a pasar por alto que María, na súa vida real, tivo que ser moi distinta daquela muller "celestial" creada ou imaxinada por pintores ou escultores.

María sería, xa que logo, efectivamente unha muller máis do pobo, polo tanto pobre, traballadora, identificada coas persoas coas que convivía e participando da súa común cultura e relixión. Iso si, bondadosa, amante de familiares e veciños, entregada e servizal con todos cantos solicitasen calquera tipo de axuda. Seguramente podería ela dicir tamén sobre si mesma o que o seu fillo Xesús dicía de si mesmo: "Non vin ser servido, senón servir". Pois sabemos ben que María se consideraba a si mesma como "escrava" de Deus e, polo tanto, escrava tamén dos fillos de Deus, dos demais. Dicía ela que Deus "reparara na humillación da súa escrava". E como tal "escraviña", alá se irá, por exemplo, a toda présa (tal como nos refire Lucas), acompañar a súa curmá Isabel, que estaba á espera do nacemento do seu fillo Xoán o Bautista.

Deste xeito, María espallaba a graza de Deus, é dicir, a presenza bondadosa e misericordiosa de Deus, por onde queira que estivese. Dísenos no texto de Lucas que Isabel quedou así "chea de Espírito Santo" grazas a María, que pola súa parte se sentía tamén fondamente alegre nesa visita familiar: "alégraseme o espírito –proclama alí María- en Deus, o meu Salvador". Unha ledicia contaxiosa, porque lles vai afectar tanto

a Isabel coma ó seu fillo, próximo a nacer. Por iso se sentirá Isabel igualmente "alegre" ó se sentir chea tamén do "Espírito Santo". Igual có neno, que pola súa parte "brinca de alegría nas súas entrañas".

Amor, espírito de servizo e alegría van sempre xuntos. Mais todo isto de maneira moi concreta e achegada á terra. A "humildade" de María hai que vela así no seu sentido etimolóxico orixinal de proximidade á "terra".

É xustamente porque María está moi achegada á terra, ou sexa, porque é moi "humilde", polo que hoxe celebramos a súa "Asunción" ó máis alto dos ceos. María segue polo camiño que antes dela andou o seu Fillo Xesús e que concluíu coa súa Ascensión ós ceos. Terra e ceo están así e para sempre, trala Ascensión do Señor e a Asunción de María, estreitamente unidos para todos nós. Podemos dicir que se un non se apoia ben na terra non poderá tampouco ascender ó ceo. Dito coas palabras de Xesús: "Todo o que se humilla será enxalzado, e todo o que se enxalza será humillado" (Lc, 18, 14).

A nai de Xesús meditara moito na grandeza de Deus e por iso se sentía moi achegada á terra. Coméntao no comezo daquel fermoso himno seu, o "Magnificat", no que enxalza o poder e as marabillas de Deus: "Proclama a miña alma a *grandeza* do Señor".

Mais hai tamén neste himno unha clara referencia á insensatez e ilusión dos chamados "poderosos", que se cren máis importantes e dignos de atención e respecto cós demais. Para ela, en cambio, só Deus é o único que pode ser proclamado poderoso e grande. Fóra del ninguén. Canta esperanza e ilusión poden suscitar aínda hoxe en moitas persoas e países estas palabras de María no seu grandioso himno!: "Manifestou [o Señor] o poder do seu brazo, dispersou os soberbios de corazón; derrubou os poderosos dos seus tronos e elevou os humildes; os famentos encheunos de bens e os ricos despediunos baleiros".

En calquera caso, está claro que o Deus de Xesús e de María non está cos que se consideran "poderosos", senón cos que se abaixan a si mesmos e se dispoñen a servir os demais. Só estes quere Deus enxalzar e encher dos seus bens e da súa ledicia. Así o fixo, programaticamente, con María.

EXALTACIÓN DA SANTA CRUZ

(14 de setembro)

De maldición a bendición: a cruz

A festividade da "Exaltación da Santa Cruz" ten data fixa no calendario litúrxico: o 14 de setembro. E cando esta data cae en domingo, como esta vez, dispoñemos dunha boa ocasión para celebrala algo máis solemnemente.

O evanxeo para esta festividade está tomado de Xoán. Pois é este o único que nos narra aquel singular acontecemento no que o destacado fariseo Nicodemo imita as inquietas bolboretas que de noite se nos pegan por fóra ós cristais das ventás para gozaren da luz que se transparenta a través delas. Coma as bolboretas, Nicodemo busca, pois, tamén a luz, quere saber a verdade sobre Xesús e vai visitalo de noite. Lembrádevos de que Xesús dicía de si mesmo que el era "a Luz". Naquela longa e repousada conversa nocturna, á luz do lume ou dun candeeiro caseiro (que case non

serían necesarios coa presenza alí mesmo de quen afirma sobre si que é a “Luz” do mundo...), vaille Xesús expoñendo e manifestando a Nicodemo importantes revelacións. Entre elas, unha que ten que ver con aquela escena do Antigo Testamento na que Moisés erguía a imaxe dunha serpente no deserto que, ó ollala, salvaba da morte os que estaban en perigo de perder a vida. “Como Moisés alzou a serpente no deserto, así –coméntalle Xesús- debe ser alzado o Fillo do Home, para que todo o que cre nel non se perda, senón que teña vida eterna”.

Os entendidos comentan aquí que o “ser alzado do Fillo do Home” tiña nas palabras de Xesús un dobre sentido, o normal de “ser erguido” e tamén o de “morrer”. Co que se viña aludir tamén á súa morte na cruz. En canto ó da serpente, recórdovos pola miña parte que ela é aínda hoxe o símbolo distintivo da botica e tamén da profesión médica. A serpente ou a cobra mudan de cando en vez a súa epiderme e este fenómeno é interpretado en diversas culturas como rexuvenecemento. Outro tanto fan ou deberían facer as menciñas. Por iso xa nas mitoloxías grega e romana o deus da medicina, Asclepio (ou Esculapio) era representado co símbolo dunha serpente enroscada nunha vara, a árbore da vida. Por moito que hoxe queiramos ver a cobra, a serpente, como algo malo e perigoso (e sen dúbida que o é tamén), o seu símbolo foi sempre ambiguo. Participa do malo e tamén do bo. Así ocorre tamén no que se nos conta de Moisés como construíndo unha serpente de bronce e colocándoa na punta dun pau, de tal maneira que "o que fose mordido pola serpente, se miraba para a serpente de bronce, quedaba san" (Núm. 21, 9). A serpe non é só, pois, asasina; é tamén, tradicionalmente, menciña de salvación e de nova vida.

Así foi considerada tamén na Galicia tradicional. Algún antropólogo cóntanos que nalgúns lugares da Galicia rural “a carne da serpe serve para facer remedios: para a tose e as dificultades respiratorias, etc.” Isto está de feito en consonancia coa importancia que lle conceden moitos estudosos á serpente na historia de Galicia ó falaren por exemplo dun “culto á serpente na Galicia antiga, do que aínda quedan algún restos nos nosos días".

Ben. Isto dígoo só para que non vos estrañedes tanto de que Xesús recorra á serpente como símbolo de si mesmo, como sandador, curador e Salvador desde o alto da súa morte na cruz.

Celebramos, pois, comunitariamente, con agradecemento (como en toda eucaristía), a “exaltación” da santa Cruz. Con Xesús pasou de ser a cruz instrumento de tortura, de suplicio e de morte (como aínda desgraciadamente ocorre hoxe en día noutros crueis sistemas de condena, xudicial ou non) a converterse en camiño de salvación. Ese “viacrucis”, camiño da cruz, que se pode ver aínda, coas súas catorce estacións, en moitas igrexas. Recordo que nunha igrexa alemá, na que hai xa tempo puiden colaborar como capelán da parroquia durante varios anos seguidos, o “viacrucis” remataba cunha estación máis, a da imaxe de Cristo Resucitado. Unha boa idea. Porque é ese en realidade o noso proceso humano e cristián: pola cruz vaise á luz, á resurrección.

Precisamente por iso Xesús significa Salvador. Un Xesús unido para sempre a esa cruz que, desde que el a levou sobre os seus ombreiros e nela se deixou cravar, quedou constituída en lugar de bendición e salvación para toda persoa. Por iso o sinal da cruz é e seguirá sendo sempre distintivo específico dos cristiáns. Non só como adorno de metal precioso que podemos levar no peito, senón como un modo de ser e de nos comportar que non fuxe do sufrimento cando o seguimento de Xesús nolo pide. En realidade, é condición para sermos de verdade discípulos dese Xesús que dicía: “O que non carga coa súa cruz e me segue, non pode ser discípulo meu”.

En calquera caso, e podémolo dicir tamén hoxe ó celebrarmos a festa da exaltación da cruz, non deberiamos esquecer algo moi importante. Nin o noso Deus nin

o seu fillo Xesús queren a cruz para nós. Deus chamounos e chámanos continuamente, desde o máis íntimo de nós mesmos, á felicidade, a sermos felices todos e cada un de nós. Pois á busca da felicidade non somos capaces de renunciar e polo tanto nin sequera deberiamos intentalo. Pero ó mesmo tempo temos que saber que a felicidade non se acada endexamais a soas, cada un para si mesmo, senón sempre cos demais, de maneira solidaria cos que estean preto de nós. É aquí xustamente onde aparece ou pode aparecer a cruz. Esa cruz que en definitiva non é contraria á felicidade, senón condición para acadala. Cruz porque a fraternidade real leva consigo renuncias, atención amorosa ás necesidades dos outros e sufrimento pola animadversión e incomprensión que moitas veces teremos que aturar por parte daqueles ós que non lles importan ren os outros.

Para sermos deste xeito verdadeiros discípulos de Xesús, nin sequera a propia vida debería contar para nós, por grande que sexa o noso desexo de non perdela. Con frecuencia oímos ou lemos sobre persoas que arriscaron perder a súa vida (e incluso a perderon) coa esperanza de acadar algo de felicidade para si mesmas, para as súas familias ou incluso para persoas ás que nin sequera coñecían. Persoas que se tiran ó mar para salvar a algún descoñecido en perigo de afogar ou que nunha feble barquiña intentan chegar a Europa para desde aquí poderen mandar algo de diñeiro ós seus familiares necesitados. Son cruces que haberá que cargar sobre un mesmo para así acadarmos salvación e felicidade tanto para un mesmo coma para os demais.

De todos modos, o Xesús erguido na cruz e nela exaltado non lles fallará a cantos o seguen, a cantos aprenderon del a levar a propia cruz, a cruz de cadaquén. Unha cruz que en definitiva non nos esmagará totalmente co seu peso se seguen a ser verdade aquelas palabras de Xesús: “o meu xugo é lixeiro e a miña carga pequena”.

TÓDOLOS SANTOS

(1 de novembro)

Tempo de santos

Comezamos hoxe o mes de santos, tal e como chamamos tamén o mes de novembro. A razón diso é ben clara: este mes empeza sempre coa festividade de tódolos “santos”. Son, pois, estes santos que hoxe celebramos os que lle dan nome ó mes no que, ademais, mañá faremos tamén lembranza de tódolos defuntos. Así pois, hoxe e mañá santos e defuntiños andan mesturados entre si en boa compaña. É bo que así sexa. Porque, por un lado, os primeiros declarámolos santos só despois de morreren e, por outro lado, debemos confiar e esperar tamén que tódolos defuntos sexan aceptados polo Deus Pai de todos como queridos fillos e como participantes na mesa do seu reino.

Lembramos hoxe, polo tanto, os nosos santos, os “normais”, os de andar por casa máis cós oficialmente xa canonizados ou solemnemente considerados como tales. E mañá lembraremos os defuntos, os queridos defuntos, que na nosa terra tiveron e seguen a ter tanta relevancia cultural, social e relixiosa. Moitas lendas, moitos imaxinarios da nosa Galicia tradicional teñen que ver con isto. Aí está, por exemplo, a “Santa Compaña”, a celebración nestes días do tradicional Samaín, presente tamén noutras culturas celtas como a irlandesa: candeas e cabazas, que recordan as caveiras dos defuntos; magostos coa degustación das primeiras castañas e do viño novo. Todos eses rituais están tradicionalmente moi relacionados co mundo do alén, cos defuntos e cos santos, como nos din os antropólogos.

Por iso coido que está ben que anden xuntos no noso imaxinario santos e defuntos. Porque en realidade os santos só chegan a selo de maneira definitiva coa súa morte, cando teñan pasado a ponte que xunta e separa as cousas do aquén e as do alén. De xeito que os santos están unidos ó feito mesmo de teren cumprido entre nós a súa función benfeitora e santificadora.

As dúas festividades, a de Tódolos Santos e a de Tódolos defuntos están, polo tanto, moi relacionadas entre si. Temos, ademais, dereito a esperar que o amor que Deus Pai-Nai nos ten sexa quen de facer que a salvación que nos trae Xesús afecte universalmente a todos. Quero dicir, pola graza de Deus temos dereito a esperar que a salvación nos abranga a todos. Baseándonos sobre todo na bondade e misericordia deste noso Deus paternal e maternal. Deus quere salvar todos. Os teólogos fálannos neste sentido da vontade salvífica universal divina. Deus é suficientemente poderoso e misericordioso para acadar que a súa vontade de salvación e o seu amor a todos non rematen en fracaso.

Por estas e outras razóns, a Igrexa celebra hoxe nunha festividade conxunta e especial, a "tódolos santos", a todas aquelas persoas que en moi diversos tempos, lugares e culturas foron fieis a Deus e ás súas conciencias, aínda que puidesen ter fallado máis dunha vez no seu intento en diversos momentos da súa existencia. Persoas que foron tamén pecadoras, mais que recoñeceron ante si mesmos, ante os demais e ante Deus que o foron e por iso pediron perdón. Porque Deus é quen de nos salvar a pesar dos nosos pecados e dos nosos fallos. E se Deus nos salva así, tamén temos dereito a esperar que algún día sexamos tamén nós lembrados e celebrados nas vindeiras festividades de "Tódolos Santos" que se celebren tras deixarmos este mundo.

De maneira significativa, fálanos Xoán hoxe no Apocalipse dunha "multitude inmensa, que ninguén daría contado, de tódalas nacións, razas, pobos e linguas". Algo que semella corresponderse con esa vontade salvífica *universal* de Deus que se nos manifesta claramente en Xesús, o Fillo de Deus, no que a *humanidade toda* está reconciliada e "santificada". Deus non veu en Xesús salvar algúns, senón todos. Por iso temos pleno dereito, tal como dicía, a confiar e a esperar.

A nosa fe nesta "inmensa multitude" de "santos", de xente "boa", de *"corazón limpo", "pobres, "amadores da paz"*, etc., cos que grazas a Deus nos atopamos con frecuencia na vida, baséase fundamentalmente na grandeza, magnanimidade e bondade do Deus Pai-Nai de todos. Por iso, Xoán non dubida en nos dicir na segunda Lectura de hoxe cousas coma estas: "Mirade que amor nos tivo o Pai, para nos poder *chamar fillos de Deus e selo de verdade*". E engádesenos aínda: "*Agora* somos fillos de Deus e aínda non se manifestou o que seremos. Sabemos que cando se manifeste seremos *semellantes a El*, porque *o veremos tal como é*". Deus amósase así meirande ca canto sobre el podemos maxinar. En realidade, podemos pensar nalgún pai ou nai que, se a cousa estivese na súa man, non convertese os seus fillos nos máis grandes, nos máis felices, nos máis ditosos, nos máis excelentes?

En calquera caso, Deus quere e busca a nosa "santidade" conxuntamente coa nosa "felicidade" por camiños que de entrada nos poderían parecer contrarios a esa mesma felicidade. Pois para Xesús a felicidade só se acada polos camiños da pobreza e da solidariedade cos necesitados, cos que sofren, cos que non teñen ninguén que fale a prol deles. Ese é precisamente o estraño contido da proclamación das chamadas benaventuranzas ou felicidades que se nos anuncian hoxe no evanxeo e que non son senón un fiel retrato do que foi a vida mesma de Xesús. Dísenos, pois, nelas que serán benaventurados, é dicir, felices, os que teñen espírito de pobres, os que sofren e choran

en comuñón cos que están aflixidos, os que non se comportan de maneira violenta por moito que esta os tente, os que se preocupan pola realización da xustiza e loitan e traballan por ela e mais pola paz, aínda que por iso sexan denunciados e perseguidos polos poderosos, os que teñen coma Xesús corazón misericordioso e non vingativo ou condenador. É dicir, os que teñen un corazón sinxelo e limpo coma as augas que flúen, transparentes e cantareiras, dunha fonte pura e sa. Todos eles acadarán felicidade no interior de si mesmos e serán tamén capaces de espallala ó seu arredor.

Hoxe é, pois, un bo día para lle pregar ó Deus Pai de todos que nos encha do espírito das benaventuranzas e que a lembranza viva de tódolos santos e defuntos sirva para que poidamos todos participar, eles e nós, da súa graza e da súa gloria.

DEDICACIÓN DA BASÍLICA DE LATRÁN

(9 de novembro)

A casa humana de Deus

A festividade deste domingo é en certo modo algo atípica porque foi só a casualidade temporal a que fixo que a conmemoración da dedicación da basílica romana de San Xoán de Latrán caese esta vez en domingo. Así e todo, bendita sexa esta casualidade, porque en calquera caso nos pode axudar a continuar medrando no coñecemento e na práctica da fe cristiá.

Sabedes que ó noso actual papa Francisco non lle gusta utilizar o seu alto título de pontífice da Igrexa, senón só, simple e humildemente, o de bispo de Roma. Pois ben, así como o noso bispo de Tui-Vigo ten a súa sé na catedral de Tui e tamén aquí en Vigo na concatedral da Colexiata de Santa María, a case só un tiro de pedra de aquí, así tamén o bispo de Roma ten a súa sé na basílica de San Xoán de Latrán en Roma. De modo que hoxe temos grata ocasión para facermos un recordo especial de Francisco. Sabedes tamén que el con frecuencia lle pide á xente que pidamos por el. Fagámolo hoxe, pois, tamén nós, conscientes como somos de que, sendo como é bispo de Roma, a igrexa que alí preside ten a primacía sobre tódalas demais do mundo e tamén, polo tanto, sobre esta nosa dos Apóstolos.

Por iso pode ser hoxe tamén ocasión propicia esta, a da lembranza festiva da dedicación da igrexa de San Xoán de Latrán, que se remonta ó século IV, para os comentarv brevemente que tamén esta modesta igrexa nosa ten a súa pequena historia. Fágovos un curto resumo. Colocouse a primeira pedra o 27 de xuño de 1964. Catro anos despois era xa inaugurada e o seu altar consagrado polo entón bispo de Tui-Vigo, Xosé López Ortiz, o 2 de agosto de 1968 ás 7,30 da tarde. Como cousa curiosa e anecdótica, ó mencionado bispo non lle gustaba nada que os bancos onde agora estades sentados non tivesen reclinatorios para axeonllarse. O caso é que, sexa pola razón que fose, continúan eles a estar ata hoxe sen reclinatorios, como ben podedes comprobar. Oito anos máis tarde, o venres 25 de xuño de 1976, un novo bispo, Xosé Cerviño, nado na parroquia de Aldán (Cangas), presidiu a inauguración deste fermoso retablo de pedra coas imaxes dos Apóstolos, que son da autoría do escultor nado na parroquia do Hío (en Cangas tamén) Xoán Piñeiro Nogueira. De modo que bispo e escultor eran cangueses, aínda que de distintas parroquias. Un recordo agradecido a ámbolos dous.

De tódalas maneiras, as lecturas desta festividade de hoxe lévannos por outros camiños, distintos dos camiños ou edificios de pedra ou material semellante. Pois

o lugar ou o camiño da nosa relación cristiá con Deus ten que ver máis ben coa humanidade, fraternidade e vivencia dun Deus que nos quere máis alá ou por enriba de calquera límite ou estrutura de templo ou igrexa, por fermosos ou engaiolantes que estes sexan. Algo disto vénsenos amosar no evanxeo de hoxe cando se nos fala de como é a casa do Pai de Xesús e, polo tanto, como é tamén a casa de Xesús e como ha ser construída e levantada a nosa. Dísenos alí concretamente que o pai de Xesús non é un "negociante" e que a casa de seu Pai tampouco é unha casa de "negocios". Non ten, pois, nada que ver con ganancias, intereses ou cousas semellantes. "Non fagades da casa do meu Pai unha casa de negocios", bérralles Xesús ós sorprendidos vendedores e cambistas. Na casa de seu Pai non se está por méritos propios nin á busca de medras particulares. A casa de seu Pai é simplemente a casa onde se vive a familiaridade con Deus, onde se aprende fraternidade e igualdade entre todos.

É dicir, a casa de Deus non é, estritamente, casa ningunha, senón esa relación filial fonda que se ten con El e que crea fraternidade entre todos, esteamos onde esteamos ou fagamos o que fagamos. No templo de Xerusalén practicábanse ritos de sacrificios de animais, bois, ovellas, pombas, etc. e para iso precisábanse persoas que se ocupasen tamén destas tarefas. Mais Xesús non quere que estes materiais e estas actividades de tipo exterior acaben ó final por afogar o que importa: o amor a Deus Pai e o amor ós máis necesitados. Nisto non fai Xesús máis que continuar coa denuncia que xa antes del fixeran moitos profetas en relación cos cultos baleiros e puramente exteriores que se realizaban no templo.

Xesús comentará precisamente este tema, tal como sabemos por outras pasaxes do Evanxeo, cunha muller con problemas persoais e con dúbidas sobre a rectitude da súa fe. Refírome a aquela escena na que Xesús, cansado e con sede, lle pide de beber a unha samaritana que vai co caldeiro a sacar auga do pozo. Naquela conversa con ela hai fonduras meirandes cás do pozo. Ela séntese sorprendida polo feito de que Xesús a atenda con tanta delicadeza, sendo como era ela unha muller pobre, non xudía e practicante ademais polo tanto doutra relixión. Atrévese por iso, ó longo da conversa, a lle manifestar a Xesús as súas dúbidas: "Os nosos pais adoraron a Deus neste monte [a samaritana refírese ó monte sagrado do seu pobo, o Garizim] e vós [é dicir, os xudeus] dicides que é en Xerusalén onde hai que adorar...".

É unha consulta moi importante, porque aquí a muller estalle a preguntar en realidade a Xesús (aínda que ela non o saiba) onde ten el (é dicir, Xesús) a súa casa. Porque, claro, o templo do verdadeiro Deus, a verdadeira casa de Deus, é tamén a casa do seu Fillo, é dicir a casa de Xesús. E Xesús ten que saber moito destas cousas.

Cal é a resposta de Xesús a esta cuestión que, se lle preocupaba á samaritana hai vinte séculos, segue a ser hoxe actual nun mundo tan interrelacionado coma o noso? É a seguinte: "Mira, muller, nin o teu templo nin o noso van ser de agora en adiante a casa de Deus". Dito coas palabras do Evanxeo de Xoán: "Faime caso, muller: chega a hora en que nin neste monte [é dicir, o dos samaritanos] nin no de Xerusalén adoraredes o Pai ... Chega a hora –é xa agora- na que os verdadeiros adoradores adorarán o Pai en espírito e verdade, pois eses son os adoradores que procura o Pai".

Como vedes, a resposta que lle dá Xesús á Samaritana é a de que a verdadeira casa de Deus é aquela onde hai espírito e verdade. É dicir, onde queira que haxa sinceridade, boa conciencia, humildade, amor, xustiza, rectitude de miras, liberdade, etc. etc., alí está o Pai Deus. Polo tanto, a casa de Deus é unha casa moito máis ampla có que puido ser o templo de Xerusalén ou calquera sinagoga, mesquita, igrexa ou lugar semellante en calquera parte do mundo.

Xesús chegará a dicirnos incluso que todos e cada un de nós somos verdadeiros "templos" de Deus e que o Espírito Santo habita en nós se nos mantemos en comuñón con el na fe, no amor ó Pai e a todos. Que onde queira que nos reunamos dous ou tres no seu nome alí está el no medio de nós... O verdadeiro templo de Deus son os humildes, os sinxelos, os perseguidos, os tratados inxustamente pola sociedade. Xesús identifícase con eles. E se el está alí, con eles, entón o Pai Deus está alí tamén con Xesús e con eles. Alí está a súa casa. Comprenderedes así moi ben por que ó comezo da segunda Lectura de hoxe se atreve a proclamar Paulo: "Non sabedes que sodes templo de Deus e que o Espírito de Deus habita en vós? Se alguén destrúe o templo de Deus, o Señor destruirao a el. Porque *o templo de Deus é sagrado e iso sodes vós*".

INMACULADA CONCEPCIÓN

(8 de decembro)

Muller escolleita

Esta vez cae a domingo a festividade da Inmaculada, coincidindo esta tamén, de paso, co segundo domingo de Advento. De modo que nos imos centrar sobre todo na festividade mariana, aínda que sen esquecer o tempo litúrxico en que estamos, que é tempo de espera e esperanza, como así o foi tamén o tempo todo de María, á espera do nacemento do seu fillo Xesús e tamén, trala súa morte na cruz, á espera da súa resurrección.

Así, pois, en relación coa festividade da Inmaculada Concepción, podemos dicir que María foi a primeira crente, a primeira cristiá. Con anterioridade incluso ós mesmos Apóstolos, en canto que creu na palabra de Deus dirixida a ela e aceptou con humildade o convite de Deus para ela ser nai de Xesús, o noso irmán maior. Por iso podemos chamala tamén Nai de Deus, nai da Igrexa e nai da esperanza.

Por esta fonda, íntima e inimaxinábel relación con Deus tiña que estar María lonxe de calquera forma de pecado dende o primeiro intre da súa existencia. É isto o que se quere en definitiva dicir cando falamos da "Inmaculada Concepción de María". De aquí provén a súa grandeza. Ela é a "chea de graza", tal como a invocamos na oración "Deus te salve, María, chea de graza...". Porque se estar en "graza", ter a "graza de Deus", significa estar a ben con Deus, non pode haber persoa humana no mundo coa que Deus poida estar máis a gusto ca coa que é a Nai de Xesús.

Agora ben, para ser María a "chea de graza" tivo que lle deixar, para dicilo dalgunha maneira, moito espazo a Deus para que el puidese habitar plenamente nela. Faise ela así pequena de todo, ata se converter na "escraviña" de Deus. Integramente dedicada ó seu servizo: "Velaquí a escrava do Señor".

María era totalmente consciente de que para que Deus fixese nela as súas marabillas, as súas grandezas, non podía haber outro camiño có de non ser ela obstáculo algún á obra de Deus. É dicir: o de se recoñecer pequena ante a grandeza do poder e da bondade de Deus. Será así como María se converterá en verdadeiramente "grande". Recoñecerao no seu fermoso himno do "Magníficat", cando vai visitar a súa curmá. "Proclama a miña alma a grandeza do Señor, alédase o meu espírito en Deus o meu Salvador, porque ollou a humillación da súa escrava... O poderoso fixo obras grandes por medio de min".

Neste sentido cómpre ter en conta, como xa algunha vez vos comentei, un detalle filolóxico que non carece de importancia. Refírome a que propiamente non deberiamos dicir sen máis de María que está "chea" de graza, senón que foi "enchida" (por Deus) de graza. Así o quere dar a entender Lucas cando escribe en grego "kejaritoméne", que é unha forma verbal pasiva. Como se dixésemos: "Alédate, María, Deus encheute de graza". Deste modo vén expresar Lucas que é sempre Deus o que toma a iniciativa, o que "enche". Por iso María ten plena razón cando manifesta que foi Deus, non ela, quen fixo que nela xurdisen grandes marabillas.

Mais non deberiamos quedarnos aquí nesta obrigada loa de María Inmaculada pola grandeza que recibiu do noso Deus. Tampouco nos deberiamos limitar a lle agradecer a Deus as grandezas que realiza no mundo ó se facer fillo en Xesús dunha muller, María, que non por iso deixa de continuar a ser unha criatura humana como calquera de nós.

Porque a grandeza realizada por Deus en María é toda ela unha case incríbel mensaxe. Pois todas e todos estamos dalgún modo representados nela en canto "chea de graza". A única diferenza está en que o que en María é xa "plenitude de graza", en nós, en toda a humanidade, é un proxecto que está Deus aínda a realizar. Todos nós temos o mesmo destino: deixármonos encher pola sobreabundante graza de Deus, un destino no que María vai diante nosa. Para así formarmos xunto con ela unha mesma e única comunidade de amor a Deus Pai e de mutuo amor entre todos.

Ese vén ser o destino do que nos fala o apóstolo Paulo na carta ós Efesios, cando se nos di alí: "Deus Pai bendiciunos con toda bendición espiritual, en Cristo". Deus "escolleunos para sermos santos e *sen mancha* [é dicir, "in-maculados"]". Estamos "predestinados polo Pai a sermos fillos adoptivos seus". Fomos "prelixidos... para sermos imaxe da súa gloria".

Agora ben, que significado concreto ten todo isto para nós, alén de recoñecermos e agradecermos este grandioso destino que Deus nos ten preparado?

Coido que a grandiosidade desta festa da Inmaculada está en que nos pon de manifesto que cando unha persoa se entrega en corpo e alma a Deus, pode el facer nela e con ela verdadeiras marabillas. Pode convertela, como ocorre en María, en vivo e sorprendente instrumento de salvación para moitos.

María foi así a que nos trouxo ó mundo Xesús, que significa Salvador. Foi ela a que, coa súa plenitude de graza, puido ter no seu colo o desexado de tódalas nacións, o Deus feito home. Foi ela a que no seu fillo Xesús nos deu a posibilidade dunha fraternidade universal con tódalas persoas. E non imaxinemos María como unha muller fóra do normal, recluída no interior de si mesma coma se o peso da súa gran dignidade a paralizase. Pois ela entendeuse sempre a si mesma como a "escraviña" de Deus, como muller sinxela, pobre, dilixente e traballadora, fiel coma ninguén a Deus e ós demais, espallando entre todos o amor que ela recibira de Deus. Como podería ser doutra forma a nai de Xesús, daquel que naceu e viviu toda a súa vida entre xente sinxela e pobre e identificándose con ela?

NACEMENTO DO SEÑOR

(25 de decembro)

Deus está de días

Poderiamos dicir que hoxe está de días aquel a quen queremos seguir os cristiáns, mais tamén calquera persoa de boa vontade que no fondo do seu corazón ama e practica canto amou e practicou Xesús, o Cristo, o Fillo de Deus, que nun día coma hoxe entrou na historia humana facéndose irmán noso.

En tal sentido, Xesús está de aniversario, cumpre anos, aproximadamente un par de anos máis dos que marca o ano en que estamos se temos en conta que ó parecer Xesús naceu historicamente máis ou menos dous anos antes do comezo da chamada era cristiá.

En calquera caso, Xesús continúa vivo. Pois o morrer, o que se di o morrer definitivo non lle afectou. De modo que segue a vivir. El dicía que era a Vida. E como podía morrer quen é a Vida mesma? Imposíbel. E se segundo as nosas categorías ou o noso modo normal de pensar morreu, en realidade habería que dicir máis ben que o mataron, non que morreu. E morrendo desa maneira, converteuse en vida para sempre, para el e para todos nós.

Podemos ver así, na súa verdadeira perspectiva, a nosa vida e a nosa morte. Porque morrer, o que se di morrer, tampouco nós morreremos se é que cremos na mensaxe que nos trae o Neno de Belén.

Semella que na festa de Nadal non habería que falar de mortes ou cousas así, porque xustamente estamos a celebrar a vida, o comezo dunha vida que veu acender tamén vida en todos. E, porén, a liturxia deste día faino, polo menos indirectamente. Cando despois da comuñón recitemos a oración final, chamada pos-comuñón, diremos alí: “Deus de misericordia, o Salvador do mundo, ó nacer hoxe, fíxonos nacer á vida eterna. Que el nos conceda tamén o don da inmortalidade”.

Isto quere dicir que, co nacemento de Xesús na nosa carne mortal, quedou inoculada para sempre na nosa natureza mortal algo así como a vacina ou o elixir da inmortalidade. Deus, que é Vida (que existiu desde sempre e endexamais deixará de existir), ó colocar con Xesús a súa tenda entre nós -como se nos di no evanxeo de Xoán- ó se unir con Xesús á humanidade toda, fíxonos participar a todos da súa divindade. De modo que polo nacemento de Xesús fomos todos convertidos en pequenos deuses inmortais...

Estas son as marabillas de Deus, porque –como lle dicía o anxo da Anunciación a María- “para Deus non hai imposíbeis”.

Claro que isto non é algo así como un automatismo que se realiza sen máis en nós, queirámolo ou non. Pois esta participación na divindade de Xesús, que en Belén se fai hoxe irmán noso e que nos converte en inmortais, é unha angueira cotiá, que terá certamente boa fin se nos unimos ó modo de ser e de actuar de Xesús. De feito, acabamos de llo pedir a Deus Pai na primeira oración desta eucaristía da festa do Nadal deste xeito: “Deus, noso Pai, fainos participar na divindade do teu Fillo, que quixo tomar a nosa humanidade”.

Agora ben, que significa, desde a perspectiva do nacemento de Xesús, iso ó que debemos aspirar e que debemos pedir, a participación na divindade do Fillo de Deus?

Pois significa algo que en si mesmo non deixa de ser verdadeiramente paradoxal. Cando Deus se encarna en Xesús, iso quere dicir que temos aí diante, no Neno Xesús, un Deus humanizado. A nosa fe cristiá sostén que Xesús é verdadeiro ser humano e verdadeiro Deus. En consecuencia, participar na divindade de Xesús é participar nesa

divindade humanizada. E isto significa que se queremos ser verdadeiramente divinos (e todos o queremos dunha ou doutra forma), temos que ser verdadeiramente humanos.

E, desde logo, semella que non debe de ser moi doado iso de convertérmonos en verdadeiramente humanos cando Deus tivo que se facer el mesmo humano coma calquera de nós para nos aprender así a sermos humanos de verdade.

Porque sermos verdadeiramente humanos significa sermos próximos ós demais, querer sen excepción, sobre todo aqueles que máis precisan dese aprecio e dese amor, romper con desigualdades e inxustizas de calquera xénero que sexan, sufrir cos que sofren e alegrarse cos que se alegran.

Todo isto está incluído na incríbel e universal mensaxe do Nadal do Señor.

Como funcionan as cousas da nosa sociedade despois de tantos anos da aparición humana e humanizadora de Xesús onda nós?

Non fai falla darlle moitas voltas ó tema para nos decatarmos de que queda aínda moito por facer para que os seres humanos nos parezamos de verdade ó Deus humanizado do Nadal nos nosos modos de proceder. As nosas relacións humanas, a saúde da nosa sociedade deben mellorar aínda moito para que se poida dicir que a mensaxe do Nadal chegou xa en nós á súa realización.

Pois dunha sociedade só se poderá dicir que é verdadeiramente humana cando, á semellanza do que se nos anuncia no Nadal, pode haber nela fe e ilusión no futuro, pois os nenos (coma o Neno Xesús) son precisamente ese futuro que vai vir. Cando os matrimonios poden ter fe e esperanza no seu futuro e no dos seus fillos. Cando sexan máis os que nacen cós que nos deixan.

Unha sociedade é verdadeiramente humana, cando hai nela máis alegría, ilusión e traballo ca medo ou angustia por non atoparmos nela o lugar para desenvolvérmonos como é debido. Cando estranxeiros, emigrantes e pobres son aceptados como irmáns de Xesús e irmáns nosos. Cando todos cantos formamos parte dela somos respectados nos dereitos sociais, culturais, lingüísticos, políticos ou relixiosos.

En fin, unha sociedade é humana e, polo tanto, tamén divina cando se amosa sensíbel e aberta á palabra derradeira que Deus dirixe á humanidade toda no Neno de Nadal. Cando é capaz de celebrar agradecida esta festa de Nadal.

Celebrémola, pois, con agradecemento, sentíndonos unidos á humanidade toda, destinataria desta Palabra humano-divina, que é o Neno de Belén.

FELIZ NADAL!!!

SAGRADA FAMILIA
Familia ben querida

Estamos no tempo de Nadal. Moi próximos aínda a esa escena tan familiar do nacemento do Señor, onde o Neno Xesús vén sendo coma o sol que co seu resplandor fai case desaparecer a lúa e as estrelas que están arredor del. Refírome a María, a Xosé, ós pastores e ós agarimosos animais domésticos que a tradición coloca á súa beira.

Mais os que están á beira de Xesús son, pese a todo, algo esencial na primeira mensaxe de Xesús ó mundo coma fillo benquerido do Deus Pai. Pois a Palabra derradeira de Deus Pai á humanidade non se fixo escoitar no mundo dunha maneira

illada, eremítica, desvinculada dos nosos modos de nacer e de vivir. Ela aparece, polo contrario, en familia, formando familia, no seo e no agarimo dunha familia. O Deus cristián -que é Pai, Fillo e Espírito- é e existe xa desde sempre en si mesmo de modo misterioso, incomprensíbel para nós, con trazos familiares. Este Deus trinitario noso é así un determinado xeito, o máis misterioso e fondo que se pode concibir, de vida familiar. Un marabilloso modo de ser e de vivir en unidade e diferenza, modelo máximo e supremo da vida humana que del procede.

Cando Xoán se atreve a nos definir ou describir como é Deus, dinos que el é "amor". Dificilmente poderiamos achegarnos a entender o que isto quere dicir se Deus fose en si mesmo un ser solitario, un eremita, algo que no interior de si mesmo non estivese relacionado con ninguén. Por iso entendemos algo mellor a Deus como amor cando se nos di que el é en si mesmo un Deus en tres persoas, por máis que isto non suprima senón que agrande aínda máis o misterio do noso Deus. O misterio da que chamamos a Santísima Trindade.

Familia significa pluralidade na unidade. O que crea esta unidade e pluralidade é precisamente o amor. Como vedes, a festa que celebramos hoxe da Sagrada Familia lévanos en principio máis alá do misterio concreto do nacemento de Xesús no seo dunha familia concreta. Unha familia pobre, que carece daqueles medios ou recursos que lles sobran ás familias nobres e ricas, mais que é abondosa en algo que, se non se ten, de pouco lles serven a elas en último termo eses outros medios de que dispoñen. Se algo ten esta primeira familia formada por María, Xosé e o Neno, é precisamente o amor co que se queren. Nisto non poden ter envexa a ninguén. Un amor que é a cara e o corazón de Deus mesmo. Por iso esta familia de Nadal é verdadeiramente "sagrada": a "Sagrada Familia" que estamos a celebrar.

Chámame algo a atención que na primeira Lectura, do libro do Eclesiástico, se fale moito das bondades que trae consigo o amar, respectar, atender ou honrar os pais (tanto a nai coma o pai). En cambio, non se comenta para nada nela o feito de que para que os fillos amen, respecten ou honren os pais é preciso que antes os pais os amen e queiran abondosamente a eles. Para aprender a amar hai que recibir antes moito amor. Non se lle pode esixir amor a ninguén se antes non o recibiu de alguén. Os fillos só poderán amar os pais se experimentan a cotío o seu amor continuo, o seu coidado, o seu agarimo. É así como se constrúe unha verdadeira familia, unha familia na que todos os seus membros se atopan a gusto, unidos, e na que, ó tempo, se recoñecen, respectan e queren como diferentes.

Precisamente por iso, no terreo máis directamente relixioso, para podermos ter inclinación e forzas para amarmos a Deus, precisamos tamén coñecer e experimentar antes o moito que Deus nos quere e nos ama. Deste xeito, por exemplo, se aprendemos a ver no Xesús de Nadal a proba concreta do amor que Deus Pai nos ten ó nos dar o seu Fillo benquerido, entón sentirémonos fondamente movidos a amar a Deus, Xesús e os irmáns e irmás nosos do mundo enteiro.

Só así, experimentando o amor que Deus nos ten, seremos quen de formarmos entre todos unha familia semellante á Sagrada Familia de Nazaret e semellante tamén, en último termo, a esa familia orixinal e primeira que Deus mesmo é. Desde estas consideracións, é ben doado comprender o programa que Paulo pon diante nosa na súa carta ós Colosenses: "revestídevos de sentimentos de misericordia, de bondade, de humildade, de sinxeleza, de tolerancia. Aturádevos uns ós outros e perdoádevos... Cinguídevos co amor... Homes, amade as vosas mulleres... Pais, non asoballedes os vosos fillos". Todo isto pode ser visto como unha verdadeira revolución nuns tempos

nos que a muller adoitaba ser considerada como algo inferior e subordinado ó varón e no que a importancia do amor ós fillos tardaría aínda moitos séculos en ser descuberta.

Algo que, polo que se ve, continúa aínda a ser revolucionario nos tempos actuais a xulgar pola sorpresa e admiración da xente cando o papa Francisco nos fala da importancia da "tenrura" e do cariño, que el mesmo practica un día si e outro tamén con enfermos, pobres ou xente carente de recursos materiais. Francisco xustifica este seu comportamento co que nos di na súa "Exhortación" que leva como título "A alegría do evanxeo". Dísenos alí: "Todo ser humano é obxecto da *tenrura* infinita do Señor, e El mesmo habita na súa vida. Xesús Cristo deu o seu precioso sangue na cruz por esa persoa. Alén de toda aparencia, cada un é *inmensamente sagrado e merece o noso cariño e a nosa entrega*. Por iso, se consigo axudar a unha soa persoa a vivir mellor, iso xa xustifica a entrega da miña vida".

Como vedes, o papa Francisco fala aquí de que toda persoa é "inmensamente sagrada". De modo que non nos debemos limitar a considerar "sagrados" unicamente os membros, Xesús, María e Xosé, da chamada "*Sagrada* Familia". Para Francisco, como tamén o era para Xesús, "sagrados" somos todos, alén da nosa aparencia exterior. Así como lle damos un bico a unha reliquia ou a unha imaxe relixiosa, con moita máis razón llo deberiamos dar a un enfermo ou a un leproso. Así o fai polo menos quen está aí, como bispo de Roma, aprendéndonos a nos comportar como verdadeiros cristiáns, como seguidores dese Xesús que se fixo irmán de todos, incluso daqueles ós que nos dá case noxo achegarnos.

Que esta festividade entrañábel da Sagrada Familia nos axude a profundar na nosa fe, na nosa esperanza e no noso amor mutuo como membros que somos desa ben "numerosa" familia -alén das propias e particulares familias- que é a familia humana toda.